Boletín da Real Academia Galega

María Victoria Moreno

NÚMERO 379 | A CORUÑA | ANO 2018

Boletín da Real Academia Galega

NÚMERO 379 | A CORUÑA | ANO 2018

Boletín da Real Academia Galega

Consello de Redacción:
Víctor Fernández Freixanes
Henrique Monteagudo
Marilar Aleixandre
Fina Casalderrey
Andrés Torres Queiruga

Secretaria técnica:
Nélida Cosme

Editoras científicas:
Marilar Aleixandre
Fina Casalderrey
Edita:
Real Academia Galega

https://doi.org/10.32766/brag.379

Foto cuberta:
Colección familiar

Deseño:
Xosé Díaz / Imago Mundi

Maquetación:
Real Academia Galega

Impresión:
Imprenta provincial
Deputación da Coruña

ISSN: 1576 - 8767
ISSN-e: 2605 - 1680
Depósito Legal: C-743/2000

© REAL ACADEMIA GALEGA
Rúa Tabernas, 11
Apartado 557
Tlf. 981 20 73 08
Fax. 981 21 64 67
www.academia.gal
15001 A CORUÑA

REAL ACADEMIA GALEGA

Deputación DA CORUÑA

COMITÉ CIENTÍFICO

Fernando Bouza Álvarez	Universidade Complutense- Madrid
Isabel Burdiel	Universidade de Valencia
Jose V. Capela	Universidade do Minho
Ivo Castro	Universidade de Lisboa
Fernando Devoto	Universidade de Buenos Aires
Pilar García Negro	Universidade da Coruña
Javier Gómez Montero	Universidade de Kiel
Taina Hämäläinen	Universidade de Helsinki
Johannes Kabatek	Universidade de Zürich
Take Kazu Asaka	Universidade Tsudajuku de Toquio
Xabier Kintana	Euskaltzaindia / Real Academia de la Lengua Vasca
Giulia Lanciani	Universidade Roma Tre
Rosa María Lojo	Universidade del Salvador / Universidade de Buenos Aires
Arcadio López-Casanova	Universidade de Valencia
Basilio Losada	Universidade de Barcelona
Ana M.ª Martins	Universidade de Lisboa
Marina Mayoral	Universidade Autónoma de Madrid
Miriam Halpern Pereira	ISTCE- Instituto Universitário de Lisboa
Gabriel Rei Doval	Universidade de Wisconsin-Milwaukee
Borja de Riquer	Universidade Autónoma de Barcelona
Guillermo Rojo	Real Academia Española / Universidade de Santiago de Compostela
John Rutherford	Universidade de Oxford
Joan Veny	Institut d'Estudis Catalans / Termcat
Darío Villanueva Prieto	Real Academia Española / Universidade de Santiago de Compostela
Helena Zernova	Universidade de San Petesburgo

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, p. 5-6
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680

LIMIAR

O número 379 do *Boletín da Real Academia Galega*, como xa vén sendo habitual, está especialmente dedicado á figura que a institución salienta cada ano coa celebración do Día Das Letras Galegas (17 de maio). Nesta ocasión foi a persoa e a obra de María Victoria Moreno a que mereceu os honores dos estudosos e a mobilización social que medra en cada convocatoria. As Letras Galegas son, sen dúbida, a gran festa da nosa cultura, da nosa lingua e da nosa literatura, participada cada ano por institucións de todo tipo, o asociacionismo cultural e o asociacionismo civil.

Os criterios da RAG para elixir a persoa á que se lle dedica o Día das Letras son variados, pero basicamente redúcense a dous: a significación da biografía e da obra da personalidade a homenaxear e as posibilidades de proxección social, mesmo didáctica, da mesma, pensando nestes tempos sobre todo na xente nova.

Na figura e na obra de María Victoria Moreno Márquez (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1939- Pontevedra, 2005) sobrancean catro aspectos que cómpre subliñar. En primeiro lugar, a súa obra literaria, representativa dun fenómeno especialmente relevante nas letras contemporáneas: o desenvolvemento e riqueza da literatura para os lectores e lectoras máis novos, o que en determinados ámbitos denominamos LIX (Literatura Infantil e Xuvenil), liña de creación que a partir da década dos anos 80 do pasado século, sobre todo, vive un tempo de crecemento con autores e autoras de primeiro nivel, recoñecidos dentro e fóra de Galicia.

Tal fenómeno vén explicado por unha nova realidade política que recoñece a oficialidade da lingua galega no ensino non universitario, co que isto supón de crecemento e estabilidade dun mercado, mais tamén pola calidade dos textos (sen esquecer a contribución de ilustradores e deseñadores). Dalgunha maneira, a obra de María Victoria Moreno representa esa realidade cultural.

Outro aspecto salientable é a súa condición de mestra, probablemente o que ela máis valorou por riba doutras actividades. Nos seus textos, nas súas declaracións, nos ensaios e, tamén, na súa práctica docente, María Victoria Moreno reivindicou moi especialmente o papel do profesorado na dignificación da lingua galega e na formación da futura cidadanía, actividade á que dedicou a súa vida e á que prestou especial atención, o que confirma a memoria que deixou nos alumnos e alumnas que pasaron polas súas aulas.

Terceira cuestión, o feito (tamén significativo) de nacer e criarse nos seus primeiros anos e mesmo ata a primeira idade adulta (23 anos) fóra de Galicia. Nunca

aceptou o cualificativo de "alófona" para definir o seu compromiso coa lingua galega, que descubriu principalmente durante a súa estadía en Lugo, da man do seu compañeiro de claustro, o profesor Alonso Montero. María Victoria Moreno considerábase "autófona", instalada na lingua e na cultura que libremente decidira asumir como de seu, compromiso que desenvolveu activamente mesmo como editora e comentarista de textos, na súa condición de filóloga.

A cuarta razón que valorou a RAG cando escolleu a María Victoria Moreno para a celebración do Día das Letras foi a súa condición de muller. Non por unha razón excluínte de xénero. Por riba desta consideración está a calidade do seu traballo e da súa produción, mais si como recoñecemento doutro fenómeno social que debemos salientar e en gran medida debuxa o horizonte dun novo tempo, a presenza cada vez máis activa da muller en todos os ámbitos da sociedade: na vida universitaria, académica, empresarial, artística, institucional, política…, fenómeno que vén de atrás, pero que empeza a manifestarse con forza nas últimas décadas e constitúe unha realidade irreversible.

A filóloga, a estudosa e crítica da literatura, a creadora literaria (pensando preferentemente, aínda que non exclusivamente, na xente nova), a editora, a profesora aplicada e comprometida, a súa condición de galega de corazón (e vontade), a súa condición de muller nun tempo onde a igualdade de xéneros entre os seres humanos, por riba de calquera outra consideración, forma parte dos principios democráticos a consolidar, son razóns varias (e complementarias) que explican a elección de María Victoria Moreno, e mais que explican asemade a poderosa resposta social que a elección mobilizou.

Neste número do *Boletín* da RAG recollemos os traballos que sobre a persoa, o contexto histórico e a obra de María Victoria Moreno se presentaron no Simposio que, como tamén é tradicional, celebramos cara a final do ano (27 e 28 de novembro), así como as intervencións dos académicos na sesión solemne do 17 de maio, que se celebrou en Pontevedra.

Outras celebracións que serviron para o debate académico foron as homenaxes a Juan Antonio Saco Arce (1835-1881) e a Samuel Eiján (1876-1945): o primeiro, autor da *Gramática* que inaugura os estudos científicos nesta especialidade (1868), referencia fundacional da filoloxía galega; o segundo, figura destacada da lírica relixiosa no século XX. Nas páxinas deste número do *Boletín* recollemos ensaios e intervencións das xornadas de traballo que se celebraron en Ourense e Santiago de Compostela, xunto coas seccións habituais da publicación, nas que se resume a actividade na RAG ao longo destes doce meses.

VFF

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 5-6
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

I

Simposio María Victoria Moreno

María Victoria Moreno / Colección familiar

I

Simposio María Victoria Moreno

Un lugar de honra na LIX. María Victoria Moreno /
/ Blanca-Ana Roig Rechou

María Victoria Moreno e a poesía para a infancia /
/ Antonio García Teijeiro

Daquelas que contan... / Mercedes Queixas Zas

Algunhas claves do discurso literario de María Victoria Moreno /
/ Isabel Soto

Morte e transcendencia en María Victoria Moreno /
/ Andrés Torres Queiruga

María Victoria Moreno: *Elexías de luz* / Xesús Rábade Paredes

María Victoria, xenerosidade e compromiso coa cultura galega /
/ Xavier Senín

A mestra e a pegada do camiño ensinado / Fina Casalderrey

María Victoria Moreno: ensaísta / Manuel Bragado

**María Victoria Moreno: compromiso e conciencia cívica
dunha muller adiantada ao seu tempo** / Isabel Mociño-González

**María Victoria Moreno, autora de libros de texto
ou como explicar a literatura galega á mocidade** / Montse Pena Presas

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 11-31
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.719

UN LUGAR DE HONRA NA LIX. MARÍA VICTORIA MORENO

A PLACE OF HONOUR IN CHILDREN'S LITERATURE. MARÍA VICTORIA MORENO

Blanca-Ana Roig Rechou
ICE - Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: Un breve percorrido pola historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega para situar a María Victoria Moreno, a homenaxeada no Día das Letras galegas de 2018, nun lugar de honra. Demóstrase que moitas das obras que conforman a produción da autora, pouco extensa pero intensa, foron fundamentais para a consolidación da Literatura Infantil e Xuvenil galega. De aí que María Victoria sexa recoñecida como unha pioneira na constitución dese sistema literario e unha impulsora da educación literaria, ben planificada, a partir da boa literatura co obxectivo de axudar á conformación de lectores competentes.

Abstract: My paper will begin by exploring Galician Children's and Young People's Literature before discussing María Victoria Moreno, the writer honoured on the 2018 Galician Literature Day, and her role in this literary system. I will attempt to show that a good part of her work (not very extensive but highly intense) was essential for the consolidation of Galician Children's and Young People's Literature. That is why Moreno is recognized as a pioneer in its construction and a promoter of a well-planned literary education from the basis of good literature whose aim is to create proficient readers.

Palabras chave: María Victoria Moreno, Literatura Infantil e Xuvenil, Día das Letras Galegas, educación literaria, lector competente.

Key words: María Victoria Moreno, Galician Children's and Young People's Literature, Galician Literature Day, Literary Education, proficient reader.

A Pedro Cerrillo.
In memoriam.

INTRODUCIÓN

Con motivo de lle dedicar o Día das Letras Galegas, neste ano que remata, a María Victoria Moreno Márquez (Valencia de Alcántara, Cáceres 1939-Pontevedra 2005) tivemos a oportunidade de recordar a súa biobibliografía por medio de traballos, de magnífica feitura, debidos á autoría de Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey, Ánxela Gracián, Montse Pena, Xavier Senín e Isabel Soto, quen realizaron diferentes propostas para percorrer e recrear a vida e obra da homenaxeada, dentro das posibilidades que ofrece o termo literario *biografía* (DiTerLi 2006), e un amplo abano de reflexións que deron conta do seu quefacer literario, docente e humano, así como moitas reedicións e compilacións da súa produción édita e inédita[1].

Tamén se nos invitou a recordar como se iniciou e se consolidou o sistema literario infantil e xuvenil en Galicia para observar o papel da homenaxeada na súa conformación, tan próxima no tempo que aínda falta perspectiva para analizala seguindo metodoloxías literarias.

Para responder aos recordos, tentaremos facer un brevísimo percorrido polo desenvolvemento da Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia[2], un sistema literario esquecido durante moito tempo, aínda máis que a propia lingua galega, pois no Rexurdimento (Século XIX), os intelectuais que se preocuparon por visibilizar a lingua e cultura galegas, por motivos varios, non se ocuparon, agás algunha excepción[3], de escribir na lingua de noso pensando nos máis novos, nun momento en que se publicaron obras chave da Literatura Infantil e Xuvenil Universal[4] e que

1 Como se pode seguir pola "Contribución a unha bibliografía de e sobre María Victoria Moreno", de Belén Bouzas Gorgal (2018) e polos moitos traballos que amigos, docentes e investigadores deixaron este ano como recordo da súa vida, facer e, sobre todo, análises das obras da autora. Son bos exemplos os realizados por: X. Alonso Montero, X. Senín e I. Soto, F. Casalderrey, E. Agrelo, M. Aleixandre, L. Alonso Girgado, L. Cochón, M. X. Fernández, M. Fernández-Vázquez, C. Ferreira, M. Fuentes, A. García Teijeiro, A. Gracián, E. Mejuto, I. Mociño, M. Neira, D. Otero, V. Pousada, X. Rábade, M. Uhía, en Roig (2018a); os de B. Bouzas e B. A. Roig, P. Ferriol, M. V. Moreno, X. Senín, X. Alonso Montero, M. Agís, C. Franco-Vázquez, A. Gracián, M. Neira, M. X. Nogueira, V. Pousada, A. Requeixo e I. Soto, en Roig (2018b); F. Casalderrey, M. Pena, M. Dacosta, S. Sánchez, M. Queixas, A. García Teijeiro, E. Ríos, C. Vidal, en Queixas/Sánchez (2018); ademais dos traballos citados nesta achega.

2 Unha ampliación deste percorrido pode hoxe seguirse por *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil* (Roig 2015) onde varias estudosas dan conta da evolución da LIX a través dos tempos.

3 Caso de Amador Montenegro Saavedra.

4 *Ivanhoe* (1820), de Walter Scott; *The Last of the Mohicans* (1826), de James Fenimore Cooper; *Oliver Twist* (1837), de Charles Dickens; *Struwwelpeter* (1845), de Heinrich Hoffmann; *Moby-Dick* (1851), de Herman Melville; *Les Petites Filles Modèles* (1857), de Sophie Rostopchine, Condesa de Segur; *Little Women* (1862), de Louise M. Alcott; *Alice's adventures in Wonderland* (1865), de Lewis Carroll; *Heidi* (1881), de Johanna Spyri; *Le avventure di Pinocchio* (1883), de Carlo Collodi; *The Sea Cook or Treasure Island* (1883),

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 11-31
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

a escolarización era unha meta da sociedade, debido ao triunfo da revolución industrial e á puxanza da burguesía como clase, que levaron a un interese oficial pola alfabetización da infancia e das clases populares, e aos escritores a tomar verdadeira conciencia do seu receptor. Este cambio non chegou nesa altura a Galicia.

Así, os textos que se consumían en lingua galega no XIX, dirixidos a un lectorado novo, eran tan inexistentes como o propio lectorado, imprescindible para poder pechar o ciclo literario, aínda que a semente estea nos materiais de transmisión oral que voan de pobo en pobo coas adaptacións axustadas aos modos de vida e ás súas culturas.

Os primeiros libros dirixidos á infancia, xa formativo didácticos, xa formativo literarios, os *preliter*, é dicir, eses artefactos que lle abren as portas e fiestras á infancia para iniciala na lectura (Roig 2018c), só chegan aos galegos en español, a lingua oficial da pouca escolarización que existía, tanto no século XIX como na primeira metade, ben cumprida, do XX, o que condicionará a evolución dos habitantes de Galicia, pois non esquezamos, como dixo Antón Figueroa (2001: 83) que a lingua é un dos elementos fundamentais para a identificación dunha nación e dunha literatura, e en palabras de Itamar Even-Zohar (1994) é un dos elementos básicos na configuración das nacións.

En Galicia, debido aos condicionantes citados, houbo que esperar ao período que Anxo Tarrío (1988, 1994) denominou Época Nós (1916-1936), para ver publicadas as primeiras obras literarias dirixidas aos novos cunha certa continuidade, sen esquecer que nestes tempos a lingua do ensino oficial seguía a ser o español, polo que o avance da LIX en galego non foi moi forte a nivel de recepción, pero si de intención por parte de grupos militantes na defensa da lingua e cultura galegas como foron, sobre todo, as Irmandades da Fala e o Grupo Nós[5].

A Guerra Civil (1936-1939) e as súas consecuencias provocaron que a LIX non comezase a ter consideración literaria ata a década dos sesenta, pois o momento bélico foi aproveitado para formar nos valores de cada un dos bandos enfrontados, e a nova política imposta despois, na Ditadura, levou a que os gobernantes, conscientes de que é desde a infancia desde onde se adoutrina (García 2018: 15-22), só deixaban que se publicase literatura moralizadora e se censuraba todo o que

de Robert Louis Stevenson; *Cuore* (1886), de Edmundo de Amicis; entre outras moitas, como as obras de Jules Verne e as recompilacións dos irmáns Grimm.

5 Caso das primeiras obras literarias dedicadas aos nenos das Escolas das Irmandades da Fala: *Margarida a do sorriso da Aurora* (1927), de Evaristo Correa Calderón, iniciadora do subsistema literario xuvenil galego e *Conto de Guerra* (1928) de Camilo Díaz Valiño, iniciadora do subsistema infantil, deixando a un lado outras obras que tamén foron fundamentais no agromar desta literatura como as debidas a X. F. Filgueira Valverde (J. Acuña), a Á. de las Casas e, mesmo, as apostas de empresas editoriais como a da Colección Céltiga que acolleu a tradución de *Os catro cisnes brancos* (lenda celta, 1922).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 11-31
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

se saíse do marco imposto (Cerrillo/Sotomayor 2016), marco que non aceptaba a escrita en lingua galega.

Neste ambiente formáronse as xeracións nacidas na guerra e na inmediata posguerra, como é o caso de María Victoria, quen contaba que:

> A Literatura estivera prohibida para min. Eu non lera *El Quijote* por ser muller. Non mo permitiran. Seica me podía pervertir… No tempo en que meus irmáns podían lelo, a min dedicáronme a aprender a bordar e zurcir. O exercicio da lectura nunca se practicou en liberdade na miña casa. Por exemplo, Pérez Galdós era ímprobo e impío, Clarín…¡Deus Santo! Clarín era Clarín. A Unamuno tampouco; non sei que cura dixera "Unamuno, con la gracia resistida". E claro, todo isto foi unha verdadeira pena. (Neira Cruz 1999: 12).

Á Literatura infantil e Xuvenil, nese momento, pasoulle case o mesmo que á lingua e a unha boa parte das mulleres, pois na década dos sesenta non se podía falar de normalización lingüística e polo tanto literaria e menos de igualdade de xénero, aínda que xa comezaban as reivindicacións cara á consideración e emerxencia, pero en todos os casos hai que esperar a finais dos anos sesenta para comezar a ver un certo aperturismo, ao tempo que ía perdendo forza a rixidez do réxime.

Por iso, as obras innovadoras no sistema literario infantil e xuvenil xurdiron en Galicia cun certo entusiasmo a finais da década dos sesenta, caso de *Memorias dun neno labrego* (Buenos Aires, 1961; Galicia,1968), de Xosé Neira Vilas, no subsistema xuvenil e *A galiña azul* (Galaxia, 1968), de Carlos Casares, no infantil, gañadora do 1º Concurso de Contos Infantís O Facho, unha institución fundamental no desenvolvemento da LIX galega (Agrelo 2000), á que lle podemos sumar a aposta da Editorial Galaxia por esta literatura co consorcio establecido, sobre todo, coa editorial catalá La Galera para publicar obras infantís traducidas ou adaptadas ás linguas de España (castelán, catalán, éuscaro e galego) a partir de calquera das linguas de orixe. Consorcio que publicou a primeira obra galega, *Polo mar van as sardiñas* (1967), da autoría de Xohana Torres, a primeira escritora da produción galega de LIX, que nesta década, contando as obras citadas, estaba formada por seis obras narrativas, tres poemarios, unha obra de literatura dramática e catro traducións, o que suman catorce obras, das que as máis pertencían ao subsistema infantil, máis apoiado, debido a que se consideraba prioritario achegarse á infancia para formar lectores competentes no futuro inmediato, no que se aventuraba un recoñecemento da lingua e cultura galegas. En contra dos pronósticos que levaban a pensar que esta literatura era cousa de mulleres, só asinaron catro: Xohana Torres, Pura e Dora Vázquez e Edelmira Cacheda.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 11-31
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

A pesar deste aumento na produción, non podemos falar de consolidación, xa que non contaba a LIX en lingua galega cos apoios precisos no sistema educativo, do que dependeu e depende moito. Seguíase a privilexiar a lingua española, o que levaba á non consideración das obras galegas na planificación da educación literaria, metodoloxía ou intervención que axuda a propoñer lecturas recreativas e orientadas nos centros educativos cara á consecución dun lector competente.

CONTEXTO NA CHEGADA A GALICIA DE MARÍA VICTORIA MORENO

María Victoria Moreno chegou a Galicia precisamente nesa década dos sesenta (1963)[6], cando aínda non se publicaran as obras para a infancia e mocidade citadas máis arriba. Chegou cargada de experiencias vividas na súa contorna familiar e educativa, as cales lle permitiron visións amplas do período da posguerra, pois ao ser filla de militar vencedor viviu na abundancia nos seus primeiros anos, pero na preadolescencia, ao morrer seu pai e súa nai ter que se incorporar ao maxisterio, sufriu carencias económicas, e mesmo culturais, que a marcaron emocionalmente, a pesar de que a súa familia puido superar moitos atrancos e darlles estudos superiores aos fillos. Por iso María Victoria, unha muller intelixente e sensible, como se recordou en moitos traballos que se publicaron en 2018, chegou a Galicia cunha certa formación filolóxica e iniciada no compromiso social.

A formación filolóxica empezouna no bacharelato da man, fundamentalmente, dunha profesora (Rosa Juliá) que a achegou ao mundo clásico e á etimoloxía, e duns mestres cos que se atopou na Universidade Central de Madrid (hoxe Complutense), innovadores e críticos co sistema establecido, que a invitaron a ler, a apreciar a literatura, como declaraba ela mesma: "Ata o encontro na Universidade cos meus grandes profesores (Rafael Lapesa, Dámaso Alonso...) eu non descubrín o gusto pola literatura" (Neira Cruz 1999: 12-13). Gusto que se pode seguir pola súa biblioteca persoal e pola súa obra en xeral.

O compromiso social levouna a implicarse no desenvolvemento da lingua e cultura galegas:

> Decateime de que aquí a palabra estaba reprimida, o galego era a palabra dos pobres, dos mariñeiros, dos labregos... Nas escolas, os nenos que falaban galego eran humillados constantemente e ata pagaban multas. Daquela comprometinme afectiva e socialmente a axudar a esta xente a defender a súa lingua (Varela 2001: 2).

6 Curiosamente, o ano no que comezaron as celebracións do Día das Letras Galegas, dedicado a Rosalía de Castro, a escritora universal. Parece unha premonición.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 11-31
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Por iso, en pouco tempo, aprendeu galego por decisión propia, e iniciou a súa loita por dignificalo desde a docencia, a escrita, a actividade pública e o uso cotián. Posiblemente iniciou esta aprendizaxe como oínte en Pontevedra, dada a súa facilidade para os idiomas, pois como ela mesmo manifestou: "Eu sei catalán, portugués, francés, moi ben italiano… Por iso, xa cando cheguei a Pontevedra empecei a chamar a atención pola miña capacidade para o galego" (Neira Cruz 1999: 13) e, sobre todo, a partir de ter gañado a oposición de profesora de Lingua e Literatura españolas e ser destinada, no ano 1965, a un instituto de Lugo, onde traballou con compañeiros implicados no rexurdir da lingua e cultura galegas e, sobre todo, no contacto cos alumnos que proviñan do rural, quen lle axudaron a adquirir a lingua, e, entre todos (alumnos e profesores), lle fixeron coñecer hábitos cidadáns e rurais de celme galego. Entre os profesores, estableceu profunda amizade con Xesús Alonso Montero, director do departamento ao que ela se incorporou. Todo este coñecemento levouna a afirmar que

> Foi en Lugo onde Galicia se revelou ante os meus ollos, enteira, no seu ser, na súa cultura, no seu feitizo, na súa problemática e na súa lingua. Esta revelación foi posible gracias a Xesús Alonso Montero, que explicaba brillantemente a Literatura española e sabía achegarse ós alumnos na lingua que eles entendían; foi tamén posible gracias ós meus alumnos, que escoitaban benevolamente as miñas explicacións de sintaxe española e dábanme a corrixir fermosos poemas nos que falaban na lingua deles das súas inquedanzas e das súa arelas.
> Lugo é unha páxina indeleble da miña vida. Galicia aniñou no meu corazón naqueles dous cursos que traballei en Lugo (Moreno 1994a: 109).

MARÍA VICTORIA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

Foi na ilusionante década dos setenta cando María Victoria comezou unha actividade cultural frenética axudando a que o galego saíse da gaiola familiar e veciñal para entrar pouco e pouco nas distintas institucións. Fíxoo consciente, desde o seu prisma formativo, a súa vocación docente e a súa implicación social, da necesidade, cada vez máis forte, de defender a lingua galega, reducida durante décadas á clase traballadora, os máis oprimidos, e que seguía a ser motivo de sancións e censuras, como as sufridas por ela mesma, por mor da intransixencia do réxime. Só por impartir aulas en galego, ter amizades claramente opostas ao réxime e falar esa lingua sendo castelá, abríronlle ficha policial e negáronlle a renovación do pasaporte, e isto a pesar de que xa estabamos nunha época de

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 11-31
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

apertura da ditadura, pois eran os primeiros anos da década dos setenta, nos que se ían conseguindo liberdades malia as prohibicións.

A LIX, neste contexto, iniciou o seu ascenso da man de moitos axentes que puxaron para ir conformando o sistema: asociacións, movementos cooperativos, sobre todo de docentes e persoas implicadas no desenvolvemento da lingua e cultura galegas en xeral, mudanzas no sistema educativo coa incorporación das linguas chamadas "nativas" aos *curricula* e, ao final da década, ao ensino regrado o que motivou un aumento das publicacións periódicas e un maior apoio das editoriais. A pesar destes avances, aínda que o número de obras pasou a corenta títulos galegos e trinta e catro traducidos, non podemos falar de consolidación; si do inicio da conformación do sistema, pois xa se podían escoller obras en lingua galega para a educación literaria. As mulleres seguiron en minoría, só foron sete as que publicaron algunha obra, pero aínda así seguíase a pensar que a LIX era cousa de mulleres, posiblemente debido a que as estatísticas cuantifican como maioría as lectoras e mediadoras.

Entre esas obras, está o primeiro relato en galego de María Victoria, "Crarisca e o luceiro", que foi galardoado co segundo premio do Concurso de Contos Infantís da Agrupación Cultural O Facho, tan importante para este novo chanzo da LIX galega, e que no 1973 foi incorporado á súa primeira obra infantil, *Mar adiante*, coa que, segundo dixo a autora, asinou para sempre o compromiso coa lingua e cos nenos de Galicia, "só escribo en galego, só escribo para nenos [...]" (Moreno 1994a: 110) e fíxoo, como tamén dixo: "porque quixen. Non porque non soubese facelo para adultos" (Neira Cruz 1999: 14). Certamente na escrita para adultos xa demostrara o seu bo facer e con alto recoñecemento[7]. Agora achegábase a unha escrita, incluso máis esixente porque:

> Hai que ter presente o valor da palabra á hora de escribir. A palabra que ten significado, que ten beleza, que ten gracia… A palabra que fará que os novos lectores amen a palabra (Neira Cruz 1999: 15).

E, en consecuencia, tamén a literatura desde a que, como sinalou ela mesma en varias entrevistas e comentarios, non se deben facer concesións á frivolidade lingüística e literaria, á moralidade establecida senón só ás normas poéticas e

7 Pois quedou entre as catro finalistas do Premio Café Gijón coa novela *Alcores de Donalvar* (1969) e gañou o primeiro premio dos Jogos Florais Minho-Galaicos, convocados pola Associação Cultural e Recreativa O Convívio de Guimarães, na modalidade de relato, con "La casa de las Marías", publicados no volume recompilatorio dos relatos premiados: *Jogos Florais Minho-Galaicos* (Guimarães: Associação Cultural e Recreativa O Convívio, 1970-1971), onde lles dá voz ás mulleres e manifesta a súa rebeldía interior ante as imposicións.

retóricas e ás metodoloxías filolóxicas que rexen a boa literatura desde os clásicos, moitos deles lidos por ela e recoñecidos na súa biblioteca persoal, como xa adiantamos, e como deixou constancia tamén na súa produción literaria e na ensaístico-divulgativa e formativa, conformada por *Literatura. Século XX. Iniciación universitaria* (1985), *Literatura 3º BUP* (1987), manuais realizados con Rábade Paredes o primeiro, e co mesmo Rábade e Luís Alonso, o segundo. Ademais de *As Linguas de España* (1991a) e *Verso e prosa* (1991b) da súa autoría, obras nas que se posicionou, xunto a outros docentes e investigadores, a favor do estudo e ensinanza da Literatura, pois aínda que se dubide de se se pode ou non ensinar Literatura, como dixo Darío Villanueva, polo menos e nada menos, se pode estudar e ensinar "fenomenológicamente la ontología y la epistemología de la obra de arte literaria. Qué es y cómo se accede a ella mediante un acto de cocreación, que es la lectura" (Viñas 2018: 340).

María Victoria, con *Mar adiante,* subtitulada *Historias de nenos pra nenos*, respondeu ao que defendía, á boa literatura, e pasou a ocupar un lugar de honra na LIX galega, pois, ademais de ser a segunda autora que se incorporou á produción para os máis novos en lingua galega, achegou novidades temáticas e de arquitectura textual que non foran practicadas, ou o foran doutro xeito, na pouca produción coa que contaba a LIX. Polo tanto é unha pioneira, como podemos constatar ao esmiuzar *Mar adiante*. Obra na que podemos comezar salientando a súa arquitectura que ofrece novidades en relación coas obras publicadas ata o momento. Pártese dunha estrutura clásica, unha historia principal que desenvolve ben o relato, pero agora sobre ela engárzanse historias independentes, que se contan uns personaxes a outros ou ben os maiores á xente máis nova. En todas as historias preséntanse unha ensinanzas á maneira das fábulas clásicas, non das neofábulas moralizadoras. Ademais, esta arquitectura narrativa intertextualiza, salvando as distancias no tempo e en relación co lector esperado, cunha das obras de cabeceira de María Victoria como é *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha*, onde Cervantes incluía novelas extraíbles.

Foi tamén pioneira na reescritura dos contos populares, non optando polo uso instrumental senón polo humanizador e mesmo ideolóxico (Valriu 2010; Ferreira 2010) e pola súa adaptación á contorna galega, como pode constatarse ao ler unha das historias intercaladas: a da traballadora Mariquiña, que se atopou co temido lobo e se fixo a súa amiga, na que se presenta un lobo bo e non o feroz ao que había que matar ou castigar, segundo as épocas, un personaxe prototipo que se introduciu no imaxinario infantil desde as fábulas ata o conto de *Carapuchiña vermella*. Agora a este lobo bo, humanizado, ao que Mariquiña lle chama can (ese animal de compañía querido polos máis novos e por María Victoria sempre), pois a

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 11-31
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

coidou cando foi sorprendida pola chuvia e se refuxiou na súa cova, queren matalo e mesmo chegan a ferilo, sen saber o ben que fixera, pero Mariquiña avisou:

> —Este lobo é mellor ca vós. Deixoume durmir na súa casa, quentoume co seu corpo, sacoume o medo dos lóstregos... E agora está ferido o pobriño.
> Os homes non entendían nada. A nena engadiu:
> —Este lobo é o meu can. Compre darlle o mesmo agarimo que el me deu a min.
> [...]
> Agora o lobo chámase Garimoso. [...]
> As xentes da comarca, ó saberen esta historia, comezaron a trata-los lobos con máis respeto. Agora xa non lles poñen garabelos nin lles falan mal deles ós rapaces. (1973: 39-40).

Pero non só é o lobo o que se humaniza, os animais, os piratas... afloran a partir das mellores narracións de transmisión oral, así como mitos, símbolos do imaxinario infantil, recoñecidos por quen teña un intertexto ben conformado, obxectivo de María Victoria, que sabía moito de como formar un lector competente a partir dunha boa empatía co receptor, como demostrou nesta obra ao introducir un lector ao que se dirixe no propio texto para reforzar o realismo da narración, e recordarlle ou ofrecerlle esas referencias desde a transmisión oral (Carapuchiña, ratiña…) e a literaria, esa que nos leva aos clásicos porque, como dixo Cerrillo (2016: 101).

> Sabido es que la formación humanística debe sustentarse, entre otros pilares, en la lectura de los clásicos, porque en sus historias y en sus textos está contenida buena parte de la cultura y tradición del mundo, porque son modelos de escritura literaria, porque son una herencia dejada por nuestros antepasados y porque han contribuido a la formación de un imaginario cultural que ha aportado una peculiar lectura del mundo en sus diferentes épocas.

Por iso nas reescrituras elixidas por María Victoria, ponse en valor a importancia dos clásicos da transmisión oral, dos "modernos" que defendeu Charles Perrault, aínda que tivese que asinar, no 1697, *Histoires ou contes du temps passé, avec les moralités. Contes de ma mère L'Oye* co nome do seu fillo, posiblemente porque as normas de prestixio literario vixentes durante esa época determinaban que escribir contos de fadas, ou escribir para a infancia, eran actividades indignas para un gran escritor, cousas de mulleres. Tamén a recorrencia a fórmulas do

Cancioneiro infantil, tan estudado por Pedro Cerrillo (2017)[8], fonte básica de achegamento aos textos poéticos e contedor de elementos básicos do imaxinario infantil, sen esquecer o empeño de recordar obras de clásicos, como O *Quixote*, xa citado e *O principiño*, presente en *Mar adiante* a partir do diálogo do lobo con Mariquiña, próximo ao do piloto co príncipe.

María Victoria tamén é a primeira escritora en galego que se posicionou, con amabilidade, ante un modelo de ensino diferente ao instalado por mor dun sistema educativo caduco e burocratizado, que ela ben coñecía polo exercicio docente e por experiencias familiares, como recordou na obra premiada no concurso do Café Gijón. Un modelo educativo con prácticas escolares baseadas no castigo físico e psicolóxico, como xa denunciara Xosé Neira Vilas a través de Balbino, e que estaban aínda vixentes a pesar dos esforzos realizados por docentes comprometidos coa renovación pedagóxica, e, polo tanto, cunha escola activa, participativa, inclusiva, en contacto coa natureza, por iso:

> O "Arroás" foi certamente unha escola diferente porque os rapaces aprenderon moitas cousas nos días que botaron nela. Pero aprendéronas falando co capitán, xogando cos mariñeiros, ollando para as estrelas ou mesmo facendo trasnadas cando os maiores non os viamos (1973: 18).

Finalmente, debemos remarcar outras temáticas e recursos novidosos como o tratamento da morte, a defensa da natureza, a postura contrastiva realidade-fantasía (soño); cidade-aldea; mar e terra (Mociño 2017: 50); vaidade-ruindade; opresión-liberdade...; ecoloxismo; amor polos animais; recorrencia a nomear aos seus personaxes co nome de amigos, coñecidos, animais de compañía propios, un trazo que lle dá realismo á narración; para rematar é de salientar a precisión da linguaxe e a elección dun léxico adecuado, e se é descoñecido, ou se cre descoñecido, aclárase por medio de vocabularios finais. Unha serie de características poéticas, moitas delas xa sinaladas por Carmen Blanco (1991), Isabel Soto (1999, 2000) e eu mesma noutros traballos.

Seguiulle a *Mar adiante* "O cataventos", relato que mereceu o primeiro premio do VIII Concurso de Contos Infantís O Facho (1975) e que foi publicado en 1979 en libro, reeditado en 1989, onde se volve á transmisión oral, a unha nova fábula para falar de liberdades, de respecto polo outro, de envexas, de egoísmo,

8 Investigador que nos acaba de abandonar e que deixou, tamén, unha pegada imborrable, debido a que foi unha figura fundamental na visibilización, desde o ámbito universitario sobre todo pero non só, da Literatura Infantil e Xuvenil. Creador e director do CEPLI, centro de investigación e divulgación da LIX desde a Universidade de Castilla-La Mancha, campus de Cuenca. No caso que nos ocupa, por citar as súas derradeiras achegas, é tamén de salientar Cerrillo/Sánchez (2017).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 11-31
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

de ambicións desmedidas, de soidade, de tiranía, con certa semellanza co personaxe de Manolito Listón da obra de Carlos Casares, *A galiña azul*, e mesmo do mestre dos nenos e nenas de Portosouril. Repítese dalgún modo a estrutura do relato, aínda que agora é un narrador, non unha narradora, e os personaxes non son maioritariamente femininos como ocorreu en *Mar adiante*.

Na década dos oitenta, a Literatura Infantil e Xuvenil galega comezou a se consolidar da man de asociacións e axentes divulgadores, promotores e canonizadores, como por exemplo os premios literarios. Os escritores galegos xa competían cos das outras linguas de España no Premio Nacional que, en 1986, recaeu na obra *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín. Comezou así a consolidación da LIX galega, pois agora xa se editaron cincocentos títulos, dos que catrocentos foron traducións, feito que demostra o inicio da normalización, pois xa non se teme perder a identidade ao aceptar o foráneo, senón que se recibe con entusiasmo para saber máis. As mulleres creadoras aínda foron un número reducido en comparanza cos homes. Podemos recordar a vintecinco autoras que escribiron ao redor de cincuenta e cinco obras.

María Victoria participou activamente nesta evolución e non só como escritora senón tamén como tradutora. Nesta década iniciou o transvase desde as linguas que ela máis controlaba (castelán, catalán, francés, italiano, portugués) ao galego ou do galego cara a elas, de autores galegos, dela mesma ou de autores foráneos.

Como escritora, agora recoñecida e admirada pola súa obra e retórica culta, publicou catro obras das que dúas volven a se colocar nun lugar de honra na LIX galega e a recoñecer a súa fundamental axuda na conformación e consolidación do sistema literario infantil e xuvenil.

Iniciou a década con *La niebla* (1985), publicada primeiro en castelán, posiblemente por problemas editoriais, pois ela escribía xa en galego, pero non se publicou nesta lingua ata a década seguinte. Agora a narradora é novamente unha muller e vólvese falar sobre todo de soidade.

En 1986 publicou *A festa no faiado*, conto fantástico pero con técnicas realistas, narrado por unha boneca humanizada, con apelacións constantes ao lector e na que se repiten motivos e temas das obras anteriores: espazo no que se desenvolven as historias (Portosouril), amor polos animais, repetición de personaxes, como por exemplo o cataventos, volta ás reescrituras e intertextualidades (*O soldadiño de chumbo*, *Pinocchio*…). Todo envolto en lirismo, fantasía e amargura.

Foi no ano 1986 cando irrompeu, de novo, cunha obra ben novidosa: *Leonardo e os fontaneiros*, que presentara ao premio Barco de Vapor 1985 e merecera o terceiro premio. Unha obra que podemos situar no subsistema xuvenil pero coa fronteira cara á franxa de idade da preadolescencia.

Entre as novidades que presenta son de salientar o realismo co que se achegou a un lectorado adolescente cunha linguaxe moi próxima a esa etapa difícil, do paso da nenez á mocidade; aos seus problemas, adaptacións, incomprensións, cunha serie de reflexións propias da idade, que se transmiten a través da aventura interior do protagonista: un fontaneiro, un rapaz de catorce anos, que lle conta ao seu can —volvemos a este animal de compañía— todas as súas preocupacións, as relacións cos compañeiros, a súa visión do profesorado, incidindo na dualidade contrastiva: escola tradicional-escola renovada, que se defende, tema xa tratado na outra obra que a significou.

A estrutura desta, organizada de forma aberta, un crebacabezas, ao estilo das coleccióǹs de libro-xogo, seguindo a liña establecida noutras literaturas e coleccióǹs que estaban a funcionar como lecturas recreativas, caso da colección Elige tu propia aventura, da editorial Timun Mas. Estrutura á que a escritora se refire xa no limiar que encabeza o volume, que informa que hai varios xeitos de ler o libro: ou ben de forma lineal, como un libro normal, ou seguindo as instrucións que se dan ao rematar cada capítulo, onde se nos invita, se queremos, a avanzar ou retroceder na narración e polo tanto a elixir a aventura. Como sinalamos, moitos dos que nos detivemos nesta obra, vemos detrás *Rayuela*, de Julio Cortazar, lectura que consta na biblioteca da autora.

Foron moitos os comentarios que sobre *Leonardo e os fontaneiros* se realizaron, aínda que non inmediatos dado que non recibiu o primeiro premio. Cando se leu con calma si foi obxecto de boas análises, como a realizada por Agustín Fernández Paz (1989: 77), quen fala de tres facetas, das que dúas son externas e unha interna:

> As externas son: en primeiro lugar, a vida do protagonista no colexio e na súa casa, coa descripción das pequenas aventuras que se van sucedendo ó longo dos días; en segundo lugar, a amistade que Antón fai con Leonardo, un can da rúa, co que se ve tódolos días ata a morte do animal. A interna —sen dúbida a máis importante— está constituída pola evolución vital do protagonista, evolución que imos coñecendo a través das súas reflexións e pensamentos, e que nos permite comprobar como vai madurando e facéndose maior, neses difíciles anos da adolescencia.

En 1988, de novo, María Victoria volveu salientar na LIX galega con *Anagnórise,* novela que contribuíu a conformar o hoxe chamado subsistema xuvenil desde a narrativa. Certamente xa iniciara esta contribución con *Leonardo e os fontaneiros*, pero debemos destacar agora o achegamento a un lectorado que vai máis alá do que se inclúe na LIX, de aí que se cualifique de novela de fronteira.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 11-31
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Por medio dun narrador, dos diálogos entre os protagonistas e dun monólogo interior moi novidoso na LIX galega, cóntase a evolución, a formación, dun mozo a partir da súa relación cunha muller adulta que o recolle en autostop. Descríbese con realismo a evolución psicolóxica do personaxe desde que fuxiu da súa terra, dos problemas e contradicións cotiás, a Madrid, ata que volveu, unha vez que atopou a súa identidade; proceso no que foi axudado por unha muller intelixente e comprensiva, que desde a experiencia que dá a vida adulta soubo axudalo e tratalo, como se mostra a través dos diálogos e linguaxe empregada. Ao volver, resólvese a anagnórise (DiTerLi 2006) de partida, que o levou a separarse da terra e dos seus. Está feita a través de contrastes, de dualidades, como o rexistro lingüístico vulgar, da rúa, empregado por Nicolau e o coidado, culto, de Xulia Andrade, a condutora; entre a inocencia e inxenuidade do protagonista e a experiencia e sabedoría da muller. Unha obra cargada de valores e emocións, sen mensaxes explícitas, si con accións e reflexións veraces.

Como o seu subtítulo indica, é unha novela de amor, pero tamén de viaxe, unha *bildunsroman* (DiTerLi 2006), cremos que a primeira en lingua galega neste sistema literario, como tamén é a primeira que expón con claridade, a través dos pensamentos do protagonista, a imaxe que da muller tiñan os homes do momento, desde moi novos:

> As tías non saben conducir. As tías non paran para coller a ninguén. Coas tías non se pode contar para nada. Ándanche polo mundo con medo a todo, á velocidade, ós ladróns, ós asaltadores, ós atracadores, ós violadores... Conducen cun amaneiramento ridículo, o asento baixo do volante, as pernas encollidas, o lombo ríxido e a ollada espreitante.
> Pero, ben mirado, tampouco non interesa que te collan porque xamais se botan á estrada para faceren viaxes longas. Se algunha para, que é cousa insólita, sempre che dirá que vai mercar viño, pan de millo, patacas, mazás... Aí pretiño, a catro ou cinco quilómetros. As mulleres andan sempre a mercar. E as que non mercan, venden. E as que non mercan nin venden, miran. E as que non mercan, nin venden, nin miran, preguntan. E todas aldean.
> As mulleres son parvas, e amais moi metidas (1988: 9).

Anagnórise foi moi ben recibida xa desde o momento da súa publicación e recoñecida con posterioridade con galardóns varios.

Na década dos noventa, o número de obras narrativas e mesmo poéticas medrou ata chegar a mil cento vinte: trescentas sesenta e seis narracións; sesenta e catro poemarios e trinta obras de literatura dramática; seiscentas sesenta traducións.

Os creadores galegos foron moi recoñecidos e traducidos a diversas linguas. María Victoria seguiu empeñada en contribuír, desde calquera ángulo, a ese recoñecemento da lingua e literatura galegas, por iso, consciente do apoio que precisaba a poesía, sorprendeu publicando uns poemarios narrativos, moi do gusto dos máis novos, como foron *¿Un cachiño de bica?* (1994b), onde se relata a historia dunhas letras que emerxeron dunha cunca de almorzo e permitiron crear ilusións e fantasía en Iván e a súa cadela Nica; *¿E haberá un tirón de orellas?* (1997), na voz da cadela Alma, cántase, coas mellores artes poéticas para a infancia, ao "solpor", á "noite" e a todo o que a cadela atopou na escapada nocturna; *¡Xa non teño medo!* (1998) onde se ofrece unha visión moi achegada ao lector esperado sobre medos e descubertas nunha festa nocturna. Unha volta ao subsistema infantil para insistir na necesidade de crear o imaxinario a partir das manifestacións poéticas.

Ao finalizar esta década, aínda que agora xa agromaron moitos escritores e escritoras con achegas novidosas, María Victoria volveu a se poñer nun lugar de honra coa novela *Guedellas de seda e liño* (1999), outra obra realista, na que volve a temas recorrentes, a complexidades, agora máis notables, temáticas e estruturais, ao xogo de contrastes, agora ampliados co metafórico seda-liño.

En relación coa temática, a novidade é a introdución do mundo dos xitanos, un mundo marxinal nesa altura, situado nas ladeiras dun pazo, co que se anticipou unha década a unha temática, a da multiculturalidade, que foi moi cultivada no que vai de século XXI. De novo Moreno fala do amor e da adolescencia, focalizada agora nunha rapaza de clase alta que, por tradición, chega a ser a herdeira do pazo e no entanto consegue romper con moldes familiares e vivir na realidade, na súa época e relacionarse con outras clases sociais. A novela relata tamén a historia dos habitantes dese pazo que viven na ladeira amable, a de sotavento, dese outeiro que mira ao mar (probablemente situado nos arredores de Redondela ou Marín) nunha homenaxe deliberada e explícita a Ramón Otero Pedrayo tanto pola caracterización psicolóxica dos personaxes como pola lingua barroca empregada. Na outra ladeira dese outeiro (a de barlovento) habita a miseria do arrabalde, poboado polos marxinados sociais que non teñen cabida en ningures, xitanos, ionquis, desafiuzados, para os que a sociedade non ten reservado ningún lugar de felicidade pois están condenados de antemán ao fracaso. E se antes falamos de homenaxes literarias, parécenos ver aquí unha homenaxe clara a *Tiempo de silencio*, de Luis Martín Santos, e á corrente do Realismo social dos anos sesenta, tan cultivada na literatura en castelán por esa xeración de escritores, a cal, por outra parte, era a propia xeración de María Victoria Moreno antes de que a gañásemos para a causa do galego. Pénsese que *Alcores de Donalvar* (finalista do Café Gijón nesa década) é unha novela emparentada co Realismo social que nese momento imperaba. Dende o punto de vista formal, o feito de comezar a novela coa técnica

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 11-31
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

clásica de *in media res* para logo deixar ben atada a complexidade que comporta, é outro acerto que lle permite ir abrindo liñas temáticas diversas que logo van confluíndo nun clímax que conduce ao final.

Xa no século XXI[9], María Victoria pouco necesitaba para volver ocupar un lugar de honra, mais deixou escrito un diario a modo de longo monólogo interior onde dá conta da súa vivencia do cancro. Queremos destacar este texto porque, aínda que non forma parte da produción específica da LIX, sérvenos para dar conta da súa inmensa capacidade de fabulación inesgotable, pois nel fálanos de dous contos que lle narraba á súa filla Begoña ("O cogombro rebelde" e "As Lepantitas") e tamén da función destes: educar en valores, para que a súa filla, ao igual que os seus alumnos, fosen coa intervención da literatura "máis cultos, máis lúcidos, máis críticos e máis felices". A mala fortuna dun cancro de mama levouna antes de tempo, pero case sen forzas aínda puido ver a súa derradeira obra dirixida ao lectorado máis novo: *Eu conto, ti cantas*... (2005) que reúne os tres poemarios con que iniciou a década dos noventa aos que engadiu "Can branco, can negro", que pouco máis achega pero que recorda que María Victoria foi unha axente fundamental na conformación do sistema literario infantil e xuvenil.

A MODO DE CONCLUSIÓN

Despois do comentado, deixando a un lado relatos e poemas incluídos en libros colectivos e publicacións periódicas, moitas veces esbozos de obras posteriores, agás algunha referencia necesaria, queremos salientar que:

— María Victoria, desde a súa atalaia docente observou e veu a necesidade de se dirixir, sobre todo, ao alumnado –aos seus "cachorros"– e aos doutros docentes, de forma próxima para atraelos á lectura; e aos mediadores para que soubesen elixir obras nas que as manifestacións dos problemas dos máis novos fosen reais e recoñecidas, convencida de que só así se conseguirían lectores competentes, para o que era preciso, en primeiro lugar, cambiar os modelos educativos vixentes.

— Non foi unha autora prolífica, posiblemente debido a que, como moitas das mulleres da súa época, puxeron diante do seu gusto por escribir a familia e o traballo, soñando que desde esas institucións se cambiaría a sociedade, xa que

9 Século no que podemos falar de consolidación da LIX en galego, o número de obras que conforman a produción medrou considerablemente e abríronse novas vías de visibilización. Acolléndonos a un dos trazos de identidade da cultura galega, contar por ducias, nos primeiros doce anos do século publicáronse dúas mil catrocentas trinta e cinco obras, delas mil duascentas sesenta e dúas en galego e mil cento setenta e tres traducidas. Incorporáronse, ás cincuenta anteriores, vintecinco mulleres e conseguiron triplicar o número de obras de autoría feminina, como se pode seguir polo proxecto *Informes de Literatura*, que dirixe, desde o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Marta Neira Rodríguez (2007).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 11-31
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

consideraba que os rapaces e rapazas que ela educaba construirían unha sociedade futura de valores que levasen á igualdade, solidariedade, respecto, patrimonio, identidade, igualdade de xénero, por isto non renunciou nunca a plasmar a situación das mulleres e os seus desexos. Fíxoo, sobre todo, aínda que non só, a través de voces narradoras e protagonistas femininas que foxen de vidas planas para reflexionar e facer reflexionar sobre a complexidade da vida e os cambios que consideraba precisos unha vez que se desbotasen os contravalores.

— A súa é unha Literatura con Maiúsculas e Metaliteratura. O primeiro porque a súa obra está realizada a partir dunha prosa precisa, cunha linguaxe literaria adecuada, cun léxico escolleito, cun bo facer xeral que respondía ás súas querenzas de achegarse ao lectorado elixido para que se convertese en lector competente. Por iso, botou man de referencias e intertextualidades, desde onde amosou tamén a súa formación literaria. O segundo porque en moitas das súas obras sempre introduce reflexións sobre a literatura e o acto de ler.

— Achegou, en cada momento, ao sistema literario infantil e xuvenil galego, a partir da observación do que había, novidades que a levaron a ocupar un lugar de honra no mesmo. Así, se o cabaleiro da triste figura (don Quixote), tan querido por ela, inmortalizou "La Mancha", María Victoria inmortalizou a LIX galega polo seu papel pioneiro e fundacional no polisistema literario do seu país de adopción que, no ano 2018, a homenaxeou singularmente, e isto a pesar de que no relato "Nosoutras", referíndose a ela e outras catro escritoras galegas destacadas, dixo:

> Non somos unha elite nin pretendemos pasar á historia. Vivimos como cidadás de a pé nunha Galicia que loita por incorporarse con dignidade aos tempos modernos. Vémonos rodeadas por xente que o fai mellor ca nós (escritores, deseñadores, músicos, empresarios, pintores…) e iso estimúlanos. Secasí, hai unha humilde maneira de sentirse importante, a de quen abre camiño sen deixar constancia da súa pegada, e esa é a nosa (Roig 2018b: 64).

Como vemos, equivocouse pois si que deixou constancia da súa pegada e chegou a ocupar un lugar de honra na LIX e a ser recoñecida como unha muller comprometida que contaxiou e ilusionou a lectores e mediadores en xeral.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 11-31
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Obras de María Victoria Moreno

Moreno, María Victoria (1973): *Mar adiante. Historias de nenos pra nenos*. Sada: Ediciós do Castro. Presentación: Xesús Alonso Montero. Ilustración cuberta: Carmen Arias. Ilustracións interiores da autora.

2ª ed.: Narrativa pra nenos. Sada: Ediciós do Castro, 1986. Ilustracións: Araceli Liste.

Reed.: Merlín 193. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2009. Ilustracións: Manolo Uhía.

———— (1979): "O cataventos", en Agrupación Cultural O Facho, *Contos pra nenos.* Vigo: Galaxia, 33-46. Ilustracións: Xosé Manuel Xiráldez.

Reed.: Libros do sol e da lúa 11. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1989. Ilustracións: Carme Peris.

Reed.: Santiago de Compostela: Urco Editora, 2017. Ilustracións: Lara Torres.

Trad. ao catalán: *El Penell*. Llibres del sol i de la lluna. Libres de la Lluna 47. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Monserrat, 1989. Ilustracións: Carme Peris.

———— (1985): *La niebla.* La gaviota. Barcelona: La Galera. Ilustracións: Carme Peris, versión da autora.

Trad. ao galego: *A brétema.* O elefante contacontos 1, serie Infantil. Vigo: Ir Indo, 1999. Ilustracións: Xaime R. Asensi.

Reed.: Santiago de Compostela: Urco Editora, 2017. Ilustracións: María Montes Sueiro.

Trad. ao catalán: *La boira.* La gavina. Barcelona: La Galera, 1985. Tradución: Francesc Boada i Moret. Ilustracións: Carme Peris.

———— (1986a): *A festa no faiado.* A chalupa 24. Vigo/Barcelona: Galaxia/ Elkar/ La Galera. Ilustracións: Lola Blázquez.

2ª ed.: Árbore. Vigo: Galaxia, 2007. Ilustracións: Irene Fra.

Reed.: No país dos contos 20. Vigo/Madrid: Galaxia/El País, 2007. Ilustracións: Irene Fra.

Trad. ao catalán: *Festa a les golfes.* La xalupa 24. Barcelona: La Galera, 1986. Tradución: Francesc Boada i Moret. Ilustracións: Lola Blázquez.

Trad. ao castelán: *Fiesta en el desván.* La chalupa 24. Barcelona: La Galera, 1986. Versión da autora. Ilustracións: Lola Blázquez.

Trad. ao éuscaro: *Ganbaran festa.* Txalupa saila 24. Barcelona: La Galera, 1986. Tradución: Joxantonio Ormazábal. Ilustracións: Lola Blázquez.

Trad. ao aranés: *Era hèsta en humaran.* Era Gabarra 9. Barcelona: La Galera, 1986. Tradución: Frederic Verges e Jausèp Loïs Sans. Ilustracións: Lola Blázquez.

———— (1986b): *Leonardo e os fontaneiros.* O barco de vapor 8, serie vermella. Vigo: Galaxia / SM. Ilustracións: Mª do Carme Salgado.

2ª ed.: Árbore 23, serie azul. Vigo: Galaxia, 1990. Ilustracións: Fran Jaraba.

3ª ed.: Árbore 23, serie azul. Vigo: Galaxia, 1993. Ilustracións: Manuel Uhía.

4ª ed.: Sete Mares 5. Vigo: Galaxia/ Editores Asociados, 1999. Ilustracións: Manuel Uhía.

5ª ed.: Árbore 23, serie azul. Vigo: Galaxia, 2017. Ilustracións: Manuel Uhía.

Trad. ao castelán: *Leonardo y los fontaneros.* El barco de vapor 147. Madrid: SM, 1988. Tradución: Begoña Llácer. Ilustracións: María Luisa Torcida.

———— (1988): *Anagnórise (novela de amor)*. Árbore 3, serie rosa. Vigo: Galaxia. Cuberta: Manuel Janeiro.

2ª ed.: Costa Oeste 1. Vigo: Galaxia, 1997. Cuberta: Manuel Janeiro. Fotografía: Tino Viz.

Reed.: "Anagnórise", en Xosé Manuel Eyré Val (ed.), *Antoloxía da narrativa actual*. Vigo: A Nosa Terra/ Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 1997, 47.

Reed.: Biblioteca Galega 120, 74. A Coruña: La Voz de Galicia / Vigo: Galaxia, 2002.

3ª ed.: Costa Oeste. Vigo: Galaxia, 2017. Cuberta: Hayat Husein. Fotografía: Shutterstock/ Nito.

Trad. ao catalán: *Natalia: Anagnórisis.* Garona 5. Barcelona: Pirene,1989. Tradución da autora.

Trad. ao castelán: *Anagnórisis (novela de amor*). Polizones 4. Barcelona: La Galera, 1997. Tradución: Begoña Llácer.

Trad. ao valenciano: *Natalia: Anagnòrisi.* La Moto 3. Valencia: Tàndem, 1997. Tradución: J. C. Ortega e Xulio Ricardo Trigo.

———— (1991a): *As linguas de España.* Andel 9. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

———— (1991b): *Verso e prosa*. Andel 15. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

———— (1994a): "Escritora alófona eu?", en Xesús Alonso Montero e Xosé Manuel Salgado (eds.), *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*. Vigo: Galaxia, 109-111.

———— (1994b): *¿Un cachiño de bica?* O barco de vapor 12, serie branca. Vigo: SM. Ilustracións: Manuel Uhía.

Trad. ao castelán: *¿Sopitas con canela?* El barco de vapor 62, serie branca. Madrid: SM, 1995. Tradución da autora. Ilustracións: Manuel Uhía.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 11-31
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (1997): *¿E haberá tirón de orellas?* Árbore. Para ler e escoitar 95, serie amarela. Vigo: Galaxia. Ilustracións: Carme Peris.
2ª ed.: Árbore. Para ler e escoitar 95. Vigo: Galaxia, 2017. Ilustracións: Carme Peris.
———— (1998): *¡Xa non teño medo!* A maxia das palabras. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Ilustracións: Manuel Uhía.
———— (1999): *Guedellas de seda e liño.* Costa Oeste 26. Vigo: Galaxia. Cuberta: Manuel Janeiro.
2ª ed.: Costa Oeste. Vigo: Galaxia, 2017. Cuberta: Shutterstock / kittirat roekburi.
———— (2005): *Eu conto, ti cantas…* Merlín 155, serie azul. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Ilustracións: Manolo Uhía.
Moreno, María Victoria e Xesús Rábade Paredes (1985): *Literatura. Século XX. Iniciación universitaria*. Vigo: Galaxia / SM.
Rábade Paredes, Xesús, María Victoria Moreno e Luís Alonso Girgado (1987): *Literatura 3º de BUP.* Vigo: Galaxia / SM.

Bibliografía xeral

Agrelo Costas, Eulalia (2000): "La labor de la Asociación Cultural O Facho dentro del panorama de la literatura infantil y juvenil gallega", en Eloy Martos Núñez (ed.), *Actas del II Congreso de Literatura Infantil y Juvenil: historia crítica de la Literatura infantil e ilustración ibéricas*. Mérida: Editora Regional de Extremadura, 353-355.
Aleixandre, Marilar e Fina Casalderrey (2018): *María Victoria Moreno: a muller que durmía pouco e soñaba moito.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Blanco, Carmen (1991): *Literatura galega da muller*. Universitaria. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Bouzas Gorgal, Belén (2018): "Contribución a unha bibliografía de e sobre María Victoria Moreno", en Roig 2018a: 291-336.
Cerrillo, Pedro C. (2016): *El lector literario*. México: Fondo de Cultura Económica.
———— (2017): *La memoria olvidada: estudios de poesía popular infantil*. Ciudad de México: Bonilla Artigas Editores.
Cerrillo, Pedro C. e César Sánchez Ortiz (2017): *El cancionero popular infantil en educación.* Madrid: Síntesis.
Cerrillo, Pedro C. e M.ª Victoria Sotomayor (2016): *Censuras y literatura infantil y juvenil en el siglo XX*. Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 11-31
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

DiTerLi=Equipo Glifo (dir.) (2006-): *Dicionario de Termos literarios* [web]. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dispoñible en http://www.cirp.gal/pls/bal2/f?p=DITERLI

Even-Zohar, Itamar (1994): "Planificación de la cultura y mercado", en Montserrat Iglesias Santos (ed.), *Teoría de los Polisistemas*. Madrid: Arco/Libros, 71-96.

Fernández Paz, Agustín (1989): *28 libros da literatura infantil e xuvenil galega*. Andel 5. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Ferreira Boo, María del Carmen (2010): "O regreso do barco-escola Arroás", *Malasartes. Cuadernos de Literatura para a Infância e a Juventude* 20, 38-41.

Figueroa, Antón (2001): *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

García Padrino, Jaime (2018): *Historia crítica de la Literatura Infantil y Juvenil en la España actual (1939-2015)*. Madrid: Marcial Pons Historia.

Gracián, Ánxela (2018): *Doce cartas a María Victoria Moreno.* A Coruña: Hércules de Edicións.

Mociño González, Isabel (2017): "O traballo das mulleres na LIX. O rural e o mar en tres obras pioneiras", *Boletín Galego de Literatura* 50, 35-67.

Neira Cruz, Xosé Antonio (1999): "María Victoria Moreno Márquez: «Estou a escribir contrarreloxo» [Entrevista]", *Fadamorgana* 3, 12-16.

Neira Rodríguez, Marta(dir.) (2007-): *Informes de Literatura* [web]. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación e Humanidades. Dispoñible en http://www.cirp.gal/rec2/informes/

Pena Presas, Montse (2018): *A voz insurrecta. María Victoria Moreno entre a literatura e a vida*. Vigo: Galaxia.

Perozo, Xosé A. (2018): *Mª Victoria Moreno, terra adiante.* Teo: Auga Editora.

Queixas Zas, Mercedes e Cesáreo Sánchez Iglesias (2018): *Renacer á descuberta das palabras. María Victoria Moreno*. "De nós": monografías con perspectiva galega 2. Santiago de Compostela: Sermos Galiza.

Roig Rechou, Blanca-Ana (1996): *A literatura galega infantil: Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.

———— (2002): "A Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia", en Anxo Tarrío Varela (coord.), *A literatura desde 1936 ata hoxe: narrativa e traducción*. Galicia XXXIV. A Coruña: Hércules Ediciones, 382-501.

———— (2005): "Literatura infantil e xuvenil en Galicia: dos inicios á consolidación", *Boletín Galego de Literatura* 32, 141-167.

———— (coord.) (2015): *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 11-31
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (coord.) (2018a): *María Victoria Moreno. Homenaxe. Palabra fértil no tempo*. Cadernos Ramón Piñeiro XXXVIII. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación e Humanidades.

———— (ed.) (2018b): *Nun lugar de Galicia. María Victoria Moreno*. Santiago de Compostela: Universidade.

———— (2018c): "Educación emocional. A poesía nas aulas infantís. María Victoria Moreno e Antonio García Teijeiro", en Ana Cristina Masedo, Sara Reis da Silva e Marta Neira Rodríguez, *Primeiros Lectores. Primeiros Poemas*. Porto: Tropelías & Companhia.

Soto López, Isabel (1999): "A beleza polo lirismo e a tenrura. Achegamento á obra de María Victoria Moreno", *Fadamorgana* 3, 17-20.

———— (2000): "Dos extremeños en la literatura gallega: Mª Victoria Moreno y Xosé Antonio Perozo", en Eloy Martos *et al.* (eds.), *Actas del II Congreso de Literatura Infantil y Juvenil. Historia crítica de Literatura Infantil e Ilustración Ibéricas*. Mérida: Editora Regional de Extremadura, 257-261.

Soto, Isabel e Xavier Senín (2018): *María Victoria Moreno. Sementadora de futuro*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Tarrío Varela, Anxo (1988): *Literatura gallega*. Madrid: Taurus Ediciones.

———— (1994): *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Valriu, Caterina (2010): "Reescriptures de les rondalles en el s. XXI (2000-2009)", en Blanca-Ana Roig Rechou, Marta Neira e Isabel Soto López (coords.), *Reescrituras do conto popular (2000-2009)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 13-30.

Varela, M (2001): "A alma de Galicia non ten outro camiño para florecer que o galego", *Diario de Pontevedra* 2/IX/2001, 2-3.

Viñas Piquer, David (2018): "[Entrevista] Darío Villanueva: «Hay que recuperar la creencia de que la Literatura es una Institución social y estética de primera magnitud»", *Tropelías. Revista de Teoría de la Literatura y Literatura Comparada 30*, 338-354. https://doi.org/10.26754/ojs_tropelias/tropelias.2018302908

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 11-31
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 33-46
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.720

MARÍA VICTORIA MORENO E A POESÍA PARA A INFANCIA

MARÍA VICTORIA MORENO AND POETRY FOR CHILDHOOD

Antonio García Teijeiro

Resumo: Este artigo analiza criticamente as características principais da poesía infantil de María Victoria Moreno (1939-2005), concentrándose fundamentalmente nos dous poemarios que a poeta dedicou á rapazada: *¿E haberá tirón de orellas?* (1997) e *Eu conto... ti cantas* (2005). A proposta poética de Moreno nestes dous libros é marcadamente narrativa e está chea de musicalidade e xogos verbais, ademais de tratar temas como o amor e o respecto polos animais, a natureza como lugar de vida ou a propia creación literaria. Xunto a isto, o autor debuxa tamén un retrato máis íntimo de Moreno e da súa visión da poesía infantil baseado na relación profesional e de amizade que mantivo coa poeta durante anos.

Abstract: This article is a critical analysis of the main features of the children's poetry of María Victoria Moreno (1939-2005) and offers a closer examination of the two poetry collections that Moreno wrote specifically for children: *¿E haberá tirón de orellas?* (1997) e *Eu conto... ti cantas* (2005). Moreno's poetry in these two books is markedly narrative, full of music and plays on words, and delves into topics such as love and the respect for animals, nature as a source of life, and literary creation itself. Furthermore, the article paints a more intimate portrait of Moreno and her approach to children's poetry based on the long-time friendship and professional collaboration between the article's author and Moreno.

Palabras chave: María Victoria Moreno, poesía infantil, poesía narrativa, natureza, animais, retrato íntimo, crítica literaria, literatura galega.

Key words: María Victoria Moreno, children's poetry, narrative poetry, nature, animals, intimate portrait, literary criticism, Galician literature.

Olla a choiva pola rúa,
laio de pedra e cristal.
Olla o vento esvaído
soma e cinza do teu mar.

A voz de Federico García Lorca (2004: 14) dáme pé para falar da poesía de María Victoria Moreno. Porque, malia non ter publicados moitos poemarios, María Victoria irradiaba poesía por todos os poros da súa pel. E se poño estes versos de "Madrigal á cibdá de Santiago" dos seus *Seis poemas galegos*, débese ao profundo amor que María Victoria sentía por el, algo que compartiamos os dous e que nos levou a fondas conversas sobre Lorca. Conversas, curiosamente, que tiveron lugar a través do fío telefónico. Longas conversas nas que eu aprendín tanto escoitándoa falar.

Porque, cando falaba, a súa voz era poesía. Porque, cando pousaba os seus ollos nos teus, pousaba poesía. Porque os seus aloumiños eran poesía. Porque o sentimento poético, tan íntimo e tan tenro, tan agudo e tan punxente, era algo consubstancial á súa natureza coma ser humano.

O AMOR PROFUNDO POLA POESÍA

Toda a obra de María Victoria Moreno está envolta en poesía. As súas obras en prosa posúen unhas tinguiduras líricas que se poden apalpar a pouco que un entre no seu discurso literario. E están presentes dun xeito delicado, coma sen querer molestar a prosa que escribe, pero que aniña no corazón do lectorado dun xeito morno e delicado.

Nunca esquecerei a presentación en Vigo do meu poemario para nenos *Versos de agua / Cacarabín, cacarabón*. Leu varios poemas, comentounos cunha sensibilidade lírica que nos deixou enmeigados a todos os que nos atopabamos alí. O seu xeito de ler, a claridade da súa visión literaria, o agarimo convertido en palabras transportounos a un xardín das delicias poéticas. Emocionante a súa palabra.

Lembro, tamén, as lecturas de poemas que nos facía, de cando en vez, cando viña cear á nosa casa. Os seus folios con correccións que tiraba do bolso, a modestia que amosaba perante eles, o silencio que flotaba no ambiente mentres lía, a emoción que acadaba verso a verso… Toda unha festa íntima da palabra e do amor pola poesía. Non había noite que non lle dixeramos que debía publicar un libro de poemas. Ela evitaba o comentario como se se quixese escudar de algo que non lle apetecía dicir. Limitábase a sorrir. Anos despois, como xa sabemos, eses poemas e outros viron a luz no libro *Elexías de luz*, ao coidado do seu prezado amigo Xavier Senín.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 33-46
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Non é alleo ao seu amor e interese pola poesía o feito de que en 1973 editase a antoloxía *Os novísimos da poesía galega* que lle encomendara o seu admirado Xesús Alonso Montero, que dirixía unha colección na editorial Akal. "O volume agrupa unha nova promoción poética que irrompe no panorama literario finalizada a década dos sesenta e que concibe o seu labor como unha prolongación política antifranquista" (Soto/Senín 2018: 38). A poesía aparece, pois, nun primeiro plano na vida de María Victoria Moreno.

POEMAS INFANTÍS EN DÚAS OBRAS NARRATIVAS

Xa que logo, ese amor fondo pola poesía que María Victoria levaba dentro non podía quedar fóra da literatura para as pequenas e pequenos. Á marxe de que as súas novelas posuísen un ton lírico ou unha defensa da poesía, a nosa autora ía escribir algúns libros eminentemente poéticos pensando na infancia. Non son poemarios ao uso. Aínda que libros coma *Mar adiante* (1973) ou *O catavento*s(1979) levasen formas ou pequenas estrofas nas súas liñas, varias mostras posteriores deixarían ao descuberto a súa vea lírica para que a rapazada puidese gozar dos seus versos.

En efecto, se un se adentra en *Mar adiante* atopará, xa de primeiras, a dedicatoria que María Victoria escribe en verso á súa filla Begoña:

> Mais, para facer xustiza,
> cumpríame confesar
> que unha meniña xeitosa,
> voz de prata, doce ollar,
> medosiña polas noites
> e risoña nas mañás,
> foi quen me dixo que ti
> tamén querías escoitar
> os contos que eu lle contaba
> cada tardiña no lar (2009: 6).

E así, subidos ao barquiño branco coma unha gaivota, un guímaro coma un peixe, que construíu Miguel, ese mariñeiro que chegou a Portosouril hai ben anos, nenos e nenas van vivir momentos máxicos. Neles a poesía irá aparecendo dende o intre que presenta a rapazada que navegará no Arroás ("Maite, a Amiga dos paxaros, / namorouse da Ruliña/ e deulle acougo no barco"), dar a coñecer a canción que cantaban os navegantes ao veren a luzada de Portosouril ("Ollando Portosouril / o vento da miña terra / coido que chama por min") ata compartir a canción que cantaban os mariñeiros mentres o capitán tocaba a guitarra na proa

("Cando o vento vén do monte, / do monte da Carballeira, / parécenos sempre que chora / cunha queixa moi tristeira"). E sen esquecer o diálogo que mantiñan Clarisca, da familia dos vagalumes, cos mociños vagalumes.

Estes pasaban á súa beira e dicíanlle:

> Vou procurando mociña
> entre as herbas dos camiños.
> Son mozo e rico, Clarisca,
> ¿vasme querer por marido? (2009: 67).

Ela respondía a todos coas mesmas palabras:

> Ai, vaite, mociño,
> porque eu teño o corazón
> moi lonxe destes camiños (2009: 67).

Estaba moi claro que María Victoria botaba man da poesía nunha historia escrita en prosa. Pero ela sentía preto esa poesía e non dubidaba en incluír pequenas pezas en forma de cancións cun aire popular que a facía viva e fresca. Reivindicativa a prol da natureza, dos animais que temen o ser humano, con cantigas de berce (a cantiga de Lola) é a poesía que loce este libro.

O mesmo sucedeu co seu conto *O cataventos*, que gañou o Premio O Facho en 1975 e foi publicado en 1979 en *Contos para nenos* de O Facho. Hoxe está publicado en Urco Editora (2016).

O cataventos é unha historia tenra que presenta os personaxes nun humorístico diálogo en verso. Era o galo don Pío, un mozo garrido con ollos de vidro dourado que tiña por sombreiro, unha crista vermella que ás veces parecía cereixa e ás veces lume. Con plumas rechamantes, camiñaba fachendoso e dicía:

> —Aquí estou –quiquiriquí—
> para que miren as galiñas
> quen é quen manda aquí (2016: 14).

E coas galiñas Teixaspitiñas mantiña este diálogo:

> —Aquí estou —quiquiriquí—

Elas contestaban:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 33-46
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Si, si. Si…Si, si, si. Si.

Cando el dicía:

—Para que miren as galiñas

Elas:

—Xa te miran as Teixiñas

E cando el, coa voz inchada, remataba:

—Quen é o que manda aquí.

Elas coreaban:

—E a moita honra servir (2016: 15).

Un exemplo nidio dos diálogos que tanto se utilizan na literatura de tradición oral. María Victoria coñecía moi ben a literatura popular e dela se servía para ir introducindo poesía nas súas fermosas narracións.

O FEITO POÉTICO NA POESÍA DE MARÍA VICTORIA MORENO

Veño dicindo dende hai ben tempo que o primeiro paso para enfrontar os nenos e nenas á poesía debe ser a poesía de tradición oral. Este conxunto amplísimo de formas é un verdadeiro tesouro para gozar do ritmo, do inverosímil, do máxico, da frescura, da musicalidade, do surrealista, do lúdico. Manifestacións artísticas que poñen preto da rapazada os arrolos, as adiviñas, os romances, os trabalinguas, os disparates, as fórmulas de botar a sortes, as mentiras… e mil máis. É este un achegamento imprescindible, ao meu ver, para atraer as persoas ao feito poético. Un primeiro paso.

E xa que falamos do feito poético, digamos e fagamos nosa a organización da poesía segundo a profesora Blanca-Ana Roig Rechou (2000: 10): "Poesía é xogo" (textos folclóricos ou de base folclórica que combinan formas poéticas e xogos de palabras), "Poesía é música" (descuberta do xogo poético a través de sons e rimas), "Poesía é conto" (contar unha historia a través do verso) e "Poesía é maxia" (achegamento á infancia e mocidade máis alá da esquemática poesía infantil).

Unha clasificación interesante que descobre unha maneira intelixente de entender a poesía en case todas as súas vertentes. Con ela podemos fixarnos na obra de moitos e moitas poetas que escriben poesía infantil e entender as diferentes visións que presentan deste xénero. Poderá haber —e supoño que así é— outras formas de clasificar a poesía, pero esta paréceme a min moi axeitada. Un xeito claro de clarificar discursos poéticos, reflexionar sobre eles e facilitar a escolla de mostras cando sexa necesario.

Así podemos entender a poesía infantil de María Victoria Moreno. Coido que o conto, a música e o xogo están presentes nos seus poemas. Ademais de posuír unha maxia que os fai penetrar no máis fondo de quen os le ou escoita.

Lendo as súas propostas de poesía infantil éntranme as dúbidas de se escribe un conto en verso ou sente a necesidade de poetizar e, a través dunha historia, escribir poesía. Non estou convencido de que o conto rimado fose a súa única opción. A necesidade de escribir poesía talvez a leve a sentir que escribe poesía mentres conta unha historia. Porque en María Victoria Moreno se mesturan dúas paixóns: a paixón por narrar e a paixón por crear poemas. Ás veces penso que había dentro dela unha efervescencia poética tan grande que a levou a fundir a prosa dentro do verso. Porque a autora elixe certas formas poéticas puras (seguidillas con bordón ou pequenos romances) e un sente a poesía latexar dentro en cada lectura que fai destas obras. E goza. E penetra no mundo que María Victoria crea, e detense nos personaxes, nas situacións, no ambiente espacial e nos temas que son cotiáns e moi definidos: o medo nocturno, o amor e o respecto que os animais merecen e que non sempre se teñen en conta por parte dos seres humanos, a natureza como lugar de vida, o acto creativo. Ademais, o trato que dispensa a estes personaxes literarios, ben sexan rapaces ou rapazas ou animais —fundamentalmente cans—, resulta do máis tenro e delicado. Eu xa non me deteño a pensar se son poemas narrativos —que si o son— ou narracións en verso. O que si sinto é o poder fascinante da poesía nos seus escritos. A poesía pódese tocar, sentir, interiorizar cando parte da autenticidade e do seu coñecemento profundo. É o que pasa coas persoas que posúen unha vocación literaria, poética incontestable, algo que María Victoria tiña a rebordar.

Non podemos esquecer o respecto que María Victoria Moreno amosaba polo lectorado. Foi algo que aprendín dela, porque o demostraba acotío. Facía moito fincapé nese aspecto. Cando, codirixindo a colección Árbore, falabamos dos orixinais que recibiamos, ela sempre centraba o seu discurso, ademais da historia ou do tema do poemario, na corrección lingüística, no léxico axeitado, na claridade expositiva que debían ter. Ela pensaba e reiteraba que tiñamos un compromiso claro co lectorado e que os nenos e nenas, as mozas e mozos, merecían o mellor sen desculpas de ningún tipo. E falaba da dignidade do idioma, da literatura e

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 33-46
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

daqueles lectores e lectoras que estaban dando, a maioría, os primeiros pasos na escrita e na lectura na nosa lingua. Para ela era sagrado. Para nós, tamén.

Todo isto está presente na obra da autora. E ao escribir poesía a norma non a esquece. Faltaría máis, sobre todo nunha persoa que dedicou a súa carreira literaria á rapazada, demostrando, a quen o dubidase, que a literatura infantil e xuvenil era absolutamente imprescindible para normalizar o eido literario e lingüístico dun país coma o noso. Deu exemplo en todos os retos que foi acometendo e a súa palabra limpa, directa, mesmo desafiante se a ocasión o requiría, soaba clara e poñía as cousas no seu sitio.

De aí o seu enorme compromiso cando escribe poesía. Sente fascinación por ela e había que vela recitando poemas. Xa o dixen antes. Na presentación dos meus *Versos de agua*, deixounos enmeigados.

Isto veo moi ben Marta Dacosta, quen escribe no monográfico *Renacer á descuberta das palabras* o seguinte:

> A mesma fascinación que debeu motivar a súa implicación na escrita para nenos e nenas, tarefa que recoñezo como de especial dificultade, pois nela a autora non pode entregarse á libre creación impulsada polas súas emocións, senón que debe ter moi presente o público destinatario, procurando que o seu poema conecte con el, a través dunha mensaxe identificábel e unha forma que o atraia e o prenda, como prende en calquera de nós a música. Así que a poeta debe manexar co máximo de habelencia posíbel o léxico e os recursos que lle fornece a construción poética para acadar ese resultado. Poderá parecer simple, mais xusto é todo o contrario (2018: 30-31).

Nin máis nin menos. Ben sabía María Victoria todo isto e tívoo presente ao longo de toda a súa obra, tanto en verso coma en prosa.

OS SEUS POEMAS NARRATIVOS

Despois deses poemas incluídos nos libros de narrativa que comentamos, *Mar adiante* e *O cataventos*, non teño a menor dúbida de que a nosa autora devecía por publicar uns libros dirixidos aos pequechos integramente en verso. Por iso escribiu os poemas narrativos dos que imos falar deseguido. Volvo a Marta Dacosta porque concordo plenamente con ela cando di que "os poemas de Moreno son poemas narrativos que transmiten esperanza […] Son historias apegadas ao real, sen grandes artificios, cativadoras, fermosas, positivas, en que os animais, especialmente paxaros e cans, son protagonistas" (2018: 32). En efecto, así é porque María Victoria escribe unha poesía sen recargar, sen elementos que despisten. Unha poesía

que conta e que ten un ritmo áxil baseado na puntuación dos versos e na súa medida, na rima, e no tipo de estrofas que emprega e que xa foron mencionadas antes: a seguidilla e o romance. Preocupoulle sempre o ritmo na poesía (tamén na prosa) e por esa razón coidouno na súa escrita.

María Victoria Moreno ten dous libros marabillosos que amosan a sensibilidade desta muller á hora de escribir en verso. Son menos coñecidos que os seus emblemáticos *Anagnórise* ou *Leonardo e os fontaneiros*, mais son unha mostra evidente do seu bo facer se falamos de poesía infantil . Estou a referirme a *¿E haberá tirón de orellas?* (1997) e *Eu conto, ti cantas* (2005).

¿E haberá tirón de orellas?

¿E haberá tirón de orellas? é, talvez, a obra máis lírica da autora se pensamos na rapazada. Nela conta unha historia en tres partes, que son as do día: o solpor, a noite e o amencer. Tres partes, tres romances compostos por cincuenta versos cada un, octosílabos e rimando en asonante. Neles atopamos figuras literarias moi recoñecidas coma os paralelismos, anáforas, comparacións… O lirismo e a tenrura envolven a historia de Alma, unha cadela que marcha da casa seguindo os xogos dos nenos (ela quere ser unha nena), pérdese e xúntase cun pardal que perdera o seu niño. Aparecen diversas aves (curuxa, ferreiriños, mouchos) e adormecen na fraga xunto ao seu amigo.

Vexamos o lirismo que desprenden os primeiros versos:

> No luscofusco de maio,
> cando as faíscas da herba
> ceden ao arrolo do vento,
> quere durmir a pradería.
> Aínda as flores presumidas
> desafían as estrelas.
> Rompen a cantar os grilos
> e os ferreiriños golpean
> con chíos de aceiro negro
> a paz dourada e serena (2017a: 8).

Adormecen cansos. Chégalles o sono nas lenes ondas do tempo. Coñecen a sensación do medo que lles producen as sombras e mais a escuridade. E ao lonxe, os seus seres queridos, nos seus lugares respectivos, botan de menos os dous amigos:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 33-46
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

A morna manta do soño
acubilla os dous pequenos:
lonxe, no castiñeiro vizoso,
choran dous pardais moi vellos
e nunha casa labrega
preguntan por Alma os nenos (2017a: 20).

Por fin chega o amencer, Alma busca o pardal pero non está. Fala cun bando de paxariños, sente que veñen por ela, desnortada e triste pon en orde as súas ideas e lisca para a casa á présa sabendo que debe percorrer un longo camiño e que ao chegar haberá tirón de orellas.

Gústame moito este poema. Combina a forza lírica cunha enorme tenrura. Consegue crear un clima de aventura, tinguido cun certo humor solapado, dentro dun eido no que as tres partes do día favorecen as decisións da protagonista: o desexo de marchar, o medo á escuridade e ás sombras co sono polo medio e as ganas de volver porque bota en falta a súa familia, malia saber que haberá un posible castigo.

A historia ten un ton de tristura, pero tamén de reflexión, de sentimentos e moito de esperanza. Dicir, ademais, que Alma era o nome da súa cadela na realidade. Unha cadela que conviviu coa autora e a que tanto quixo. Carme Peris, amiga de María Victoria, ilustrou este fermoso poema narrativo. Lembro que veu a Vigo con ela e chamoume por teléfono. Quería presentarma. E no monte do Castro vigués, compartimos unha mañá moi agradable. Dende aquela, mantiven unha boa relación coa ilustradora catalá que chegou, mesmo, a ilustrar un dos meus poemarios.

Carme Peris xunto con Manuel Uhía foron os ilustradores favoritos de María Victoria. Concretamente Uhía deulle forma a boa parte da súa obra posterior, ademais de a certas reedicións.

Eu conto, ti cantas…

Eu conto, ti cantas… é un libro delicioso composto por tres poemas narrativos dun altísimo valor literario, ilustrado precisamente polo seu admirado Manuel Uhía. Saíu á luz antes de morrer a nosa escritora, editado por Edicións Xerais no ano 2005. Contén os poemas seguintes: "¡Xa non teño medo!", "Can branco, can negro" e "¿Un cachiño de bica?".

"¡Xa non teño medo!" foi publicado orixinariamente no ano 1998 na colección A maxia das palabras, un proxecto ben orixinal coordinado por Agustín Fernández Paz, no que eu, ademais, tiven a sorte de participar cun poemario. Un neno está castigado a durmir na bufarda porque esperta e fala polas noites. Pasa ben

medo os primeiros días coas sombras e ruídos e polo silencio, mais axiña chega a afacerse a esa situación e descobre que a noite é divertida.

> Cando a nai mata as luces
> nace un silencio
> que é redondo e escuro,
> máis non dá medo.
> Cómpre afacerse
> e as faíscas e as voces
> logo aparecen (2017b: 10).

Non tarda en descubrir unha chorumiña, o miañar dos gatos, o mundo que fan as lucernas. Sente que o ceo se fai pequeno, que sae a lúa e pousa o sosego na terra escura. Decátase de que hai moita xente movéndose na noite (borrachos, bombeiros, varredores, policías…), que hai moita vida e que hai persoas que traballan para que todo sexa máis xusto. Daquela, valora moitos destes oficios e cóntanos que el quere ser un deles cando sexa maior.

> Eu, cando sexa grande,
> serei bombeiro,
> acaso policía,
> ou quizais médico.
> Son bos oficios:
> gáñase o pan velando
> polos veciños (2017b: 21).

O medo nocturno é, nun principio, o móbil do poema pero, a medida que este avanza, o rapaz vai perdendo ese temor e verá a noite dun xeito distinto. Sentirá a súa actividade e valorará os distintos oficios que serven para que todos esteamos máis seguros. Salienta a autora a dignidade do traballo, de calquera traballo, para acadar un mundo equilibrado onde nos poidamos sentir ben. "A forma estrófica empregada volve a ser a seguidilla con bordón, adobiada cos recursos xa mencionados e co traballo de Uhía na ilustración" (Soto/Senín 2018: 131).

O segundo poema do libro é "Can branco, can negro", o único dos tres que forman o volume que non foi publicado con anterioridade.

Os termos *branco/negro* xa indican un contraste que nos leva a pensar que vai tratar o tema da igualdade, da diversidade, na figura de dous cans. Está estruturado en cinco partes que levan por nome *naceron, medraron, descubriron, asisaron* e *asentaron*. Estas partes, formalmente, son cinco romances dunha tenrura

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 33-46
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

conmovedora. Un dos cans, Nicolau, naceu nun fogar onde foi moi ben recibido. Había moito agarimo ao seu redor. Era negro. Pola súa banda, Correcamiños, era un can branco, moi branco que naceu na beiravía da estrada:

> Correcamiños naceu
> na beiravía da estrada
> onde un home malo e feo
> botara a cadela branca,
> que levaba na barriga
> seis cadeliños de nata (2017b: 26).

Criados dun xeito diferente, coñécense seguindo unha cadela nun arrabalde perdido. A cadela, moi ben feita, facía camiño custodiada por cen cans. Nicolau e Correcamiños sentiron curiosidade e camiñaron tranquilos xunto con eles. Pero, malia a súa inxenuidade, non tardaron en descubrir as intencións dos grandes. De volta á vila nun día de gran bulicio, cheiraron nos postos de venda e acomodáronse ao abrigo dunha muller que adestraba paxariños. E, ao pouco, van axudar a paisana porque un home espantará os paxaros producindo un gran desgusto na muller. Os dous cans, seguindo a chamada da xustiza, demostrarán a súa nobreza e valentía. Nicolau volverá á súa casa e o seu amigo ficará coa adestradora para sempre.

Sentimentos moi humanos nos protagonistas do poema: o medo, a curiosidade, o amor maternal, a amizade, as distintas maneiras de enfocar a vida, a presunción, os desexos similares e tantos comportamentos universais que fan pensar o lectorado e que serven para reflexionar e comentar despois de ler/escoitar tan fermoso texto. E un derradeiro comentario sobre o poema: Nico foi o seu último can.

Apunta moi ben Marta Dacosta que "as cores son atribuídas en sentido contrario ao que establecerían os prexuízos sociais" (2018: 34).

O volume *Eu conto, ti cantas…* péchase cun poema narrativo ao que lle teño moita querenza: "¿Un cachiño de bica?". A razón é que Nica foi a cadela de María Victoria que eu coñecín mellor. Acariñeina unha chea de veces, xoguei con ela e vivín o enorme agarimo que a nosa autora lle tiña. Publicado en 1994, con ilustracións de Carme Peris, viu a luz en castelán o ano seguinte, nunha versión da autora co título de *Sopitas con canela*.

Formando parte xa de *Eu conto, ti cantas…*, será Manuel Uhía quen ilustre o poema que ten un comezo no que nos advirte o que imos atopar ou, máis ben, o espírito do que imos ler:

Cunha presa de letras
e un aloumiño
vouche contar un conto
coma un sorriso.
un conto ledo
coma os ollos dun can
e a voz dun neno (2017b: 41).

Con estes versos principia esta peza breve. Un poema no que un mozo está a almorzar nunha cafetería e no canto dun café con leite a camareira tráelle unha cunca chea de letras.

As letras eran doces,
eu tiña fame
e decidín comelas
ata fartarme.
Mais tiñan vida:
eu achegaba a boca
e elas fuxían (2017b: 42).

A partir deste momento, coas letras créase unha historia: a historia de Iván, un rapaz, e Nica, unha cadela. María Victoria mestura aquí literatura (o acto creativo) e vida. Coas letras revoltas, aparecen palabras sobre o mantel e os espaguetes, no prato, son os fíos que atan as palabras. Así, unha morea de sucesos enxeñosos que dan ao poema un ton fantástico. Xogando coas tres comidas do día (o almorzo, o xantar, a cea) o tempo vai pasando nun clima case máxico e o mozo segue abraiado polo que está a ocorrer diante del.

Eu seguía na mesa
tan abraiado
que as horas me pasaran
sen eu notalo.
E a camareira
convidoume á comida
con xentileza (2017b: 48).

A fantasía, que crea un ambiente gozoso, vai dar cunha realidade máis fría e pouco amable. Mais o conto que naceu desas letras continúa:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 33-46
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Os fíos buligaban,
> facían ondas,
> fuxían pola mesa
> seica de troula.
> Logo enfeitaban
> as palabras que as letras
> alí deixaban (2017b: 49).

Unha historia chea de amor e de afecto entre un neno e unha cadela que é unha constante na obra de María Victoria Moreno. Unha historia que inclúe literatura na literatura dun xeito orixinal e amable. Gozosa, ateigada de humor, de tenrura, "¿Un cachiño de bica?" ten sete versos finais nos que a autora amosa o seu desexo de que a historia lle gustase ao lector (algo que sempre preocupou a María Victoria) e deixa un consello ben interesante:

> Se che gustou o conto
> ben cho agradezo.
> Quero mandarche un bico
> máis un consello:
> fai como Iván:
> busca o amor nos ollos
> doces dun can (2017b: 61).

FINAL

Para rematar, acudo ás palabras que Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre escribiron sobre a escrita de María Victoria no libro *María Victoria Moreno. A muller que durmía pouco e soñaba moito* porque convidan a ler os seus libros —sen esquecer a poesía endexamais— con acougo para gozar deles, saboreándoos, porque

> María Victoria escribiu moi en serio pensando nos lectores e lectoras novos, tratando de facer rir con escenas divertidas, mais tamén de tirar do fondo sentimentos, emocións, e, sobre todo, de mirar o mundo con ollos abertos, rebeldes, con desexos de cambiar o inxusto que hai nel (2018: 111).

E na poesía, apunto eu, está todo isto.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Casalderrey, Fina e Marilar Aleixandre (2018): *María Victoria Moreno. A muller que durmía pouco e soñaba moito*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Dacosta Alonso, Marta (2018): "Mestra con Cans e Paxaros. A poesía de María Victoria Moreno", en Mercedes Queixas Zas e Cesáreo Sánchez Iglesias, *Renacer á descuberta das palabras. María Victoria Moreno*. "De nós": monografías con perspectiva galega 2. Santiago de Compostela: Sermos Galiza, 29-36.

García Lorca, Federico (2004): *Seis poemas galegos*. A Coruña: Editorial Camiño do Faro.

Moreno Márquez, María Victoria (2009): *Mar adiante*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

———— (2016): *O cataventos*. Santiago de Compostela: Urco Editora.

———— (2017a): *¿E haberá tirón de orellas?* Vigo: Galaxia.

———— (2017b): *Eu conto, ti cantas…* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Roig Rechou, Blanca-Ana (2000): *A poesía infantil e xuvenil en Galicia*. Santiago de Compostela: Teófilo Piñeiro.

Soto, Isabel e Xavier Senín (2018): *María Victoria Moreno. Sementadora de futuro*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 33-46
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 47-62
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.721

DAQUELAS QUE CONTAN...

OF THOSE THAT COUNT...

Mercedes Queixas Zas
Real Academia Galega

Resumo: A prosa de María Victoria Moreno ofrece, como común denominador, as claves para unha interpretación literaria de marcado carácter pioneiro canto ao tratamento dalgunhas temáticas tan novidosas como a (des)igualdade de xénero.
Voces e accións de protagonistas femininas que sofren o resultado dunha educación patriarcal á par doutras mozas e mulleres que son quen de a cuestionar en conciencia e de promover solucións liberadoras.
Unha escrita que conta desde a radiografía dos silencios.

Abstract: María Victoria Moreno's prose offers, as a common denominator, the keys to a literary interpretation that is highly pioneering in character in terms of the treatment of some themes as original as gender (in)equality.
The voices and actions of female protagonists who endure the result of a patriarchal upbringing together with other girls and women who are able to question it conscientiously and who promote liberating solutions.
Writing that focuses on the in-depth study of silences.

.

Palabras chave: María Victoria Moreno, igualdade de xénero, patriarcado, machismo, protagonismo feminino.

Key words: María Victoria Moreno, gender equality, patriarchy, machismo, female prominence.

I

> Eu, no entanto, son libre, libre como os paxaros, como as brisas, como as árbores no deserto e o pirata no mar.
> Libre é o meu corazón, libre a miña alma e libre o meu pensamento, que se eleva até o ceo e desce até a terra, soberbio como Luzbel e doce como unha esperanza. […]
> Eu son libre. Nada pode conter a marcha dos meus pensamentos e eles son a lei que rexe o meu destino.

Se lanzarmos ao ar unha consulta de datación do anterior fragmento, atendendo ao fondo e á forma, custaría non responder a un presente inmediato totalizador.

O desconcerto conviría ao verificarmos a data da súa publicación no *Álbum del Miño* en 1858, hai xustamente 150 anos. Con certeza, a nosa sorpresa encaixaría na lóxica precisa ao comprobarmos a raíz orixinaria da súa sinatura, Rosalía de Castro, e o título da procedencia da cita anterior: *Lieders*.

O pensamento pioneiro rosaliano, sostido hoxe nun discurso que aínda non está normalizado e que tamén por iso aínda non debe abandonar a esfera intensiva do marco reivindicativo, en clave de xustiza e equidade social, calou na construción do aparato teórico feminista até os nosos días, mais tamén desde unha praxe discursiva activa e participativa.

A rede de Rosalías teceu enfiando as experiencias precedentes para nos abrigar cun cobertor de palabras e emocións. E as palabras e as emocións, como raiceiras, asentan no profundo e medran.

> Non somos fillas de Rosalía…Non somos unha elite nin pretendemos pasar á historia. Vivimos como cidadás de a pé nunha Galicia que loita por incorporarse con dignidade aos tempos modernos. Vémonos rodeadas por xente que o fai mellor ca nós (escritores, deseñadores, músicos, empresarios, pintores…) e iso estimúlanos. Secasí, hai unha humilde maneira de sentirse importante, a de quen abre camiño sen deixar constancia da súa pegada, e esa é a nosa (Moreno 2018: 18).

Quen agora toma a palabra é quen felizmente nos convoca aquí, María Victoria Moreno, mais en primeira persoa de plural –non maxestático, senón verdadeiramente colectivo– en nome propio apegado aos de Úrsula Heinze, Palmira G. Boullosa, Helena Villar e Ana Mª Fernández, no seu documento-manifesto inédito intitulado *Nosoutras*, recentemente coñecido grazas ao intenso labor editorial actualizador de Urco, mais escrito entre os anos 1987 e 1990.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 47-62
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Toda unha contundente e severa declaración de principios para se afirmar na continuidade do legado rosaliano, mais non como unha efeméride eventista, puntual e anacrónica, senón desde unha perspectiva transversal, de actualización superadora, non como simples apéndices ou pólas menores de vetusta árbore senlleira, senón como herdeiras en eterna e progresiva renovación para afrontar vellos discursos que cada tempo novo semella recuperar.

Fronte a ese arrecendo distanciador ou mesmo renegador, "Non somos fillas de Rosalía…", que puidera facer pensar nun ancoramento desvinculador co pasado, estas "cidadás de a pé" que están a construír a escrita, nomeada e vocacionalmente a literatura infantil e xuvenil galega desde as décadas dos 80 e 90, cosen palabras coas agullas da modernidade para abriren novos camiños, aqueles que corresponden ás necesidades do seu tempo, mais sen perderen de vista a estrela das precedentes.

Agóchase, xa que logo, ao noso entender, nesa sentenza determinante un aviso: non imos aceptar a etiqueta de choronas magoadas polas vicisitudes das nosas biografías nin a de inocentes secundarias escritoras de tempo libre consentido.

Elas cinco son traballadoras da palabra, ao igual que Rosalía, desde a conciencia de que é preciso imprimir no almanaque da experiencia literaria e cultural dun país os chanzos precisos en que o futuro facer pé seguro.

> Cando visitamos as escolas e os nosos lectores nos asedian a preguntas, cando enxuízan os nosos libros co espírito crítico que intentamos transferirlles desde eles, cando intuímos un lampo de amor á palabra e ao papel en branco, daquela sabemos que o noso traballo ten unha razón de ser. E animámonos a seguir escribindo para que os homes e as mulleres do mañá camiñen por esta terra coa seguridade que a nós nos faltou. Para que sexan máis cultos, se conseguimos, cos nosos libros, que amen calquera libro. Para que sexan máis equilibrados, se conseguimos, coas nosas historias, convencelos de que o corazón só medra cando se entrega (Moreno 2018: 19).

As mudanzas necesarias demoran na sociedade. Aquelas que afectan ao camiñar seguro das mulleres semellan camiñaren a paso de boi canso.

Velaquí unha mostra en paralelo no pensamento e na pluma sempre actual das dúas escritoras que van enfiando este relatorio: Rosalía de Castro e María Victoria Moreno.

Comecemos pola nosa escritora decimonónica fundacional en *Las Literatas*:

> Non, mil veces non, Eduarda, alonxa de ti tan fatal tentación, non publiques nada e garda para ti soa os teus versos e a túa prosa, as túas novelas e os teus

> dramas: que ese sexa un segredo entre o ceo, ti e eu. Non ves que o mundo está cheo desas cousas? Todos escriben e de todo. As musas desencadeáronse. Hai máis libros que areas ten o mar, máis xenios que estrelas ten o ceo, e máis críticos que herbas hai nos campos. Moitos deron en tomar isto ultimo por oficio; reciben por iso loubanzas da patria, e aínda que o fan o peor que puidese esperarse, proseguen entusiasmados, rindo, necios felices, dos outros necios, mentres os demais rin deles. Semellantes a unha praga asulagadora, críticos e escritores invadiron a terra e devórana como poden. Que falta facemos ti e eu entre este tumulto devastador? Ningunha e o que sobra sempre está de máis.

Volvamos a ollada agora á palabra da nosa escritora, contemporánea aínda para moitas compañeiras e compañeiros de viaxe biográfica e literaria, María Victoria Moreno, no seu texto *Nosoutras*:

> O que nos debemos preguntar agora é se escribimos ben ou mal, ou sexa, se o que nós facemos é equiparable en calidade ao que fan os homes que comparten esta inquietude, ao que se traduce e aos libros en castelán, que constitúen a maior oferta de lectura neste país.
> Unha primeira observación permite afirmar que a literatura infantil en galego goza de boa saúde […] E neste panorama, nosoutras, as mulleres, coma outras mulleres desta terra que asfaltan estradas ou arriscan a súa vida nos traballos máis duros, non temos nada que envexarlles aos homes, senón que marchamos ao par deles, e ás veces abrindo camiño. Entre as cinco estamos en posesión de todos os premios importantes con que as empresas editoriais ou as asociacións culturais estimulan a creación neste campo […] Tempos difíciles e ilusionados aqueles en que se tiña ficha nas comisarías de policía por escribir en galego, aínda que só se falase dun galo que se convertera en cataventos cando, ao cabo de moitos anos de non amar a ninguén, se lle xeou o sangue e o corazón se lle virou de ferro […]
> Escribimos con decoro, integrámonos na literatura do noso pobo e non fixemos máis que comezar (Moreno 2018: 19).

Efectivamente, non somos (só) fillas menores daquela Rosalía secundaria, subsidiaria, mirrada, senón herdeiras dun legado maior, revolucionario ideolóxico-identitario, apenas interpretábel desde a autoestima, o talento, o esforzo creativo, a convicción e o afán superador de cadeas quebradas co sacrificio de todas as nosoutras que foron realidade para hoxe continuar a ser e a abrir camiños.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 47-62
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

II

O desenvolvemento das pólas da árbore da literatura infantil e xuvenil galega, nomeadamente a narrativa, viviron un lento medrar entre a década dos 50 e a dos 80, desde a nacente preocupación progresiva pola creación de obras para as crianzas que transmitisen a lingua e a forma de comprender o mundo que desde esta se constrúe, co obxectivo común de (re)galeguización.

Desde a aposta dos primeiros proxectos editoriais –Galaxia, Monterrey– e a creación literaria de autores pioneiros como Neira Vilas –coas sempre presentes *Memorias dun neno labrego*–, Xohana Torres –*Polo mar van as sardiñas*– e Manuel María –que neste 2018 celebra o 50 aniversario do referencial poemario *Os soños na gaiola*–, o ensanchamento da LIX galega viuse arroupado polo nacente movemento asociativo de base cultural, o reactivo dos movementos de renovación pedagóxica e a oficialización da lingua como materia de estudo no currículo escolar (Roig 2015: 70).

Ao activismo dinamizador da creación literaria da Asociación Cultural O Facho da Coruña debemos, en concreto, o recoñecemento das obras de María Victoria Moreno *Crarisca e o luceiro*, en 1972, e *O cataventos* en 1975.

Na década dos 80, a apertura de coleccións específicas para a LIX coloca a propia María Victoria Moreno, para alén de autora, como axente promotor, vehiculizador do xénero, á fronte do equipo da colección Árbore da editorial Galaxia.

Portas e xanelas que dun ou doutro xeito contribuíron para a superación do reto: a construción do corpo literario infantil e xuvenil galego. Xa de seu merecente de recoñecemento, mais ao que lle haberá que engadir a aposta, a través deste nervio creativo tan necesario, na renovación temática e na innovación do discurso para a infancia e mocidade e ás que a escritora que nos convoca non foi en absoluto allea.

A defensa dun trato digno para os animais, a aposta por unha innovadora pedagoxía educativa para a escola, a abordaxe de conflitos propios da mocidade (Roig 2015: 163) constitúen algúns dos epicentros temáticos senlleiros nas pezas literarias da nosa autora.

No entanto, non sempre foi ben recoñecida a súa impronta avantaxada nesa inauguradora corrente literaria que fai nacer unha escrita propositadamente renovada tamén desde a perspectiva de xénero, acorde cos principios do movemento feminista que asumirán como propios autores e autoras galegas desde finais da década dos 80 (Pena 2018:75).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 47-62
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

III

O conxunto da obra de María Vitoria Moreno transita entre xéneros, mais foi o narrativo o que transcendeu cunha presenza cuantitativa maior, entre 1973 e 1999.

O primeiro título, *Mar adiante (historias de nenos para nenos*), moi ben acollido e cun importante impacto na prensa, semella ser en 1973 premonitorio do excepcional interese que guiaría as pautas da "aspirante a escritora", como se ten autodefinido nalgunha entrevista, cara ao público lector máis mozo, para a converter nunha solvente escritora pioneira, vocacional, constante e comprometida coa LIX galega.

Unha autora non galega de nacemento, mais que afirmaba crer "en todo o galego. Galicia ten materia prima para todo, o que lle falta é o desenvolvemento destas cousas. Quizais o que falta é unha maior concienciación do pobo".

Coñecedora da realidade sociolingüística galega e da dificultade de as crianzas galegas poderen medrar en galego, comezou a escribir para elas: "Os nenos son a miña primeira e máis importante preocupación, por algo me dedico ao ensino. A verdade é que non teñen moita literatura para eles, sobre todo os galegos, os cales non teñen moito que ler", afirmaba María Victoria en *El Progreso* en 1973.

Un compromiso que vai transcender a responsabilidade autorial para se implicar como mediadora, como ponte de comunicación entre a creación literaria e a súa necesaria visibilidade, ora desde as aulas como profesora de literatura ora desde a codirección –xunto con Antonio García Teijeiro e David Otero– da colección de literatura infantil Árbore acabada de nacer dentro do catálogo da editorial Galaxia.

IV

> O caso é que os personaxes que se ofrecen a levarme da súa man nunca son os triunfadores, nunca os que saen vitoriosos nas aventuras ou no amor.

Estas palabras do bibliotecario Duarte Nogueira, protagonista do relato "O libro das saudades e os degoiros", compilado no libro *O amor e as palabras* (2017), achegan algunha clave ao redor do artellamento ficcional da prosa da nosa autora canto á escolla dos seus personaxes, que, asemade, semellan transitaren, á vontade, en vital e cómoda comuñón: autora-voz narradora-personaxe:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 47-62
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Afastado do meu mundo e das súas paisaxes, debrúzome nas páxinas do libro que me engaiola e vivo dentro delas. Hai momentos en que vou da man dun personaxe, hai momentos en que deixo de ser eu para ser el.

Esa liña difusa entre ficción e realidade, entre autora e personaxe, entre fíos biográficos e agullas narrativas, esváese con certa frecuencia na obra en prosa de María Victoria Moreno.

A análise comparativa da obra da autora permite visibilizar a cesión dun protagonismo recorrente á natureza animal: gatos, ratos, paxaros, cans e cadelas, mais tamén aos obxectos infantís como as bonecas ou aos fenómenos atmosféricos como o sol, a brétema e o vento.

Tampouco lles resta protagonismo a actitudes e comportamentos humanos pouco solidarios; a soidade, o egoísmo ou a vaidade dalgúns personaxes quebra no espello individualista fronte á xenerosidade cómplice doutros que quere ser referencia para o lectorado máis novo.

V

Mais quixemos deternos aquí na observación dunha das marcas autoriais, ao noso ver, moi significativa na narrativa da nosa autora: a presenza das mulleres como protagonistas.

Sirva como fonte testemuñal, en primeiro lugar, o volume colectivo *Nosoutras*, que nos achega seis relatos breves, ademais do contundente manifesto homónimo xa mencionado máis arriba.

A totalidade destes relatos están protagonizados por mulleres, de idades e estrato social diferentes, desde prostitutas a labregas, libres ou sometidas, mais todas elas cun papel narrativo activo, mulleres afoutas, determinadas, resolutivas ante o infortunio, cuestionadoras dos roles sociais, do xugo conxugal maltratador e consentidor eclesiástico, voces críticas contra as mentiras interesadas da política e da prensa desde unha marcada conciencia social.

Por outra banda, o volume compilador de sete relatos breves, *O amor e as palabras*, continúa a normalizar a acción feminina como fío condutor.

Sabela procura un billete para viaxar, para fuxir, para voar, para soñar… Vanessa, unha moza estudante de COU, xoga co poder estimulante dunha anfeta para controlar os tempos do éxito nunha noite de estudo, ignorante do escarmento. Eva descobre na escola o odio contra os compañeiros xitanos asentado en prexuízos racistas. Rosa agarda expectante, ao tempo que rodeada de agoiros e ensoñacións, a chegada do avión que a retorne ao goce de amar. Olimpia namora dos segredos que contan as nubes. A Ama adora os amenceres e a música das palabras que nos contan e reproducen.

Mulleres que protagonizan, mais tamén mulleres que acompañan e, entre elas, a figura reiterada das nais e das avoas, metáfora perfecta da casa familiar á que sempre retornar. Mulleres recoñecidas desde o seu día a día pouco valorado socialmente ("a porteira que varre"). Ou mulleres inesperadas por igualación do seu rol laboral e social, como a *notaria* que casou na Habana Rosa e Andrés.

Personaxes femininas que espellan a man que escribe de fóra cara a dentro e nas que, en tantas ocasións, asoman trazos da propia biografía autorial, que os seus achegados confirman:

> Rosa Ríos, a escritora solitaria e idealista, a muller snob e sempre displicente ante a inferioridade masculina.
> Unha escritora snob e un tanto inadaptada.
> A Ama é excéntrica e extravagante, ten ideas peregrinas e interpreta a vida dun xeito moi estraño.

Con todo, mulleres nun mundo de homes que transpiran control subordinante e dominación.

Así, Sabela, a protagonista do relato "Querida avoa", que agarda "soa, coa maleta na man, perdida", é apremada polo descoñecido condutor de autobús a dar respostas a preguntas propias do patriarcado:

> – Vas soa? – di.
> – Vou.
> – Liscaches da casa logo…
> – Non, non teño casa de onde liscar.
> – Mira, vai con sentido, que a Garda Civil anda buscando uns grapos e en calquera sitio aparece a parella, sobe ao coche e comproba a documentación dos viaxeiros.
> – Xa me vai fartando este señor gordecho e metido.
> – Levo o meu carné– retrúcolle.
> – Mais es menor de idade.
> – E que quere que lle faga eu? Xa serei maior algún día.

VI

Chegamos así a *Anagnórise*, unha "novela xuvenil feminista iconoclasta" en palabras da crítica literaria Montse Pena Presas (2018: 86), situada no plano da "ideoloxía implícita", isto é, aquela que aposta pola superación da desigualdade de xénero aceptada socialmente desde a coeducación, mais non de forma explícita a través das palabras e acción da protagonista, unha muller adulta, en conversa

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 47-62
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

cun mozo atrapado nas súas propias inseguridades, complexos e prexuízos discriminatorios, reprodutores dos modelos convencionais estabelecidos e aprendidos familiar e socialmente.

Repararemos, de seguido, nesta poderosa e innovadora protagonista feminina principal, mais procuraremos antes outras antecedentes no tempo de escrita autoral no título *Onde o aire non era brisa*, o que vén reforzar o xa aludido carácter precoz e pioneiro da escrita feminista de María Victoria Moreno.

Respectándomos os tempos e procesos de escrita, non sempre coincidentes coa data de publicación, debemos comezar pola novela *Onde o aire non era brisa*.

Escrita en 1969, orixinalmente en castelán e traducida por Xavier Senín para a edición da editorial Galaxia en 2009, esta novela amosa un protagonismo feminino que impregnará a vocación literaria da autora. E, ao tempo, representa un adro que convocará algunhas das claves de escritas e lecturas futuras, moi vertebradas a partir de fíos próximos á propia biografía de María Victoria, como a vocación para o maxisterio de diferentes mulleres protagonistas.

Elena será a protagonista principal, unha mestra moi nova que chega, na década dos 60, ao seu primeiro destino na vila de Alcores de Donalvar, metonimia da España rural, hermética, atrasada e abafada por un pensamento intolerante e opresivo.

Unha vila "triste, moi cerrada. Chegar aquí é coma caer nun pozo e comezar a dar berros sen que ninguén se acorde de ti nin te oia".

Un espazo anacrónico "que ninguén quere", sen estímulos, pois "os alumnos tamén son peores cós do Grupo Escolar" que desacouga a Elena cun categórico: "Estou asustada".

Con todo, a aprendizaxe estaba por chegar conforme descubría as forzas vivas do lugar. E canda elas, a inxustiza tolerada socialmente; a confusión entre xustiza social e beneficencia que promove a dependencia e a existencia subsidiaria; a desigualdade en diferentes planos convértese nesoutro protagonista ambiental que dá sentido á novela a través das diferentes pautas actitudinais dos seus protagonistas, nomeadamente polarizadas nas mulleres que reactivarán o mundo interior solidario e xusto da nova mestra.

Por unha banda, dona Paquita, afeita a gobernar espiritualmente como presidenta de Acción Católica, rexéndose por principios pouco ortodoxos e mesmo abusivos como acontece coa manipulación do reparto do leite para as crianzas que doaban os alemáns.

Pola outra, Elena, filla de familia republicana, quen se nega a aceptar este hábito irregular por moi asumido e tolerado que estiver a ollos do concello, da igrexa e do médico.

> O quiñón que dan para as escolas queda no Concello. Del sácase o que fai falta para o comedor escolar e uns quilos para os aguinaldos dos pobres. O resto repártese.
> – Entre quen?
> – Entre todos nós –aclarou con inocente naturalidade. Mesturado con cacao está moi bo.
> – Pero iso non está ben.
> – Claro que non –interveu Margarita–, pero é mellor non dicir nada. Van facer o que lles dea a gana e por riba levas o desgusto.

Unha convicción que a autoriza "armándose de valor" para demandar actuacións democráticas e equitativas:

> Eu querería pedirlle que o leite da miña escola se consumise todo alí. As familias do Outeiro son pobres e algúns nenos viven a varios quilómetros da escola.

Malia conseguir o seu propósito, o prezo será alto e dona Paquita será a principal encargada de a castigar afastándoa do seu namorado, apoiándose na mentira máis indigna, sectaria e difamatoria: a ascendencia republicana da súa familia e as dúbidas sobre a súa formación como muller libre e non participante das obrigas relixiosas.

Dificilmente podería ser un "bo partido" para o médico mozo unha muller independente economicamente, que non acode á igrexa decote como as demais mulleres e que do que máis gusta no seu tempo de lecer é de ler "sen parada. Coma se non fose mellor escoitar a palabra de Deus e atender ás explicacións que nos dá o noso párroco".

As perversas tebras da sen razón fronte á luz da educación e da lectura en pulso permanente.

> As mulleres dos roxos non teñen crenzas nin principios. Para elas o matrimonio non significa nada. Non lles importa ter fillos sen marido…

En segundo lugar, a desigualdade socioeconómica entre as mulleres que rodean a trama argumental de *Onde o aire non era brisa* non escapa tampouco á ollada da voz narradora.

As mulleres da vila como "negras espingardas coa cara da terra seca" fronte á muller do alcalde "exemplar hermafrodita –barbas de guerreiro e cu de Ceres" e mais dona Paquita, "a nai de todos os pobres" que "sorría con benevolencia detrás dos dentes postizos e dos ollos pintados. Cruzábase de pernas e miraba,

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 47-62
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

compracida, os seus nocellos delgados e as biqueiras brillantes dos seus zapatos de salón", nai de Puri, desprezada polos conveciños da infancia e por quen manifesta un odio asentado na diferenza que debuxa neles a desigualdade material: "Pero se eu teño e eles non teñen. Por que os odio eu a eles?".

Purita é o contrapunto de Elena. É filla do veterinario, educada en colexio de pago e relixioso, mesmo fóra da aldea, afeita ás boas maneiras e co aval familiar e económico para ben casar, confórmase con vivir na ensoñación e na ignorancia distante da desigualdade social, unha alma "imaxinativa e soñadora" que reivindica para si para facer "a vida moito máis bonita: píntala da cor que máis che gusta e logo recréaste nela".

Mais será sorprendentemente, neste caso, Fernando, quen se move entre o amor sincero, verdadeiro e desinteresado cara a Elena e o amor programado, tutelado familiar e convencionalmente, de comenencia social, produto do engano maledicente, con Purita, quen actúe de contraforte ao lle recriminar o seu pensamento e actitude vulgar:

> – Xa, encanto. Por que non soñas coa igualdade e a fraternidade entre os homes? […]
> – Non sei como podes recrearte en cousas falsas.
> – Mentres sexan bonitas…
> – E podes sentirte a gusto nese mundo que fixeches só para ti e que está tan lonxe do de teus irmáns?
> – Claro que si. O meu mundo é coma a miña casa e, mentres nela non haxa goteiras, eu non me mollo.

E, finalmente, a desigualdade de xénero, entendemos que con carácter marcadamente pioneiro na escrita de María Victoria, como marcan os golpes masculinos que mancan corpos femininos, ocupa o seu papel destacado nesta novela en momentos de gran tensión narrativa.

Inés, unha de tantas mulleres pobres da aldea en que a fame é veciña frecuente, humíllase, polos fillos, para apañar como aguinaldo a esmola alimentadora das señoras do lugar –dona Paquita, a señora Eugenia, Purita– mais soporta os malos tratos do seu home por telo aceptado e as palabras que doen tanto coma as labazadas. El, bébedo e "cego de cólera", ceibou a súa ira, "foise cara a ela e descargou sobre o seu rostro unha xorda e pesada labazada. Inés non berrou porque estaba afeita a estes e peores tratos".

Falan, pois, nesta novela, a verdade e a mentira, individual e colectiva, dúas "realidades da mesma cor e distinto tacto" para coas mulleres.

VII

A segunda novela que referiremos, probabelmente a máis popular de María Victoria Moreno, titúlase *Anagnórise* e foi editada en 1989. A súa cálida acollida converteuna nunha obra sempre viva e en continuada reedición, traducida a castelán, éuscaro e catalán, e seleccionada para a Lista de Honra do IBBY en 1990.

A protagonista, muller sen nome, é unha profesora de literatura que, de camiño a Madrid, recolle a Nicolau, que fai autostop cargado cunha bolsa sospeitosa e da que non se pode desprender. A viaxe representa unha fuxida do pasado, do presente, de si propio e unha procura de respostas a interrogantes inmobilizadores dun mozo en proceso de se coñecer e de interpretar as claves da vida en vertixinosa construción.

A viaxe propiamente deslocadora desde un lugar costeiro galego até Madrid acaba por se converter nunha sucesión de puntos de encontro e desencontro entre os dous protagonistas que, ao fío das conversas, ás veces íntimas, vanse recoñecendo, se ben desde unha posición que bambea en desequilibrio.

A muller protagonista, condutora afouta, dona de carácter e ética firme, fumadora amiga de demorados silencios, observadora reflexiva, culta profesora de literatura, desanobela a madeixa de sentimentos, pensamentos e emocións encontradas do adolescente Nicolau. Unha muller que non lle ten medo "absolutamente a nada que exista fóra da alma das persoas […] a envexa, a ruindade, a ambición…".

Unha muller non agardada por Nicolau e por iso sempre sorprendente por quebradora de estereotipos convencionais:

> … é que en ningún momento me pasou pola cabeza a posibilidade de que fose unha muller, que as tías non paran nunca, que xamais van máis alá dos catro ou cinco quilómetros, que ben o sei eu.
> Mellor era que fose coma as outras, medoñenta e faladora, e non tan arroutada.

Mais que tamén chega a sentir próxima e afectiva, mesmo cómplice:

> … ás veces me deixaba abraiado porque falaba das miñas cousas como se as soubese, como se lle tivese eu contado o que xamais tiven intención de contarlle, vaia, coma se eu lle tivese pedido consello antes de decidirme a facer o que fixen.

Un tempo de viaxe interior en que Nicolau descobre, en cada curva, que hai outros xeitos de comprender e actuar na vida e de reinterpretar os roles asignados

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 47-62
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

a cadaquén, nomeadamente aqueles que só se asentan no feito de pertencer á condición de home ou muller.

"Que ata a hora de comer eu a odiaba porque si, por muller, por arroutada, por retranqueira e por sabida", recoñece Nicolau.

Obrigándoo a autoanalizar comportamentos enraizados socialmente e tantas veces reproducidos mimeticamente por nós, desde a proximidade da nosa contorna persoal e familiar, o que nos impide reflexionar con obxectividade e distancia a nosa participación activa nas múltiples capas do camiño, non sempre viviбel, da desigualdade de xénero.

Unha muller condutora, amante da velocidade, fumadora, dona dos seus tempos de conversa e dos silencios, con capacidade analítica, observadora, profundamente crítica… non era o prototipo de acompañamento ideal para un mozo nesa viaxe-fuxida de varias horas cara a un destino incerto.

Mais non houbo opción. E o primeiro coche que parou para o recoller e deslocar cara ao seu destino era unha muller e as mulleres xa se sabe…

– Xa se sabe, xa se sabe… As mulleres –apón ela incomodada– son persoas coma as demais.
– Pero para conducir…
– Para conducir e para todo.
– Pois todo o mundo di que conducen con máis seguridade os homes.
– Non che vou negar que a maior parte dos homes teñan máis experiencia, pero iso non ten nada que ver e débese a que as mulleres son vítimas dunha marxinación inxusta que as afasta de moitas actividades.
– ¿Refírese aos traballos da casa?
– Refírome, logo.
– ¿E quen ía facelos se non os fixesen as mulleres?
– Os homes, poño por caso, que tamén teñen mans.
– ¿E por que os ían facer os homes? Vaia solución.
– Pois porque as mulleres andarían en traballos máis cualificados, nas profesións liberais, na dirección de empresas, nas actividades artísticas, nas viaxes longas, nos proxectos…
– ¡Non lle é xusto! Iso sería o mundo ao revés.
– Eu tampouco non quero un mundo así, rapaz. Díxencho soamente para que repararas na inxustiza que supón a distribución de función que se fai hoxe entre homes e mulleres, que, á fin, son simplemente persoas do mesmo rango…
– Persoas do mesmo rango.

Reticencias, precisos puntos suspensivos nun diálogo aberto para a imprescindíbel reinterpretación dos códigos aprendidos mimeticamente.

VIII

Finalmente, deterémonos agora na novela *Guedellas de seda e liño* (1999), dedicada ao seu alumnado, quen "sempre encheron de luz a miña vida".

Rato Chus, Mª Xesús Beatriz, Vanessa, Lupe, Pipé, a Avoa Negra, vertebran os chanzos dunha nova peza narrativa trazada desde o protagonismo feminino en clave refractaria das vidas reais diferentes.

A vida regalada da "fidalguiña" Rato Chus, cabo dunha familia acomodada, apreciada e equilibrada emocionalmente, quebra fronte ao negativo que espella a vivencia agredida e medrosa de Vanessa e Pipé, nai e filla que conviven co maltrato físico e psicolóxico do marido e pai.

Unha realidade consecuente explícita que convive co cuestionamento dalgunhas das súas causalidades estruturais, como é a diferente educación das nenas e mesmo a elitista educación en función do concepto de clase.

Ante a proposta de continuar estudos en Madrid, lonxe de Porto Santo, á procura da "educación máis completa", Rato Chus revélase porque non acepta o que en verdade lle están a ofrecer: "unha educación de señoritas… Pero eu non quero esa educación, meu tío, porque nin son unha señorita nin me presta parecelo […] Eu quero ser como os demais". Unha determinación que concluiría cunha deliberada elección en liberdade para continuar a estudar en Porto Santo, converténdose na "primeira muller do pazo que estudou na escola e no vello instituto da vila", para así se aproximar a aquelas mozas que ela presentía "fortes e valentes" como Lupe e Vanessa, independentemente do seu status socioeconómico.

Mais a conciencia da realidade enfróntaa co trazo diferencial da aprendizaxe da vida:

> A vida de Vanessa non é coma a de Lupe nin como a miña. Son, logo, iguais, a vida de Lupe e a miña? En que se diferenza a vida de Vanessa do que teñen en común a vida de Lupe e a miña?

Mulleres marcadas pola propia dor, encarnada na dor das nais, e en quen, como lle acontece a Vanessa, asoman as tentacións de se autoafirmar diferente e superior desprezando a propia nai para se afastar dela, como corpo aldraxado, por oposición.

> Quen era no fin de contas a nai? Que experiencia tiña da vida? Que cultura ou que coñecementos? Aos vinte e cinco anos deixouse preñar polo primeiro que

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 47-62
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> chegou, tívome a min, deixouse maltratar, púxose despois a fregar para criarme e ata hoxe.

A metáfora da incomprensión social ante o maltrato familiar e a acusación da provocación culpabilizadora da vítima percorre dolorosamente tamén as veas filiais máis próximas, os mesmos capilares que poden non ser quen de evitar que a denigrante historia negra se repita en parella como unha hipoteca herdada.

Con todo a valentía dos pasos firmes cara a diante vence a tiranía dos estigmas e tamén aquí nai e filla superan o valado da marxinalidade asexante. Pipé aceptando pedir axuda para si nun centro de mulleres maltratadas; Vanessa escoitando a visionadora sentenza lida na súa man por boca da xitana Avoa Negra:

> – Dígoche o que queiras a condición de que me prometas unha cousa.
> – O que?
> – Que vas ser ti quen goberne a túa vida.
> – Non sei o que quere dicir.
> – Pois o que digo é que non debes permitir que un mal amor che mostre o teu camiño.

IX

Pechamos este breve percorrido por algunhas das personaxes e temáticas da escrita narrativa de María Victoria Moreno, aínda hoxe necesarias e ben transcendentes, en revisión permanente na literatura das últimas décadas, mais insuficiente canto á superación de roles e modelos convencionais de cara á construción dunha sociedade moito máis xusta, equitativa e igualitaria.

A literatura de María Victoria é filla do seu tempo e a intelectual non disimula a posibilidade de converter en fotografía literaria aquelas arestas sociais que incomodan e acaban por se abrigaren –e toleraren– no silencio cómplice.

É por iso que, tanto no percorrido transitado como na identificación do aínda pendente de trazar e superar para alcanzar un mundo mellor cohesionado e respectuoso entre iguais e canda as diferentes, é preciso sobrancear o carácter inaugurador e a voz auroral a respecto do tratamento literario do rol social da muller e da (des)igualdade de xénero na traxectoria creativa de María Victoria Moreno.

Recoñecer e nomear a realidade para a mudarmos, velaí o reto da nosa autora da que a literatura infanto-xuvenil recente non deixou de nos legar voces autoriais herdeiras.

Daquelas fillas de Rosalía até estas fillas de María Victoria Moreno. Daquelas que contaron e daquelas que contan, abrindo o camiño dos silencios impresos co gume das palabras en eco revelador.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 47-62
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

REFERENCIAS BIBLIOGRAFÍA

Castro, Rosalía de (2006): *El caballero de las botas azules. Lieders. Las literatas*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Moreno, María Victoria (1988): *Anagnórise*. Vigo: Galaxia.

———— (1999): *Guedellas de seda e liño*. Vigo: Galaxia.

———— (2009): *Onde o aire non era brisa*. Vigo: Galaxia.

———— (2017): *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco.

———— (2018): *Nosoutras*. Santiago de Compostela: Urco.

Pena Presas, Montse (2018): *Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Roig Rechou, Blanca-Ana (2015) (coord.): *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 47-62
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 63-81
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.722

ALGUNHAS CLAVES DO DISCURSO LITERARIO DE MARÍA VICTORIA MORENO

SOME KEYS OF THE LITERARY DISCOURSE OF MARÍA VICTORIA MORENO

Isabel Soto
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: A partir das declaracións de María Victoria Moreno, analízase a súa concepción da escrita como desafogo, a súa relación cos libros e a lectura, a súa dedicación vocacional á docencia e o seu firme compromiso cunha lingua e cun destinatario para as súas obras. Afóndase así mesmo nos criterios a partir dos cales constrúe a súa obra infantil e xuvenil: a calidade, a intencionalidade ética, visible na inserción de valores humanos, e a postura esteticista na que prima a busca da beleza; e saliéntanse as estratexias discursivas recorrentes nos seus textos, en particular as que teñen que ver coa estrutura dos relatos, a formulación de dicotomías, as perspectivas narrativas e o tratamento do tempo e do espazo.

Abstract: Based on María Victoria Moreno's statements, I will analyse her conception of writing as venting, her relationship with books and the act of reading, her teaching vocation and dedication and her firm commitment to a language as much as to a well-defined target reader of her works. I will assess the criteria she follows in order to build her works for children and young adults: quality, visible ethical purposes in the insertion of human values and the aesthetic stance in which the search for beauty plays a leading role. I will focus on the recurring discursive strategies in her texts, particularly those strategies related to the structure of the stories, the formulation of dichotomies, narrative perspectives and the approach to time and space.

Palabras chave: María Victoria Moreno, activismo cultural, compromiso, docencia, lectura, literatura infantil e xuvenil, poética, técnicas narrativas.

Key words: María Victoria Moreno, cultural activism, commitment, teaching, reading, children's and young adult literature, poetics, narrative techniques.

Como vén sendo habitual en cada edición, a figura escolleita como protagonista do Día das Letras Galegas concentra unha intensa actividade crítica co obxecto de divulgar o seu labor. E así aconteceu en 2018 arredor de María Victoria Moreno coa finalidade de destacar a súa decisiva contribución á literatura galega e perfilar a súa singular personalidade a través das lembranzas que dela gardan a súa familia, amizades e alumnado. Tales achegas lograron poñer ao alcance do gran público aspectos xa estudados con anterioridade, como a súa condición de pioneira na literatura infantil e xuvenil[1], afondaron na súa obra dende múltiples puntos de vista e desvelaron anécdotas e datos descoñecidos, en particular os relacionados coa súa biografía, carente até este ano dun relato fiable ao ser a autora moi dada a contar de diferentes maneiras certos detalles da súa vida ou a mesturar o realmente vivido co soñado ou produto da súa fantasía[2].

Grazas a todas estas contribucións –das que bebe o presente traballo–, somos moitos os que afianzamos a certeza de homenaxearmos unha muller senlleira pola súa traxectoria persoal, literaria e pública. Analizar estas dimensións entrelazadas na súa figura permitiunos seguir acurralando prexuízos por desgraza aínda vixentes na actualidade, tanto os que afectan á lingua galega, unha lingua maltratada a eito e mesmo negada que ela soubo asimilar, divulgar e amar, coma ao sistema literario infantil e xuvenil –ora baixo a forma do descoñecemento da súa historia, ora tratando de diminuír o alcance dunha produción fundamental para o noso presente e o noso futuro como sociedade, para o asentamento do hábito da lectura ou para a educación literaria. Honrala supón recoñecer e tomar nota da súa militancia lingüística e cultural e proporciónanos a oportunidade de mirarnos no espello ante as dramáticas circunstancias que padecemos.

Nas páxinas que seguen abordaremos a concepción da escrita de María Victoria Moreno, a súa paixón pola lectura e a docencia e o seu compromiso cunha lingua e un público determinado para as súas obras. Con tal propósito utilizaremos as súas declaracións, vertidas en entrevistas e nos escasos textos que acollen pinceladas autobiográficas (Moreno 1992c, 1994), entre os que salienta *Diario da luz e a sombra* (2004b), un singular libro memorialístico que, malia estar centrado na vivencia da enfermidade que a levou á morte, nos permite percibir a través de fragmentos dispersos moitos dos principios que rexeron a súa vida. A seguir centrarémonos nas estratexias discursivas que se deducen da lectura crítica da

1 Estudada xa por Roig Rechou (1994) na primeira tese de doutoramento que se realizou en Galicia sobre esta produción.

2 Sirvan de exemplo a súa data de nacemento, que cómpre atrasar dous anos á divulgada pola autora ao longo da súa vida (Casalderrey/Aleixandre 2017 e 2018); o episodio da caída na fonte cando nena (Casalderrey/Aleixandre 2018; Soto/Senín 2018); ou o relato de como coñeceu a Pedro Ferriol (Moreno 2004b: 54-55) que o propio Pedro relata doutra maneira (Ferriol 2018).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 63-81
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

súa obra, utilizando unha selección de títulos englobados na etiqueta infantil e xuvenil pertencentes ás distintas etapas da súa carreira como escritora.

É sabido que María Victoria Moreno foi unha voz pioneira na creación dunha produción en galego para o público máis novo, que se estrea en 1972 cando gaña o segundo premio no V Concurso de Contos Infantís O Facho, un axente substancial no desenvolvemento da literatura infantil e xuvenil, co relato "Crarisca e o luceiro", integrado posteriormente en *Mar adiante* (1973, 2009a). En 1974 volve concorrer a ese concurso e acada o primeiro premio con "O cataventos" (1979, 1989a, 2017a). Na década dos oitenta e noventa, tempo de consolidación do sistema, a autora está presente nas colecciónS, iniciativas e galardóns fundamentais deste proceso. Desta etapa son *A festa no faiado* (1983, 2007a) na colección A Chalupa; *Leonardo e os fontaneiros* (1986, 2017b), terceiro premio no certame O Barco de Vapor; e *Anagnórise* (1988, 2017c), un dos títulos inaugurais de Árbore, de Galaxia. Publica ademais tres poemarios infantís, os relatos "Nico e Miños" (1989b), "Querida avoa" (1991, 1992a, 2017d), "S.O.S." (1992b, 2017d), "O libro das saudades e os degoiros" (1993a, 2017d), "Pan con chocolate" (1993b, 2017d), *A brétema* (1999a, 2017e), "O grumete" (2004a, 2017d) e a novela *Guedellas de seda e liño* (1999bc, 2017f).

A ESCRITA COMO DESAFOGO

Entender como se xesta a escritora que nunca pensou en selo (Neira 1999: 12), pero que acabou definíndose como tal: "En Galicia unha escritora que escribe pouco (pero moi ben segundo os que saben ler)" (Moreno 2004b: 16), require compoñer un mosaico a partir das declaracións espalladas en diferentes medios. Preguntada polo *porqué* da súa dedicación responde: "Cando me atopei cara a cara coa vida, descubrín que todo era moi duro. E esa dureza había que combatela dalgún xeito. Por iso empecei a escribir, polo *desafogo*" [a cursiva é nosa] (Neira 1999: 12).

Malia non concretar en que momento exacto se produce o enfrontamento coa dureza da vida ao que alude e as circunstancias que motivan tal necesidade de desafogo, sabemos que a capacidade de fabulación se revelou xa na súa infancia como unha arma axeitada para combater o desacougo interior e o desamparo, como demostra o texto que escribe para a revista *CLIJ* (Moreno 1992c), onde a construción dun "mundo de ensueño, donde la melancolía y la felicidad inefable formaban una síntesis tan perfecta que a veces llegaban a identificarse" se converte nun refuxio ante as circunstancias adversas que vive e que a marcan:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 63-81
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

a morte do pai e as dificultades que a partir de entón sofre a economía familiar[3]. Hoxe sabemos tamén que practicou a escritura dende a adolescencia[4], quizais na procura da comprensión do contorno e como canle de proxección das angustias íntimas: "Un bolígrafo, unha folla de papel en branco e uns minutos de soidade son máis que suficientes para descubrirnos a nós mesmos e para ordenar desde dentro este mundo que tantas veces nos parece incomprensible" (Moreno 2004b: 107-108).

Con todo, a súa vocación literaria concrétase na madureza, por volta da trintena, cando escribe unha novela e dous relatos[5], cuxa lectura pon de manifesto que estamos ante unha creadora incipiente, sensible á atmosfera de miseria e inxustiza social da ditadura, retratada a nivel técnico dende un enfoque introspectivo que permite dar entrada á melancolía e ao sentimento de desamparo. Estes son precisamente os trazos que ela recoñece no seu carácter, canda a autoestima innata, uns principios firmes, a necesidade case patolóxica de compaña e de gozar do agarimo e da protección dos que a rodeaban (Moreno 2004b: 87-89). Neste ano, Alonso Montero (2018: 94) deu a coñecer a dedicatoria manuscrita, destinada a el e á súa esposa, do orixinal de *Alcores de Donalvar*, polo que se deduce nacida do sentimento de soidade e da necesidade de verter no papel algunha coita diante dunha fotografía que suscita as súas bágoas:

> Esta novela iba a ser larga. Estaba pensando en una línea totalmente distinta. Pero José Luis se fue quince días a Madrid y yo me quedé en casa sola. Entonces, llorando ante una foto que siempre me acompañaba, junté así los cuatro párrafos que tenía hechos. Si mi vida se serena un poco, pienso seguir escribiendo. Acabar cosas que tengo empezadas y hacer otras nuevas.

E, moitos anos despois, idéntica necesidade de desafogo reaparece ao explicar a orixe de *Guedellas de seda e liño*, creada despois de vivir unha experiencia persoal difícil: "Acababa de saír dun tratamento de quimioterapia moi duro e púxenme a redactar esta historia como quen fai un testamento" (Neira 1999: 16); ou a do conmovedor *Diario da luz e a sombra*, no que revela como nas distintas fases da

3 "Cando cumprín os dez anos morreu meu pai, que só tiña trinta e nove, e a súa ausencia produciume un fondo sentimento de desamparo que marcou xa o meu carácter para toda a vida [...]" (Moreno 2004b: 87).

4 Como desvelou Pena Presas (2018), aos catorce anos gañou o primeiro premio dun concurso literario convocado polo Liceo Francés de Barcelona cun texto en francés.

5 A novela é *Alcores de Donalvar*, que presenta ao Premio de Novela Corta Café Gijón de Madrid en 1969, onde queda entre as tres finalistas (sobre a historia da edición desta novela e a súa temática pode verse Soto/Senín 2018, e Alonso 2018); e os relatos "La casa de las Marías" e "A gaiola", presentados en 1971 aos Jogos Florais Minho-Galaicos convocados pola Associação Cultural e Recreativa O Convívio de Guimarães.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 63-81
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

súa doenza lles foi confiando ás páxinas dun diario as emocións máis cargadas de sufrimento, parte das cales rescatou para o libro tras un exercicio de autocensura: "desafoguei nelas moito fel, tratei con extrema dureza persoas que amo moito e arrepíntome do que escribín. Ben querería hoxe non ter escrito tales cousas... Por iso prefiro que morran no esquecemento e que ninguén as vexa" (Moreno 2004b: 74).

Nalgunhas declaracións referirase a como a escritura lle serviu tamén para suplir carencias afectivas, para expresar inquietudes e angustias e para darlles existencia a historias e personaxes que a acosaban no medio dun soño (Suárez 2002), unha actividade realizada sempre "a salto de mata", "contra o reloxo" (Neira 1999: 12, 16), no escaso tempo de calma entre tarteiras, lavadoras, o ferro de pasar ou o supermercado (Moreno 2004b: 69), roubándolle horas ao sono (Suárez 2002).

Precisamente, a partir dun soño e dunha resposta inventada nace *Mar adiante*, o seu primeiro libro publicado para o lectorado infantil en galego. Con motivo do recoñecemento obtido nos Jogos Florais Minho-Galaicos de Guimarães, José Luis Adrio Poza entrevista a autora e pregúntalle polos seus novos proxectos literarios:

> O entrevistador non omitiu a pregunta obrigada nestes casos: "Que estás escribindo agora?", e a entrevistada [...] mentiulle: "Un libriño para nenos en galego". Coido que mentín porque era moi nova e quería parecer unha escritora de verdade... O caso é que me quedou moi mala conciencia, que non deixei de darlle voltas a aquel erro e que me sentín no compromiso de escribir o libro anunciado. O remate desta embrolla vai resultar difícil de crer [...]: unha noite soñei *Mar adiante* enteiro, desde o comezo ata a fin, escribino nunhas vacacións de Nadal (Moreno 1994: 110).

Resulta tamén interesante o que María Victoria Moreno afirma en "Nosoutras", un documento atopado entre as súas pertenzas que intitulou unha recompilación de textos editada en datas recentes (Moreno 2018), no que atribúe a súa escrita a un reencontro sincero cos anos da súa infancia –lembremos, marcada pola sensación de desamparo– para, dende ese mundo, intentar comunicarse cos mozos e mozas sobre as cousas que entenden. Neste sentido, boa parte dos seus personaxes veranse inmersos en situacións nas que se senten perdidos, o cal conecta co trazo que ela destaca da súa propia obra: a incurable soidade dos seus personaxes que sitúa como proxección da saudade de Ramón Cabanillas.

LECTURA E DOCENCIA

Son numerosos os creadores e creadoras que vinculan a experiencia vivencial da lectura coa súa posterior dedicación á escritura. Sobre o seu primeiro contacto cos libros, María Victoria Moreno artella un relato no que apunta á negación do acceso á biblioteca familiar pola súa condición de muller (Neira 1999: 12), unha vez máis a fabulación sobre o vivido, pois, segundo os seus irmáns, na súa casa poucos libros había fóra dos de Dereito do pai, enciclopedias escolares e algún texto pedagóxico da nai para practicar a lectura. O que si parece claro é que experimentou a sedutora capacidade do libro como obxecto a través do tacto, consonte o seu carácter retraído e soñador: "Gustáballe pasar as follas finísimas do misal da súa nai, tocar os cantos dourados, facer o propio co Medina y Marañón, un compendio de leis de seu pai. Non lle atraían as lecturas da escola. As fábulas dábanlle noxo" (Casalderrey/Aleixandre 2018).

Porén, será aos doce anos, en Barcelona, onde cursa o bacharelato interna no Colexio Menor Virgen de la Inmaculada da Sección Feminina, onde descobre o *Quixote*, un libro que rematou nun suspiro e que, lonxe de lle provocar risas, a conmoveu, ao se identificar coas desventuras daquel soñador cabaleiro andante e meterse na súa pel. Nace pois aquí unha particular empatía polos personaxes incomprendidos que é doado recoñecer nas súas historias, así como o desexo de entendelos dende parámetros emocionais, algo que tratará de inculcar nas súas clases de literatura. Así mesmo, nesa etapa catalá agroma o engado polas fermosas mentiras grazas a *Le petit prince*, que leu na lingua orixinal, "en una edición sin piel suave, sin papel delicado y sin cantos dorados, y se produjo el milagro: ¡eso era un libro! Una hermosa mentira que hacía reír, pensar y llorar apaciblemente. Una palabra detrás de otra en perfecta armonía. [...] ¿No había más libros así, para ser feliz leyéndolos?" (Moreno 1992c: 50). Xaora que os había, e leunos con voracidade e atesourounos na súa biblioteca –máis de 5.000 volumes doados á súa morte ao Instituto Torrente Ballester de Pontevedra–, na que as edicións do *Quixote* ocuparán un lugar senlleiro.

Á parte de aos libros, a fascinación polo saber en xeral e a literatura en particular, María Victoria Moreno débelles moito aos seus mestres. En Barcelona, foi Rosa Juliá, "su profesora de Latín, que la dejó fascinada por el mundo clásico y por la Filología" (Moreno 1992c: 49), a que a levou a decantarse polas Letras e o mundo clásico; mentres que, no tempo dos seus estudos universitarios na Complutense de Madrid, o encontro con Rafael Lapesa e Dámaso Alonso contribuíu a que escollese unha profesión, coma se quixese seguir a cadea e depositar o legado noutras persoas.

Xa que logo, xorde unha vocación docente que se concretará nunha carreira profesional na que atopará a plenitude: "Para min ser profesora é unha paixón.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 63-81
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Se tivese que elixir entre ser escritora ou profesora, quedaría sen dubidalo co segundo" (Neira 1999: 12). E desta paixón coa que abordou o seu traballo dan conta os múltiples testemuños do seu alumnado, que lembran a súa capacidade de sedución para lles aprender a amar a literatura, a incorporación de contidos desautorizados con voces e textos da literatura galega, a transformación da aula no espazo dos afectos e a comodidade, ou a transmisión de principios como a capacidade da lectura para abrir camiños cara a mundos descoñecidos e ideas novas e favorecer o espírito crítico (Moreno 2004b: 100).

O mundo do ensino terá un peso decisivo na súa obra literaria. Así, é a cerna de *Mar adiante*, a súa primeira obra, toda unha declaración de principios e de vontade de estilo, e aparecerá convenientemente retratado en *Leonardo e os fontaneiros, Anagnórise, Guedellas,* "S.O.S." ou "Pan con chocolate". Nestes textos formula unha concepción do labor de educar como experiencia motivadora, suxestiva e adaptada ás necesidades do alumnado, contrapoñéndoa a prácticas represivas e rancias. A autora nútrese da súa ampla bagaxe profesional, pois grazas ao seu traballo nas aulas foi espectadora privilexiada dos conflitos, medos e preocupacións da rapazada que logo traslada á literatura. Ademais, estendeu a súa dedicación fóra dos centros de ensino, pois as portas da súa casa sempre estaban abertas para facilitar consultas na súa biblioteca, organizar faladoiros ou simplemente axudar ante calquera problema. Non é estraño que o seu alumnado a recorde como "a profesora máis especial, a máis excéntrica, a máis empática, a máis xenerosa e próxima" (Fajardo 2018: 41).

A súa paixón pola docencia queda tamén de manifesto cando acepta traballar nun proxecto didáctico e elaborar dous libros de texto[6] que dan conta do seu gusto por achegarse á literatura a través da comprensión dos contextos e do comentario de textos, cunha información sistematizada en gráficos e esquemas. E mesmo ao final da súa vida, enferma de cancro, acepta que o seu corpo sirva como material para aprendizaxe ao participar nun ensaio clínico, un xesto valente e xeneroso:

> Dixen que si inmediatamente. O que me moveu a comportarme desta maneira foi a miña profesión e a miña vocación pola miña profesión. Eu son unha profesora. Eu estou poñendo clase e compartindo o que sei con rapaces desde que tiña 22 anos. Colaborar a que alguén aprenda algo pareceume que era interesante, pareceume que era cousa de profe [...] Se podo servir de material didáctico... (Veloso 2018).

6 *Literatura. Século XX. Iniciación universitaria* (1985), en colaboración con Xesús Rábade Paredes, e *Literatura 3º de Bup* (1987), con Rábade Paredes e Luís Alonso Girgado.

O COMPROMISO CUNHA LINGUA E CUN PÚBLICO

A actitude lingüística da autora en Galicia transcende, ao noso ver, a definición que ela empregou, "Simplemente unha historia de amor", para se converter nun exemplo de compromiso cívico dende que en 1963, data da súa chegada a esta terra, elixiu ser galega de maneira consciente, logo de percorrer Estremadura, Barcelona e Madrid, berces da súa formación, e de renunciar a unha incipiente carreira literaria en castelán. En varias ocasións recoñeceu a súa débeda nesa conversión á galeguidade con Lugo e co seu amigo Xesús Alonso Montero, da man do cal viviu a revelación dunha realidade lingüística e social que a levou a asumir un compromiso insubornable: "Só escribo en galego, só escribo para nenos" (Moreno 1994d: 110).

Amante dos idiomas e sabedora do seu valor, abraza unha causa incómoda e aprende galego dende cero recorrendo a dicionarios e gramáticas, consciente da importancia da correcta utilización da lingua en todos os contextos e co propósito de combater a sociedade avergoñada, instalada na diglosia e nos prexuízos coa que bate. Axiña desafía os interlocutores e demostra a súa competencia lingüística ao irromper nunha conversa ou pronunciar unha conferencia, e non tarda en alfabetizar os propios galegos impartindo cursos de galego e en realizar serios diagnósticos que apuntan á alienación colectiva que supón a renuncia á lingua propia ou á responsabilidade das mulleres na desgaleguización dos fillos.

Así mesmo, a escolla de se dedicar á literatura destinada ao público infantil e xuvenil responde a unha decisión consciente: "Porque quixen. Non porque non soubese facelo para adultos" (Neira 1999: 14). Como afirmabamos liñas atrás, a docencia ten moito que ver nesta dedicación, co desexo de alimentar "os cachorros" co mellor, que a leva a afirmar: "Os nenos son a miña máis importante preocupación, por algo me dedico ao ensino. A verdade é que non teñen moita literatura para eles, sobre todo os galegos, os cales non teñen moito que ler" (L.R. 1973). Desta percepción da escaseza de textos literarios en galego destinados a estas idades, xorde a vontade de cubrir un baleiro e de facelo con obras de calidade que se sentía capaz de idear, unha vontade á que non é alleo o seu desexo de ser nai e poder escribir historias para os seus fillos (Neira 1999: 14). No xa citado "Nosoutras", recoñece a súa voz de muller creadora para a infancia, canda outras catro contemporáneas galegas –Palmira G. Boullosa, Helena Villar, Ana María Fernández e Úrsula Heinze–, "cinco mulleres que neste recanto do mapa viven, traballan e apostan polo futuro", todas elas profesionais convencidas do ensino, boas coñecedoras do mundo interior do seu alumnado e tamén nais.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 63-81
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

CALIDADE, ÉTICA E ESTÉTICA COMO PRINCIPIOS INSUBORNABLES

As máximas que a autora foi formulando ao longo da súa vida detallan que criterios manexa á hora de se enfrontar á creación das súas obras: a calidade, o reflexo dunha ética e unha clara aposta estética.

María Victoria Moreno afirmou convencida que a calidade debía ser un requisito imprescindible da literatura para a infancia (López 2000), pois aos "cachorros" cómpre darlles sempre o mellor, tamén na literatura (Neira 1999: 14). Boa coñecedora dos libros que se publicaban no seu tempo, manifestou que a literatura infantil non podía ser subliteratura e que incluso necesitaba un filtro crítico que distinguise o malo do bo (Veloso 2018), escaso aínda no sistema literario en fase de consolidación no que ela se integrou. Tamén neste eido puxo o seu gran de area ao participar como editora, canda Antonio García Teijeiro e David Otero, no arrinque da colección Árbore de Galaxia, mostrándose "estrita e esixente", inflexible na procura da calidade por riba de todo (García 2018: 176). Pouco interesada na literatura transitiva, renegou do politicamente correcto (Neira 1999: 15), e mesmo o criticou abertamente: "Moitos escritores e escritoras se deixan influenciar polas editoriais, dependen do politicamente correcto, é dicir, a igualdade dos sexos, os dereitos da muller, a ecoloxía… aspectos que se introducen como pastillas de moralina" (López 2000). Ela decantouse por reflectir a realidade como a vía, dunha maneira directa e sen dozuras ficticias nin mensaxes explícitas para crear unha literatura atenta ás necesidades do lectorado e dende unha actitude de respecto cara a el que fai que o sitúe nun plano de igualdade.

Na súa obra percíbese unha ética de seu que prima valores humanos e ridiculiza ou condena actitudes daniñas como a cobiza, o egoísmo, a vaidade ou a ambición desmesurada, sen necesidade de introducir didactismo ningún, senón integrada na lóxica interna da narración:

> Hai determinados valores que cómpre enxalzar a través da literatura. A defensa da verdade, do perdón, da bondade. Os bos non son iguais ca os malos. Quen ten unha pluma na man, quen ten ao seu cargo unha aula chea de rapaces e rapazas, ten a obriga de espallar valores e potencialos. Un escritor debe ter unha ética (Neira 1999: 14).

Esta filosofía persoal é evidente en *Mar adiante*[7], *O cataventos*[8] ou *A festa no faiado*[9], e tamén en *Anagnórise*, onde a condutora-guía do mozo protagonista, empregando o diálogo de igual a igual, consegue abrir unha canle de comunicación co rebelde descarreirado, vencer amodo a súa irritación, traspasar o cerco co que protexe a súa intimidade e desmontar os tópicos que el cre certezas para converterse nunha interlocutora sincera, xenerosa, experimentada, cun salientable sentido común, e, sobre todo, dotada de empatía e da capacidade de transmitir afecto e confianza. Así mesmo, Moreno ofrécenos a súa visión do mundo introducindo na súa literatura temas candentes no tempo que lle tocou vivir, como as drogas, a marxinalidade, o racismo, os conflitos de parella ou os malos tratos.

Outro esteo da produción da autora é a súa postura esteticista, que fai que conceda unha enorme importancia ao estilo e se declare partidaria da "literatura-literatura" (López 2000), isto é, daquela que non se limita a desenvolver unha trama senón que require unha utilización correcta e preciosista da palabra: "A literatura é a palabra feita arte" (B.N. 2000); "A verdadeira esencia da literatura […] é a palabra que ten significado, que ten beleza, que ten graza… A palabra que fará que os novos lectores amen a palabra" (Neira 1999: 15). No caso dos textos infantís procura un achegamento afectivo ao nivel de comprensión do lectorado recorrendo a diminutivos e xogos fonéticos que subliñan o poder lúdico da linguaxe, e tamén a paralelismos, anáforas e personificacións de elementos da natureza, obxectos e animais. Nas obras para outros niveis de competencia, os textos están ateigados de descricións poéticas e múltiples recursos que requintan a prosa, que adquire ás veces un carácter torrencial (caso de *Guedellas de seda e liño*). Chama tamén a atención o extremo coidado que pon Moreno no léxico, un aspecto no que non fai concesións, pois calquera das súas obras ofrece un vocabulario rico, mesmo en ocasións elevado para os destinatarios aos que se dirixe.

7 Á parte do apuntado en relación á súa concepción do ensino, véxanse por exemplo o castigo que recibe Xosé do Outeiro polo seu ruín comportamento ou a denuncia da actitude da veciñanza da Ruliña (Soto/Senín 2018: 85-86).

8 Neste conto castíganse a crueldade e o autoritarismo do despótico galo don Pío, que acaba convertido en cataventos. Asemade, o texto resiste unha lectura sobre a dominación social masculina (don Pío) e a submisión feminina (o coro das Teixaspitiñas), que inclúe o duro castigo á transgresión do sistema establecido e a calquera cambio de roles, representado por Pombapitiña (Soto/Senín 2018: 115-116).

9 Percíbese no relato o desexo de mudar unha sociedade na que reinan a cobiza, a vaidade e a inhumanidade, por un mundo no que primen o afecto, a solidariedade, a colaboración e a empatía (Soto/Senín 2018: 117-118).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 63-81
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ESTRATEXIAS DISCURSIVAS

A lectura crítica das obras de María Victoria Moreno pon de relevo estruturas planificadas e un sobresaliente manexo dos recursos narrativos. Non cabe dúbida de que, como boa filóloga, crítica e lectora, lles concede grande importancia aos aspectos formais que configuran o discurso, por máis que afirmase: "Escribo como un impulso, sen planificación" (Carballa 2005: 29). Ao noso ver, ademais de buscar un efecto de recoñecemento no lectorado coas historias e os personaxes que crea, das súas obras despréndese un concepto da literatura como actividade pracenteira que asemade require un esforzo intelectual para descubrir os mecanismos subxacentes á construción dun texto literario.

A arquitectura dos relatos

A autora afirma conceder unha posición de privilexio á maneira de contar (Varela 2001). De feito, alude á estrutura do discurso relacionándoa co motivo da viaxe, un motivo ben presente na súa produción, nunha conferencia pronunciada na Coruña en 1993 na que define nestes termos a idiosincrasia do xénero narrativo: "[…] a novela é viaxe por múltiples razóns: porque hai unha viaxe interior protagonizada polo lector no tempo da lectura; porque os personaxes da novela protagonizan tamén viaxes interiores; porque a viaxe real […] é tema de moitas novelas; porque a viaxe crea a estrutura narrativa" (Moreno 1993c: 19). Tales palabras resoan en *Anagnórise*, unha viaxe iniciática en coche, case unha *road-movie*, que, ademais, sitúa en primeiro plano o diálogo entre a personaxe adulta e o mozo como procedemento estrutural:

> —¿Ti sabes que toda novela se axeita á idea que temos dunha viaxe?
> —Non sabía.
> —Os protagonistas das novelas, e isto non é cousa miña, que o dixo Michel Butor hai xa tempo, son viaxeiros que van achegándose a unha meta. E todos, repara ben nisto, conclúen a súa andaina atopando algo. Ás veces é un tesouro, ás veces un amor… Tamén pode ser un obxecto perdido, a clave para entender un acontecemento ou a súa propia identidade… (Moreno 2017c: 82).

A habelencia construtiva de María Victoria Moreno deriva sempre en textos cos que desafía o lector potencial e cos que claramente innovou na literatura galega. Se ben calquera das súas obras podería servirnos para ilustrar este punto, a modo de exemplo salientaremos a estrutura de *Leonardo e os fontaneiros*, onde adaptou un procedemento habitual en relatos de aventuras e enigmas e en obras lúdico-didácticas doutras tradicións literarias na década dos oitenta do século

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 63-81
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

XX para aplicalo a un relato realista no que a aventura non é externa senón íntima. Este formato baseábase no artificio de concederlle ao lector a responsabilidade sobre as accións dos personaxes, de maneira que non existe unha estrutura lineal senón distintas ramificacións argumentais que conducen a finais diferentes segundo as decisións adoptadas. Así, o libro comeza explicando as "instrucións" ben para realizar unha lectura convencional, ben para saltar páxinas seguindo as indicacións que conclúen cada capítulo. En función da escolla, podemos ler a historia completa de Leonardo, máis lírica e centrada na complicidade entre o can e o rapaz, e posteriormente os avatares de Antón na súa vida cotiá, ou ben elixir outras posibilidades que nos levan a unha ordenación diferente dos episodios. Se cadra a este aspecto lúdico e rupturista se deba que *Leonardo e os fontaneiros* fose un dos seus libros preferidos (Moreno 2004b: 54), que o considerase moi bo e "nunca valorado como merecía" (Suárez 2002).

A estratexia do contraste

Para artellar as tramas, a autora adoita utilizar a estratexia de contrapoñer elementos co obxectivo de marcar os contrastes entre mundos, reaccións e/ou comportamentos, de xeito que en todas as súas obras se recoñecen formulacións antagónicas: fantasía e realidade; visión dos adultos e a dos nenos, adolescentes ou mozos; riqueza e miseria; seda e liño; paios e xitanos; cans ou animais en xeral e humanos etc.

Como é lóxico, cando se enfronta a un lectorado infantil, a autora manexa oposicións de doada comprensión, como ocorre en *A festa no faiado* cos binomios realidade e fantasía e a súa concreción en dous mundos con leis diferentes: a vila, a casa e os seres de carne e óso, fronte ao faiado; ou no conto "Nico e Miños", onde ambos os personaxes se opoñen polos atributos antitéticos de riqueza/pobreza; grande/miúdo; negro/branco; peludo/lampo; pachorrento/inquedo; lambón/mal comedor. Para un nivel de competencia lectora máis elevado a autora recorre en maior medida ao simbolismo para que sexa o destinatario quen chegue a intuír tales contrastes. Así ocorre coa contraposición entre a visión adulta e a adolescente representada en *Anagnórise*, articulada nas diferentes intervencións dialogadas e nos monólogos interiores de Nicolau; ou coas saudades, asociadas ao personaxe vello fronte aos degoiros do rapaz, exemplificadas á súa vez na nostalxia e a descuberta do amor no relato "O libro das saudades e os degoiros".

A estratexia do contraste é un trazo fundamental na construción de *Guedellas de seda e liño*, explícita xa no propio título e definido pola propia María Victoria Moreno como "a historia de dous mundos" (B.N. 2000). A dicotomía principal enfronta o pazo de Celas, con paisaxes sublimes e coidadas, en correspondencia coa estirpe, a clase social acomodada ou as relacións amorosas entre iguais; co

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 63-81
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

seu revés, o arrabalde, co ambiente sórdido e marxinal dos desherdados pertencentes á etnia xitana. Mais a novela tamén acolle outras formulacións antagónicas como a pertenza das dúas rapazas protagonistas a dous estamentos sociais, os seus propios nomes –un de reminiscencias nobres e outro importado e froito da asimilación cultural (Mociño 2018)– ou a linguaxe empregada en cada unha das ambientacións: unha prosa exuberante e lírica fronte a un rexistro descarnado e frío (Soto 2018).

En clara relación con estas oposicións estaría tamén a presentación de personaxes que desencadean cambios no contexto no que se insiren. É o caso de Uxía, a boneca de *A festa no faiado*, que muda de vez os costumes do faio e instala a alegría nun lugar antes triste, até o punto de que a busca da felicidade se converte no leitmotiv interno do conto. Mais, nesta liña, e como trazo curioso, hai dous personaxes decisivos no devir dos seus respectivos mundos que comparten a característica de "estranxeiros" ou "alleos" á colectividade na que se integran –se cadra un reflexo nalgunha medida da atribución de "estranxeira-non galega" que se lle apuxo á autora nos seus comezos literarios, e incluso anos despois–, abordados con enfoques distintos: positivo no caso de Miguel, en *Mar adiante*, un vello mariñeiro chegado hai moitos anos que, por mor da súa integración na colectividade, se converte en Miguel o de Portosouril e cuxa fortuna mellora a vida de vila; e un enfoque negativo en *O cataventos*, onde o papel lle corresponde a Pombapitiña, a galiña que chega nova ao galiñeiro e desencadea o conflito ao ousar empoleirarse no pau do galiñeiro e desatar a envexa e a carraxe de don Pío, que a considera unha rival que pretende desbancalo e a trata con gran crueldade.

Perspectivas narrativas

A obra de María Victoria Moreno mostra a súa preferencia pola perspectiva focalizada na primeira persoa narrativa, o cal lle permite internarse na subxectividade dos personaxes, empaparse da súa dor e desconcerto e dotalos de verdade.

En *Mar adiante* a voz en primeira persoa da mestra instálase ao comezo do relato: "Eu son profesora nun colexio moi grande dunha gran cidade" (Moreno 2009a: 7). É ela quen conduce a historia, aínda que esta acolle tamén relatos secundarios dentro do principal emitidos por catro paranarradores: dúas nenas, María Isabel e Sara (en "O conto do señor Xosé do Outeiro" e "O conto de Mariquiña e o lobo", respectivamente); un paxaro femia, a Ruliña (en "O conto dos paxaros"); e Tino, o amigo das estrelas (en "O conto de Clarisca e o Luceiro").

Tanto en *Leonardo e os fontaneiros* coma en *Anagnórise*, a elección do foco narrativo dende as perspectivas dos seus protagonistas, Antón Andrade Asorei e Nicolau, respectivamente, é un dos acertos estruturais de ambas as novelas. Así por exemplo, no caso de Antón, os seus monólogos subliñan o desconcerto que

experimenta o protagonista, ás portas da adolescencia, de maneira que a autora centra o interese na mente e no desacougo do rapaz, colócase do seu lado e fai que dea renda solta a todo o que o perturba, diluíndo a sensación da mediación adulta: "é chegar aos catorce anos e revirarse todo. A xente deixa de entender, os pais incomódanse por cousas sen importancia, os profesores sácanche as ganas de estudar… E ti vas aturando, e vaste poñendo triste, e vaste poñendo tolo, e vaste poñendo espiñento" (Moreno 2017b: 16).

Nos relatos "Querida avoa", "S.O.S." e "Pan con chocolate" atopamos tres maduras voces femininas que corresponden a senllas adolescentes reflexivas que expoñen os conflitos que viven. No primeiro é a contundente Sabela, que acode onda a avoa na busca dunha man amiga que cure as súas feridas e poña algo de luz no labirinto emocional no que está inmersa, a que lle outorga ao relato unha solemnidade salientable, que se reforza co discurso epistolar. A carta, como mecanismo expresivo para plasmar a intimidade cun interlocutor determinado –a avoa–, acentúa o ton confesional e a subxectividade do texto. "S.O.S." fai explícito dende o título a chamada de auxilio da moza protagonista, Vanessa Bouzas, estudante de COU, e, ao mesmo tempo, evoca a soidade na que se encontra. En "Pan con chocolate" a autora utiliza outra volta a modalidade discursiva da carta para que Eva, unha rapaza reflexiva e sensible, se dirixa a Adonay e desafogue as súas preocupacións, logo de que unha riada asolase o arrabalde xitano no que vive.

Así mesmo, en "O libro das saudades e os degoiros", o peso narrativo recae en Roi, un rapaz de catorce anos, e mais no bibliotecario Duarte Nogueira, alcumado Zaratustra, xa na fronteira do medio século, que sustentan as dúas secuencias iniciais do relato cos seus respectivos soliloquios, completados coa terceira secuencia, unha escena dialogada entrambos que se focaliza dende unha narración externa.

Pola contra, a focalización cero ou perspectiva omnisciente do narrador clásico en terceira persoa situado fóra da historia aparece en *O cataventos*, onde a enunciación desta voz irrompe xa na presentación descritiva, simulando a emisión oral do conto –"Neste mundo que che digo…" (2017a: 2)– e na procura da complicidade do lectorado. O mesmo acontece en "Nico e Miños", *A brétema* e "O grumete". É así mesmo moi contundente a voz omnisciente que articula *Guedellas de seda e liño*, pois é quen manexa o mundo no que se desenvolve a historia, recreándose na súa descrición dende as páxinas iniciais, construídas coma se as vísemos cuns anteollos –un procedemento que non deixa de lembrar a observación de Fermín de Pas en *La Regenta*–, detallando o pasado e o porvir das súas criaturas de ficción, concedéndolles a palabra nos diálogos e internándose na súa subxectividade para plasmar os seus pensamentos mediante o estilo indirecto libre. Non é estraño que este narrador demiúrgo interrompa o devir do relato para introducir digresións sobre o paso do tempo, a morte ou o absurdo da condición humana.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 63-81
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Tempos e espazos

Outra particularidade construtiva das obras da autora ten que ver coa función estrutural que desenvolven as cuestións temporais e espaciais.

No que atangue á temporalización, gran parte das súas obras recorren á alteración da orde cronolóxica dos acontecementos mediante o emprego de analepses e prolepses, o cal esixe a atención do lectorado. Así mesmo, presenta as historias *in extrema res*, de maneira que o groso da trama se centra no relato previo a tal momento. Esta técnica require un traballo acertado para manter a tensión dramática, dado que o lector xa coñece o desenlace da trama, ao tempo que propicia a reelaboración dos feitos dende o recordo dos personaxes e acentúa a intencionalidade reflexiva e formativa das historias.

É o recurso empregado en *Mar adiante*, onde o capítulo de presentación da mestra se sitúa nunha temporalidade posterior á do resto da narración, pois anticipa detalles do que leremos despois. No caso de *Anagnórise* este procedemento é especialmente relevante: o narrador presenta o discurso reconstruído dos feitos unha vez finalizada a viaxe e os acontecementos ulteriores, de tal maneira que o lectorado debe realizar unha ordenación temporal. Tal propósito está claro na evocación elexíaca de carácter proléptico que abre a novela, previa aos catorce capítulos nos que se estrutura esta: "e reconstrúo, paso a paso, o tempo do noso encontro, do noso enfrontamento, da nosa amizade e da nosa despedida" (Moreno 2017c: 11); "Mais ela non está" (Moreno 2017c: 12), afirma Nicolau. Esta introdución inclúe, a modo de ensinanzas, frases emitidas pola condutora que acadan un sentido completo ao rematar a lectura.

Na cuestión dos espazos nos que se ambientan estas historias, a autora adoita imaxinar lugares ficticios que remiten a vilas rurais de pequeno tamaño, de actividade mariñeira e agraria. É o caso de Portosouril, no que ambienta *Mar adiante*, *A festa no faiado* e, como se intúe nunha lectura conxunta, tamén *O cataventos*; Vilanova da Abra en *Anagnórise*; Santa Marta de Vélaros en *Guedellas*; Vilariño en "Querida avoa"; ou Vilaxeada en *A brétema*. Cando as localizacións non se explicitan, caso de *Leonardo e os fontaneiros* ou "O libro das saudades e os degoiros", axústanse a criterios realistas e evocan unha xeografía común que remite ao mesmo universo. Así acontece coa mención de Porto Santo e Santa Marta en "O grumete", e cos arrabaldes xitanos que se utilizan como escenarios en "S.O.S." e "Pan con chocolate", que nos retrotraen á ambientación de *Guedellas*.

En *Leonardo e os fontaneiros*, a ambientación realista convértese nun dos principais atractivos do relato, pois os escenarios resultan recoñecibles polos lectores potenciais (Seminario de Literatura Infantil 1987: 30) e os episodios sitúanse no mundo cotián do rapaz, que, coma o de calquera outro da súa idade, decorre entre

a familia, na casa e na escola, co engadido do tempo que comparte na rúa cun can solitario.

En *Anagnórise* as cuestións espaciais adquiren gran relevancia, ao ser a viaxe a cerna da construción. O escenario principal é, xaora, o coche, pois nel ten lugar a acción, que se desenvolve ao longo do traxecto entre Vilanova da Abra, en Pontevedra, e Madrid, e combina localizacións reais e imaxinarias. Os lugares mencionados ao comezo do traxecto adquiren funcionalidade narrativa ao iren asociados a vivencias dolorosas do rapaz, igual que sucede coas localizacións das sucesivas paradas, que enmarcan momentos de tensión na conversa entre os personaxes.

CABO

Malia a discrepancia e o desacordo mostrado por parte dalgunhas voces sobre a decisión da Real Academia, sustentados en argumentos tan discutibles como a escaseza da súa obra literaria, o feito de se cinguir esta ao eido infantil e xuvenil ou a condición de *Anagnórise* afastada da boa literatura, por todo o apuntado cremos máis ca fundamentada a consideración de María Victoria Moreno como unha creadora pioneira e brillante coa que as nosas letras tiveron a fortuna de contar, ademais de como unha activista cultural que escolleu loitar no bando da xustiza en tempos de escuridade, vivindo en galego con naturalidade, rexentando unha libraría, facendo país co seu traballo como editora e tradutora. Foi ademais unha falante comprometida que amou, engrandeceu e divulgou a nosa lingua e á que resulta un gozo escoitar nas gravacións que dela se conservan, coa súa voz pausada, na busca da palabra máis axeitada e cunha marabillosa corrección.

As Letras Galegas 2018 homenaxearon o compromiso cívico dunha muller valente, pero tamén o grupo de mediadores que contribuíron a fraguar e a consolidar a literatura infantil e xuvenil, os lectores e lectoras que medraron coas súas obras, o alumnado que recibiu as súas ensinanzas, os profesionais da docencia que seducen e contaxian a paixón pola literatura e as persoas que a quixeron e ás que ela quixo. Concluído o Ano María Victoria Moreno, só nos queda considerala un referente e tratar de incorporar ás nosas vidas un compromiso semellante que nos axude a defender a lingua galega e unha literatura de calidade ao alcance de toda a sociedade.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 63-81
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Obras citadas de María Victoria Moreno

———— (1973, 2009a): *Mar adiante (Historias de nenos pra nenos)*. Sada: Ediciós do Castro; Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

———— (1979, 1989a, 2017a): "O cataventos", en Agrupación Cultural O Facho, *Contos pra nenos*. Vigo: Galaxia, 33-46; Santiago de Compostela: Sotelo Blanco; Santiago de Compostela: Urco Editora.

———— (1983, 2007a): *A festa no faiado*. Vigo / Barcelona: Galaxia / Elkar / La Galera; Vigo: Galaxia.

———— (1986, 2017b): *Leonardo e os fontaneiros*. Vigo: Galaxia / SM; Vigo: Galaxia.

———— (1988, 2017c): *Anagnórise (novela de amor)*. Vigo: Galaxia; Vigo: Galaxia.

———— (1989b): "Nico e Miños", en *8 contos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 15-20.

———— (1991, 1992a, 2017d): "Querida avoa", en *Lerias*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 51-74; Vigo: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística; en *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco Editora, 13-43.

———— (1992b, 2017d): "S.O.S.", en *Contos de hogano*. El Correo Gallego. Biblioteca 114. Santiago de Compostela: Compostela, 47-63; en *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco Editora, 45-63.

———— (1992c): "MVM: una profesora feliz de serlo", *CLIJ: cuadernos de literatura infantil y juvenil* 41, 48-50.

———— (1993a, 2017d): "O libro das saudades e os degoiros", en *V Tren Caixa Galicia-Ruta Rosalía*. Santiago de Compostela: Caixa Galicia / Renfe, 29-34; en *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco Editora, 65-77.

———— (1993b, 2017d): "Pan con chocolate", en *Relatos para un tempo novo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 21-35; en *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco Editora, 79-92.

———— (1993c): "Desde o meu Belvís", *Papeles de Literatura Infantil* 17, 17-19.

———— (1994): "¿Escritora alófona eu?", en Xesús Alonso Montero e Xosé M. Salgado (eds.), *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*. Vigo: Galaxia, 107-111.

———— (1999a, 2017e): *A brétema*. Vigo: Ir Indo; Santiago de Compostela: Urco Editora.

———— (1999b, 2017f): *Guedellas de seda e liño*. Vigo: Galaxia; Vigo: Galaxia.

———— (2004a, 2017d): "O grumete", en *Contos de charlatáns, grumetes, botas e fendas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 45-61; en *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco Editora, 111-120.
———— (2004b): *Diario da luz e a sombra.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
———— (2018): *Nosoutras*. Santiago de Compostela: Urco Editora.
Moreno, María Victoria e Xesús Rábade (1985): *Literatura Século XX. Iniciación universitaria.* Vigo: Galaxia-SM.
Rábade Paredes, Xesús, María Victoria Moreno Márquez e Luís Alonso Girgado (1987): *Literatura 3º BUP.* Vigo: Galaxia-SM.

Bibliografía citada

Alonso Montero, Xesús (2018): *María Victoria Moreno. A proeza da súa vida e da súa literatura.* A Coruña: La Voz de Galicia.
B.N. (2000): "*Guedellas de seda e liño* non é unha novela politicamente correcta", *Diario de Pontevedra* 28/I/2000.
Carballa, Xan (2005): "María Victoria Moreno: Estamos ben programados, gozamos da vida, pero ao final aceptamos a morte", *A Nosa Terra* 157, 29.
Casalderrey, Fina e Marilar Aleixandre (2017): "A verdadeira data de nacemento de María Victoria Moreno", *Grial* 215, 12-13.
———— (2018): *María Victoria Moreno: a muller que durmía pouco e soñaba moito.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Fajardo, Montse (2018): *O escalón de Ulises: a Pontevedra dos afectos de María Victoria Moreno, a mestra que escribía libros*. Pontevedra: Concello.
Ferriol, Pedro (2018): "E ti seguirás aquí", en Blanca-Ana Roig Rechou (ed.), *María Victoria Moreno. Nun lugar de Galicia.* Santiago de Compostela: Universidade, 39-61.
García Teijeiro, Antonio (2018): "Á sombra da emoción da palabra literaria de María Victoria Moreno", en Blanca-Ana Roig Rechou (coord.), *María Victoria Moreno. Homenaxe. Palabra fértil no tempo.* Cadernos Ramón Piñeiro XXXVIII. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 173-186.
López, Ana (2000): "Todo cabe na literatura coa condición de que estea ben tratado", *Diario de Pontevedra* 22/III/2000, 11.
L.R. (1973): "María Victoria Moreno Márquez", *El Progreso* 6/IV/1973.
Mociño, Isabel (2018): "A narrativa xuvenil de María Victoria Moreno: *Guedellas de seda e liño*", en Blanca-Ana Roig Rechou (coord.), *María Victoria Moreno. Homenaxe. Palabra fértil no tempo.* Cadernos Ramón Piñeiro XXXVIII. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 215-229.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 63-81
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Neira Cruz, Xosé Antonio (1999): "María Victoria Moreno Márquez: «Estou a escribir contrarreloxo» [Entrevista]", *Fadamorgana* 3, 12-16.

Pena Presas, Montse (2018): *A voz insurrecta. María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida*. Vigo: Galaxia.

Roig Rechou, Blanca-Ana (1994): *A Literatura Galega Infantil. Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.

Seminario de Literatura Infantil (1987): "Leonardo e os fontaneiros", *Papeles de Literatura Infantil* 6, 30.

Soto, Isabel (2018): "Apuntamentos sobre a obra infantil e xuvenil de María Victoria Moreno. *Guedellas de seda e liño*: a estratexia do contraste", en Blanca-Ana Roig Rechou (ed.), *María Victoria Moreno. Nun lugar de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade, 241-260.

Soto, Isabel e Xavier Senín (2018): *María Victoria Moreno. Sementadora de futuro*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Suárez, Martiño (2002): "Os personaxes veñen pola noite e acósanme no medio do sono", *La Voz de Galicia* 25/IX/2002, 52.

Varela, María (2001): "A alma de Galicia non ten outro camiño para florecer que o galego", *Diario de Pontevedra* 2/IX/2001, 2-3.

Veloso, Gonzalo E. (2018): *Reivindicando a María Victoria Moreno*. http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/reivindicando-a-maria-victoria-moreno [consulta en setembro 2018].

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 63-81
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 83-94
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.723

MORTE E TRANSCENDENCIA EN MARÍA VICTORIA MORENO

DEATH AND TRANSCENDENCE IN MARÍA VICTORIA MORENO

Andrés Torres Queiruga
Real Academia Galega

Resumo: Partindo da morte como tabú cultural, o artigo estuda o diario de María Victoria Moreno, analizando o limpo enfrontamento co seu misterio. Atenta á dimensión antropolóxica a través de García-Sabell, entra con sensibilidade na visión relixiosa da resurrección, tanto por medio dos exemplos da fe sinxela como polos de crentes excepcionais. Parece resignarse ao consolo humilde e familiar na memoria dos seres queridos. Valorando esa humanísima actitude, o artigo acaba cunhas consideracións integradoras de carácter filosófico e teolóxico.

Abstract: On the premise of death as a cultural taboo, the article studies the diary of María Victoria Moreno, analysing her clear confrontation with its mystery. Attentive to the anthropological dimension through García-Sabell, she examines sensitively the religious vision of the resurrection, examining both examples of standard faith and those of passionate believers. She seems to resign herself to the humble and familiar consolation found in the memory loved ones. Through an assessment of that highly human attitude, this article concludes by offering key reflections of a philosophical and theological nature.

Palabras chave: María Victoria Moreno, biografía, enfermidade, morte, inmortalidade, resurrección, holocausto.

Key words: María Victoria Moreno, biography, illness, death, immortality, resurrection, holocaust.

Desde que hai vida, hai morte. E desde que na terra aparecen seres humanos, aparece a preocupación pola morte. A persoa é quen de abranguer a enteira figura da súa vida: non só é consciente do seu comezo, senón que anticipa tamén a súa fin. A conciencia ergue ante o seu futuro a fronteira, enfesta e intraspasable, da

morte. Pero recoñecer unha fronteira, como Kant e Hegel sabían e repetiron, significa superala xa dalgún xeito. Ollar para a morte é, inevitablemente, ollar alén da morte, percibir o abismo interrogante que se abre diante da vida. Nace a preocupación polo alén e, con ela, o esforzo por comprender o que hai ou pode haber detrás.

1.

A humanidade viviu sempre esta preocupación, e para ela buscou respostas. Orixinariamente as respostas naceron dentro do ámbito relixioso, nunha inevitable dialéctica de orixinación e retroalimentación: o enigma da morte levanta a pregunta relixiosa; a relixión olla cara a cara os ollos da morte. Por iso, nese ámbito traballaron sempre xuntos, o afán de acalmar o medo ante o abismo —*primus in orbe deos fecit timor* (Estacio, *Tebaida* 1I1, 661)—, e a saudade dunha plenitude presentida ou soñada alén dela e a través dela: "sentimos e experimentamos que somos eternos", dixo fonda e arriscadamente Spinoza[1]. Infernos ou paraísos poboaron sempre a imaxinación da humanidade, xerando angustias e alimentando esperanzas. Tal é a razón de que, no fondo, todas as relixións —incluído o budismo que pode parecer buscar tan só a nada— coinciden en resolver o dilema buscando a salvación. Á hora de describir ou concibir esa salvación, diverxen no debuxo dos temores e das esperanzas. Pero sempre a morte fai sentir a súa presenza, como sombra que acompaña a vida e aguilloa a reflexión.

Franz Rosenzweig empeza a súa gran monografía, *A estrela da redención*, cunha frase lapidaria: "Pola morte, polo medo á morte comeza calquera coñecemento do Todo" (1990: 3); e, ao revés de Heidegger, pecha a obra e completa a dialéctica, evocando o polo positivo: "Cara a onde se abren as follas desta porta? Non o sabes? Cara á vida" (1990: 472). De feito, a filosofía sempre se preocupou polo gran problema. Uns, coma Platón, buscando consolo mediante a fundamentación e meditación da inmortalidade; outros, coma Epicuro (*Carta a Meneceo*, 125), tratando de eliminar o medo, negando o poder da anticipación: cando ti estás, ela aínda non está; cando ela está, ti xa non estás…

Non faltaron épocas obsesionadas coa morte, e outras que intentan ignorala, subtraéndose á fría ollada da esfinxe. En tempos recentes, co inmenso trauma da Guerra, levando ás costas o peso inmenso dos seus holocaustos, dos gulags e dos *killing fields*, a reflexión acerca dela ocupou amplos espazos da filosofía. Heidegger,

1 *Sentimus experimurque nos aeternos esse* (*Ethica* V, prop. XXIII, esc.); cf. a excelente tradución, con introducións e notas, de A. Domínguez, *Spinoza. Obras Completas y Biografías* (2015: 347). Non estraña a consecuencia: "O home libre en ningunha cousa pensa menos ca na morte, e a súa sabedoría non é meditación da morte, senón da vida" (*Ética* IV, prop. 67; 2015: 333).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 83-94
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

case coma un consolo desesperado, mesmo intentou convertela en algo positivo: límite, que, anticipado na decisión, sería o gran factor que posibilita a autenticidade existencial: *Sein zum Tode*, ser para a morte, ser en fronte da morte. Pasada a febre existencialista, a morte real segue implacable; nas fronteiras, nas pateras, no terrorismo, nas pequenas-grandes guerras asoladoras… Pero na publicidade e mesmo na filosofía instalouse máis ben un veo espeso, que a oculta como tema filosófico e a converte para o público en tabú que non se toca e palabra que non se pronuncia.

2.

María Victoria Moreno pertence a este tempo, sempre sensible e vital, moi atenta á vida, sobre todo á vida xuvenil. Pero, chegada a hora, non pechou os ollos nin cedeu ao tabú. A enfermidade, a "pupa cabrona", obrigouna a mirala ao rostro, e fíxoo cunha estraña lucidez, mantida a base dunha serena valentía. Pasou, como non, vendavais emotivos e desfalecementos das forzas. E na intimidade do diario —recoñecidamente aberta ao público— deixounos un testemuño lúcido, cun lirismo reflexivo, que coida a forma sen renunciar á reflexión nin á sinceridade vital. Seguramente non é todo o que pensou e viviu, pero permite que nos asomemos, en sintonía fonda, aos longos e demorados días da súa vivencia, podendo aproveitarmos así a luz da súa reflexión.

Neste *Diario da luz e a sombra* (2004) é onde está o fundamental. Nel me centro aquí, deixando acaso para mellores coñecedores ou coñecedoras faceren unha rebusca na rica e plural sementeira da súa obra. Máis ca pretender unha reflexión sistemática, que estaría fóra de lugar, vou proceder case por flashes, acaso un chisco aleatorios, que iluminen algúns dos aspectos principais.

A súa reflexión ten dúas partes. A primeira, apoiándose no ensaio de García Sabell, *Paseata arredor da morte* (1999), enfronta o problema da vivencia da enfermidade pola persoa enferma. Segue a súa lúcida reflexión acerca das típicas etapas nas reaccións ante a crise da doenza, tomándoas como espello para se comprender a si mesma e analizarse á súa luz. Fai un rápido percorrido das primeiras etapas, marcadas pola busca de médicos e das típicas saídas ilusorias, para situarse con realismo no momento en que aparece a rebeldía:

> O doutor García-Sabell chama *fase da cólera* ó estado de ánimo que se produce cando o enfermo, decepcionado despois da procura infrutuosa dun diagnóstico máis favorable ou dunha curación prodixiosa, vese na obriga de aceptar a súa situación. Eu, que non fun buscar marabillas mundo adiante porque xa as tiña na casa, pasei directamente da primeira fase á terceira (2004: 79).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 83-94
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Prolonga esa reflexión, describindo a dialéctica que no seu ánimo se xogaba entre o amor e a rebeldía. Primeiro, o amor a si mesma —"houbo un momento en que o amor a min mesma medrou ata acadar proporcións das que cheguei a sentir vergonza"—, previo aviso, porén, de que ese amor se estendía tamén ao próximo: "aínda que adiquei a miña vida ó coidado dos demais". E despois, tras evocar "[e] se espirito crítico que ó longo da miña vida me impulsou a traballar", érguese contra a indolencia e a covardía nos demais: "acendíase a cólera no meu corazón e o mundo, por imposible, facíaseme aborrecible".

E axiña se achega ao final, ao "trato coa doenza", no esforzo por elaborar —para si mesma, para os amigos e para os familiares— a aceptación da doenza. Entón aparece a conciencia da morte e o afrontamento expreso do seu interrogante definitivo:

> Queda xa atrás a tristeza da fase precedente e pénsase na morte en si mesma e non coma consecuencia da enfermidade. A loita que se emprende non ten como finalidade a procura da curación, senón a da supervivencia máis alá da morte. (2004: 80).

O problema ábrese así ás ultimidades, tendo á vista tanto a reacción espontánea como a explícita resposta relixiosa:

> Hai algo en nós que non pode morrer —pensamos—, acadaremos unha vida nova para a eternidade ou, espidos xa do corpo, diluirémonos apraciblemente na divindade da cal procedemos. O espírito, cada vez máis sosegado, convértese no guieiro do vivir e a idea de Deus, a quen se ignoraba ou esquecía tempo atrás, ábrese camiño no pensamento coma a única forza capaz de destruír a operatividade da morte (2004: 80).

E comeza tamén a análise coidadosa, a observación externa e a reflexión profunda, nunha intensa busca da autenticidade. A resposta relixiosa está no ambiente –"[r]eza o enfermo e reza tamén a familia"— e o seu consolo está ofrecido, pero non deixa de aparecer tamén a alerta do espírito crítico:

> as oracións poden ser íntimas, espirituais, ou, pola contra, converterse nun chalaneo onde abondan promesas, ofrecementos ou exvotos, por medio dos cales se intenta forzar á divindade para que outorgue o que soamente ela pode outorgar (2004: 80).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 83-94
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

No final, parece anunciarse un balance positivo, como seguramente arela o seu corazón e que talvez permaneceu sempre coma una calada esperanza de fondo:

> Algúns enfermos, de xeito especial aqueles que rezan procurando unha comunicación íntima coa divindade, achan unha pracenteira sensación de paz na oración, achéganse ás capas máis fondas do seu espírito, descobren a vontade de Deus nos acontecementos transcendentais do seu pasado e aceptan a enfermidade e a morte coma última e suprema manifestación dun destino que estaba escrito antes de eles naceren (2004: 80-81)[2].

Estas reflexións son algo así como a primeira parte do enfrontamento. E convén notar que ela parece moi consciente de estar abrindo un espazo reflexivo que quere compartir cos lectores e lectoras. Exprésao nun parágrafo que ben pode ser considerado unha especie de pórtico, nimbado de fina e melancólica beleza:

> E eu sei moi ben, e porque o sei quero compartilo con quen lea este libro, que se poñemos o noso vivir e o noso sentir ó ritmo do cosmos, experimentamos un benestar que nos axuda a superar tristezas incertas. O segredo é saber que somos parte integrante do cosmos, que os nosos estados de ánimo reflicten o acontecer do universo e que a creación é boa de seu porque é obra da Sabedoría (2004: 100).

3.

Páxinas máis adiante retoma a reflexión. Sen abandonar esta perspectiva máis aberta ao sentimento da transcendencia alén da morte, nela o tratamento faise máis expreso e case sistemático. O resultado a que chega é o que finalmente permanece diante dos lectores coma un interrogante aberto, acaso como unha invitación a pensar, situando a cada quen ante o espello da súa opción e do seu propio destino.

Aparecen dous pasos, sen resolución clara, que no meu parecer teñen algo de resposta provisoria, que nos deixa á porta da súa decisión máis íntima. Unha decisión, cuxo último segredo, de non contarmos con testemuños ou confesións máis persoais, debemos acoller con respecto coma algo que levou consigo nese

2 Neste sentido resulta significativa a narración da súa participación activa na eucaristía, durante a súa estadía no Sanatorio de La Merced (2004: 82). Transloce nela unha experiencia íntima e conmovida. Alude a ela tamén Fina Casalderrey (2018: 57).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 83-94
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

transo misterioso que agarda a toda vida humana. O título que lle apón a esta última parte ten toda a forza dunha evocación: "¿Para onde vou?".

O primeiro paso presenta unha reflexión atenta e detallada acerca do sentido e da posibilidade da resposta relixiosa; de entrada, atendendo ás súas realizacións auténticas. O comezo é solemne:

> Podemos crer que detrás da última volta do camiño agarda por nós unha eternidade de luz e así todo o que ten que ver co pasamento transfigúrase e dulcifícase (2004: 109).

E inmediatamente enumera con clara empatía exemplos nos que esa eternidade transfigurada ilumina a vida das persoas que acreditan nela.

> Temos exemplos edificantes de homes e mulleres cheos de fe, que aceptaron a enfermidade e a morte coma manifestación da vontade de Deus e viron no transo a porta que lles franqueaba o camiño para o reino da luz (2004: 109).

A enumeración é xenerosa, sen reservas apresuradas, enumerando unha ampla lista de persoas que así viviron e viven a súa fe. Ao lado de sacerdotes, que "libres de cargas familiares se ofrecían a cambiar a súa sorte pola de pais de familia que ían ser executados" e dunhas monxas españolas que afrontaron a morte "porque preferiron compartir o destino cos nativos", está a "actitude dos místicos" coa súa "arela de chegar á contemplación da divindade e de fundirse nela". E, nun trazo que a retrata, tras sinalar que "non son moitos os heroes, e místicos tamén hai poucos", vólvese a dous exemplos que a achegan, por un lado, á vida comunal do pobo humilde e, por outro, ao exemplo dun home da nosa terra. Velaquí o primeiro:

> O que si hai é un bo número de persoas sinxelas que atopan na fe o sentido das súas vidas, practican o amor con Cristo coma modelo e descobren a presenza de Deus tanto na fortuna coma na adversidade. Son, coma todos, seres con vocación de seren felices e detestan a enfermidade. Aman a vida e non desexan a morte. Mais, cando lles chega a hora, fortalécense na fe que sempre tiveron, buscan axuda espiritual e percorren o derradeiro treito do seu camiño con serenidade envexable (2004: 110).

No segundo exemplo detense máis, falando de Moncho Valcarce a quen define coma "[u]n crego loitador e fondamente comprometido coa causa dos pobres". Tiña que lle afectar a María Victoria, porque, coma ela, "padeceu un cancro que

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 83-94
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

o levou á morte e deixounos un *Diario íntimo da doenza final*". Tras a fina e certeira observación de que o libro está escrito "con máis propósito testemuñal que literario", sinala que nel encontra "vivencias que son comúns a todos os que padecen cancro ou calquera outra doenza que ameace seriamente a vida"; e, despois de indicar que "aparecen numerosas páxinas que aluden á vida do alén", cita unha páxina coa que seguramente sentía fondas resonancias (2004: 110-111).

E xustamente aquí é onde se anuncia o segundo paso. Nel volven a se abrir os interrogantes e perfílase a fasquía da opción por onde naqueles momentos se inclinaba a súa resposta persoal. Resposta reservada, pola dúbida ante a grandeza da inmortalidade transcendente e buscando máis ben o consolo noutra máis humilde e familiar:

> Mais non é tan doado crer, e crer sempre, e crer cando parece que ese Deus que promete a inmortalidade nos virou as costas. Daquela, dentro do panorama da desolación, amósase ante nos con nitidez a idea dunha inmortalidade reducida, íntima e familiar, que tamén é moi consoladora: non todo remata na partida —dicimos— porque eu quixen sempre estar cos meus, quero seguir estando e estarei... Non por unha eternidade, non ata a fin do mundo, senón xusto mentres estean aquí aqueles que me amaron. (2004: 111).

Non é fácil ver nestas palabras ata onde chegan os límites entre o que se afirma e o que se nega. Na aclaración a énfase non se centra en afirmar que esta opción nega a posibilidade transcendente, senón a subliñar que só importa a memoria daquelas persoas que nos aman, a daquelas que gardan o noso recordo no seu corazón. A evocación faise lírica e pecha o capítulo con palabras fermosas:

> é moi reconfortante saber que a nosa presenza chegará sempre oportunamente á festa familiar onde ninguén ousará suplantarnos, á cea de Nadal en que todos lembrarán cal era o noso prato preferido, ó paseo pola fraga onde o vento traerá o eco das palabras que dixemos aquel día... Un perfume, un prato ben cociñado, unha canción, un ceo de primavera... Ata o propio silencio da nosa ausencia falará de nos ós que nos aman. ¿Que máis podemos querer? ¿Non é isto, a seguranza de ter isto, un fermoso xeito de inmortalidade? (2004: 112).

4.

Sen dúbida hai en todos nós algo que, moi dentro, fai eco a estas palabras, pois din algo precioso, que, se faltase, faría inhumanas a nosa vida e a nosa morte. Ao mesmo tempo, xorde tamén a pregunta: será iso todo? Porque esa memoria é

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 83-94
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

íntima e reconfortante; pero, en definitiva, está escrita na area do tempo, sempre exposta a ser borrada pola marea de novos acontecementos, pola morte tamén dos seres queridos e, sobre todo, pola chegada das novas xeracións.

Non coñecemos a derradeira convicción de María Victoria. Debemos respectala e, acaso mellor, agradecela como convite á reflexión libre e meditada. Pola miña parte, vou expor unhas cantas reflexións, empezando por dous datos que, a modo de flashes, tratan de indicar por onde, sen negar esa esperanza expresada por ela, podemos complementala desde a fe que se expresa na tradición bíblica.

O primeiro flash sorprendeume a min mesmo, co recordo espontáneo dun texto lido hai moitos anos no famoso *Catecismo holandés* (1969: 450-454). Estou seguro de que lle tería encantado tamén a María Victoria, pois valora intensamente o que ela quixo indicar coas súas palabras. Merecería unha cita longa, pero, a falta de espazo, espero que abonden unhas indicacións sumarias. Tras afirmar que "a calor e a luz" que deita da vida dos defuntos, salienta o marabilloso que resulta o influxo que poden seguir exercendo, "aínda moito despois de borrarse a lembranza da figura e do nome da persoa boa". De feito, "As ideas e a bondade de miles e miles de mortos sobreviven e inflúen na humanidade hoxe. Os mortos están entre nós" (1969: 451).

En resposta á obxección de que "iso non é a persoa mesma", responde que, a pesar de todo,

> a supervivencia é máis persoal do que moitas veces imaxinamos. ¿Hai algo máis persoal e adecuado no ser humano que a forza do seu amor e a claridade da súa intelixencia? Isto aparece de forma notable na vida de Xesús de Nazaré. O seu espírito non se extinguiu coa súa morte e co seu enterro. Pola contra, a súa humanidade, a súa palabra, o seu poder para espertar e sacudir a conciencia seguen actuando no mundo (1969: 451).

O segundo flash, foi para min máis recente. Cítoo, porque ilustra ben o sentido realista da fe evanxélica, educada na meditación da morte e na resurrección do Nazareno. Trátase dun caso acontecido durante o Holocausto, relatado polo teólogo Paul Tillich e que prefiro expor coas súas palabras:

> Nos xuízos de crimes de guerra de Nüremberg apareceu unha testemuña que vivira durante un tempo nunha tumba dun cemiterio xudeu, en Wilna, […] Nunha tumba próxima, unha moza deu a luz un neno. Asistiuna o sepultureiro de oitenta anos, envolvido nun sudario de liño. Cando o recén nacido lanzou o seu primeiro berro, o vello rezou: 'Gran Deus, enviáchesnos finalmente o Mesías? Porque quen se non o mesmo Mesías pode nacer nunha tumba?' Pero

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 83-94
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> despois de tres días o poeta viu ao neno chupando as bágoas da súa nai porque non tiña leite que lle dar (1968: 261-262).

Tillich continúa a súa reflexión, alertando contra esa rutina que coa súa repetición acrítica pode ocultar a fonda seriedade dunha fe que afirma a resurrección *a pesar de* que contra ela milita a teimuda realidade da morte. A fe na resurrección confesa que é Deus, só Deus, que ten poder e amor capaces de rescatarnos da febleza da vida e do fracaso do sepulcro. O teólogo continúa:

> Cando a lin por primeira vez, ocorréuseme con máis insistencia ca nunca que os nosos símbolos cristiáns, tomados das narrativas do Evanxeo, perderon a maior parte da súa forza, por repetilos con moita frecuencia e utilizalos con excesiva superficialidade. Esquecemos decatarnos de que o presebe do Nadal foi a primeira expresión da pobreza e da miseria máis absoluta antes de que fose o lugar onde apareceron os anxos e parou a estrela. E tamén esquecemos que a tumba de Xesús foi a fin da súa vida e do seu traballo antes de ser o lugar do seu triunfo final (1968: 262).

5.

Estes flashes abren un intrigante espazo para a reflexión, pois desafían a espontaneidade do pensamento, afeito a se manexar máis facilmente no eido do mensurable e constatable, colonizado como está polo predominio da racionalidade científica ou cientifista. Ademais, unha visión acrítica da fe pode pensar que a resurrección foi proclamada na Biblia como un "ditado do ceo", que cómpre aceptar porque si, porque así está dito.

Fronte a iso, a teoloxía leva tempo ensinando que a revelación nace dunha experiencia humana, longamente traballada e depurada, por numerosas xeracións e pasando crises tan agudas como a que aparece no libro de *Xob*. Crese de verdade na resurrección, cando se comprenden e convencen as razóns que a apoian. Razóns que, como todas as referidas a cada dimensión humana profunda, teñen o seu modo específico de facer sentir o seu peso, que non debe ser medido co padrón das outras dimensións. A cada unha, tamén á relixiosa, correspóndelle un uso específico. Os usos son diferentes, pero non superiores uns aos outros. Non se razoa en bioloxía como nas matemáticas, nin na ética ou na estética como na física, nin na relixión como na química. O proceso ten modalidade distinta, pero non ten que ser menor. Por iso hai unha teoloxía da resurrección.

O cal non significa que, neste caso, sexa tarefa fácil entrar na súa lóxica e encontrar razóns que posibiliten un asentimento crítico. Confeso que penso que

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 83-94
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

a inmortalidade e a resurrección nos colocan ante un dos problemas que, tanto na filosofía como na teoloxía, opoñen maior resistencia á penetración intelectual. Nalgunha ocasión falei da "horrible evidencia do cadáver", que parece anular toda posibilidade de resposta e que sería irresponsable non tomar en serio.

Por iso, persoalmente, só me sinto capaz de fundar criticamente a fe na resurrección, pasando polo rodeo de fundamentar previamente a fe en Deus. Sei que hai outras razóns, e o mesmo Ernst Bloch, desde o seu marxismo cálido e ateo, dicía non resignarse a pensar que o noso destino final sexa igual có do gando. Pero, en definitiva, eu só son capaz de crer na resurrección, porque creo en Deus. E penso así, porque non me resulta concibible que, se Deus nos creou, é dicir, se nos sacou do nada por amor, non pode consentir que volvamos a caer no nada. "Amar a alguén, é dicirlle: ti non podes morrer", escribiu Gabriel Marcel.

Isto non me impide, claro está, comprender que haxa, e que hai, moitas persoas ás que estas razóns non convencen. Sexa cal sexa a decisión —positiva ou negativa— que se adopte ante este interrogante decisivo, como humanos o que nos queda é o respecto ante a opinión allea, e acaso o diálogo acolledor ante o interrogante común. E nel talvez debamos contentarnos todos con aquela modesta convicción que enunciaba santo Anselmo cando entraba neste tipo de cuestións: "mostrar racionalmente que non é irracional" aquilo no que cremos ou descremos.

Xa se comprende que non se trata agora de entrar en detalles. Quero sinalar unicamente a dirección por onde van as razóns que me axudan a fundar criticamente a miña fe na resurrección. Falo primeiro desde o punto de vista teolóxico, para dicir logo algo desde a reflexión filosófica.

Non afasto a teoloxía da reflexión xeral. Tratei de mostralo así desde o mesmo subtítulo da monografía que dediquei a tan difícil e escura cuestión: *A diferenza cristiá na continuidade das relixións e da cultura* (2002). Aludía con el ao feito de que o que indica a fe na resurrección, ten unha forte presenza non só nas relixións do mundo, pois todas falan de salvación alén da morte; senón tamén na mesma cultura, coas diversas especulacións acerca da inmortalidade. E cada vez doulle máis importancia ao que a vida mesma ensina en estratos moi fondos da vivencia espontánea do común da xente: "algo ten que haber", "onde queira que estean"… Talvez iso é o que quería dicir a frase antes citada de Spinoza. Tamén por iso me alegrei de que Paul Ricoeur (2008), nun libro entrañable, escrito tras o suicidio dun fillo, a morte da esposa e nos traballos da súa propia enfermidade final, coincida en falar dun "común relixioso" que se expresa de xeito distinto nas diferentes relixións e culturas.

Antes deste libro sobre a resurrección, tivera a sorte de participar nun coloquio, organizado por García Sabell sobre o tema na obra de Laín Entralgo, que estaba

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 83-94
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

presente. Alí afrontei o problema desde o punto de vista filosófico. Expresaba a intención principal no título da intervención: "Muerte e inmortalidad: lógica de la simiente vs. lógica del homúnculo" (1994)[3]. A énfase estaba en afirmar que a lóxica viva non pode operar baixo o esquema da monótona repetición do mesmo: o que nace no parto tería entón que ser unha persoa humana preformada —coma un "homiño", nena ou neno— dentro xa do seo materno. É preciso abrir a nosa lóxica á marabilla da emerxencia do novo, do antes non insospeitado nin sequera imaxinable e, menos aínda, pensable de antemán. Quen, por exemplo —aínda traballando no mellor laboratorio do mundo— podería deducir *a priori* un carballo a partir dunha landra? No proceso do cosmos igual que no da vida e da persoa, só *a posteriori* resulta posible establecer liñas de continuidade e irse acollendo ao novo adentrándose lentamente na súa intelixencia do xa acontecido.

Non cabe negar que na resurrección o problema é aínda máis difícil, porque, ao revés do que sucede coa landra e o carballo, o seu carácter, ao non ser xa mundano, impide unha verificación empírica. Esixe outro tipo de racionalidade, que trate de descubrir no que se ve do mundo a posible novidade do que por esencia non pode resultar visible nel. Esta é a sorte e a aventura deste animal paradoxal que é o ser humano. Co seu humor pegado ao cotián, Castelao falaba de que hai necesidades que non se senten na barriga. E, falando destes temas, Platón recoñecía abertamente no *Fedón* que, mesmo podendo parecer empresa insensata, paga a pena arriscarse a traspasar ese fronteira:

> Desde logo que afirmar que isto é tal cal eu o expuxen punto por punto, non é propio dun home sensato. Pero que existen esas cousas ou algunhas outras semellantes no que toca ás nosas almas e ás súas moradas […] paréceme que é conveniente e que paga a pena correr o risco de crelo así —pois o risco é fermoso (*Fedón* 114d).

No tempo presente e falando máis en xeral acerca do tipo da razón relixiosa, Michel Henry, recoñece que nela non cabe buscar unha evidencia universalizable de tipo matemático, onde é fácil concordar en que todos os raios dun círculo son exactamente iguais. Nestes asuntos entra outro tipo de razón na que está en xogo o que el chama a "nobreza do humano" (2004: 229)[4]. Despois de ler, con fonda empatía, o diario de María Victoria, creo que non se sentiría allea a este tipo de reflexións.

3 Algo digo tamén en: "Carlos Casares: a morte como semente" (2003).

4 cf. 203-47. El agudiza a diferenza mesmo co discurso ético, dun xeito co que persoalmente non chego a concordar. Cf. o interesante capítulo que Michael O'Sullivan (de quen tomo estes datos) lle dedica en "Henry and religion" (2006: 179-202).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 83-94
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Casalderrey, Fina (2018): "Unha faísca de luz para pintar amenceres", *Encrucillada* 207, 38-60.

Domínguez, Atilano (2015): *Spinoza: obras completas y biografías.* Madrid: Vive-Libro.

García-Sabell, Domingo (1999): *Paseata arredor da morte.* Vigo: Galaxia.

Henry, Michel (2004): *Phénoménologie de la vie. Tome IV: Sur l'éthique et la religion.* Paris: Presses universitaires de France.

Moreno, María Victoria (2004): *Diario da luz e a sombra.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Nuevo catecismo para adultos: versión íntegra del Catecismo Holandés. Barcelona: Herder, 1969.

O'Sullivan, Michael (2006): *Incarnation, barbarism and belief: an introduction to the work of Michel Henry*. Bern: Peter Lang.

Ricoeur, Paul (2008): *Vivant jusqu'à la mort*. Paris: Ed. du Seuil. Trad. castelá: *Vivo hasta la muerte.* Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica.

Rosenzweig, Franz (1990): *Der Stern der Erlösung*. Frankfurt am Main: Suhrkamp.

Tillich, Paul (1968): "Nacido en el sepulcro", en *Se conmueven los cimientos de la tierra*. Barcelona: Ariel, 259-265.

Torres Queiruga, Andrés (1994): "Muerte e inmortalidad: lógica de la simiente vs. lógica del homúnculo", *Isegoría* 10, 85-106. https://doi.org/10.3989/isegoria.1994.i10.272

———— (2002): *Repensar a resurrección. A diferencia cristiá na continuidade das relixións e da cultura.* Vigo: SEPT.

———— (2003): "Carlos Casares: a morte como semente", en Francisco Díaz-Fierros e Henrique Monteagudo (coords.), *Carlos Casares, a semente aquecida da palabra.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 267-270.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 83-94
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 95-99
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.724

MARÍA VICTORIA MORENO: *ELEXÍAS DE LUZ*

Xesús Rábade Paredes

Resumo: María Victoria Moreno non foi profesora nin escritora tópica. Como García Lorca, a quen estuda e admira, Galicia entrou nela como un signo profundo e verdadeiro que a impresiona, principalmente a través do amor e a terra, notas ambas e dúas de percepción cutánea, sensorial, que impregnan toda a súa produción na nosa lingua. Biografía e texto creativo son indisolubles na autora, que encara vida e obra como viaxe no mundo para facer o ben. Tal cosmovisión, anagnórise ou recoñecemento substánciase nunha serie de conceptos ou palabras clave que percorren os seus versos e as súas prosas.

Abstract: María Victoria Moreno was not a commonplace teacher or writer. Like García Lorca, who she studied and admired, Galicia had a profound and genuine impact upon her, principally through love and the land itself, which would condition her cutaneous and sensory perception that is imbued in all her production in Galician. Biography and creative writing are inextricably linked for her, who regards life and artistic work as a journey through the world whose purpose is to do good. Such a worldview, anagnorisis or recognition is substantiated in a series of key concepts or words that traverse her poetry and prose.

Palabras chave: María Victoria Moreno, itinerancia, luz outonal, evocación, identidade, marxinalidade, diverxencia, paixón amorosa como pulsión transformadora.

Key words: María Victoria Moreno, Itinerance, autumnal light, evocation, identity, marginality, divergence, romantic passion as transformative drive.

Mas recibí las flechas que me asignó Cupido
y amé cuanto ellas puedan tener de hospitalario.
Antonio Machado

Estes versos do autor de *Campos de Castilla*, a quen a nosa autora tivo en alta estima, resumirían ben a intención lírica desta profesora que chega a Galicia a comezos da década de 1960 e que non tarda en abrazar as boas causas, empezando pola lingua, coa mediación dos seus mellores portavoces: os poetas. Sensibilidade, espírito aberto e xenerosidade son notas que definen a esta cacereña universal que enraizou entre nós para quedar.

Elexías de luz (2006) é o fermoso título dun madurado libro de poemas que a nosa "peregrina nas gándaras da vida" deixa aberto sobre a mesa dos desvelos, en proceso, como a vida e como a escrita, certamente inconcluso. Neste volume caben outros libros que se soñaron e acaso se plasmaron, mais de momento fáltannos os textos. Unha actitude lírico-subxectiva de saudades marca e determina o conxunto desta obra. Ao modo de Rosalía ou de Cunqueiro, toda a produción dela se organiza como un sistema perfecto de interrelacións e de correspondencias, razón que nos conduce a situar á fronte a súa poesía, xénero nela o menos editado (o que non significa o menos preferido e cultivado) e que compendia as claves da produción global da escritora.

Contrariamente ao que puidese parecer, non hai ningunha colisión nin paradoxo entre os conceptos de elexía e luz, pois a memoria nostálxica do tempo, por máis que sexa ardida, garda sempre o remol que quenta e pulsa en dirección á luz, ao amor pleno, arela permanente na poeta como faro de vida:

Esa cántiga viva da fervenza
que era arrolo na chaira
e éxtase de espello onde as estrelas
se confunden coas almas.
Auga que gardas tesouros de sabencia,
¿onde cantas agora?

Este é o ton do libro no seu núcleo acabado, ao que estorban algúns textos concibidos por ela claramente como de circunstancias. Un centro poderoso ou conxunto de poemas unitarios, constituídos por espléndidos sonetos, redondillas e formas libres de paralelismo e acento popular, establece o sentido profundo desta mensaxe lírica. Velaí unha viaxe secuenciada de amor e desamor.

Nun dos sonetos ("paisaxe antiga") explicita a poeta: "…Mais non quero eu pensar que o tempo ido / sexa cinza ou poeira… sexa fume", porque aínda é pasado

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 95-99
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que se evoca con forza, que "levita en volutas luminosas" e, ao sentir da voz lírica, "ofrece espiñas doces, tristes rosas". Trátase dun sentimento de perda con luz dentro, luz de ocaso, outoniza, tan propia dos seus textos e da sazón dos froitos. É como se na poeta, xa madura de oficio e de experiencias, se cumprisen os temores do deus Bran (un deus nostálxico) e pasase a ser cantora de paisaxes perdidas. Así, fronte a versos de plenitude erótica, que existen —pero menos—, triunfa a sede de amor e a saudade amorosa: "Chora en versos a pluma nos solpores…".

Unha nota común —fonda melancolía cantada en versos longos e serenos, de musicalidades libres apoiadas na cadencia clásica— unifica en actitude e ritmo boa parte do libro. As vellas sombras (queridas e odiadas en verso rosaliano) presiden novos cantos, respostas líricas puras que se intensifican e descansan no molde do soneto ou que descobren sorprendentes matices nas combinacións do paralelismo inmóbil, tan adecuado para o ton elexíaco, autoelexíaco e autobiográfico de "un novo corpo limpo que soñaba co vento". Cabe salientar a sabia integración no discurso poético de formas e de ritmos da lírica galega, que coñece moi ben, ou do amplo curso literario castelán no que chega formada, que non coñece menos. Evócanos con frecuencia a Amado Carballo, a musa lírica de Celso Emilio Ferreiro e sobre todo a García Lorca, o dos *Seis poemas galegos* e mesmo o de *Poeta en Nueva York*, retomado baixo o prisma da musa surrealista nun poema senlleiro, "[vagas do mar en sombra]", que nos amosa a desolación, o descaougo ante a natureza torturada por unha civilización caótica e absurda,

onde habitan as xoias e os perfumes
lonxe están as pousadas de cascudas
xergas fedentas
cópulas sórdidas
das que sairán mirrados
sen enxoval
sen horizonte
espidos
os nenos de ollos fondos
e peitos afundidos…
[...]
éxtase de cilindros
o bemeúve lóstrego
na gándara do asfalto firme e rexo
semáforos rameiras
válvulas e meniños
todos sos e perdidos.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 95-99
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

É outra veta amorosa na defensa dos débiles. Porque un espírito sensible coma ela ten que ser receptivo a toda causa nobre e alzar a voz censora contra os amos do mundo, os seres deshumanos de mirada sombriza:

> Non ten nome, nin patria, nin amores,
> non ten acougo, nin pracer, nin gloria
> quen escribiu en odio a infanda historia
> da morte, das soidades e das dores.

Citamos a Amado, a Ferreiro e a Lorca, tres esteos no sentimento lírico da terra, que a nosa autora acolle e sabe interpretar. As súas "cántigas" e as súas seguidillas con bordón, como na voz galega do andaluz, son positivas respostas ante unha natureza viva e libre e unha xente que leva escritas dentro as leis da mesma. Estas palabras de Ortega sobre Lorca resultan axustadas á autora de *Elexías*: "un sentido vexetal da existencia (que) vive con preferencia na súa pel. O ben e o mal teñen valor cutáneo antes de nada: o bo é o suave, o malo é o que roza asperamente". Gozosamente inmersa na paisaxe, a poeta déixase ir no seu feitizo e renace galega na súa resposta lírica (nas vivencias, na lingua, nas resonancias estróficas e rítmicas…):

> Esa lúa de prata
> atopou o tesouro
> que eu perdera na auga.

O tratamento do amor aparece inxerido na propia natureza, como xa é uso no vello Cancioneiro. Elemento iluminador da vida, o sentimento amoroso que percorre este libro presenta, como nos grandes líricos galegos, substanciais orixinalidades no seu enfoque: unha identificación coas forzas vivas do cosmos e unha prevención fronte á tendencia (castelá) de signo ascético:

> mais este doce laio
> que habita nas distancias asequibles
> resolto en vento maino.

Sentimento, pois, espido de connotacións impostas e suxeito ao modelo natural da vida: ledicia plena, incerteza, arela insatisfeita, dor… O seu marco por norma é un cosmos vivo do que emana unha tendencia á unión e onde a poeta intúe, como os nosos primitivos, particulares símbolos:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 95-99
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

nas bágoas mornas dos caudais máis fondos
cereixas
maceira en flor
único amor.

A saudade como sentimento xenuíno cruza e condiciona o tratamento deste canto amoroso nesa arela de infinitude que se inscribe no fondo do sentir colectivo e á que a literatura galega lle debe a mellor parte dos seus trazos:

Cando a soidade atopa
remanso e calma
escóitanse cantigas
dentro da alma.

Debemos salientar, finalmente, tres sonetos, de rítmica galega e de factura clásica perfecta, que a poeta sitúa sobre o centro de *Elexías de luz*. Baixo o rubro "Mosteiro cisterciense de Ferreira, doce abeiro de flores", a autora reflexiona a partir destes títulos: "hai un lugar á fin dese camiño…", "cantan a Deus" e "hai un reino de paz que por min chama". Afastada do lixo da existencia —escéptica e serena—, cunha actitude lírica moi próxima á de Ramón Cabanillas de *Samos* (1958), María Victoria Moreno semella recrearse nun clima paradisíaco de fe, retiro e paz, e canta ou imaxina a vida monacal, coa oración, os traballos e o deber das profesas, inmersa na paisaxe de excelsas vibracións. Hai un protagonismo lírico afervoado e unha voz que se confesa cansa da vida e escéptica do mundo: "No corpo e mais na alma, unha canseira / de séculos gravita…"; "Énchese o aire de fragancias puras"; "reza o merlo en queixumes lexendarias / e escoitan con sosego as pedras vellas", e "Eu quixera morrer aló en Ferreira", versos e tamén epitafio literario que a abraza máis se cabe ao humus desta Terra.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 95-99
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 101-116
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.725

MARÍA VICTORIA, XENEROSIDADE E COMPROMISO COA CULTURA GALEGA

MARÍA VICTORIA: GENEROSITY WITH AND COMMITMENT TO GALICIAN CULTURE

Xavier Senín

Resumo: O presente artigo céntrase nun aspecto relevante da personalidade de María Victoria Moreno, o seu carácter xeneroso, do que dan fe múltiples testemuños de persoas que a coñeceron ou que nalgún momento se cruzaron con ela ao longo da súa vida. Así mesmo, explícase que tal xenerosidade é un elemento substancial á hora de xustificar o seu compromiso coa cultura galega, con pegadas evidentes nas variadas facetas ás que se dedicou: na súa entrega como profesional á docencia, na súa dedicación entusiasta á literatura infantil e xuvenil como escritora, tradutora e editora, na súa instalación na lingua galega ou na súa condición de activista cultural.

Abstract: This article focuses on a relevant feature of María Victoria Moreno's nature: her generosity, highlighted by a number of people who knew her at some point in her life. Furthermore, it is explained that such generosity must be regarded as a substantial element when justifying her commitment to Galician culture and is perceivable in various activities to which she was devoted: her work as a professional teacher, her enthusiastic contribution to children's and young adult literature as a writer, translator and publisher, her use of Galician and role as cultural activist.

Palabras chave: María Victoria Moreno, activismo cultural, compromiso, edición, lingua galega, literatura infantil e xuvenil, tradución, xenerosidade.

Key words: María Victoria Moreno, cultural activism, commitment, publishing, Galician language, children's and young adult literature, translation, generosity.

A xenerosidade persoal e o compromiso coa cultura galega son dous faros que marcan o camiño vital de María Victoria Moreno, dúas liñas de luz que se entrecruzan ao longo do seu devir e, en boa medida, a segunda é consecuencia da primeira.

Son innumerables as mostras de xenerosidade da autora ao longo da súa vida. De feito, ela mesma confesa esta característica do seu talante: "Ante os máis febles, síntome forte e fago por botar unha man" (Moreno 2004b: 87). Abonda con falar coa súa familia, coas súas alumnas e alumnos ou coas amizades máis íntimas, coa xente dos seus afectos, para decatarse de que María Victoria posuía esa calidade coma ningunha outra, pois todo o mundo pode contribuír cunha pincelada sobre o seu carácter ou contar unha anécdota sobre o seu proceder que pon de relevo a xenerosidade da escritora.

A estas persoas recorreu a xornalista Montse Fajardo (2018) para elaborar un volume de lembranza que, se cadra, de todas as biografías publicadas ao longo deste ano no que celebramos a escritora, é a que máis testemuños contén sobre este aspecto. Sirvan de exemplo as palabras da súa filla Begoña: "Para a miña nai, axudar era unha forma de vida, era o normal, o raro era o contrario... Como chegase alguén cun problema ela sempre facía máis do que se lle pedía" (2018: 39); as dunha das súas ex-alumnas, Lorena Ferreño: "Chegabas á casa e tiña unha biblioteca preciosa, unha parede chea de libros, que non lle podías dicir que che gustaban porque se non dábachos todos. Era súper xenerosa" (2018: 43), que engade: "Non aturaba ver a ninguén triste e era súper xenerosa" (2018: 48) e "Todo o mundo coincide en que á alma xenerosa de María Victoria prestáballe máis dar ca recibir" (2018: 59); as da súa amiga Nenuca, quen lembra que era "excesivamente xenerosa"; ou as do seu compañeiro de claustro Luís Bará: "Tiña un especial afán de proteccionismo co alumnado que tiña dificultades na súa vida persoal". Outra ex-alumna, Lorena Conde, refire a anécdota que aconteceu cando María Victoria lle mercou o libro de repostería ao que ela tivera que renunciar por ser demasiado caro para o seu presuposto, co fin de que non deixase de facerlle un agasallo á súa nai con motivo do aniversario desta: "Entregábase aos demais con esa xenerosidade extrema. Porque no seu carácter non estaba pedir nada que ela mesma non dese" (2018: 127).

Eu mesmo fun testemuña máis ou menos directa dunha desas mostras de xenerosidade extremas, e mesmo podo datala con precisión: sucedeu en abril de 1993 e dei conta dela na sección na que escribía no xornal *El Correo Gallego* un día despois da morte da escritora e amiga. Dicía así:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 101-116
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

A tarxeta de crédito

> O seu amigo levaba xa dúas semanas no hospital cando soubo que o ían levar a Madrid para operalo do corazón. Non era aquela a primeira vez que ía visitalo para darlle ánimos, pero aquel día tiña algo moi importante que facer. Pasara a noite a darlle voltas a algo no que levaba matinando na última semana. Pola tarde, despois de comer, colleu o coche e dirixiuse a Santiago. Na entrada do hospital tivo que rogarlle ao celador que lle permitise subir ver o amigo. Daquela vez estaba o home que tantos problemas lle poñía a todo o mundo, pero que se amoleceu ao ver a planta e mais o libro que levaba como agasallo.
> A visita foi bastante breve porque o doente amosaba signos evidentes de cansazo. A muller acompañouna polo corredor ata o ascensor. Cando estivo segura de que ninguén a observaba tirou do bolso un sobre e entregoullo á muller con disimulo coa encarga de que non o abrise ata que ela marchase. Así o fixo. Dentro había unha tarxeta de crédito e un papel no que se lía: "Na conta desta Visa hai un millón de pesetas, que boa falta che han facer agora que tes que operar a Xavier. Púxenlle un número que che fose doado de recordar: 1234. Bicos. María Victoria" (Senín 2005).

A miña filla Támara, que daquela era unha nena, lembra moi ben como era María Victoria, e o que aconteceu unha vez no transcurso dunha comida que compartiron:

> Unha vez, sendo nena, foron comer con María Victoria a un restaurante chinés. Mentres decidían que comer escoitouse desde a cociña un berro estarrecedor. Minutos despois saíu o encargado acompañado dunha señora que sangraba por unha man. A man ía envolta nun pano enchoupado de sangue que ía pingando polo chan. Despois de levala ao hospital volveu o encargado, remangándose, pediu un mandil, e ofreceuse para cociñar. El agradeceullo, dicindo que xa viña outra persoa de camiño, mais ela empeñouse en ir poñendo o pan nas mesas. Seica a cociñeira curou nuns días e a partir de aí, cando María Victoria volvía ao restaurante o home saudábaa coma se entrase unha autoridade. E ela poñíase máis dereita ca un fuso (Casalderrey/Aleixandre 2018: 74).

O recordo que achega o meu fillo Adrián é algo máis festivo:

> Pola Peregrina convidábanos a miñas irmás e a min. Primeiro levábanos a comer e despois iamos á súa casa. Alí viamos unha película de vídeo, nós daquela aínda non tiñamos. A seguir organizaba unha partida de parchís para arrecadar os cartos cos que iamos ir nas atraccións da festa. Sacaba o taboleiro do xogo, os

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 101-116
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> gobeletes, as fichas e os dados e poñía varios billetes de 1000 pesetas no medio da mesa. Meus pais tamén querían intervir, pero ela dicía: "Eu inventei o xogo, así que son eu a que poño as regras". Sempre gañabamos un de nós os tres, que recollía todos os cartos para pasar a tarde e nomeaba a María Victoria administradora. Lembro que eran moitos cartos e nosos pais queixábanse; dicíanlle que nos malcriaba. Coido que non os dabamos gastado, pero acababamos fartos de tanto coche eléctrico, tómbolas etc. Chamábanos moito a atención que nos facía responsables das nosas decisións. Primeiro de todo dabamos con ela unha volta de recoñecemento para irmos mirando o que máis nos gorentaba. A seguir tiñamos que decidir en que enredos queriamos ir e para iso debiamos facer os cálculos, ao que nos axudaba ela. Lembro que era moi hábil para facer operacións rápidas. Parecía que tiña unha calculadora na cabeza.

Un dos xestos de cariño coas persoas que María Victoria estimaba, consistía en utilizalas nas súas historias de ficción como personaxes aos que bautizaba cos seus nomes, ás veces mesmo engadindo os apelidos, de maneira que pola súa obra circula xente real importante para ela. Así ocorre, por exemplo, en *Mar adiante* (Moreno 1973a, 2009), onde aparece o seu home, Xosé Luís, canda o seu alumno Xesús Rábade, o poeta e a nai deste, Lola, a cociñeira, ademais dos tres fillos de Xesús Alonso Montero: Sara, Emilio e Xesús. Begoña aparece en *Leonardo e os fontaneiros* (Moreno 1986, 2017a); Fina Casalderrey, Manolo Uhía e a súa muller Beatriz en *Guedellas de seda e liño* (Moreno 1999b, 2017e); e Támara, Minia e Adrián Senín noutros contos seus. Unha vez publicado o correspondente libro, gustaba de agasallarllo á persoa mencionada, co rogo de que non deixase de lelo. Mesmo chegaba a anunciarlle a alguén que ía utilizar o seu nome para algún personaxe, como indica nesta dedicatoria á miña filla: "Para a miña amiga Támara, coa promesa de pórlle o seu nome á primeira rapaciña xeitosa que apareza nun conto. Un bico. María V.". E así o fixo no conto "O libro das saudades e os degoiros" (Moreno 1993a, 2017c).

Cando tiña que facer un regalo, pensaba ben na persoa destinataria, nos seus gustos e mesmo nas súas necesidades. Iso supoñía un bo coñecemento dos demais e bos dotes de observación pola súa parte. E facíao a conciencia. Non lle abondaba con saber que a alguén lle gustaba a lectura para regalarlle ano tras ano un libro. Podía ser roupa, e case sempre acertaba. Pero o que máis lle prestaba era "facer que unha valese por dúas". O seu proceder consistía no seguinte: se coñecía un rapaz ou rapaza que se dedicase á artesanía, alumnos seus ou fillos de alumnas, encargáballe algo para agasallar. De tal xeito, amosábase xenerosa dúas veces e con dúas persoas asemade, pero sen lle dar ao seu acto un carácter de esmola, senón poñendo en valor o traballo, neste caso de quen se dedicaba á artesanía.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 101-116
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Houbo un tempo no que a algunha xente lle felicitou o aniversario ou o santo cun traballo en coiro realizado no taller do fillo dunha ex-alumna súa. Non faltou quen lle dixese que facía seguido obras de misericordia, malia que ela nunca pretendeu que a súa actitude de axuda aos demais, a xenerosidade natural con quen o precisaba, tivese nada que ver coa relixión, polo menos nada que se relacionase coa relixión de maneira convencional.

Cómpre lembrar que temos probas da xenerosidade da escritora xa antes da súa chegada a Pontevedra. Cando estudaba a carreira de Filosofía e Letras na sección de Filoloxía Románica na Universidade Complutense, impartiu clases gratuítas de francés no barrio de Entrevías, un dos máis humildes de Madrid, onte estaba o Pozo do Tío Raimundo. Así mesmo, reparou nun compañeiro invidente, José Luis Llácer Zarzoso, e non dubidou en botarlle unha man exercendo de lectora para el:

> Moi nova, estudante na Facultade de Madrid, advertiu, un día, que, no seu curso, había un rapaz valenciano moi intelixente e aplicado, aplicación e intelixencia tantas veces necesitadas do concurso dunha man allea para realizarse. Esa foi a man de María Victoria, unha man non caritativa, unha man xenerosa, fervorosa… Así era María Victoria, que entregou horas e horas a ditarlle apuntes…, a lerlle en voz alta textos literarios… (Carballa 2005).

Ese compañeiro de estudos converteuse no seu home non ben rematou a carreira, en xuño de 1963. Consciente da falta de libros que tiñan os invidentes, da necesidade de aumentar a biblioteca ao seu dispor, e animada polo seu marido, María Victoria faría algunhas traducións para a ONCE, sobre todo do francés.

María Victoria chega a Pontevedra no curso escolar 1963-1964 acompañando o seu home, que fora destinado ao Colexio Santiago Apóstolo da ONCE. Ese ano imparte clases de Latín no daquela Instituto Feminino, actual Valle-Inclán, e o curso seguinte a materia de Francés no mesmo centro. Non hai noticias deses dous primeiros anos na cidade do Lérez, pero é de supoñer que sería unha profesora máis das que impartían aulas nos institutos de bacharelato da vila. No entanto, si sabemos que durante ese tempo preparou as oposicións de Profesora Agregada de Lingua e Literatura Española, que aproba no verán de 1965:

> Cheguei a Pontevedra, onde escoitaba dicir, *que jovencita, licenciadita, ¿te harás del Casino?*, e daquela souben que aquilo non era o meu. O que fixen foi poñerme a estudar, porque o instituto era a miña paixón, e gañei a oposición (Carballa 2005).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 101-116
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Aínda que aquela vila lle parecía fermosa e, con xente acolledora e un clima feito á medida do seu carácter, albisca "que a Galicia verdadeira estaba fóra daquel mundo –castelanfalante, pequeno e entrañable da vila" (Moreno 1994: 109). O número de orde que logra permítelle escoller destino no Instituto Masculino de Lugo, o que lle quedaba máis preto da súa residencia, onde permanecería durante dous anos escolares: 1965-1966 e 1966-1967.

Cando toma posesión da súa praza no instituto lugués, encontra unha cidade moi distinta da vila onde residía. Alí decidiu integrarse con plena conciencia no país: "Foi en Lugo onde Galicia se revelou ante os meus ollos, enteira, no seu ser, na súa cultura, no seu feitizo, na súa problemática e na súa lingua" (Moreno 1994: 109). Esta revelación da que fala empúxaa a tomar conciencia da situación de diglosia que sofre Galicia. O catedrático da materia de Lingua e Literatura Española era o profesor Xesús Alonso Montero que, como ela mesma confesa, influíu decisivamente na súa actitude persoal e fixo posible esta revelación, pero tamén os seus alumnos, que lle daban a corrixir "fermosos poemas nos que falaban na lingua deles das súas inquedanzas e das súas arelas" (1994: 109).

A importancia do catedrático da materia é recoñecida por María Victoria en múltiples lugares, e nunca deixou de se gabar de ser boa amiga do profesor –"Alí entra a miña crise de conciencia e nela ten moita importancia na miña vida Xesús Alonso Montero.... Botei dous anos en Lugo e comprendín a distribución social da lingua" (Carballa 2005)– nin de manifestar, sempre que tivo ocasión, o agradecemento: "A actitude ante a lingua, a ética e o compromiso cos seus falantes herdeinos de quen foi o meu mestre, de quen me honro e recoñezo coma mestre" (Moreno 2000). A partir de entón mergúllase no idioma lendo a Otero Pedrayo, aprendendo léxico, comprometéndose coa cultura da xente "que falaba en galego, que eran os traballadores, os obreiros, os labregos…" (Neira 1999: 13), e faino sen atranco ningún: "Fun competente na miña carreira, sabía francés, catalán, italiano e castelán, tamén algo de romeno e portugués e aprender galego non era ningún problema" (Carballa 2005).

En outubro de 1967 torna a Pontevedra, destinada ao Instituto Valle-Inclán, e até 1970 non temos noticias de que escriba en galego, pero si de que o ensinaba, tal e como conta Moncha Fuentes (1992): "Naquel curso do 68, unha María Victoria, xoven, entusiasta, e recén chegadiña de Lugo ensinábanos a amar a nosa lingua –que tamén fixo súa– e a ler a Rosalía, a Valle e a Miguel Hernández". Malia a súa actividade nas clases, a profesora confesa: "Xa de volta en Pontevedra, a pesar da miña sincera conversión á galeguidade, escribín unha novela e unha colección de relatos para adultos en castelán" (Moreno 1994: 110). Nese ano presenta aos Jogos Florais Minho-Galaicos dous contos, un en castelán, "La casa de las Marías", que acadou o primeiro premio, e outro en galego, "A gaiola",

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 101-116
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que non resultou galardoado, malia se sentir moi satisfeita del: "Enviei, ademais, un conto en galego titulado «A gaiola» que non foi seleccionado. De todos os xeitos é o que escribín con máis cariño, o máis humano, o que maior satisfacción me deixou cando gardei a pluma e o lin enteiro" (I.L.R. 1971). "A gaiola" sería pois o primeiro texto que escribiu en galego do que se teña noticia, nun tempo no que aínda escribía en castelán, como proban a súa novela *Alcores de Donalvar*, coa que logrou quedar entre os catro finalistas do Premio de Novela Corta Café Gijón, e outros contos desa época recentemente rescatados pola familia e traducidos ao galego (Moreno 2018).

Sexa como for, durante estes anos continúa a aprender a lingua, e mesmo decide escribir en galego en diante: "Esta decisión foi libre no que respecta á lingua: non me ía mal cando escribía en castelán. Tampouco non me foi mal cando escribín para adultos… É dicir, o compromiso que asinei é libre… unha opción persoal exenta de calquera tipo de interese" (Moreno 1994: 110).

En 1972 acada o segundo premio do V Concurso de Contos Infantís convocado pola Asociación Cultural O Facho da Coruña con "Crarisca e o luceiro" dotado con 3.500 pesetas. Nunha carta ao Facho (Pena 2018: 55), María Victoria pide autorización para publicar o conto premiado nun volume de narracións infantís que, segundo ela, sairía no outono, en referencia á que será a súa primeira obra de literatura infantil e xuvenil, *Mar adiante*. Porén, esta obra, de especial importancia para a cultura do país por ser un dos libros fundacionais da literatura para a xente nova, non verá a luz ata comezos de 1973:

> Escribo sempre como un impulso, sen planificación, *Mar adiante*, o primeiro libro galego saíu porque o soñei. E a partir daquela o meu compromiso co galego xa foi para sempre. Ningunha lingua me necesita a min… Escribo en galego porque amo a Galiza, porque Galiza me deu moito, porque penso en galego, porque collín a causa dos pobres… Eu non escribín en galego por ningunha gloria mundana (Carballa 2005).

Principia así unha carreira na escritura en galego para a mocidade e a infancia e en galego, sabedora de que "… a literatura infantoxuvenil é a única que poden ler todas as persoas, pequenas e maiores, e que resulta así a máis inclusiva. Sen ela, como ben sabían pioneiras como María Victoria Moreno… non hai futuro nin para a lingua nin para o pobo" (Reimóndez 2017).

Como sinala Alonso Montero (2018a: 102): "A partir de 1973 publicará novelas, contos, ensaios, estudos, poesía… sempre, practicamente sempre, en lingua galega… Xa arredor de 1970 deslumbraba os oíntes, en cursos e conferencias, pola prosodia e polas escolleitas léxicas…". Entre estes traballos está a antoloxía

Os novísimos da poesía galega (Moreno 1973b), preparada precisamente a instancias do seu amigo Alonso Montero, director da colección Arealonga, para a cal a escritora selecciona os poetas, organiza os poemas, tradúceos ao castelán e escribe o prólogo.

A partir dos primeiros setenta podemos afirmar que María Victoria se converte nunha activista cultural, nunha traballadora activa a prol da cultura do país que xa é o seu. En 1973 ela, o seu home e outras sete persoas máis de vila, con grande esforzo persoal, poñen en marcha outra iniciativa cultural que había ser fundamental na adormecida Pontevedra da época: a librería Xuntanza.

> Naquel espazo de resistencia, sen mostrador, sen caixa rexistradora, mais con libros difíciles de conseguir […] tiveron lugar animados parladoiros frecuentados por intelectuais progresistas… A librería converteuse nunha referencia, tamén para a literatura infantil e xuvenil en Galicia (Casalderrey 2018: 12).

O proxecto resultou moi positivo, pero pouco e pouco a xente foi cansando e tres anos despois tivo que cerrar. Naquel momento quedaban á fronte da librería María Victoria Moreno e José Luis Llácer, que tiveron que correr con todos os gastos e as débedas.

De por parte, María Victoria atende as súas clases no Instituto Feminino e mesmo asume o cargo directivo de xefa de estudos nocturnos (de 1973 a 1976) e diúrnos (de 1976 a 1979). Este posto suporíalle un traballo redobrado, pois era responsable da elaboración dos horarios e de toda a disciplina do centro. Polo demais, supúxolle un contacto estreito coas alumnas, o que tiña como consecuencia coñecer en profundidade as súas dificultades, non só escolares, senón tamén persoais. Dese coñecemento xorde a súa actitude xenerosa, pois pretende resolver todos os problemas dos que ten coñecemento: axuda a cubrir os formularios de solicitude de bolsas, facilita ela mesma axudas directas con cartos do seu peto, ben para pagar a matrícula, para comprar os libros ou para facilitarlle a algunha alumna que poida asistir a unha excursión do centro. E, aínda así, non era das persoas que facían gala de axudar os demais, por iso moitas destas actividades son aínda hoxe descoñecidas, mesmo para a propia xente beneficiada. "Hai tantos recordos de muller boa e xenerosa... mesmo coa xente que nunca soubo que o fora..." (Fajardo 2018: 63). Seguía ao pé da letra a recomendación que se recolle no Evanxeo de Mateo: "que non saiba a túa man esquerda o que fai a dereita" (Mateo 6,3). Por iso fabulaba e inventaba que o centro dispuña de axudas para casos especiais. E ofrecíase a preparar todas as xestións sen que a persoa beneficiaria tivese que mover unha palla: nin se vía obrigada a cubrir papel ningún nin precisaba outro documento ca a súa propia necesidade e ilusión. Con todo, malia

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 101-116
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

a cita evanxélica, nunca entendeu esta súa actitude de axuda como unha obra de caridade.

María Victoria chegou a coñecer moi ben a lingua e a literatura galegas. No que respecta á literatura, xa nas clases no Instituto Feminino dedicaba algunha hora á semana para explicárllela ás alumnas. Así o lembra a académica Rosario Álvarez Blanco, nun escrito en apoio da súa candidatura para dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2018:

> Ela ía metendo, cada semana, algún anaquiño de literatura galega nas clases e foinos animando a que, cada pouco, nós foramos presentando tamén pequenos textos escritos por nós en lingua galega. No meu recordo era aos venres. Faciamos como podiamos, con frecuencia mirando a Rosalía. Moitas xa nunca o deixamos.

A partir de 1972 María Victoria xa estaba perfectamente preparada para impartir clases non só de literatura, senón mesmo de lingua galega, aínda que o seu activismo cultural non quedou só niso e comeza a dar conferencias sobre distintos temas[1]. De por parte, alfabetiza os galegos na súa lingua propia e imparte clases en Pontevedra, en Vilagarcía de Arousa e no Ateneo de Ourense durante os primeiros anos da década dos setenta: "Noutras cidades de Galicia (A Coruña, Vigo…), outros profesores impartían cursos semellantes. Quizais ningún deses profesores tiña a formación filolóxica de María Victoria quen –imponse dicilo e subliñalo– era o único docente non galego" (Alonso 2018b: 21).

Garda a familia dous testemuños do agradecemento dos alumnos daqueles cursos: un corresponde ao primeiro curso de Pontevedra organizado pola Asociación Amigos da Cultura, e está tirado das palabras que pronunciou o delegado do Padroado Rosalía de Castro, don Manuel Trigo: "Eu, nós todos, debémoslle á nosa profesora este novo modo non de ver senón de senti-lo noso idioma. Dendes de agora, teremos prá nosa fala un amor –amor é unha cousa viva– que hastra agora non lle tivemos" (Trigo 1972). O segundo agradecemento é unha carta do alcalde de Vilagarcía de Arousa, do 24 de maio de 1973, que asistiu a dous cursos

1 Entre os que podemos destacar "Galicia vista y sentida por Federico García Lorca", no Casino de Vilagarcía o 20 de xaneiro de 1973 e no Casino de Pontevedra; "O ensino das linguas vernáculas", no salón de actos da Casa da Cultura da Coruña, nun acto organizado pola Agrupación Cultural O Facho; ou "Literatura de nenos e literatura para nenos", tamén no Casino de Vilagarcía, en xuño-xullo de 1975. De por parte, intervén nos medios de comunicación e publica o artigo "No dejéis que muera vuestra lengua" (Moreno 1973c, 1974) sobre o *Informe –dramático– sobre la lengua gallega*, publicado por Alonso Montero. Intervén tamén no programa de Radio Nacional de España "Da terra e dos tempos" para falar sobre ensino galego, a literatura infantil e a incorporación da muller galega ás tarefas galegas.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 101-116
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

de galego, na que lle chama á profesora "boa amiga, namorada da nosa rexión e lengua… esta xentil e doce María Victoria que, co seu grande corazón fíxonos ver que pequeno o temos nós" (Piñeiro 1973).

No plano persoal, María Victoria comeza o traballoso, aínda que gratificante e non sempre comprendido, proceso de adopción dos dous irmáns, Begoña e Carlos, ao que non lle poñería o ramo até 1975. Desde o punto de vista do traballo na casa, as angueiras multiplícanselle, pois ten que atender a tres persoas, o home e os dous fillos, que en distinta medida dependen moi directamente dela. Iso quítalle tempo para outras actividades. Como confesa, neste momento e noutros da súa vida: "Fun necesaria para sacar adiante a miña familia cando tivo problemas…" (Carballa 2005). Este é, en resumo, o polifacético traballo pola nosa cultura que María Victoria desenvolveu nos seus primeiros corenta anos de vida, con toda a dedicación e ilusión que adoitaba poñer en cada un dos proxectos que acometía.

A partir de 1975 hai un período de case unha ducia de anos durante o cal unha muller que até daquela tanto fixera pola nosa cultura parece que hiberna até que, como ela mesma adoitaba dicir, "sae da cociña" para volver centrarse nos cursos de galego, esta vez de especialidade, na literatura de creación e na tradución.

Cando en 1984 a Consellería de Educación convoca os primeiros cursos de especialidade de galego, destinados a mestres, encárgalle a coordinación ao Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago. Nos cursos ensinábase Lingua, Literatura, Historia, Xeografía e Didáctica. No momento de seleccionar o profesorado, a Rosario Álvarez, unha das persoas responsables, ocorréuselle o nome da súa antiga profesora, da que tan bo recordo gardaba. Cando lle preguntaron a María Victoria se quería impartir clases de Literatura galega neses cursos, reaccionou exultante, mesmo parecía que lle tocase a lotería, e incorporouse á nova tarefa coa dedicación que adoitaba nas súas angueiras anteriores. Durante os tres anos seguintes deu clases de Literatura galega en Pontevedra, Vilagarcía, Portonovo e O Porriño, até que, chegado un momento, tanto ela coma o resto dos profesores escolleitos abandonaron esta tarefa. Nese intre interpretouno como un sinal de boa sorte, porque ao seu ver significaba que había licenciados abondo para poder asumir os cursos que a Consellería seguía convocando e que os mestres saían formados das escolas de formación do profesorado e con coñecementos máis que sobrados para impartiren clases na lingua do país.

María Victoria continuou traballando incansable ata o final dos seus días, un labor que debe ser calibrado na súa xusta medida, xa que o compaxinou cunha gran responsabilidade no ámbito familiar, pois cómpre lembrar que dende 1983 ata 1996 a súa nai foi vivir á súa casa de Pontevedra e tivo que ocuparse dela. Ademais, tiña que criar os fillos e axudar o seu home, que non morreu ata xaneiro de 1996. Son os anos, con todo, nos que lle dá máis pulo á súa carreira literaria,

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 101-116
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

se confirma como reputada conferenciante e participa en encontros con lectores, mesmo ás veces en condicións bastante precarias.

Ilustra bastante ben a súa dedicación e dispoñibilidade o feito de que estea presente na maior parte das campañas de lectura que organizou a Xunta de Galicia de 1989 a 2001. A través de tales campañas, entre outras actividades, tentábase que as nenas e os nenos entrasen en contacto coas persoas responsables de que os libros chegasen ás súas mans, para o cal se programaban visitas aos colexios e bibliotecas dos profesionais da ilustración, da escrita e da tradución. María Victoria viaxou con entusiasmo a moitos lugares para falarlles aos rapaces dos seus libros ou, no caso de que non os lesen, da literatura e das súas obras preferidas, coma se estivese impartindo unha clase.

Nesas campañas adoitaban editarse uns libros ilustrados con relatos de escritores ou escritoras de literatura infantil e xuvenil. Sempre que se lle propuxo participar, aceptou e incluso manifestaba sen reparos a súa ilusión (Moreno 1989, 1991a, 1993b, 1998, 2001 e 2004a). Tamén colaborou en campañas de lectura no concello onde viviu, no Salón do Libro Infantil e Xuvenil, así como con outros organismos, como Caixa Galicia, a empresa Castromil ou El Correo Gallego (Moreno 1992a, 1992b e 1993a), e foi pregoeira das feiras do libro de Galicia polo menos en tres ocasións: en Vigo (1989), en Santiago (2000) e en Pontevedra (2003). Nos arquivos que a familia custodia consérvanse os pregóns de Vigo e de Pontevedra, este último recollido no volume *Elexías de luz* (Moreno 2016). Polo que respecta ao pregón de Vigo, son ben significativas estas palabras:

> Quero pensar que non fun chamada para este fermoso cometido por ser escritora, senón por ser profesora de LITERATURA[2], é dicir, por ter desenrolado xa ao longo de vinte e cinco anos, en Galicia e moitas veces en Galego, ese humilde traballo de ler para min e para os demais, de achegarme día a día a ese tesouro inabarcable que son os libros para despois sementar na xente máis nova o amor por esa fonte de mellora persoal e de felicidade que é a lectura (Arquivo familiar).

E é certo, porque noutros lugares ten declarado o seu orgullo e satisfacción por dar clases: "Para min ser profesora é unha paixón. Se tivese que elixir entre ser escritora ou profesora, quedaría sen dubidalo co segundo" (Neira 1999: 12).

Outra das actividades que María Victoria asumiu afervoada foi a tradución. Teñamos en conta que falamos duns tempos nos que non había moita xente disposta

2 As maiúsculas son da autora.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 101-116
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

para traducir, con excepción de Valentín Arias –un pioneiro, fundador da Asociación de Tradutores Galegos–, Carlos Casares e algúns profesores máis, e nos que se partía do convencemento de que era imprescindible que os lectores e as lectoras de Galicia tivesen acceso ás obras escritas noutras linguas para podermos falar dun sistema literario normalizado. E foi precisamente Carlos Casares o que a animou neste labor, porque buscaba a alguén que lle traducise ao castelán *O can Rin e o lobo Crispín* para a colección A Chalupa (Casares 1983), e ela aceptou o reto. Tras esta primeira experiencia, chegarían outros moitos traballos neste eido (Villar 1985; Pisón 1987). Naquela época Carlos traducía tamén para Argos Vergara e tiña tal cantidade de traballo que non daba conta do recado. E así foi como, pola súa mediación, María Victoria, comezou a traducir ao castelán e ao galego, ademais de entrar en contacto con dúas persoas catalás, Francesc Boada e Carme Peris, que terían certa importancia no desenvolvemento do seu traballo. O primeiro traduciu varios dos seus libros ao catalán e Carme ilustrou algunhas das súas obras.

Aproveitamos que acabamos de falar de Carme Peris para resaltar que María Victoria tivo un papel decisivo no nacemento de dúas asociacións: O PEN Club de Galicia e a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX). Nesta última foi peza fundamental para dar os primeiros pasos. A súa xenerosidade, unida á amizade con Carme Peris, daquela presidenta de OEPLI, foi a clave para que Carme viñese a Galicia e se organizasen todas as persoas que tiñan algo que ver co mundo dos libros para a xente miúda.

Neste mesmo campo da literatura para a xente nova, María Victoria quixo aplicar os seus coñecementos literarios a dar os primeiros pasos nunha nova colección coa que Galaxia creaba algo propio desligado de coedicións con outras editoriais. Con Antonio García Teijeiro e David Otero, baixo a dirección de Carlos Casares, contribuíu a poñer os alicerces da colección Árbore, que dirixiron atendendo a criterios de calidade. Nela, María Victoria tivo un papel preponderante, ademais de como editora, como escritora –o terceiro número da colección é *Anagnórise* (Moreno 1988, 2017b), unha das súas grandes obras– e tradutora. Súas son as versións galegas de *Mecanoscrito da segunda orixe* (Pedrolo 1989), *Isto que ves é o mar* (Janer 1989), *Os ollos do dragón* (Gardella 1989) –todos tres do catalán– e *As mazás da prosperidade* (Andersen 1991), dende o castelán.

Así mesmo, como mostra da súa implicación na docencia, elabora dous libros de texto: *Literatura. Século XX. Iniciación universitaria* (Moreno/Rábade 1985) –para 2º de bacharelato– e *Literatura 3º de BUP* (Rábade/Moreno/Alonso 1987) –para 1º de bacharelato–,

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 101-116
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> uns dos primeiros dispoñibles para impartir a materia nas aulas do Ensino Medio, en ambos os casos dous completos intentos de sistematización, con abondosas explicacións relacionadas co contexto estético e xeracional, comentarios de texto, rigorosas análises das claves que caracterizan a produción dos autores e autoras estudados e esquemas e gráficos moi útiles para favorecer a aprendizaxe (Soto/Senín 2018: 41).

De por parte, non quixo deixar de lado a divulgación e escribiu dous breves e útiles ensaios, tamén dirixidos ao mundo escolar, nos que pon ao alcance do profesorado e da mocidade os seus amplos coñecementos sobre os temas tratados nunha linguaxe clara e directa: *As linguas de España* (Moreno 1991b) e *Verso e prosa* (Moreno 1991c).

Antes de rematar non quero esquecer dúas mostras máis de xenerosidade da escritora, ben coñecidas por seren públicas: unha, a cesión de todos os seus libros, os seus queridos libros, ao centro onde desenvolveu o gratificante labor de profesora, o Instituto Torrente Ballester. A segunda é a xenerosidade da autora cara ás causas xustas na cesión dos dereitos dun dos seus libros á Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns "Amencer-Aspace". A súa familia, que tan paciente, atenta e xenerosa foi con todas as persoas que os molestamos para solicitar datos da escritora e profesora, quixo respectar o desexo da autora, e así, na nova edición de *A brétema* (1999a, 2017d) figura na páxina de créditos: "Os dereitos de autoría deste texto serán cedidos por desexo da familia de María Victoria Moreno á Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns Amencer-Aspace".

Coido que vén ao rego traer aquí as contundentes palabras da escritora María Reimóndez nun artigo no que fala da invisibilidade das mulleres e máis en concreto da escritora á que este ano se lle dedicou o Día das Letras Galegas: "resulta abraiante que certos literatos sigan considerando admisible non ter nin idea de quen é María Victoria Moreno… non teñen o máis mínimo reparo en ignorar o traballo esforzado e meritorio das autoras" (Reimóndez 2017).

E, como ramo desta miña contribución, velaquí estas palabras que comparto plenamente: "Como o Principiño, María Victoria Moreno sempre tiña o corazón aberto para recibir a calquera que chamara á súa porta" (Varela 2005).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 101-116
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Obras citadas de María Victoria Moreno

———— (1973a, 2009): *Mar adiante (Historias de nenos pra nenos)*. Sada: Ediciós do Castro; Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

———— (ed.) (1973b): *Os novísimos da poesía galega / Los novísimos de la poesía gallega*. Arealonga 3. Madrid: Akal.

———— (1973c / 1974): "No dejéis que muera vuestra lengua", *Diario de Pontevedra* 15/IX/1973; *El Correo de Galicia* (Buenos Aires) 177 [15/IV/1974].

———— (1986, 2017a): *Leonardo e os fontaneiros*. Vigo: Galaxia / SM; Vigo: Galaxia.

———— (1988, 2017b): *Anagnórise (novela de amor)*. Vigo: Galaxia; Vigo: Galaxia.

———— (1989): "Nico e Miños", en *8 contos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 15-20.

———— (1991a, 1992a, 2017c): "Querida avoa", en *Lerias*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 51-74; Vigo: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística; en *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco Editora, 13-43.

———— (1991b): *As linguas de España*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

———— (1991c): *Verso e prosa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

———— (1992b, 2017c): "S.O.S.", en *Contos de hogano*. El Correo Gallego. Biblioteca 114. Santiago de Compostela: Compostela, 47-63; en *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco Editora, 45-63.

———— (1993a, 2017c): "O libro das saudades e os degoiros", en *V Tren Caixa Galicia-Ruta Rosalía*. Santiago de Compostela: Caixa Galicia / Renfe, 29-34; en *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco Editora, 65-77.

———— (1993b, 2017c): "Pan con chocolate", en *Relatos para un tempo novo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 21-35; en *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco Editora, 79-92.

———— (1994): "¿Escritora alófona eu?", en Xesús Alonso Montero e Xosé M. Salgado (eds.), *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*. Vigo: Galaxia, 107-111.

———— (1998): *¡Xa non teño medo!* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

———— (1999a, 2017d): *A brétema*. Vigo: Ir Indo; Santiago de Compostela: Urco Editora.

———— (1999b, 2017e): *Guedellas de seda e liño*. Vigo: Galaxia; Vigo: Galaxia.

———— (2000): "O mestre das palabras", *Culturas. La Voz de Galicia* 116 [22/II/2000], 2-3.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 101-116
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (2001): "Amigos de mil cores", en *Campaña de Lectura 2001*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
———— (2004a, 2017c): "O grumete", en *Contos de charlatáns, grumetes, botas e fendas.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 45-61; en *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco Editora, 111-120.
———— (2004b): *Diario da luz e a sombra.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
———— (2006): *Elexías de luz*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
———— (2017c): *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco Editora.
———— (2018): *Nosoutras*. Santiago de Compostela: Urco Editora.
Moreno, María Victoria e Xesús Rábade Paredes (1985): *Literatura. Século XX. Iniciación universitaria*. Vigo: Galaxia / SM.
Rábade Paredes, Xesús, María Victoria Moreno e Luís Alonso Girgado (1987): *Literatura 3º de BUP.* Vigo: Galaxia / SM.

Traducións citadas realizadas por María Victoria Moreno

Andersen, H. C. (1991): *As mazás da prosperidade.* Vigo: Galaxia.
Casares, Carlos (1983): *El perro Rin y el lobo Crispín.* Barcelona: La Galera.
Gardella, Maria Àngels (1989): *Os ollos do dragón*. Vigo: Galaxia.
Janer Manila, Gabriel (1989): *Isto que ves é o mar.* Vigo: Galaxia.
Pedrolo, Manuel de (1989): *Mecanoscrito da segunda orixe.* Vigo: Galaxia.
Pisón, Xesús (1987): *El pintor del viento.* Barcelona: La Galera.
Villar Janeiro, Helena (1985): *El día que llovió de noche.* Barcelona: La Galera.

Bibliografía

Alonso Montero, Xesús (2018a): "Da alofonía e da autofonía, e, neste universo, o nome preclaro e singular de María Victoria", en Blanca-Ana Roig Rechou (ed.), *María Victoria Moreno. Nun lugar de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade, 89-103.
———— (2018b): "*Mar adiante*, de María Victoria Moreno na vida da autora, na miña e na dos meus", en María Victoria Moreno, *Mar adiante*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, [17]-36. Edición facsímile.
Carballa, Xan (2005): "María Victoria Moreno: Estamos ben programados, gozamos da vida, pero ao final aceptamos a morte", *A Nosa Terra* 157, 29.
Casalderrey, Fina (2018): "Os libros. A sombra da súa alma", en Mercedes Queixas Zas e Cesáreo Sánchez Iglesias (coords.), *Renacer á descuberta das palabras. María Victoria Moreno*. "De nós": monografías con perspectiva galega 2. Santiago de Compostela: Sermos Galiza; 4-16.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 101-116
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Casalderrey, Fina e Marilar Aleixandre (2018): *María Victoria Moreno: a muller que durmía pouco e soñaba moito*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Fajardo, Montse (2018): *O escalón de Ulises: a Pontevedra dos afectos de María Victoria Moreno, a mestra que escribía libros*. Pontevedra: Concello.
Fuentes, Moncha (1992): "Ensino medio, adeus", *Faro de Vigo* 14/II/1992.
I.L.R. (1971): "María Victoria Moreno, primer premio y medalla de oro en los Juegos Florales Miño-Galaicos de Guimarães", *Diario de Pontevedra* 1/XII/1971.
Neira Cruz, Xosé Antonio (1999): "María Victoria Moreno Márquez: «Estou a escribir contrarreloxo» [Entrevista]", *Fadamorgana* 3, 12-16.
Pena Presas, Montse (2018): *A voz insurrecta. María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida*. Vigo: Galaxia.
Piñeiro, Victoriano (1973): "Carta do alcalde Vilagarcía de Arousa a María Victoria". Vilagarcía de Arousa, 24 de maio. Arquivo familiar.
Reimóndez, María (2017): "As eternas descoñecidas", *Sermos Galiza* [xornal dixital] 16/VI/2017. Dispoñible en https://www.sermosgaliza.gal/opinion/maria-reimondez/as-eternas-desconecidas/20170616141640058662.html.
Senín, Xavier (2005): "A tarxeta de crédito", *El Correo Gallego* 23/XI/2005.
Soto, Isabel e Xavier Senín (2018): *María Victoria Moreno. Sementadora de futuro*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Trigo Díaz, Manuel (1972): "Verbas de M. Trigo Díaz". Palabras pronunciadas no xantar de remate do I Curso de Galego. Pontevedra 24 xaneiro-8 maio no Mosteiro de Armenteira. Arquivo familiar.
Varela, María (2005): "Adeus 'principiña'", *Diario de Pontevedra* 23/XI/2005.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 101-116
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 117-139
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.726

A MESTRA E A PEGADA DO CAMIÑO ENSINADO

THE TEACHER AND THE PATH OF THE WAY TAUGHT

Fina Casalderrey
Real Academia Galega

Resumo: A prioridade e gran paixón de María Victoria Moreno —catedrática de Lingua e Literatura Castelá— foi o mundo do ensino. Da entrega e entusiasmo por facer, xa en plena ditadura franquista, unha escola diferente, máis achegada á vida, derivan outros moitos ángulos desta versátil activista cultural, galega no sentir e no vivir, que exerceu de mestra de mestres, libreira, editora, tradutora, ensaísta, narradora, poeta, sociolingüista, conferenciante... mais sempre, e por riba de todo, de MESTRA que dedicou máis tempo a formar creadores ca a conquistar para si a gloria dos escaparates. Sabedoría, sensibilidade, ética, entusiasmo e compromiso coa lingua galega e co país foron as súas armas máis potentes dentro e fóra das aulas. Da pegada que deixaron nela os seus mestres e mestras e da que ela foi sementando ao iluminar futuros no alumnado trata este relatorio.

Abstract: The priority and great passion of María Victoria Morena, professor of Castilian Language and Literature, was the world of education. The commitment to and enthusiasm for the creation, during the Franco dictatorship, a different kind of school reveal other angles to this versatile cultural activity who was Galician in terms of her sensibility and lifestyle. She was engaged in teacher training, worked in the book trade and was a publisher, translator essayist, writer, poet, sociolinguist and public speaker. However, she was above all else a TEACHER who dedicated the majority of her time to helping to train writers rather than seek her own glory in shop windows. Her most powerful resources inside and outside of the classroom where wisdom, sensibility, ethics, enthusiasm and commitment to the Galician language and nation. This article examines how she drew upon the impact that her own teachers had had on her in order to contribute to the formation of future artists from amongst her own pupils.

Palabras chave: María Victoria Moreno, ensino, ditadura, entusiasmo, innovación, compromiso, diglosia, autofonía, pegada.

Key words: María Victoria Moreno, education, dictatorship, enthusiasm, innovation, commitment, diglossia, autophony, impact.

Son unha profesora que pasou a vida sementando para o futuro, pensando nos que veñen detrás e soñando para eles un mundo mellor do que me cadrou a min (Moreno 2004: 119).

1. INTRODUCIÓN

Ensinarás a voar,
pero non voarán o teu voo.
Ensinarás a soñar,
pero non seguirán o teu soño.
Ensinarás a vivir,
pero non vivirán a túa vida.
Sen embargo...
En cada voo,
en cada vida,
en cada soño,
permanecerá a pegada
do camiño ensinado.

Velaquí uns versos que Gonxha Agnes Bojaxhiu, máis coñecida como Teresa de Calcuta (2006: 255-256), dedica ás persoas que nos ensinan algo fermoso e útil, que abren novos sucos para que prenda neles a semente do ensinado[1]. A María Victoria Moreno, catedrática de lingua e literatura castelá, a esta extraordinaria MESTRA que, cal lumieira inextinguible, foi acendendo luces por onde pasou, dedícollos eu nesta ocasión.

Céntrase a miña intervención na María Victoria ensinante, nesa súa condición que, coma un credo, reivindicaba e na que se recoñecía por riba de todas as demais:

1 Tradución nosa.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 117-139
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Eu non pensei nunca ser escritora. En cambio, desde que cheguei á Universidade si, tiven moi claro que quería ser profesora. Para min, ser profesora é unha paixón. Se tivese que elixir entre ser escritora ou profesora, quedaría sen dubidalo co segundo. (Neira 1999: 12).

Porén, foi quen de harmonizar ese entusiasmo vital, ese lúcido impulso como ensinante coa súa valiosa achega como excelente narradora, poeta de sensibilidade non finxida, arriscada libreira, editora competente, rigorosa ensaísta, tradutora –tamén para a ONCE– que participou en poñer en contacto o galego co catalán e co castelán...; aínda que, talvez, todos estes ángulos do seu activismo cultural non sexan máis ca derivacións da súa afervoada dedicación aos seus "benditos cachorros", como deu en lles chamar, coa maior vehemencia, ao alumnado:

> Cachorros da miña especie,
> de intelixencias espertas,
> rebuldeiros e curiosos,
> que convertestes en festa
> tantas horas de traballo
> desta transgresora mestra.
>
> [...]
>
> E quero dicirvos hoxe,
> desde o belbís dos sesenta,
> que cando miro ó pasado
> vós sodes a referencia
> na que enmarco outros sucesos
> desta xa longa existencia[2].

Polos seus cachorros, insisto, foi polo que se sumou aos pioneiros en abriren camiños novos tanto na literatura infantil como na xuvenil. Por eles participou na elaboración de libros de texto cun contido diferente[3], máis achegado a como ela entendía o ensino da lingua e da literatura, prevalecendo sempre a calidade das autoras e autores elixidos e a dos textos seleccionados, sobre a cantidade. Por eles, polo alumnado, animou a escribir a terceiros e escribiu ela.

2 Fragmento do pregón lido na Feira do Libro de Pontevedra en 2003 e recollido en *Elexías de Luz* (Moreno 2006: 86-87).

3 O primeiro publicouno, xunto con X. Rábade Paredes, en 1985 e vai dirixido ao que hoxe sería 2º de bacharelato. O 2º en 1987, que na actualidade equivalería a 1º de bacharelato (Moreno/Rábade 1985, Rábade/Moreno/Alonso 1987).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 117-139
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Eu son moi animal, no mellor sentido da palabra. Ensinar e alimentar son vocacións escritas no animal adulto con respecto ó cachorro da súa especie. Como os animais, eu son moi feliz dándolles de comer e aprendéndolles cousas ós cachorros. Ós nenos hai que darlles sempre o mellor. Por suposto, tamén na literatura (Neira 1999: 14).

Por eles —e alentada polo director da colección Arealonga, Xesús Alonso Montero— fixo a antoloxía *Os novísimos da poesía galega* (1973b); por eles, a Librería Xuntanza pareceuse máis a unha biblioteca —con libros de extraordinarios autores proscritos e, polo tanto, difíciles de conseguir— ca a un negocio rendible. Polos "cachorros da nosa especie" convocouse dende a librería o premio de Literatura infantil Xuntanza cun xurado de luxo: Gonzalo Torrente Ballester, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xesús Alonso Montero, Alfredo Conde e ela mesma.

Da man do alumnado, daquelas voces acaladas por unha diglosia difícil de erradicar, chegou ela a falar con esa "amorosa autofonía" da que, por pleno dereito, alardeaba:

> Aquí toda a xente de fóra dicía "soubas", pero como é unha articulación palatal, fricativa e xorda, souben recoñecela e pronunciala correctamente dende o comezo. E a xente dicía: "Ai, esta di xoubas!" E que querías que dixese? (Neira 1999: 13).

E, por exercer de docente en cursos gratuítos para ensinar esta lingua maltratada na que tiñan dereito a soñar, sufriu a represión do goberno franquista coa retirada do pasaporte en 1973[4].

2. MESTRAS E MESTRES NA SÚA MEMORIA

A primeira mestra de María Victoria foi a súa propia nai, Sara Márquez Bueno, pois, aínda que estivo en excedencia mentres a criou, xunto cos tres irmáns que a seguen —Sara, Antonio e Rafa—, foi súa nai quen lles ensinou a ler a todos eles. Vivían no vello edificio da antiga Prisión Provincial de Segovia cando isto acontecía. Naquela sorte de castelo de conto, hoxe demolido, que agochaba unha historia tráxica de presos e de miseria que os cativos ignoraban (Casalderrey / Aleixandre 2018), comezou o descubrimento dos códigos escritos e esa paixón pola lectura que, coma un marabilloso sarampelo, foi contaxiando por onde pasou.

4 Dende xaneiro de 1972, María Victoria dirixiu e impartiu, os primeiros "Cursos do idioma galego" que organizou a Asociación Amigos da Cultura, presidida por Barral Andrade.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 117-139
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Hoxe, poño por caso, son moitos os pontevedreses e pontevedresas que recoñecen ter lido *El Quijote* grazas a ela.

Cando, con seis anos, entrou por primeira vez naquel colexio de monxas en Segovia, ao que tamén irían os seus irmáns, xa había ben tempo que sabía ler. Máis tarde, Dona Sara Márquez volveu exercer, xa oficialmente, de mestra de María Victoria dende os dez aos doce anos. Alí, na escola de Sepúlveda, onde se tivo que reincorporar ao ensino, cumpridos os dez anos de excedencia, para non perder a praza, exerceu de mestra das fillas maiores (Casalderrey/Aleixandre 2018). A ela, a Sara Márquez, nai e mestra, dedica María Victoria a antoloxía *Os novísimos da poesía galega*: "A Sara Márquez, miña nai, porque a súa vida é unha fermosa historia de amor á mocidade".

Quizais nela, na Sara Márquez daqueles anos, estea inspirada a personaxe de dona Margarita, a mestra de Alcores de Donalvar —vila imaxinaria que se corresponde co título inicial da novela— en *Onde o aire non era brisa*[5]. Margarita recibe con agarimo a Elena, a protagonista, e viúva xa, ha de criar sola os seus catro fillos —tal como tivo que facer Sara Márquez dende que, en setembro de 1949, morre de tuberculose Vicente Moreno— e facer fronte a esas calamidades que a fan sentir coma se caese nun pozo. Elena Manzanares, a mestra nova que chega nun coche de liña destinada a vila ficticia de Alcores, ten outrosí moito que ver —no que se refire ao ambiente nesa década dos sesenta do pasado século— coas lembranzas que a autora levaba tatuadas na epiderme da memoria dende nena polas terras de Castela, onde súa nai exerceu de mestra: a Sepúlveda daqueles dous cursos nas aulas de dona Sara[6], mentres agardaba unha bolsa de estudos para poder ir facer o bacharelato a unha cidade que ofrecese esa posibilidade; logo, xa adolescente, os veráns na pequena aldea segoviana de Navares de las Cuevas ou, despois, a campiña segoviana de Valverde del Manjano... (Casalderrey/Aleixandre 2018).

Porén, as reivindicacións de Elena —filla de "roxos" republicanos— teñen máis da maneira de estar no mundo da propia autora ca da súa nai, filla esta de xentes "afíns" ao réxime de Franco nun tempo no que era moi difícil sobrevivir sen o "ser", ou cando menos, sen o aparentar. Sara, aínda supoñendo que estivese de acordo coas reivindicacións de Elena nos seus adentros, nunca ousaría enfrontarse ao poder e aos turbios costumes caciquís levados a cabo na pequena vila de Alcores de Donalvar; María Victoria, si. Tal fixo a protagonista da novela, en cuxas escolas o leite en po, que chegaba da axuda americana, non ía parar aos

5 En 1969 quedou entre as catro obras finalistas do Premio Café Gijón co título de *Alcores de Donalvar* e, despois de permanecer moitos anos inédita, en 2005 gañou, no Concello de Monleón (Salamanca), o *X Premio de Novela Curta Manuel Díaz Luis*, para ser publicada en galego no ano 2009.

6 Dende 1949 ata 1951.

seus verdadeiros destinatarios senón que, dende o Concello, o repartían como e onde lles conviña a dona Milagros, a mestra de párvulos; a dona Paquita, a presidenta de Acción Católica; ao señor alcalde; ao director do Grupo Escolar e ata ao cura párroco, don Antonio. Aí, nesa demanda de Elena Manzanares reclamando o leite para o seu alumnado, que logo elaboraría e repartiría no recreo, é doado recoñecer á mesma María Victoria:

> A súa chegada á escola do Outeiro soou coma as primeiras choivas do outono e uliu a terra mollada. Os vasos marcharon da biblioteca —curiosa exposición de cacharrada e saber—, o po desapareceu e as letras das cartillas aprenderon a sorrir. As macetas chegaron ás ventás e un saco de leite americano presidiu a até daquela triste reunión de vasos desiguais e expectantes.
> Realmente Elena fora á escola do Outeiro dar de mamar a aqueles rapaces que, con máis fame por dentro ca por fóra —e era moita a de fóra— observaban atónitos o rito branco do batido e a quenta do leite en po.
> Así, emanando amor e leite, converteuse no ideal de nai para os nenos farrapentos. (Moreno 2009: 46-47).

Desta metáfora do leite na que a mestra ten a convicción de que ha de lles dar de "mamar" e "criar" axeitadamente os seus "cachorros", fala Marilar Aleixandre nun exhaustivo artigo:

> Por unha banda a mestra como fornecedora de leite físico, para acalmar a fame, e de leite intelectual, ensinando a ler. Pola outra, a rapina perpetrada polos que gobernan a vila, acaparando os alimentos, apropiándose do leite en po destinado aos nenos, simboliza as pillaxes levadas a cabo polos franquistas que gobernan España. Un dos fíos da trama é o compromiso social, a denuncia das inxustizas, un posicionamento ideolóxico que se corresponde co activismo da autora (Aleixandre 2018: 101).

Mais non só a nai e mestra deixou pegada na autora. Nunha pequena autobiografía lembra con cariño os tempos de bacharelato en Barcelona como interna no Colexio Menor Virgen de la Inmaculada da Sección Feminina, e en especial a súa profesora de linguas clásicas, quen fixo que, malia a súa destreza e inclinación primeira polas Matemáticas, se decantase polas Letras: "...optó —relata ela mesma— por las Letras debido a la admiración que despertaba en ella Rosa Juliá, su profesora de latín, que la dejó fascinada por el mundo Clásico y por la Filología" (Moreno 1992: 49).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 117-139
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Mais tamén tivo que ver nesta elección un "contratempo" coa profesora de Matemáticas:

> Además, con las matemáticas pasó algo muy triste. La profesora explicaba no sé qué historia de los números consecutivos, y lo explicó bien, y M.V. lo entendió perfectamente. El problema surgió al poner ejemplos para demostrarlo, el 13 y el 427, el 83 y el 231, el 4 y el 9... Y nada, la cosa no salía. Entonces M.V. que siempre tuvo un corazón compasivo, estaba sufriendo y quiso echarle una mano "Profesora —le dijo—, lo que usted ha explicado está muy bien, yo lo he hecho con el 13 y el 14 y sale. Pruebe con el 341 y el 342, ya verá" (Moreno 1992: 49).

Talvez esta circunstancia influíse en dotar a personaxe de "Rato Chus" de Barlovento —aquela adolescente tocada por unha fada que soña co recendo dos libros novos e pasa horas na biblioteca do Concello de Porto Santo, a mesma que destaca nos estudos— de afouteza abonda como para poñer en dúbida os saberes académicos dos seus profesores en *Guedellas de seda e liño* (Moreno 1999).

De cando, finalizado o bacharelato (1958), foi facer Filosofía e Letras (sección de Filoloxía Románica) á Universidade Central de Madrid, hoxe Complutense, María Victoria lembra as ensinanzas recibidas e a fonda marca que deixaron nela os profesores Dámaso Alonso (catedrático de Filoloxía Románica) e Rafael Lapesa (catedrático de Historia da Lingua Española). A este último e aos seus alumnos dedica precisamente a novela antes citada: "Para o meu mestre don Rafael Lapesa, que gañou con palabras e para as palabras o meu corazón. Para os meus alumnos, que sempre encheron de luz a miña vida".

Outro "mestre das palabras" decisivo na vida de María Victoria foi o "revelador de tesouros" Xesús Alonso Montero por lle descubrir a alfaia da lingua cando, en decembro de 1965 —e logo de aprobar as oposicións de Profesora Agregada de Lingua e Literatura Española— comezou a impartir clases no outrora Instituto Masculino de Lugo. O devandito profesor "letraferiuna" ao falarlles en galego para relaxar o ánimo a aqueles alumnos procedentes do medio rural que chegaban cohibidos examinarse por libre. E Galicia prendeu definitivamente nesta profesora nova e sensible.

Unha mestra de accións e emocións

> Enseñar literatura es un trabajo precioso —declara en 1971—. [...] Se reciben muchas satisfacciones. Un día, de repente, te encuentras en segundo curso una redacción genial. Otro día te llega un alumno con un puñado de versos para

> que le hagas un prólogo. Hace ocho años que enseño Literatura, pues bien, tengo ya varios alumnos y alumnas que escriben y lo hacen bien[7].

Imaxino aqueles anos e ao mozo Xesús Rábade sometendo á aprobación da filóloga os seus poemas galegos...[8]

Esa paixón pola literatura, que descubrira na adolescencia lendo a Cervantes e a Exupèry, medra nos seus anos universitarios, da man dos xa citados, Rafael Lapesa e Dámaso Alonso, ata tal extremo que o desexo de transmitir nas aulas o gozo que ela sente fai que, dende moi nova, saiba que a súa prioridade é converterse en profesora. E, mesmo antes de rematar a carreira, naquela España esgotada e amordazada pola ditadura, comeza a impartir clases particulares gratuítas de francés en Entrevías, un barrio madrileño pouco favorecido. Así o relata ela mesma:

> En Madrid cursó Filología Románica, también con muchos sobresalientes. Allí descubrió que los tiempos de pobreza familiar, determinados por la muerte prematura del padre, no eran circunstancia exclusiva de su familia, sino el mal generalizado en un país destruido por una guerra y reprimido por una dictadura. Se sintió una privilegiada y despertó en ella el compromiso de compartir con los demás lo único que tenía, lo que había aprendido hasta entonces. Por eso, por las tardes, se iba a Entrevías a dar clase de francés (Moreno 1992: 49-50).

No mesmo ano en que remata a carreira (1963) casa e vense para Galicia. E en outubro comeza a impartir clases de Latín no Instituto Nacional de Enseñanza Media Feminino de Pontevedra (hoxe, Valle-Inclán), contratada polo entón director Marcelino Giménez (Soto/Senín 2018).

> Cando eu tiña vinte e poucos anos era, loxicamente, a última dos profesores da miña materia e víame na obriga de impartir o que se chamaban materias afíns, ou sexa, materias que non eran a miña pero que se entendía que eu debía coñecer pola miña especialidade. Entre elas, a miña preferida era o latín e podo gabarme de que algunhas promocións de estudantes pontevedreses aprenderon a medir os hexámetros de Virxilio nas miñas clases (Moreno 2004: 56).

7 *Diario de Pontevedra* 1/XII/1971. Entrevista de I. L. R. a raíz do Primeiro Premio e medalla de ouro nos Xogos florais de Guimarães por "La casa de las Marías".

8 María Victoria Moreno chegou a prologar o 1º libro de Xesús Rábade Paredes, *Xuntos cara ó mañán* (1969). Máis tarde escribiron xuntos libros de texto.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 117-139
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Ao ano seguinte, en 1964, dá clases de francés nese mesmo centro e xa foi un non parar: Lugo, Pontevedra, Vilalonga, Pontevedra de novo... ata que o duro tratamento contra o cancro mingua as súas forzas e, en 2002, xubílase da profesión que tanto enchera os seus días: "Esta pintiña que se me puxo amárgame abondo calquera situación festiva que me esixa poñerme diante da xente", escribe no seu diario (2004: 48).

Esta profesora, feliz de o ser, tal como recolle un texto autobiográfico seu (1992: 49-50), que no verán se sumía nunha sorte de melancolía ao ter que renunciar por un tempo ao contacto cos seus "cachorros", quería cambiar todo o feo do mundo. Para iso —como lúcida activista de lóxica apaixonada que sente e vive—, tocou as fibras de moitas persoas intelixentes, alimentando bocas con fame de saber.

> Ela amaba os alumnos, non lle importaban tanto as notas como que fosen boas persoas, responsables e comprometidas individual e socialmente, como o era ela. Cría que sempre había algo bo en calquera das persoas. Todo o vivía moi apaixonadamente. Sufría moitísimo con eles e tamén era feliz con eles. Se estaba preocupada por alguén, na casa falabamos do tema, aínda que nunca mencionaba os nomes. Para ela as clases nunca remataban ao tocar o timbre. Á miña nai aportáballe máis conseguir algo dos alumnos rebeldes. Para ela, a parte humana era a máis importante[9].

María Victoria —tomo emprestadas unhas palabras de Antonio Vilaseca[10]— "conservou para a súa louzanía, toda a primavera da súa vida, foi un río que se detivo en Galicia para xogar coas floriñas ventureiras", o alumnado. Entraba nas aulas provista das mellores estratexias de sedución: sabedoría, sensibilidade, entusiasmo, compromiso e impecable aparencia. Ata as mans coidaba con esmero, pois sabía da importancia dos acenos á hora de reforzar e dar énfase ás palabras. Así foi transmitíndolles o seu amor inmenso pola nosa cultura e conseguiu que ese amor callara, marcándoos —marcándonos— de por vida.

Imaxinemos os anos sesenta, setenta..., unha profesora nova de Lingua e Literatura castelá que fala moi ben a lingua de Cervantes, Delibes..., nese castelán que non están afeitos a escoitar e que, de inmediato, esperta admiración entre o alumnado, mentres vai corrixindo aquela rapazada enferma de diglosia que, presumindo de castelanfalantes, utilizan "andó", "cogistes", ou os verbos mutilados de tempos

9 Texto lido por Begoña Llácer no acto institucional de homenaxe a María Victoria Moreno que a Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo lle dedicou o 14 de maio de 2018 na Casa das Campás, Pontevedra.

10 Antonio Vilaseca, de Radio Popular de Lugo, a raíz da presentación de *Mar adiante* nese cidade, un xoves 5 de abril de 1973 na Librería Alonso.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 117-139
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

compostos —por recorrer a interferencias moi comúns— e que os vai ensinando sabia e amorosamente... É dicir, imaxinemos alguén que domina perfectamente o castelán e que, porén, comeza a interesarse en aprender e defender esa lingua que non están afeitos a falaren nas aulas... María Victoria traía de Cataluña a lección do sentir, alí era a burguesía, mesmo franquista, a que falaba catalán...

Fíxolles ver que, aínda que ás veces "pensar é escuro", como diría Luísa Villalta, leva sempre a unha luz... Provocaba ruídos no pensamento da rapazada ao lles falar, adrede, en francés, latín, italiano, catalán, castelán, árabe... nun alarde premeditado de prestixiosa filóloga, para lles mostrar que o seu era compromiso coa "lingua dos pobres", non ignorancia, e facerlles ver a dignidade da lingua, que non é só para falarmos mentres non aprendemos outra. Empregaba o punto de vista da serenidade e da capacidade de transmitila. Marabilloso legado!

Esa sensibilidade que ela posuía, o saber levalos nunha sorte de viaxe de Adrián Solovio, permitíalle meterse na súa pel, dotándoos de ás que os facultaban para voar lonxe dos prexuízos. Dominaba a idea e a palabra, sempre fiel a ese concepto de facer unha escola diferente. "Así é esta vulnerable arxila —escribe— coa que nos fixeron e así somos nós, imperfectamente capaces de loitar, soñar, confiar, detestar, amar..." (Moreno 2004: 87).

En *Mar adiante* escribe:

> Aínda que eu sempre soñei cunha escola de aldea, con cazurriños queimados polo sol e con fiestras cheas de caraveliños, sempre traballei neste colexio tan fermoso que vos digo a non ser unha vez que me chamaron para poñer escola nun barco.
>
> Foron poucos os días que pasei no mar, pero paseino tan ben que gardarei a súa lembranza durante toda a vida.
>
> Cando deixei o barco volvín para o meu colexio importante e, ó chegar, díxenlles ós meus compañeiros:
>
> – ¿Sabedes unha cousa? Todos estes días paseinos poñendo escola no mar. (1973: 12).

María Victoria cría que a Emperatriz Infantil do Reino de Fantasía da Literatura Galega estaba doente, ferida por un silencio imposto, e procurou que o seu alumnado se sentise dalgún xeito responsable, se non das súas doenzas, si da súa curación e instou á rapazada a imitar o intrépido *Atreyu*, protagonista d'*A historia Interminable*, para que saíse na procura da grande estrela dos soños. Sabía que, se a vida é soño, non é menos certo que soñar é vida, é viaxar cara á aventura, o misterio, os sentimentos... para manter activo o pensamento, para pensar máis

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 117-139
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

grande. Sabía que soñar, imaxinar... tamén é ser quen de meterse na pel do outro e comprender mellor a alma humana.

Dicía Gustave Flaubert: "Coidado cos soños, que son as sereas da alma, cantan, chámannos, seguímolos e xamais retornamos". María Victoria, dende os comezos da súa profesión como ensinante, soñou con cambiar o mundo e, quizais porque sabía que os deuses non soñan (existen historias populares que o acreditan), tiña especial predilección por esas ovellas descarreiradas que lles custa seguir o ritmo da clase, mais que son quen de ver naquel primeiro debuxo de Exupéry unha boa que acababa de engulir un elefante, e non un simple sombreiro. Xa nos comezos, no Instituto Masculino de Lugo, soubo da urxencia de botar a imaxinación a andar para proxectar, así, os seus desexos cara ao futuro.

3. NO SEU LEGADO ESTÁ A VERDADE DA SÚA ALMA

De certo, nas conferencias, nas entrevistas, nos libros, na entrega como mestra... deste corazón que florecía nas aulas, é doado atopar esa pegada marabillosa de quen vive o ensino coma unha especie de apostolado pleno de paixón, responsabilidade e compromiso. Reparando nas súas intervencións públicas, lendo a súa obra, escrita sempre dende a autenticidade dunha muller refinada, sutil e profundamente sinxela asemade; capaz de se meter na pel dos demais; na súa escrita, insisto, máis intensa ca extensa, atoparemos a sombra da súa alma de maneira tanxible e esa xenerosidade da que falaba Alonso Montero no prólogo de *Mar adiante*:

> Na nosa terra fixo poetas e fíxose ela mesma poeta; na nosa terra aprendeu, co agarimo afervoado que ela pon en tódalas cousas, este noso idioma tan aqueloutrado. Discípula conmovida do país, ao pouco tempo vai ser mestra de xentes do país, pero mestra da materia máis sutil que un país pode forxar: a Fala (Moreno 1973: 5).

Ela é a Xulia Andrade que anima a Nicolau Arís a facer versos...

> —¿Non te colle a acordanza do mar —pregunta ela— cando comezas a sentilo lonxe?
> Eu calo un instante, decátome de que ela e mais eu respondemos da mesma maneira ante a paisaxe e incomódome comigo. [...]
> Ó fin digo o primeiro que me sae:
> —Non me recorde o mar cando está lonxe nin me fale da auga ante os barbeitos.
> —¡Recoiro, rapaz! —dime ela con ledicia—. Ti es un poeta.
> —¿quen, eu?

—Logo. Demorácheste un chisco en responder, pero saíronche dous endecasílabos perfectos.
—É que saen así sen querelo —discúlpome eu.
—¿E non os escribes?
—Ás veces. O curso pasado fixen unhas poesías sobre a auga e levei un premio no instituto. Unha máquina de escribir moi feita.
—Pois ben ves que non me trabuquei e que vas para escritor. Non está mal. (Moreno 1988: 24-25).

Ou a escribir novelas...

Ou sexa, que eu lisco da casa e a conta diso podo escribir unha novela de vaqueiros.
—Non, ho. Ti liscas da casa e esta experiencia sérveche para dar vida a personaxes inventados.
—¿E a experiencia é unha novela?
—Xa che dixen que non, que a novela é primeiramente unha historia. A experiencia é un capítulo da túa vida que fai de ti unha persoa diferente da que eras antes, máis sensible para a percepción dos personaxes e das situacións. Honoré de Balzac dicía que cómpre ter pasado moitas follas do libro da vida para ser novelista.
—Seica xa vou entendendo.
—Ti poderás inventar personaxes que vivan peripecias diferentes das túas, pero terán a veracidade propia dos sentimentos humanos e a historia que protagonicen será unha verdade.
—Será unha verdade porque o que non é podería ter sido. (Moreno 1988: 32-33).

A pouco que nos mergullemos no seu legado, atoparémola... Ademais dos exemplos ciscados ao longo da presente intervención, velaquí algúns outros nos que emerxe a MESTRA teimuda e xenerosa diante dos retos, retranqueira, fiel ás súas convicción, devoradora de libros dende a infancia, que posúe amplos e profundos coñecementos e a capacidade de os saber transmitir, callando no alumnado ata marcalos —marcarnos— de por vida.

Xoán Babarro[11], nun esclarecedor artigo publicado na *Tribuna* da Real Academia Galega (2018), sitúanos na realidade política, lingüística e cultural dos anos setenta, centrándose sobre todo no entusiasmo do profesorado e a transcendencia

11 Membro correspondente da RAG.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 117-139
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

de *Mar adiante* "nun momento —escribe— en que a pouca bibliografía en galego editada posuía para a inmensa maioría do maxisterio o don da invisibilidade". De certo, a nosa lingua aínda permanecía ausente dos plans de estudos oficiais.

> Daquela existía unha evidente minoría de docentes —segue Babarro— que amosabamos unha actitude positiva de cara á inclusión do galego no ensino. De termos en conta a comunicación do *Boletín* nº 6 (Nadal 71) do Grupo de Traballo Galego de Londres, dexergábanse dúas posturas, os partidarios de utilizalo nas actividades extraescolares dos sábados e os que xa o tiñamos integrado no horario lectivo.

Fala o autor do artigo das diferentes asociacións de mestres e mestras que formaron equipos para escolmar textos en galego, axeitados para seren utilizados nas aulas, dos cursos que se organizaron en diferentes centros de ensino... *Mar adiante* foi un dos libros escollidos como lectura colectiva por un profesorado entusiasta que no ano 1976 formaban —formabamos— xa un fervedoiro na procura de materiais en galego. A historia da mestra que reivindica un ensino diferente e que pon escola nun barco é a metáfora que nos achega ao poema de Fermín Gaínza que comeza: "Educar es lo mismo / que poner motor a una barca" e remata: "Soñar que cuando un día/ esté durmiendo nuestra propia barca,/ en barcos nuevos seguirá nuestra bandera/ enarbolada" [12].

No citado artigo, Xoán Babarro escribe:

> desas navegacións silenciosas do barco de Miguel o de Portosouril beneficiáronse moitos nenos e nenas daqueles anos, que accedían por primeira vez ao galego impreso a través da obra da autora homenaxeada.
> Deste xeito, cando se fan os primeiros libros de texto, por forza era necesario manter *Mar adiante* como referente da literatura infantil. [...] Descoñecemos cantos escolares, despois de usaren o texto citado, acabarían lendo o libro completo de María Victoria. En cambio, si podemos aproximarnos aos que o leron parcialmente, se partimos do número de exemplares distribuídos por Casals entre 1978 e 1985, que superou con moito os trinta mil (2018).

En *Mar adiante* aparece xa o que vai prevalecer na obra de María Victoria. Centrándonos no tema do ensino, velaquí unha crítica á escola tradicional:

12 Este poema, "Educar", do poeta arxentino Fermín Gaínza, foi atribuído nas redes sociais ao poeta vasco Gabriel Celaya, mais segundo o relixioso lasaliano Josean Villalabeitia trátase dun dato erróneo co que coincide Antonio Villanueva, quen cerra a cuestión atribuíndo o dato definitivo a Lorenzo Tébar Belmonte, quen no seu día consultou os herdeiros de Celaya. IES Avempace (15 /XI/2009).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> En soños, aparecéronselle os seus amigos da praia, chorando. Estaban de xeonllos no chan, cos brazos en cruz, coas mans cheas de libros. Diante deles estaba o señor mestre, moi enrabechado. Dicía:
> —Se mañá non sabéde-la táboa do sete, ides todos ó mar cos libros amarrados ó pescozo. Comeránvo-las gaivotas e os peixes.
> Miguel coidou que o señor mestre non os botaría ó mar e sabía de certo que as gaivotas e os peixes non comerían ós nenos. Sen embargo sentiu unha gran mágoa no seu corazón. (1973: 14-15).

Mar adiante presenta unha escola innovadora, máis achegada á vida:

> O "Arroás" foi certamente unha escola diferente porque os rapaces aprenderon moitas cousas nos días que botaron nela. Pero aprendéronas falando co capitán, xogando cos mariñeiros, ollando para as estrelas ou mesmo facendo trasnadas cando os maiores non os viamos.
> A táboa do sete pareceunos a todos moi cativa cando, lonxe de Portosouril, nos decatamos de que non servía para ter conta das gaivotas. A Xeografía, no medio do mar, pareceunos un libriño morto. A Gramática non dicía nada sobre a fala das estrelas...
> Deste xeito, imos deixar as clases para falar dos pasaxeiros e mais da vida que levaban no barco... (1973: 18-19).

Alude á responsabilidade de quen ten nas mans a tarefa de ensinar:

> Eu estaba no meu camarote, coma cada noite, moi atarefada en atopa-la solución dun problema. Porque os mestres non sabemos tódalas cousas que cómpre ensinar e, ás veces, vémonos na obriga de aprendelas na noite para explicalas na mañá (1973: 64).

A escola, o ensino, emerxe de maneira natural, coma morotes, en diferentes publicacións. En *Leonardo e os fontaneiros* atopamos, outrosí, múltiples referencias, poño por caso, cando Antón, Tono, lle fala a Leonardo: "A escola non é unha marabilla, ti sábelo, pero, con todo, non hai sitio onde eu me sinta mellor" (1986: 15). Aproveita a autora para volver lanzar críticas ao ensino tradicional:

> A Chelo, que che ten unha letra moi bonita, era a que as escribía e as ideas eran de todos, que as iamos apuntando nos cadernos mentres os profesores teimaban nas funcións do substantivo, nas clases de artrópodos e na fórmula

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 117-139
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> catro pi erre cubo partido por tres, que serve, mira ti, para sabe-lo volume da esfera (1986: 19).

Teima en mostrar esoutra maneira máis sedutora de ensinar partindo da contorna máis próxima, afastada daqueles textos que comezaban por mostrarlles os mundos máis afastados:

> O caso é que Ánxela, que aínda segue na escola, explicóuno-lo sistema solar [...] Mandounos a move-las mesas [...], e fíxonos sentar alí, deixando toda a aula baleira. Debuxou moitos redondeis no chan, uns dentro dos outros, e díxonos que se chamaban órbitas. Despois púxose ela no medio e foi chamando a nove rapaces.
> —Eu son o Sol —díxonos— e este é Mercurio, este Venus, esta a Terra...
> Así ata colocar na órbita máis longa a un pícaro moi pequeno, a quen chamou Plutón. Explicou que tódolos planetas facían un camiño arredor do sol, que sempre era o mesmo, que se chamaba movemento de translación e que a el se debían as estacións do ano. E mandou os rapaces correr, cada un pola súa órbita. [...]
> —Agora imos representa-lo movemento de rotación, ou sexa, seguiredes a correr polas vosas órbitas, pero ó mesmo tempo iredes virando sen parar.
> Coido que isto era para explica-los días e as noites, pero xa non nos puidemos enteirar de máis porque os pobres planetas perdían a órbita, batíanse uns cos outros, aturuxábanse e caían. Que embrullo, Deus santo. (1986: 40-42).

Nesas chiscadas a outra maneira de ensinar, máis achegada á vida e ás demandas dos movementos de renovación pedagóxica a favor dun modelo educativo que integrase a realidade lingüística e cultural do país, tal como sinalan Isabel Soto e Xavier Senín (2018), caben tamén os importantes cambios sociais que se estaban a dar:

> A nosa escola chamábase antes "General Franco", pero agora hai xa tempo que se chama "Martiño de Dumio". [...]
> Pois, como che estaba a dicir, a escola "Martiño de Dumio", que ten un nome vello e xeitoso, tamén é vella e xeitosa. E hai costumes moi bonitos, que non os teñen noutras escolas e que nin se sabe de cando veñen. [...]
> Iso que dixen faise en tódalas partes, supoño, pero entre nós é diferente porque ese día nos deixan mandar ós alumnos, ou sexa, déixannos facer de profesores. Estamos en tódolos xurados, presidímo-las entregas de premios, sentámonos na

> cabeceira da mesa á hora do xantar, decorámo-las aulas ó noso gusto... E aínda máis, poñemos clase durante unha hora, cada un nun curso (1986: 46-47).

Para María Victoria a literatura infantil e a xuvenil son importantes porque o son os seus destinatarios. Ética e estética enchoupan a súa obra de beleza e reflexións de mestra: "Pero, en calquera caso, como di Rosa, á nosa idade ninguén está perdido e as cousas teñen remedio" (1986: 31), ou "As persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos" (1988: 7), ou "Cumpría analizar morfosintacticamente un cachiño moi sinxelo dun artigo que viña no periódico. Dicía: «É obriga de todo cidadán declarar á Facenda os seus ingresos»" (1986: 32-33).

> Eu podo ser centro de atención na miña aula, nunha cea de amigos ou nunha rexouba de cafetería —escribe no seu *Diario*—, mais nada diso eleva o meu rango persoal. Se acado atención na aula non medro eu, senón a responsabilidade de facer ben o meu traballo e de sementar nos meus alumnos os elementos imprescindibles para que poidan ser no futuro máis honestos, máis veraces, máis solidarios, máis cultos, máis libres, máis felices... (2004: 16-17).

Velaquí o seu obxectivo principal como ensinante: contribuír a que rapaces e rapazas sexan no futuro mellores persoas, máis preparadas e como consecuencia máis críticas, libres e felices.

> A verdade é que isto de ser mestre —continúa a dicir— vén sendo unha profesión tan dura coma a de baixar á mina. Pode chegar a ser desesperante iso de enfrontarse cada día con trinta rapaces, diferentes a cada hora, e coa obriga de facerlles unha función teatral que non convence a quen a fai nin gusta ós que a presencian. Seica é por isto polo que eu lin hai xa tempo que este oficio é un dos que producen máis baixas a causa de depresións, crises de angustia e doenzas mentais semellantes. [...]
>
> E os cachorros, ou sexa, os alumnos saben moi ben con quen están en cada momento e responden, polo xeral, con brillante perspicacia. Aman os profesores que ven felices porque intúen amor nesa felicidade e detestan os que ven tristes porque intúen desamor nesa tristeza. Así a aula pode ser, para todos un paraíso ou un inferno. [...] Eu, seica porque o meu corazón florece nas aulas, sorpréndome hoxe ó descubrir que son quen de falar con ledicia da miña enfermidade e de todo o que se relaciona con ela [...]. Sentirse superior ó que se detesta e crear complicidade no trato é tamén o resultado dos alcumes que poñen os alumnos. Supoño que eles non son conscientes deste mecanismo...
>
> Benditos cachorros (2004: 22-23).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 117-139
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Estas convicciónS sobre a capacidade de sedución dos bos ensinantes, son as que a facían dirixirse ao alumnado coa máis cálida das voces, o mellor dos sorrisos e mesmo acudir a clase cada día coa mellor das aparencias posible, mesmo cos coquetos sombreiros que, a raíz do tratamento contra o cancro, "distraían" o seu deterioro físico.

> A ledicia é síntoma de saúde espiritual e de bondade —escribe—. Xa dicía Juan Ruiz, poeta castelán do século XIV, que *a moita tristura leva consigo moito pecado*... A ledicia atrae, a tristura espanta. A ledicia abre camiños á relación cos outros e a tristura péchaos. A ledicia cheira ben, como a flores, e a tristura cheira mal, como a feces. Defendamos, pois, esa ave de liberdade que é a risa *pluma por pluma,* como dixo o poeta Miguel Hernández (2004: 59).

> "La Maestra era alegre. ¡Pobre mujer herida! / Su sonrisa fue un modo de llorar con bondad", corrobora Gabriela Mistral (2000: 69).

E velaquí outra deliciosa metáfora da forza que a rapazada lle imprimía, ata lle calmar a sede de afectos, a esta mestra excepcional, que callou no alumnado de por vida:

> Onte viñamos ela e mais eu —a cadeliña Alma— por San Pedro Alcántara, que é unha rúa moi costenta, e eu subía con dificultade, sobre todo pola falta de forza nas pernas e por unha sequidade amarga na boca que me facía desagradable ata o aire que respiraba.
> Xa contra a fin da costa había un fato de rapazolos, deses que teñen as pernas moi longas, fan moito ruído e son moi golfos. Alma foise para eles, confiada e coqueta. Eu seguina e achegueime ó grupo simplemente porque era o que ela quería. Ó chegar, coa miña boca amarga e seca e o meu aspecto de defunta, tiven unha especie de visión celestial: un dos cativos, de delgadeza extrema e ollos docísimos, estaba a comer unha mandarina preciosa, grande, aromática, zumenta...
> —¿Quere? —preguntoume con xesto á vez tenro e rebuldeiro. Eu acepteille un cacho e deille as grazas, aínda que, de seguro, non atopei as palabras xustas para que ese cachorro da miña especie entendese o ben que me fixera, tanto co seu xesto coma coa fragante frescura que a mandarina puxo na miña boca.
> [...]
> E pensar que algunha persoas da miña idade teñen medo desta xentiña... (2004: 34-35).

Precisamente ese amor inmenso pola súa profesión facíaa vulnerable a eses afectos, sobre todo dos seus benditos cachorros. Esta vulnerabilidade case podemos tocala no texto que segue:

> Esta mañá fun ó Instituto —o Instituto dos meus amores— non sen esforzo, non sen vencer estas ganas de deixarme morrer, non sen esta timidez que me produce verme como me vexo. Coa miña cara cor de cinza un pouco pintada, coa miña horrorosa perruca e cos meus quilos de máis mal disimulados baixo unha sobreblusa, [...]
> Eu non estou leda, que lle imos facer, mais os cachorros son bos e ante eles síntome útil. Se cadra é unha parvada, mais na aula véxome coma se estivese nun parque, ó aire libre, nun día de sol, dando de comer ás pombas na miña man. As pombas son febles e teñen os ollos moi vivos. Parécense moito ós alumnos... As pombas reciben de boa gana as frangullas de pan e os alumnos reciben de boa gana as miñas palabras. Sempre me sentín unha privilexiada por ter este traballo e xamais puiden velo en relación co salario que recibo a fin de mes. Ás veces, de broma, adoito dicir que eu, coma as "famosas", vou de festa e cobro por ir. Tamén digo que fago o que me presta facer e que a Xunta de Galicia me paga unha xenerosa subvención para que poida comer, xa que non me queda tempo para traballar. E dou grazas á vida.
> Mais os golpes veñen cando menos se agardan, cando menos méritos se fixeron para recibilos e cando máis doen. E esta mañá recibín un que me feriu moito.
> Teño un alumno que repite curso, un mozote alto e malensinado que vai pola vida con ansias de protagonismo. [...]
> Pois a cousa desta mañá foi que eu explicaba e el adiantábase, corrixíame ou facía comentarios estúpidos. Eu pedíalle que agardase, que tivese paciencia, que me deixase chegar ó final... Ata que fun ó encerado para poñer algúns exemplos e, nada máis comezar eu a facer unha análise, alá foi el para dicirme que non se facía así.
> Eu, en hiperbólico ton de broma, díxenlle:
> —¡Non me acoses!
> E el, cunha desvergonza cruel, respondeume:
> —Que máis querería vostede.
> Eu fixen coma quen non oe e seguín traballando para os demais, que me apoiaban con respectuoso silencio e coas súas miradas atentas, sen rir a graza do insolente. Mais estaba tan triste... (2004: 36-37).

No mesmo *Diario* escribe:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 117-139
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Un día de moita calor, ó volver da praia, a nena pediume auga e eu deilla, fresquiña, no seu vaso, que se embazou ó instante. Ela colleuno, mirouno e, antes de beber, díxome:
> —Mamá, a auga é boa porque saca a sede. Mais tamén é moi bonita.
> E a cativa dubidaba antes de beber, coma se tivese medo de romper o feitizo do cristal embazado (2004: 75).

De certo, esta pedagoga que lles daba de beber a auga aos fillos en vaso de cristal tallado, na intención de espertar neles a sensibilidade estética, fixo outro tanto co alumnado. A entoación apaixonada coa que lía, ou recitaba de memoria, fragmentos das grandes obras literarias que a marcaran persoalmente, lembra aquela maneira de ensinar a ler que tiñan nalgunhas sociedades medievais: o mestre escribía nunha lousa as palabras e untábaa, literalmente, con mel para que, logo de as pronunciar por primeira vez, o alumno as lambese, saborease e, así, as recordase (Manguel 1998: 92).

4. TESTEMUÑAS CONCRETAS DO SEU MAXISTERIO

Son numerosas as testemuñas que hoxe recoñecen que non serían as mesmas persoas sen ter cadrado con ela; non serían tan boas ensinantes, máis tampouco non serían tan boas como escritores, médicos, actores, enfermeiros, cociñeiros... Son múltiples as persoas, anónimas ou coñecidas, que ao longo deste ano 2018 veñen manifestando a perenne marca que este "home de ben" —así se presentaba, ás veces, para reclamar igualdade— deixou nas diferentes xeracións de mozos e mozas nos case corenta anos de dedicación ao ensino. E non me refiro tan só ao pouso que deixou no alumnado senón, tamén, nos compañeiros e compañeiras de Ensino e de Letras, e mesmo de empregadas súas ao longo destes anos. Ata tal estremo é así que, incluso quen a está a descubrir por primeira vez, tal é o caso de Chelo do Rejo de Matrioskas Teatro, afirma con rotundidade: "Para min María Victoria está máis viva ca nunca. Eu non a coñecía, descubrina léndoa e hoxe teño formada unha imaxe dunha muller extraordinaria, cunha forza fora do común á que non podo deixar de admirar". O seu labor, efectivamente, non foi abondo coñecido, quizais porque a súa vida transcorreu lonxe dos boureos de escaparate. Chelo foi desas persoas que, coma outras moitas, se preguntou, quen era esa muller á que a Real Academia dedica as Letras Galegas 2018, mais rematou por descubrila no seu legado. Velaí ese "ronsel de amor", ese "exemplo" e eses "libros" que descobren "algo" a quen os le, tal como ela desexaba.

Neste momento non existe aínda unha "Fundación" ao uso que terme do seu legado, mais, se sumamos as pegadas do seu maxisterio das que multitude de testemuñas deixaron constancia nas sucesivas publicacións asinadas por mulleres e

homes que leron, estudaron e investigaron sobre ela, poderemos compoñer unha aproximación máis completa á vida e obra desta mestra extraordinaria que fixo sentir a respiración dun poema e ensinou a medir os sentimentos dos poetas con —como di nunha deliciosa carta aberta Sara Alonso Pimentel (2018: 41)— ese "grao de proximidade co alumnado" e esa "paixón manifesta para transmitir o amor polas letras" que seguen a ser referencia para moitas e moitos ensinantes de hoxe[13].

Persoalmente comecei a tratala no ano 1984, nun dos cursos de *Especialidade* que, a raíz da Lei de Normalización Lingüística de 1983, nos habilitaban, aos ensinantes, para impartir clases de Lingua e Literatura galega en 7º e 8º de EXB. Xavier Senín, que impartía ensinanzas de Lingua no mesmo curso, lembra como xurdiu esa oportunidade:

> Na Facultade de Filoloxía, sita na Praza de Mazarelos de Compostela, profesores, xentes do ILGA, eu mesmo... estabamos a organizar aqueles cursos de galego para o 2º e 3º trimestres de 1984 que ían ter lugar en Pontevedra. Andabamos na procura de alguén para impartir a Literatura Galega e foi cando Charo —Rosario Álvarez Blanco— falou de que no curso 1967/68 tivera a fortuna de ser alumna de María Victoria Moreno, da súa paixón pola Literatura Galega e da capacidade de a contaxiar naquelas clases dos venres nas que, malia ser profesora de castelán, trataba de lles facer amar a lingua e gozar da literatura... Falou do ben que o facía...

O caso foi que, sendo nós xa daquela un fervedoiro de entusiasmo, ela, cal feiticeira, embarcounos no pailebote Constantino Candeira para sucar aquel océano que desatracaba das costas, mar adiante. Así batemos co mesmo Manuel Antonio apoiado na varanda, mentres tomaba notas no seu *Diario de a bordo*. El, fumando en pipa; leando cigarros, ela. E, canda el —canda ela—, vibramos ao albiscar un veleiro que se esvaía pola corda frouxa do horizonte. O mar, o barco e mais nós... Outro día apañamos mazás na horta do cura de Corvillón, alí "recibiamos" clases de latín canda o mozo Ramón Cabanillas; asemade, a meiga sedutora íanos debullando con apaixonada convicción a evolución da súa obra ata sentirmos na propia pel esa saudade da que fala o poeta de Fefiñáns: mestura de tristeza e esperanza que se nos metía no tecido da alma ao ler os seus poemas. "Hei facer coma Cabanillas —dixen, entón—, comezarei a publicar arredor dos corenta", e cumprino. E eu só son un elo dunha cadea. María Victoria dedicou

13 Incluída na edición facsímile da primeira edición de *Mar adiante* que o Consello da Cultura Galega fixo neste 2018 en homenaxe á autora.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 117-139
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

máis tempo a exercer de MESTRA, a espertar a sensibilidade cara á beleza no alumnado, a sementar futuros, tal como reza o título da biografía que firman Isabel Soto e Xavier Senín, ca a crear para si propia.

5. CONCLUSIÓNS

> pasei a vida pintando amenceres para min e para os meus familiares, os meus alumnos, os meus amigos... (Moreno 2004: 48).

María Victoria aproveitou cada minuto do que dispuxo para manter a mirada atenta, nun vital e apaixonado compromiso cos seus discípulos e discípulas e co país, sen esquecermos, tal como asegura, xa en 1994, Blanca-Ana Roig R. "que se pode considerar xa como un dos clásicos da nosa Literatura Infantil"[14] (2018: 11). Foi, a ollos de quen dunha maneira ou doutra tivemos a fortuna de gozar do seu maxisterio, o que o Faroleiro para o Principiño: rara no senso de fóra do común, transgresora, arrichada, insurrecta, comprometida, sabia, sutil, snob... Porén, e coma el, afastada das reaccións absurdas do rei, o vaidoso, o home de negocios ou o bebedor da historia aludida. A súa entrega, igual ca a do habitante único do quinto planeta que visitou o entrañable neno, foi fermosa e tivo sentido. Se cada vez que o Faroleiro acendía o seu farol, era para o protagonista de Exupéry coma se fixese nacer unha estrela ou unha flor, cando María Victoria falaba, prendía no alumnado unha luz que suscitaba devoción e estimulaba o olfacto da curiosidade facéndoos máis sabios, máis libres e máis responsables.

> Cando eu estea espida —escribe— estarei tamén soa. Escribo por iso este diario? Hei confesar que si... Ou sexa, confeso que se me fai curto o tempo que previsiblemente me queda. Confeso que fago o que podo por sobrevivir despois da morte. Confeso que preciso compaña e que a precisarei tamén despois do pasamento (2004: 43).

O seu labor como ensinante comprometida en espertar, con palabras rexas coma a face da verdade, a paixón pola lectura, as emocións, o sentido crítico e a responsabilidade con respecto ao porvir da lingua e da cultura, abondarían como méritos para lle dedicar as Letras Galegas 2018.

E aquí estamos, con ela, manténdoa viva na memoria.

Grazas, MESTRA.

14 Blanca-Ana Roig Rechou foi a primeira catedrática especialista en Literatura Infantil e Xuvenil Galega e unha das pioneiras, xunto con Agustín Fernández Paz, en investigar, considerar e gardar memoria desta literatura na que tanto se tardou en reparar.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Aleixandre, Marilar (2018): "A paixón por ensinar: mestras e metáforas do leite en María Victoria Moreno", en Roig 2018: 97-108.

Alonso Pimentel, Sara (2018): "Intensa Intermitencia. Unha conversa pendente", en María Victoria Moreno, *Mar adiante*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, [37]-44. Edición facsímile.

Babarro, Xoán (2018): "Navegando con María Victoria polas escolas de hai corenta anos", *Tribuna* [web]. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en https://academia.gal/tribuna/autores/-/articulo/1088501.

Casalderrey, Fina e Marilar Aleixandre (2018): *María Victoria Moreno: a muller que durmía pouco e soñaba moito*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Manguel, Alberto (1998): *Una historia de la lectura*. Madrid: Alianza Editorial. [Título orixinal: *Une histoire de la lecture*. Arles: Actes Sud, 1998. Trad. José Luís López Muñoz].

Mistral, Gabriela (2000): "La maestra rural", en *Desolación.* Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, [69-71]. Dispoñible en http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/desolacion--0/html/ff25bc0e-82b1-11df-acc7-002185ce6064_3.html#I_29_ [consulta en agosto 2018].

Moreno Márquez, María Victoria (1973a): *Mar adiante.* Sada: Ediciós do Castro. (Reed.: Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2009).

———— (ed.) (1973b): *Os novísimos da poesía galega / Los novísimos de la poesía gallega*. Arealonga 3. Madrid: Akal.

———— (1986): *Leonardo e os fontaneiros*. O barco de vapor 8. Vigo: Galaxia / SM.

———— (1988): *Anagnórise.* Árbore 3. Vigo: Galaxia.

———— (1991a): *As linguas de España*. Andel 9. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

———— (1991b): *Verso e prosa.* Andel 15. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

———— (1992): "MVM: una profesora feliz de serlo", *CLIJ: cuadernos de literatura infantil y juvenil* 41, 48-50.

———— (1999): *Guedellas de seda e liño*. Costa Oeste 26. Vigo: Galaxia.

———— (2004): *Diario da luz e a sombra*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

———— (2006): *Elexías de luz*. Poesía 12. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

———— (2009): *Onde o aire non era brisa.* Literaria 271. Vigo: Galaxia. Trad. Xavier Senín.

Moreno Márquez, María Victoria e Xesús Rábade Paredes (1985): *Literatura século XX. Iniciación universitaria*. Vigo: Galaxia.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 117-139
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Neira Cruz, Xosé Antonio (1999): "María Victoria Moreno Márquez: «Estou a escribir contrarreloxo» [Entrevista]", *Fadamorgana* 3, 12-16.

Rábade Paredes, Xesús (1969): *Xuntos cara ó mañán*. Lugo: Ediciones Celta.

Rábade Paredes, Xesús, María Victoria Moreno Márquez e Luís Alonso Girgado (1987): *Literatura 3º BUP.* Vigo: Galaxia-SM.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.) (2018): *María Victoria Moreno. Homenaxe. Palabra fértil no tempo.* Cadernos Ramón Piñeiro XXXVIII. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Soto, Isabel e Xavier Senín (2018): *María Victoria Moreno: sementadora de futuro*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Teresa de Calcuta, Madre (2006): *Los más bellos mensajes de... "La Madre Teresa de Calcuta"*. Perú: [s.n.]. Edición de Hugo Guzmán Hurtado.

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 141-150
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.727

MARÍA VICTORIA MORENO: ENSAÍSTA

MARÍA VICTORIA MORENO: ESSAYIST

Manuel Bragado
Edicións Xerais de Galicia

Resumo: Este traballo percorre o perfil de ensaísta de María Victoria Moreno. Nesta órbita destaca o seu *Diario da luz e a sombra* (2004), a crónica como enferma do cancro de mama que acabaría coa súa vida. A obra, a súa peza ensaística principal, mestura fíos autobiográficos con reflexións filosóficas, literarias e mesmo relixiosas. É, de feito, unha guía esencial para o coñecemento da poética da vida de María Victoria Moreno, na que sobresaen o valor da amizade e da rede dos afectos.

Abstract: This work explores the profile of essayist María Victoria Moreno. In this field, her *Diary of Light and Shadow* (2004) merits special attention, as her chronicle of a breast cancer that would end her life. The work, her principal contribution to the essay, combines autobiographical threads with philosophical, literary and even religious reflections. It is, in fact, an essential guide for the knowledge of the poetic life of María Victoria Moreno, in which the value of friendship and the network of affections stand out.

Palabras chave: María Victoria Moreno, *Diario da luz e a sombra*, ensaio, autobiografía.

Key words: María Victoria Moreno, *Diario da luz e a sombra*, [*Diary of Light and Shadow*], essay, autobiography.

Nunca saberei agradecer o privilexio que me concedeu a escritora María Victoria Moreno de ser o editor dos seus últimos libros. Apenas dous anos nos que compartimos as angueiras das edicións do seu ensaio *Diario da luz e a sombra* (2004) na colección Xerais Crónica e de *Eu conto, ti cantas* (2005), un libro de contos de animais en verso. Proxectos nacidos despois dunha conversa inesquecible na Feira do Libro de Pontevedra de 2003, que ela mesma inaugurara cun pregón espectacular, toda unha arenga rimada, na que chufou ben chufada a Pontevedra do alcalde Miguel Anxo Lores, na que se definiu como escritora "snob e insurrecta", "anque moitos paus lle deran", na que agarimou os seus alumnos e alumnas dos institutos Valle-Inclán e Torrente Ballester e na que tamén gabou os libreiros (ela tamén o fora da libraría Xuntanza nos anos setenta) como "intermediarios de mercadorías sen fronteiras, traficantes dunha droga que sustenta os espíritos inquedos e ennobrece as ideas".

Outra intervención xenial desta letraferida amante do Quixote, Lorca e Miguel o de Orihuela, nacida en Valencia de Alcántara, de orixe andaluza por parte da súa nai mestra e de labregos acomodados da raia entre Cáceres e Toledo por parte do seu pai militar que, despois de estudar o bacharelato en Barcelona e a carreira de Filoloxía Románica en Madrid, chegou casualmente a Pontevedra en 1963 como profesora interina do instituto feminino. Casualidades, que despois de dous anos en Lugo, onde coñeceu o profesor Xesús Alonso Montero e comprendeu a distribución social da lingua galega, a levaron a escoller facer a súa vida na vila do Lérez e a instalarse con todas as consecuencias no galego, idioma que aprendeu decontado como boa políglota (falaba, ademais, francés, catalán, italiano, portugués e algo de romanés) e do que chegaría a ser profesora clandestina nos anos do tardofranquismo. Escollas de cidadanía que estendeu a escribir tamén toda a súa obra literaria en galego, desde os primeiros contos para a rapazada, que presentaría a comezos dos setenta aos certames do Facho, á súa primeira obra publicada, *Mar adiante* (1973), a historia dunha mestra que puxo escola nun barco, o Arroás, sen dúbida, unha das novelas fundadoras da literatura infantil en galego.

Abondou un café demorado na terraza pontevedresa do Blanco y Negro para que María Victoria me propuxese que Xerais editase un libro sobre a súa experiencia, dende 1997, como enferma de cancro de mama, nuns tempos nos que tal doenza se entendía como unha ameaza mortal. Aceptei decontado convite tan valente, xa que sempre admirara a pulsión literaria e a afouteza da pontevedresa, probablemente desde que lera o seu memorable *Leonardo e os fontaneiros* (1986), unha das obras máis valoradas por ela, novela que creo pode considerarse como unha das primeiras de corte realista da literatura infantil en galego, da que insistimos foi pioneira.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 141-150
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

I.T.V. (*DIARIO DA LUZ E A SOMBRA*)

Cando me enviou o orixinal do ensaio, co título inicial de *I.T.V. (diario da luz e a sombra)* só me puxo dúas condicións: primeira, que se decidía finalmente editalo, lle propuxese as modificacións que me parecesen máis oportunas (foron moi escasas, o texto pareceume xa na primeira volta unha peza literaria pulcra e de beleza desconcertante); segundo, que lle escribise un prólogo. Así o fixen, o mellor que puiden, treméndome moitas veces as mans sobre o portátil, contaxiado pola súa aposta pola vida e pola esperanza nun texto autobiográfico escrito en condicións inclementes.

Durante aqueles meses de edición do seu diario, cando compartimos na súa casa con ela e co seu compañeiro, o escritor Pedro Ferriol, con quen formou a Sociedade literaria Olmo, un bo vaso de viño tinto e unhas cabichas ben apuradas, comunicounos a súa convicción de que nunca é tempo de abrirlle as portas á desolación, insistíndonos na importancia de conservar todo aquilo que lle confire á vida un valor, de descubrir nas rutinas diarias, por dolorosas ou difíciles que sexan as situacións, pequenos praceres insospeitados, do amor polos animais, de establecer vencellos afectivos e amorosos coas amizades ou contar coa serenidade abonda para enfrontar os contratempos do devir cotián. Toda unha declaración de principios do que se recolle na obra que finalmente acordamos se titulase *Diario da luz e a sombra*, que apareceu nas librarías a finais do mes de outubro de 2004.

Obra que, acompañados de Xosé Ramón Couto Fariña, presentamos no Ateneo de Pontevedra aquel 13 de decembro de 2004, un día que non esqueceremos, apenas unhas horas despois de que María Victoria coñecese nunha das súas revisións periódicas co doutor García Arroyo, un dos médicos do servizo de Oncoloxía do Hospital Montecelo de Pontevedra, aos que dedicou o libro pola súa "calidade humana e competencia profesional", que o cancro non só non se detivera senón que se producira metástase no fígado. Tras contarllo á súa filla Begoña, ás oito do serán, tal como estaba previsto, María Victoria sentou na mesa e falou diante dunha sala ateigada de amizades, sen dar mostras en ningún momento do abatemento que debía sentir, cunha firmeza de carácter –como lembran os seus biógrafos Xavier Senín e Isabel Soto– unha coraxe e unha forza emocional envexable. Estremece hoxe a lembranza que Pedro Ferriol lles confesou aos biógrafos, asegurando que aquel día "estaba serena, riseira como nunca e contenta co seu novo libro".

E non había ser tampouco o derradeiro, xa que nos seus últimos días, pouco antes de morrer o 22 de novembro de 2005, recibiu moi ilusionada os primeiros exemplares da edición en Xerais Merlín de *Eu conto, ti cantas* (2005) ilustrado por Manuel Uhía, o seu ilustrador favorito, que se ocupou de iluminar boa parte da súa obra infantil. Ferriol conta que en canto chegaron á casa correu a levarllos

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 141-150
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ao hospital como bóla de pan quente "e, ao ter o libro por primeira vez nas mans, esqueceuse de todas as dores e deu en acariñalo esbozando un sorriso. Durante uns minutos púxose moi contenta".

OUTRA OBRA ENSAÍSTICA

Diario da luz e a sombra, ao que logo volveremos, non foi a única obra ensaística publicada por María Victoria Moreno, xa que ademais da súa obra didáctica para a editorial Galaxia, os libros de Literatura Galega de 3º de BUP e COU que compartiu en 1985 e 1987 con Xesús Rábade Paredes e Luís Alonso Girgado, e a preparación da antoloxía *Os novísimos da poesía galega* (1973) e dalgún prólogo e artigo, foron salientables dous títulos da colección Andel de divulgación arredor do libro, a lectura, a lingua e a literatura que publicaba a Dirección Xeral de Cultura. Refírome á monografía de 68 páxinas *As linguas de España*, publicada en 1991, unha peza didáctica que non perdeu actualidade ningunha, comezada pola famosa cita de Cunqueiro, "Louvado sexa deus tamén por terme dado o don da fala nosa", e rematada por un lista dos nomes máis frecuentes nas catro linguas oficiais españolas. Libriño ao que meses despois, tamén en 1991, acompañaría na mesma colección e con idénticas intencións didácticas a monografía de 80 páxinas *Verso e prosa*, un ensaio sobre a linguaxe literaria e sobre a tipoloxía textual, anticipándose a publicacións sobre esta temática que serían despois moi frecuentes coa renovación da didáctica da lingua e da literatura que se desenvolveu ao longo desta década.

Neste repaso sobre a obra ensaística de María Victoria Moreno non pode faltar esa alfaia filolóxica titulada "Discurso pronunciado por Xesús Alonso Montero no acto no que recibiu O Pedrón de Ouro" o 24 de maio de 1992, recollida por Claudio Rodríguez Fer no libro *Comentarios de textos populares e de masas* (1994a). Un traballo filolóxico complexo, dedicado a Camilo Agrasar Vidal, o custodio da Casa de Rosalía durante catro décadas, no que María Victoria Moreno somete o discurso de Alonso aos preceptos establecidos por Quintiliano no seu tratado *De institutione oratoria*, respectados por todos os oradores que, rendendo culto á palabra como instrumento para a comunicación e como materia susceptible de elaboración artística, fixeron da elocuencia a arte de deleitar e convencer. Un texto no que Moreno non dubida en afirmar que neste eido da literatura oral foi Ramón Otero Pedrayo a primeira figura galega de relevo universal, fundador dunha orde da elocuencia da cal "o confrade máis ortodoxo e brillante é Xesús Alonso Montero", ao tempo que identifica neste discurso ese "dicir pausado e solemne que caracteriza a oratoria ortodoxa".

Outro texto ensaístico de interese de María Victoria Moreno é "¿Escritora alófona eu", incluído no libro *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 141-150
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

(1994b), do que foron editores Xesús Alonso Montero e Xosé M. Salgado, no que nega a etiqueta de alófona e confesa a súa historia de amor coa lingua galega e o seu carácter de escritora autófona.

O poema "Carta de amor", incluído no volume colectivo *Carlos Casares: a semente aquecida da palabra* (2003), como o Pregón en verso lido na Feira do Libro de Pontevedra en 2003, poden ser considerados dalgún xeito como textos ensaísticos e ao mesmo tempo autobiográficos na medida que desvelan moitas das súas querenzas máis íntimas e expresan as súas conviccióǹs morais.

OS CONTIDOS DO *DIARIO DA LUZ E A SOMBRA*

Non obstante, como xa adiantamos ao comezo *Diario da luz e a sombra*, a obra editada en 2004 e reeditada en 2017, é a súa peza ensaística principal, na que se mesturan moitos fíos autobiográficos con reflexióǹs filosóficas, literarias e mesmo relixiosas. Un libro onde recolle a súa crónica como enferma de cancro de mama, dende a serenidade e a coraxe de quen sabe que unha doenza, por grave que for, non muda a personalidade de ninguén, senón que apenas resalta os trazos característicos de cadaquén. Velaí a mirada humilde, froito dun optimismo sensato, de quen posúe a convicción de que nunca é tempo de abrirlle as portas á desolación. Páxinas afoutas, enchidas, paradoxalmente, de humor e tamén dalgunhas bágoas, constitúe un exercicio de humildade e de confianza nas posibilidades dos seres humanos.

Velaí a grandeza humana e literaria deste texto narrativo non ficcional que lle devolve ao lector ou á lectora a ilusión necesaria para conservar todo aquilo que lle confire á vida un valor, até entón quizais subestimado. Vencida a revolta interior do primeiro choque brutal e as aflicións provocadas pola fase inicial da enfermidade, o que a autora denomina "A subida á alta rocha", asociadas ao medo ao descoñecido, este texto literariamente fermoso demostra que é posible, por difíciles e dolorosas que sexan as situacións (como son os efectos dos "xutes" da quimioterapia), descubrir nas rutinas diarias pequenos praceres insospeitados, establecer vencellos afectivos ou amorosos que doutra forma non serían identificados, ou contar coa serenidade suficiente para enfrontar os contratempos do devir cotián. En definitiva, destilación de vida en estado puro.

O OFICIO DE MESTRA

Un libro no que María Victoria Moreno aborda outras temáticas, constituíndo unha guía esencial para o coñecemento da súa poética da vida. En primeiro lugar, a importancia que para ela mesma tiña o seu oficio de mestra, ao que dedicou toda a súa vida: "son unha profesora que pasou a súa vida sementando para o futuro,

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 141-150
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

pensando nos que veñen detrás e soñando para eles un mundo mellor do que me cadrou a min" (2004: 119). Ou esoutra frase, da que non dubido en apropiarme, "o meu corazón florece nas aulas" (2004: 23), cando se refire á actitude do profesorado: "[Os cachorros, así lle chamaba ela con retranca ao seu alumnado] aman os profesores que ven felices porque intúen amor nesa felicidade e detestan os que ven tristes porque intúen desamor nesa tristeza. Así a aula pode ser, para todos, un paraíso ou un inferno" (2004: 16). Ou para máis abondamento:

> Se acado atención na aula non medro eu, senón a responsabilidade de facer ben o meu traballo e de sementar nos meus alumnos os elementos imprescindibles para que poidan ser no futuro máis honestos, máis veraces, máis solidarios, máis cultos, máis libres, máis felices… (2004: 17).

Toda unha declaración pedagóxica de quen foi lembrada como profesora marcante por alumnas como Rosario Álvarez ou Moncha Fuentes, por citar só algunhas, hoxe escritoras, nas aulas pontevedresas.

A LECTURA, A ESCRITURA E A AMIZADE

Profesora que inculcou no seu alumnado o hábito da lectura "porque abre portas a mundos descoñecidos, descobre ideas novas, dá temas para a conversa e mesmo esperta o noso sentido crítico ante opinións coas que estamos en desacordo" (2004: 100). Hábito para ela inseparable da escritura, "que tanto me ten axudado a min desde que era adolescente" (2004: 107).

> Un bolígrafo, unha folla de papel en branco e uns minutos de soidade son máis que suficiente para descubrirnos a nós mesmos e para ordenar desde dentro este mundo que tantas veces nos parece incomprensible (2004: 107).

Nestas páxinas insiste María Victoria no valor da amizade e da rede dos afectos, "precisaba un café ben conversado" (2004: 17), "se non tes dereito a apesarar a ninguén, nin sequera ós que te apesaran a ti, menos aínda o tes de apesarar os que che dan a cotío flores de ledicia" (2004: 18).

> Sempre, xa desde moi pequena, cando aínda era filla única nunha familia que gozaba de situación privilexiada nos duros tempos da posguerra, amosei a necesidade case patolóxica de compaña, de gozar do agarimo dos que me rodeaban e de sentir a súa protección (2004: 87).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 141-150
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Como confesa a importancia que nos primeiros pasos da vida tivo Tata Po, a muller que a coidaba, como o desamparo que provocou a ausencia do seu pai, falecido cando tiña dez anos. "O meu descubrimento é que, compartindo ledicias, todos os que entramos no reparto tocamos a máis. Compartindo pesares, todos tocamos a menos, incluso a nada en certas ocasións" (2004: 89).

Convicción na que insiste na súa orde de valores: "A ledicia abre camiños á relación cos outros e a tristura péchaos. A ledicia cheira ben, como a flores, e a tristura cheira mal, como a feces" (2004: 59). O que a leva a defender a importancia da risa, o humor e a da retranca que tinxe (paradoxalmente) moitas destas páxinas.

A SERENIDADE DOS ANIMAIS

Nestas páxinas María Victoria confesa a súa querenza polo trato cos animais e a contemplación respectuosa e amigable da súa conduta o que a ela lle proporciona unha reconfortante sensación de serenidade capaz de substituír o pesar e a angustia.

> Animaliños tan pouco comunicativos coma os peixes apodéranse da atención de quen, sentado fronte a un acuario, os observa. E hai algo especial na harmonía dos seus movementos ou no misterio das súas expresións. Algo que enfeitiza e transmite benestar (2004: 103).

Xaora, os cans constitúen para ela un capítulo á parte:

> Non só é que sexan os mais fieis, os máis intelixentes e os máis amorosos. É tamén que posúen facultades mentais diferentes das humanas, tales como a telepatía, e no seu trato coas persoas amosan a capacidade de entendelas sen necesidade de palabras, de coñecer os seus estados de ánimo e de provocar respostas positivas (2004: 105).

Para engadir que "os animais poden incluso cambiar a imaxe que un ten de si mesmo" (2004: 106).

OPTIMISMO SENSATO

María Victoria confesa que practica e practicou sempre "o que podería chamarse *optimismo sensato*, que consiste en ser consciente da situación, aceptala porque non hai outra saída e buscar dentro dela todas as posibles alternativas gozosas, que son moitas" (2004: 49). Con todo, confésase egocéntrica: "Querería que o mundo

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 141-150
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

enteiro mirase para min e que se conmovese ante o meu outono persoal como eu me conmovo ante o castiñeiro cheo de ourizos" (2004: 43).

AMOR

Nas páxinas do diario, María Victoria dá conta do inicio da súa relación sentimental co escritor Pedro Ferriol e confesa o seu entusiasmo polo que está vivindo: "qué bonita é a vida, qué bonita é a carta que recibín e qué bonito é este vivir na flor da pel e atopar unha alma que se achega docemente para ofrecerche as flores que garda" (2004: 97).

PASEATA ARREDOR DA MORTE

O diálogo co ensaio de Domingo García-Sabell *Paseata arredor da morte* (1999) constitúe a cerna deste ensaio de Moreno. Utilizando o recurso á paráfrase, a nosa autora reescribe as setes fases coas que o enfermo se enfronta coa morte como realidade inevitable cando chega a ser consciente de que a súa situación é irreversible: a *fase de choque*, coas súas sensacións de soidade e desamparo; a *fase de denegación*, na que cómpre buscar axudas, que ela confesa non ter vivido; a *fase de cólera*, cando o mundo se fai aborrecible; a *fase de depresión*, caracterizada pola fonda tristura, centrada na preocupación polo futuro dos familiares que nos van sobrevivir; a *fase do trato coa doenza*, na que se emprende unha peculiar loita coa morte, utilizando as armas da razón; a fase de aceptación, na que no derradeiro treito da vida se suscita a curiosidade polo alén, que Moreno identifica "na fusión total co cosmos ou, o que é o mesmo, na fusión total con Deus" (2004: 83), recollido por ela no soneto "Namorada de outonos e solpores" (2004: 84); sendo a sétima e derradeira fase neste proceso de achegamento á morte o que Sabell denomina *fase de tronzadura da comunicación:*

> na cal o enfermo se converte nun estraño e experimenta vivencias que non comunica e que non poden ser entendidas nin imaxinadas polas persoas que o acompañan, incluído o médico que atende (2004: 84).

Tras este percorrido, María Victoria conclúe que

> Saber de antemán cómo se emprende a derradeira viaxe, sobre todo se persoas de credibilidade innegable nos aseguran que despois dos sufrimentos chega a paz, pode ter efectos moi positivos no noso camiñar cara a meta común a todos os mortais (2004: 85).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 141-150
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Nas páxinas finais do ensaio, Moreno dialoga co texto de Moncho Valcarce, o crego nacionalista, o famoso Cura das Encrobas, que padeceu un cancro que o levou á morte, *Diario íntimo da doenza final* (1994). Respectando esta posición mística de Valcarce, na que son moi salientables o enaltecemento do amor e da amizade como a vida do alén, María Victoria dentro do panorama da desolación identifica

> con nitidez a idea dunha inmortalidade reducida, íntima e familiar, que tamén é moi consoladora: non todo remata na partida –dicimos– porque eu quixen sempre estar cos meus, quero seguir estando e estarei… (2004: 111).

Inmortalidade como memoria familiar e amical: "Non por unha eternidade, non ata a fin do mundo, senón xusto mentres estean aquí aqueles que me amaron" (2004: 111).

Para rematar enxergando o territorio da esperanza:

> é moi reconfortante saber que a nosa presenza chegará sempre oportunamente á festa familiar onde ninguén ousará suplantarnos […]. Un perfume, un prato ben cociñado, unha canción, un ceo de primavera… Ata o propio silencio da nosa ausencia falará de nós ós que nos aman. ¿Que máis podemos querer? ¿Non é isto, a seguranza de ter isto, un fermoso xeito de inmortalidade? (2004: 111-112).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Casalderrey, Fina e Marilar Aleixandre (2018): *María Victoria Moreno: a muller que durmía pouco e soñaba moito*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

García Sabell, Domingo (1999): *Paseata arredor da morte*. Vigo: Galaxia.

Moreno, María Victoria (ed.) (1973): *Os novísimos da poesía galega / Los novísimos de la poesía gallega*. Arealonga 3. Madrid: Akal.

———— (1986): *Leonardo e os fontaneiros*. Vigo: Galaxia / SM.

———— (1991a): *As linguas de España*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

———— (1991b): *Verso e prosa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 141-150
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (1994a): "Discurso pronunciado por Xesús Alonso Montero no acto en que recibiu o Pedrón de Ouro", en Claudio Rodríguez Fer (ed.), *Comentario de textos populares e de masas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 119-143.
———— (1994b): "¿Escritora alófona eu?", en Xesús Alonso Montero e Xosé M. Salgado (eds), *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I. Congreso*. Vigo: Galaxia, 107-111.
———— (2003): "Carta de amor", en Francisco Díaz-Fierros e Henrique Monteagudo (coords.), *Carlos Casares: a semente aquecida da palabra*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 59.
———— (2004): *Diario da luz e a sombra*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
———— (2005): *Eu conto, ti cantas*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
———— (2006): *Elexías de luz*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Soto, Isabel e Xavier Senín (2018): *María Victoria Moreno. Sementadora de futuro*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Valcarce, Moncho (1994): *Revolucionario e místico. Diario íntimo da doenza final*. Santiago de Compostela: Monografías de *Encrucillada*.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 141-150
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 151-170
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.728

MARÍA VICTORIA MORENO: COMPROMISO E CONCIENCIA CÍVICA DUNHA MULLER ADIANTADA AO SEU TEMPO

MARÍA VICTORIA MORENO: COMMITMENT AND CIVIC AWARENESS OF A WOMAN AHEAD OF HER TIME

Isabel Mociño-González
Universidade de Vigo

Resumo: Este artigo achégase á traxectoria vital e creativa de María Victoria Moreno como cidadá comprometida e coherente. O seu labor multifacético a prol da cultura galega demostra que estamos ante unha activa axente cultural, en ocasións adiantada ao seu tempo. A través das súas obras e da súa acción social revélanse camiños ata entón inexplorados, nos que demostrou ser plenamente consciente da relevancia do seu traballo e das necesidades que observaba ao seu redor. Detémonos aquí en catro dos seus principais compromisos: como docente, como produtora e mediadora na literatura para a infancia e xuventude, como muller e en favor das mulleres e como cidadá culta, sensible, xenerosa e afouta.

Abstract: This article examines the vital and creative trajectory of María Victoria Moreno as a committed and coherent citizen. Her multifaceted work in favour of Galician culture reveals an active cultural agent, sometimes ahead of her time. Through her works and social action, unexplored paths are revealed, on which she demonstrated her absolute awareness of the relevance of her work and the needs she observed around her. Four of her main commitments will be assessed: as a teacher, as a producer and mediator in children's and young adult literature, as a woman and in favour of women and as a cultured, sensitive, generous and passionate citizen.

Palabras chave: María Victoria Moreno, compromiso, creadora, mediadora.

Key words: María Victoria Moreno, commitment, creator, mediator.

Camiñamos cara ao remate dun ano que nos deu a oportunidade de coñecer mellor "as preferencias literarias, as teimas e a pluralidade intelectual daquela extraordinaria profesora, daquela cidadá boa e xenerosa, moi xenerosa, e daquela grande escritora galega" (Alonso 2018c: 34) chamada María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1939-Pontevedra, 2005).

Foron numerosos os estudos que no último ano viron a luz ao redor da súa vida e obra. Na práctica totalidade deles saliéntase o feito de que unha persoa non galega adoptara a nosa lingua e traballara arreo a prol da dignificación da cultura, especialmente en momentos difíciles e que lle causaron máis dun desgusto. Unha circunstancia que xa se viña remarcando dende que comezou a publicar, tanto en entrevistas[1] nos medios de comunicación coma en traballos de maior alento (Alonso/Salgado 1994; Soto 1999, 2000). Pero máis alá do recoñecemento cabe preguntarnos: tan estraño é aceptar como natural o compromiso? Achamos algo extraordinario a conciencia cívica dunha cidadá que desenvolveu a súa identidade social con naturalidade no colectivo no que se integrou?[2] Precisamos os galegos e galegas lexitimarnos como cultura diferenciada no de "fóra" para reafirmarnos na necesidade de defender o propio ou de vivencialo con naturalidade?

Estas cuestións queren ser o arrinque dunha aproximación á vida e obra de María Victoria Moreno, poñendo o foco na perspectiva de que estamos ante unha intelectual polifacética e cidadá consciente de que a participación en actividades sociais, políticas e cívicas da comunidade é un dereito lexítimo nas sociedades máis avanzadas e igualitarias. A súa implicación en diferentes planos sociais comezou en tempos da ditadura, convencida de que era preciso outro modelo social e político, polo que se situou nun espazo público de gran poder e se converteu nunha activa defensora da necesidade de transmitir, fundamentalmente ás novas xeracións, unha conciencia cívica máis acorde á Declaración dos Dereitos Humanos e ás sociedades democráticas.

María Victoria Moreno foi, tomando emprestada a perspectiva das teorías sistémicas, unha activa axente cultural, cuxo compromiso se reflectiu en facetas como a docente, creadora, editora, conferenciante, antóloga, libreira, tradutora..., é dicir, implicouse en todos os planos da complexa rede de factores que contribuíron a (re)configurar un sistema literario periférico e subalterno: a produción, mediación, planificación e transferencia. Unha pioneira e autora

1 Como se pode seguir polos *Informes de literatura* (1996-2017), de acceso en: http://www.cirp.gal/rec2/informes/

2 Pénsese que a xustificación da súa adopción da lingua galega e a defensa a prol da cultura do país a levou a elaborar a metáfora que serviu de lema ao Día das Letras Galegas: "a miña relación con Galicia é unha historia de amor" (Moreno 1994: 108).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 151-170
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

clásica contemporánea da literatura para a infancia e xuventude galega (Gomes/Roig 2007; Roig 2002, 2008, 2015) que fixo do compromiso activo a súa forma de vida e de estar no mundo.

1. O COMPROMISO DUNHA DOCENTE VOCACIONAL

> Para min ser profesora é unha paixón. Se tivese que elixir entre escritora ou profesora, quedaría sen dubidalo co segundo (Neira 1999: 12).

A chegada a Galicia de María Victoria Moreno en 1963 vén determinada pola vinculación coa institución escolar da súa parella, José Luís Llácer, e dela mesma, que comezou impartindo aulas de latín no Instituto Feminino de Pontevedra e, a partir de 1965, como profesora agregada de Lingua e Literatura española en Lugo, cidade da que deixou dito: "Lugo é unha páxina indeleble na miña vida. Galicia aniñou no meu corazón naqueles dous cursos que traballei en Lugo" (Moreno 1994: 109). A súa vocación de docente quedou recollida en moitos traballos e declaracións, nos que manifesta abertamente o seu compromiso coas xeracións máis novas, por entender que: "Ensinar e alimentar son vocacións escritas no animal adulto con respecto ao cachorro da súa especie. Como os animais, eu son feliz dándolles de comer e aprendéndolles cousas aos cachorros. Aos nenos hai que darlles sempre o mellor"[3] (Neira 1999: 14).

Nos anos nos que inicia este labor docente, as institucións do réxime, ou o que é o mesmo, o conxunto de factores implicados no control da cultura que regulaban as normas, sancionaban algunhas e rexeitaban moitas outras, que remuneraban e reprimían a produtores e axentes, non eran proclives á cultura galega, aínda que na loita constante que se produce na correlación de forzas é onde se determina o éxito ou fracaso dos axentes involucrados (Bourdieu 1977). Pasado o tempo podemos falar do éxito dunha muller e dun sistema: o dunha escritora, convertida en clásica contemporánea, e o dunha literatura, a escrita en lingua galega e de potencial recepción infantil e xuvenil, puxante e practicamente normalizada.

O compromiso de María Victoria Moreno coas novas xeracións de galegas e galegos xurdiu dende a súa incorporación ás aulas en 1963 en Lugo, onde entra en contacto con docentes comprometidos coa cultura propia, como é o caso de Xesús Alonso Montero, quen exerceu unha enorme influencia sobre ela e ao que sempre lle recoñeceu, máis alá da amizade, o valor de "mestre". A el atribuíalle o ter aprendido o seu "peculiar xeito de chegar á aula e diluír tensións" e

3 Non se pode esquecer tampouco o texto que en 1994 publicou no número 41 de *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, cuxo título é ben revelador: "MVM, una profesora feliz de serlo".

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 151-170
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

de "converter o traballo na máis gratificante das actividades cotiás". Un exemplo que se converteu en legado: "a actitude ante a lingua, a ética e o compromiso cos seus falantes herdeinas de quen foi o meu mestre, de quen me honro e recoñezo como mestre" (Moreno 2000: 3).

A posta en valor deste legado permitiulle observar como na institución escolar están latentes as tensións que se producen entre as opcións da ideoloxía oficial e outras alternativas (Even-Zohar 1990: 16), o que, sen lugar a dúbidas, ata a aparición dos medios de comunicación de masas, converteu a escola nun dos campos máis importantes de extensión e imposición de ideas culturais na sociedade.

Ese poder da institución educativa quedou patente no traballo de mestras e mestres que, como María Victoria Moreno, dende os anos sesenta contribuíron á recuperación cultural e á constitución dun sistema literario infantil e xuvenil daquela practicamente inexistente, como teñen sinalado Roig (1995, 1997) ou Agrelo (2012). No caso da autora que hoxe nos ocupa, asumiu un papel activo no ensino e dignificación da lingua e cultura galegas "dende unha sólida formación filolóxica [...] con rigor técnico pero nunca o exercía asepticamente: facíao con fervor, con acordes reivindicativos e coa música moral que posúen os mellores compromisos cívicos" (Alonso 2018b: 33).

Un compromiso que reflectía o seu respecto e agarimo polo alumnado, tal como queda patente en *Diario da luz e a sombra*, onde evoca a relación alumnado-mestra nestes termos:

> Os cachorros, ou sexa os alumnos, saben moi ben con quen están en cada momento e responden, polo xeral, con bastante perspicacia. Aman os profesores que ven felices porque intúen amor nesa felicidade, e detestan os que ven tristes porque intúen desamor nesa tristeza. Así a aula pode ser para todos un paraíso ou un inferno (Moreno 2004: 22-23).

Convencida de que o paraíso era posible, asumiu a responsabilidade de participar no profundo cambio que a escola galega precisaba e foi implicándose e facendo súas as problemáticas derivadas da complexa situación socio-político-cultural da que provén o seu alumnado, para o que se fixa como reto profesional uns obxectivos moi claros: "Se acado atención na aula non medro eu, senón a responsabilidade de facer ben o meu traballo e de sementar nos meus alumnos os elementos imprescindibles para que poidan ser no futuro máis honestos, máis veraces, máis solidarios, máis cultos, máis libres, máis felices..." (Moreno 2004: 16-17).

Lograr nos demais uns valores tan fondos implica practicalos con honestidade, tal e como facía a mestra aínda moza, á que se refire Alonso Montero nestes termos:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 151-170
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Aquela profesora, naquel castelán tan ben falado e tan coidado, non tardou en explicar aos seus alumnos, todos (ou case todos) da nación sociolóxica dos falantes de galego, que o idioma deles, sen ser oficial, era un idioma digno. Profesora culta, profesora nova e profesora entregada, aquela profesora 'de fóra' acababa de certificar a dignidade moral dunha lingua e dos seus falantes (Alonso 2008: 28).

Esta mesma dignidade e o absoluto convencemento de que "o trabajas por Galicia, y eso se hace en gallego, o te vuelves a la meseta" (Moreno 1992: 50), certificaron un compromiso vital inquebrantable que a levou a asumir retos e a traballar activamente a prol da cultura galega ata o final dos seus días. Un labor que a converteu en moitos eidos nunha pioneira, como veremos, e nunha mestra inesquecible para os seus estudantes, nos que deixou unha fonda pegada, tal como recolle Montse Fajardo en *O escalón de Ulises* (2018), onde descubrimos unha personalidade singular, por veces extravagante, unha muller segura de si mesma, indiferente ao "que dirán", que tanto condiciona a nosa sociedade[4].

O seu fondo coñecemento do mundo do ensino e das súas problemáticas levouna a convertelo nun dos temas principais da súa produción literaria, na que educar representa unha experiencia motivadora, suxestiva e adaptada ás necesidades do alumnado, en contraposición a prácticas represivas e rancias (Soto 2018: 246). Neste escenario, as aulas, tivo a oportunidade tamén de dialogar coa infancia e xuventude, compartir lecturas e impresións sobre as súas propias obras a través das visitas que como autora fixo aos centros educativos. Dese modo, seguiu practicando a humildade e o respecto, tal como deixou descrito no breve ensaio "Nosoutras" (Moreno 2018), texto ata o de agora inédito e dunha forza abraiante, un manifesto de reivindicación e toma de posición como escritora e como muller que sen dúbida é pioneiro. Nel, ademais de reivindicar o labor e a transcendencia da produción de cinco escritoras e docentes (Palmira G. Boullosa, Helena Villar, Ana Mª Fernández, Úrsula Heinze e ela mesma), tamén reflexiona sobre a relación co lectorado nestes termos:

> Hai unha humilde maneira de sentirse importante, a de quen abre camiño sen deixar constancia da súa pegada, e esa é a nosa. Cando visitamos as escolas e os nosos lectores nos asedian a preguntas, cando enxuízan os nosos libros co espírito crítico que intentamos transferirlles desde eles, cando intuímos un lampo de amor á palabra e ao papel en branco, daquela sabemos que o noso traballo ten unha razón de ser. E animámonos a seguir escribindo para que os

4 Ademais doutros testemuños como o de Moncha Fuentes (1992) ou Eva Mejuto (2018).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 151-170
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> homes e as mulleres do mañá camiñen por esta terra coa seguridade que a nós nos faltou. Para que sexan máis cultos, se conseguimos, cos nosos libros, que amen calquera libro. Para que sexan máis equilibrados, se conseguimos coa nosa compaña, que a soidade non os magoe. Para que sexan máis xenerosos, se conseguimos, coas nosas historias, convencelos de que o corazón só medra cando se entrega (Moreno 2018: 64).

Un sentido de transcendencia e respecto cara aos seus potenciais destinatarios que resulta encomiable e dunha enorme lucidez e permite entender a súa concepción como unha terapia, como forma de coñecerse mellor a un mesmo e ferramenta de introspección accesible a todas as persoas: "Un bolígrafo, unha folla de papel en branco e uns minutos de soidade son máis que suficiente para descubrirnos a nós mesmos e para ordenar desde dentro este mundo que tantas veces nos parece incomprensible [...] Non é preciso ser persoa estudada para facer isto" (Moreno 2004: 107).

2. O COMPROMISO DUNHA ESCRITORA COA INFANCIA E A XUVENTUDE

> Asinei para sempre o meu compromiso coa lingua e cos nenos de Galicia: só escribo en galego, só escribo para nenos (Moreno 1994:110).

O contacto co alumnado e o coñecemento da realidade do momento que lle tocou vivir activou outro dos seus compromisos máis firmes: a aposta por unha literatura de noso que puidera ler (aínda que non só) a infancia e xuventude. Non se esqueza que a literatura desenvolve un importante papel na configuración das nacións e os grupos culturalmente organizados dado que, por medio dela, o sistema cultural conta cun repertorio de modelos semióticos a través dos que "o mundo" se explica cun conxunto de narracións, as cales transmiten sentimentos de solidariedade, de pertenza e, sobre todo, de submisión a leis e decretos que non poden ser impostos só coa forza física (Even-Zohar 1993: 444).

Consciente do poder da palabra, María Victoria Moreno comezou escribindo en castelán e gañando premios, porén de seguida apostou pola literatura dirixida aos máis novos e en lingua galega. Escribiu obras de considerable calidade estética e abriu tendencias e correntes que se converteron en modelos a imitar por futuras xeracións literarias. Xunto con creadores como Xosé Neira Vilas, Carlos Casares, Paco Martín, Manuel María, Pura e Dora Vázquez ou Xohana Torres, entre outros, representa as autoridades ou clásicos contemporáneos da literatura infantil e xuvenil galega (Gomes/Roig 2007; Roig 2015).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 151-170
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Co volume *Mar adiante* (1973a) irrompeu no panorama galego[5] e nel proxecta a súa preocupación polo mundo do ensino á vez que denuncia os métodos represivos da escola tradicional, á que contrapón a liberdade e a aprendizaxe en contacto coa natureza[6]. Tanto a temática coma a propia traxectoria vital da autora sitúana nos presupostos da renovación pedagóxica, que se converteu nun revulsivo para impulsar esta produción emerxente, dado que foron os docentes, xunto con persoas ligadas ao mundo da edición, os que, coa súa progresiva conciencia da importancia da lectura pracenteira como valor formativo e como ferramenta de consolidación de hábitos lectores, demandaron obras pensadas para os máis novos e estimularon a súa creación (Soto/Senín 2018). Un compromiso de mestras e mestres na constitución do sistema literario infantil e xuvenil que, como salienta Agrelo Costas (2012), os levou a se converteren en "improvisados autores de textos didácticos y literarios dirigidos a la infancia y juventud que, con el tiempo, fueron los textos fundacionales del corpus de un sistema literario que era necesario configurar como otra muestra más de capacidad y autonomía de un país emergente en vías de descolonización cultural" (Agrelo 2012: 18).

Aínda que Roig Rechou (1996, 2002, 2005, 2008, 2015) encadra a María Victoria Moreno na unidade xeracional "Da Literatura institucionalizada á Infantil e Xuvenil", esta conflúe cos obxectivos e trazos xeracionais de autoras e autores posteriores, a Xeración do 68, na súa maioría docentes que ideoloxicamente compartían unha liña discursiva identitaria de orientación galeguista e/ou nacionalista, que participaron na renovación pedagóxica e en movementos asociativos, que apostaron por modalidades xenéricas novas, dialogaron coa tradición, estableceron múltiples intertextualidades coa literatura universal e abriron suxestivos itinerarios de lectura para a infancia e a mocidade (Roig 2015). Moitos deles son actualmente referentes ineludibles deste sistema literario e co seu compromiso e traballo contribuíron a rematar cunha inxustiza, dende o punto de vista da formación literaria, que padecían nenas e nenos galegos fronte aos doutras nacións, unha dobre colonización: a idiomática e a literaria (Dobarro 1985).

María Victoria Moreno non é unha autora prolífica en canto ao número de textos publicados, pero si na presenza social e na influencia que exerceu nos autores e autoras que se foron incorporando ao sistema. Ao longo de tres décadas fundamentais na constitución do sistema literario infantil e xuvenil publicou as súas

5 Con anterioridade participou en 1972 no V Concurso de Contos Infantís da Asociación Cultural O Facho da Coruña, no que o seu conto "Crarisca e o luceiro" gañou o segundo premio. O texto, incluído, en *Mar adiante*, constitúe un xogo metanarrativo dentro da obra e configura unha metáfora da liberdade e a loita polos soños e ilusións.

6 Liña temática que sería retomada en obras como *Primeiro libro con Malola* (1985), de Xoán Babarro e Ana María Fernández; ou *A escola dos piratas* (2005), de Agustín Fernández Paz (Agrelo 2015).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 151-170
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

obras máis significativas: *Mar adiante* (1973a), *Leonardo e os fontaneiros* (1986), *Anagnórise* (1988) e *Guedellas de seda e liño* (1999). Como demostra a pormenorizada bibliografía de Bouzas Gorgal (2018), poucos foron os traballos do ámbito académico e crítico que se detiveron na súa produción, agás casos puntuais como Fernández Paz (1989, 1990), Blanco (1991), Alonso Montero (1994) ou os que dende inicios do século XXI vén desenvolvendo o grupo de investigadoras ao redor de Blanca Roig e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Isto é reflexo da propia situación de subalternidade e periferia que ocupou (e aínda segue a ocupar!) a literatura infantil e xuvenil nos currículos universitarios e, polo tanto, nas liñas de investigación, lastrada pola súa consideración de literatura pensada só para a educación e a formación pedagóxica da infancia e non como campo de investigación lexítimo no mundo académico, pexado por uns criterios de avaliación tradicionais na selección do obxecto de estudo (Shavit 2003: 11-12).

A lectura dos seus once libros de narrativa e poesía e o monllo de relatos, que foron estudados con detemento en Pena (2018), Roig (2015, 2018a, 2018b), Soto e Senín (2018), Queixas/Sánchez (2018)..., achéganos a unha serie de constantes que vertebran a súa produción e reflicten á perfección os compromisos conscientes da escritora: a intencionalidade ética que prima valores e ridiculiza ou condena actitudes daniñas como a cobiza, o egoísmo, a presunción ou a ambición desmesurada; o abondamento no tratamento de temas como a desigualdade social, a miseria, a crueldade e o desamparo, fronte aos que xorde o enxalzamento do amor, da tenrura, do diálogo, do poder da imaxinación e o relevante papel da palabra e a literatura, enmarcados moitas veces por unha atracción case telúrica pola natureza e un fondo respecto aos animais (Soto/Senín 2018: 77). Probablemente o recurso máis empregado sexa a contraposición asentada en binomios dicotómicos, como infancia/adultos, fantasía/realidade, rural/urbano, ensinanza tradicional/ensinanza innovadora, entre outros.

Estas recorrencias asentan nos eixos que vertebran a súa concepción da vida e da sociedade, á vez que ofrecen un mapa dos seus compromisos máis fondos: aprender (no dobre sentido da palabra) para construír unha sociedade mellor. Amais paréceme que non se pode facer unha aproximación á vida e obra de María Victoria Moreno sen reparar no seu compromiso firme coa muller como axente social e como individuo emocional.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 151-170
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

3. O COMPROMISO E CONCIENCIA DE/COA MULLER

> Eu son eu. Son así. Estou contenta de min mesma.
> Abonda para seguir vivindo en harmonía co destino
> que foi escrito para min desde as estrelas (Moreno 2004).

Na produción literaria de María Victoria Moreno pódese rastrexar unha implementación intencional, é dicir, o esforzo dunha vontade consciente de cubrir certos baleiros temáticos, xenolóxicos e doutro tipo (Ďurišin 1995), en especial no referido á visualización da muller e o seu papel activo na sociedade. A súa obra foi lida dende a perspectiva de xénero por Blanco (1991), Roig e Neira (2010), Pena (2013) ou Mociño (2017), que salientan a importancia da escrita das mulleres no cambio da imaxe actancial de personaxes femininas, tal como se pode ver en obras de Xohana Torres, María Xosé Queizán, Helena Villar Janeiro ou Palmira G. Boullosa, entre outras. Nelas atópase o xerme dunha perspectiva máis equitativa e respectuosa cos roles de xénero, ao colocaren a rapazas como protagonistas, abordar os seus desacougos e problemáticas e favorecer que as lectoras atopasen voces e modelos cos que se identificar e nos que se ver reflectidas.

Non esquezamos que a literatura infantil e xuvenil é a primeira que le unha persoa no curso da súa vida, co cal a súa posición é determinante na formación de novos lectores (Figueroa 1992: 406), nos valores que se lles transmite e nos modelos sociais que se constrúen a través destas ficcións, pois como afirma Úrsula Heinze (1991: 8), a infancia é unha época decisiva para a conformación das persoas e marca nelas as liñas do seu futuro camiño e do seu desenvolvemento na vida.

Dende as súas primeiras obras, María Victoria amosou unha fonda preocupación por denunciar os sufrimentos das mulleres e a inxustiza dunha sociedade patriarcal na que vivían marxinalizadas e invisibilizadas. Xa na novela *Alcores de Donalvar*, finalista do premio Café Gijón en 1969 e traducida para a lingua galega como *Onde o aire non era brisa* (2009), aparece a denuncia da pobreza, o analfabetismo e os sufrimentos dunha mestra da época da posguerra, os seus esforzos por axudar os cativos e cativas ante a miseria, inxustiza e a fame (física e intelectual). Esta novela "retrata con fidelidade as escolas rurais nos anos 60, e constitúe un canto ao papel das mestras en difíciles circunstancias"[7] (Aleixandre 2018: 104), realidade que a autora coñecía ben por tela vivido en primeira persoa ao carón da súa nai.

7 Esta mestra lémbranos á Eladia da que se namora Balbino, afectuosa e próxima, un precedente de moitas mestras que poboaron despois as obras da literatura infantil e xuvenil galega (Roig 2015).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 151-170
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

En *Mar adiante* (1973a) Moreno proxecta a súa concepción da renovación pedagóxica, enmarcada nun rico mundo feminino dominado pola fantasía e o simbolismo, cunha figura adulta que exerce o papel de conselleira ou guía, outra que encarna a boa fada, a protectora e feiticeira, capaz de abrir as portas da imaxinación e dos mundos posíbeis duns rapaces e rapazas cos que a autora se comprometera movida por unha realidade que a magoaba: "Nas escolas, os nenos que falaban galego eran humillados constantemente e ata pagaban multas. Daquela comprometinme afectiva e socialmente a axudar a esta xente e a defender a súa lingua" (Varela 2001: 3).

Tal e como dixemos xa noutro traballo (Mociño 2017), María Victoria Moreno é unha pioneira que en *Mar adiante* coloca as mulleres como protagonistas, pon en valor o seu traballo e fai un retrato caracterizado pola perspectiva proactiva e renovadora, nunhas historias diversas, de marcado ton lírico, tenrura e unha clara defensa da amizade e da solidariedade (Soto 2000: 258), amais da humildade atribuída á figura da mestra que, tal como confesa a propia autora (Moreno 1992: 48-50), aprendeu dende moi nova, consciente de que o seu alumnado agardaba dela calquera cousa menos o aire de superioridade.

Estas personaxes femininas ligadas ao mundo do ensino deron paso a figuras que transgriden as normas do patriarcado e permiten unha lectura crítica da dominación social masculina e a submisión feminina, como no relato escrito en 1975, "O catavento", un texto que, malia se dirixir á infancia, ten unha forte carga crítica e enlaza coa posición ideolóxica da autora recollida no breve ensaio "Nosoutras" (Moreno 2018), no que afirma rotunda: "nosoutras, coma outras mulleres desta terra que asfaltan estradas ou arriscan a súa vida nos traballos máis duros, non temos nada que envexarlles aos homes, senón que marchamos ao par deles, e ás veces abrindo camiño" (2018: 65).

Entre as voces femininas son de salientar nas súas obras as adolescentes, modelos de rapazas que demostran gran madurez, como sinalan Isabel Soto e Xavier Senín (2018: 121-125) das protagonistas de "Querida avoa", "S.O.S." e "Pan con chocolate", relatos nos que aborda con valentía cuestións como as consecuencias dos divorcios, a drogadicción ou a xenofobia e o racismo, temas na altura con escasa presenza na literatura para os máis novos. Neste sentido merece destaque a perspectiva que sobre a violencia de xénero ofrece en *Guedellas de seda e liño* (1999), que na sociedade da época tivo que resultar dunha modernidade abraiante. Ao longo da novela non aforra detalles da tensión que vive a familia, da degradación das relacións paterno-filiais e do punto sen retorno no que a violencia extrema sitúa as mulleres. Incide na desprotección das vítimas, nas marcas indelebles que deixa nas súas vidas e na falta de medios sociais para lles axudar

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 151-170
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

a saír do sometemento e da falta de autoestima necesarias para retomar as súas vidas e loitar por un futuro mellor.

Esta denuncia da subalternidade da muller nos modelos patriarcais está presente tamén na descrición da situación da lingua galega, ambas as dúas marxinalizadas no plano social, que Moreno fai no breve ensaio *As linguas de España* (1991), onde ao fío da reflexión sobre a percepción social da lingua non pode deixar de sinalar que: "Na sociedade de predominio masculino en que vivimos, aínda hoxe, a muller é considerada coma cidadá de segundo rango e, en certos ambientes, recibe un tratamento semellante ó que rematamos de describir verbo das linguas nativas: dise dela que é doce, que é bonita, que é graciosa..." (Moreno 1991: 63), descargándose a conciencia da sociedade da súa culpa, mentres as mulleres ocupan as posicións máis subalternas e de menor prestixio. Por iso, remata o discurso apelando ao lector/a para impelelo/a a que actúe, ao igual ca en todas as súas obras de ficción, o que representa o sentido máis íntimo do seu compromiso, pois de cada unha de nós "depende que o mundo sexa máis xusto, máis libre e máis bonito" (Moreno 1991: 64).

De todas as súas personaxes, probablemente a que mellor encarne o transunto e perspectiva vital da autora sexa a Xulia Andrade de *Anagnórise*, un *alter ego* da súa forma de ver o mundo e a vida, da súa posición de muller e individuo activo nunha sociedade, a galega, que se lle descubriu, dende a súa chegada, tamén en forma de muller(es), como moi ben deixou explicado:

> Pouco viaxei por Galicia entre 1963 e 1965 –traballaba na casa, preparaba as oposicións, descubría a felicidade na práctica do ensino– e pouco puiden ver. Con todo, o que vin foi de abondo para albiscar que a Galicia verdadeira estaba fóra daquel mundo –castelánfalante, pequeno e entrañable da vila: intuíase nas leiteiras, co seu pano negro á cabeza e o seu carné de conducir (¡1963!); abraiaba no silencio resignado das obreiras que facían a estrada de acceso ó monte de Santa Trega; latexaba no cheiro a peixe fresco ou na lama dos zapatos que traían as alumnas do antigo Instituto Feminino... (Moreno 1994: 109).

4. A CONCIENCIA CÍVICA DUNHA CIDADÁ MULTIFACÉTICA

> Todo o mundo se comporta ante min como se comporta con Galicia: con amoroso respecto, con prexuízos gratuítos, con irracional xenreira (Moreno 1994: 108).

A lectura da obra de María Victoria Moreno transloce a súa convicción da necesidade de "educar para a vida" dende unha concepción aberta da cidadanía. É por iso que o seu compromiso ademais de como docente, creadora, ensaísta e como muller tamén a levou a asumir outras tarefas como as de tradutora, editora, promotora da lectura e do libro ou libreira, pero sobre todo persoa sensible e xenerosa que se puxo sempre do lado dos máis vulnerables.

A súa consciencia das debilidades que padecía a cultura galega convertérona nunha activa axente de planificación cultural e transferencia, procesos fundamentais para a creación dun repertorio diversificado e estable. Primeiro seleccionou e asumiu a responsabilidade dunha controvertida antoloxía, *Os novísimos da poesía galega* (1973b), para algúns "fanada por prematura" (Vilavedra 1999: 235), para outros un claro exemplo do seu compromiso por visualizar creadores novos, herdeiros da tradición da poesía social (Alonso 2017; Nogueira 2018; Pena 2018). Neste traballo manifestaba a súa esperanza de que unha renovada poesía galega chegara a "horizontes inimaginables en este momento" (Moreno 1973b: 19), como así aconteceu dúas décadas despois.

Outra das facetas do seu compromiso reflectiuse na tradución, unha das pólas máis interesantes, estratexicamente falando, dos estudos literarios por ser unha vía de entrada de innovacións e novas correntes temáticas e formais. Ela, boa coñecedora de linguas como o francés ou o catalán, propiciou a transferencia directa de obras imprescindibles da literatura para os máis novos, converténdose nun mecanismo de normalización lingüística para cubrir baleiros do sistema emerxente pois, como dixo Noia Campos (1995: 13), "a historia de tódalas linguas cultas ten como un dos primeiros capítulos a creación dun corpus escrito no que ten un peso específico a traducción de obras, sexan históricas, literarias ou relixiosas, que constitúen o patrimonio cultural doutras linguas", e, sobre todo, como indicou Even-Zohar (2008: 222), é preciso converter os modelos semióticos ofrecidos polos textos traducidos en partes integrantes dos repertorios domésticos.

Esta transferencia, articulada dentro dunha consciente planificación cultural levada a cabo por axentes editoriais[8], complementouse co seu labor de editora da colección Árbore de Galaxia. Xunto con Antonio García Teijeiro e David Otero, dirixiu dende 1988 unha plataforma que abriu novos camiños, con especial relevancia para a literatura xuvenil, practicamente inexistente ata daquela. Con esta iniciativa revélanse as inquietudes de colectivos pola sistematización e a construción dun discurso propio. A súa implicación con este proxecto reflicte a plena consciencia de articular todos os mecanismos a disposición do repertorio

8 Lémbrese que xa Ramón Piñeiro en 1967 se refire á relevancia de poder contar con literatura para os máis novos en lingua galega, estudado por Roig Rechou (2006: 29-39).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 151-170
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

para a súa diversificación e consolidación, de aí que García Teijeiro (2018: 176) evoque o traballo da tríade de responsables e sinale: "Debo dicir, para non faltar á verdade, que as decisións as tomabamos convencidos de que estabamos a abrir un terreo necesario naqueles momentos", e que David Otero (2018: 255) evoque aqueles anos de traballo e aposta como un esforzo que "deu moitas alegrías, posibilitou moitas referencias e abriu moitas expectativas á hoxe consolidada, case normalizada, literatura infantil e xuvenil galega [...] todo o que se vai facendo grande (e a nosa literatura infantil e xuvenil éo) concrétase na suma de pequenas cousas, pero auténticas".

Coas obras publicadas en Árbore contribuíron á promoción da lectura, unha ferramenta imprescindible para lograr unha sociedade mellor e que constituía outra das máis fondas convicción da autora, tal e como lembra Xavier Senín:

> Sempre considerou que a lectura era fundamental para a formación da rapazada, e as persoas que a coñecemos sabemos que ao longo da súa vida, tanto na súa faceta persoal coma nas de docente e escritora, fixo todo o posible por que todos os que se cruzasen no seu camiño gozasen da literatura e aprendesen a amala (Moreno 2017: 8).

Ela vivía os libros "e empeñábase en que os demais tamén puidesen vivilos, mercalos, crear bibliotecas nas escolas" (Casalderrey/Aleixandre 2018: 9) por iso puxo en marcha unha librería en Pontevedra, a Xuntanza (1973-1976), e apoiou e impulsou con entusiasmo organismos como o PEN Clube de Galicia en 1988 ou Gálix. Asociación Galega do Libro Infantil en 1989, consciente da necesidade de promocionar o libro galego e de traballar a prol da súa visualización e internacionalización, de promover o diálogo e intercambio con outras culturas, amais de velar polo respecto á liberdade de expresión dos escritores e escritoras.

O seu esforzo por achegar a literatura a todas as persoas tivo un capítulo anterior se cabe máis importante e do que pouco se ten falado. É o referido a que entre as bibliotecas ás que contribuíu co seu traballo está a das obras adaptadas ao braille e a concienciación das necesidades que teñen as persoas afectadas pola discapacidade visual. Ela practicou de modo temperá unha pedagoxía inclusiva no ámbito educativo e social ao promover iniciativas culturais nas que participaron nenas e nenos caracterizados pola diversidade (Agrelo 2018). A súa relación co Colexio Santiago Apóstolo de Pontevedra, onde o seu home, José Luís Llácer, invidente, exerceu de pedagogo dende os anos sesenta, permitiulle promover a adaptación ao braille de obras infantís e xuvenís en galego e tamén participar na organización e como xurado das primeiras edicións do Concurso de Contos en Lingua Galega que se celebrou entre 1985 e 2006. Esta plataforma experimental

favoreceu a valorización e visualización da lingua galega, espertou afeccións literarias e promoveu a integración de persoas cegas ou con algunha discapacidade (Agrelo 2018: 91-92). Porén, na actualidade queda moito camiño por andar no fomento da inclusión e na adaptación de textos galegos ás diferentes discapacidades[9], pois unha verdadeira sociedade inclusiva non pode permitir que haxa quen siga preguntando: "por que as persoas con discapacidade visual non podemos ler en galego?" (Ríos 2016: 65). María Victoria Moreno xa respondeu co seu traballo e a súa acción á promoción dunha sociedade inclusiva, colocándose sempre do lado dos máis vulnerables.

A súa inclinación natural cara aos máis débiles, os marxinados e expulsados da sociedade, os que non atoparon o seu lugar no mundo, está moi presente na súa obra, onde mendigos, drogadictos ou animais abandonados representan a denuncia da desigualdade e da inxustiza. Probablemente a súa consciencia de persoa afortunada axudase nisto:

> Sempre me sentín unha privilexiada por ter este traballo e xamais puiden velo en relación co salario que recibo a fin de mes. Ás veces, de broma, adoito dicir que eu, coma as "famosas", vou de festa e cobro por ir. Tamén digo que fago o que me presta facer e que a Xunta de Galicia me paga unha xenerosa subvención para que poida comer, xa que non me queda tempo para traballar. E dou grazas á vida (Moreno 2004: 36).

Talvez esta sexa unha das causas da súa natural xenerosidade, do seu fondo sentido da xustiza e da solidariedade, como revelan Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre (2018: 73) sobre a súa actitude ante calquera mendigo que lle pedía comida; a dedicación, o afán de axudar a calquera e o espírito extraordinariamente bondadoso e xeneroso que describe Alonso Montero (2018a) ou a solidariedade e amizade sen límites que relata Xavier Senín (2017). Porén, toda a súa entrega e xenerosidade non lle empeceu sentirse incomprendida, perseguida, calumniada e aldraxada (Moreno 1994), como revela tamén nun "dos libros máis íntimos da literatura galega" (Vidal 2018: 76), *Diario da luz e a sombra* (2004), unha das poucas autobiografías de muller coas que contamos na literatura galega e onde deixou un testemuño de vida, de resistencia e de honestidade. Porque María Victoria Moreno foi "unha muller coma tantas outras" (Moreno 2004: 16), aínda que a súa pegada permanece indeleble en moitas xeracións de galegas e galegos, aos

9 Tal como se revisou noutro traballo (Mociño 2018), por iso é de gabar iniciativas como a de Urco Editora de ceder á ONCE a adaptación ao braille de *Mulleres bravas da Nosa Historia: María Victoria Moreno*.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 151-170
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que nos deixou un legado de incuestionable valor e un exemplo paradigmático de conciencia cívica sen fisuras.

A MODO DE CONCLUSIÓN

Por todo o dito, estamos ante un exemplo de muller implicada, consciente do seu papel e sabedora de que as mudanzas se traballan dende o día a día, dende o exemplo e a convicción. O legado de María Victoria Moreno revélanos unha docente vocacional, convencida de que a educación posibilita á cidadanía a desenvolver e empregar a fondo as súas capacidades de intervir na mellora da sociedade.

A súa produción literaria amosa o esforzo por abrir camiños inexplorados, ficcionalizar temáticas consideradas tabú e permitirlles a mozas e mozos de diferentes xeracións que sintan e gocen na súa lingua, se emocionen e se identifiquen coas súas personaxes, que aborden problemas que lles desacougan, que poidan vivir outras vidas. Eles son os lectores/as e creadores/as que, seguindo o seu legado, continúan abrindo camiños nunha literatura cada vez máis forte e consolidada, en pé de igualdade coas da súa contorna.

O seu exemplo e actitude vital foron un alento para as mulleres, que viron na súa afouteza a convicción dunha conciencia crítica, capaz de reivindicar un espazo propio, gañado por dereito. A súa xenerosidade e empatía polos máis vulnerables convertérona nunha avanzada da inclusión.

En definitiva, o seu labor multifacético e o compromiso cos máis diversos proxectos a prol da lectura como ferramenta para cambiar o mundo convertérona nun referente ineludible. Porque a vizosidade que hoxe demostra a literatura galega, en especial a que tamén pode ler a infancia e xuventude, non sería tal sen o papel de pioneiras como María Victoria Moreno. Nela recoñecemos as nosas raíces as que aprendemos a ler en galego. Por iso queremos seguir rendéndolle homenaxe para que saiba que non esquecemos as súas palabras: "Confeso que fago o que podo por sobrevivir despois da morte. Confeso que preciso compaña e que a precisarei tamén despois do pasamento" (Moreno 2004: 43). Aquí estamos e seguiremos contigo!

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 151-170
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Agrelo, Eulalia (2000): "La labor de la Asociación Cultural O Facho dentro del panorama de la literatura infantil y juvenil gallega", en Eloy Martos Núñez (ed.), *Actas del II Congreso de Literatura Infantil y Juvenil: historia crítica de la Literatura infantil e ilustración ibéricas*. Mérida: Editora Regional de Extremadura, 353-355.

———— (2012): "El compromiso de maestros y maestras en la constitución del sistema literario infantil y juvenil gallego", en Rui Ramos e Ana Fernández Mosquera (eds.), *Literatura infantil y juvenil y diversidad cultural/Literatura para a infância e juventude e diversidade cultural*. [Vigo]: Asociación Nacional de Investigación de Literatura (ANILIJ); [Portugal]: Universidade do Minho, Centro de Investigação em Estudos da Criança, 15-38.

———— (2015): *Da institución escolar ao centro do canon: Agustín Fernández Paz*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento. Dispoñible en https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/13822

Aleixandre, Marilar (2018): "A paixón por ensinar: mestras e metáforas do leite en María Victoria Moreno", en Roig 2018b: 97-108.

Alonso Montero, Xesús (2008): "A miña relación con Xesús Rábade Paredes nos inicios da súa carreira literaria", en *Labras do oficio. Xesús Rábade Paredes ante 33 miradas*. Lugo: Fundación Manuel María. Asociación Xermolos.

———— (2017): "Unhas cantas observacións sobre a Antoloxía da nova poesía galega preparada e publicada por María Victoria Moreno no ano 1973", *Madrygal* 20, 231-234.

———— (2018a): *María Victoria Moreno. A proeza da súa vida e da súa literatura*. A Coruña: La Voz de Galicia.

———— (2018b): "A singularidade de María Victoria Moreno: o seu compromiso cultural coa Galicia antifranquista (1965-1973)", en Roig 2018b: 33-38.

———— (2018c): "Estudo introdutorio", en María Victoria Moreno, *É a lúa que baila... María Victoria Moreno e a lírica dos* Seis poemas galegos *de Federico García Lorca*. Vigo: Galaxia; Santiago de Compostela: Consorcio, 9-43.

Alonso Montero, Xesús e Xosé Manuel Salgado (ed.) (1994): *Poetas alófonos en lingua galega: actas do I congreso: Santiago de Compostela, abril de 1993*. Vigo: Galaxia.

Blanco, Carmen (1991): *Literatura galega da muller*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Bourdieu, Pierre (1977): "La production de la croyance (contribution à une économie des biens symboliques)", *Actes de la recherches en sciences sociales* 13, 3-43.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 151-170
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Bouzas Gorgal, Belén (2018): "Contribución a unha bibliografía de e sobre María Victoria Moreno", en Roig 2018b: 291-336.

Casalderrey, Fina e Marilar Aleixandre (2018): *María Victoria Moreno: a muller que durmía pouco e soñaba moito*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Dobarro Paz, Xosé Mª (1985): "A literatura infantil", en Francisco Rodríguez *et al.*, *A nosa literatura: unha interpretación para hoxe (II)*. A Coruña: Edicións Xistral, 77-91.

Ďurišin, Dionýz (1995): "Le comunità interletterarie: una categoria fondamentale del processo interletterariro", en Armando Gnisci e Franca Sinopoli (coords.), *Comparare i comparatismi*. Roma: Lithos Editrice, 67-81.

Even-Zohar, Itamar (1990): "The 'Literary System'", en "Polysystem Studies", *Poetics Today* 11 (1), 27-44. Dispoñible en https://m.tau.ac.il/~itamarez/works/books/Even-Zohar_1990--Polysystem%20studies.pdf.

———— (1993): "A función da literatura na creación das nacións de Europa", *Grial* 120, 441-458.

———— (2008): "La fabricación del repertorio cultural y el papel de la transferencia", en Amelia Sanz Cabrerizo (ed.), *Interculturas. Transliteratura*. Madrid: Arco Libros, 217-226. Dispoñible en http://www.tau.ac.il/~itamarez/works/papers/trabajos/index.html.

Fajardo, Montse (2018): *O escalón de Ulises: a Pontevedra dos afectos de María Victoria Moreno, a mestra que escribía libros*. Pontevedra: Concello.

Fernández Paz, Agustín (1989): *28 libros da literatura infantil e xuvenil galega*. Andel 5. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

———— (1990): *Os libros infantís galegos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Figueroa, Antón (1992): "Literatura nacional e sistema literario", *A Trabe de Ouro* 11, 339-407.

Fuentes, Moncha (1992): "Ensino medio, adeus", *Faro de Vigo* 14/II/1992.

García Teijeiro, Antonio (2018): "Á sombra da emoción da palabra literaria de María Victoria Moreno", en Roig 2018b: 173-186.

Gomes, José António e Blanca-Ana Roig Rechou (2007): *Grandes autores para pequenos leitores. Literatura para a infância e a juventude: elementos para a construção de um cânone.* Porto: Deriva Editores.

Heinze, Úrsula (1991): *Mulleres*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Mejuto, Eva (2018): "A medida dos sentimentos", en Roig 2018b: 209-212.

Mociño, Isabel (2017): "O traballo das mulleres na LIX: o rural e o mar en tres obras pioneiras", *Boletín Galego de Literatura* 50, 35-67.

———— (2018): "Educación inclusiva e Literatura Infantil e Xuvenil: motivación, representación e adaptación ante a discapacidade", en Mar Fernández

(coord.), *De letras e de imaxes nas aulas de primaria*. A Coruña/Santiago de Compostela: Hércules de Ediciones/ ICE/ Universidade de Santiago de Compostela, 111-126.

Moreno, María Victoria (1973a): *Mar adiante. Historias de nenos pra nenos*. Sada: Ediciós do Castro.

———— (ed.) (1973b): *Os novísimos da poesía galega / Los novísimos de la poesía gallega*. Arealonga 3. Madrid: Akal.

———— (1991): *As linguas de España*. Andel 9. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

———— (1992): "MVM: una profesora feliz de serlo", *CLIJ: cuadernos de literatura infantil y juvenil* 41, 48-50.

———— (1994): "¿Escritora alófona eu?" en Alonso/Salgado 1994: 107-111.

———— (2000): "O mestre das palabras", *La Voz de Galicia*, 22/II/2000, 2-3.

———— (2004): *Diario da luz e a sombra*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

———— (2009): *Onde o aire non era brisa*. Vigo: Galaxia.

———— (2017): *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco Editora.

———— (2018): "Nosoutras", en Roig 2018a: 63-67.

Neira Cruz, Xosé Antonio (1999): "María Victoria Moreno Márquez: «Estou a escribir contrarreloxo» [Entrevista]", *Fadamorgana* 3, 12-16.

Nogueira, María Xesús (2018): "A antoloxía *Os novísimos da poesía galega*, de María Victoria Moreno no relato historiográfico da poesía galega contemporánea", en Roig 2018a: 181-199.

Noia Campos, Camiño (1995): "Historia da traducción en Galicia no marco da cultura europea", *Viceversa. Revista galega de traducción* 1, 13-62.

Otero, David (2018): "María Victoria Moreno amor amo (de) país", en Roig 2018b: 247-262.

Pena Presas, Montse (2012): "As imaxes femininas na narrativa infantil e xuvenil galega: dos roles tradicionais á novela feminista", *Madrygal* 15, 107-117.

———— (2013): "Feminismo e xénero na literatura infantil e xuvenil galega: unha análise a partir dos personaxes de mulleres", *Sarmiento* 17, 55-66.

———— (2018): *A voz insurrecta. María Victoria Moreno entre a literatura e a vida*. Vigo: Galaxia.

Queixas Zas, Mercedes e Cesáreo Sánchez Iglesias (2018): *Renacer á descuberta das palabras. María Victoria Moreno*. "De nós": monografías con perspectiva galega 2. Santiago de Compostela: Sermos Galiza.

Ríos, Eli (2016): *Mulleres bravas da Nosa Historia: María Victoria Moreno*. Santiago de Compostela: Urco Editora.

Roig Rechou, Blanca-Ana (1995): "Helena Villar Janeiro: unha mestra na Literatura Infantil e Xuvenil galega", *Adaxe* 11, 139-152.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 151-170
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (coord. e dir.) (1996-2017): *Informes de literatura*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dispoñible en http://www.cirp.es/rec2/informes/.

———— (1996): *A literatura galega infantil: Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.

———— (1997): "Dúas mestras na literatura infantil e xuvenil galega: Pura e Dora Vázquez Iglesias", *Adaxe* 13, 211-221.

———— (2002): "A Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia", en Anxo Tarrío Varela (coord.), *A literatura desde 1936 ata hoxe: narrativa e traducción*. Galicia XXXIV. A Coruña: Hércules Ediciones, 382-501.

———— (2005): "Literatura infantil e xuvenil en Galicia: dos inicios á consolidación", *Boletín Galego de Literatura* 32, 141-167.

———— (2006): "Ramón Piñeiro e a literatura infantil", en Charo Ferreiro e Inmaculada Pena (coords.), *Encontro Ramón Piñeiro: actas do Encontro. Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2005*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 29-39.

———— (2008): *La Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/ A Literatura Infantil e Xuvenil Galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*. Madrid: Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil; Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

———— (2015) (coord.): *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

———— (2018a) (coord.): *Nun lugar de Galicia. María Victoria Moreno*. Santiago de Compostela: Universidade.

———— (2018b) (coord.): *María Victoria Moreno. Homenaxe. Palabra fértil no tempo*. Cadernos Ramón Piñeiro XXXVIII. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Roig Rechou, Blanca-Ana e Marta Neira Rodríguez (2010): "El papel de la mujer en la literatura infantil y juvenil gallega hasta el año 2006", en Celia Vázquez (ed.), *Diálogos intertextuales 3: en busca de la voz femenina*. Frankfurt: Peter Lang, 329-348.

Shavit, Zohar (2003): *Poética da Literatura para Crianças*. Universitaria. Lisboa: Caminho.

Soto, Isabel (1999): "Á beleza polo lirismo e a tenrura. Achegamento á obra de María Victoria Moreno", *Fadamorgana* 3, 17-20.

———— (2000): "Dos extremeños en la literatura gallega: Mª Victoria Moreno y Xosé Antonio Perozo", en Eloy Martos *et al.* (eds.), *Actas del II Congreso de*

Literatura Infantil y Juvenil. Historia crítica de Literatura Infantil e Ilustración Ibéricas. Mérida: Editora Regional de Extremadura, 257-261.

———— (2018): "Apuntamentos sobre a obra infantil e xuvenil e María Victoria Moreno. *Guedellas de seda e liño*: a estratexia do contraste", en Roig 2018a: 241-260.

Soto, Isabel e Xavier Senín (2018): *María Victoria Moreno. Sementadora de futuro*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Varela, María (2001): "A alma de Galicia non ten outro camiño para florecer que o galego", *Diario de Pontevedra* 2/IX/2001, 2-3.

Vilavedra, Dolores (1999): *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia.

Vidal, Carme (2018): "Crónicas de Combate. Autobiografía de MVM", en Mercedes Queixas Zas e Cesáreo Sánchez Iglesias, *Renacer á descuberta das palabras. María Victoria Moreno*. "De nós": monografías con perspectiva galega 2. Santiago de Compostela: Sermos Galiza, 69-78.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 151-170
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 171-183
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.729

MARÍA VICTORIA MORENO: AUTORA DE LIBROS DE TEXTO OU COMO EXPLICAR A LITERATURA GALEGA Á MOCIDADE: ANÁLISE DUNHA ACHEGA AO PROCESO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

MARÍA VICTORIA MORENO: AUTHOR OF TEXTBOOKS
OR HOW TO EXPLAIN GALICIAN LITERATURE TO YOUNG PEOPLE:
AN ANALYSIS OF AN APPROACH TO THE PROCESS OF LINGUISTIC NORMALIZATION

Montse Pena Presas
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: Este artigo afonda no contexto e no contido dos dous libros de texto que María Victoria Moreno redactou nos anos 1985 e 1987, desvelando os seus puntos fortes, as súas feblezas e a recepción no seu tempo, mais sobre todo o enorme esforzo compositivo que tivo que supor a súa elaboración.

Abstract: This article focuses on the context and content of the two textbooks that María Victoria Moreno drafted in 1985 and 1987, revealing their strengths, weaknesses and reception at that time, and above all, the enormous compositional effort that led to their production.

Palabras chave: María Victoria Moreno, libros de texto, década dos 80, ensino e aprendizaxe da lingua galega.

Key words: María Victoria Moreno, textbooks, the 1980s, Galician Language teaching and learning.

1. UNHA DOCENTE ENTREGADA E POLIFACÉTICA

Son xa ben coñecidas, a estas alturas, as múltiples facetas que encetou María Victoria Moreno na súa vida, case todas elas relacionadas, dende diferentes perspectivas co mundo do ensino. Se tivésemos que debuxar un diagrama da persoa e das súas angueiras, colocariamos no centro a docente á que lle apaixonaba ensinar

e a partir de aí, poderiamos tirar diferentes frechas que nos trasladasen á escritora de ficción, á conferenciante, á divulgadora cultural, á mestra de mestres e tamén, á angueira que nos ocupará nestas páxinas: á da súa tarefa como redactora dos que se poden considerar os primeiros manuais de literatura galega para 3º de BUP e COU (cursos que se corresponden, actualmente, con primeiro e segundo de bacharelato). Como tamén é ben sabido, practicamente dende que ela chega a Galicia –e moi especialmente dende eses dous anos que Moreno pasa no Instituto Masculino de Lugo, entre novembro de 1965 e setembro de 1967, concretamente– o seu interese pola cultura de noso é máximo. Comezara aí a época do que ela mesma co decorrer do tempo denominaría "amorosa autofonía" (Moreno 1993: 108), é dicir, a idea de que o galego non era unha lingua allea para ela, senón que, moi ao contrario, era a que sentía como a lingua de seu. Así o lembran tamén algunhas das súas primeiras alumnas, como por exemplo Rosario Álvarez, que compartiu aulas coa escritora e que garda na memoria como aquela profesora que acababa de chegar ao outrora chamado Instituto Feminino de Pontevedra lles preguntaba por esta ou estoutra palabra dese idioma que só falaban na casa e á vez lles fornecía textos da tradición galego-portuguesa (Pena 2018a). Corría, nada máis e nada menos, que o curso 1967/1968.

A semente da autora de materiais didácticos en galego seguramente estaba xa aí. Porén, se tivésemos que construír a súa propia xenealoxía, cumpriría aludir tamén ao papel que María Victoria desenvolveu como docente de cursos de galego en diferentes asociación culturais dende os comezos da década dos setenta (concretamente entre 1971 e 1975), así como ao seu papel como conferenciante sobre a historia das nosas letras e, ademais, como profesora de cursos de literatura galega para mestres e mestras a partir de 1984 (en Soto/Senín 2018 pode seguirse de maneira moi rigorosa esta parte da súa actividade). Non é de estrañar, xa que logo, que toda esta florecente actividade derivase nun paso máis: na confección deses primeiros libros de texto para bacharelato, actividade que, como as dúas anteriores, lle chegaría da man do seu amigo Xavier Senín.

2. O CONTEXTO: UN AMBICIOSO PROXECTO DE ELABORACIÓN DE MANUAIS DE LITERATURA GALEGA

Dende 1983, cando se proclama a Lei de Normalización Lingüística, o galego pasa a ser materia de ensino obrigatorio en todos os niveis educativos non universitarios, o que abre a necesidade de que as editoras intensifiquen a redacción de libros de texto para o ensino da lingua. Esta lei desenvolveríase logo no Decreto 135/1983, que indicaba que as materias de Lingua Galega e Lingua Castelá terían o mesmo número de horas, mais tamén que ambas as dúas se podían impartir indistintamente en calquera dos dous idiomas. A lingua vehicular nas demais

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 171-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

materias quedaba á escolla do profesorado, mentres o Consello de Dirección do centro debía velar por un equilibro entre ambas. Malia o que se pode esperar, a aplicación do decreto non resultou en absoluto positiva, dado que:

> Estas directrices non pasaron de ser indicacións teóricas con escasa incidencia real. Na práctica, o decreto só tivo unha consecuencia positiva: xeneralizou o estudo da Lingua Galega como materia. Moitos centros, sobre todo no ámbito urbano, ata daquela nin tan sequera daban as clases de Lingua Galega. Algúns seguiron sen dalas, ou impartíndoas en castelán, pero o certo é que o estudo do galego acabou por xeneralizarse (outra cousa foi a orientación didáctica dada á materia, moitas veces cun enfoque que abalaba entre o etnográfico e o folclórico, e a súa eficacia, máis que discutible) (Bouzada/Monteagudo 2002: 54-55).

A pesar disto, como lembran estes investigadores, o decreto tamén foi contestado polas partes máis reaccionarias da sociedade, ao seren da opinión de que o galego debería constituír tan só unha materia optativa.

Esta norma legal foi substituída, na práctica, pola Orde 1987/1988, que fora avanzada en parte –en xuño de 1986– por unha circular que a Dirección Xeral de Política Lingüística mandara aos centros, na que xa se pretendían implementar a maioría das medidas que indicaba dita Orde. Porén, o Goberno Central formalizou un recurso de inconstitucionalidade con gran parte do seu contido sobre o que non se fallou porque o goberno tripartito (PSOE-CG-PNG), cando accedeu ao poder, incluíu nela unha serie de modificacións que tentaban garantir o dereito dos castelán-falantes. Así, a orde acabou entrando en vigor o 1 de marzo de 1988. Para o Ensino Medio, propoñía que o profesorado puidese elixir cales eran as dúas materias que se poderían impartir en galego, o que en ocasións supuxo que o contido desta norma legal non se cumprise en moitos centros (Bouzada/Monteagudo 2002: 56-57).

É xustamente neste contexto dunha profunda transformación socioeducativa, especialmente ao abeiro do Decreto 135/1983 (pois, o máis probable é que a Orde 1987/1988 apenas influíra na súa redacción por unha cuestión de tempos), onde cómpre enmarcar a creación e elaboración dos libros de texto levada a cabo por María Victoria Moreno. O proxecto, unha colaboración entre a editorial Galaxia e SM[1], estaba coordinado por Xavier Senín e Justino Apilánez, e supoñía

1 A colaboración entre ambas editoras comezara en 1984, cando acordan que publicarán conxuntamente tanto literatura infantil e xuvenil (basicamente a colección O Barco de Vapor –que levará aparellado o premio homónimo–, á que logo seguirá Gran Angular) coma libro de texto, comezando por textos para a EXB e non limitándose unicamente á materia de lingua galega, xa que tamén colaborarán en manuais de historia e de ciencias sociais. A relación contractual entre Galaxia e SM estenderase ata practicamente

un ambicioso e completo intento de sistematización das letras galegas. A idea partira de edicións SM, que quería publicar libros de texto en galego, polo que pedira asesoramento na facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, onde algúns profesores lle facilitan o nome de Xavier Senín. A partir de aí, el –que xa corrixía para Galaxia– comezou a funcionar de nexo entre as dúas editoras. Primeiro, concienciando os responsables da empresa galega –especialmente a Casares, daquela director literario, Fernández del Riego e Piñeiro– sobre a importancia de sacar adiante esta iniciativa (Pena 2018a). Despois, Senín sería o encargado de deseñar os equipos que redactarían os libros. Para o primeiro deles, pensado para o actual 2º de Bacharelato, *Literatura século XX: iniciación universitaria* (1985), contaría con María Victoria Moreno e co seu antigo alumno, agora tamén docente, Xesús Rábade. O proxecto continuaría xa en 1987, cun segundo volume ideado para o que sería hogano 1º de Bacharelato, *Literatura 3º BUP,* para o que incorporan ao equipo a Luís Alonso Girgado.

3. A CERNA: DOUS LIBROS DE ELABORACIÓN COMPLEXA E ARRISCADA

Cando Moreno e Rábade encetan, supoñemos que en 1984, a redacción do manual pensado para COU, fano apenas sen modelos dos que partir en lingua galega. Os datos manexados por Silva e Mouriño (2003: 297) evidencian que, na altura na que se realiza este traballo, o número de materiais didácticos publicados é aproximadamente de 25[2], dos cales tan só un 31% se corresponderían con libros de texto para todos os niveis do ensino. É lóxico pensar que ambos –excelentes coñecedores das letras castelás– se valesen de manuais escolares desta materia para ter unha idea dende a que comezar e que, ademais, contarían coa orientación de Xavier Senín e Justino Apilánez, quen posuía a bagaxe en libro de texto da editorial SM. A pesar disto, o contido resultaba de complexa elaboración nun tempo en que non existían apenas materiais críticos sobre literatura galega contemporánea –agás as historias da literatura de Carballo Calero e de Fernández del Riego, as investigación do profesor Alonso Montero e algúns breves estudos máis. O único guieiro necesario era, para o libro de COU, a Resolución pola que se aproban e publican os programas de Lingua e Literatura Galega para o Curso de Orientación Universitaria en 1982/1983 (DOG do 17 de decembro de 1982) e

a entrada en vigor da LOXSE. (A autora agradece a Xavier Senín e a Jorge Delkáder o fornecemento da información relativa ás relacións entre ambas editoras e á xestación do proxecto).

2 Cómpre resaltar que baixo a epígrafe de "material didáctico" se inclúen non só libros de texto, senón tamén guías didácticas para o profesorado, unidades didácticas ou folletos, como indican os propios autores do estudo.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 171-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

para o libro de 3º de BUP, a Orde de 10 de agosto de 1983 na que se aprobaban os contidos de lingua e literatura galegas para o Bacharelato. A aposta editorial foi, en todo caso, moi forte, dado que do primeiro dos manuais –o destinado a COU– se tiraron 3.620 exemplares e do segundo, seguramente porque ía destinado a un curso con máis alumnado como era 3º de BUP –aínda que pode ser tamén pola boa acollida do primeiro– 9.200[3].

3.1. O primeiro intento: o manual *Literatura. Século XX*

Na altura de 1985, a literatura estudábase como saber independente en 3º de BUP e tamén nas opcións C e D de COU, nas que existía a materia chamada "Literatura do século XX". Precisamente para esta materia elaboran Moreno e Rábade (1985) o seu primeiro manual. Este destaca, estruturalmente, por comezar cada tema ou unidade cunha introdución que inclúe textos de presentación e un comentario de texto (moi completo, tanto de forma como de fondo), para logo dar paso ao estudo do autor elixido (no que se adoita incluír unha completa biografía, un estudo da súa obra dividida en etapas e algúns comentarios sobre o seu estilo), e abordar despois unha contextualización ben profunda da obra central analizada (cunha incidencia especialmente na forma se esta pertence ao xénero poético). Mostra da súa profundidade é tamén que ao final de cada tema se incluía unha pequena bibliografía na que o estudantado podía ampliar os seus coñecementos, algo bastante infrecuente (por non dicir inexistente) nos libros de texto de hogano. O libro, organizado historicamente –algo moi habitual aínda hoxe nos libros de lingua e literatura– comeza en Ramón Cabanillas e remata cos novos narradores da posguerra, nomeadamente Xosé Neira Vilas e Xosé Luís Méndez Ferrín. O manual chama a atención polo altísimo nivel de contido que demostra, no que se deixa ver a gran cultura literaria de ambos os seus dous autores e a súa pericia na contextualización, na interpretación e na procura dos antecedentes dos textos. Así mesmo, destaca polo uso de fontes de todo tipo –cunha atención especial ás epistolares, como por exemplo a inclusión nos textos de presentación da carta de Castelao a Manuel Antonio, e ás biográficas, como o texto de Álvarez Blázquez que serve para comezar a afondar en Blanco Amor. Tamén, e isto é algo que se perdeu nos manuais contemporáneos, na capacidade de colocar a literatura galega en relación coas literaturas veciñas: a portuguesa, a castelá, a francesa etc. Apréciase isto non só na abordaxe de certas temáticas que se prestan a priori (como a Materia de Bretaña, as vangardas ou a nova narrativa –co seu evidente correlato francés), senón tamén en determinadas comparacións entre os

3 A autora agradece á editorial Galaxia que lle fornecese estes datos.

autores mesmo en cuestións que –miradas dende a óptica actual– resultan especialmente chocantes: "Dous rasgos determinan o carácter de Ramón Cabanillas, a bondade e a humildade. Á maneira de don Antonio Machado –«el bueno»–, fixo o seu camiño sementando verdades ferintes de seu na época que lle cadrou vivir" (1985: 21). Así, outra das pequenas trabas deste libro de texto é o seu gusto por certas expresións barrocas, que chocan por resultaren certamente rimbombantes, como por exemplo aludir aos Séculos Escuros como a etapa do "silencio das musas vernáculas", ou chamar a Rosalía "poeta e nai de poetas", dicir de Curros que "é poeticamente indultado de excomunión e outros aldraxes e sobe ao ceo polos corenta banzos dunha silva" ou referirse a Pondal como "a voz baril dos guerreiros da Suevia" (1985: 15).

3.2. A continuación: o libro de texto *Literatura 3º de BUP*

O libro de *Literatura 3º de BUP* (1987), no que se incorpora ao equipo Luís Alonso Girgado, segue parámetros moi semellantes aos da obra anterior e conta con similares características. O manual comeza cunha introdución á historia da literatura galega, para introducirse logo no universo medieval da lírica galego-portuguesa e rematar cos últimos nomes que se consideran máis relevantes da poesía galega última. Faise isto, ademais, empregando a etiqueta de "Os novísimos"[4] (Rábade/Moreno/Girgado 1987: 258), o que leva a unha certa confusión xeracional e grupal, pois como o propio libro aclara, do conxunto de nomes antologados tan só Xesús Rábade, Darío Xohán Cabana, Farruco Sesto Novás e algún outro quedan da antoloxía preparada por Moreno en 1973, xa que "o resto abandona o labor poético por outras actividades na prensa, no cultivo da narrativa, etc". Ademais, a obra complétase cun xeitoso apéndice no que se inclúen diferentes saberes de teoría literaria, como unha explicación dos xéneros literarios, de métrica e ata da linguaxe figurada[5].

Seguen resaltando nel as tentativas de comparación con outras literaturas, que son ben evidentes na unidade reservada para as cantigas (xa que a relación con Occitania aparece ben remarcada) ou na centrada en Pondal (posto que se remarcan as súas relacións coas outras literaturas presuntamente celtas a partir da figura de Ossián). Da mesma maneira, resalta que en moitas ocasións o manual non repara en incidir en que determinados autores tiveron obra en galego e castelán e

4 Se se lembra, a etiqueta fora alcuñada pola propia María Victoria Moreno ao publicar a antoloxía, moi polémica no seu tempo, *Os novísimos da poesía galega* (1973). Para saber máis sobre isto vid. Pena 2018b.

5 É case imposible non relacionar isto cunha angueira que Moreno levará a cabo tan só tres anos despois, a redacción para a Consellería de Cultura e Xuventude da Xunta de Galicia dos ensaios divulgativos *As linguas de España* e, sobre todo, polo seu contido, *Verso e prosa*. A claridade expositiva e un ton moi achegado ao lectorado ao que se dirixe son máis que evidentes.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 171-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

mesmo comezaron a escribir nesta última lingua (o que se aprecia especialmente coa tríade do Rexurdimento). Este feito non é moi usual nos libros de texto de hoxe, seguramente polo peso do criterio filolóxico á hora de artellar a historia da literatura que se presenta.

Igualmente, a utilización de certos versos ou anacos de textos para explicar a obra de determinados autores e autoras continúa a ser moi acaída e resulta un trazo mesmo moderno, que rompe cos manuais máis clásicos de historia da literatura. Aínda así, a obra volve sorprendernos, e neste caso non positivamente, por algún aspectos que teñen que ver coas biografías dos autores abordados. Por exemplo, o alumnado aprendía naquel manual que Pondal fora un "impertérrito solteiro" (1987: 78), que Curros tiña un "carácter arroutado" (1987: 90), pero a sorpresa maior gárdase para abordar a biografía rosaliana:

> Contamos aínda hoxe con poucos datos da vida de Rosalía de Castro. Se cadra porque participou en poucos acontecementos de transcendencia e tamén pola circunstancia da súa orixe e pola condición de muller entregada á súa familia. Hai anos enteiros de silencio, de vacío na súa biografía, e os datos que manexamos móvense ás veces no terreo da dúbida ou da conxetura. Pero a vida dolorosa e breve de Rosalía ten un intenso eco, unha fonda motivación na súa obra; e en casos moi contados da nosa historia literaria se terá producido unha tan profunda relación entre andadura vital e palabra poética (1987: 64).

Se ben é certo que nesta altura non se contaban con demasiadas investigación sobre a vida da poeta, o treito amosado demostra como, mentres se indica a ausencia de datos existentes sobre a biografía rosaliana, á vez se fabula coa mesma, tentándoa adaptar á interpretación maioritaria –hoxe felizmente superada– da obra da poeta naquela altura. Aínda así, este volume volve resaltar por un nivel explicativo moi elevado, demostra a documentación e a formación dos seus autores e propón, na nosa opinión, e ao non ter un programa tan marcado como o de COU, unha nova e singular maneira de achegarse á literatura galega contemporánea.

4. O CANON PROPOSTO POR AMBOS MANUAIS

Como se acaba de referir no apartado anterior, o libro *Literatura 3º BUP* amosa unha maior liberdade á hora de escoller as figuras autoriais sobre as que traballar (lembremos, ademais, que os dous textos se rexen por disposicións legais diferentes que fixan o currículo, como se indicou con anterioridade). Así, a escolla de escritores que figura no manual pensado para COU responde case con exclusividade ao que sostiña a resolución do DOG do 17 de decembro de 1982. Si que sorprende, por exemplo, a ausencia evidente de autoras estudadas. No dedicado ao curso de

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

iniciación universitaria é especialmente evidente, pois ningunha muller é eixo central dunha unidade temática –e tampouco aparecen estas como escritoras dos textos de introdución ou de comentario. No de 3º de BUP, o abano ábrese un chisco polo estudo da irrenunciable figura rosaliana (aínda que xa vimos no medio de que contradicións), polo breve comentario da obra de Úrsula Heinze, María Xosé Queizán e Xohana Torres como narradoras –aínda que desta última se explica que "a súa aportación lírica é moito máis significativa", (1987: 182) quizais nun intento de sacar valor a *Adiós, María*– e de María Mariño, Pura Vázquez, Luz Pozo, de novo Xohana Torres, Helena Villar e Pilar Pallarés como poetas. Se isto se contrasta coas composicións propostas para o comentario verase como claramente o manual ten unha orientación certamente patriarcal, que se deixa ver non só no número de mulleres escolmadas –moito menos numeroso que o de homes[6], non chegando nin a un 10%. Ademais, é curioso como se tende a interpretar a obra das "poetisas" (sic.) de idéntico xeito, como se amosa neste pequeno esquema:

Nome da poeta	**Influencias**	**Características e temáticas da súa poesía**
María Mariño	Novoneyra e Rosalía de Castro (a través de Novoneyra)	Relación do ser humano coa paisaxe, […] que é presentimento de algo descoñecido "Estraño intimismo e secreto sentir"
Pura Vázquez	Rosalía de Castro e Vicente Aleixandre	Panteísmo, fino lirismo "Romántico e tremecente misterio" (1987: 223)
Luz Pozo	Pimentel, Gerardo Diego e Vicente Aleixandre	Poesía de amor e de paisaxe "Sinxelamente íntima" (1987: 237)

6 Especialmente nos últimos temas "Narrativa de posguerra (I)", "Narrativa de posguerra (II)", "Teatro e ensaio de posguerra", "Poesía de posguerra (I)", "Poesía de posguerra (II)", "A primeira promoción poética de posguerra" e "Últimos anos, últimos nomes", Rábade, Moreno e Girgado optan por achegar numerosas listaxes con nomes de autores que tentan, dalgunha maneira, reflectir a vizosidade da literatura galega do momento.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 171-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Xohana Torres	Non se especifican, mais o indicado como características alude á Rosalía de Castro máis convencional e canónica	Contemplación sentimental da paisaxe Arelado retorno á infancia "A soidade e a morte teñen unha voz angustiada nalgúns momentos"
Helena Villar	Non se especifican, pero o título que se resalta máis é xustamente *Rosalía no espello* (1985)	Indiscutible sensibilidade para o ritmo e o sentido do poema Auténtico intimismo, pureza e transparencia (1987: 263)
Pilar Pallarés	Non se indican	Preocupación de signo existencial Sentimento telúrico das paisaxes nativas e amor desacougante (1987: 270)

Xa nun ensaio do tempo no que se redacta o manual, Garreta e Careaga (1987: 100) denunciaban como o mundo literario era un patrimonio masculino, ademais de sinalar como as firmas de mulleres aumentan nos niveis máis baixos do ensino porque neles se traballa con textos de literatura infantil, sendo practicamente inexistentes nos manuais de cursos superiores. No caso que nos ocupa, as autoras escolmadas semellan ser diferentes variacións do mito rosaliano nos que o intimismo, a sensibilidade, a pegada da paisaxe e o amor como temáticas non poden faltar, ademais dun certo misterio consubstancial ao seu traballo como creadoras.

Outro dos elementos que sorprenden destes dous manuais é o escaso espazo que neles se lle dedica ao que supuxo a Guerra Civil para a literatura galega, un feito fundamental se se quere entender en profundidade a ruptura coa tradición galeguista do século XIX e comezos do XX. No libro pensado para 3º de BUP só se alude nun parágrafo a "unha nova etapa de vacío e escuridade", "a prohibición sobre o emprego da lingua" ou "a factores igualmente negativos como o do exilio" (Rábade/Moreno/Alonso 1987: 160). No caso do manual de COU, a explicación é máis explícita, ocupa pouco máis dunha páxina, ao tornarse fundamental para comprender o sentido da cerna da poética celsoemiliana. Aínda así, máis da metade dese contido céntrase en explicar e desenvolver o innegable papel que tivo a editorial Galaxia como mantedora da cultura e da lingua do país dende 1950, se ben á vez se escurece o labor do Partido Galeguista (cuxa citación non aparece) e dos exiliados. Moreno e Rábade (1985) optan sobre todo por ofrecer datos de carácter cultural e de reivindicar o baleiro de produción ata 1947, á vez que empregan a idea –no claro ronsel de Castelao– de que a desaparición da lingua supón tamén a nosa extinción como pobo.

Quizais precisamente por esta elipse á hora de afondar na contenda fratricida (seguramente motivada pola proximidade dos pactos da transición, que tanto silencio trouxeron consigo, ou por un certo medo a que os manuais puidesen ser rexeitados pola Xunta), sorprende como se destaca a ideoloxía dun dos escritores galegos mellor acollidos pola crítica: Álvaro Cunqueiro. As súas páxinas na louvanza do ditador, que foron paulatinamente ocultadas noutros libros de texto, abórdanse aquí con valentía, se ben Moreno e Rábade semellan "indultar" ou cando menos "desculpar" ao mindoniense:

> resistímonos a aceptar a explicación de que o tono de páxinas coma esta[7] se deba a un instinto de supervivencia, tan alleo aos modais do seu espírito, e preferimos pensar que, permeado polo triunfalismo poético das rosas e os luceiros da "Falanxe" […] respondeu así, efímera, pero sinceramente, ao desenlace da Guerra Civil. Por riba de episodios, afortunados ou non, quédanos para o futuro a palabra de don Álvaro, vella, poeta, soñador e galego (Moreno/Rábade 1985: 225).

En canto á abordaxe dos xéneros literarios en ambos os textos, chama a atención a preeminencia da poesía fronte á narrativa (no libro de 3º de BUP, por exemplo, tan só nos temas de posguerra, dedícanselle á lírica catro temas fronte aos dous que se ocupan da prosa). Isto haino que entender no marco dunha época no que a poesía era o xénero privilexiado da literatura galega e onde agromaban os grupos e colectivos poéticos, así como as revistas dedicadas en exclusiva á lírica.

Resalta tamén o espazo que se lle confire ao ensaio, hoxe practicamente inexistente nos manuais escolares. No texto de 3º de BUP comézase cun repaso ás figuras salientables do Grupo Nós neste eido, que para Rábade, Moreno e Girgado estaban en Xohán Vicente Viqueira, Risco e un Castelao ao que apenas se lle dedican catro liñas[8] (relevante, asemade, a ausencia de Otero no grupo). A partir de aí, os autores colocan na posguerra á promoción de Galaxia diferenciando entre ensaio filosófico (Ramón Piñeiro, Fernández de la Vega, García-Sabell e Rof Carballo), ensaio literario (Carballo Calero, Fernández del Riego), unha epígrafe destinada a outros ensaístas (como Alonso Montero e Basilio Losada, que descoñecemos porque non se inclúen no apartado anterior, e o neurólogo Manuel López Nogueira) e por último, o ensaio teolóxico (Torres Queiruga e Chao Rego).

7 Refírense a certas liñas nas que Cunqueiro louva a entrada de Franco en Madrid, que son tamén reproducidas no libro de texto.

8 Nin tan sequera cando se aborda a súa obra como pintor e autor se fai un comentario do *Sempre en Galiza,* a pesar de que si se indican as férreas recomendacións que recibiron os medios para dar noticia da súa morte, acontecida en xaneiro de 1950.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 171-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Máis alá de que o xénero estivese no programa, a clasificación elaborada responde sen dúbida a unha tentativa de afortalar a cultura galega do momento, nunha demostración que pretende subliñar como as letras de noso se nutrían tamén de importantes obras de pensamento.

5. A RECEPCIÓN DOS MANUAIS NO SEU TEMPO

A saída dos manuais foi anunciada e celebrada en diferentes medios. Varias veces *La Voz de Galicia* se fai eco da publicación do primeiro deles, como por exemplo deixa ver a nota de Vázquez (1985), na que se incide na súa adaptación ao programa vixente. Porén, quen fixo unha achega en profundidade a ese primeiro libro de texto, *Literatura século XX*, foi o futuro integrante do equipo formado por Moreno e Rábade, Luís Alonso Girgado. O autor da recensión celebra a saída do manual en canto é quen de abordar en profundidade os autores e obras máis representativos, considera do maior interese os textos de presentación e os comentarios (dado que "outorgan ao libro unha riqueza crítica ben diversificada"), consegue un logrado equilibro entre teoría e práctica, ademais de contar con abondosas referencias a outros contextos culturais e lingüísticos (Alonso 1985: 100).

As críticas descansan fundamentalmente na biparticición, que considera superada, entre a forma e o contido. En canto á aparencia física do libro, amósase duro coa tipografía –coido que acertadamente–, xa que como di é "desafortunada e dá a sensación dun certo mazacote gráfico" (están practicamente ausentes no corpo de texto as negras) e un tanto tamén co material fotográfico que "podería ser moito máis rico, aínda que o existente sexa de alto interese" (Alonso 1985: 100). Certamente, as fotos son máis ben escasas, baséanse sobre todo en retratos autoriais, cubertas e algunha que outra pintura (sobre todo, de Castelao). Sorprenden, aínda así, imaxes pouco coñecidas, como a foto de Manuel Antonio cos compañeiros do "Constantino Candeira" ou a imaxe de Cunqueiro saudando canda os actores do *Hamlet* logo dunha representación.

En relación á obra de 3º de BUP, é saudada con xúbilo por Manuel Quintáns, amigo dos autores, tal e como se especifica na propia crítica, mais non por iso con menor capacidade para valorar o traballo que alí había. Considerado como un "libro de texto diferente", entre os seus acertos sinálase o "amplo e minucioso contido", o equilibrio entre o estilo expositivo e a valoración dos textos literarios e o alto nivel que amosan as súas páxinas. Mais se algo valora o autor é que esta sexa unha obra que constitúe "unha fonte moderna de información, pero, sobre todo, un doado instrumento de traballo para aproximarse con éxito, dunha maneira persoal e creativa, ao fermoso mundo das letras galegas" (Quintáns 1985: 47). Aínda que o crítico non alude á forma deste libro de texto, é preciso sinalar que o equipo editorial semella tomar boa nota dos comentarios de Girgado ao introducir

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 171-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

non só máis fotografías –e dunha tipoloxía máis variada–, senón tamén algunha ilustración ao comezo de cada unidade.

Non temos documentados máis comentarios sobre os manuais, se ben coincidimos no fundamental con ambas as dúas recensións, especialmente valoramos que están elaboradas no momento en que estes saen do prelo e os modelos existentes, así como os materiais do que partir, son máis ben escasos.

6. CONCLUSIÓNS: UN PROXECTO AMBICIOSO NUN TEMPO DE ESPERANZAS E INCERTEZAS

Resulta difícil non sinalar que ambos os dous libros tiveron que marcar un fito: polas súas atrevidas interpretacións, pola presenza importante que neles teñen os textos literarios e polo altísimo nivel que demostran. Se como indicabamos antes, o galego e o seu ensino eran vistos nesta altura aínda como algo meramente folclórico e unicamente costumista, estes manuais quedaban ben lonxe desa concepción, fornecéndolles ás letras de noso un status poderoso, ao nivel de literaturas veciñas. A pesar disto, o contexto era o que era, e seguía existindo unha parte non pequena da sociedade que se resistía a deixar os vellos ferrollos franquistas, considerando que a aprendizaxe da lingua vernácula non debería ser obrigatoria. De aí, quizais, que se tenten desdebuxar lixeiramente os acontecementos políticos máis achegados no tempo ou as figuras máis implicadas co nacionalismo galego na súa parte de pensadores, como ocorre claramente con Castelao.

Se pensamos nas tres persoas que participan no proxecto, Moreno, Rábade e Alonso, podemos intuír que, para asumir a inxente carga de traballo que a elaboración dos manuais tivo que supoñer, estaban motivados non unicamente pola remuneración, senón sobre todo polo seu entusiasmo. Pensando na propia personalidade de Moreno, activista cultural sobre todas as cousas, inxente traballadora da palabra, profesora de galego mesmo cando estaba prohibido, a elaboración dos libros de texto non era máis que un paso de xigante para conseguir acadar a esperanza de formar unha nova cidadanía galega. Ela, a que dicía que Pontevedra estaba máis bonita porque o seu alumnado andaba polas rúas, ou ela, que sabía dende a década dos sesenta que se unira a unha lingua de labregos e mariñeiros, tivo que ter a esperanza de poder con eles somerxer a toda unha xeración na lingua e na cultura propias. Porque a presenza do idioma no ensino, naquela altura, tiña claramente un "obxectivo supraescolar", que supuxo "contribuír á súa dignificación como idioma científico e de cultura, reforzar o seu estatus, axudar a vencer resistencias e prexuízos, e favorecer desta maneira o seu uso en todos os ámbitos" (Silva 2010). Estamos seguras que, a pesar das incertezas, do certo ambiente axitado da época, de que había algúns medos aínda adormecidos e outros espíritos ancorados no pasado, as esperanzas gañaron con proxectos coma estes. A pesar

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 171-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

das súas eivas e de defectos propios do seu tempo, *Literatura século XX* e *Literatura 3º BUP* son dous libros que han quedar nos andeis como mostra do esforzo de toda unha xeración galeguista que foi construíndo, paseniñamente e case sobre a nada, os libros que habiamos de estudar as que viñemos despois.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Girgado, Luís (1985): "Unha aportación metodolóxica ao estudo da literatura galega moderna", *Concepción Arenal. Ciencias y Humanidades* 10, 99-101.

Bouzada, Xan M. e Henrique Monteagudo (coord.) (2002): *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume II: Educación.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Garreta, Nuria e Pilar Careaga (1987): *Modelos masculinos y femeninos en los textos de EGB.* Madrid: Instituto de la Mujer.

Moreno, María Victoria (1993): "¿Escritora alófona eu?", en Xesús Alonso Montero e Xosé Manuel Salgado (eds.), *Actas do I Congreso Poetas Alófonos en Lingua Galega*. Vigo: Galaxia, 107-111.

Moreno, María Victoria e Xesús Rábade (1985): *Literatura Século XX. Iniciación universitaria.* Vigo: Galaxia-SM.

Pena Presas, Montse (2018a): *A voz insurrecta. María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida.* Vigo: Galaxia.

———— (2018b): "A censura e a antoloxía *Os novísimos da poesía galega*", *Grial* 217, 102-107.

Quintáns Suárez, Manuel (1987): "Un novo concepto de libro de texto", *El Correo Gallego* 31/V/1987, 47.

Rábade Paredes, Xesús, María Victoria Moreno Márquez e Luís Alonso Girgado (1987): *Literatura 3º BUP.* Vigo: Galaxia-SM.

Silva, Bieito e Xabier Mouriño (2003): "Os materiais para o ensino e a aprendizaxe da lingua galega", en Henrique Monteagudo e Xan Bouzada (coords.), *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume III: Elaboración e difusión da lingua.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 289-332.

Silva Valdivia, Bieito (2010): "As linguas no sistema escolar", en Bieito Silva Valdivia, Xesús Rodríguez Rodríguez e Isabel Vaquero (coords.), *Educación e linguas en Galicia.* Santiago de Compostela: Universidade, 39-62.

Soto, Isabel e Xavier Senín (2018): *María Victoria Moreno. Sementadora de futuro.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Vázquez, Efrén (1985): "Galego no ensino, galego na cultura", *La Voz de Galicia* 6/III/1985.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 171-183
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

II

Alocucións académicas sobre María Victoria Moreno no Día das Letras Galegas

Escribir ou pasar o ferro: unha análise feminista dos dilemas entre a vida profesional e os roles das mulleres en María Victoria Moreno / Marilar Aleixandre

María Victoria Moreno: Vento da terra /
/ Fina Casalderrey

O insólito compromiso cívico e literario de María Victoria Moreno, que foi unha canción / Xesús Alonso Montero

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 187-197
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.730

ESCRIBIR OU PASAR O FERRO: UNHA ANÁLISE FEMINISTA DOS DILEMAS ENTRE A VIDA PROFESIONAL E OS ROLES DAS MULLERES EN MARÍA VICTORIA MORENO

TO WRITE OR DO THE IRONING: A FEMINIST ANALYSIS OF THE DILEMMAS BETWEEN PROFESSIONAL LIFE AND ROLES OF WOMEN IN MARÍA VICTORIA MORENO

Marilar Aleixandre

Deixei de escribir por pasar o ferro,
deixei de escribir por cociñar.
María Victoria Moreno, *Diario de Pontevedra*, 2005

TENSIÓNS ENTRE A VIDA PROFESIONAL DAS MULLERES E AS ANGUEIRAS DOMÉSTICAS

Escribir ou pasar o ferro[1]. Deixar de escribir por cociñar. En 2018 celebramos as contribucións de María Victoria Moreno á lingua e a literatura galega, como escritora e como activista a prol da lingua. Estas contribucións leváronse a cabo en circunstancias non sempre doadas. As tensións entre a vida profesional ou artística e as angueiras domésticas son unha constante na experiencia das mulleres, e non só na da autora homenaxeada o Día das Letras.

Neste ano de 2018 o Consello da Cultura Galega realizou unha edición facsimilar do primeiro libro publicado por María Victoria en 1973, *Mar adiante* (Moreno 2018), xunto cun mecanoscrito ilustrado por ela e conservado por Sara Alonso Pimentel, a quen estaba dedicado. Esta publicación fai posíbel lembrar que a belísima portada de *Mar adiante* é obra de Carmen Arias Castro, *Mimina*, autora –non sempre recoñecida – de deseños das cerámicas d'O Castro e Sargadelos. Carmen Arias viu interrompidos os estudos de Belas Artes pola maternidade dos seus fillos

1 Unha versión abreviada deste traballo foi lida no Acto do Día das Letras dedicado a María Victoria Moreno, en Pontevedra o 17 de maio de 2018.

con Isaac Díaz Pardo. Hai numerosos exemplos de mulleres que experimentaron atrancos semellantes, entre os que se poden citar dous bicentenarios conmemorados en 2018: Mary Shelley ocupouse dos cinco fillos que tivo con Percy Shelley e mesmo de pasar a limpo os poemas del, mentres escribía *Frankenstein*, libros de viaxes e outras novelas. Jenny von Westphalen criou sete fillos, lidou cos acredores e dedicou moitas horas a transcribir a ilexíbel escritura de Karl Marx, ademais de discutir con el ideas teóricas e compoñer os seus propios ensaios (Aleixandre 2018). Jenny escribiu que mesmo nos círculos socialistas, atendíase aos dereitos dos homes e non aos dereitos e necesidades das mulleres. Son dilemas reflectidos na narrativa de María Victoria Moreno e nos seus textos autobiográficos. Neles emerxe o conflito entre ideas a favor da igualdade entre mulleres e homes e o papel de ama de casa que se demanda delas.



Portada de Carmen Arias da primeira edición de *Mar adiante*, Real Academia Galega

Neste traballo analízase a tensión entre a vida profesional como escritora e os roles atribuídos socialmente ás mulleres, tanto desde o punto de vista biográfico como na obra de María Victoria Moreno. A análise está enmarcada na crítica literaria feminista que leva a cabo unha reflexión, entre outras dimensións, sobre o contexto e as condicións de produción da obra literaria das mulleres. Pódese dicir que a crítica literaria feminista nace co libro de Kate Millett *Sexual Politics* (1970), pioneira en desvelar o sesgo patriarcal nas manifestacións culturais. Sen entrar no debate sobre o modo en que o libro, e a tese de doutoramento da autora na que está baseado, utiliza a psicanálise freudiana, cómpre recoñecer que Millett é a primeira en fornecer unhas "lentes violetas" para examinar a literatura, para identificar manifestacións da ideoloxía patriarcal na narrativa, até ese momento considerada un terreo "neutro". A título persoal podo sinalar o impacto causado en min pola súa lectura en 1971 –logo de mercar a primeira edición inglesa nunha

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 187-197
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

viaxe a Londres, pois neses tempos non era posíbel encargar libros por Internet, que non existía, libros dos que con frecuencia só coñeciamos a publicación grazas ás librarías feministas–, e como desde ese momento dispuxemos dunha ferramenta para "ler" doutro modo. Esta crítica feminista permite identificar como contribúen dimensións específicas da cultura ao proceso polo que, en palabras de Simone de Beauvoir (1949 / 2008) "se chega a ser muller", o que Beauvoir opón á afirmación "non se nace muller". Nese sentido, como sinala Iris Zavala (1993), os propósitos da crítica feminista van máis alá do estritamente académico, encamiñándose a modificar a realidade social ao modificar as representacións; interpretacións e estratexias que "nos permiten desmitificar y ayudan a identificar las autoridades que hacen posibles las exclusiones, las desigualdades, los silencios, las marginaciones, las mitologías de superioridad, las identificaciones e identidades limitadas" (1993: 48). Para Puri Mayobre (2002) as modificacións emprendidas pola crítica feminista son un xiro epistemolóxico, que leva a cabo unha deconstrución do androcentrismo na raíz das prácticas culturais e unha reconstrución da perspectiva das mulleres. Amelia Valcárcel (1991) sitúa o camiño iniciado por Simone de Beauvoir na restitución ás mulleres do logos, do discurso. Este traballo pretende contribuír a esta identificación de exclusións e desigualdades das mulleres, especificamente das mulleres escritoras, que nalgúns casos conducen ao silencio.

ESCRIBINDO NA COCIÑA EN TEMPOS ROUBADOS: O CONFLITO NOS TEXTOS BIOGRÁFICOS DE MARÍA VICTORIA MORENO

No ensaio *As linguas de España*, publicado en 1991, María Victoria compara a situación de discriminación das mulleres coa da lingua galega: "Na sociedade de predominio masculino en que vivimos, aínda hoxe, a muller é considerada coma cidadá de segundo rango e, en certos ambientes, recibe un tratamento semellante ó que rematamos de describir verbo das linguas nativas" (1991: 63).

Unha diferenza entre mulleres e homes moi relevante para o oficio de escribir é o tempo dispoñíbel. A socióloga María Ángeles Durán (2010) calculou que a xornada media semanal dun varón español, excluíndo vacacións e festivos, é de 36 horas e 43 minutos, e a dunha muller de 56 horas e sete minutos. Virginia Woolf (1929) sinalou en *Un cuarto de seu* a necesidade das mulleres dispoñer dun cuarto propio, primeira condición para poderen escribir. Mais tamén é preciso contar cun tempo propio (Aleixandre 2003). Woolf chamou o "Anxo do Fogar" ao espectro que se interpoñía entre ela e o papel ou bisbaba desde as súas costas impedíndolle escribir; un anxo que sobranceaba "nas difíciles artes da vida familiar".

Malia a falta de tempo e cuarto de seu non ser un atranco exclusivo da autora, outras escritoras non o expresaron tan explicitamente. María Victoria alude en

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ensaios, cartas e entrevistas tanto ao espazo para escribir como ao tempo, e mesmo á imaxe que as mulleres teñen de si mesmas, á representación do que conciben como os seus deberes de anxo do fogar. De cuarto propio para escribir careceu durante moitos anos. Escribía a man na mesa da cociña, á luz dun flexo verde (Casalderrey/Aleixandre 2018). Despois pasábao a máquina, en palabras da súa filla Begoña, "en calquera sitio que estivese libre". O único despacho que existía na casa estaba ocupado polo seu home José Luis Llácer. Talvez procurase espazo e tempo para si mesma nas breves estadías, na primavera de 1994 e febreiro de 1995, coas monxas do mosteiro cisterciense de Ferreira de Pantón. En 1986 acadou a praza de catedrática de Instituto en Vilalonga, onde ensinou até 1990, ano en que puido trasladarse a Pontevedra. Logo de ir e vir diariamente desde Pontevedra algúns meses, alugou un apartamento en Sanxenxo o que, entendemos, lle permitiu dispoñer de tempo e acougo para escribir a súa novela máis elaborada, *Anagnórise*, publicada en 1988 e dedicada a "os meus alumnos de Vilalonga". Unicamente despois da morte de José Luis, en 1996, puido utilizar María Victoria o despacho.

A ausencia de espazo propio, destinado a escribir, reflicte –neste como noutros casos– unha xerarquía entre o rol de ama de casa e o de escritora (ou mesmo de profesora), implicitamente considerado unha actividade que sería posíbel realizar en "calquera sitio que estivese libre" a tempos perdidos ou roubados ao sono. Nesta xerarquía relaciónanse espazos, tempos e o espectro do Anxo do Fogar, como mostra a tarxeta manuscrita que María Victoria envía á Asociación *O Facho* o 14 de maio de 1975, parte da correspondencia sobre a conferencia que ía impartir o 25: "Meus amigos: envíolles curriculum e máis guión. Todo vai escrito a man porque son neste intre as tres da mañán e non podo despertar coa máquina á miña filla nin á rapazada dos veciños. Perdón".


Meus amigos: envíolles curriculum
e máis guión. Todo vai escrito a man por-
que son neste intre as tres da mañán e
non podo despertar coa máquina a miña
filla nin a rapazada dos veciños. Perdón.
Agradézolles as súas indicacións polo
meu desprazamento a máis estancia na Coruña.
Pero non hai problema de ningún xeito:

Tarxeta de María Victoria a *O Facho*. 14 de maio de 1975. Real Academia Galega

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 187-197
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Adoitaba María Victoria escribir de madrugada, neste caso ás tres da mañá, por ser as horas nas que podía dedicar á escrita un tempo continuado, ao que se pode engadir que durmía moi pouco. A tarxeta reflicte, asimesmo, que toda a casa é un espazo no que escribir está subordinado ao benestar do resto da familia, os fillos e mesmo a veciñanza. Evidénciase nela o conflito entre tempo –unicamente é posíbel escribir a altas horas da noite– e espazo-fogar, no que os ruídos de madrugada, como o trecolear da máquina, son inaceptábeis. María Victoria non pode escribir a outra hora e a estas horas non pode utilizar a máquina de escribir.

A falta de tempo para escribir –para ler e mesmo para o sono– é recorrente en textos autobiográficos, como *O diario da luz e a sombra* (2004):

> hai algúns anos, cando eu tiña ó meu coidado unha familia de tres xeracións, cos problemas e angueiras que esixen as tres idades, e traballaba a vinte e cinco quilómetros da casa, chamaba ós domingos vésperas de luns. Anguriábanme aquelas tardes de domingo en que sempre agardaba por min unha lavadora, un cesto de roupa para pasarlle o ferro e mais a comida do luns, que había que deixar feita para manter os horarios e a calidade de vida dunha familia ordenada.
> Naqueles tempos pasados arelaba horas de lecer porque non as tiña e arelaba así mesmo momentos de soidade para a lectura e a reflexión porque as tarteiras, as lavadoras, o ferro de pasar e o supermercado ocupábanme mesmo o tempo que debía adicar ó sono e ó descanso (Moreno 2004: 69).

A familia de tres xeracións fai referencia á intensa dedicación de María Victoria a coidar dos seus. Entre 1983 e 1996, ademais de se ocupar dos fillos, coida da súa nai. Como indican Soto e Senín (2018) "Rodeada de tarteiras, lavadoras e o ferro de pasar, gustáballe dicir que un bo día saíra da cociña para facer outras cousas".

O conflito entre escribir e as tarefas da casa é máis explícito na entrevista de María Varela no *Diario de Pontevedra*, en xaneiro de 2005, reproducida de novo en xuño de 2017, logo da elección pola RAG de María Victoria como homenaxeada nas Letras Galegas:

> Fixen ben o meu traballo, fixen, penso que moi ben o da casa. Tiven a miña nai doce anos comigo con problemas de senilidade fortes, coidei ó meu home ata que a morte nos separou, eduquei dous fillos, púxenlles os medios necesarios para que chegasen ata onde eles quixesen chegar, deixei de escribir por pasar o ferro, deixei de escribir por cociñar... (Varela 2005).

Na entrevista ponse de manifesto como no dilema entre escribir e os coidados, o traballo da casa, é a escrita a que perde. A esas "outras actividades" atribúe a autora non escribir máis, chegando a afirmar "Non son escritora", ao tempo que identificaba a Xavier Senín como a persoa que "me sacou da cociña": "Non son escritora porque a maior parte do meu tempo dedícoa a outras actividades, pese a que teño a Xavier Senín, coma un anxo da garda pertinaz e xeneroso, dicindo escribe, escribe, escribe..." (Moreno 1994).

AS IDEAS DE IGUALDADE E OS ROLES DAS MULLERES NA NARRATIVA DA AUTORA

A tensión entre as ideas de igualdade e os papeis tradicionalmente atribuídos ás mulleres emerxen asimesmo na narrativa de María Victoria Moreno. Nalgúns casos, sen dúbida con boa intención, afírmase de María Victoria que era feminista. Cómpre matizar que esta é unha etiqueta que ela mesma nunca se atribuíu e coa que probabelmente non se identificaría. Hai unhas décadas o feminismo era contemplado con receo por unha parte considerábel da sociedade, sendo a mudanza social sobre esta cuestión moi notábel nos últimos anos; nos 70, 80 e mesmo 90 as identificadas como feministas eramos unha minoría. Sinalemos que non se trata de aplicar uns ou outros criterios para asignar esta condición –hai moitos feminismos e distintas formas de ser feminista– senón de como unha persoa, unha muller, se identifica a si mesma, en que medida considera ser feminista parte da súa identidade. No caso da autora é preciso distinguir entre, por unha banda, a defensa da igualdade, as ideas feministas explícitas en varias das súas obras e implícitas noutras e, por outra, a adscrición ao feminismo, no que non estivo implicada. María Victoria foi moi clara ao falar das causas nas que se comprometeu activamente, como a defensa do galego. Tamén se expresou de forma inequívoca, e mesmo con vehemencia, en contra da linguaxe inclusiva, presentándose a si mesma como "son un home de ben". Suxiro ler as súas obras en contexto e valorar no que nelas hai de ideas a prol da igualdade, os conflitos que revelan entre os múltiples roles que se demandan das mulleres, ou que as mulleres se demandan a si mesmas. As tensións, segundo os enfoques dialécticos, son un dos motores que fan cambiar o mundo.

O cataventos, conto co que acada o premio O Facho en 1975 –o seu primeiro galardón– é un canto á liberdade e unha crítica ao machismo. A tiranía do galo don Pío asoballa, ademais das galiñas, os paxariños da contorna. A Pombapitiña chega ao galiñeiro sen coñecer os seus costumes e desafía a autoridade de don Pío, choutando máis alto ca el. O galo adoece coa envexa:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 187-197
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Eu son o que manda eiquí
i esa parva de galiña
voa máis alto ca min

Pois o galo é o único personaxe que fala en verso. O castigo para a Pombapitiña é cruel: será depenada polas Teixaspitiñas, un coro no que María Victoria simboliza a submisión feminina, repetindo "e a moita honra o servir". Porén, as plumas da Pombapitiña cravadas nas ás de don Pío non fan que voe máis alto, ao contrario, pesan como chumbo e déixano espetado no cumio do tellado, convertido no cataventos do título.

De certo, a obra da autora na que a crítica á discriminación e ás representacións sociais sobre as mulleres resulta máis explícita é *Anagnórise* (1988), unha novela moi conseguida. É a historia da viaxe iniciática de Nicolau, un mozo de dezasete anos fuxindo dun desengano amoroso e da situación de desesperanza na casa logo de morrer unha irmá. Nicolau leva consigo uns paquetes de haxix. Recollido cando fai autostop por unha misteriosa muller, o seu anoxo inicial vai mudando ao longo da viaxe. Ao comezo Nicolau expresa toda unha serie de prexuízos sobre as mulleres: "As tías non saben conducir. As tías non paran para coller a ninguén. Coas tías non se pode contar para nada. Ándanche polo mundo con medo a todo […]. As mulleres son parvas e amais moi metidas" (1988: 11).

Mais durante a viaxe ela vai desarmando os seus estereotipos:

— Porque as mulleres, xa se sabe...
— Xa se sabe, xa se sabe... As mulleres –apón ela incomodada– son persoas coma as demais.
— Pero para conducir...
— Para conducir e para todo.
— Pois todo o mundo di que conducen con máis seguridade os homes.
— Non che vou negar que a maior parte dos homes teñan máis experiencia, pero iso débese a que as mulleres son vítimas dunha marxinación inxusta que as afasta de moitas actividades.
— Refírese ós traballos da casa?
— Refírome, logo.
— E quen ía facelos se non os fixesen as mulleres? (1988: 19).

Nesta novela, arriscada e pouco convencional, Nicolau vai mudando moitas das súas ideas, tanto sobre as mulleres como sobre si mesmo.

Hai libros nos que se manifesta o outro polo do dilema, representando as mulleres ou as nais dos protagonistas como persoas temerosas, cun papel reducido a

coidar da casa. En *Leonardo e os fontaneiros*, Antón, dirixíndose ao can Leonardo, describe a súa nai como unha "caguiñas", en contraste co pai: "Porque a nai, xa sabes, non ten azos para nada e se por ela fose pasabámo-la vida anguriados pola calor, polo frío, pola saúde, polas notas... Por todo. Pero o pai é outra cousa" (1990: 108).

Excepcións a estas imaxes medoñentas son as mestras de *Mar adiante* e *Onde o aire non era brisa*, e sobre todo a Xulia Andrade de *Anagnórise,* unha muller libre, destemida, que ten moito da autora.

A festa no faiado (1986) é un exemplo de ambivalencia. Por unha banda a boneca Uxía ten un papel activo na mudanza do faiado dunha morea de refugallos a unha festa chea de ledicia; pola outra o seu papel é o tradicionalmente asignado ás mulleres, cociñar, os coidados. Como analizan Soto e Senín:

> É a boneca a encargada de provocar un cambio, dada a súa maior experiencia, sabedoría e coñecemento dos costumes dos humanos, a que se arrisca a traspasar os límites impostos, por máis que asuma un rol feminino tradicional e se ocupe de cociñar e de cubrir as necesidades afectivas dos que a arrodean, e a que consegue transformar a tristura do inicio en alegría, o que reafirma a busca da felicidade como o leitmotiv do conto (2018: 118).

A MODO DE CONCLUSIÓN

Un aspecto da narrativa de María Victoria e tamén da súa biografía, que excede o propósito deste artigo, é a súa paixón polos animais, especialmente polos cans, analizada por Casalderrey e Aleixandre (2018). Sempre tivo un ou máis cans, Alma, Nico ou Nica, e moitos deles convertéronse en personaxes dos seus libros, Leonardo mesmo en protagonista do título. En *Anagnórise* hai unha denuncia explícita dos que se comportan de modo cruel cos animais, unha defensa de que os animais senten e sofren como as persoas. Esta consideración polos animais pode contemplarse á luz da filosofía poshumanista, do feminismo de autoras como Rosi Braidotti (2016) e Angélica Velasco (2017). Braidotti, nun capítulo que por cortesía da autora foi publicado en *Grial* na tradución ao galego antes da súa publicación en inglés, critica o humanismo de base ilustrada que concibía a orde natural como servidume e violencia, e a natureza como xustificación das desigualdades. Partindo das críticas feministas, poscoloniais e ecoloxistas á oposición subxectividade –alteridade como práctica discursiva, unha violencia epistémica na que ser diferente (mulleres, indíxenas e outros seres da terra) é sinónimo de ser inferior–, Braidotti propón un feminismo poshumanista baseado na descentralización de Antropos na mudanza cara a *Zoe*, a vida no seu conxunto, especialmente a dos animais e outros

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 187-197
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

seres non humanos. Angélica Velasco (2017) relaciona a indiferenza ante o sufrimento das mulleres, ante a violencia exercida contra as mulleres, coa indiferenza ante o sufrimento dos animais. Propón ampliar a ética, considerando a relevancia moral dos animais, e incluír a defensa dos animais como unha cuestión feminista. Nesta perspectiva, a obra de María Victoria é sen dúbida un exemplo de consideración polos animais como suxetos de dereitos e obxecto de afectos. Noutro traballo (Aleixandre 2019) abordo a cuestión da identificación cos animais na poesía galega.

Os libros de María Victoria Moreno contribúen a desarmar estereotipos, a mudar representacións sociais que limitan os roles e actividades das mulleres. Os seus escritos autobiográficos revelan o modo en que ela, como moitas mulleres neses anos e aínda hoxe, se viu obrigada a escoller entre pasar o ferro ou escribir, a deixar de escribir por pasar o ferro. Malia estes atrancos, María Victoria foi quen de elaborar unha obra narrativa e ensaística de grande calidade, a contribuír coa súa escrita e co seu compromiso á causa da lingua galega e á consolidación da literatura infantil e xuvenil. Isto en tempos roubados ao sono e á cociña, en calquera espazo onde puidese encontrar un mínimo acougo. Temos a esperanza, que María Victoria de certo compartiría, de que cada vez sexan menos as mulleres que deban se enfrontar a eses dilemas.

AGRADECEMENTOS:

Á Asociación *O Facho*, que fixo doazón do seu valioso arquivo á Real Academia Galega, o que permitiu consultar a correspondencia entre María Victoria Moreno e *O Facho*. A Begoña Llácer, filla de María Victoria, sempre disposta a proporcionar informacións. A Fina Casalderrey, polas súas ideas e suxestións. Ao proxecto "Ecoficcións", financiado polo MINECO-FEDER, código FEM2015-66937-P.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Aleixandre, Marilar (2003): "Arrebolarlle un tinteiro á cabeza", en Belén Fortes (coord.), *Escrita e mulleres: doce ensaios arredor de Virginia Woolf*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, [139]-143.

———— (2018): "Douscentos anos de Karl Marx, douscentos catro de Jenny von Westphalen", *Sermos Galiza* 10/V/2018.

———— (2019): "As focas teñen ollos de muller, as deusas ollos de vaca: identificación animal na poesía nun continuo humano-non humano", en Manuel Magán Abollo (dir.), *A época do espazo: Estado e novas perspectivas* (Santiago

de Compostela, 8-9 de abril de 2019). Santiago de Compostela: Universidade. Conferencia plenaria no congreso.

Beauvoir, Simone de (1949 / 2008): *Le deuxième sexe*. Paris: Gallimard. Tradución ao galego de Marga R. Marcuño: *O segundo sexo*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2008.

Braidotti, Rosi (2016): "Catro teses verbo do feminismo posthumano", *Grial* 211, 138-153. Tradución: Eva Almazán. Ed. orixinal: "Four theses on posthuman feminism", en Richard Grusin (ed.), *Anthropocene feminism*. Minneapolis, MN: University of Minessota Press, 21-48, 2017.

Casalderrey, Fina e Marilar Aleixandre (2018): *María Victoria Moreno: a muller que durmía pouco e soñaba moito*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Durán, María Ángeles (2010): *Tiempo de vida y tiempo de trabajo*. Bilbao: Fundación BBVA.

Mayobre, Purificación (2003): "Teorías literarias feministas: (Con)textos [Introducción]", en Beatriz Suárez Briones, *Sextualidades. Teorías literarias feministas*. Alcalá de Henares: Ayuntamiento / Centro Asesor de la Mujer.

Millett, Kate (1972): *Sexual Politics*. London: Sphere books. (1ª ed.: Garden City, NY: Doubleday & Company, 1970).

Moreno, María Victoria (1979): "O cataventos", en *Contos pra nenos*. Vigo: Galaxia. (Reed. Santiago de Compostela: Urco Editora, 2017).

———— (1986): *A festa no faiado*. Vigo: Galaxia.

———— (1988): *Anagnórise*. Vigo: Galaxia.

———— (1990): *Leonardo e os fontaneiros*. Vigo: Galaxia. (1ª ed.: Vigo: Galaxia / SM, 1986).

———— (1991): *As linguas de España*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

———— (1994): "¿Escritora alófona eu?" en Xesús Alonso Montero e Xosé Manuel Salgado (eds.), *Poetas alófonos en lingua galega: actas do I congreso. Santiago de Compostela, abril de 1993*. Vigo: Galaxia, 107-111.

———— (2004): *Diario da luz e a sombra*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

———— (2018): *Mar adiante*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, [17]-36. Edición facsímile. Dispoñíbel en http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4318 . (1ª ed.: Sada: Ediciós do Castro, 1973).

Soto, Isabel, e Xavier Senín (2018): *María Victoria Moreno. Sementadora de futuro*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Valcárcel, Amelia (1991): *Sexo y filosofía: sobre "mujer" y "poder"*. Barcelona: Anthropos.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 187-197
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Varela, María (2005): "María Victoria Moreno, unha principiña de sal e pementa [entrevista, I/2005]", *Diario de Pontevedra* 18/VI/2017. Dispoñíbel en https://www.diariodepontevedra.es/articulo/cultura/maria-victoria-moreno-unha-principina-de-sal-e-pementa/20170618000000330482.html

Velasco Sesma, Angélica (2017): *La ética animal, ¿una cuestión feminista?* Madrid: Cátedra.

Woolf, Virginia (1929 /2005): *A room of one's own*. London: Hogarth Press. Tradución ao galego de Iria Sobrino: *Un cuarto de seu.* Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2005.

Zavala, Iris (1993): "Las formas y funciones de una teoría crítica feminista. Feminismo dialógico", en Myriam Díaz-Diocaretz e Iris M. Zavala (eds.), *Breve historia feminista de la literatura española (en lengua castellana). Vol I. Teoría feminista: discursos y diferencias.* Barcelona: Anthropos, 27-79.

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 199-206
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.731

MARÍA VICTORIA MORENO: VENTO DA TERRA

MARÍA VICTORIA MORENO: WIND OF THE EARTH

Fina Casalderrey

Hoxe a Real Academia Galega vístese de gala nesta cidade da cordialidade e nesta sorte de Ave Fénix da Cultura xurdida dos alicerces do desaparecido templo de San Bartolomeu o Vello e mesmo, literalmente, das cinzas que en 1980 a consumiran: o Teatro Principal. E facémolo para honrar unha das súas veciñas ilustres, María Victoria Moreno Márquez, un vento da terra que, polo seu inmediato compromiso no sentir e no vivir, adquire por vontade propia a nacionalidade galega con ese "compoñente de sufrimento consubstancial a todas as historias de amor" (1994: 108), maior, sen dúbida, por se tratar de tempos nos que o vento non é precisamente brisa.

María Victoria, igual que Castelao, aférrase axiña á beleza de Pontevedra. Tampouco ela é quen de se desprender dos brazos mornos desta cidade que se lle revela inusitadamente fermosa, e aquí bota raíces de por vida, dende aquel 1963 en que, casada xa co valenciano José Luis Llácer, chega en tren unha mañá bretemosa de agosto e aluga un ático no nº 45 da Avenida de Vigo.

Aquí, nunha patria fatigada, prende cal buganvílea que rube xenerosa polas paredes da casa, co vigor e a delicadeza das elixidas: man aberta e xenerosidade na palma, presta a buscar cura para unha sociedade enferma de alzheimer, disposta a transformar os luns en domingo.

En Pontevedra namora dos amenceres cantores, dos solpores ouro e violeta da primavera, dos días de sol e dos días nos que a choiva estala os cristais e xeme nos lousados. Na Boa Vila goza das prazas ateigadas de cativos e camelias, dos outonos calmos e doces... Aquí escoita o silencio sonoro das paisaxes que reflicte o Lérez e compón versos luminosos e tersos.

> Cando a soidade atopa
> remanso e calma
> escóitanse cantigas
> dentro da alma.
>
> (2006: 31)

Polas beiras do Gafos, por onde noutrora entoaba a auga deliciosas cantigas nos lavadoiros, nos muíños, baixo as pontes..., pasea nos últimos tempos, con Nico, Alma e a memoria, na procura de espazos sosegados.

Ningunha vivencia é tan gozosa coma a paz —escribe no seu *Diario*— e ningunha condición é tan necesaria para atinxila coma a veracidade. Precisamos ser nós mesmos, espidos de todo enfeite social, para sermos quen de contemplar tranquilamente o fluír das augas deste río que somos. Que fermosas son as fervenzas, que fermosos os remansos, que fermosas as paisaxes que se reflicten na auga... (2004: 50).

Quizais onda a desembocadura —emulando a *Le petit prince*—, perseguindo solpores no colo da ría, soñase tempo atrás *Mar adiante,* libro co que se suma á causa dos pioneiros en abrir as portas da Literatura Infantil galega ao mundo, na procura de novas maneiras de contar, á conquista de novos lectores, de novas lectoras. Unha historia pequena que dá paso a un cuarto grande ateigado de lirismo, tenrura, calidade ética e estética, e desa verdade de quen se baleira en cada historia para profundar na alma dos personaxes e da paisaxe que enchoupará toda a súa obra. Ela é a "profesora nun colexio moi grande dunha gran cidade" que quere facer un ensino máis achegado á vida; é, tamén, o Miguel que chegou a Portosouril (Galicia) hai moitos anos para se converter en Miguel o de Portosouril, é a Carapuchiña transgresora que non quere xulgar o lobo antes de o coñecer, é a Ruliña que se rebela contra a opresión e vai na procura dunha illa diferente.

Imaxino, no seu rostro, ese vibrar cantareiro das cordas dun espírito rigorosamente humano, que a harmoniza de maneira gozosa coa natureza. Nesas camiñadas solitarias, María Victoria é ese vento da terra versátil coma unha orquestra, capaz de ser furacán e brisa, que acompaña nas palabras e na mudez, no día e na noite, no sono e na vixilia. Ese fulgor de timbais, ese xemer de violíns, ese docísimo piano, apenas perceptible, que maxistralmente describe en *Guedellas de seda e liño*.

Figúraseme vela en Campolongo, á volta do paseo, agardando a rapazada, mentres nenos e nenas se achegan choutando felices coma quen vai ao marabilloso encontro cunha meiga que lles regala larpeiradas, libros e palabras dondas para lles explicar que as estrelas non se poden gardar en caixiñas, na intención de os alimentar coma cachorros da súa especie.

En Pontevedra experimenta o anhelo cósmico de reconstruír a súa patria, a mesma necesidade da que fala Castelao nunha carta ao presidente do centro Pontevedrés de Buenos Aires, en maio de 1947:

> Non teño ningún documento, nin tan siquera unha partida de nascimento para acreditar a miña calidade de pontevedrés, pero se non fun consultado antes de

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 199-206
ISSN: 1576-8767

> nascer, sábese ben que despois de ter nacido escollín Pontevedra para vivir e morrer.

E María Victoria escribe:

> Eu non teño casa petrucial en Galicia e non podo falar da "hortiña que quero tanto" nin das "figueiriñas que prantei", mais pouco importa isto se a miña voz chega aos colexios e aos institutos deste país e se os topónimos chegan á miña caixa de correo convertidos en terra palpitante grazas ás cartas que recibo dos meus lectores. [...] A actitude ante a lingua, a ética e o meu compromiso cos seus falantes herdeinos de quen foi o meu mestre... (2000).

Refírese a Xesús Alonso Montero e aos cursos comprendidos entre 1965 e 1967 en que Lugo se converte nunha "páxina indeleble" na súa vida. Alí —seguindo a consigna do poeta chairego—, comeza a buscar esa Galicia que vai no sentimento. E xa de volta a Pontevedra, paseniño, vaise convertendo nun anaco de eternidade galega, nun vento da terra: Galicia enteira meténdoselle no tecido da alma para sempre.

Non hai nisto de Lugo e Pontevedra, en absoluto, ánimo ningún de provocar absurdas controversias. María Victoria tiña casa de seu na Avenida de Vigo nº 15; e nela, unha xardineira orientada ao nordés, repleta de variadas especies autóctonas, que chamaba "Veiga de Lugo", mentres que nos balcóns do sur lucía vizosa outra xardineira semellante que bautizara como "Veiga de Pontevedra", dúas cidades tatuadas na súa epiderme dos afectos.

Porén, é aquí, en Pontevedra, onde, coma Castelao, decide vivir e quere ser enterrada. Ela, por fortuna, conségueo.

Vento da terra, o título que escollín para a miña intervención, é o pseudónimo co que María Victoria presenta o *Conto de Mariquiña* ao Concurso da Agrupación Cultural O Facho, en 1972. Di a tradición popular que o vento ten un comportamento autónomo, que sopra onde e cara a onde quere, libremente. María Victoria, *motu propio*, séntese parte deste vento ligado á terra, deste aire que respirou por primeira vez nos meses da primavera de 1947 —con apenas oito anos—, cando, coa súa irmá Sara e a súa tía Conchita, viaxara por primeira vez a Galicia. Eran tempos de descubrimentos gozosos nos que Valdoviño se presentaba coma esa paisaxe rural de liberdade que, máis tarde vai recrear como pano de fondo en moitas das súas historias (*O cataventos*, *Mar adiante*, *Festa no faiado*, *A brétema*, *O grumete, Guedellas de seda e liño*...), ese mar tantas veces evocado, a praia, as corredoiras, os animais… Tamén a primeira música das palabras en galego.

Vento da terra...

No limiar d'*Os novísimos da poesía galega*, unha xoia literaria en si mesma, na que explica as razóns da antoloxía, comeza co poema "Ganarás la luz", no que León Felipe canta aos homes, aos paxaros, ás árbores... Unha cantiga composta para o vento, único espectador, e que remata (traduzo, pois en galego poden verterse todos os versos do mundo):

> O que lle conta o poeta ás pedras está cheo de eternidade
> Esta é a canción do destino que tampouco esquecerán as estrelas.

María Victoria, na súa xustificación, desafía o desmemoriado vento, irmán do tempo, que se cre astrólogo e único espectador, demostrando que tamén ela é quen de se deslizar suavemente entre eles dous, vento e tempo, que campan maxestosos eternidade adiante; iso si, coa urxencia e a angustia que, nos últimos anos, lle imprimiu a enfermidade ao converter o presente fuxidío nesa aspiración de ser algo antes de deixar de ser.

"¿Que deixo detrás miña?" Pregúntase a si mesma nesa crónica da "pupa cabrona" na que, espida de vaidades, mais arroupada por palabras que non queren renunciar á beleza, se converte en ostra ferida, que responde á dor fabricando unha perla, un texto cheo de momentos intensos que, como inxeccións intravenosas, se nos van metendo onde aniñan as emocións. E respóndese a si mesma: "Gustaríame dicir que deixo un ronsel de amor, un bo exemplo e un libro que descubra algo a quen o lea" (2004: 93).

Si, de certo, esta feiticeira refinada, sutil e asemade profundamente sinxela, valente e arrichada diante dos retos, transgresora, teimuda, de firmes conviccióńs, xenerosa ata o estremo de lle dedicar máis tempo a formar creadores —malia a calidade demostrada como lúcida narradora, como poeta de alma limpa, ou como ensaísta rigorosa...— ca a crear para si propia, esta muller sabia e afouta tiña un punto débil: era vulnerable á beleza e aos afectos, tal como a Minia Senín, protagonista de *A néboa*. Sabíao e pasou a vida sementando e apañando neles, coma quen sementa e apaña amorodos.

> [...] son unha profesora que pasou a súa vida sementando para o futuro, pensando nos que veñen detrás e soñando para eles un mundo mellor do que me cadrou a min (2004: 119)

Se nos mergullamos na súa traxectoria, coma quen segue o curso do Gafos cara ao mar, descubriremos nese océano de quen aprendeu antes a falar ca a andar, ese rastro de amor.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 199-206
ISSN: 1576-8767

De amor á palabra...

Se eu achase a palabra
donda, escintilante,
tan lene coma o peito da andoriña,
tan rexa coma a face da verdade…

Se eu achase a palabra
de lume, de auga, de aire,
de terra aloumiñada pola brisa
que arrola cada tarde…

Se eu achase a palabra
limpa, espida, que cabe
no efémero latexo dun salouco
e abrangue a eternidade…

Se eu achase a palabra
de amor que iluminase
esta esfera que treme estarrecida
na sombra e na soidade…

Se eu achase a palabra
eu pintaría o planeta
de paz e liberdade.

(2006: 45).

Se nos deixamos levar pola corrente, daremos outrosí con ese pouso erudito e responsable de quen sabe que o escritor, a escritora, ten máis necesidade dunha papeleira ca dun ordenador: "Gústanme os escritores éticos e con compromiso, cunha prosa exuberante", afirma (Neira 1999: 16). María Victoria celebra a palabra con responsabilidade, a súa escrita está enchoupada de páxinas dunha beleza que recende á verdade do seu ser. Non atoparemos *posverdades* en todo canto escribiu.

Saúdan o día as gaivotas e o mar ergue a súa arela sen nome en cumes de escuma branca. Un gris de ceo baixo latexa na auga. Esperta o vento na xerfa e vai zunindo a cantiga secreta do seu errar. A baliza do peirao, si e non de luz e pausa acena xa debilmente, atenuada polo día que quere abrir.

—As persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos. (1988: 7)

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 199-206
ISSN: 1576-8767

Así comeza *Anagnorise*, un libro fundacional na chamada Literatura Xuvenil, que tantos lectores e lectoras gañou para o galego.

Todos os proxectos que emprende se poden resumir nunha palabra: COMPROMISO.

Compromiso coa lingua:

> Eu son unha profesora de lingua e quero ser unha muller que respira na vida. Por isto penso que a situación do galego non se pode ver con indiferenza. Si estou coa xente que amasa o meu pan e mais colle no mar os peixes da miña mesa, tamén quero falar con eles, falar a súa fala. (*El Progreso* 15/IV/1974)

Abondaría con lembrar que imparte cursos de galego en plena ditadura, que lle valerán a retirada do pasaporte.

Compromiso cos dereitos dos animais aos que ama e respecta como ama e respecta a vida.

Compromiso co ensino. Este corazón que "florece nas aulas" e que, en días de prohibicións e pés descalzos á información —levaba apenas cinco anos en Galicia—, comeza a introducir o galego nas clases, empeñándose en converter aquelas alumnas en apaixonadas lectoras. E, nesa expresión de liberdade, failles ver que a identidade que cremos ter, ten que ver cos nosos coñecementos, co que sabemos de nós mesmos, e móstralles a realidade lingüística do país e a responsabilidade individual e colectiva que deben asumir —hoxe falaríalles da necesidade de manter espazos radiofónicos que contribúan á visibilidade da cultura galega coma, poño por caso, o *Diario cultural*—. Este compromiso coa cultura e coa normalización da lingua abondaría para que, entre os elixidos das nosas Letras, figure, gravado a lume, o nome desta catedrática, MESTRA vocacional, cuxo maxisterio sementou tantas adhesións que, entre todos e todas, forman —formamos— unha sorte de "Fundación espontánea" que, co seu testemuño, terma do seu legado e pregoa os valores deste vento da terra de exquisita magnanimidade, que daba de beber a auga aos fillos en vaso de cristal tallado para espertar neles esa sensibilidade estética que tanto acougaba a súa alma. Un vento da terra que soubo ler na mirada de orballo do mendigo que chora sen xemidos, no peito afundido dos nenos da miseria, nos ollos submisos dun can da rúa, nos silencios e, sobre todo, no día a día dos seus "benditos cachorros".

Vento da terra...

> Roubáronnos o vento
> Aquel veleiro que se evadiu
> pola corda frouxa do horizonte.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 199-206
ISSN: 1576-8767

Este océano desatracou das costas
e os ventos da Roseta
orientáronse ao esquenzo.
(SÓS. *De catro a catro*)

Lamenta Manuel Antonio.

María Victoria Moreno foi un vento da terra que soubo soprar amenceres para que as andoriñas non fuxan dos nosos ceos, que decidiu ser coma esas correntes de aire positivas das culturas antigas, enviadas polos deuses, que escorrentaban os males; un vento da terra que falou entre os salgueiros para nos axudar a recuperar a autoestima e aledar o mundo, que se volveu furacán para soprar entusiasmo na xente nova e manter o rumbo do veleiro da lingua e da literatura. Con faíscas de orballo e luz de vento maino, con fíos de liberdade e compromiso co país, foi tecendo unha firme velame. Mais, mágoa de velas, alguén chamou por ela dende as estrelas...

Vento que foxes das paisaxes vivas,
¿con quen falas agora?
(2006: 12)

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Montero, Xesús e Xosé Manuel Salgado (eds.) (1994): *Poetas alófonos en lingua galega. Actas I Congreso*. Vigo: Galaxia.

Casalderrey, Fina e Ana Acuña (2018): *Camiñadas con María Victoria Moreno*. Pontevedra: Concello.

Manuel Antonio (1928). *De catro a catro. Follas sen data dun diario da abordo*. A Coruña: Nós.

Moreno Márquez, María Victoria (ed.) (1973): *Os novísimos da poesía galega*. Arealonga 3. Madrid: Akal. Ed. bilingüe.

————(1987): *Elexías de luz*. Vigo: Galaxia/ Ediciones SM. 2ª ed.

———— (1988): *Anagnórise.* Vigo: Galaxia.

———— (1991): *Mar adiante.* Sada: Ediciós do Castro. 3ª ed.

———— (1994): "¿Escritora alófona eu?", en Alonso/Salgado 1994: 107-111.

———— (1999): *Guedellas de seda e liño.* Vigo: Galaxia.

———— (2000): "O mestre das palabras", *Culturas. La Voz de Galicia* 116 [22/II/2000], 2-3.
———— (2004): *Diario da luz e a sombra*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
———— (2006): Elexías de luz. Vigo: Poesía 12. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
———— (2017): *A brétema*. Santiago de Compostela: Urco editora.
Neira Cruz, Xosé Antonio (1999): "María Victoria Moreno Márquez: «Estou a escribir contrarreloxo» [Entrevista]", Fadamorgana 3, 12-16.
Rivas, Roberto (2017): *Camiñadas con Castelao*. Pontevedra: Concello.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 199-206
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 207-213
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.732

O INSÓLITO COMPROMISO CÍVICO E LITERARIO DE MARÍA VICTORIA MORENO, QUE FOI UNHA CANCIÓN

THE UNUSUAL CIVIC AND LITERARY COMMITMENT OF MARÍA VICTORIA MORENO: LIKE A SONG

Xesús Alonso Montero

A escritora que hoxe nos convoca ten suscitado, nos últimos meses, varios libros, non poucos traballos en revistas e colectáneas e bastantes artigos nos xornais. Non hai dúbida de que tantas páxinas ofrecen documentación e interpretacións para entendermos mellor a María Victoria Moreno, que foi, ademais de narradora, poeta, ensaísta, autora de modélicos libros de texto e intérprete sagaz de obras literarias, entre elas, os *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca.

Sabido é, pero cómpre telo moi en conta aquí, que María Victoria naceu en Valencia de Alcántara (Cáceres) no ano 1939, pero foi máis segoviana ca estremeña. Desde os catro anos formouse e conformouse idiomaticamente en distintas localidades da provincia de Segovia, nas que súa nai, dona Sara Márquez, exerceu de mestra nacional. Esa é a primeira provincia na que un gran escritor do XX, Dionisio Ridruejo, forxou o seu brillante castelán, e en Segovia terminou de perfeccionar o seu idioma, durante oito anos, don Antonio Machado.

Así pois, en principio, María Victoria Moreno foi unha foránea nas nosas Letras, axiña unha forasteira identificada co novo lar, unha estranxeira na súa casa.

Agora ben, alguén ten contado, coa debida contextualización, a proeza intelectual de María Victoria Moreno? Porque María Victoria Moreno protagonizou unha auténtica proeza intelectual nun tempo e nun espazo cultural que esixía, por parte dela, convencemento fondo, afouteza e clara determinación.

Cando María Victoria chega a Pontevedra en 1963, cumprira 24 anos e acababa de finalizar a carreira de Filoloxía Románica con moita brillantez na Facultade de Filosofía e Letras de Madrid. Alí coñecera e tratara a José Luis Llácer, cego desde os tres anos, a quen María Victoria, co seu espírito xeneroso, axudou en non poucas tarefas escolares. Con el casou en 1963, e nunca se sabe, en espíritos tan grandiosos como o de María Victoria, se a súa decisión matrimonial foi por amor ou foi por filantropía.

Mentres José Luis Llácer exerce como profesor no colexio de cegos de Pontevedra, María Victoria, aquela licenciada de 24 anos, dedica os días e parte das noites, no primeiro bienio pontevedrés, a tres labores: os domésticos, non poucos dada a condición do seu esposo; as clases no Instituto feminino como profesora interina, e a preparación das oposicións para profesora adxunta de Lingua e Literatura españolas. Puntualicemos que explicou Latín no curso 1963-1964 e Francés, no 1964-1965, materias que, non sendo leiga nelas, tiña que preparar con coidado. Que lle dedicou horas e horas ó temario das oposición próbao o feito de que obtivo praza con bo número nas celebradas en Madrid para adxuntos numerarios de Lingua e Literatura españolas, o que lle permite escoller a praza do Instituto Masculino de Lugo, o máis próximo ó domicilio familiar, en Pontevedra. Nese Instituto (hoxe Lucus Augusti) era eu o director do departamento pola miña condición de catedrático.

No outono de 1965, semanas despois de iniciado o curso, incorpórase María Victoria ó noso departamento, departamento ó que pertencía desde 1962, tamén como adxunta numeraria, a miña muller, Emilia Pimentel Iglesias, que era foránea, castelá, como María Victoria. Axiña se fixeron amigas como axiña comezou a tratar ós nosos fillos, nenos daquela, Emilio, Xesús e Sara. Eles tres, cos seus verdadeiros nomes, están entre os personaxes que protagonizan *Mar adiante*, o primeiro libro de María Victoria en galego, que eu prologuei. Dese libro acaba de publicar o Consello da Cultura Galega unha edición facsimilar do exemplar que nos dedicara, a Emilia e a min, a autora. Rezaba a dedicatoria:

> Pra vós, Emilia e Xesús, máis pais deste libriño ca min. Amigos a quen debo, entre outras moitas cousas, a miña galeguidade e mais a miña maioría de edade.

Debo aclarar que a galeguidade de que María Victoria fala coa súa habitual xenerosidade, naquel Instituto de Lugo non só estaba presente no departamento que dirixía o catedrático de Literatura; estaba tamén presente, dalgún xeito, no departamento de Latín, que dirixía o catedrático Amable Veiga Arias, quen, neses anos, publicaba os primeiros artigos de Fonoloxía galega, disciplina da que o profesor Veiga Arias é o noso Trubetzkoy ou o noso Alarcos Llorach. Por se fose pouco, o Instituto Masculino de Lugo, á hora do recreo, no patio, non nas aulas, era un balbordo de voces galegas, na boca dos alumnos, con acentos moi distintos (o chairego, o monterrosino, o mindoniense, o mariñán…). Chairegos eran algúns dos alumnos de cuarto curso onde María Victoria se estreou como profesora de Literatura española. Xa nas primeiras clases, os alumnos quedaron deslumbrados polo coidado, o rigor e o ritmo con que construía o seu castelán aquela profesora. Era o castelán enxebre e rico das terras de Segovia, onde ela

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 207-213
ISSN: 1576-8767

se formara idiomaticamente, e tamén o castelán perfeccionado, na Universidade de Madrid, nas clases de don Dámaso Alonso e de don Rafael Lapesa, fontes, por outra parte, nas que bebeu importantes saberes filolóxicos. Aqueles alumnos do rural lugués tiñan ante si unha profesora vocacional, unha docente entusiasta e entregada e unha comunicadora que coidaba a prosodia, escollía con moito criterio o léxico e organizaba as cláusulas con certo sentido musical. Se engadimos a estas virtudes lingüísticas e pedagóxicas a súa admirable formación filolóxica, entenderemos o engaiolamento daqueles alumnos, chairegos ou non.

Os alumnos da Terra Chá eran, entre outros, Manuel Blanco Rábade e Xesús Rábade Paredes, este, desde hai tempo, unha personalidade moi importante nas Letras galegas. Blanco Rábade e Rábade Paredes xa facían versos un pouco vergonzantemente, en castelán unhas veces, en galego outras, pois eran tempos, aqueles, de certa indefinición. Por outra parte, aqueles rapaces, dous mozotes, estaban como bébedos ante o idioma daquela profesora e ante a profesora mesma, unha profesora –primeira premisa– que transmitía, sen querelo, a bondade e a xenerosidade do seu espírito. Realmente, era case imposible para un mociño rural de 1965 non sucumbir, non namorarse, non renderse, devoto, ante aquela aparición en forma de profesora.

Pois ben, uns catro meses despois de iniciado o curso, alá por febreiro de 1966, María Victoria, xa de cheo na causa da galeguidade e coñecedora das inquedanzas literarias daqueles alumnos chairegos, dialoga con eles para aprender deles voces e formas do seu idioma e para facerlles ver que ese idioma deberían asumilo con dignidade e con sentimento de honra, por eles e polas xentes subalternas que o falaban en toda Galicia.

Xa en Pontevedra no curso 1967-1968, María Victoria vai ser fiel sempre, cada vez con máis intensidade, á experiencia luguesa, tanto que en solemne ocasión, nun Congreso filolóxico de 1993, proclamou: "Lugo é unha páxina indeleble na miña vida. Galicia aniñou no meu corazón naqueles dous anos que traballei en Lugo".

María Victoria non tardou en aprender o galego básico; tardou algo máis en posuír un dominio considerable do noso léxico e da nosa gramática, pois, daquela, en Pontevedra, había moi poucos colegas cos que practicar e moi poucos camaradas con inquedanzas que fosen bos galegofalantes. Certo que María Victoria falaba coas leiteiras –aínda as había– e coas vendedoras da praza, das que ela aprendeu vocabulario e elas un pouco de ética filolóxica. Por non ter, María Victoria non tiña aldea para mergullarse, os días santos, nun espazo galegófono. Que eu saiba, só fixo unha inmersión lingüística deste tipo uns dez días en Seixas da Terra Chá na casa dos pais de Xesús Rábade Paredes no verán de 1972 co gallo das festas patronais.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 207-213
ISSN: 1576-8767

Eu estou convencido de que, arredor de 1971, María Victoria non só sabe ben o galego, non só ten un admirable dominio do seu léxico e da súa gramática senón que, cando o escribe, cando escribe en galego, escribe desde o galego, desde dentro do galego. Cando escribe, as palabras, as expresións e as formulacións gramaticais abrollan dun manancial lingüístico que ten incorporado de xeito non artificial. O mesmo acontecía cando falaba, cando pronunciaba conferencias, tan brillantes moitas. Así pois, arredor de 1971, María Victoria xa non era unha escritora alófona no noso idioma, era unha escritora autófona. Alófono foino o andaluz García Lorca, de moi escaso dominio do galego, e o catalán Carles Riba, de dominio maior. María Victoria foi alófona en tres idiomas: dous que coñecía ben, o catalán e o francés, e un no que non era leiga, o latín. Pero foi autófona –auténtica– en dous: no seu idioma orixinario, o castelán, e no idioma co que se comprometeu civicamente, o galego.

Convén ter moi en conta que o compromiso de María Victoria co idioma galego non foi, só, un compromiso formal co noso idioma. Aquel compromiso literario, exercido –non o esquezamos– por unha filóloga, era a consecuencia dun compromiso cívico. Compromiso literario puro é o que exerceu a escritora estadounidense Anne Marie Morris, que, de feito, nunca escribiu poesía no seu verdadeiro idioma, o inglés dos Estados Unidos, e só fixo poesía no idioma no que soñaba, en galego, sobre todo despois de ler a Rosalía. Aí está o seu libro de poemas *Voz fuxitiva*, publicado por Galaxia en 1964.

O caso María Victoria é distinto, moi distinto. Ela ten feito declaracións, moitas, que nos orientan. Ofrecerei só dúas:

a) Xa en 1974, cando é moi pouco coñecida, declara: "Eu son unha profesora de lingua e quero ser unha muller que respira na vida. Por iso penso que a situación do galego non se pode ver con indiferencia. Se estou coa xente que amasa o meu pan e mais colle os peixes para a miña mesa, tamén quero falar con eles, falar a súa fala".

b) Bastantes anos despois, en 2001, proclama, con outra letra pero coa mesma música: "decateime de que aquí a palabra estaba reprimida, o galego era a palabra dos pobres, dos mariñeiros, dos labregos… Nas escolas, os nenos que falaban galego eran humillados constantemente… Daquela comprometinme afectiva e socialmente a axudar a esta xente a defender a súa lingua".

Nesta loita, arredor de 1970, estaban algunhas persoas antifranquistas do país. Antifranquista era María Victoria Moreno, non por educación familiar; María Victoria, por sensibilidade moral e por espírito incompatible coas inxustizas, era, forzosamente antifranquista, unha antifranquista máis ou menos esquerdista. Non era comunista nin nunca militou no Partido (o Partido por antonomasia). Crente –máis cristiá que católica–, os seus postulados fraternos e xusticeiros alimentaban

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 207-213
ISSN: 1576-8767

a súa actitude ante unha ditadura, ademais de despótica, intelectualmente beocia e misérrima, como se ve aínda nalgúns dos seus lamentables herdeiros.

Téñase en conta, en calquera caso, que o compromiso de María Victoria non só foi co idioma dos que, en Galicia, padecen a historia e non a fan, senón cunha tradición literaria que producira, entre outros, estes catro grandes capítulos: a lírica medieval, Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas e Ramón Otero Pedrayo. Sobre os dous últimos escribiu páxinas esclarecedoras en 1985 para profesores e alumnos, aínda hoxe consultadas.

Ninguén ignora que María Victoria cursou o bacharelato en Barcelona entre 1951 e 1958 nun centro de ensino no que o catalán estaba prohibido como lingua vehicular e como lingua de estudo e así era en todos os centros de ensino, públicos e privados das catro provincias do Principado. Xa se ten dito que María Victoria aprendeu, e ben, o catalán, non na aula senón na ágora. En catalán falaban unha boa parte das súas colegas, moitas delas fillas da burguesía barcelonesa acomodada, burguesía –retéñase o dato– franquista en gran parte. En 1951, pois, o idioma da casa, en miles e miles de familias burguesas (da alta e da pequena burguesía), era o catalán, herdo xenealóxico que nin sequera sucumbiu á barbarie política do franquismo. Nesas casas, a lingua B, a lingua pobre, era o castelán, a lingua que falaban as criadas de servir viñesen de Madrid, de Murcia, de Salamanca ou de Segovia.

Imaxínome a María Victoria cursando Filoloxía Románica na Universidade de Barcelona entre 1958 e 1963, os anos, como ben sabemos, en que cursou esa carreira na de Madrid, e imaxínoa lendo poemas de Carles Riba e de Salvador Espriu, e imaxínoa, en 1963, asumindo a responsabilidade de escribir en catalán e de reivindicar o catalán para que algún día aquel idioma, que falaban centos de miles de "pageses" e as clases cultas e acomodadas das vilas e cidades de Cataluña, fose o idioma das aulas. Se María Victoria asumise en Barcelona este compromiso en 1965, o ano en que chegou a Lugo, sumaría o seu esforzo a unha literatura que, pese ós atrancos oficiais, publicara, nese ano 1965, 430 volumes, un deles, o *Novo Testament*, con 80.000 exemplares. A Galicia coa que María Victoria se comprometeu publicou, en 1965, 20 títulos, de exigua tirada.

María Victoria non ignora en que país, en que sociedade está e aínda así opta, como cultivadora e como reivindicadora, por esa lingua que moi poucos escriben e que poucos len. Agora ben, non é isto o máis negativo: o máis negativo é a subestimación que suscita nos estamentos cultos ou acomodados, subestimación que facían súa parte das clases subalternas que, na súa alienación, mirábanse no espello dos amos (Isto xa o dixo Castelao, en 1937 e 1944, con máis pedagoxía ca min: "En Galicia falan o galego os señoritos e os que queren ser señoritos").

Non ignoraba María Victoria que o mapa sociolingüístico de Galicia en 1965 era preocupante, moi preocupante. En Pontevedra, onde ela comezou a escribir en galego, non había casa da burguesía, alta ou baixa, que, sabendo o galego, o tivese como lingua familiar, nin sequera no fogar de don Xosé Filgueira Valverde. Recordábame María Victoria, haberá vinte anos, que nunha casa de Pontevedra letrada e de bo acomodo, o 27 de marzo de 1965, cumpría dez anos un neno moi aplicado e que nese aniversario as únicas persoas que falaban o galego, na cociña, non no salón, eran as criadas e as mandadeiras. Pois ben, nesas datas, cando Mariano Rajoy Brey cumpría dez anos, María Victoria Moreno estaba a punto de chegar a Galicia e de asumir o compromiso cívico e cultural que coñecemos. Como hai que ser xustos sempre, aclaremos que o mapa sociolingüístico das casas burguesas nas catro provincias galegas era, nesas datas, o mesmo que vimos de esbozar nos fogares do señor Rajoy e do señor Filgueira Valverde. Tense dito que, en toda Galicia, arredor de 1960, só había un fogar que tiña, como lingua familiar, o galego: o da pedagoga Antía Cal e do oftalmólogo Antón Beiras, falecido en 1968. Nesas datas —e antes— o idioma doméstico de moi ilustres galeguistas era o castelán. É o caso de Otero Pedrayo, de Carballo Calero e de Francisco Fernández del Riego, os tres, escritores moi importantes en lingua galega. Escribían en galego *coram populo* e emitían en castelán para os íntimos. Aínda así, María Victoria asume, despois de 1965, comprometerse co idioma galego, con idioma tan problemático. Non só decide ser escritora en lingua galega; foi moito máis alá: será, desde esas datas, a súa apoloxista e a súa reivindicadora, tamén dentro da aula, no Instituto, onde era profesora oficial dunha lingua románica que non era a galega. Contan os cronistas que, desde 1972, en Pontevedra e noutras ciudades galegas, ela –a foránea— vai protagonizar un apostolado lingüístico que non tiña precedentes en Galicia en favor de tan problemático idioma. María Victoria imparte cursos de galego en Pontevedra, Vilagarcía e Ourense, cursos que desconcertan á Policía política da súa cidade e que alporizan a moita xente ben pensante de Pontevedra, escandalizada de que aquela profesora do Instituto –muller, nova e extragalega— defendese e ensinase "el dialecto gallego" con tanta paixón e, ó parecer, con moita erudición filolóxica. Resultou que a Policía, ó servizo daquela das xentes acomodadas e ben pensantes, comezou a intimidar a aquela persuasiva profesora extraoficial, a aquela conferenciante que, aínda falando "en dialecto", deslumbraba. Foi a Policía que, en 1973, lle retirou o pasaporte a María Victoria. Sáibase que na era de Franco, o pasaporte permitíanos exercer un dos poucos dereitos que os súbditos do Déspota tiñamos: o de viaxar ó estranxeiro e, tamén, o de fuxir, se as circunstancias políticas nolo aconsellasen.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 207-213
ISSN: 1576-8767

Coñecida é a resposta: ela seguiu impartindo cursos de lingua galega e disertando, nas tribunas toleradas, sobre a obra de Rosalía, as páxinas de Cabanillas e os poemas galegos de García Lorca.

María Victoria Moreno protagonizou en Galicia un acontecer cultural desde 1970, en pleno franquismo, que non tiña precedentes. É a María Victoria que optou polo idioma galego cando, pouco antes desta data, xa tiña unha obra en castelán, o seu idioma orixinario, de certa entidade e con algún recoñecemento público. Pero ela vivía en Galicia, sobre todo na Galicia dos que, lonxe de faceren a historia, só a sufrían. Ante esta Galicia latexaba o seu inmenso corazón, e latexaba, loxicamente, no idioma desa desfavorecida nación sociolóxica. Nunha cristiá como ela, aquel compromiso foi "unha cuestión de amor", dito sexa con palabras proferidas por ela en celebérrima ocasión.

Porque o ser humano María Victoria Moreno era un corazón inmenso, un espírito grandioso, e en seres humanos desta feitura moral e cívica os seus compromisos cívicos tiñan música, eran canción. E cómpre saber que María Victoria Moreno, desde 1965, rezaba tódalas noites un verso de Violeta Parra, que tamén cantou Mercedes Sosa:

> Si se calla el cantor, calla la vida.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 207-213
ISSN: 1576-8767

III

Traballos de estudo e investigación

De camiño na Saudade: *Itinerarium cordis in Deum* /
/ Andrés Torres Queiruga

Transcrición das cartas e composicions autógrafas de Antonio Fernández Morales a Mariano Cubí: un legado berciano inaugural do Rexurdimento /
/ Héctor M. Silveiro Fernández

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 217-239
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.733

DE CAMIÑO NA SAUDADE: *ITINERARIUM CORDIS IN DEUM*

WALKING WITH SAUDADE: *ITINERARIUM CORDIS IN DEUM*

Andrés Torres Queiruga
Real Academia Galega

Resumo: Respondendo a unha vella intuición, o artigo trata da saudade nunha modalidade non estudada: a saudade vivida alén das palabras, expresada na vivencia da carne e no movemento do corpo. Rosalía, poeticamente lonxe de Galicia, sente nacer unha fonda saudade, convertendo a ansia da lembranza en pasos no camiño, en comuñón coa realidade cósmica a través da lúa e coa Transcendencia na voz das campás. Aproveito para sinalar as etapas do meu encontro co tema, abordando finalmente o seu significado teolóxico: esperanza *versus* angustia, profundación metafísica e apertura a Deus, expresada nunha experiencia abisal con saloucos "máis fonda cás palabras".

Abstract: Responding to an old intuition, the article approaches saudade (a sense of longing, nostalgia) via a route as yet untaken: saudade experienced beyond words, expressed in the experience of the flesh and in the movement of the body. Rosalía, poetically far away from Galicia, experiences the emergence of a deep longing, turning anxiety into steps taken on the road, into communion with cosmic reality through the moon, and with Transcendence through the sound of the bells. I shall discuss the stages of my own encounter with this subject, ending with a theological approach: hope versus anxiety, metaphysical reflection and openness to God, expressed in an abyssal religious experience "with groans deeper than words cannot express".

Palabras chave: saudade, angustia, esperanza, existencialismo, *Stimmungen*, experiencia relixiosa.

Key words: *saudade* (longing), anxiety, hope, existentialism, *Stimmungen*, religious experience.

Ao Dr. António Braz Teixeira,
mestre maior nos estudos da saudade

Foi coma unha pedra que cae nun estanque a punto de conxelación. Tal me sucedeu a min coa palabra *esperanza*, cando, aínda nos tempos de estudante e lonxe aínda de Galicia, o tema da saudade empezara a preocuparme. O ambiente intelectual estaba pletórico de angustia existencialista e de especulación heideggeriana arredor do *Dasein*, tamén o visitado pola *Sorge* e a *Angst*. A palabra chegoume nuns versos de Ramón Cabanillas:

> pro, ansia do porvir e relembranza
> do que o tempo levóu, a Saudade
> rachando a fusca e triste escuridade
> prende lume ó luceiro da Esperanza
> (1959: 518).

Era un horizonte distinto o que se abría, afín ao doutros existencialismos máis positivos, e sobre todo do que se practicaba nos estudos teolóxicos. Máis tarde descubriría que era tamén o do saudosismo portugués, do que, por certo, bebera con fonda empatía Cabanillas. A impresión ficou dentro, e nela o encontro con Ramón Piñeiro e a lectura dos seus artigos xa clásicos[1], falando de significado metafísico, espertoume o desexo de entrar no seu estudo xa demorado e reflexivo.

Tivo que esperar porque se interpuxeron os traballos típicos dos comezos da aventura intelectual: tese, primeiras leccións, primeiros traballos. A ocasión chegou cando tiven que escoller o tema do discurso para ser recibido na Real Academia Galega. A opción foi espontánea e contaba ademais co mellor padriño, o propio Piñeiro.

Foi o inicio dun camiño que, con distintas alternativas, non deixará xa de me acompañar e que, de por parte, me concedeu a fortuna de entrar na fraternidade de tantos que na comunidade irmá de Portugal levan séculos na mesma tarefa. Quero ver este simposio[2] como unha acollida que pouco merezo, pero que aquí agradezo de todo corazón.

1 Sobre todo, o inicial: *Significado metafísico da Saudade* (1951).

2 *VI Colóquio Luso-Galaico sobre a Saudade: Homenagem a Andrés Torres Queiruga*, 24, 25 e 26 de maio de 2018, Lisboa, Porto e Vigo. Instituto de Filosofia Luso-Brasileira | Instituto de Filosofia da Universidade do Porto (RG "Raízes e Horizontes da Filosofia e da Cultura em Portugal") | Centro Português de Vigo | Universidade de Santiago de Compostela (Faculdade de Filosofia: Departamento de Filosofia e Antropologia) | Universidade Católica Portuguesa (CEFi: Centro de Estudos de Filosofia – Porto) | MIL: Movimento Internacional Lusófono | Revista *Nova Águia*.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 217-239
ISSN: 1576-8767

Xuntos, pois, "de camiño na saudade", intento agora ofrecer unhas breves indicacións do meu itinerario no seu estudo, coa intención de unir esta modesta ruta á de tantas outras máis ricas e gloriosas que, no mundo comunal da nosa fala e cultura, exploraron e exploran o amplo mar da saudade. Advirto que no que segue, darei xa por suposta a *idea xeral da saudade* como indicando a un tempo presenza e ausencia –en lembranza a un tempo triste e gozosa–, sexa no modo do recordo, sexa no da anticipación, sexa no da presenza non recoñecida.

Falarei de tres etapas principais neste camiñar: clarificación do estatuto filosófica, radicalidade ontolóxica e realización teolóxica.

1. ESTATUTO FILOSÓFICO: DAS SAUDADES Á SAUDADE

Dignificar o tratamento da saudade, introducindo claridade na mesta fraga de significados en que un uso secular a foi envolvendo, era unha esixencia obvia. Catro preocupacións dirixiron a pescuda: a clarificación do significado, clasificar as modalidades, establecer unha xerarquía entre elas e, finalmente, aludir as tensións e íntima constitución.

1) Na *clarificación* resultou fundamental a presenza da Fenomenoloxía. Ela foi, desde a primeira metade do século pasado, a que recuperou o carácter cognoscitivo do sentimento. E recuperouno xustamente desvelando a complicidade e coaptación entre o suxeito e o mundo. De sorte que a videncia do sentimento ten carácter polar: revela a realidade obxectiva en canto afectando o suxeito, e revela sobre todo o suxeito en canto reflectindo o seu acordo ou desacordo coa realidade.

Dalgún modo, sempre se comprendeu esta complicidade, ata mesmo ver no sentimento o medio máis efectivo de o suxeito se mergullar na carne do mundo. Pero por iso mesmo resulta inevitable o risco da confusión nebulosa, de afogar no magma sentimental, onde todo parece significar o mesmo e a saudade pode perderse ficando sen perfil propio e sen rostro verdadeiro. O inzamento incontrolado das expresións, que van do popular ao poético, do descritivo ao filosófico, e aínda de moverse entre o sublime e o banal, ofrece a proba máis evidente.

2) Tamén para a *clasificación* resultou fundamental a reflexión fenomenolóxica. Falar sen máis de saudade pode abondar para unha primeira intelixencia do que se intenta expresar, pero non abonda cando a reflexión busca introducirse máis a fondo na aura de significados e no mar de connotacións de que está cargado ese entrañable vocábulo. Por fortuna, o enfoque fenomenolóxico, ao salientar a referencia obxectiva, permite discriminar a intencionalidade concreta de cada manifestación saudosa.

Non é igual a saudade da patria no soldado perdido nas guerras de ultramar que a da moza atendendo o seu amigo rodeada polas ondas do mar de Vigo; non é o mesmo falar de ter saudades tras unha despedida ocasional que sufrir pondalianamente a saudade do prisioneiro na cadea de Arxel; non teñen igual fondura os degoiros da xuventude perdida que as ansias divinas do monxe da Arrábida. Incluso nun mesmo autor a palabra saudade pode revestir significados moi distintos, respondendo a contextos diferentes. Tal se manifesta, por exemplo, no "Adiós, ríos, adiós fontes" de Rosalía, coa súa progresión intensiva que vai das fontes e regatos pequenos ao "adiós tamén queridiña". O mesmo sucede no magnífico poema de Camões, que vai dos "Alegres campos, verdes arvoredos" ás envolventes "saudades de meu bem".

Non resulta fácil unha precisión unánime, pero o criterio obxectivo ofrece un camiño de especial eficacia. Nótase xa atendendo ao significado suxerido pola etimoloxía e polas denominacións: nostalxia, añoranza, melancolía, soidade, morriña, arela, ansia, sede… son palabras que por si mesmas orientan a puntos específicos do horizonte común. E nótase así mesmo atendendo á circunstancia onde o significado se xera e se concreta; falar de *Sehnsucht, Wehmut, Schwermut*, ou *Longing, yearning*, ou *dor* ou *mélancolie*… fai claro eco a sensibilidades e culturas acaso moi distantes, pero que non ocultan unha íntima resonancia común.

3) En canto ao terceiro paso, o da *xerarquización*, axudoume un recurso de Paul Ricoeur. Co seu estilo acolledor, acudiu sobre todo á filosofía de Aristóteles, para mostrar como desde a referencia obxectiva non só resulta posible discriminar entre as diversas formas da saudade, senón tamén de sinalar de xeito máis preciso a súa fondura. Ricoeur recorda como Aristóteles, na súa análise do pracer e a felicidade, establece unha clara dialéctica de graos ascendentes, que se presta a unha clara aplicación á dinámica da saudade.

Todo pracer particular, sinala o filósofo, está habitado por unha tendencia íntima que busca a felicidade plena, atravesando e discriminando o maior ou menor acerto das diversas etapas no seu avance. Cabería recordar neste sentido o sabio discurso de Diotima de Mantinea no *Banquete* de Platón, explicando como idéntica ascensión se dá na percepción da beleza e na vivencia do amor: dos corpos belos, ás almas belas, ás ideas e ás virtudes, e finalmente á Beleza e ao Ben supremo. Unha consideración atenta pode descubrir como de feito isto sucede no amplo e flexible mundo da saudade: toda saudade concreta leva en si, en ansia ou recordo, a tensión dunha plenitude última que a suscita e promove.

4) Esta dialéctica xerarquizante permite tocar, sequera sexa de paso, o grave problema que presenta a *tensión dual da experiencia saudosa*, que non por casualidade foi, e continúa a ser, fonte de malentendidos no significado e de sonadas discordias

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 217-239
ISSN: 1576-8767

nas correntes culturais, segundo se vexa nela unha forza positiva de avance ou freo escuro que paraliza. No plano máis inmediato, está a falsa identificación da saudade coa "morriña", tomada no seu sentido más enfermizo e paralizante. Algo que, con estraña e precoz lucidez, denunciou entre nós o mozo Rafael Dieste, protestando contra "o doce cacicato da tristura" e convocando a dar por finalizada a "adolescencia lírica", para entrar no camiño da acción e do entusiasmo. E nesta douta asemblea non preciso falar das altas disputas entre Saudosismo e anti-saudosismo na cultura portuguesa (García 2012: 37-41; Manso 2018)[3].

Aquí, ao lado da referencia ao coñecer, cómpre evocar *o mundo da emoción e das opcións da liberdade*. Pois con elas está tamén a saudade en indisoluble e rizomática comuñón. Por iso cada forma concreta constitúe unha chamada aberta que pon a persoa saudosa en transo de elección. Pode frear o dinamismo e mergullarse pasivamente na rememoración do gusto doce-amargo do ben perdido ou da meta desexada, secando así a súa raíz e matando a súa vitalidade. Ou pode seguir o pulo xenuíno, e mobilizar as enerxías na procura da realización posible ou, cando menos, do consentimento maduro e criticamente axustado ao principio de realidade.

En todo caso, acoller a dobre suxestión da referencia obxectiva e da implicación emotiva, desvela o ser máis íntimo da saudade como un estar sempre de camiño, en posible ascensión de pureza subxectiva e de alcance obxectivo: do particular ao universal. Das saudades á Saudade.

2. RADICACIÓN ONTOLÓXICA: NA FONTE DA ANGUSTIA E DA ESPERANZA

Considerala nesta altura, anuncia sen dúbida o punto crucial do discurso sobre a saudade. É aquí onde se decide a súa importancia ontolóxica e a súa orixinalidade cultural. O interrogante nace da intriga suscitada pola dobre valencia coa que pode presentarse.

Persoalmente esa intriga, en aparencia irredutible, manifestóuseme con aguda viveza en dúas altas e intensas manifestacións: "negra sombra", en Rosalía; "luz divina", en Frei Agostinho da Cruz. Dalgún modo escenificaban o carácter paradoxal, xa denunciado desde o principio: "É un mal de que se gosta, e un ben, que se padece", dixera en 1676 Don Francisco Manuel de Melo; "gosto amargo de infelizes, / Delicioso pungir de acerbo espinho", traducirá máis tarde Almeida Garret.

3 De Dieste ocupeime en "O tema da saudade en Rafael Dieste" (1982).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 217-239
ISSN: 1576-8767

Piñeiro, alertando sobre a súa fondura metafísica, deixaba claro que non podía tratarse dunha simple xustaposición ou dunha mestura incoherente. Convidaba a seguir pescudando. Algo tiña que haber na entraña da saudade que puidese explicar tan dura diástase. E pronto se me fixo claro que ese "algo" tiña tamén un reflexo evidente na contraposición cultural do momento, onde á obsesión existencialista pola "angustia" se contrapoñía abruptamente á esperanza, presente non só na vivencia relixiosa, senón tamén na instancia filosófica, enerxicamente reivindicada por Ernst Bloch e acollida por toda unha corrente teolóxica que ía desde Jürgen Moltmann en Europa á Teoloxía da liberación nas Américas.

Heidegger axudou na solución da intriga. Fondo e ambiguo tamén neste tema, o seu discurso presentábase unido ao coro da "angustia"; pero, aguilloado por críticas como as de Bollnow e Biswanger, foi matizándoa cada vez máis, ata afirmar que tampouco ela excluía a presenza do positivo, falando, por exemplo, de *Langeweile* e *Gelassenheit*, esta última con clara e non negada connotación mística, evocando a Erckhardt e Silesius.

Así e todo, o máis eficaz non foi tanto a reflexión sobre este aspecto, nunca ben clarificado na súa filosofía, como a altura en que situou o tratamento mesmo do problema. O que el fixo, foi afastalo, de xeito definitivo, do magma psicoloxista e do reducionismo sociolóxico, para situalo no ámbito metafísico dos *existenciarios* e, máis en concreto, das *Stimmungen*, é dicir, conforme á etimoloxía mesma desta palabra, do modo positivo ou negativo de o suxeito se sentir "acordado" ou "desacordado" co mundo, en concordia ou discordia, en gozo ou en tristura, en angustia ou esperanza. Non se trata, pois, da superficialidade do suxeito perdido na rutina do "se", isto é, na moda ou na masa do que *se* di e *se* pensa. É o *Dasein* como tal, no seu carácter esencial e especificamente humano, o que estaba en xogo.

Desde aí ficaban situados no seu preciso nivel *tres problemas* de fondo calado: o lugar da radicación última da saudade, a estatuto epistemolóxico da súa plural manifestación e o carácter da súa apertura ao absoluto.

1) A primeira pregunta acerca da *radicación* iluminábase de novo, atendendo á implicación entre mundo e sentimento. Tomada no seu significado metafísico, como acordo ou desacordo do suxeito como mundo en si e como tal, a saudade remite á raíz mesma do seu ser e do seu estar, ao feito primordial da orixinación que o pon no mundo e o abre ao seu destino.

Nesa raíz e orixinación primixenia, a saudade é o momento auroral que se abre á totalidade, sen que o suxeito poida saber aínda que vai ser del e do seu destino: perdido ou acollido, amparado ou desamparado, aberto ao sentido ou entregado ao absurdo. Por iso me gusta considerar a saudade como a "inocencia do sentimento", non tocada polo coñecemento preciso nin decidida polas decisións da liberdade. E que, por iso, se mostra e se demostra como apertura radical, non determinada nin

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 217-239
ISSN: 1576-8767

contaminada, anterior a toda forma, disposición ou sentimento concreto. Tamén, en definitiva, *anterior e máis radical que a angustia e que a esperanza*.

Conclusión, como se ve, importante. Non só situaba a saudade con voz propia no cerne vivo do momento cultural, senón que permitía unha resposta capaz de mediar nas discusións e tender una ponte literalmente radical de diálogo. Porque o seu carácter auroral facía dela, en principio e por definición, algo intrinsecamente aberto a ambas as dúas posibilidades. De xeito que, por un lado, explicaba, sen artificio retórico nin trampa metafísica, o estraño contraste das súas manifestacións concretas, en luz e sombra; e, por outro, aclaraba tamén a contraposición cultural entre a angustia e a esperanza como posibilidades humanas que, pese á súa irta oposición, intentan explicar unha común e radical situación humana (tamén neste punto aparece a categoría heideggeriana da *Befindlichkeit*).

2) Quedaba porén a segunda pregunta: como explicar o *estatuto epistemolóxico* dun tipo de consciencia capaz de reflectir ese sentimento fuxidío ou mellor, desa *Stimmung* aínda sen figura nin contorno? Neste punto foi Amor Ruibal quen ofreceu a fina axuda da súa distinción entre a "noción" e o "concepto". Non é este lugar de entrar en análises detalladas. Abonde con indicar que non se trata de dous coñecementos illados e separados entre si, senón de dous momentos nun mesmo e idéntico coñecemento concreto, onde un, o nocional, se expresa a través do outro, o conceptual.

Abonden dous exemplos que axuden a ver como isto se realiza na saudade. É típico e ben coñecido o que sucede coa noción do "ser". Non existe nunca o "ser en canto tal", en estado puro. Tan só existen os seres ou entes concretos, nos que o ser se realiza: pedra, rosa ou estrela e, fóra das especulacións que falan do "ser" en abstracto, sucede o mesmo co seu coñecemento espontáneo: falamos das realidades con nomes diferenciados, pero sempre *implicando* nelas o ser, é dicir, dando por suposto que "son". Por iso nin sequera precisamos pronunciar expresamente ese verbo e mesmo hai idiomas que non o empregan. En realidade, sería un tormento se, cada vez que nomeamos un obxecto, tivésemos ademais que advertir que "é" ou existe. Sucede o mesmo co exemplo de realidades como a "vida": non existe "a vida", existen seres vivos que expresamos en *conceptos* diferentes: gato, vaca ou andoriña; pero en todos damos como obvio que en cada nominación vai implicada a *noción* de "vida".

A saudade é máis complexa nas formas e máis imprecisa nos matices, pero en canto á estrutura noética a aplicación resulta evidente. A variedade nas manifestacións, ás veces mesmo contrapostas, responde ás súas distintas manifestacións, expresadas en "conceptos" diversos; pero todas remiten á mesma e inefable e "nocional" vivencia.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 217-239
ISSN: 1576-8767

Sempre vivimos saudades concretas, pero en todas se fai sentir a mesma Saudade radical. Tan radical e indeterminada, que por iso pode traducirse tamén na máis abrupta e polar contraposición que se expresa na angustia e na esperanza. Estas, angustia e esperanza, quedan por tanto desveladas como pertencendo á orde os *conceptos* e por tanto xa como manifestacións concretas e determinadas. O cal implica a xa anunciada conclusión metafísica de alto rango: que tanto a angustia como a esperanza son constitutivamente posteriores á Saudade e que, por tanto, é nela onde se sitúa o comezo radical.

3) Esta importante conclusión sitúa o discurso ante a terceira pregunta: *a onde e a que remite* a Saudade, que é o que nela se desvela, tan grave e determinante como para que aí se decida de xeito irremediable a orientación fundamental da existencia humana, ou cara ao cerco pechado da angustia ou na dirección aberta da esperanza. Á indeterminación en apertura sen límite apriórico responde o carácter totalizante, e sen contorno do seu obxecto. Emerxendo do non ser cara á existencia, sucede como se a conciencia do suxeito, no seu espertar primordial, se encontrase nunha apertura aínda sen nome nin figura, que o pode situar á beira dun abismo escuro e sen fondo ou na soleira dun reino de luz e plenitude.

A claridade nunca poderá ser total, xustamente porque reborda ao suxeito, sempre a se realizar nos límites ambiguos e infranqueables da finitude: por atrás, cara á orixe insondable; por diante, cara ao horizonte inalcanzable. Será a vida a que no accidentado decurso das súas incitacións e avatares, vaia insinuando cal é a dirección connatural e máis verdadeira.

Os tempos escuros, nos que a desgraza pública ou a mordedura dos males individuais se fan especialmente intensos, tende a suscitar épocas de angustia e saudades deprimidas. Pero, en xeral e malia todo, parece reinar con máis forza un pulo positivo, que non se arrende totalmente, porque, como incluso recoñece Nietzsche, sempre o mesmo "non" se alimenta secretamente do "si"; e, en definitiva, como dixo Leibniz, menos optimista do que proclama a vulgata volteriana, hai máis casas que hospitais. Ollando aínda máis atrás, toda a grande e variada corrente de platonismo, co seu *epékeina tes ousías*, "alén da esencia", aínda confesando o seu carácter inefable, non deixaba de recoñecer que ese horizonte estaba ultimamente iluminado pola luz do Un e do Ben.

En todo caso, alertado por Cabanillas, para a presenza da esperanza, a miña conclusión foi que, pese a todas as sombras e renunciando a calquera optimismo fácil, cabe afirmar que nela reside o pulo máis íntimo e se marca a dirección máis verdadeira da existencia humana. É dicir, que a Saudade se abre orixinariamente sobre un absoluto de carácter positivo, coa promesa aberta dunha felicidade posible. De todos modos, nese primeiro achegamento á cuestión, preferín manter aberta una reserva metódica. Por iso escribín entón:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 217-239
ISSN: 1576-8767

> Pouco importa, neste contexto inmediato, que fale do Ser, do Absoluto ou de Deus; pouco importa incluso que se lle atribúa realidade efectiva ou simplemente funxa como pólo ideal, segundo a pauta das "ideas" kantianas". O decisivo é que a dinámica psicolóxica da saudade transcende todo limite concreto, porque, identificada co total dinamismo do espírito, ten sempre diante dela a posibilidade dunha comuñón absoluta. É transcendente, porque supera todo o concreto; é saudade, porque esa superación cara á comuñón dáse necesariamente no modo da ausencia (Torres 2003: 49).

Recoñecida esa cautela, agora quero proseguir ata o final o camiño da saudade, levantando esa abstracción e prolongándoo ata o final no terceiro capítulo anunciado: a realización teolóxica.

3. A REALIZACIÓN TEOLÓXICA: *ITINERARIUM CORDIS IN DEUM*

A relixión consiste dalgún modo en poñer a Deus na orixe e no destino último da Saudade. Abre así un amplísimo campo para a reflexión teolóxica, do que temos insinuacións valiosas, pero onde aínda restan moitas leiras por labrar[4]. Aquí prefiro contentarme cunhas lixeiras alusións, como pequenas xanelas que permitan asomarse á paisaxe inmensa e entrañable. Empezarei polos Salmos, seguirei por santo Agostiño e san Juan de la Cruz, para rematar en Rosalía, tratando de ver como cada alusión abre unha perspectiva incitante sobre a riqueza da chamada inesgotable.

3.1. Os salmos ou a saudade de Deus, fonte e cumprimento das saudades humanas

Descuberto Deus como orixe absoluta, ábrese un horizonte sen límite e comeza un camiño difícil e accidentado, pero apoiado nunha fidelidade que non falla (Neves 2015: 21-29). Toda ausencia concreta está alimentada pola promesa da plenitude inscrita no corazón da criatura. Toda saudade humana leva a marca indeleble da saudade de Deus:

> Como devece a cerva pola auga dos regatos,
> así devece por ti, meu Deus, a miña alma.

4 Aparte do iniciador de A. Braz Teixeira (1993), poden verse, por exemplo, Neves (2015) e os estudos recentes, de Joana Serrado, Manuel Castelão Mexuto, Samuel Dimas, en *Sobre a Saudade: V Coloquio Luso-Galaico (*Teixeira/Natário/Epifânio 2018). É curioso notar que, no meu coñecer, o concepto, tan afín, da *Sehnsucht* non aparece nas grandes enciclopedias teolóxicas. Unha interesante excepción é a última edición do *Lexikon für Theologie und Kirche* (Emeis 2006).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 217-239
ISSN: 1576-8767

A miña alma ten sede do Deus vivo:
cando verei o rostro de Deus?
(Sal 41/42, 2-3).

A sede non sempre é calma nin clara. Pero nos momentos cruciais traspasa o ser enteiro, conmovendo o sentimento ata as raíces e mobilizando a vontade ata a rebelión:

Como cantar un canto do Señor
estando en terra allea?
Se me esquecese de ti, Xerusalén,
que seque a miña man dereita;
que se apegue a miña lingua ó padal,
se deixo de pensar en ti
(Sal 136/137, 5-6).

Era a miña intención comentar con certa amplitude este salmo, que foi longa e famosamente poetizado por Luis de Camões, en 365 versos, que entre nós Filgueira Valverde comentou con ampla erudición e fina sabedoría (1975: 99-122). Pero, xusto por ser tan coñecido e tan elocuente, é mellor que o salmo fale por si mesmo, e preferín acudir a outro, o 131, un dos máis breves do Salterio:

O meu corazón, Señor, non é soberbio
nin os meus ollos altaneiros.
Non persigo grandeza
nin marabillas que me exceden.
Eu acalmo e acalo a miña saudade,
coma un meniño no colo da súa nai;
coma nun meniño está en min a miña saudade
(130/131, 1-2).

Poño "saudade", creo que con pleno e mellor dereito, onde as traducións bíblicas deste salmo adoitan traducir "ansia". E acudo a el, porque evocando a luz cálida do colo materno, ilumina de tenrura a escuridade abisal onde se orixina a saudade. Non fala só do simple apego instintivo do infante, senón tamén da confianza conquistada na "segunda inocencia" do adulto, que sabe xa, e por iso

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 217-239
ISSN: 1576-8767

fala, dos delirios de grandeza e dos excesos da ambición[5]. Pero, sobre todo, introduce así a saudade no tema, hoxe moi actual, da *natividade* ou "nacencia", tan ben subliñado por Hannah Arendt (1993; Bárcena 2006; Bagedelli 2011) e Paul Ricoeur (1967: 411-416), axudando a liberar as orixes do anonimato dun absoluto abstracto ou da desolación sen consolo de nos sentirmos fillas ou fillos do azar e da necesidade. Outro salmo dirao aínda con palabras de marabilla asombrada: "Ti formáche-las miñas entrañas, tecíchesme no seo da miña nai" (v. 13). E como se intuíse preguntas que só moito máis tarde poderá ser nosas, parece evocar as mesmas profundidades cosmogónicas da orixinación humana:

> Ti coñeces a fondo o meu espírito;
> non che estaba oculta a miña esencia,
> cando no segredo era formado,
> tecido no fondo da terra
> (v. 14b-15).

A orixe aparece así iluminada por un amor incondicional, dando lugar a unha hermenéutica intertextual que permite ler a enteira Biblia como unha pedagoxía da saudade. Tal foi a pedagoxía fonda dos orantes e profetas, que mobiliza a acción e chama á rebeldía. Pedagoxía que, lentamente, foi deixando de ser motivada pola forza cega do odio, que no salmo de Babilonia pode aínda acabar con palabras terribles:

> Babilonia estragadora,
> bendito quen che pague
> co mal que nos fixeches;
> bendito quen colla os teus pícaros
> e os estrele contra as pedras
> (v. 8-9).

Tan terribles, que ningún comentador as pode xa glosar, unha vez que Xesús de Nazaré, levou á culminación o símbolo paterno-maternal para nomear o misterio

5 Non estou a facer esexese estrita; intento prolongar a valencia teolóxica. Cabe descubrir no texto mesmo a presenza do adulto. Así o fai, por exemplo, Schökel/Carniti 2009: "El niño ya ha sido destetado; por tanto, según los usos antiguos, tiene más de dos años: puede jugar (Gn 21, 8-9; 1s 11, 8); su madre lo deja en el templo (l Sm 1, 21-28), recibe enseñanza (ls 28, 9). Pero todavía depende de su madre, que lo toma en brazos o se lo carga a la espalda. Una escena paterna, que podría ser materna, de Oseas ayuda a rellenar la imagen escueta del salmo: 11, 3 Yo enseñé a andar a Efraín y lo llevé en brazos. 4 Fui para ellos como quien alza una criatura a las mejillas; me inclinaba y les daba de comer".

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 217-239
ISSN: 1576-8767

de Deus[6]. Revelándoo como *Abbá*, o Nazareno vive a confianza incondicional do neno no colo da nai, pero mostrándoa capaz de traducirse no compromiso adulto dun fillo capaz de entrega ata a morte. E agora, madura, a raíz da saudade xa non agroma polo odio que condena, senón polo perdón que comprende: "Pai, perdóaos, porque non saben o que fan" (Lc 23, 34).

Comprendo que este comentario pode xerar certa impresión de artificio. Espero que a segunda das evocacións anunciadas axude a ver que non é nin ten por que ser así.

3.2. Santo Agostiño ou o esforzo da reflexión no asombro do sentimento: "docta saudade"

En plena madurez e xa bispo de Hipona, o converso Agostiño empeza as súas *Confesións* cunha asombrada fervenza de interrogantes ante Deus. E case de inmediato, escribe una sentenza que atravesa os séculos e que, como dos místicos di Bergson, algo hai dentro de nós que lle fai espontaneamente eco: *fecisti nos ad te et inquietum est cor nostrum, donec requiescat in te*: "fixéchesnos para ti e o noso corazón está saudoso deica que acougue en ti" (CCSL 27). Confeso que nunca, antes destas reflexións, se me ocorrera traducir así, por "saudoso", o "inquietum" do texto orixinal. Pero tan só por me ter propiciado este descubrimento, daría por ben pagado o traballo. Creo que non existe mellor nin máis exacta tradución.

A intuición do xenio logrou sintetizar nunha frase, breve e sen adorno, a esencia mesma da dinámica saudosa. Tanto a orixe insondable como a meta ansiada reciben nome expreso e recoñecido. Concreta o misterio, pero preserva o asombro ante a riqueza inexhaurible. A orixe non remite á aparición desde o caos cego ou da nada inicial, senón ao *nacemento* libre e querido desde o amor. E a meta non se abre sobre o baleiro sen fondo ou a infinitude abstracta, nin sequera sobre o Un neoplatónico[7]. E, dese xeito, a saudade constitúe a conxunción dinámica entre a orixinación amorosa e a plenificación final. Por iso é *camiño*, que invita ao traballo, ao compromiso e á realización, liberando da angustia e mantendo a tensión da esperanza: non permite o "acougo" prematuro nin a desidia inoperante, ao tempo que se converte en crítica de toda absolutización, sexa utopía clausurada ou ideoloxía totalitaria.

6 Significativo o caso de san Juan de la Cruz, que apenas o alude con versos que máis ben insinúan pena e compaixón: "¡O hija de Babilonia / mísera y desventurada! / Bienaventurado era / aquel en quien confiava / que te ha de dar el castigo / que de tu mano llevava / y juntará sus pequeños / y a mí, porque en ti esperava / a la piedra que era Christo / por el qual yo te dexaba".

7 Peter Brown nota ben a diferenza con Plotino: "Las profundas y abstractas intuiciones de Plotino han proporcionado el material para un lenguaje clásico y nuevo del corazón desasosegado" (1969: 219; cf. cp. XVI: "Las confesiones" (206-239).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 217-239
ISSN: 1576-8767

Bo lector de san Paulo, Agostiño sabe que a figura sen figura en que decote trata de se debuxar a saudade é xustamente a "esperanza do que non se ve": solidaria dunha creación tamén ela en camiño, que "xeme coas dores de parto" na agarda da liberación plena. Ollando para a meta, esixe aguantar na paciencia e no traballo da historia (Romanos 8, 18-25)[8]. Pero consciente da orixe, vívese apoiada na seguridade do amor que nunca a abandona e da fidelidade que sempre a acompaña[9].

Era importante recordar ao bispo de Hipona, evocando a través del o secular traballo da tradición, para subliñar o rol necesario da *reflexión* dentro da saudade. Porque acentuando o sentimento, acordando as "razóns do corazón" e mobilizando as enerxías da liberdade, a saudade dálle encarnadura á intelixencia. Pero, á súa vez, esta sérvelle a ela de guía no tránsito entre a orixe e a meta. Iluminada ou, mellor, intrinsecamente imbricada no "itinerario da mente", tamén a saudade se pode converter nun auténtico "itinerarium cordis in Deum".

Desenvolvéndose no tempo da historia e nos conflitos da finitude, ese itinerario non pode discorrer sempre na luz: ten noites e días, paisaxes asolladas e vales escuras. O camiño non pode menos de reflectir a oscilación constitutiva e nunca perfectamente equilibrada da saudade: presenza dunha ausencia ou ausencia dunha presenza. Para dar cabo a estas reflexións, vou evocar dous casos que encarnan tipicamente esa dialéctica: San Juan de la Cruz e Rosalía de Castro. Serei máis breve co primeiro, para lle deixar un pouco de máis espazo á segunda.

3.3. San Juan de la Cruz ou a ausencia na presenza

De entrada, cómpre unha advertencia. É obvio que a palabra "saudade" non aparece no místico de Fontiveros. Pero, igual que a rosa de Shakespeare pode recender igualmente doce baixo outro nome, tamén a saudade pode usar outros nomes para entregar o seu segredo. E penso que tal sucede na poesía do gran místico, mostrándonos nun contraste incomparable un dos aspectos da saudade en camiño: o feito de que aínda na maior presenza segue presente a sede dunha fonda ausencia.

En poucos místicos e poetas, se nalgún, cabe percibir o brillo da presenza divina como luz que ao seu paso "todo o veste de fermosura" e pon en cada ser unha voz que vai "mil grazas referindo". Toda a realidade se fai transparencia e diafanía da presenza amada. E porén non se anula a ausencia, senón que aumenta a saudade clamando pola incompletude da presenza: nin a luz descorre todo velo –"¿Adónde

8 Sería bo ler con atención un comentario deste texto magnífico, xustamente moi comentado; cf., por exemplo, Wilckens 1992: 180-209.

9 Tamén aquí, cf. Romanos 5, 1-11, e o comentario de Wilckens (1989: 349-372).

te escondiste, Amado?"– nin o gozo apaga toda ansia: "¿Por qué, pues has llagado / aqueste corazón, no le sanaste?".

A tensión resólvese con forza cara á presenza, que, tras o tránsito pola "noite escura", nimba de gozosa esperanza toda a súa poesía. Pero aínda así, sucede nunha tensión paradoxal: entre a seguridade de ter e a ansia de non o poder ver e apreixar, camiña

> sin otra luz y guía
> sino la que en el corazón ardía.

Idéntica tensión exprésase noutros versos admirables que, dalgún modo, representan unha definición da saudade, en canto que se asoman ao abismo inicial. Víveo na seguridade da esperanza, pero sufrindo que "aínda é de noite" e faise preciso agardar pola aurora. Para concluír, paga a pena evitar toda glosa e saborear os seus versos:

> Aquella eterna fuente está escondida,
> que bien sé yo do tiene su manida,
> aunque es de noche.
> Su origen no lo sé, pues no le tiene,
> mas sé que todo origen de ella viene,
> aunque es de noche.

3.4. Rosalía ou a presenza na ausencia

Con Rosalía, a polaridade invértese e a paisaxe cambia de xeito radical: agora é a ausencia a que pasa a primeiro plano. Pero cómpre non se apresurar, cedendo acaso a unha especie de moda, que rexeitando con xustiza o debuxo acaramelado da "santiña", pode incorrer nunha visión anacrónica que cegue para dexergar a fondura abisal do seu espírito. Sería volver á superficialidade dunha primeira Ilustración adolescente e superficial que, como denunciara Hegel, mata a profundidade infinita do humano.

En Rosalía aparecen moitos rostros da saudade. Aparecen, pequenas e entrañables, as saudades concretas, que van desde as infantís de "aquelas risas sen fin" ata as "herbiñas do camposanto onde meu pai se enterrou", pasando polos amores que xa non son, e pola tristura de abandonar "a terra que nos criou". Pero aparece tamén, insistente, a Saudade grande e con maiúscula: o afrontamento, en oco, coa totalidade do ser e co sentido último da existencia. E aquí cómpre acurtar o paso, para entrar con moito coidado no santuario.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 217-239
ISSN: 1576-8767

Falei de Rosalía como de quen exemplarmente traduce a Saudade como "negra sombra". E non cabe negar o seu pavor fronte ao xigante escuro da angustia que tapa e cela todo horizonte "cun pé posto onde brillan os astros / e outro onde a cova me fan". Nin podemos ignorar a sensación extrema de carencia e desamparo que en demasiadas ocasións abalou os alicerces da súa existencia: "ríos da vida, onde estades? / Aire, que o aire me falta". Nin tampouco é posible descoñecer a amargura da protesta contra a imaxe divina desfigurada por unha relixión demasiado esquecida do Evanxeo e da terra.

Pero acaso sexa hora de recordar que iso non é todo. A súa protesta, polo demais non máis violenta cá dos profetas bíblicos nin sequera menos radical cá do Nazareno, nace xustamente do contraste frontal con aquilo que, no fondo máis fondo da súa conciencia, percibe como o que, de verdade, é ou debe ser. A través da negra sombra nunca deixou de tremelucir a luz dunha fe ameazada, pero máis discreta e en todo caso máis presente do que unha lectura apresurada é capaz de enxergar.

Tal aparece, por exemplo, cando no medio da desolación sente a sintonía coa dor doutra nai que abre unha porta distinta no cego muro do destino:

> Ôs pés d'a Virxen d'a Soledade
> ¡De moitos anos nos conocemos!
> A oración dixen qu'antes dicía.

Aparece, tras o abafante percorrido por unha cidade triste, "cementerio de vivos", xordo para a súa dor, cando chega á escultura de santa Escolástica (que, por certo, nada ten que envexar á santa Teresa de Bernini). Alí aquel rostro, limpo e inmensamente pacificado pola esperanza conquistada, fai revivir canto nela había "de paixón e tenrura, de entusiasmo fervente e gloriosos empeños". Entón, igual que a noite se ilumina "coa branca luz da alba", no peito de Rosalía resucita a vida, e o poema péchase cuns versos que non son os mellores da súa obra, pero que proclaman con claridade unívoca que o ríos da saudade desembocan en Deus como na súa plenitude oceánica:

> Y orando y bendiciendo al que es todo hermosura
> se dobló mi rodilla, mi frente se inclinó
> ante Él, y, conturbada, exclamé de repente:
> "¡Hay arte! ¡Hay poesía!... Debe haber cielo. ¡Hay Dios!".

Aparece tamén, de xeito non menos expreso e máis dramático, en versos errantes pero definitorios, que, en data non precisa pero cruelmente mordida pola

ausencia –"solo dudas y terrores siento"–, dan palabra ao tormento máis escuro da saudade. Nesta ocasión é no recordo do Crucificado onde para a ollada que busca mentres afirma e que afirma buscando, se acende a presenza salvadora do Pai como "luz do faro" que, nas tormentas da saudade, anuncia o porto da plenitude e do descanso:

> Tan sólo dudas y terrores siento,
> divino Cristo, si de Ti me aparto;
> mas cuando hacia la Cruz vuelvo los ojos,
> me resigno á seguir con mi calvario.
> Y alzando al cielo la mirada ansiosa
> busco á tu Padre en el espacio inmenso,
> como el piloto en la tormenta busca
> la luz del faro que le guíe al puerto.

(É bo notar que as acomodacións editoriais de Murguía, posiblemente apoloxéticas, para nada invalidan nin a autoría nin a sinceridade destes versos dunha Rosalía, que é xa a Rosalía madura e sería sen máis ofensivo argüír que mente ou disimula).

Así e todo, non son estes os motivos principais que me moveron a falar, aquí e agora, de Rosalía. Foron uns versos que, xa desde longo tempo, me fascinan. Penso que neles a saudade –xa con nome expreso, na forma das "soidades"– non só encontra unha expresión insuperable na súa altura poética, senón que, retratando o noso tempo, desvela tamén un trazo orixinario da súa radicación máis misteriosa. Refírome a "Campanas de Bastabales", un dos poemas máis evocadores e máis vivos da obra rosaliana.

O poema representa dalgún modo o longo percorrido do traxecto da saudade no seu espírito e nunha boa parte da cultura. Ten unha orixe sinxela e comunal, pois de entrada glosa uns versos saídos do pobo:

> Campanas de Bastabales,
> cando vos oio tocar,
> mórrome de soidades.

Por boca dunha mociña, a glosa vai debullando as manifestacións da saudade nosa de cada día, nunha enumeración de dorida beleza: amores e campiñas, grilos e paxariños; todo envolto na procura da casa, fogar perdido e arelado. Pero axiña, no milagre da transfiguración poética, o lector sente que nas palabras da mociña é Rosalía quen empeza a expresarse con intensidade crecente. Todo entra

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 217-239
ISSN: 1576-8767

nun mundo novo, onde fala a saudade profunda e transcendente. É como se, en expresión total, Rosalía toda ela se convertese en saudade.

Saudade encarnada, integral, rebordando do sentimento, inundando a emoción e a intelixencia: saudade feita carne, corpo que camiña, cheo de ansia que non se arrende, toda en tensión cara á posesión última e inalcanzable. "*Corpo-santo* da Saudade", chamáralle Cabanillas (2000: 33).

Entón no espazo aberto pola poesía, a distancia vaise alongando. Rosalía está "lonxe moi lonxe", fronte ao camiño sen final. Recóllese en si mesma: "nunha pedriña me sento". Ábrese á infinitude do mundo e séntese inundada pola saudade abisal. Xa non son unicamente os amores, os campos, a casa ou a parroquia: é o mundo enteiro, é a procura do último o que agora a move e envolve. Cara a dentro, insinúase o desamparo existencial, expresado nos "tristes", esa categoría desolada e recorrente. Cara ao alto, aparece silente o desamparo do universo simbolizado na lúa, tamén ela abandonada e de camiño, "sin saberse para donde".

A muller triste entra en sintonía co astro triste. Pero a lúa, coma ela, está soa e sen luz. Muda e sen palabra, tampouco é capaz de lle dar a resposta:

> Que si oíra e nos falara,
> moitas cousas lle dixera,
> moitas cousas lle contara.

A saudade continúa afondando: todo se esvaece, "corre o vento, o río pasa", a casa está lonxe inalcanzable, a soidade faise densa "sin compaña nin amigo". O universo envólvea mudo na súa inmensidade, e todo se torna abandono e suspiro:

> Eu me quedo contemprando
> as laradas das casiñas
> por quen vivo suspirando.

Porén, cando xa nada parece quedar, no medio do silencio, insinúase unha voz distinta. Voz inexpresa, pero cargada con resonancias que traen fondura de séculos. E por fin nela resoa o eco dunha chamada que abre horizonte e ofrece compañía:

> Ven a noite..., morre o día,
> as campanas tocan lonxe
> o tocar da Ave María.

E prodúcese o milagre. Milagre poético na letra e oculta epifanía na existencia. A voz ancestral das campás toca en carne viva o espírito de Rosalía, e o seu xenio fai que a saudade encontre unha expresión cuxa altura ou fondura nunca antes fora así formulada nin talvez alcanzada:

> Elas tocan pra que rece;
> eu non rezo, que os saloucos,
> afogándome parece
> que por min tén que rezar.

Milagre poético e, desde a teoloxía, atrévome a dicir que tamén relixioso. Por iso falei de fascinación. Con seguridade, Rosalía non o pensou, pero as súas palabras evocaban case á letra outras máis antigas, tamén elas pronunciadas nunha "época de angustia", que, segundo Dodds (1975), envolvía xuntamente a pagáns e cristiáns. Eran as palabras con que Paulo de Tarso expresara, na carta aos Romanos (8, 26), o cerne máis íntimo e inefable da esperanza cristiá:

> Do mesmo xeito, tamén o Espírito acode a axudar a nosa debilidade. Nós non sabemos como debemos orar para pedir o que convén; pero o Espírito en persoa intercede por nós con xemidos máis fondos cás palabras (*stenagmois alalétois*)

Polo milagre marabilloso e inesgotable da comuñón humana, dous xenios –en épocas distintas, separadas por dous milenios– únense para levantar unha punta do misterio que somos e nos habita. E fano coa marca orixinal e indeleble do propio tempo. Paulo, que tamén sabía de escuridades, proclama desde o entusiasmo a certeza dunha "Boa nova" acabada de descubrir, e abre as portas para a afirmación dunha esperanza universal. Rosalía, que non ignorou as éxtases, fala desde a crise e a dúbida dun século abalado pola eclipse da Transcendencia, e convértese en voceira viva da "Saudade para un tempo menesteroso"[10].

Dúas visións e acaso misións para avanzar no desvelamento deste misterio sempre aberto que somos os humanos.

Para facilitar a comprensión, pode ser útil transcribir enteiro o poema de Rosalía:

10 Esta denominación alude ao famoso dito de Hölderlin, en *Brot un Wein*: "Wozu Dichter in dürftiger Zeit" ("para que poetas en tempo menesteroso"), comentado por Heidegger en *Holzwege*. Celestino Fernández de la Vega fai un excelente comentario do noso poema no seu traballo sobre "Campanas de Bastabales". A el debémoslle todos moito, pero estreita algo a interpretación, ao identificar a saudade coa *Angst* heideggeriana: "Saudade é igual a angustia" (1952: 90).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 217-239
ISSN: 1576-8767

Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.

I

Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades,
e das entrañas me doio.

Dóiome de dor ferida,
que antes tiña vida enteira
i hoxe teño media vida.

Sólo media me deixaron
os que de aló me trouxeron,
os que de aló me roubaron.

Non me roubaron, traidores,
¡ai!, uns amores toliños,
¡ai!, uns toliños amores.

Que os amores xa fuxiron,
as soidades viñeron...
De pena me consumiron.

II

Aló pola mañanciña
subo enriba dos outeiros
lixeiriña, lixeiriña.

Como unha craba lixeira,
para oír das campaniñas
a badalada pirmeira.

A pirmeira da alborada,
que me traen os airiños
por me ver máis consolada.

Por me ver menos chorosa,
nas súas alas ma traen
rebuldeira e queixumbrosa.

Queixumbrosa e retembrando
por antre a verde espesura,
por antre o verde arborado.

E pola verde pradeira,
por riba da veiga llana,
rebuldeira e rebuldeira.

III

Paseniño, paseniño,
vou pola tarde calada
de Bastabales camiño.

Camiño do meu contento;
i en tanto o sol non se esconde,
nunha pedriña me sento.

E sentada estóu mirando
cómo a lúa vai saindo,
cómo o sol se vai deitando.

Cál se deita, cál se esconde
mentres tanto corre a lúa
sin saberse para dónde.

Para dónde vai tan soia,
sin que aos tristes que a miramos
nin nos fale, nin nos oia.

Que si oíra e nos falara,
moitas cousas lle dixera,
moitas cousas lle contara.

IV

Cada estrela, o seu diamante;
cada nube, branca pruma;
triste a lúa marcha diante.

Diante marcha crarexando
veigas, prados, montes, ríos,
donde o día vai faltando.

Falta o día, e noite escura
baixa, baixa, pouco a pouco,
por montañas de verdura.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 217-239
ISSN: 1576-8767

De verdura e de follaxe,
salpicada de fontiñas
baixo a sombra do ramaxe.

Do ramaxe donde cantan
paxariños piadores
que ca aurora se levantan.

Que ca noite se adormecen
para que canten os grilos
que cas sombras aparecen.

V

Corre o vento, o río pasa.
Corren nubes, nubes corren
camiño da miña casa.

Miña casa, meu abrigo;
vanse todos, eu me quedo
sin compaña nin amigo.

Eu me quedo contemprando
as laradas das casiñas
por quen vivo suspirando.

Ven a noite..., morre o día,
as campanas tocan lonxe
o tocar da Ave María.

Elas tocan pra que rece;
eu non rezo, que os saloucos
afogándome parece
que por min tén que rezar.

Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Arendt, Hannah (1993): *La condición humana.* Barcelona: Paidós.

Bagedelli, Pablo (2011): "Entre el ser y la vida: el concepto de natalidad en Hannah Arendt y la posibilidad de una ontología política", *Revista SAAP* 5/1, 37-58. Dispoñible en https://polisfmires.blogspot.com.es/2012/10/pablo-bagedelli-hanna-arendt-entre-el.html.

Bárcena, Fernando (2006): *Hannah Arendt: una filosofía de la natalidad*. Barcelona: Herder.

Brown, Peter (1969): *Biografía de Agustín de Hipona*. Madrid: Revista de Occidente.

Cabanillas, Ramón (1959): "Do abrente ó serán", en *Obra completa* [*Samos*]. Buenos Aires: Galicia.

———— (2000 [1920]): *A saudade nos poetas gallegos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Dodds, Eric Robertson (1975): *Paganos y cristianos en una época de angustia. Algunos aspectos de la experiencia religiosa desde Marco Aurelio a Constantino.* Madrid: Cristiandad.

Emeis, Dieter (2006): "Sehnsucht", en Walter Kasper [*et al.*], *Lexikon für Theologie und Kirche.* Freiburg, Basel, Wien: Herder, t. 9, 402-403.

Fernández de la Vega, Celestino (1952): "Campanas de Bastabales", en *7 ensayos sobre Rosalía*. Vigo: Galaxia, 71-93.

Filgueira Valverde, Xosé (1975): *Camoens. Conmemoración del centenario de "Os Lusíadas"*. Madrid: Editora Nacional, 99-122.

García Soto, Luís (2012): *O labirinto da saudade.* Santiago de Compostela: Laiovento.

Manso, Artur (2018): "Do Sentimento Anti-Saudade e Anti-Saudosimo", en Teixeira/Natário/Epifânio 2018: 89-99.

Neves, Joaquim Carreira das (2015): *Saudades de Deus.* Lisboa: Presença.

Piñeiro, Ramón (1951): "Siñificado metafísico da Saudade: notas pra unha filosofía galaico-portuguesa", en *Presencia de Galicia*. [Vigo]: Galaxia, 5-25. Reed. en *Filosofía da saudade*. Vigo: Galaxia, 1984, 19-44.

Ricoeur, Paul (1967): *Philosophie de la volonté. Tome I: Le volontaire et l'involontaire.* París: Aubier.

Schökel, Luis Alonso e Cecilia Camiti (2009): *Salmos II*. Estella: Verbo Divino.

Teixeira, António Braz (1993): *Deus, o Mal e a Saudade: estudos sobre o pensamento português e luso-brasileiro contemporâneo*. Lisboa: Fundação Lusíada.

Teixeira, António Braz, Maria Celeste Natário e Renato Epifânio (coords.) (2018): *Sobre a Saudade: V Colóquio Luso-Galaico*. Sintra: Zéfiro.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 217-239
ISSN: 1576-8767

Torres Queiruga, Andrés (1982): "O tema da saudade en Rafael Dieste", *Grial* 78, 411-420. Tamén en *Para unha filosofía da saudade.* Trasalba: Fund. Otero Pedrayo, 2003, 123-135.
Wilckens, Ulrich (1989): *La carta a los Romanos I.* Salamanca: Sígueme.
———— (1992): *La carta a los Romanos II.* Salamanca: Sígueme.

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 241-305
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.734

TRANSCRICIÓN DAS CARTAS E COMPOSICIOIS AUTÓGRAFAS DE ANTONIO FERNÁNDEZ MORALES A MARIANO CUBÍ: UN LEGADO BERCIANO INAUGURAL DO REXURDIMENTO

TRANSITION OF THE CORRESPONDENCE AND AUTOBIOGRAPHICAL COMPOSITIONS OF ANTONIO FERNÁNDEZ MORALES TO MARIANO CUBÍ: AN INAUGURAL BIERZO LEGACY OF THE GALICIAN *REXURDIMENTO*

Héctor M. Silveiro Fernández
Real Academia Galega

Resumo: Esta transcrición, acompañada dun breve comentario, forma parte do proceso de recuperación e difusión dunha correspondencia dos anos 1847e 1848 do autor Antonio Fernández Morales —iniciado con motivo do seu bicentenario— que pretende destacar o valor dos seus contidos para a literatura galega contemporánea, especialmente para os estudos sobre o Rexurdimento. Efectivamente estas cartas, dirixidas ao filólogo catalán Mariano Cubí e Soler, adquiren unha forte compoñente literaria e permítennos de xeito sorprendente observar en detalle o proceso de creación dos *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), e a singular participación do Bierzo nun movemento literario que non se prodiga en textos deste tipo nos seus primeiros momentos. Estas cartas, as composicioís poéticas e anotaciois que inclúen conforman, pois, un legado inaugural de importancia excepcional para un estudo integral de dito movemento, tendo en conta que ata o 2017 permanecía inédito e era descoñecido. A transcrición que se presenta, xunto ao breve limiar que se axunta, son o paso previo para unha investigación de maior envergadura que contribúa a unha plena e xusta incorporación do galego do Bierzo á Historia da lingua e da literatura galegas.

Abstract: This transcription accompanied by a brief commentary form part of the process of the recovery and circulation of a correspondence between 1847-1848 by the author Antonio Fernández Morales. It was undertaken to celebrate his bicentenary and seeks to highlight the value of its contents for contemporary Galician literature, especially for studies on the Rexurdimento. Indeed,

these letters, written to the Catalan philologist Mariano Cubí e Soler, display a strong literary bent and allow us in a surprising way to observe in detaile the creative process behind the *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861), and the distinctive role played by the Bierzo in a literary movement with scarce texts of this kind during its early phases. These letters, poetic compositions and annotations included in them represent an exceptionally important inaugural legacy for a complete study of that movement, if we take into account that it was unpublished and unknown until 2017. The transcription presented, together with the brief introduction that is included, are a first step towards greater research that will contribute to a full and fair inclusion of Bierzo Galician in the history of Galician language and literature.

Palabras chave: Antonio Fernández Morales, Mariano Cubí, cartas, lingua, Bierzo, berciano, dialecto, Rexurdimento.

Key words: Antonio Fernández Morales, Mariano Cubí, letters, language, Bierzo, bercian, dialect, Rexurdimento.

No limiar deste comentario previo á transcrición das cartas autógrafas[1] quixeramos situar o lector na importancia das mesmas para a Lingua e a literatura galegas contemporáneas por teren estes documentos escritos un carácter inaugural ou primordial, non só en canto a que se encadran entre os primeiros documentos coñecidos (datan do ano 1847) dese proceso de recuperación da escrita en idioma galego, senón que presentan ademais a singularidade de estar escritos no galego do Bierzo, forma dialectal que non se prodiga en textos literarios. A pesar de ser cartas, teñen a maiores unha innegable compoñente literaria: inclúen os primeiros poemas de Antonio Fernández Morales como autor, os primeiros pasos no proceso de creación dunha ambiciosa

1 O presente traballo é un adianto da futura edición de toda a documentación que compón o legado de José María Luengo, depositado no Museo do Bierzo. Ademais das transcricións da correspondencia aquí presentes, incorporaremos as imaxes dos manuscritos e aqueles outros documentos que, por razóns de espazo, quedaron fóra deste artigo.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

obra, os *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, de máis de 8.000 versos na nosa lingua, que finalmente foi editada dous anos antes dos *Cantares* de Rosalía.

Non está de máis sinalar neste limiar, xa que estamos a falar do século XIX e dese período literario que tradicionalmente a crítica denomina Rexurdimento, que se é certo, como ben apuntan varios autores (Méndez 2002, Angueira 2017) que podemos considerar este movemento un *continuum*, adóitase, non obstante, incidir nun momento fundacional do mesmo que cada vez con maior forza se coloca precisamente na obra do ilustrado Martín Sarmiento. Pois ben, o feito de que Morales estea tamén vinculado ao Bierzo, fainos pensar se é casual ou non que os seus textos presenten unha clara intención imitadora do erudito bieito galego-berciano. Era coñecedor do vencello deste sabio coa súa terra nai ou ese afán imitador responde simplemente a outra motivación? Enténdase que esta e outras cuestiois non pretendemos máis que deixalas enunciadas aquí á luz desta nosa primeira lectura. Estas breves liñas non poden abordar coa suficiente fondura (esa que lexitimamente se debe reclamar de necesarios e posteriores estudos máis pormenorizados) diferentes aspectos de interese que así o requiren.

Isto lévanos a advertir que sobre o autor destas cartas e poemas en galego berciano é precisa unha investigación máis rigorosa tanto dalgunhas etapas da súa biografía escasamente estudadas (especialmente a da súa estancia en Galicia e os seus contactos coa intelectualidade galega de Tui e A Coruña, entre outros lugares nos que residiu), como da súa creación literaria en castelán[2].

Pensamos que era necesario, de todos os xeitos, acompañar a presente transcrición dunha contextualización complementaria acerca desta correspondencia, para facilitarlle ao lector o achegamento á mesma. Era tamén ineludible, dado que trata dun legado documental descoñecido ata o ano 2017 (ano no que o rescatamos do esquecemento e que coincide co do bicentenario do autor) indicarlle aos lectores as circunstancias que permitiron a súa localización e a súa posterior divulgación.

Tampouco está todo dito sobre o destinatario desta correspondencia, o frenólogo e filólogo catalán Mariano Cubí e Soler, do que aínda resta indagar cuestiois relevantes relativas aos seus traballos filolóxicos e, en especial, da súa relación co noso autor Antonio Fernández Morales, que sabemos foi basicamente epistolar, aínda que non tan puntual como podería parecer nun principio, como estas cartas demostran. Esta relación prolongouse e enriqueceuse co tempo; poida que

2 Falamos tanto das obras dramáticas que, grazas a estes novos documentos, sabemos compuxo en 1847-48 e que permanecen ben no limbo dos textos desaparecidos ben simplemente pendentes de localizar, como dos poemas e críticas teatrais que publicou na revista *El Esla* de León entre 1860 e 1861, aínda pendentes de estudo.

chegaran mesmo a ter contacto persoal con posterioridade, se cadra, en Barcelona, como máis adiante apuntaremos.

Outro asunto de interese é desvelar as relaciois que Cubí mantivo en Galicia cos que el mesmo denomina en 1860 "distinguidos galleguistas libreros". Sen lugar a dúbidas esta correspondencia, que arrinca xa en 1847, invita a pescudar e dá pé a iniciar un afondamento nas posibles conexiois do fenómeno da *Renaixença* catalá e o Rexurdimento galego, mesmo valorar o papel de Cubí e de Morales neste proceso.

A PERIPECIA DAS CARTAS DE MORALES NAS MAOS DE DOUS ASTORGANOS

Vaiamos logo por partes e falemos da descuberta destas cartas[3] e do percorrido da documentación dende que foron escritas, as primeiras en Vilafranca do Bierzo en 1847, ata o día de hoxe. Estes documentos na actualidade están custodiados no Museo do Bierzo[4].

O fondo pertenceu á J. M.ª Luengo Martínez (1896-1991)[5], que era astorgano de nacemento como Antonio Fernández Morales, e promotor na Coruña, onde residiu unha gran parte da súa vida, do Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de Santo Antón. As coincidencias co autor dos *Ensayos poéticos* son aínda maiores, porque J. M.ª Luengo mantivo en vida unha relación mui especial co Bierzo, mesmo con Vilafranca, que perdura tras da súa morte como certifican estes documentos.

Fagamos unha primeira relación sinxela da documentación á que nos estamos referindo: o conxunto está conformado por trece documentos. A maior parte, un número de dez, están dirixidos a Mariano Cubí e foron escritos entre 1847 e 1848. Destes dez, catro son cartas autógrafas de Morales a Cubí, tres poemas e outros dous textos en dialecto berciano con anotaciois feitas tamén por Morales, aos que

3 Editamos en setembro do ano 2017 nunha revista comarcal (Silveiro 2017a) un artigo de urxencia sobre a aparición esta mesma correspondencia.

4 Temos que agradecer a este Museo a dilixencia, boa disposición e a contribución efectiva da difusión deste legado coincidindo co bicentenario de Fernández Morales no 2017. Este agradecemento quixerámolo concretar tanto na persoa de Francisco Javier García Bueso, actual director de dita entidade berciana, como do seu predecesor no cargo, Jesús Álvarez Caurel, que exerceu do seu anterior director. Ambos os dous foron imprescindibles para o presente traballo. A este último debémoslle ternos revelado a existencia desta correspondencia e, ao primeiro, poder acceder á mesma para iniciar o seu estudo, ademais de levar a cabo a súa dixitalización e permitir así que foran editadas agora no presente *Boletín*.

5 J. M.ª Luengo Martínez comezou a súa actividade na Comisión de Monumentos Historico-Artísticos de León para exercer dende 1939 na Coruña onde destaca o seu labor como arqueólogo, o que non lle impediu manter un vínculo mui especial coa súa vila natal, Astorga, ademais de interesarse e promover actuaciois de recoñecemento e recuperación patrimonial en distintos lugares do Bierzo entre os que destaca Vilafranca.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

hai que sumar unha carta dirixida a Cubí pero escrita por un cepedano, un tal J. B.ta Dantín, coñecido de Morales, que inclúe un texto escrito en orbigués[6]. Os tres documentos restantes, datados en 1860, son unhas tentativas manuscritas de Mariano Cubí, unha copia tamén manuscrita por el da *Introdución aos Poemas bercianos de Morales* e un folleto de subscrición previa á publicación do libro dos *Ensayos poéticos*[7]. Estes tres últimos textos acordamos deixalos fóra da presente transcrición, ben por tratarse de escritos de acceso doado ou ben porque achegan pouco ao noso entender, ademais de por unha máis que evidente razón de espazo[8].

Feita esta relación, preguntémonos, como chegaron de volta ao Bierzo estas cartas dirixidas a Cubí tras pasar no seu poder, con toda lóxica, un tempo en Barcelona? Sen afán de aventurar nada con absoluta certeza, inicialmente pensamos que non saíran de Galicia; que un depositario, alguén próximo a Cubí ou que tivera contacto con el na Coruña durante a súa estancia na cidade, gardara estes documentos. Pero soubemos doutra documentación redactada por Cubí case nas mesmas datas, entre 1846 e 1847. É un diario que levaba con toda seguridade en Galicia bastante tempo[9]. Tras consultar este orixinal e atendendo á copia da introdución enviada por Cubí a Morales en 1860 deducimos que ben puideron formar parte dun grupo de cartas que conservou con sumo coidado o propio Cubí (lembremos a súa intención de que certos textos escritos por Morales formaran parte do estudo titulado *Dialectos de la Península*) e que levaría consigo a Barcelona. Tamén puidemos descartar a posibilidade de que estas cartas e poemas escritos

6 Trátase dun dos colaboradores de Cubí para o traballo do filólogo catalán que se titula *Dialectos de la Península*. O texto que redacta é a *Parábola do fillo pródigo en orbigués*, que decidimos deixar fóra da presente transcrición. As iniciais coas que asina a súa carta responden posiblemente a Juan Bautista Dantín, posiblemente orixinario da comarca da Cepeda, e escribe a Cubí desde León un 10 de xullo de 1848. Se ben esta correspondencia é singularmente transcendental para a literatura galega non deixa de conter, como veremos, algunha carta que entra a formar parte deses documentos significativos para os estudos sobre lingua e a literatura escrita en leonés.

7 As tentativas son apuntamentos de difícil lectura por momentos, cheos de tachadiñas, anotaciois á marxe e moi desordenados, ademais de ser na súa maioría anacos inconclusos e incompletos dos textos que case literalmente sairían logo editados formando parte da introdución dos *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861). Outramente, o caso do folleto de subscrición anunciando a próxima edición desta obra tamén é un texto de escaso valor documental que non precisa transcrición, basta cunha reprodución fotográfica axeitada.

8 A *Introdución* editada en 1861 pódese consultar na edición facsimilar dos *Ensayos poéticos en dialecto berciano* editada no ano 2003 polo Instituto de Estudios Bercianos que non difire da copia manuscrita á que facemos referencia.

9 Referímonos as notas de Mariano Cubí, manuscrito autógrafo que pertenceu a D. Andrés Martínez Salazar e que se conserva no Arquivo da Real Academia Galega (1846-1847), sobre as que editou un estudo R. Carballo Calero (1969).

entre o mes de setembro de 1847 e o mes de xuño de 1848, viaxaran de volta ao Bierzo na mao do propio Morales[10].

Na cabeceira da copia da *Introdución ao Poemas bercianos* (un texto de máis de 50 páxinas) e no remate da mesma hai dous pequenos parágrafos, unhas poucas liñas produto do escrupuloso proceder de Cubí que son moi clarificadoras:

Una introducción

Sobre lenguas, dialectos, subdialectos i jergas en jeneral, i el vulgar berciano en particular que para las Poesías bercianas de D. Antonio F. i Morales comencé a escribir el 20 mayo i concluí el 15 de julio de 1860.

El dia después 16 de julio remití el M. S. a dicho Sr. Morales en Cacabelos. Pca de León. Copiólo i el 7 de Agto recibí la copia con la devolucion del orijinal M.S. mio contenido en este legajo. El 11 cuatro dias despues correjida esa copia se la volví a remitir para darle la aplicación convenida que es ponerla al frente de un libro de Poesías Bercianas que ha compuesto i va a publicar B. 20/5/73. –Publicóse en efecto en Leon a principios de 1861.


Una Introduccion
Subdialectos
Sobre lenguas, dialectos, i jergas en jeneral,
i el vulgar berciano en particular — que
para las Poesías Bercianas de D. Antonio
F. i Morales, comencé a escribir el 20 Mayo i
concluí el 15 Julio de 1860.
El dia despues 16 de Julio remití el
M.S. a dicho Sr. Morales en Cacabelos - Pca de Leon.
Copiólo i el 7 de Agto recibí la copia con la
devolucion del orijinal M.S. mio contenido
en este Legajo. El 11 cuatro dias despues correjida
esa copia se la volví a remitir para darle
la aplicacion convenida, que es ponerla al
frente de un libro de Poesias Bercianas que ha compuesto i
va a publicar
B. 20/5/73. Publicóse en efecto en Leon a principios de 1861.

10 J. A. Balboa indica, na última ampliación á biografía do noso autor (2017), que Morales, militar de oficio, puido coñecer en persoa a Cubí cando pasou por Barcelona, ben na viaxe de volta de Italia tras unha operación para defender o Papa Pío IX dunha insurrección en 1848, ou ben anos despois, en 1854 nunha estancia de catro meses na Cidade Condal, con ocasión dunha licenza temporal.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680



Descoñecemos os detalles concretos de como se fixo o astorgano José María Luengo Martínez con estes manuscritos de cartas e poemas en galego de Morales e da copia da *Introdución* de Cubí aos *Ensayos* do poeta. Pero lembremos que ambos os dous son nacidos en Astorga. Efectivamente debían estar xuntas, arquivadas con toda probabilidade nunha carpeta que gardaba o filólogo catalán e que contiña "Composiciones i cartas de D. Antonio F. i Morales- Dialecto verciano o del Vierzo" como o propio Cubí detalla na aclaración que atopamos no reverso dun dos pregos datados en 1860. Tamén é probable que outro astorgano, como Andrés Martínez Salazar (1846-1923)[11], director do Arquivo Histórico de Galicia na Coruña dende 1872 a 1911, estudoso do Rexurdimento e interesado en temas filolóxicos, tivese noticia e acceso ao legado de Cubí (cousa de feito contrastada: lembremos o diario do catalán antes citado) que custodiaba no momento do seu falecemento en 1876 un galego afincado en Barcelona, un tal Manuel Torrente[12]. Logo de Cataluña puideron chegar a Galicia tanto a carpeta antedita, coas cartas e poemas de Morales, como o diario da viaxe de Cubí de 1846-47. Este diario pasou da biblioteca familiar de Martínez Salazar ao Arquivo da Real Academia Galega, pero a correspondencia



11 Académico fundador da Real Academia Galega, considerado un catalizador da actividade editorial do Rexurdimento e un dos máis importantes propulsores decimonónicos da cultura e literatura en galego.

12 Segundo a biografía de Cubí redactada por D. Miguel Arañó (1876) á morte do filólogo catalán, un íntimo amigo de Cubí, D. Manuel Torrente Flores quedou como dono das pertenzas e escritos do filólogo catalán, así como da selecta librería que o defunto posuía. Os títulos destas obras son: *Manual de Filosofía*, *Tratado de Psicología Estética, Ideología Lógica y Ética*, *Elementos de Frenología*, *Frenología Social*, *Cuatro capítulos sobre las lenguas primitivas de España*, *Origen del habla y de las* lenguas, *Historia de la Lengua española* e *Dialectos de la Península*. Deixoulle tamén manuscritos sobre *Origen del habla y las lenguas*, *Lenguas primitivas de España* e *Dialectos de la Península* coa esperanza de que se publicaran. Non sabemos que foi deles agás do que se inicia precisamente en Oviedo en 1847. Esta noticia que dá Miguel Arañó na biografía de Cubí consultámola grazas á dilixente posta na rede do grupo de Filosofía de Oviedo do filósofo Gustavo Bueno. Segundo di Carnicer no seu estudo sobre Cubí, Arañó confiaba que D. Manuel editase os papeis do defunto, pero non foi así: "Papeles y libros fueron pasando a los herederos de Torrente, y entre ellos se fragmentó su biblioteca. Tal vez los papeles han de darse por perdidos; al menos mis inútiles diligencias conducen a esta conclusión" (Carnicer 1969: 465).

de Morales sufriu unha peripecia diferente. Das maos do astorgano, que foi o segundo Presidente da Academia Galega (1923), nalgún momento, entregada por el mesmo ou ben, máis tarde, polo seu fillo ou un dos seus descendentes, puideron pasar ás maos do Director do Museo Arqueolóxico Provincial da Coruña, José María Luengo Martínez, astorgano, como xa dixemos, e tamén de gustos e intereses afíns. Finalmente, tras a morte deste último, o 9 de marzo de 1991, a súa familia decidiu doala, con moi bo criterio, ao Museo do Bierzo (inaugurado en 1997).

Non sabemos por que os dous astorganos e galeguistas non editaron algo sobre Cubí ou sobre Morales, nin deron difusión a esta importante colección documental. Poida que lamentablemente a causa das súas múltiples ocupaciois, os seus numerosos estudos e publicaciois non contasen co tempo suficiente para realizar esta empresa.

O DESTINATARIO DAS CARTAS E DOS VERSOS: MARIANO CUBÍ

Mariano Cubí e Soler (1801-1875) é efectivamente o destinatario deste conxunto de cartas e poemas. Trátase dun persoeiro realmente senlleiro que esperta expectación por onde pasa e cuxa personalidade exerce unha atracción singular, ao que se debe engadir a súa secreta militancia na masonería. A causa ideolóxica será o elemento que, sen dúbida, provoque inicialmente a relación epistolar con Morales, malia que axiña derive cara ao terreo da filoloxía.

Mariano Cubí cun espírito emprendedor viaxa a Cuba en 1831, alí funda a primeira escola de secundaria da illa. Pasa logo a Nova Orleans onde comeza a interesarse pola Frenoloxía. En 1837 foi nomeado catedrático de idiomas modernos na Universidade de Luisiana, cargo que deixou en 1842 para volver a Barcelona, coa intención de difundir a Frenoloxía e preparar un manual sobre esta ciencia. De volta en Cataluña, tras editar o manual, en 1845 comeza un periplo por toda España dando conferencias coa intención de difundir os seus estudos, que obtiveron un notable éxito e expectación. Pero nestas viaxes pola Península terá en mente outro vello propósito, como el mesmo apunta no seu diario en febreiro de 1847, cando se atopa en Oviedo:

> Nazí i hasta los 8 años viví en Malgrat, población de la costa de Cataluña... desde la más tierna infanzia me he sentido inclinado con invencible preferenzia a dos clases de estudios: Las Lenguas y la Filosofia Mental. No habia cumplido aun zinco años cuando me preguntaba porqué no hai dos muchachos que hablemos de la misma manera... hasta que un día no había cumplido aun los seis me llamo fuertemente la atenzión el oir dezir a una aldeana "cotra" (cuatro), en vez de "cuatra" que yo suponía el único modo correcto de pronunciar esta voz... Desde entonces ya no sosegué un instante... me confundía no poderlo

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> esplicar... Cuando en 1810 a causa de la guerra de la independencia se trasladó mi padre con la familia a Mahon, isla de Menorca, me hizo tan fuerte i profunda impresión el modo de hablar de aquellos isleños que acuerdo haber estado en una especie de arrobamiento mental durante dos o tres días. Yo mismo no sabía lo que tenía… No es estraño que con este frenético *ardor* colocase entonces mi suprema dicha en aprender esa lengua que en menos de 90 días formase tal parte de mi… un día era el 12 Abril de 1812, tenía yo entonces 11 años... buscaba una obra en que pudiese ver i comparar las varias lenguas que se hablan en España... dije si no se ha publicado componerla yo cuando sea grande... estas condiciones se han cumplido i cumplo ahora, despues de 34 años de estudios las promesas que hize a mi patria i a mi mismo.[13]

Cubí era un home tremendamente interesado na lingua popular, un afán lingüístico que pretende abordar á vez que propaga os seus coñecementos sobre a Frenoloxía pola Península adiante. Para este traballo precisou de colaboradores, dos que pouco coñecemos polo de agora, pero que deberon ser persoas asentadas en distintos lugares e sensibles á diversidade lingüística peninsular, unha faceta que, por outro lado, viña sendo obxecto de interese común na época para toda unha serie de persoas estudadas e ligadas á cultura popular por diversos motivos. En Oviedo sabemos que procurou a axuda da señora Bárbara Valdés, quen lle compuxo versos en bable[14]. Días despois copia os "Fueros de Avilés" do século XII; pasado o tempo, na *Introducción* á obra de Morales, dirá: "guardo esta copia como uno de mis más preciosos documentos lingüísticos". Ese interese lingüístico acompaña permanentemente a Cubí de Asturias a León, ao Bierzo, logo a Galicia. De volta en Barcelona, na revista de carácter científico e lingüístico que el mesmo dirixe dirá:

13 Transcribimos aquí tan só pequenos fragmentos deste relato de como naceu o seu afán lingüístico, tirados de varias páxinas (da 27 á 34) do Diario de Cubí redactado entre 1846-1847 que puidemos consultar grazas ao dilixente e calado labor dos traballadores/as do Arquivo da Academia Galega.

14 Era o 6 de xaneiro de 1847. Debemos lamentar a inexistencia dunha listaxe detallada de colaboradores en materia filolóxica. Como di nun traballo sobre a súa estancia en Asturias que realizou J. M. Feito: "Aunque nuestro frenólogo es tan escrupuloso en fechas y lugares que anota con todo detalle sin embargo en lo tocante a nombres suele ser bastante reservado, casi siempre por mantener a los informadores en el anonimato y evitar así problemas".

> No dudo que mis lectores comenzarán a convenir conmigo que hai composiciones en bable dignas de aprecio i de que se jeneralize su lectura. Cuando haya comunicado al público un número de escritos en los diferentes dialectos i jergas que se hablan en la Península, suficiente para dar una idea práctica de ellos i de la literatura que en ellos ecsiste, entonces procuraré esponer las teorías, en mi concepto verdaderas, que nos esplican clara i satisfactoriamente la formacion de los dialectos i subdialectos; entonces comenzaré a esplicar el porqué no solo se hablan en España, el bable, el euscara, el orbigues, el gallego, el verciano, el pasiego, el catalan, el valenciano, el mallorquin, etc., etc. sino mil diferentes modos de hablar esos mismos dialectos, que por amor de orden i claridad llamo subdialectos (*La Antorcha* 4, 30/IX/1848)[15].

Oviedo puido ser o punto de partida daquel traballo de Cubí *Dialectos de la Península,* que lamentablemente non se chegou a editar, talvez aínda permaneza incompleto en algures, mais hoxe está en paradoiro descoñecido.

Pois ben, neste preciso momento da viaxe de Asturias a Galicia, tras pasar por León e polo Bierzo[16], comeza a relación epistolar con Morales que aquí tratamos. Insistimos en que debemos pensar que os contactos que Cubí utilizou nestas viaxes frenolóxicas e filolóxicas tiñan algún vínculo, máis ou menos directo, coa ideoloxía que profesaba. Sabemos que era masón, polo que serían os seus correlixionarios os que, en ambientes liberais e progresistas, promovían este tipo de charlas. De aí o importante número de actos que, organizados seguramente polos seus entusiastas seguidores, Cubí realizou entre o 1846 e o 1847, espertando, á vez, a irritación dos seus contrarios[17].

A correspondencia que estamos analizando comeza precisamente cando Cubí acababa de ser detido na Coruña, no mes de maio de 1847, e estaba elaborando a refutación ao famoso proceso interposto contra el polo Tribunal Eclesiástico de Santiago de Compostela como consecuencia das súas charlas de Frenoloxía, proceso do que foi liberado sen cargos en abril de 1848, despois de once meses de prisión nesa cidade.

15 *La Antorcha* é unha revista editada entre 1848-1850 en Barcelona que puxo el mesmo en marcha.

16 O 18 de febreiro do 1847 visita O Bierzo. Desprázase o 4 de marzo de 1847 a Santiago de Compostela e A Coruña. O 9 de marzo de 1847 regresa de novo a León. Do 6 de abril a 12 de maio de 1847 permanece en Santiago segundo comenta J. M. Feito. Existe unha listaxe detallada de charlas dadas pola Península adiante redactada por Cubí na páxina 252 da súa *Polémica religioso-frenolójica-magnética*.

17 As charlas de Cubí provocaban verdadeiros ríos de tinta na prensa da época. O propio Cubí deixou dito que "algunos periódicos me han llamado iluso, loco, prestijitador, papadinero, farsante, tonto, fátuo, imbécil y toda clase de apodos i dicterios calumniosos, groseros, indignos e ignobles" (1848: 123-124).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

O AUTOR DAS CARTAS E DAS COMPOSICIOIS: ANTONIO FERNÁNDEZ MORALES

Antonio Fernández Morales, como as súas cartas nos revelan (dato que foi toda unha primicia no seu bicentenario) non coñeceu en persoa, aquel ano de 1847, a Mariano Cubí, destinatario das mesmas. Non sabemos con certeza se ese encontro chegou a producirse máis tarde. Non obstante, durante aquel ano e os seguintes tiveron un contacto epistolar fluído e determinante, como confesará no "Prólogo del autor" da edición dos seus *Ensayos poéticos*, anos máis tarde. Esa referencia certamente ambigua permitiulle ao vilafranquino Ramón Carnicer narrar, nun capítulo do seu avultado ensaio *Entre la ciencia y la magia. Mariano Cubí* (1969)[18], o encontro de Morales con Cubí na Vilafranca dese ano de 1847. Este capítulo é unha ficción literaria, como evidencian as seguintes palabras de Morales na terceira das cartas autógrafas escrita en Vilafranca con data de 9 de outubro de 1847:

> ¿Cuando mil diablos termina esa causa o farsa? No deje V. de avisarme cuanto sobre esto ocurra; así como su viaje, adonde, y por donde. Ya casi estoy deseperanzado, segun lo que me dice, de poderle ver por este pais. ¡Como ha de ser! ¿Quien sabe si rodando por esos mundos tendremos la satisfacion algun dia de encontrarnos y conocernos personalmente? Todo es posible, pº son muy quiméricas las esperanzas que se cifran en casualidades.

Mais, como se chegou a producir realmente este primeiro contacto entrambos? Cando e a través de que persoas xorden eses primeiros pasos da amizade do noso autor con Cubí?[19] Tería algo que ver neste asunto o seu pai[20], un convencido liberal que rexentaba unha botica na vila, ou Santiago Capdevila, un comerciante catalán afincado daquela en Vilafranca, amigo da familia de Morales? Ábrese todo un campo de traballo aínda por explorar.

18 Este ensaio leva ademais como subtítulo *En torno al siglo XIX español*. Trátase dun estudo moi documentado e detallado acerca da vida e da obra de Mariano Cubí e Soler. No capítulo 12, titulado "Intermedio en Villafranca", Ramón Carnicer anota, cremos que con retranca, unha única fonte de consulta ou nota bibliográfica: "QUINDÓS, Fermín: Memorias (manuscrito inédito en poder del autor)". Como lle tería gustado ao noso vecín, Ramón Carnicer, usar estas cartas para documentar mellor e, se cadra, escribir de xeito ben distinto este capítulo!

19 Xa comentamos que Mariano Cubí era masón. Será esta a vía a explorar para coñecer os motivos da amizade epistolar que se profesan Morales e Cubí? Ambos os dous parecen compartir as mesmas ideas políticas e relixiosas.

20 D. Tomás Fernández Garrido, pai de Morales, era un home cun dilatado historial de persecuciois a causa das súas ideas liberais e progresistas. J. A. Balboa aporta datos moi substanciosos sobre a súa biografía entre os que destacamos a pertenza a *Los Comuneros*, unha asociación de corte político afín á Masonería.

O uso da correspondencia era un costume moi arraigado daquela entre a clase acomodada. Polo que se desprende da primeira das cartas (escrita en Vilafranca o 4 de setembro de 1847) xa con anterioridade houbo máis, pois Morales di responder a dúas de Cubí do 29 e 31 de agosto. Menciona a maiores outra súa anterior, dando a entender que posiblemente foi esa a orixe deste intenso intercambio epistolar. Sen ánimo de elucubrar, as cartas fan referencias constantes aos escritos ou refutaciois que Cubí redacta e edita na Coruña[21] para argumentar na súa defensa no proceso aberto contra el e que, polo que se ve, tiveron un eco importante na sociedade da época. Morales recoñece abertamente nas cartas ler e divulgar o seu contido por toda a vila.

O proceso que sofre Cubí outorga unha intensidade singular que se palpa nas tres primeiras misivas, o silencio repentino de algo menos dun ano que existe entre a terceira e a cuarta carta, datada un 10 de xuño do 1848, seguramente é debido ao remate da causa, a súa absolución e posta en liberdade, en abril de 1848, así como a inmediata viaxe de volta de Mariano Cubí a Barcelona. A carta é resposta a unha do catalán do 16 de maio dese mesmo ano, que non chegaría a Vilafranca ata o 9 de xuño.

Se a situación de procesado animara a Morales a establecer unha comunicación solidaria co frenólogo catalán, seguramente o interese de Cubí pola filoloxía vaise ir abrindo camiño e acaba sendo o verdadeiro motor da súa correspondencia. A proba máis clara é que Morales inclúa poemas e outros textos en galego dende a primeira carta que conservamos e que aparezan cada vez máis amplos comentarios sobre o dialecto berciano ata rematar aceptando o que denomina "o encargo".

A TRANSCENDENCIA DO ENCARGO DE CUBÍ

Unha vez que entendemos en que circunstancias se escribiron estas cartas, pasemos a destacar como se van transformando, nun proceso de confianza e complicidade propias dunha amizade declarada (algo non alleo á relación epistolar establecida), nun vencello e compromiso maiores, ao embarcarse conxuntamente na restauración do que chaman berciano, é dicir, ao ir perfilando, un e outro, unha obra escrita no galego desta comarca coa clara intención de editala. Na lectura destas cartas asistimos ao momento preciso no que Antonio Fernández Morales se pon a escribir na fala do Bierzo. Desde o comezo estas cartas van ser acompañadas de composiciois en verso coas súas correspondentes anotaciois e, finalmente, van

21 No mes de xuño de 1847 redacta unha refutación que foi editada de inmediato na imprenta coruñesa de Domingo Puga como consta na edición completa do Proceso realizada ao ano seguinte, xa en Barcelona, baixo o título *Polémica religioso-frenolójico-magnética,* "redactada y publicada según ofrecimiento que hizo el autor y admitió aquel tribunal…", é dicir, o Tribunal Eclesiástico de Santiago de Compostela.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ser o xermolo do deseño dunha obra inaugural e imprescindible, ao noso parecer, para entender o que hoxe coñecemos como Rexurdimento. Efectivamente estas cartas adquiren unha forte compoñente literaria e permítennos de xeito sorprendente observar en detalle o proceso de creación dos *Ensayos poéticos* de Fernández Morales, a singular participación do Bierzo nun movemento literario que non se prodiga, nos seus primeiros momentos, por conservar un conxunto moi extenso de escritos[22].

Preguntémonos de cantos autores podemos coñecer de primeira mao a hora cero da súa carreira literaria? De cantas grandes obras da literatura universal descoñecemos a súa xestación, os seus primeiros pasos? Son realmente interesantes estas cartas ao ofrecernos, dun xeito tan clarificador e detallado, a xénese, o proceso de xestación, as intencios e vicisitudes primeiras do noso autor á hora de escribir os seus poemas. As cartas tamén constatan con contundencia que os contactos con Mariano Cubí foron esenciais. Intuïámolo polo "Prólogo do autor" no libro editado no 1861, no que afirma que non levaría a cabo a composición "si para ello no hubiera sido vivamente estimulado por mi excelente amigo, el eminente frenólogo y filólogo D. Mariano Cubí y Soler, cuando en años ya remotos tuve la inapreciable satisfación de conocerle"[23]. As cartas veñen ratificar que o que deixou escrito Morales naquel "Prólogo" non era un mero agradecemento protocolario, retórico e sen transcendencia, como tampouco é anecdótico que comece a escribir en galego precisamente naquela data na que se inicia o contacto co frenólogo catalán.

Lembremos que xa na primeira carta Morales inclúe toda unha declaración de intencios a este respecto: *Un poema ao meu bon amigo Cubí*. Este poema é unha mostra de apoio fronte á causa aberta contra o frenólogo catalán, que, como vimos, Morales noutras das cartas cataloga de farsa. Logo ese ton intimista e confidencial propio das cartas, ráchase en parte, ao incluír poemas que máis tarde foron editados. Dalgún xeito existe esa intención ou acordo dunha futura edición entre remitente e destinatario, outorgándolle esa forte intencionalidade pública e literaria da que falamos. A correspondencia en si xa implica a un primeiro lector, pero neste caso Cubí non só le, tamén vai opinar sobre a valía dos versos, participando no proceso creativo dun xeito peculiar.

22 Xoán Manuel Pintos que se considera comunmente como o primeiro dos Precursores deste movemento e escribe en galego, en Pontevedra, tamén por estas datas de mediados do século XIX.

23 O propio Mariano Cubí insiste en varios momentos na súa "Introducción" aos *Ensayos* no seu labor de promotor da obra de Morales di "a repetidas instancias mías", na páxina VII e na XXXIII reitera: "Así tuvieron orijen, según he indicado ya, las Poesías bercianas, que, con gran satisfación mía, i yo creo del público literato también, se dan hoy a luz".

Estas cartas obviamente van deixando entrever, á par doutro tipo de informaciois, varios datos biográficos substanciosos. O seu contido remítenos afortunadamente a un dos momentos máis destacables da vida de Morales, unha das etapas máis cruciais e creativas e, polo tanto, de gran repercusión literaria. Sen lugar a dúbidas hai tres períodos na súa vida transcendentais: a que denominaremos etapa de formación, entre o Cacabelos da infancia-adolescencia e os seus estudos no Seminario da súa cidade natal, Astorga. Unha segunda, marcada polo seu ingreso no exército e as primeiras etapas na milicia, non tanto na Compañía dos Distinguidos de Valladolid (1836-1837), como si os seus primeiros destinos no exército do Norte no rexemento de infantería Borbón XVII en Galicia: Tui, A Coruña... A terceira será a etapa na que se descobre como escritor (dramaturgo e poeta), a que cremos comeza xusto no ano 1847 e que se alongaría ata comezos da década do anos 60, na que escribe críticas teatrais na prensa leonesa e publica en León os *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. A etapa final da súa vida ao estar supeditada aos diversos ascensos na carreira militar e o salto á política, suscita menor interese literario, a pesar de ter editado en 1876 un poemario en castelán, en parte remodelación dos seus poemas en galego.

Dirixamos a continuación a nosa mirada cara aos dous ámbitos, o da lingua berciana ou o galego no Bierzo e a literatura, que ocupan, como era de esperar, unha gran parte do contido da correspondencia manuscrita ata hoxe inédita que aquí estudamos.

O CONTIDO DAS CARTAS

Na primeira das cartas, datada en Vilafranca, o 4 de setembro en 1847, Morales describe cal é a súa situación:

> Pois meu estao de militar me tubo lexios do meu pais dende o ano de trinta é cuatro, en qu'entrein n'un Colexio de cadetes, hasta ó cuarenta é tres, en que p.r opiniois políticas me deixaron de remplazo, en cuya situación sigo[24].

Esta primeira carta resulta moi reveladora e sumamente interesante para entender como nace e evoluciona a súa relación epistolar. Morales toma, no momento de redactala, a decisión de comprometerse con Cubí ou, o que é o mesmo, asistimos á resolución de comezar a escribir en galego e comprobamos, como xa dixemos, que

24 Estivo destinado en Galicia como capitán de infantería entre 1840 e1843, segundo el mesmo deixou escrito. Son momentos transcendentais como xa comentamos para o Provincialismo en Galicia, movemento político de carácter progresista que contaba cunha forte presenza entre os militares compañeiros de Morales.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

resultou fundamental a insistencia do frenólogo e filólogo catalán. Non perdamos de vista a complicada situación de Cubí que estaba en prisión na Coruña, atarefado coa preparación da súa defensa. O proceso contra el provocou unha reacción notable nos ambientes liberais e progresistas non só de Galicia, tamén noutros lugares onde era coñecida a súa reputación. Morales séntese "obrigado" a responderlle con xenerosidade e en berciano, como seguramente lle solicitara o catalán, que a pesar da causa aberta contra el, non esquecía os seus traballos sobre as linguas e os dialectos. O noso autor non só traduce a propia carta ao galego, senón que tamén lle envía un poema moi especial en octavas e quintillas con anotaciois. É o poema que titula: "Ao célebre frenólogo D. Mariano Cubí e Soler, seu bon amigo Antonio Fdez. Morales". Trátase dun poema de carácter manifestamente ideolóxico, deixando ás claras que as coincidencias ideolóxicas teñen moito que ver co motivo inicial do seu contacto. É evidente que este factor fai que Morales non dubide en comprometerse con Cubí.

O poema nace logo como froito desta relación epistolar e é consecuencia directa da lectura entusiasta das refutaciois de Cubí ante a causa aberta e que remite ás persoas interesadas como é o caso do noso autor:

> Iréin por partes. —Non solo recibin ó 2ª exemplar da sua lóxica y elocuente refutación, sinon tamén ó terceiro que leín con detenimento. —En efeuto, os párrafos que Usté me cita, están como deben; sin ser virulentos é indecentes, com'os de su desalao detractor, non carecen d'enerxía nobre; nin eu abracein, n'o probe xuicio que francam.te na miña anterior ll'emetín, (se usa mas pospuesto el pronombre: emitinlle) estes bellos trozos, pois creyo haberme referío aá alguis casos solam.te n'os que me parecía elocuente e puro ó lenguaxe, pero débil; opinión qu'hora non me desdeño en retirar, porqu'hein meditao sobr'elo e veyo qu'e unha d'as mais terribles armas con que frent'á frente Uste o hiere, é á modestia e compostura do lenguaxe evanjélico qu'el debeu usar, con mais motivo qu'un profano, e creyo que meu xuicio fúi escrito n'o acaloramento, enritacion e desagrao que me causóu seu chabacano, ensolente lenguaxe. —Volvo pois a repetirlle meu cordial parabién por seu compreto triunfo, e á confesarlle á admiracion e a envidia que dispiertan na miña alma seus bastos conocimentos e suos talentos privilejiaos.

Nesta primeira misiva Morales navega entre o debido tópico da "humilitas"[25] e a lóxica dificultade que supón escribir en galego:

25 Na correspondencia e, como non, na literatura do XIX eran ben frecuentes, entre as persoas cultas estas palabras de cortesía cargadas de fórmulas máis ou menos retóricas. Na carta do 16 de setembro,

> Cábeme á mais grata satisfaccion en que para ó caso se oubese acordao de mín, anque c'ó sentimento de non enchir quizabes (también, quizá), c'os meus esforzos, suos deseyos, que son os meus.

Deducimos deste xeito que foi Cubí que deu o primeiro paso de contar con Morales como colaborador. Entre eles houbo un incontestable entendemento, unha conexión recíproca, pero a constancia do catalán foi determinante:

> Costoso sobremaneira lle será a Usté dar cima a dificil empresa de que s'ocupa pero así como o que busca atopa, sigun Uste dice acertadam.te, asina con igual acerto debe decirse qu'o que s'empeña en vencer dificultades, as vence.
> —Dende ayer noite estou ocupao en buscar noticias ou escritos d'aquesta sierga y en vano, pois nin unha carta escrita así puden precurarme; p.o non ó creyo necesario para complacer Á Uste, porque criyao dende nino n'este pais, préciome de poseyer seu lenguaxe, n'ostante de costarme ya algún traballo falalo y escribilo.

Na segunda carta tamén remitida dende Vilafranca o 16 de setembro de 1847, di que responde a outra de Cubí recibida o 10 (nótese o breve espazo de tempo entre carta e carta que nos dá unha idea da fluidez coa que se contaba neste tipo de contactos) e Morales desculpa a tardanza en contestar, nesta ocasión por levar fóra, en Ponferrada e nos Barrios, dez días a causa das festas da Encina e do Cristo. Responde primeiramente aos parabéns da súa composición agradecido:

> Nunca pude esperar de mis débiles composiciones un elojio tan honorífico de un literato de un hombre tan profundo en conocimientos. y este juicio que tanto me lisonjea, hubiera producido en mi un entusiasmo y placer tales, que seguram.te no encontraría frases p.a demostrarlos en su exacto valor, si no conociera que una escesiva gratitud de parte de V., le hace ser bastante parcial en veneficio mío; de todas maneras mi reconocim.to vivirá eternamente en el corazón de su acariciado amigo.

Podemos intuír nas seguintes palabras que a carta de Cubí do 10 de setembro se converteu seguramente para Morales nun verdadeiro revulsivo ao recoñecer ao noso autor a valía do ousado intento de escribir en galego.

referíndose á do día 10 de Cubí di: "me apresuro a contestar lleno de cordial gratitud al lisonjero juicio con que en ella halaga mi pobre persona", "Yo le doy a U. mis afectuosas y multiplicadas gracias".

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> No acierto á recordar, mi buen amigo, en que espresion de mi anterior haya podido dar á entender á V., que desearía que mi composicion tubiese cabida en la obra de que se está ocupando, como parece que U. ha entendido á juzgar por lo que respecto á esto me dice, pues ni remotamente alimenté la esperanza, ni tube jamas la loca pretension de vér mis imperfectos trabajos figurar en una obra de un acreditado escritor, ni menos la de aspirar al honor de encontrar mi oscuro nombre al lado del del acreditado autor... repito que ni creo, ni creeré nunca dignos mis escritos de alternar en las pájinas mismas que ocupen los suyos.

Atopamos así as claves para comprender como, tras a rápida resposta de Cubí[26], Morales asume plenamente o compromiso de darlle continuidade ao proxecto de escribir na fala do Bierzo. Como podemos ler no seguinte parágrafo situado a modo de conclusión na cabeceira tras dos consabidos saúdos iniciais e debidos e retóricos agradecementos, Morales confesa ser un autor novo, pero ocupado en varias empresas literarias, en pleno proceso creativo. Fálanos dos seus ensaios dramáticos e dos seus poemas e, como non podía ser doutra forma, atopamos unha clara e resolta decisión:

> —Aquí no hay quien pueda hacer las composiciones que V. necesita, porque ninguno se ha dedicado á la poesía. —Aunque estoy en la reforma de mis ensayos dramáticos bastante ocupado, por haberme rogado mis amigos de Madrid, que tales cuales ellos sean, se los remita, no obstante, por si de alguna cosa le sirven á V. **procuraré en algunos ratos componer algo en Berciano, ó poner en este dialecto algunas composiciones de mis poesías.**

Cubí temía que a súa insistencia botara atrás ao seu interlocutor, pero a resposta de Morales non se fai esperar. O seu compromiso é firme como queda ben claro na terceira das cartas conservadas:

> Siento en el alma, que haya podido ni remotam.te comprender, que sus cartas puedan serme molestas, máxime cuando producen en mi alma un sentim.to tan diverso. —Yo... no me atrevería á decírselo á V. persuadido del cariño que le merezco. —Por fin Cubí, yo que nunca he dicho, que no se decir lo que no siento, le aseguro que sus cartas son p.a mi la mas lisonjera satisfacion y su contenido lo que mas me halaga, lo que acaricia mas mi corazon y orgullo; así pues,

26 Esta carta funciona como un verdadeiro revulsivo xa dixemos, aínda que é unha mágoa non coñecer a resposta de Cubí para saber que hai de entusiasmo e de autoestima no propósito de Morales.

> por castigo exijo del favor de V. que me escriba tan amenudo como compatible le sea con sus ocupaciones.

Sinalemos que o ton desta terceira carta se aprecia de principio a fin. Morales despídese cunha efusivamente contaxiosa: "Adios mi querido amigo reciba un estrecho abrazo de su Morales". Cal é a causa desta efusividade? Dous son os motivos, un emerxe nas primeiras liñas deste escrito, nas que observaremos novamente a transcendencia do "encargo de Cubí". A carta principia así:

> Villaf.ca 9 de octubre 1847
> Mi querido Cubí, supondrá V. ya que me he muerto, tal es el silencio que hace dias guardo. —Pues señor, es preciso manifestar las causas que lo han originado. —En primer lugar, he salido á Cacabelos algunos dias; dirá V. y con razón q.e tambien hay correo en Cacabelos; p.o la segunda ó mas bien la única razon, sale al paso á esta ojecion. –Así pues añadiré que **no he querido molestarlo, hasta que pudiera remitirle su encargo;** este no ha podido hacerse hasta ahora, en atencion a las esigentes ocupaciones que en esta temporada última se han agolpado sobre mi; mas algun tanto desahogado de ellas, me dediqué ultimam.te á componer lo que le incluyo, p.a q.e vea si algo de ello le sirve p.a su objeto; por supuesto, correjido p.r V. segun le parezca, como ya le digo al fin de las notas. —Escuso repetirle, que si alguna duda le ocurre, respecto á la inteligencia de mis malos versos, puede recurrir á su buen amigo, que en lo q.e pueda y sepa, le satisfará.

Morales tan só tardaría 23 días en preparar esta nova carta que acompaña con dúas brillantes composiciois de varios centos de versos, un conxunto de xenerosas notas sobre o léxico empregado nos poemas e un parágrafo, de aparencia máis sinxela pero cargado de intención, que conten o proxecto da obra a realizar esbozado nunhas liñas, dando a entender que está a dar un paso máis e cuxa densidade delata que non se trata dunha arroutada ou simple ocorrencia. Hai que advertir que estes dous longos poemas foron compostos compaxinando os traballos doutra empresa literaria (a dos ensaios dramáticos). Como dixemos nesta terceira carta atopamos o borrador inicial dos seus *Ensayos poéticos en dialecto berciano*:

> Había pensado formar un cuaderno de poesías bercianas, buscando el lado ridículo de todas las costumbres de este pais, en todas las clases, p.a criticarlas,

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> empezando p.r su capital (Villaf.ca)[27] metiéndome con los dos sexos en ambas clases; buscándolos en los paseos, teatro, visitas, vailes, funciones de Yglesias, novenas, *entroidos*, como ellos llaman á los carnabales, filandones &c, p.o he visto q.e era obra muy larga y me he contentado con hablar de los filandones solam.te, aunque pienso, cuando esté algo deshogado. Seguir mi plan. —Ya tenía compuesto el articulo de paseos, de Villaf.ca, p.o me aconsejaron y rogaron que no ridiculizase tanto a mi pueblo mismo, y lo he dejado; p.o repito q.e pienso continuar, mas adelante. —Tanto en esta, como en la otra: (a la Virgen de las Angustias) puede V. con entera libertad quitar, añadir, borrar, enmendar, &c lo que le parezca, seguro de que me hará en ello un especial favor; ó no hacer uso de ellas.

O elemento esencial e o fío condutor do poemario son e serán os costumes ou tradicios. Está convencido da fórmula a seguir, pero esta determinación leva consigo algunha que outra dúbida, polo que reclama a opinión de toda unha autoridade, a do seu bo amigo Cubí. A preocupación por se era ou non adecuado escoller esta temática puido producirse pola esperable inseguridade dun escritor novo ou, máis ben, como vemos no texto anterior da carta, ao ter en conta a reacción que provocou outra composición da que non dá nome, pero si indica algo que a caracteriza: *el articulo de paseos*, que os seus amigos vilafranquinos desaconsellaran[28]. Por iso, Morales determinou finalmente enviarlle ao catalán, un crítico neutral, só dúas composicios: unha de carácter costumista, "O fiandón", e outra dedicada "Á Virxe das Angustias de Cacabelos"[29], de temática relixiosa e cun ton ben diferente. Esa necesidade de contraste con quen lle fixera o encargo, talvez esa certa inseguridade á hora de saber se é apropiado o estilo escollido, queda perfectamente retratada nas seguintes palabras tiradas dunha das anotacios ao poema "O fiandón":

27 Nótese que para Morales a capital do Bierzo é a vila que fora capital da Provincia había pouco máis de 20 anos (no 1822). As reclamacios dunha provincia para o Bierzo estaban en plena vixencia en sectores liberais e da burguesía berciana.

28 Esta composición dos *paseos* ben podería resultar a que en 1861 aparece no libro dos *Ensayos poéticos* co título "Proba de amor" por desenvolverse nunha vila con Colexiata onde a crítica aos señoritos e os *paseos* son elementos destacados da mesma.

29 "O fiandón", de 1847, co título "O fiandon d'aldea" é o seu primeiro poema costumista coñecido e publicado tamén con anterioridade á edición dos *Ensayos* en prensa, na revista leonesa *El Esla* (1860). O segundo dos poemas tamén sofre cambios na versión editada na que se titula "Á Santísima Vírgen d'a Quinta Angustia". Sobre estas composicios, as primeiras coñecidas do autor, e a súa comparación coas posteriormente editadas en 1861, podemos consultar máis detalles no noso anterior traballo titulado "Tradicios, terra e identidade na obra de Morales" (Silveiro 2017b).

> Si no le gusta a V. por cualquiera razon esta composicion, puede V, indicarme, los requisitos q.ᵉ ha de tener, p.ª hacer otra, conforme, en lo q.ᵉ posible me sea, con su deseo. —Me ha parecido bueno el asunto de que trato, porque al mismo tiempo que manifiesta el lenguaje de este pais, se dan á conocer sus costumbres (habla de la gente vulgar, como la de las Aldeas)... —Tanto en esta, como en la otra: (a la Virgen de las Angustias) puede V. con entera libertad quitar, añadir, borrar, enmendar &ᶜ lo que le parezca, seguro de que me hará en ello un especial favor; ó no hacer uso de ellas. Si por cualquiera causa no las conceptua dignas del objeto á q.ᵉ piensa destinarlas; pues tan lejos de manifestarme resentido p.ʳ ello, sería un nuevo favor que tendría que agradecerle, y una prueba mas del afecto que le debo, no permitiendo que un amigo suyo se ponga en ridículo, con la publicacion de una obra malisima.

Na mesma xénese do seu poemario xa se percibe unha tendencia de estilo: a marcada polo contraste. "O fiandón" describe un costume popular cheo de contido narrativo fronte a un poema máis lírico de corte relixioso-paisaxístico dedicado a Cacabelos… A gran capacidade de empatía e comprensión que demostra Morales co sentir, co espírito do pobo, queda palpablemente demostrada nas cartas autógrafas, que nos amosan como ten resolto o encargo de Cubí en cuestión de días desvelando así un trazo da súa personalidade: o da sensibilidade cara ao sentir popular, algo que só é posible que madure co tempo longo e pausado, o propio do asentamento das tradicions nunha sociedade e que comeza inevitablemente nos primeiros anos de vida do autor cando se conforma o carácter das persoas. A mirada que imprime é a óptica dun intelectual sobre un mundo, como o dos costumes populares visto cos ollos dun home, en parte afastado, estraño a ese mundo tradicional ao que se incorpora dando un paso máis a través do que el denomina eufemisticamente esaxeración á hora de pintar os costumes. Así, o autor fainos pisar *o trollo* primeiro no fiandón: Esta esaxeración, salvando o medo ao ridículo, é coherente co obxectivo crítico da súa mirada, convértese así nunha desas claves do estilo de Morales. Anxo Angueira, X. R. Pena e Ferrín apuntan ao rabelasiano e ao grotesco como un dos factores máis destacados destes cadros costumistas, que adoitan presentarse divididos en dúas partes ben visibles e cargados de contrastes.

Por outro lado, a introdución dos costumes a Morales interésalle como fórmula que permite a crítica da sociedade; quere destacar o *ridículo* (é dicir, o satírico ou crítico), e insiste en abarcar a todas as clases e a ambos sexos. O modelo do fiandón, segue o procedemento (dinos o profesor Angueira) do viaxeiro que vido

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

de Madrid "baixa" *bajtiniamente*[30] *entre trollo e lama* cun estilo que o define moi acertadamente, ao noso parecer, como rabelesiano[31]. Será ese o estilo escollido para unha parte importante da súa obra poética. Nos seus poemas describe un rico conxunto de cadros costumistas —magosto, entroido, fiandón, vendima, rogativas, a volta da sega, a caza maior, proba de amor—, onde emerxe por momentos ese humorismo sen complexos, mais aflora tamén o lirismo e unha poesía popular que, máis que ridiculizar, pretende retratar criticamente, non só aos homes e mulleres humildes, senón que tamén ás clases acomodadas das vilas, aos señoritos. Morales revélase como un poeta complexo e precursor así de sensibilidades propias do naturalismo[32]. Nos poemas que logo escribirá ("Romaría en Paradela", "A boda de Petriña", "A vendima" e "Villafranca" ou "Os magostos") existe ese enxalzamento por momentos doce, non agre da terra, das tradicios e das palabras que as sustentan. Morales ineludiblemente, nese retrato das xentes, bota mao dunha paisaxe de fondo sen a cal non é posible describir a realidade, esa amálgama de elementos que transmiten singularidade. A paisaxe que vemos descrita no poema "Á Virxe das Angustias de Cacabelos" aparecerá finalmente en primeiro plano, nas cabeceiras dos poemas, ou en poemas enteiros, natureza e paisaxe, sexa agreste ou amena, domesticada polo traballo do home que actúa e intervén por costume. A lingua e os costumes van logo levar ao noso escritor á Terra, dito doutro xeito á descuberta da identidade berciana plena, esa comarca que el chama, por activa e pasiva nestas cartas, *o meu país*.

Coma se fose a conclusión dunha reflexión madurada paseniño, Morales expresa con claridade a importancia e resalte que na súa obra ten a Terra. O eloxio do Bierzo que ocupa a cabeceira do "Prólogo do autor" (1861) onde se enxalzan a xeografía e orografía da comarca, a fauna, flora e riqueza mineral, intimamente ligadas a elementos da súa historia, responde ao mesmo sentir. Tamén no Prólogo aparece a clasificación máis precisa da lingua que emprega, chama ao berciano

30 Mikhail Bakhtin ou Bajtín é o teórico literario e filósofo ruso do século XX coñecido entroutras pola súa teoría do acto ético e estético partindo da distinción de dous mundos opostos, impenetrables e incomunicados entre si (o mundo da cultura e o mundo da vida). Para poder superar a incompatibilidade entrambos mundos hai que atopar un punto intermedio de responsabilidade especializada (cultura) e responsabilidade moral (vida). Dito doutro xeito, un diálogo non implica necesariamente comunicación directa entre dous interlocutores, senón a incorporación no discurso de palabras e puntos de vista alleos que é o que fai o noso viaxeiro madrileño no fiandón da aldea.

31 F. Rabelais, autor francés do século XVI autor das xestas dos xigantes Pantagruel e Gargantúa, unha peculiar síntese literaria de humorismo burlón, sátira sociopolítica e pedagoxía humanista, de personaxes esaxerados e situacios desmesuradas.

32 No seu recente estudo, X. R. Pena afirma que a obra de Morales sitúase "ás portas do naturalismo […] non evita o feísmo e/ou o tremendismo inherentes á fórmula realista - naturalista", ao falar do autor e da súa pertenza ao Rexurdimento (2014: 105).

subdialecto do galego e manifesta o desexo de "resucitar su antigua literatura y costumbres".

Na cuarta carta, con data de 10 de xuño de 1848, Morales xustifica un certo atraso no encargo feito por Cubí, que achaca á preguiza, a unha falta de inspiración ou apatía, destacando como principal motivo o seu labor creativo nunha obra dramática que intenta sexa editada ou representada en Madrid:

> Soy muy holgazan, ó mas bien estoy sin gusto para nada, mi querido Cubí, y por eso hace ya medio año que debia haber concluido mi empezada obra. Pero no ha sido este el principal motivo; sino el ocupar, ó haber ocupado el tiempo en una obra que tenía empezada, que es el drama titulado: "El Ermitaño de Uruela", del que me parece ya haber hablado á V., pues tengo una cualidad singular, estraña; y es que no puedo, sin hacer una terrible violencia á mi carácter, abandonar unha obra empezada; p.º ésta ya está concluyendo felizmente, y entonces podré dedicarme librem.te á lo demas.
>
> Suyo de corazon, su amante amigo
>
> Ant.º F. Morales

Destas palabras dedúcese que o noso autor ten en mente proseguir co proxecto co que se comprometera anteriormente con Cubí e concluír a súa "empezada obra". Axunto a esta carta enviará, iso si, unha versión en dialecto berciano da "Parábola do fillo pródigo", que nos dá a entender que o filólogo catalán desexaba seguir dando pasos de cara á publicación do seu traballo sobre os *Dialectos de la Península*[33].

Mais o proxecto de Morales e de Cubí foi dilatándose inevitablemente pola falta de continuidade de ambos, motivada polas múltiples complicaciois que ían ir sufrindo ao longo dos anos seguintes. Morales é enviado aos Estados Pontificios en 1848 e na década seguinte vémolo ascendido a Comandante, tras sumarse ao pronunciamento do 1854. Cubí pola súa parte, en Cataluña, vaise centrar unha boa tempada en poñer ao día distintas publicaciois e mesmo dirixir unha revista de carácter científico: *La Antorcha*.

Será cara ao ano 60 cando un novo destino de Morales en León capital lle permita ao autor recuperar o seu labor literario que se dirixe tanto á intervención na prensa con críticas teatrais e mesmo poemas na fala do Bierzo, como a dar o pulo definitivo para o lanzamento dos seus *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. O

33 Morales, ademais de lle enviar a "Parábola do fillo pródigo" en berciano, debeu facilitar o contacto co cepedano Juan Bautista Dantín que lle envía a Cubí esa mesma parábola transcrita ao orbigués un mes máis tarde.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

contacto epistolar con Cubí volve así a activarse ata chegar a data da publicación, en 1861 na mesma imprenta que se editaba a revista periódica *El Esla* na que Fernández Morales colabora. Destes anos son os documentos que se custodian xunto coas cartas manuscritas de Morales. Son, como xa dixemos, unhas *tentativas para a Introdución dos Ensayos poéticos realizadas no mes de maio do 1860* (que posiblemente non lle chegou a enviar) e o texto íntegro da mesma, que Cubí redacta no mes de xullo e remite a Morales para que faga unha copia. Esta copia e o orixinal, segundo deixou dito, chegaron de volta o 7 de agosto e, unha vez corrixida, vólvella remitir un 11 de agosto. Hai un último documento, editado en 1860 pola Imprenta de la Viuda e Hijos de Miñón, que se trata dun folleto para a subscrición á obra que se publicará co título de *Ensayos poéticos en dialecto berciano.* Deste folleto despréndese que o futuro libro se podería mercar na propia Barcelona nas librarías Sauri, Cerdá, Piferrer e Mayol, así como tamén en distintos puntos do Reino (de León). Sabemos que *El Esla* e *El Eco de León*, que editan a mesma imprenta, ían ofrecer esta subscrición en distintos lugares aos que chegaban: ademais das principais librarías da provincia, a libraría e a administración da propia Viúda e Hijos de Miñón en León capital, Astorga, Boñar, La Bañeza, La Vecilla, Mansilla, Murias, Ponferrada, Riaño, Sahagún, Valderas, Valencia de D. Juan, Villamañán e Vilafranca.

O libro tamén chegaría a Galicia. Lembremos que Antonio de la Iglesia se fai eco da saída da imprenta deste libro, logo algúns exemplares chegaron á Galicia do XIX, pero foi acollido de xeito desigual, por non dicir con certa frialdade pola crítica literaria da época.

A DESTREZA DE MORALES NO USO DO GALEGO

> Dende ayer noite estou ocupao en buscar noticias ou escritos d'aquesta sierga y en vano, pois nin unha carta escrita así puden precurarme; p.º non ó creyo necesario para complacer Á Uste, porque **criyao dende nino n'este pais, préciome de poseyer seu lenguaxe, n'ostante de costarme ya algún traballo falalo y escribilo…**

Efectivamente, como o propio autor recoñece nas cartas e, como xa dixemos máis arriba, sorpréndenos a data temperá nas que se escriben estes textos (1847). Pero axiña veremos que este feito do uso valente da lingua que fai Morales non é o único dos aspectos relevantes dos datos que nos descobre esta correspondencia manuscrita. Están tamén a reflexión que sobre fala popular realiza, a intención de determinar a súa filiación e contraste con outros idiomas, a súa distribución do

uso polo territorio da comarca, a pronuncia, a ortografía e, como non, demostrar a riqueza léxica que presenta.

Como estas cartas certifican con rotundidade, Morales podería ser considerado, despois do ilustrado galego-berciano Martín Sarmiento e competindo co pontevedrés Xoán Manuel Pintos, un dos primeiros dos precursores da lingua galega moderna. Se falamos da edición dos textos destes autores, os primeiros escritos editados de Pintos son algo máis tardíos. Sabemos que a primeira edición do *Coloquio en mil duascentas coplas galegas* do Padre Sarmiento, realizada polo propio Pintos é de 1859 e que *A gaita gallega*, deste mesmo autor, foi publicada en 1853, se ben hai datos de que xa estaba escribindo na prensa galega á altura do 1847, ao mesmo tempo en que Morales facía uso do dialecto do Bierzo nas súas cartas, nun documento privado. O cantor do Bierzo en galego retrasaría a 1860 a publicación en prensa dos seus versos en galego, para un ano despois editar o seu libro. Os paralelismos con Pintos son aínda maiores e saen á luz grazas a estas cartas. As cartas e poemas escritos por Morales en Vilafranca en 1847 en dialecto berciano ou galego oriental, son logo, un dos documentos primixenios do movemento literario do Rexurdimento que inauguran a literatura galega contemporánea.

Iniciemos un áxil repaso pola preocupación constante que translocen pola lingua estas cartas autógrafas, que sendo reflexiois iniciais, son con todo máis claras por veces que no "Prólogo do autor" que acompaña á edición do seu poemario:

> O gallego e castellano viciaos, son os que constituyen ó dialecto n'a sua mayor parte, inque hay muitos términos propios, esclusivos do pais e outros semi-portugueses é hasta semi-asturianos. Tamen hay unha fraseolójia particular é bastante significativa, filla do pais. –N'as Aldeyas ó lenguaxe é mais impuro, ou cargao d'estas (d'aquestas) palabras mistas, gale-astur-portuguesas. —N'as vilas de Cacabelos é Villaf.ca, (en Ponf.da non se fala este dialecto; suas espresiois todas son castellanas, ainque (o inque, ó anque) algo ou bastante adulteradas, pero ó acento é tan notable e disonante, qu'as fai desagradables, e á veces ininteligibles) e solam.te entr'á xente vulgar se fala o dialecto mesmo d'as aldeyas, p.o con mais tendenzas á o castellano, é pouco cargao de palabras galegas inque muy alteradas as castellanas. —N'o acento apenas hay pueblo que non se distinga. —N'as composiciói s q.e lle mando, anque feitas de prisa e apenas sin correccion, hen imitao á fala (también lenguaxe) d'as aldeyas, pero non tanto que non haiga espresiois n'as tres otavas reais que non seyan conocidas d'os paisanos; p.o a clas de verso que'elexin e ó asunto, fixieron indispensable ó usalas. —N'as quintillas qu'acabo de poñer, e que deben mirarse como continuacion

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> d'as otavas, ya me ceñin en todo á ó lenguaxe vulgar, porque ya ó permite á ideya é estilo.

Se ben presenta certa confusión (lóxica para un profano da filoloxía como era Morales) sobre a filiación da fala das xentes humildes do Bierzo, é máis preciso e plenamente certeiro no tocante á distribución e uso do dialecto polos habitantes das vilas e aldeas. Pero esa confusión, que detectamos na cita anterior da primeira das cartas conservadas, veremos que vai ser corrixida axiña (precisión xerada seguramente a instancias das preguntas de Cubí sobre a diferenza entre o galego e o berciano) na segunda das misivas:

> —Con efecto es muy semejante el berciano al gallego, y hasta creo, que aquel es este mismo viciado, adulterado p.r la intercolacion de palabras castellanas cojas ó aumentadas.
> —En las palabras gallegas de que se compone en su mayoría, hay tambien adulteracion; por ejemplo, *mano* gallego, *man* –berciano, *mau* = *Mucho* —gall. *moito* —berc. —*muito*.= *Luchar* –gall, *loitar*. —berc., *luitar*. —Esta me parece q.e es la mayor diferencia q.e hay del gallego al berciano; esto es, que este generalmente cambia en *ú* la *ó* de muchas espresiones o palabras gallegas. —Otra diferencia es la multitud de voces hijas del pais, para significar cosas propias ó muy comunes en el mismo pais; y ultimamente la mezcla ó liga que forma con el castellano. —En la pronunciacion no se nota diferencia alguna de la gallega, y solo si, sobresale y se distingue p.r el acento, que tambien varía en la mayor parte de estos pueblos; como éstos sean en cada uno de ellos tengo p.r imposible manifestarlo con esactitud, sin el ausilio dela viva voz. —En efecto la *xi*, *xe*, &c suena lo mismo que en gallego, y muy semejante á la *j* francesa.

A gran preocupación por reproducir con exactitude a fala das masas iletradas lévao a procurar unha ortografía para a súa escrita ben pensada e con grandes acertos[34]:

> El *nh* que pongo en *unha*, una, no es *ñ*, como en castellano, me pareció indispensable añadir, despues de la *n* la *h* muda, p.a que se leyese *un-a*; esto es, como

34 Temos que dicir que neste terreo queremos crer que xogaría con vantaxe, porque na súa estancia en Galicia en lugares como Tui, estamos seguros que non só conviviu co galego falado (mesmo co portugués, tanto falado como escrito) senón que tivo ocasión de ler textos escritos en galego que daquela comezaban a intercalarse en prensa e nalgunha rara publicación bilingüe como, por exemplo, *Proezas de Galicia* de José Fernández y Neyra (A Coruña, 1810) e, no mellor dos casos, copias manuscritas como as non tan raras que circulaban cos textos de Sarmiento.

> si fuesen dos palabras separadas; pronunciando claramente el *un*, y claramente la *á* que sigue. —En la pronuciacion se distingue *unha*, ó *un-a*, una; de *una*, pronunciado como en castellano, que significa, uña. Asi pues, *unha mau*, ó *un-a mau*, significa, una mano; y *una d'á mau*, uña dela mano. —*Cejar*, se pronuncia como en castellano, cejar. —Este es vervo apenas usado en este pais, en su significacion propia, p.º yo lo usé p.r la autorizacion q.e ofrece esta jerga á mezclar con ella terminos castellanos, y porque no hallé otro berciano, ó mas comun en este pais, que significase, aflojar, desalentar, ceder de algun empeño. —Hay tambien en berciano *ceixar*, pero significa, cesar de hacer algo. —Lo mas general es omitir el sonido paladial de *j* que se oye en castellano, p.º tambien suele oirse, aunque con escasez; lo regular es el *ja*, pronunciado *xa*, o *fa*, por exemplo, jaco, *faco*, *xaco*, y alguna vez, jaco, como en castellano. —*Jota*, se pronuncia como en castellano, p.º bien puede darse por regla general, si bien con cortísimas escepciones, que la *j* no tiene en berciano el sonido del castellano.

Chegamos así á terceira das cartas que, como xa indicamos, acompaña con dous poemas: "O fiandón" (con algo máis de trescentos versos en quintillas debidamente anotados, unhas 77 notas sobre o léxico usado no mesmo) e "Á virxe das Angustias en Cacabelos" (uns 70 versos realizados intencionadamente cun ton distinto para poder apreciar esa dicotomía sinalada antes polo autor da aldea e a vila).

Precisamente, na cuarta carta, fai o seguinte comentario sobre o dialecto en Cacabelos e as diferenzas e a versatilidade das falas por localidades, ás que lles dá pouco valor, sendo o máis importante a fala como fenómeno identitario da comarca e centrando así o seu interese que, como é sabido, será plenamente coincidente coas intencios que logo publicaría no "Prólogo do autor" dos seus *Ensayos poéticos en dialecto berciano* en 1861:

> En efecto el dialecto que en Cacabelos se habla es diferente, aunque en muy poco, dél delos demas pueblos del Bierzo, casi como cada uno de éstos se diferencia tambien delos otros, por cuya razon fuera difícil, ó acaso imposible, conocer todas las diferencias que hay entre cada uno de ellos, pues ademas tambien participa cada uno dela fisionomia del otro, aunque conserve al mismo tiempo la suya especial. —Quiza se lograría con paciencia y trabajo separar por sus diferencias el dialecto de cada cual del delos demas, (aunque lo que mas caracteriza á cada pueblo, no es, en mi concepto, la diferencia de las voces, frases y pronunciacion, sino la cadencia ó acento particular delos vecinos de cada pueblo) p.º fuera, sobre penoso y acaso inaccesible, de muy pequeña ó ningunas ventajas, pues paréceme, que el principal objeto debe ser dar una idea

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> del dialecto Berciano en general, ó mas bien hacer notar las principales diferencias que lo separan dela lengua castellana, gallega, Asturiana y Portuguesa, por ser estos paises los que rodean al Bierzo. —De todos modos, si V. necesita que haga un examen detenido delas diferencias que reinan en el dialecto de algunos pueblos, lo haré gustosísimo, aunque temo adelantar poco.

Lembremos rapidamente algunha das afirmaciois que fai no "Prólogo" de 1861 ao respecto da lingua e nas que entendemos hai unha clara corrección. Se na primeira das cartas de 1847, Morales falaba de "jerga" para dirixirse ao berciano, nas propias cartas logo será "dialecto" e, finalmente, no Prólogo concreta definindo o berciano como un "subdialecto do galego" (2003: 4).

Como conclusión, tras unha rápida e superficial análise da lingua que emprega nas cartas, digamos que o galego usado por Morales mantén unha coherencia de principio a fin, manifestando soltura no seu manexo, incorrendo practicamente nos mesmos erros en 1847 que logo reproduce na edición dos seus poemas en 1861. Son de notar de todos os xeitos algúns cambios significativos como facer desaparecer formas usadas nun principio cun afán diferencial excesivo. Referímonos, por exemplo, a palabras como "ceixar" fronte "cexar" (coa creación dun falso ditongo) ou a "creyo" fronte a "creo" (lusismo?), "envigo" por "envío" (arcaísmo). Por outra banda, manterá a falta do artigo a carón dos posesivos (para nada presente na fala popular do Bierzo) e o descoido na colocación dos pronomes átonos (que tampouco se produce nun galego falante berciano con tanta insistencia) ademais de numerosos castelanismos, por veces, froito dun coñecemento máis profundo da fala galega usada no Bierzo, pero que é unha constante bastante estendida en calquera dos autores da época que escriben en galego, mesmo a propia Rosalía.

No tocante ao método seguido polo autor implica un traballo previo co léxico e, á vez, unha reflexión constante sobre a ortografía a empregar. Non hai que facer un grande esforzo para imaxinar como na composición do Fiandón bota mao de vivencias persoais directas e da recolleita das voces máis singulares dos galegofalantes bercianos sobre as que aplica un filtro particular (*cousiliñas, trollo, falúa...)*. Muitos dos cadros que describirá nos seus *Ensayos* con posterioridade seguramente formaron parte deste traballo na procura do léxico, ademais do inevitable contraste con amigos e, como non, con galegofalantes do Bierzo coñecidos e achegados (como tamén insinúa no mesmo Prólogo da edición dos poemas).

O seu contacto con textos escritos en galego parece obvio (xa citamos a Sarmiento, *Proezas de Galicia*...), pero non debemos descartar textos doutros autores e

amigos bercianos como Ovalle[35] aínda que, dando creto ao que afirma nas cartas, estas composicioís doutros autores cheguen cando xa o noso poeta rompera a escribir á invitación de Cubí.

Por outro lado, o período de contacto co galego occidental e co portugués supuxo tamén un paso previo de gran calado, aínda sen calibrar, para a posterior creación dos *Ensayos*. Vemos que cita o portugués e sabemos que a estancia en Tui, onde a proximidade con esta lingua é indiscutible, produciuse con anterioridade a 1847[36].

Finalmente recordemos que a cuarta carta do 10 de xuño de 1848 foi acompañada dunha tradución da "Parábola do fillo pródigo" ao berciano, un encargo específico que Cubí precisaba para o seu traballo sobre os *Dialectos de la Península*.

MARIANO CUBÍ E O ESPERTAR DO GALEGO ESCRITO


Tentativas
que hize
respecto del prólogo
que escribí para
las Poesías en
Berciano
a D. F. A. Morales
desde A Sta Mgy mayo de 1860.

Precisa unha máis concienciuda investigación determinar se a súa influencia de Mariano Cubí no proceso de promoción da escrita dos *Ensayos poéticos en dialecto berciano* responde a unha aposta exclusivamente persoal, chamémola puntual, ou se é froito dunha forte conciencia colectiva que se irradia dende Cataluña. É dicir, trátase de establecer se o fenómeno da *Renaixença* inspirada pola intelectualidade catalá (na que debemos subliñar a figura de Cubí) inflúen dalgún xeito no noso Rexurdimento. Este asunto excede o propósito destas liñas, pero quixeramos deixar constancia de que o filólogo catalán nos seus apuntamentos ou *tentativas*[37] da súa "Introducción"

35 Isidoro Ovalle, un poeta vilafranquino do que se coñece un texto en galego coetáneo de Morales editado na revista periódica de *El Esla* co título "Recuerdo a Puentedeume" en 1860. Pódese consultar en Álvarez/Costas 2002.

36 Do rigor á hora de reproducir a fala berciana (de aí os numerosos apostrofes e contracciois) diremos que Morales, vivamente animado polas dúbidas que Cubí lle transmitía, chega, como é lóxico, á autocorrección. Por exemplo, ao final das notas das dúas composicioís enviadas na terceira carta inclúe varias correccioís sobre palabras e grafías usadas nas octavas e quintillas que lle remitira na primeira das misivas dirixidas ao filólogo catalán.

37 Cubí mantivo en Galicia relacioís cos que el mesmo denomina en 1860 "distinguidos galleguistas libreros", aos que se achega por cuestioís lingüísticas como son a inexistencia dun dicionario de galego. Sen lugar a dúbidas esta documentación sobre Cubí, inédita ata o de agora, e a xa publicada no ano 1969, á que fixemos referencia anteriormente, invitan a pescudar en profundidade acerca desta cuestión.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

á publicación de Morales non oculta o seu papel como impulsor dos escritos en berciano, ademais de apostar pola edición de escritos dos dialectos e subdialectos:

> Ojalá que muchos poetas de la marca del autor de estas composiciones, se dedicaran a iguales trabajos con respecto a otros dialectos i subdialectos españoles en que no hai, o de que no se conoce nada escrito.

Identificará con claridade o berciano como un subdialecto do galego: "El berciano es un sub-dialecto gallego, acercándose al castellano en lo que del gallego se separa", engadindo máis adiante: "de estas diferencias, consideradas como hechos concretos o formales, se hace cargo el Sr. Morales, esplicándolas en el Prólogo, ya en sí, ya con referencia al gallego i castellano, con sencillez i claridad admirables."

Cubí insistirá e documentará a profunda diferenza entre o galego e o castelán, rexeitando no debate lingüístico da época a teoría "arabista" que negaba a inexistencia dos substratos lingüísticos previos á chegada do latín á Península:

> ¿Como, según esa teoría, nos explicaríamos la marcada diferencia en la fonética, en las terminaciones, i en una gran cantidad de palabras que existe entre los dialectos gallegos i castellanos, desde que de ellos tenemos conocimiento? I digo conocimiento, porque ya en el siglo XIII i antes se distinguía, lo mismo que ahora, el gallego del castellano… las diferencias fundamentales entre dialectos gallegos i castellanos, emanan de que en Galicia fueron dialectos celtas e galaicos i en Castilla iberos o vascuences los que se mezclaron con los dialectos de las legiones romanas, desde cuya época data el comienzo de su transformación en los actuales vulgares españoles.

Na mesma "Introducción" fai referencia a distintos traballos existentes en catalán, dignos de eloxio, sempre que non aparezan traducidos ao castelán (cita o caso lamentable da tradución de D. Manuel Milá i Fontanals ou dos *Cuentos i poesías populares andaluces* de Fernán Caballero) á vez que recomenda a colección en dialecto asturiano de *Poesías en bable* de Caveda (1859). Faise eco dunha referencia clave neste proceso do restauración, falamos dos *Jogs Florais* de Barcelona, unha iniciativa que invita a imitar noutros lugares como paso previo a un canto na defensa da individualidade, é dicir, o que nos chamariamos hoxe a diversidade lingüística peninsular, facendo mesmo unha mención expresa á introdución na educación do ensino dos dialectos:

> En hora buena que en todos los establecimientos de educación, la lengua enseñante i enseñada, sea el dialecto de Castilla. Elevado hoy día a idioma nacional;

> pero que no se desprecien por esto los demás dialectos, considerándolos —bien erróneamente por cierto— como forma corruptas desprendidas de ese idioma nacional… Sobre esta materia ya no dejaré de proclamar la verdad,… de que el estudio de los dialectos españoles… cuanto más se fomenten… tanto más se contribuye a esa armonía que debe rejir en todos los diversos intereses i clases del estado.

Debemos lembrar que Cubí ou Morales no ano 1847 representan unha valente defensa da diversidade ante unha tendencia liberal que é centralista ou, dito doutro xeito, ante aquela que asocia castelán a español e introduce a diglosia ao non entender o ensino doutro xeito que en castelán.

MORALES E O FUTURO DO GALEGO NO BIERZO

Antonio Fernández Morales asume con valentía o reto de restaurar o dialecto berciano tras entender e asimilar a proposta de Cubí. O autor dos *Ensayos* declara no Prólogo escribir "con el solo deseo de que nuestros inspirados literatos secunden la plausible idea, –ya iniciada por algunos en bellísimas composiciones poéticas–, de legar á la posteridad monumentos escritos en los tan numerosos y diversos dialectos españoles" (1861: 2). Morales, como xa temos dito noutros traballos sobre o autor, ademais de que coñece composiciois da renacenza dos dialectos (sen concretar máis) revela que está a pensar esperanzado no futuro dos mesmos. Mais, a pesar do seu carácter pioneiro, non é quen de expresar con igual contundencia, á altura do 1861 (e as datas son moi importantes), o que de xeito semellante chega a afirmar Rosalía no 1880. Rosalía dixo vinte anos máis tarde ao editar o seu libro *Follas novas*: "As multitudes dos nosos campos tardarán en ler os nosos versos, escritos, a causa deles, pero só en certo modo para eles...".

Morales en 1861 tivo a valentía de publicar un libro nun idioma que non se escribía nin se ensinaba nas escolas. Non era un paradoxo, non. Tiña en mente o futuro e tentou polo mesmo "dar unha idea rica do subdialecto que se fala" no Bierzo, que falan masas analfabetas na súa época, das multitudes que usan idioma fráxil por ser oral.

Se hai algo incuestionable sobre Antonio Fernández Morales é que son os seus *Ensayos poéticos en dialecto berciano* a obra que o singulariza, que lle outorga orixinalidade, individualidade e relevancia. Esa obra é un valioso canto que o incorpora á literatura galega contemporánea como autor do Rexurdimento, coetáneo de Pintos, herdeiros ambos os dous do noso Sarmiento, baluarte imprescindible da identidade da comarca berciana nun proceso complexo de definición como entidade dado o seu carácter fronteirizo.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Non hai outro discurso literario que favoreza e optimice máis a posición de Morales na República das Letras que os *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. Hoxe segue sendo política a súa lectura ao constituír os seus *Ensayos* unha poderosa argumentación a favor do galego no Bierzo como elemento identitario. É referente e reivindicación plenamente actual, demanda eficaz.

Nas derradeiras liñas deste comentario cabe preguntarnos o porqué deste silencio secular e inxusto sobre os *Ensayos* de Morales, un silencio de 150 anos nos estudos de literatura galega, a pesar de ser digna de mención a súa obra, malia que era coñecida por arquiveiros e estudosos astorganos que compartían co autor algo máis que o lugar de nacemento, amantes do galego e do Bierzo, falamos de Martínez Salazar ou J. M.ª Luengo. Cabe preguntarse polas consecuencias de que o entusiasmo de Cubí e de Morales non contaxiase a posteriores críticos como Carballo Calero, entre outros, que non souberon ver a transcendencia desta obra. E, finalmente, cabe preguntarse se con ocasión do seu bicentenario se rachará este silencio e se levará a cabo unha plena e xusta incorporación do galego do Bierzo ao conxunto da literatura galega que ben podería comezar coa celebración dun Día das Letras dedicado a Antonio Fernández Morales.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Álvarez Blanco, Rosario (1996): "Na estrema do galego, a lingua do Bierzo Baixo transmitida por Fernández y Morales", en Ramón Lorenzo e Rosario Álvarez (eds.), *Homenaxe a Pilar Vázquez Cuesta.* Santiago de Compostela: Universidade, 157-202. [2ª edición en Fernández Morales 2003: 43-108].

———— (2017): "A fala berciana na obra de Fernández Morales", *Boletín da Real Academia Galega* 378, 489-500. https://doi.org/10.32766/brag.378.709

Álvarez Pousa, Concepción e Xosé Henrique Costas González (eds.) (2002): *Escolma de poesía berciana en lingua galega (1860-1960)*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.

Angueira Viturro, Anxo (2003): "*Ensayos poéticos en dialecto berciano.* Antonio Fernández Morales", *A trabe de ouro* 53, 39-53.

———— (2012): "Sarmiento e Morales", en *IV Xornadas Martín Sarmiento*. Vilafranca do Bierzo: Comisión Cultural Martín Sarmiento. [Relatorio inédito. Resumo dispoñible en: http://www.blogoteca.com/omegodaescola/index.php?-cod=120472.

———— (2017): "Morales na revisión do Rexurdimento", *Boletín da Real Academia Galega* 378, 551-570. https://doi.org/10.32766/brag.378.711

Aparisi Laporta, Luis Miguel (2013): *Gallegos en la Real Academia Española*. Madrid: Asociación Cultural da Vieira. Dispoñible en http://www.ordenviera.com/wp-content/uploads/2017/02/Gallegos-en-la-Real-Academia-Espanola.pdf

Arañó, Miguel (1876): *Biografía de D. Mariano Cubí y Soler*. Barcelona: Imprenta de Jaime Jepús Roviralta. Dispoñible en http://www.filosofia.org/aut/001/1876cubi.htm.

Balboa de Paz, José Antonio (1997): "Antonio Fernández y Morales e o Bierzo do Século XIX", en *IV Xornada da Cultura e da Lingua Galegas no Bierzo (28-decembro 1996)*. Vilafranca do Bierzo: Asociación Cultural Escola de Gaitas, 31-42.

———— (2017): "Antonio Fernández Morales: Unha revisión biográfica", *Boletín da Real Academia Galega* 378, 463-487. https://doi.org/10.32766/brag.378.708

Carballo Calero, Ricardo (1969): "Un manuscrito de D. Mariano Cubí y Soler (Observaciones sobre el gallego y otras curiosidades lingüísticas)", *Cuadernos de Estudios Gallegos* 24, 275-289.

Carnicer, Ramón (1969): *Entre la ciencia y la magia. Mariano Cubí (en torno al siglo XIX español)*. Barcelona: Seix Barral.

Castro, Rosalía de (2013): *Cantares gallegos*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Edición de Anxo Angueira Viturro.

Costas González, Xosé Henrique (2017): "A difusión da obra de Fernández Morales en Galicia", *Boletín da Real Academia Galega* 378, 571-581. https://doi.org/10.32766/brag.378.712

Cubí Soler, Mariano (1846-1847): [Libro de notas de Mariano Cubí]. *Fondo Familia Martínez Morás*. Real Academia Galega. Arquivo. Sign. C 338/2.

———— (1848): *Polémica religioso-frenolójica-magnética*. Barcelona: Imprenta de José Tauló. Dispoñible en https://books.google.cat/books?id=YPUaAAAAYAAJ&hl=ca&pg=PA3#v=onepage&q&f=false

———— (1861): "Introducción", en Fernández Morales 2003: III-XXXV.

El Esla: periódico de intereses materiales. León: [Imp. de la Viuda é hijos de Miñón], 1860. Dispoñible en http://prensahistorica.mcu.es/es/consulta/registro.cmd?id=1268

Feito, José Manuel (1996-2017): "Don Mariano Cubí i Soler, pedagogo, frenólogo, lingüista y primer recopilador del Bron de los caldereros", *Parroquia de Santo Domingo de Miranda* [web]. Avilés: Parroquia de Santo Domingo de Miranda. Dispoñible en https://mrbit.es/miranda/CubiSoler.htm

Fernández Morales, Antonio (2002): *Antología poética*. Cacabelos: Ayuntamiento. Edición de José Antonio Balboa de Paz.

———— (2003): *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos. Edición facsimilar.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (2017): *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.

Fernández Rei, Francisco (2002): "Sarmiento e a lingua galega", *A Trabe de ouro* 50, 273-278.

García González, Miguel José (1994): *Historia del Bierzo*. León: Diario de León / Instituto de Estudios Bercianos.

Mato Domínguez, Alfonso [*et al.*] (2003):"Martínez Salazar, Andrés", en Benxamín Casal (dir.), *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Lugo: El Progreso / Diario de Pontevedra, t. 28, 86-66.

Méndez Ferrín, Xosé Luís (2002): "O *Coloquio* do Padre Sarmiento", *A trabe de ouro* 50, 279-283.

———— (2017): "A primavera galega de Cubí i Soler", en *Arraiano entre arraianos*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 56-57.

Pena Xosé Ramón (2014): *Historia da literatura galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Santamarina, Antón (1997): "O Rexurdimento no Bierzo", en *IV Xornada da Cultura e Lingua Galegas no Bierzo (28-decembro 1996)*. Vilafranca do Bierzo: Asociación Cultural Escola de Gaitas, 43-49.

Sarmiento, Martín (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Salamanca: Universidad. Edición de Xosé Luís Pensado Tomé.

———— (2002): *Coloquio en mil duascentas coplas galegas*. Vigo: La Voz de Galicia.

Seco Orosa, Ana (2001): "Determinación de la frontera lingüística entre el gallego y el leonés en las provincias de León y de Zamora", *Revista de Filología Románica* 18, 73-102.

Silveiro Fernández, Héctor M. (2015): "O teatro romántico da capital histórica do Bierzo e os seus socios fundadores Enrique Gil e Fernández Morales", *Estudios Bercianos* 39, 213-240.

———— (2017a): "As cartas autógrafas de Antonio Fernández Morales, un autor berciano no rexurdimento do galego", *Bierzo* 35, 81-107.

———— (2017b): "Tradicios, terra e identidade na obra de Morales", *Boletín da Real Academia Galega* 378, 501-549. https://doi.org/10.32766/brag.378.710

ANEXO

TRANSCRICIÓN DAS CARTAS AUTÓGRAFAS DE ANTONIO FERNÁNDEZ MORALES DIRIXIDAS A SEU BON AMIGO MARIANO CUBÍ E SOLER

1ª CARTA DE MORALES A CUBÍ

Villaf.ca 4 de Setiembre de 1847

Mi querido amigo: voy á contestar á sus dos, fechas del 29 y 31 del pasado, que recibí juntas, antes de ayer noche. Iré por partes. —No solo recibí el 2º ejemplar de su lógica y elocuente refutación, sino también el 3º que leí con detencion. En efecto los párrafos que V. me cita, están como deben; sin ser virulentos é indecentes, como los de su desalado detractor, no carecen de enerjía noble; ni yo abrazé en el pobre juicio q.e francam.te en mi anterior le emití, estos bellos trozos, pues creo haberme referido á algunos casos solam.te, en los que me pareció elocuente y puro el lenguaje, p.o débil; opinion que ahora no me desdeño en retirar. Porque he meditado sobre ello y veo que una de las mas terribles armas con que, frente á frente, V. le hiere es la modestia y compostura del lenguaje evanjélico q.e él debió usar, con mas motivo que un profano, y creo que mi juicio fue emitido en el acaloram.to irritacion y desagrado q.e me causo su cabacano, insolente lenguaje. Vuelvo pues á repetirle mi cordial parabién p.r su completo triunfo, y á // confesarle la admiracion y la envidia que despiertan en mi alma sus bastos conocim.tos y sus talentos privilejiados.

—Costoso sobremanera le será á V. dar cima á la difícil empresa de que se ocupa, p.o así como el que busca halla, según V. dice acertadam.te, así con igual acierto debe decirse que el que se empeña en vencer dificultades, las vence. —Me cabe la mas grata satisfaccion en que p.a el caso, se hubiese acordado de mi, aunque con el sentim.to de no llenar quizá, con mis esfuezos, sus deseos q.e son los míos. —Desde ayer noche, estoy ocupado en buscar noticias ó escritos de esta jerga, y en vano, pues ni una carta escrita así pude procurarme, p.o no lo creo necesario p.a complacer á V., porque criado desde niño en este país, me precio de poseer su lenguaje, no obstante de costarme ya algún trabajo hablarlo y escribirlo, pues mi estado de militar me tubo lejos de mi pais desde el año de 34., en que entré en un Colegio de Cadetes, hasta el 43., en que p.r opiniones políticas me dejaron de remplazo, en cuya situacion sigo. —Dificil fuera dar reglas generales, aunque no imposible, porque apenas hay pueblo en el Bierzo en que se hable esta jerga de igual manera; p.o esta diferencia se nota solo en el uso de ciertas palabras en

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

unos pueblos, y de otras sinónimas en otros; aunq.e no se estraña en punto alguno, ninguno de los sinónimos, // que aunque no estén en determinado punto en uso, no los desconocen. —El gallego y castellano viciados, son los que constituyen el dialecto en su mayor parte, aunque hay muchos términos propios, esclusivos del país, y otros semi-portugueses y hasta semi-asturianos —también hay una fraseología particular, y bastante significativa, hija del país. —En las Aldeas el lenguaje es mas impuro, ó cargado de estas palabras mistas gallego- Astur-Portuguesas. —En las villas, de Cacabelos y Villaf.ca, (en Ponferrada no se habla este dialecto; sus espresiones todas son castellanas aunque algo ó bastante adulteradas, p.o el acento es tan notable y disonante, que las hace desagradables, y á veces ininteligibles) y solamente entre la gente vulgar, se habla el dialecto mismo de las aldeas, p.o con mas tendencias al castellano, y poco cargado de palabras gallegas, aunque muy alteradas las castellanas.

—En el acento, apenas hay pueblo que no se distinga. En las composiciones que le mando, aunque hechas de prisa y a penas sin correccion, he imitado el lenguaje de las Aldeas, p.o no tanto q.e no haya espresiones, en las tres octavas reales, que no sean conocidas de los paisanos; p.o la clase de verso que elejí y el asunto, hicieron indispensable el usarlas. —En las quintillas q.e acabo de poner, y q.e deben mirarse como continuacion de las octavas, ya me ceñí en todo al lenguaje vulgar, porque ya lo permite la idea y estilo.

Ultimam.te, si con los pocos materiales q.e de pri-//sa le envío, no le satisfago, avíseme lo que quiere y tendré un placer en servirlo, su mejor amigo

A. F. Morales

P. D. —Pensaba reunir algunos términos y verbos, particularm.te irregulares, de q.e abunda mucho este dialecto, y remitírselos, p.o ya no tengo lugar hoy, porque llegó el correo. Ahí vá un especie de borrador que empecé á formar, [texto riscado ilexible] por si le sirve á V. de algo. —Si necesita mas, avise luego.

No se si entenderá esta, con tantos borrones y encomiendas como lleva; la prisa p.a nada es buena.//

Traduccion al berciano de la carta

Meu querido amigo: vou á contestar as suas duas, fechias do vintenove e trinta e un do pasado, que recibín xuntas ante-ayer noite. —Irén por partes. —Non solo recibin ó 2º exemplar da sua lóxica y elocuente refutacion, sinon tamén ó terceiro que leín con detenimento. —En efeuto, os párrafos qu' Usté me cita, están como deben; sin ser virulentos é indecentes, com'os de su desalao detractor, non carecen d'enerxía nobre; nin eu abracén, n'ó probe xuicio que francam.te na miña anterior ll'emetín, (se usa mas pospuesto el pronombre: emitínlle) estes bellos trozos, pois creyo haberme referío á alguis causos solam.te n'os que me parecíu elocuente e puro ó lenguaxe, pero débil; opinion qu' ahora non me desdeño en retirar, porqu'hein meditao sobr'elo e veyo qu'e unha d'as mais terribles armas con que frent'á frente Uste o hiere, é á modestia e compostura do lenguaxe evanjélico qu'el debéu usar, con mais motivo qu'un profano, e creyo que meu xuicio fúi emitío n'o acaloramento, enritacion e desagrao que me causóu seu chabacano, ensolente lenguaxe. —Volvo pois á repetirlle meu cordial parabién por seu compreto triunfo, e á confesarlle á admiracion e a envidia que dispiertan na miña alma seus bastos conocimentos e suos talentos privilejiaos.

—Costoso sobremaneira lle será á Usté dar cima á a difícil empresa de que s'ocupa, pero asina* (*asina*; pero mas común, *así*) como ó que busca atopa, sigun Uste dice acertadam.te, asina con igual acerto debe decirse qu'o que s'empeña en vencer dificultades, as vence. —

—Cábeme á mais grata satisfaccion en que para ó caso se oubese acordao de mín, anque (ó ainque) c'ó sentimento de non enchir // quizabes* (también, *quizá*), c'os meus esforzos, suos deseyos, que son os meus. —Dende ayer noite estou ocupao en buscar noticias ou escritos d'aquesta xierga y en vano, pois nin unha carta escrita así puden precurarme; p.o non ó creyo necesario para complacer á Uste, porque criyao dende nino n'este pais, préciome de poseyer seu lenguaxe, n'ostante de costarme ya algun traballo falalo y escribilo, pois meu estao de militar me tubo lexios do meu pais dende o ano de trinta é cuatro, en qu'entrein n'un Colexio de Cadetes, hasta ó cuarenta é tres, en que p.r opiniois políticas me deixaron de remplazo, en cuya situacion sigo. —Dificil fora dar reglas xenerales, anque non imposible, porqu'apenas hay pueblo n'o bierzo en que se parle esta xierga d'igual maneira; pero esta diferencia nótase solo n'o uso de certas palabras en unhos pueblos, é d'outras sinónimas n'outros, anque non s'estraña en punto algun ningun d'os sinónimos, qu'anque non estén en determinao punto en uso, non os desconocen. —O gallego e castellano viciaos, son os que constituyen ó dialecto n'a sua mayor parte, inque hay muitos términos propios, esclusivos do pais e outros semi-portugueses é hasta semi- asturianos. Tamen hay unha fraseolójia particular

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

é bastante significativa, filla do pais. —N'as Aldeyas ó lenguaxe é mais impuro, ou cargao d'estas (ó *aquestas*) palabras mistas, galego-astur-portuguesas. —N'as vilas de Cacabelos é Villaf.ca, (en Ponf.da non se fala este dialecto; suas espresióis todas son castellanas, ainque (ó inque, ó anque) algo ou bastante adulteradas, pero ó acento é tan notable e disonante, qu'as fái desagradables, e á veces inintelijibles) e solam.te entr'á xente vulgar se fala o dialecto mesmo d'as aldeyas, p.o con mais tendenzas á o castellano, é pouco cargao de palabras galegas inque muy alteradas as castellanas. —N'o acento apenas hay pueblo que non se distinga. —N'as composicióis q.e lle mando, anque feitas de prisa e apenas sin corrección, hen imitao á fala (también lenguaxe) d'as al-//deyas, pero non tanto que non haiga espresiois n'as tres otavas reais que non seyan conocidas d'os paisanos; p.o a clas de verso qu'elexin e ó asunto, fixieron indispensable ó usalas. —N'as quintillas qu'acabo de poñer, e que deben mirarse como continuacion d'as otavas, ya me ceñin en todo á ó lenguaxe vulgar, porque ya ó permite á ideya é stilo.

—Ultimam.te, si c'os poucos materiais que de prisa lle enviyo/envigo, non lle satisfago, avíseme ó que quer, e tendréi un pracer en servilo, seu mellor amigo

A. F. M.

P. D. —Pensaba reunir alguis términos e vervos, particularm.te irregulares, de qu'abunda muito este dialecto/dialeuto e remitirllos, pero ya non teño lugar hoy, porque chegóu o correyo. —Ahí vai un especie de borrador qu'empeceín á formar, por si lle sirve d'algo. —Si necesita mais, avise logo.

Non sein si entenderá esta, con tantos borrois y enmendas como cheva; —á prisa pra nada é boa.//

Á ó célebre Frenólogo D. Mariano Cubí e Soler.
seu bon amigo Ant.º Fernz. Morales.
(a)

Deixia[1] que siga en su furor berrando
O fanatismo en contra da tua cencia,
Que tantos tempos fai qu'[2] está luitando
Por qu'alume ó fanal da intelixiencia.
Deixia qu'ó mar, qu'axita ó negro bando
Da intolerancia, s'irga[3] en sua insolencia,
Co seu bronco berrido percurando
Negar das tuas verdades a ecsistencia;
Que bastan, meu Cubí, tuas forzas solas,
Pra domeñar suas enritadas olas.

É inque che diga á intolerancia empía
Qu'as tuas dotrinas, nobre Pelegrín,
Estenden entre os homes á herexía,
Non che dé pena; sígue ese camín
Qu'aló dereito á eternidad che guía.
Tua frente[4] irgue, do espacio hasta ó confín,
E mira compasivo desde os Ceos[5]
Os que morden teus péis, necios pigmeos.

Recorda que Colon, sabio piloto,
A mofa fói da fenexida xente,
E logo déunos outro mundo ignoto.
Contra ó sabio Copérnico, igualmente
O fanatismo erguio muito alboroto,
E su sistema, hoy é ó[6] mais evidente.
Sigue pois sin cejar; qu'á seu exiemplo,
Mañana os siglos irguiránche un templo

(Las notas y traduccion a la vuelta)//

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Notas.

(a) –Disonará justam.te que haya usado del verso heróico en un dialecto ó mas bien jerga tan chavacana, y mas propia para cantar disparates y chascarrillos, que para expresar una idea séria y con pretensiones de elevada; p.o lo he intentado en las anteriores octavas reales, porque se me figuraba, y aun lo creo, aunque no lo haya alcanzado, que puede muy bien en este dialecto, por abundar en sinónimos, si bien en su mayor parte charros y ridículos, espresarse un concepto elevado, una concepcion sublime. V. me dirá si opina como yo.

(1) – Deixar –Las pronunciaciones *xiá*, *xé*, *xi*, *xió*, *xiú*, deben oirse de viva voz, porque no hay convinacion de letras en la lengua castellana, que dén por resultado esactamente su sonido. Me ha parecido escribirlas con la *x* y dos puntitos, como letra de que resulta una pronunciacion mas parecida á la verdadera; p.o aun mas se acercan y son casi iguales las pronunciaciones de *ja*, *je* &c de la lengua francesa.

(2) – Qu'está –Me pareció acertado apostrofarlo, porque no suena la *e* de *que*, sino que en la pronunciacion se une con la vocal sig.te y se pronuncian las dos palabras, como una sola, así: *questá*. –Cuando al relativo siguen las vocales, á, ó, como, *qu'axita*, *qu'osó*, no se pronuncian *quaxita*, *quosó*, sino como si estuvieran estos relativos escritos con *c* y non con *q*; esto es: *caxita*, *cosó* &c, y lo mismo siempre que se halle cualquiera palabra apostrofada.

(3) –S'irga en –No apostrofé la á del *irga*, porque, aunque muy poco, se pronuncia.

(4) –*Tua frente irgue*. –Tampoco apostrofé la *é* de *frente*, p.r la razon misma anterior. Pronúnciese con mucha rapidez, (y sin casi nombrar la é) *frente irgue*.

(5) –*Ceos* –Aunque se usa en el pais *Ceos*, p.r *Cielos*, no es lo mas comun, pues casi todos dicen *Cielos*, ó *Celos*; *Ceos* es mas bien gallego que ber-//ciano, p.o yo lo usé forzado p.r la rima ó consonancia.

(6) *Hoy é o* –Debe pronunciarse muy rápido, como si estubiera escrito *hoyéo*; y no solamente porque el verso lo exija así, p.a no parecer largo (aunque mas valdría que no tuviese tantas sinalefas juntas) sino porque su comun pronunciacion en el pais, es rápida, unida.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Traduccion literal

Déja que siga en su furor voceando descompuesta y descompasadamente
el fanatismo en contra de tu ciencia
que tantos tiempos hace que está luchando
porque alumbre el fanal de la intelijencia.
Déja que el mar que ajita el negro bando
del fanatismo se levante en su insolencia,
con su bronco grito, voceo descompasado, clamor furioso, descompuesto &c, pronunciando, intentando, &c
negar de tus verdades la ecsistencia,
que bastan, mi Cubí, tus fuerzas solas,
para domar, amansar, sujetar, acallar, rendir; y tambien domeñar &c sus irritadas olas.

(Nota) –En este momento advierto que á esta octaba, he puesto inadvertido dos pies de mas; de manera que consta de 10; p.r lo que deben suprimirse el 7 y 8; quedando solamente los 6 primeros y dos últimos, y aun créo que queda mejor con esta supresion. De todos modos, como el objeto es el que V. vea algun escrito en esta jerga, pienso que lo mismo dá tenga 10 q.e 8 –Sigue la traduccion.

Y aunque te diga la intolerancia impia
que tus doctrinas, noble peregrino,
estienden entre los hombres la herejia,
no te dé pena; (ó mas bien cuidado) sígue ese camino
que allá derecho á la eternidad te guía.
Tu frente levanta (ó alza) del espacio hasta el confín,
y mira compasivo desde los Cielos,
los que muerden tus pies, necios pigmeos.

Recuerda que Colon sabio piloto
la mofa, la burla, el escarnio, la risa, fué de la fenecida gente,
y luego nos dió (ó diónos) otro mundo ignoto, desconocido.
Contra el sabio Copérnico, igualmente //
el fanatismo levantó, alzó mucho alboroto
y su sistema hoy es el mas evidente.
Sigue pues sin cejar; que á su ejemplo
mañana los siglos te alzarán un templo.

–Creo que no necesitará V. la traduccion libre, arreglada al metro y p.r eso no la pongo.//

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Continuacion de las octavas reales,
en quintillas octosílavas.

Mais díxien mal; que do suelo
s'irgue hoy tua fama xigante
con dobre e mais alto vuelo,
asoballando ó libelo
de teu ribal ignorante.

E así Dios me salbe, eu,
por cuanto no mundo víches,
non sufrira un baque teu...
¿Como estará o corpo seu,
con tantos como lle diches?

Quizabes esmagallao
Com'un bangallo quedóu;
e ll'está ben empleao
pra que non se meta osao
á donde naide ó chamou.

E afellas lle sucedéu,
á ó tolo que che inxurióu,
ó d'Ýcaro, que caéu,
despois que tanto ascendéu,
no mar, e s'espatarróu.

¡Ya se vei! quíxio volar,
sin luz, ó mesmo q'un toupo,
e caéu drento do mar....
Mais Dios ó ha de perdonar,
porque ó que fixio non soupo.

La traduccion á la vuelta.//

Traduccion literal de las anteriores quintillas

Mas dije mal; q.ᵉ del suelo
se abra hoy tu fama jigante
con doble y mas alto vuelo,
pisando entre el polvo, arrastrando y desaciendo en el suelo, entre cieno &ᶜ, el libelo
de tu ribal ignorante.

Y así Dios me salve[1], yo;
por cuanto en el mundo viste
no sufriera un golpe, en el pecho, empujon, empellon (en el verso está en su acepcion metafórica) pechugon tuyo...
¿Como estará su cuerpo
con tantos como le diste?

Quiza descompuesto, estripado &ᶜ
como un escobajo de ubas (despues de desecho p.ʳ la prensa) quedó; (p.ʳ queda, licª poet.ᶜª)
Y le está bien empleado,
para q.ᵉ no se meta osado
á donde nadie lo llamó.

Y a fe le sucedió,
á el necio, tanto que te injurió,
lo de Ycaro, que cayó,
despues que tanto ascendió,
en el mar y se descuartizó cayendo de bruzes, se reventó cayendo de pecho &ᶜ.

¡Ya se vé! .. quiso volar
sin luz, lo mismo que un topo
y cayó dentro del mar...
Mas Dios lo ha de perdonar
porque lo que hizo no supo

---

(1) frase, juramento muy comun en este pais.

¡Vaya un lenguaje y traduccion elegantes! //

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

2ª carta de Morales a Cubí

Villaf.ca 16 de Setiembre 1847.

S.r D. Mariano Cubí y Soler

Mi especial amigo: en este momento que acabo de llegar de Ponf.da y los Barrios (á donde fuí hace 10 dias con mi familia y con motivo de las funciones de la Virgen de la Encina y del Cristo) he leido con entusiamo y ternura su altamente satisfactoria del 10., á la que me apresuro á contestar, lleno de cordial gratitud al lisonjero juicio con que en ella halaga mi pobre persona. Yo le doy á V. mis afectuosas y multiplicadas gracias p.r el nuevo favor que acaba de añadir á la grande suma de los que ya le he merecido, sintiendo unicamente no haber podido servirlo en todo cual vivam.te deseo, pues todos mis cortos trabajos precisam.te deben abundar en lunares, hijos de la escasez de mis conocim.tos; p.o fiado en su tolerante bondad, no serán aquellos suficientes obstáculos á estorbarme el intentar ahora y siempre servir á V. en cualquiera clase de servicios que me haga el favor de reclamar de mí.

Nunca pude esperar de mis déviles composiciones un elójio tan honorífico, de un literato, de un hombre tan profundo en co-//nocim.tos, y este juicio que tanto me lisonjea, hubiera producido en mi un entusiasmo y placer tales, que seguram.te no encontraría frases p.a demostrarlos en su exacto valor, si no conociera que una escesiva gratitud de parte de V., le hace ser bastante parcial en veneficio mío; de todas maneras mi reconocim.to vivirá eternamente en el corazon de su acariciado amigo. –No acierto á recordar, mi buen amigo, en que espresion de mi anterior haya podido dar á entender á V., que *desearía que mi composicion tubiese cabida en la obra de que se está ocupando*, como parece que V. ha entendido, á juzgar por lo que respecto á esto me dice, pues ni remotamente alimenté la esperanza, ni tube jamas la loca pretension de vér mis imperfectos trabajos figurar en una obra de un acreditado escritor, ni menos la de aspirar al honor de encontrar mi oscuro nombre al lado dél del acreditado autor del *Sistema completo de filosofía mental*; –si casualmente hubiera sucedido lo contrario, indudablemente me hubiera sorprendido muchísimo pues repito que ni creo, ni creeré nunca dignos mis escritos de alternar en las pájinas mismas que ocupen los suyos.

–Aquí no hay quien pueda hacer las composiciones que V. necesita, porque ninguno se ha dedicado á la poesía. –Aunque estoy en la reforma de mis ensayos dramaticos bastante ocupado, por haberme rogado mis amigos de Madrid, que *tales cuales ellos sean*, se los remita, no obstante, por si de alguna cosa le sirven á V. procuraré en algunos ratos componer algo // en Berciano, ó poner en este dialecto algunas composiciones de mis poesías.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

–Con efecto es muy semejante el berciano al gallego, y hasta creo, que aquel es este mismo viciado, adulterado p.r la intercolacion de palabras castellanas cojas ó aumentadas.

–En las palabras gallegas de que se compone en su mayoria, hay tambien adulteracion; por ejemplo, *mano* gallego, *man* –berciano, *mau* = *Mucho*. –gall. *moito*. –berc. –*muito*. = *Luchar* –gall. *loitar*. –berc., *luitar*. –Esta me parece q.e es la mayor diferencia q.e hay del gallego al berciano; esto es, que este generalmente cambia en *ú* la *ó* de muchas espresiones o palabras gallegas. –Otra diferencia es la multitud de voces hijas del pais, para significar cosas propias ó muy comunes en el mismo pais; y ultimamente la mezcla ó liga que forma con el castellano. –En la pronunciacion no se nota diferencia alguna de la gallega, y solo si, sobresale y se distingue p.r el acento, que tambien varía en la mayor parte de estos pueblos; como éstos séan en cada uno de ellos, tengo p.r imposible manifestarlo con esactitud, sin el ausilio de la viva voz. –En efecto la *xi*, *xe*, &c suena lo mismo que en gallego, y muy semejante á la *j* francesa. –El *nh* que pongo en *unha*, una, no es *ñ*, como V. crée; sinó que para que no se pronunciase *una* como en castellano, me pareció indispensable añadir, despues // de la *n* la *h* muda, p.a que se leyese *un-a*; esto es, como si fuesen dos palabras separadas; pronunciando claramente el *un*, y claramente la *á* que sigue. –En la pronuciacion se distingue *unha*, ó *un-a*, una; de *una*, pronunciado como en castellano, que significa, uña. Asi pues, *unha mau*, ó *un-a mau*, significa, una mano; y *una d'á mau*, uña de la mano. –*Cejar*, se pronuncia como en castellano, cejar. –Este es vervo apenas usado en este pais, en su significacion propia, p.o yo lo usé p.r la autorizacion q.e ofrece esta jerga á mezclar con ella terminos castellanos, y porque no hallé otro berciano, ó mas comun en este pais, que significase, aflojar, desalentar, ceder de algun empeño. –Hay tambien en berciano *ceixar*, pero significa, cesar de hacer algo. –Lo mas general es omitir el sonido paladial de *j* que se oye en castellano, p.o tambien suele oirse, aunque con escasez; lo regular es el *ja*, pronunciado *xa*, o *fa*, por exemplo, jaco, *faco*, *xaco*, y alguna vez, jaco, como en castellano. –*Jota*, se pronuncia como en castellano, p.o bien puede darse por regla general, si bien con cortísimas escepciones, que la *j* no tiene en berciano el sonido del castellano.

Nada mas p.r hoy. –Le repite su singular afecto, su mejor amigo –

Morales//

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

3ª carta de Morales a Cubí

Villaf.ca 9 de octubre 1847

Mi querido Cubí: supondrá V. ya que me he muerto, tal es el silencio que hace dias guardo. –Pues señor, es preciso manifestar las causas que lo han originado. – En primer lugar, he salido á Cacabelos algunos dias; dirá V. y con razón q.e tambien hay correo en Cacabelos; p.o la segunda ó mas bien la única razon, sale al paso á esta ojepcion. –Así pues añadiré que no he querido molestarlo, hasta que pudiera remitirle su encargo; este no ha podido hacerse hasta ahora, en atencion a las esigentes ocupaciones que en esta temporada última se han agolpado sobre mi; mas algun tanto desahogado de ellas, me dediqué ultimam.te á componer lo que le incluyo, p.a q.e vea si algo de ello le sirve p.a su objeto; por supuesto, correjido p.r V. segun le parezca, como ya le digo al fin de las notas. –Escuso repetirle, que si alguna duda le ocurre, respecto á la intelijencia de mis malos versos, puede recurrir á su buen amigo, que en lo q.e pueda y sepa, le satisfará.

No tengo en Madrid mas q.e mi primer ensayo// dramático, pues el 2.º (no tengo mas q.e dos) lo estoy reformando, p.a enviarlo, si es que quieren verlo. –El 1.º está ahora en poder de Asquerino, y aun no sé lo que le parecerá, aunque no estoy desesperanzado, pues otros amigos que lo han leido, me han obsequiado con su voto de aprobacion. No obstante, no espero q.e llegue á publicarse tanto porque quiza no lo merece, cuanto porque por bueno q.e fuera, no hallará salida en el actual estado en que tenemos la escena. Esta es presa, ó patrimonio esclusivo de algunos literatos, que apenas han dejado meter á nadie el pie en su propiedad, aun cuando las obras agenas no desmerezcan de las suyas. –Esta mal se observa en españa en todas las cosas, y esta no deja de ser una cosa. –En fin tendré una satisfacion en darle á V. parte del resultado de mis protocolos, y aun la tendría mayor en remitir al recto juicio de V. mis producciones, p.o p.r ahora no puede ser.

¿Cuando mil Diablos termina esa causa ó farsa? No deje V. de avisarme cuanto sobre esto ocurra; así como su viaje, adonde, y por donde. –Ya casi estoy deseperanzado, segun lo que me dice, de poderle ver por este pais. ¡Como ha de ser! ¿Quién sabe si rodando por esos mundos tendrémos la satisfacion algun dia de encontrarnos y conocer-//nos personalm.te? –Todo es posible, p.o son muy quiméricas las esperanzas q.e se cifran en casualidades.

–Siento en el alma, que haya podido ni remotam.te comprender, que sus cartas puedan serme molestas, máxime cuando producen en mi alma un sentim.to tan diverso. –Yo... no me atrevería á decírselo á V. persuadido del cariño que le merezco. –Por fin Cubí, yo que nunca he dicho, que no se decir lo que no siento, le aseguro que sus cartas son p.a mi la mas lisonjera satisfacion, y su contenido lo que mas me halaga, lo que acaricia mas mi corazon y orgullo; así pues, por castigo

exijo del favor de V. que me escriba tan amenudo como compatible le sea con sus ocupaciones.

ADios, mi querido amigo; reciba un estrecho abrazo de su

Morales

Hoy le digo al Capitan de esa, mi buen amigo D. Ramon Sagastizabal: Si te es posible visitar á D. Mariano Cubí y Soler, en mi nombre, te lo estimaré mucho.

Su refutacion de V. á los Cargos del Provisor de Santiago ha corrido todo este pueblo; lo han leido varios canónigos// y letrados y todos admiran su filosofia, al par que lamentan la miseria de su detractor. –En especial el Canonigo joven D. Agustín Tellez, y el joven teologo, Capellan de las Monjas de la Anunciada, D. Ignacio Oviedo, ambos de muchos y buenos conocim.^{tos}, y predicador este último, han encontrado en su refutacion doctrinas tan conformes con las suyas, que yo he quedado sorprendido al verles razonar sobre filosofia mental; cualquiera diria q.^{e} han sido sus discipulos. –Oviedo me escribió esa memoria ó ligero discurso, p.^{a} q.^{e} se lo remitiese á V. como muestra de las simpatías, q.^{e} con las suyas, tienen las doctrinas q.^{e} V. propaga.//

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

A á Santísima Virxen d'as Angustias,
en Cacabelos.

N'ó medio d'ó xardin, que chaman vierzo;
Sobre as ruinas d'á antigua é prepotente
Bérgidun Flaviun, qu'ó romano esfuerzo
Non pudo defender d'á Goda xente;
Entr'á arboeda en que suspira ó cierzo
Y á ó pe d'ó Castro d'á ventosa, á oriente,
Atópase unha vila muy galana
Que dá confin á á terra Castelana

Penso que cando ó Rey godo Suinthila,
Libróunos d'ó romano cautiverio,
Orixen tubo aquesta hermosa vila,
Fuxendo entonces d'ó solar Yberio,
E al deixar os confines de Castila
As lexiones d'ó romano imperio,
A Bérgidun destruiron, é despóise,
D'os restos d'a Ciudad, á vila alzóuse.

Fértiles veigas; abundantes viñas;
Arboedas magníficas, espesas;
Estensos soutos; fontes cristaliñas;
Anchas pradeiras; caudalosas presas;
Pintorescas ribeiras é campiñas;
Deliciosos xardines é debesas,
Cercan á vila, é ofrécenlle en tributos,
Muitas riquezas, é belleza é frutos.//

Mais ó tesouro de mayor valía,
Que todo o Bierzo, n'á sua terra abarca;
A hermosa perla, qu'amorosa envía
Groria, vida é salud á esta comarca;
Xoya divina, madre tierna é pía
D'aquél qu'orden é xiro á os astros marca,
A ó pe d'á vila, n'un hermoso templo
Con seu fillo n'os brazos á contemplo.

Sofocado viaxeiro; si algún dia
Por tua fertuna ó bondadoso Cielo,
Hasta seu santo templo, teus peis guia,
Detente á comtemplar ó amargo duelo,
Qu'ó corazon desgarra de Maria,
Y ela en teu viaxe che dará consuelo;
Mais írguelle antes con acento débil,
Fincado ant'ela, esta plegaria flévil.

–"Virxen d'a Angustia, pura,
Que n'os homes derramas ó consuelo,
A esperanza é ventura,
En cuanto sobre ó suelo
Atopáche tan solo luto é duelo;

Señora qu'entre os brazos
Sostéis d'á redención á axada palma,
Esmagada en pedazos,
E que con lenta calma
Pregándoa estás con lágrimas d'á alma;//

Déixame que contrito
Chegue á teus peis á demandarte gracia
Pra meu fondo delito;
Qu'ó que á ti se congracia,
Consuelo atopa sempre en sua desgracia.

Torna á min os teus ollos,
Vida, luz y esperanza d'ó que chora;
E aparta d'os escollos,
D'á vida engañadora,
Ó paso incerto de meu pe, Señora.

E cuando quebre á morte
Ó estambre d'esta vida transitoria,
Véla por miña sorte,
E fixo en tua memoria,
Ábreme as portas d'á divina groria".

.....

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

E Logo que houbeses con fe acrisolada
Orado n'ó templo, sua gracia implorando,
Prosigue, viaxeiro, tranquilo á xornada,
Qu'á Virxen d'á Angustia che vay amparando.

A. F. Mor.ˢ //

O Fiandon

Ben farto ya de chorar
desengaños mil é mil
déin outro tempo en pensar
en fuxir eu de Madril
pra esconderme n'un lugar.

Aó postre me decidin.
é sin traballo ningun
d'á Babilonia salín
á lombos d'un burro ruin,
é por esas terras fun.

A Dios gracias, naide á guerra
declaróu á os meus cuartiños
nin n'os valles, nin n'á serra,
porqu'os ladrois d'esta terra
non andan por os camiños.

Mais como ó meu burro fiel
era ó probiño tan ruin,
ó lebaba n'o camín,
unhas veces eu á él,
outras veces él á min.

Despois de cada xornada,
buscaba á ó punto á pousada
é ó burro n'ela ó presebre;
cenaba eu gato por lebre;
piensaba él palla é cebada.

Así as Castillas crucén,
é á ó fin d'a bella, un xardín,
que chaman Bierzo, atopén,
é dixen logo pra min:
–Esta terra me conven.//

De deixar me déu ideya
á carreteira, é dereito,
por un carreiro[1] mal feito,
tirén, cara pra unha aldeya
que ten as casas de teito[2].

Púdome seique[3] tentar
algun mal demo[4] d'ó inferno
á vivir n'este lugar,
endonde pr'andar n'ó inverno,
ou n'ó lodo hay que nadar,

Ou he menester c'algua
bruxa páuto ou trato ter
pra qu'enseñe á cencia sua,
ou ben, pra ir fora, poñer
en cada pe unha falua.

Non falarein d'á espesura,
nin d'ó caldo[5] pra xantar[6],
nin d'os ganzos* pr'alumar,
nin d'ó demais, porque fura[7]
cousa de nunca acabar.

Mais si diréin, qu'á ó fiandon
á casa d'ó tio Anton,
déume de ir á loucura,
alumado d'un fachon
n'unha noite muy escura;

E n'as galochas* metín
os meus peis, com'os veciños;
mais os tóbelos[8] torcin,
é tal zoupada[9] ailí dín,
que desfixen os fouciños*;

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

E á mais n'un canto escachén
dentamio[10], enxivas[11] e moas[12];//
é cuasi estúbome ben,
pois pra outra vez escarmén*
tirando á ó demo as canoas.

Non por eso desistín
de volver á ó fiandon;
mais esta vez discurrín
ir á lombos d'o rozin,
é tuben muita razon.

Recibíronme contentos
ó tio Anton, á sobriña
é sua muller labieiriña[13];
é despois d'os cumplimentos
metíronme n'á cociña.

Ya estaban ailí, ó tio Xan[14],
ó tio Fuco[15], ó zapateiro
ó Señor Nelo[16], ó Barbéiro,
ó tio Xoque[17], ó Sacristan,
ó tio Liso[18], y ó Ferréiro.

Pé d'ó lume de cantroxos[19]
tamen vin, cerca d'os potes[20],
mozas de refaixos roxos,
qu'asentaban os coxotes[21]
n'os escanos é n'os troxos[22].

N'ó medio, sobre á lareira[23],
é colgada d'á preganza[24],
vin d'os ranchos[25] á caldeira
c'as berzas, que n'á maseira
os cebaban pr'á matanza.

C'as castañas que se asaban
ó cacho[26] estaba debaixo,
é á veces cuando estoupaban[27]
un melandro[28] lles queimaban
d'ó mandil, ou dó refaixo.//

É por ó orden diario,
primeiro toda á reunion
reza fincada* ó rosario,
(porqu'así ó manda ó Vicario)
logo empeza ó filandon.

En cuanto as mozas sacaban
lurias[29] d'ó cerro d'á roca,
á á mata[30] os homes xugaban
ó gotín[31] pra facer boca[32]
c'as castañas que s'asaban.

Y entr'eles home s'atopa
qu'á ó primeiro mate[33] xopa
ou c'á perica* se tumba,
porqu'ó contrario lle rumba[34]
con ter ó bolo[35] ou á copa[36].

Despois d'ó xogo acabao
mandan correndo un criao,
descalciño de pe é perna,
c'un bon xarro escachelao[37]
por ó gotín á á taberna.

Sacando logo alguis zotes
as castañas d'á fogueira,
aleábanse[38] á lapotes[39],
entr'á cernada é os potes
por á castaña primeira.

E naide esta luita[40] estraña,
porque grandes honras son
pra aquel que primeiro apaña
é bulla* á primer castaña.
pra á muller d'ó tio Anton.

Mais al chegar[41], cheo[42] de barro
C'ó viño ó criao fornío, //
rinchan[43] todos com'un carro
d'alegres, cara pra ó xarro,
decíndolle: "ben venío."

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

E cada un, hasta ó mais guapo,
por ó xarro ha de beber
anque molle todo ó papo;
Solo ó ti-Anton[44] é á muller
ó beben por un cachapo[45].

A cada sorbo qu'apreta
cada cual d'estes veciños,
por á gorxa, dend'á xeta,
c'as duas mangas d'a chaqueta
limpa á nariz é os fouciños.

Anque c'ó viño algun bago[46]
caira, memoria fago,
que botaban[47] sempre á ó goldro[48],
con cada bulló[49] un bon trago,
á cada trago un regoldro[50].

E inque he moda muy comun,
(porqu'ailí tamen hay modas)
bullar á as mozas, cada un
algua castaña, hay algun
lacazán[51] qu'as mama todas.

Cuando queiman, as rebullan*
entr'á trampa[52] d'os calzois,
ou c'os calcaños as bullan;
entr'eles logo as estrullan[53]
é as mozas llas dan despois.

É mentras á ó viño novo
os demais lle fáin visitas,
non falta un tolo ou un bobo
que fale[54] d'ó gado[55], é ó lobo,
é d'á raposa, é d'as pitas[56]. //

Cuando á panza leban chea
de bullós, é d'ó d'as viñas,
dánlle un baque[57] á unha pallea[58],
sendo esta á seña n'á Aldea[59]
pra empezar as cosiliñas[60].

A ó punto deixan á roca
as mozas, é aquel que mais
cabeza ten, he á quen toca
abrir primeiro á sua boca
pra decir logo á os demais:

–"Ante-aer á ó monte fun[61]
é atopen[62] en rebullon[63]
seis paxáros n'un beiron[64];
d'un cantazo matein un;
¿á que naide d'ó fiandon[65]

atina cuantos quedaron
n'ó beiron?" –"Eu ya atinén";
(gritaba un) –"Eu tamen."
–"Tamen eu". –Y outros berraron:
–"eso pouca cencia ten."

–"Pois qu' atinácheis, prometo,
á aquel que primeiro ó diga,
pagarlle ahora mesmo un neto."[66]
– "Paréceme que ya ó meto
gorxa abaixo pra á barriga.

¿Quer qu'eu llo diga?" –"Dí, hom."[67]
–"Si había seis n'ó rebullon
é matou un, claro he, tolo,
que quedaron n'ó beiron
cinco paxáros tan solo."

–"Si tan solo matein un
d'os seis qu'ailí s'atoparon, //
claro he, pedazo d'atun,
qu'ailí non quedóu ningun.
porque os demais escaparon."

–"¡E ten razon!" – "¡Razon ten!"
–"Y he verda!.. Non atinen."
–-"Porqu'eres tu muy rocin."
– "Pra servir á Dios." –"Amen".
–"Pois ahora tócame á min.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

¿Que cousa, cousiña he:
branca, branca como á neve;
negra, negra como á pez;
fala, fala sin ter boca;
anda, anda sin ter pes"[68].

–"Será, será... eso ha de ser
á Luna ou ó Sol". –"Non son".
–"¿De comer he cousa"?. –"Non".
–"¿De beber?" –"Nin de beber".
–"Ahora volve á decir, hom."

–E muy pausadiñamente
volve á repetirlla á ó seu
contrario, qu'atentamente
escuita, é díz derrepente:
–"Ya atinén; ese són eu

ó meu dentamio non troca
ó branco por cuanto teis;
meu coiro[69] he negro, cual véis;
eu falo"... –"Pero teis boca".
–"Eu ando"... –"Pero teis peis."

–"¡Y he verda hom, que pra andar
teño os peis!... Si así non fura
ch'á atinaba; –vou pensar...
acabara d'atinar:
he ó boy d'ó Señor Cura. //

Ten branco ó coiro á ó traves,
sendo mais negro qu'as ratas;
brama é anda todo ó mes"...
–"Porque ten boca é ten pes."
–"Non ten pes tal, que ten patas."

–"Non atinache." –"Pois cuando
non he ó boy, non he pra min."
–"Dáste por vencido"? –"Sin".
–"Pois qu'adonde estou pensando
metas mañana ó foucín.

En brancura á á neve iguala;
negra como á pez á veyo;
Sin pes anda é non resvala;
á ó qu'á lei*, sin boca fala,
unha carta d'ó correyo."

–"¡Y he verdá! Vou confesar
qu'ó dó boy fúi borricada;
mais, ¿quen á podía atinar
sendo tan arrebesada"?[70]
–"Pois pra outra vez, estudiar."

–Un bon pedazo[71] falaron
ainda de cosiliñas;
mais logo qu'arremataron*
élas á as rocas tornaron,
éles á ó leite d'as viñas.

Cuando ó viño iba concluido,
pra asoballarse[72] con élas,
aproveitando un descuido,
c'un garabullo[73] encendido
préndenlles lume as manelas[74].

Elas que vein qu'ó colgaxo //
d'a roca se lles consume,
á meten logo debaixo
d'o mandil, é c'ó refaixo
afogan d'ó cerro ó lume.

En cuanto, brincan sobr'élas
ya cuasi calamoucando,
é anque lles dan n'as canelas*
c'as rocas, ya sin manelas,
as tumban sobre os escanos.

E tanto ailí retouzaron,
qu'á luz d'ó candil mataron
é hasta ó lume desfixeron;
élas entonces fuxeron,
y éles tras d'élas brincaron.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Eu que nunca tal mirein[75]
pasmada á cabeza tiña;[76]
é cuando me percatein,[77]
solo á escuras m'atopein,
entre os potes, n'á cociña.

Como puden, c'unha brasa
encendín logo ó candil;
c'ó burro fúnme pra casa,
é d'á aurora, á á luz escasa,
ya iba andando pra Madril.

A. F. Mor.s

Notas.

(1ª) *Carreiro mal feito* = Sendero mal hecho.

(2ª) *Casas de teito* = Casas con el tejado de paja.

(3ª) *Seique*, igual á *creyo que*, = Creo que; me parece; &c

(4ª) *Demo* = Diablo, ó demonio. //

(5) *Caldo* = Especie de cocido q.e se hace en los potes, compuesto de berzas, frejoles, patatas y toda clase de legumbres y hortalizas, sin carne, ó cuando mas con algun tocino. –Esto es lo que comunmente se come á medio dia y aun p.a cenar en este pais.

(6) –*Xantar* = comer á medio dia.

(*) – *Ganzos* = Palitos de urces secas, que hacen veces de belas.

(7) –*Fura* = fuera. –3ª persona del sing.r del p.to imp.to de sujuntivo, del verbo auxiliar *ser*.

(*) –*Galochas* = Especie de chanclas de madera.

(8) –*Tobelos* = Tobillos.

(9) –*Zoupada* = Caida fuerte.

(*) –*Fouciños*, ó *fuciños* = hocicos.

(10) –*Dentamio* = Dentadura.

(11) =*Enxivas* = Encias.

(12) Moas= Muelas.

(*) *Escarmen*, ó *escarmein* = escarmenté.

(13) –*Labieiriña*; diminutivo de *Labieira* = Aduladora con agasajo, con cariño, zalamera.

(14) –*Xan* = Juan.

(15) –*Fuco* = Francisco.

(16) –*Nelo* = Manuel.

(17) –*Xaque* = Joaquín.

(18) –*Liso* = Luis.

(19) –*Cantroxos* = Arbustos, como los tomilos, q.e recojen del monte p.a quemar.

(20) –*Potes* = Especie de ollas de hierro colado con tres pies, en donde hacen el *caldo*; no tienen por consig.te aquí, la significacion q.e dá á *Pote* el diccionario de la Academia.

(21) –*Coxotes* = Las nalgas y muslos juntos; ó las ancas de los animales de toda especie.

(22) *Troxos* = Los troncos de las Berzas; regularm.te los colocan despues de secos en un monton en las cocinas, detrás ó á un lado de los escaños, p.a ir quemando.

(23) –*Lareira* = Hogar de la lumbre.

(24) –*Preganza*, ó *gramalleira* = Cadena q.e pende sobre el fuego desde las chimeneas de las cocinas, p.a colgar de ella las calderas q.e deben estar sobre la lumbre.

(25) –*Ranchos* = Cerdos.

(26) *Cacho* = Especie de braserillo de hierro, en que asan las castañas.

(27) –Estoupaban = rebentaban. –*Estoupar* = rebentar formando ruido.

(28) –Melandro = Giron, ó pedazo desgarrado.

(*) –*Fincada* = arrodillada; ó fijada en el suelo con la punta de las rodillas.

(29) –*Lurias* =Sogas con que atan la carga en los carros, q.e generalm.te son de cerdas de los marranos.

(30) –*Mata* = Juego de naipes. –No creo sea lo mismo q.e la matarrata, segun dice el Diccionario, porque en este dice, q.e las cartas superiores son el 7 de espadas y el de oros, y en la *mata* de este país son, el as de copas; y el de oros; el caballo de oros; la sota de oros; el 7 de oros, q.e llaman mata de oros; el 7 de espadas, que nombran mata de espadas; luego los treses y despues las demas cartas p.r su natural orden y valor.

(31) –*Gotín* = nombre cariñoso que dán al vino.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

(32) –*Facer boca* = frase= abrir el apetito; ó acompañar á otra cosa, p.ª q.ᵉ se coma con mas gusto ó apetito.//

(33) –*Mate*, ó *mato* = palabra de juego q.ᵉ significa: "que valga tres tantos la jugada". –*Remato* es decir: "valga seis". –*Tres mas nueve*, "valga nuebe". –y *acábase el juego*, q.ᵉ el que gane aquella jugada, haya ganado todo el juego.

(*) –*Perica* = Nombre que dán, en este juego á la sota de oros.

(34) *Lle Rumba* = Le amenaza con vanagloria, le desafia haciendo alarde de la ventaja que sobre el otro tiene, aunque no exista esta ventaja.

(35) –*Bolo* = Nombre ó apodo, que en la mata dan al *As de oros*.

(36) *A Copa* = El As de copas.

(37) *Escachelao*= Con la boca esportillada, ó rota.

(38) –*Aleábanse*= Agarrábanse riñendo. –

(39) –Lapotes= Bofetadas.

(40) –*Luita*= Lucha.

(*) *Bulla* = Monda. *Bullar* = Mondar.

(41) –*Chegar* = Llegar.

(42) –*Chéo* = Lleno.

(43) *Rinchan* =Rechinan.

(44) ó ti-Anton = por *ó tio Anton*: lic.ª poeti.ª = el tio Anton.

(45) –*Cachapo* = vaso de ojalata.

(46) –*Bago* = grano de uba

(47) *Botaban* = Echaban.

(48) –*Golozo* = Estómago.

(49) *Bulló* = Castaña asada y mondada.

(50) *Regoloso* = Regueldo

(51) *Lacazán* = Lambrion.

(*) *Rebullan* = Rebujan ó embuelben.

(52) *Trampa* = Pretina.

(53) *Estrullan* = Estripan, ó hacen una torta.

(54) *Fale* = hable.

(55) *Gado* = Ganado.

(56) –*Pitas* = Gallinas.

(57) *Baque* = empuje.

(58) *Pallea* = Sarten.
(59) *Aldea*, lo mismo q.e *Aldeya*; lo dicen de ambos modos.
(60) –*Cosilinas* = Especie de charadas ó acertijos.
(61) –*A ó monte fun*: al monte fuí. //
(62) *Atopen*, lo mismo q.e *atopein*: = hallé.
(63) –*Rebullon*= Peloton
(64) –*Beiron* = Sobiado de zarzas y maleza
(65) –*Fiandon*, lo mismo q.e *filandon*: se dice de las dos maneras.
(66) –*Neto* = cuartillo de vino.
(67) –*Hom*, lo mismo que *home* = hombre.
(68) –*Pes*, lo mismo que *peis* = pies.
(69) –*Coiro* = Cuero, pellejo.
(*) –*Léi* = Lée.
(70) –*Arrebesada* = difícil, oscura, intrincada.
(71) –*Un bon pedazo* = un buen rato.
(*) *Arremataron* = concluyeron.
(72) *Pra asoballarse* = para arrastrarse retozando, descompuestam.te
(73) –*Garabullo* = Palito de leña.
(74) –*Manelas* = Copos de lana, ó liño puestos en las ruecas.
(*) *Canelas* = Canillas de las piernas.
(75) *Mirein*, *percatéin*, *atopéin*, *falein* &c –lo mismo que *Mirén*, *percatén*, *atopén*, *falén* &c se dicen de los dos modos.
(76) –*Tiña* = Tenía.
(77) –*Percatein* = volví en mí, consideré, ó reparé.

Si no le gusta á V. por cualquiera razon esta composicion, puede V. indicarme, los requisitos q.e ha de tener, p.a hacer otra, conforme, en lo q.e posible me sea, con su deseo. –Me ha parecido bueno el asunto de que trato, porque al mismo tiempo que se manifiesta el lenguaje de este pais, se dan á conocer sus costumbres. (hablo de la gente vulgar, como la de las Aldeas) –Había pensado formar un cuaderno de poesias bercianas, buscando el lado ridículo de todas las costumbres de este pais, en todas las clases, p.a criticarlas, empezando p.r su capital (Villaf.ca) metiéndome con los dos sexos en ambas clases; buscándolos en los paseos, teatro, visitas, vailes, y funciones; descendiendo luego á las Aldeas; a sus concejos, fiestas, funciones de

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Ygle-//sias, novenas, *entroidos*, como ellos llaman á los carnabales, filandones &c, p.º he visto q.e era obra muy larga y me he contentado con hablar de los filandones solam.te, aunque pienso, cuando esté algo deshogado, seguir mi plan. –Ya tenia compuesto el articulo de *paseos*, de Villaf.ca, p.º me aconsejaron y rogaron que no ridiculizase tanto á mi pueblo mismo, y lo he dejado; p.º repito q.e pienso continuar, mas adelante. –Tanto en esta, como en la otra: (*A la Virgen de las Angustias*) puede V. con entera libertad quitar, añadir, borrar, enmendar &c, lo que le parezca, seguro de que me hará en ello un especial favor; ó no hacer uso de ellas, si por cualquiera causa no las conceptua dignas del objeto á q.e piensa destinarlas; pues tan lejos de manifestarme resentido p.r ello, sería un nuevo favor que tendría que agradecerle, y una prueba mas del afecto que le debo, no permitiendo que un amigo suyo se ponga en ridículo, con la publicacion de una obra malisima. –

En el 2º verso de la tercera 8.ª de la composicion q.e antes le remití dice: "*fenecida*; debe decir: *fenexida*.

–*E*, del vervo *ser*, debe ponerse ó escribirse: *hé*, para distinguirlo de la conjunción *é* = y

En el 6º v.so de la misma 8.ª dice: *é su sistema*. Debe decir: *é seu sistema*.

En el 7º v.so de la misma 8.ª dice: *Cejar*. –Debe decir *cexar*; pues en efecto he obserbado que apenas hay sonido paladial de j, porque si bien es cierto que en algunas palabras se pronuncia en su sonido, tambien he observado que estas mismas palabras se pronuncian las mas de las veces como xa, xe, xi, &c.

El 1er vso de la 1ª quintilla dice: *Dixien*. Debe decir: *Dixen*.

En el 2º de la 4ª dice: *inxiuriou*; debe dicir: *inxuriou*.

En el 1º de la 5ª dice: *quixio*, debe decir: *quixo*.

En el 5º de la 5ª dice: *fixio*. –Debe decir: *fixo*.

Paréceme q.e en el 1º de la 1.ª 8.ª dice tambien: *Deixia*, debiendo decir: *Deixa*, y lo mismo en el 4.º de la misma 8.ª. –Tambien en la 3.ª 8.ª he puesto *xiente*, *exiemplo*, debendo ser *xente*, *exemplo*. –Siempre q.e me descuide quítese la *i*.//

Lenguaje Berciano.//

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

4ª CARTA DE MORALES A CUBÍ

Villaf.ca 10 de Junio 1848

Mi querido Cubí: hasta antes de ayer no recibí su tan deseada y apreciable de 16 del pasado, cuyo retraso no sé que haya podido orijinarlo.

Aunque estoy muy ocupado, en una *obra de caridad*, y no muy bueno, no quise suspender la traduccion al dialecto Berciano, de la Parábola del Hijo Pródigo, que le incluyo, advirtiéndole que he cuidado, en lo posible, de traducirla literalmente, porque, créo, sea lo que V. desea. –En efecto el dialecto que en Cacabelos se habla es diferente, aunque en muy poco, dél de los demas pueblos del Bierzo, casi como cada uno de éstos se diferencia tambien de los otros, por cuya razon fuera difícil, ó acaso imposible, conocer todas las diferencias que hay entre cada uno de ellos, pues ademas tambien participa cada uno de la fisionomia del otro, aunque conserve al mismo tiempo la suya especial. –Quiza se lograria con paciencia y trabajo separar por sus diferencias el dialecto de cada cual del de los demas, (aunque lo que mas caracteriza á cada pueblo, no es, en mi concepto, la diferencia de las voces, frases y pronunciacion, sino la cadencia ó acento particular de los vecinos de cada pueblo) p.o fuera, sobre penoso y acaso inaccesible, de muy pequeña ó ningunas ventajas, pues paréceme, que el principal objeto debe ser dar una idea del dialecto Berciano en general, ó mas bien hacer notar las principales diferencias que lo separan de la lengua castellana, galle-//ga, Asturiana y Portuguesa, por ser estos paises los que rodean al Bierzo. –De todos modos, si V. necesita que haga un examen detenido de las diferencias que reinan en el dialecto de algunos pueblos, lo haré gustosísimo, aunque temo adelantar poco.

De muchísima satisfacion nos ha servido el juicio frenológico que le ha hecho el S.r Peró de la cabeza de mi hermano, y tanto mas, cuanto que al par vémos los conocidos adelantos que hace en el ramo á que se dedica. –El primer dia que se vió con el S.r Madrazo, su maestro, despues de ser examinado por este, y visto, que hubo, sus anteriores obras, aun cuando mi hermano pensaba empezar por los rudimentos ó principios del arte, y se lo propuso así á aquel célebre pintor, este le puso al momento á copiar del yeso ya, la cabeza de Cesar Augusto. –No ha sido una escena de la vida de D. Quijoje, como equivocadam.te dice el S.r Peró lo que puso mi hem.o de bulto, en una piedra muy blanda y blanca de este país, sino el retrato de medio cuerpo de Napoleon, copiado de una lámina, y otro grupo de caricaturas francesas, cuyos trabajos han llamado la atencion á cuantos los han visto, por la esquisita semejanza que tiene con los orijinales de que han sido copiados.

–Mi Papa escribió a un tio mio que está ahora en esa, y que le ayuda á dar carrera á mi hermano, encargándole visite á V. en mi nombre, con el objeto de que se sirva V. cuando benga bien, hablarle del juicio frenolójico que el S.r Peró

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

hizo de mi herm.º. –No obstante dudo algo busque á V., por la circunstancia de no saber su havitacion de V, y por-//que es un Señor mayor algo metido en si, y demas severo y circunspecto. –Se llama D. Joaquín Machado, Yntend.te honorario juvilado, contador que fue de Puerto-Rico, y antes que esto militar desde la niñez.

–Soy muy holgazan, ó mas bien estoy sin gusto para nada, mi querido Cubí, y por eso hace ya medio año que debia haber concluido mi empezada obra. Pero no ha sido este el principal motivo; sino el ocupar, ó haber ocupado el tiempo en una obra que tenía empezada, que es el drama titulado: "El Ermitaño de Uruela", del que me parece ya haber hablado á V., pues tengo una cualidad singular, estraña; y es que no puedo, sin hacer una terrible violencia á mi caracter, abandonar una obra empezada; p.º ésta ya está concluyendo felizmente, y entonces podré dedicarme librem.te á lo demas.

Suyo de corazon, su amante amigo

Ant.º F. Morales//

Parábola do fillo pródigo:

11..... Un home tiña dous fillos:

12... d'os cuais ó mais mozo dixo á seu padre: Padre, dame á parte d'á herencia que me toca. Y ó padre repartiu entr'os dous á hacenda.

13. Non se pasaron muitos dias qu'aquel fillo mais mozo, recollidas todas suas cousas, marchóuse á unha terra (en lugar de pais, porque este apenas se usa) muy remota, é ailí malbaratóu todo seu caudal, vivindo relaxadamente.(por disolutam.^{te})

14. –Despois qu'ó gastou todo, sobrevéu unha gran fame n'aquela terra, y[1] ascomenzóu á padecer necesidá.

15. –D'as resultas púxose á servir á un vecín (ó *veciño*, por morador, cuyo término no se usa) d'aquela terra, ó cual ó mandou (*mandar*, por enviar, aunque tambien se usa *enviar*, p.^{r} lo mas castizo es *mandar*) á sua granxa (tambien, *casar*) á guardar ranchos. (tambien, *cochos*, *porcos*, *marraos*, &^{c}).

16. –Ailí deseyaba muito (por, *con ansia*) henchir seu bandullo (tambien, *ventre*) d'as garrobas é bulladuras que comían os ranchos: é naide llas daba.

17. –E tornando en si, dixo: ¡Ay cuantos obreiros (tambien, *xornaleiros*) n'á casa de meu padre téin pan á bondo, (*ábondo*, frase, igual á *en abundanc.^{a}*) en cuanto (ó mentras) que eu estóu aiquí morrendo de fame!

18. –Non: eu irén á meu padre, é dirénlle: Meu padre, pequéin contra ó Celo é contra ti:

19. –ya non son merecedor (por digno) de ser chamáo fillo teu: trátame como á un d'os teus obreiros.

20. –Con esta resolucion púxose en camiño pra á casa de seu padre. Es-// tando ainda lexos ó avistóu seu padre y enternecíronselle as entrañas, é correndo á seu encontro botóulle os brazos á ó pescozo, é déulle mil bicos.

(1)- Siempre que la palabra que sigue á la conjuncion, empieze con vocal, aquella será y no *é*, á menos que la vocal con que empieza dicha palabra sea la *i*, en cuyo caso la conjuncion será *é*; mas si la palabra empieza con consonante, la conjuncion siempre será *é*.

21. –Díxolle ó fillo: Meu padre, eu pequéin contra ó Celo, é contra ti, ya non son merecedor de ser chamáo fillo teu.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 241-305
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

22. –Mais ó padre por resposta dixo á seus criaos: Correndo (tambien, *presto*) traéi aiquí logo ó vestio mais precioso qu'hai n'á casa, é poñédello[1], poñéille unha sortixa n'ó dedo, é calzáille as sandalias:
23. –é traéi un xato cebao, matáio é comamos é celebremos un banquete: (óu *fagamos unha xantada*, óu *fagamos unha merenda*)
24. –pois qu'este fillo meu estaba morto, é resucitóu: perdírase y atopóuse. Y con eso deron principio á ó banquete.
25. –Atopábase n'aquel astonces (frase vulgar, que significa *á la sazon*) ó fillo mayor n'ó campo: y á volta, estando ya cabo (tambien *cerca*) d'á sua casa, oíu ó ruido (no hay equivalente á concierto) d'a música y ó baile:
26. –é chamou á un d'os seus criaos, é preguntóulle qué viña á ser aquelo:
27. –ó cual lle respondéu: Volvíu teu hermau, é teu padre mandóu matar un xato (tambien *becerro*) cebao, por habelo recobráo en boa salu.
28. –Oindo esto, irritóuse, é non quería entrar. Salíu, pois, seu padre á fora, y ascomenzéu á instalo con súpricas.
29. – Pero el replicóulle dicíndo: Hé bon qué tantos anos fai que te sirvo, sin haberte nunca desobedecío en cousa algua que me haigas mandáo, é nunca me déche un cabrito para merendar c'os meus amigos:
30. –y ahora que véu este teu fillo. Ó que consumíu sua hacenda c'as // Malas mulleres, (no hay equivalente á meretriz, como no sea demasiado disonante) logo fixeche matar pra él un xato cebao.

(1) (é ponédello)

31. –Meu fillo, respondeu ó padre, tú sempre estás conmigo, é todos os bienes meus son teus:
32. –mais ya veis qu'era muy xusto ó tér un banquete, é regocixarnos, por cuanto este teu hermau había morto, é resucitóu; estaba perdío (mas bien, *perdírase*) y atopóuse.

_____//

El hijo Pródigo
en Berciano.//

IV

Homenaxe a Juan Antonio Saco Arce

Perfil biográfico de Juan Antonio Saco Arce: o seu compromiso intelectual / Juan L. Saco Cid

Saco Arce como gramático. Significado e pegada da súa obra / / Antón Santamarina

"Con abundancia de razóns": a literatura na *Gramática* de Saco Arce / / Teresa López

A gramática na *Gramática* de Saco Arce / Francisco Dubert García

A proposta ortográfica de Saco Arce no contexto do Rexurdimento / / Xosé A. Fernández Salgado

Descrición e prescrición na *Gramática* de Saco / / Ernesto X. González Seoane

A obra de Saco Arce no contexto do Rexurdimento / / Xurxo Martínez González

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 309-328
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.735

PERFIL BIOGRÁFICO DE JUAN ANTONIO SACO ARCE: O SEU COMPROMISO INTELECTUAL

BIOGRAPHICAL PROFILE OF JUAN ANTONIO SACO ARCE: HIS INTELLECTUAL COMMITMENT

Juan L. Saco Cid

Resumo: Pequena biografía de Juan A. Saco Arce, con especial atención á súa formación académica e humanística. Baseándose na súa dobre titulación e na súa polifacética obra tan extensa, como gramático, como investigador da literatura e do folclore galegos e como poeta, o autor trata de presentalo como personaxe fundamental do Rexurdimento galego. O seu pouco recoñecemento como tal explícase pola brevidade da súa vida, que non lle permitiu ver fóra do prelo máis ca unha parte da súa obra e porque en boa medida os escritos que amosan os seus méritos non son creacións literarias dirixidas ó gran público, senón traballos de crítica, investigación e científicos sobre a lingua galega e o emprego dela naquela altura polos literatos e falantes, feito que limita grandemente a súa difusión popular.

Abstract: A brief biography of Juan A. Saco Arce, focusing in particular on his academic and humanistic education. Based on his double degree and extensive and versatile work, despite the brevity of his life, as a grammarian, as a researcher of Galician literature and folklore and as a poet, the author attempts to present him as a key figure in the Galician Rexurdimento. His scarce recognition as such is explained by the short time he was alive which only permitted him to see a small amount of his work published, and because, to a large extent, the writings which show him as such are not literary creations aimed at a large audience, but criticism, research or scientific works about Galician and its use by writers and speakers, which limits his popular appeal.

Palabras chave: Juan Antonio Saco Arce, Gramática, literatura popular, poesía, sacerdote, lingua galega.

Key words: Juan Antonio Saco Arce, grammar, popular literature, poetry, priest, Galician.

Otero Pedrayo adoitaba dicir que o espírito ourensán do século XIX —o século de Curros Enríquez, o século de Lamas Carvajal, o das revistas patriotas e o dos grandes establecementos— estaba representado por tres cregos que pasearon o seu manteo polo *espolón* da Praza Maior. O primeiro, o deán Juan Manuel Bedoya, un crego liberal, santanderino de nacemento, colaborador do cardeal Quevedo, que morreu en Ourense en 1850. O segundo Juan Antonio Saco Arce, dos tres o único que era ourensán de nacemento. E logo o seu sucesor na cátedra de Retórica e Poética do Instituto, Marcelo Macías y García, astorgano de vida tan dilatada coma fecunda. Curiosamente, os tres non se coñeceron entre si: Bedoya morreu cando Saco era un mozo estudante, e Macías chegou a Ourense á morte de Saco Arce.

A figura deste xorde cando, a partires do pensamento e da actividade nos eidos social e político dos provincialistas, xermola entre a intelectualidade e, en xeral, a xente culta, un sentimento de toma de conciencia de identidade de país.

É precisamente nos inicios desta segunda metade de século cando comeza a reivindicación da lingua (Juana/Prada 1996: 65-66), que cronoloxicamente dá principio coa publicación de *A gaita galega*, de Xoán Manuel Pintos en 1853, ó que van seguir un ronsel de poetas que tentan dignificala; un proceso que se manifesta plenamente no ano 1861 coa celebración dos Xogos Florais na Coruña, e en 1862 coa publicación do *Álbum de la Caridad*, traballo colectivo que marca un fito polo aumento en número de autores que empregan o galego na poesía. Cando en 1863 publica Rosalía de Castro *Cantares gallegos* esta conciencia de identificación do país coa súa lingua está xa plenamente establecida nas elites intelectuais. Non así entre outras capas da pequena burguesía vilega, como denuncia Saco Arce (1868b: VI), e pon ás claras o prólogo da gramática de F. Mirás, que sinala que "muchos al oir hablar a un labriego no lo pueden entender...", polo que "nos hemos determinado a darlo á luz [o *Compendio*] a fin de que pueda comprenderse este idioma", finalidade práctica que concordaba moi ben co confusionismo que imperaba entón arredor da mesma natureza da lingua.

O recoñecemento do galego coma lingua de seu, a pesares de que nas clases populares e no ámbito rural era a lingua dominante, foi un proceso lento e dificultoso que bateu de fronte por unha banda coas ideas contraditorias entón dominantes entre boa parte dos estudosos da lingua quen, ou ben cualificaban o galego como "um dialecto do portuguez", como opinaba Theóphilo Braga (Blanco 1992: 72), ou consideraban, pola contra, que a lingua portuguesa "no es otra cosa que la extensión de la gallega" como di o P. Sarmiento (Pensado 1974: 20) e, pola outra, coa opinión dos que, coma Dª. Emilia Pardo Bazán (1878: 286), consideraban o galego como rural e pouco axeitado para expresar sentimentos e pensamentos elevados.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 309-328
ISSN: 1576-8767

Na consolidación deste sentimento de identidade de país, e na identificación entre este e a súa lingua, ocupa un lugar senlleiro Don Juan Antonio Saco Arce, non só como poeta e polos seus estudos sobre a gramática e a nacente literatura galegas, senón tamén polos chamamentos que acotío fai para espertar nos seus compatriotas estes sentimentos.

Pero, hai homes ós que a Natureza forneceu dun espírito baril e forte, mais, en troques, non foi tan xenerosa no físico. Hai que partir, para facer a súa biografía, do retrato que del trazou Vicente Risco:

> É un introvertido, un soñador, unha poderosa intelixencia, un esprito escolleito e cultivado que houbera dado de sí moito mais do que deu, s'a morte nono levara tan cedo… Pouca vida e moita vitalidade, pouca resistencia orgánica e moita forza psíquica. Co-ista ten que suprir o que lle faltaba d'aquela (1927: 4).

Saco Arce naceu na aínda hoxe chamada Casa Grande de Alongos, no concello de Toén, a nove quilómetros de Ourense, o día 8 de marzo de 1835. Era fillo do farmacéutico José María Saco Noguerol e de Juana Justa Arce, coruñesa de nacemento. Por liña paterna é neto de Juan Antonio Saco Taboada, que pola súa procedencia da liñaxe da familia da casa e torre de Bendoiro (Lugo), entrara en posesión dos bens de Alongos, Malvedo e Puga polo seu matrimonio con Dona María Noguerol, herdeira por liña materna da liñaxe ribeirá dos Puga.

Era entón costume entre as familias acomodadas do rural galego que os seus fillos fixeran os seus primeiros estudos preto da contorna familiar, nalgunha das pasantías que entón funcionaban vencelladas case que sempre ás institucións parroquiais, feito que parece recoller Balbín de Unquera (1881:340) cando di que "cursó las primeras letras y latinidad en un pueblo cercano al suyo". A partir de 1845 comeza os seus primeiros estudos oficiais (Pedret 1935: 42) no Instituto de Ourense, precisamente o ano en que principia a actividade académica do devandito Centro.

Nos cursos académicos 1846-47 e 1847-48 figura matriculado nos cursos segundo e terceiro de Filosofía; a continuación pasou a estudar os cursos cuarto e quinto en Santiago, durante os anos académicos 1848-49 e 1849-50, para acadar o Título de Bacharel en Filosofía en 1850. Nese mesmo ano matriculouse de 1º curso na Facultade de Teoloxía de Santiago, pero por ter sido suprimidos estes estudos naquela Universidade, volta a Ourense e no Seminario desta cidade, entre 1851 e 1854, cursa Teoloxía, onde segundo Pedret Casado (1935: 42) "fixose acreedor do agarimo do Bispo Lastra Cuesta, mais tarde Cardeal Arcebispo de Valladolid". Repostos de novo na Universidade Compostelá os estudos de Teoloxía, Saco Arce cursa alí os demais cursos ata o 7º ano. O día 29 de outubro de

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 309-328
ISSN: 1576-8767

1858, logo dunha brillante disertación sobre a falsidade do protestantismo diante dun tribunal presidido por Domingo Cortés, obtén a Licenciatura en Teoloxía con Premio Extraordinario, título que se lle expide en data 20 de novembro.

A partir deste momento Saco comeza a carreira docente, sen esquecer porén a súa formación que vai da man do seu labor como profesor e posteriormente como sacerdote. O día 9 de novembro de 1858 é nomeado catedrático interino de Grego do Instituto de Pontevedra, onde sabemos que residiu efectivamente, xa que nesa vila aparecen asinadas 25 das composicións do seu libro *Poesías* entre febreiro de 1859 e decembro de 1862. Non obstante, existen datos (Saco Maureso 1968: XII) que proban que solicitou ser trasladado ó Instituto de Ourense, que a solicitude foi ben informada polo Director deste Centro[1] e que chegou incluso a expedírselle unha credencial de nomeamento.

A súa estadía na vila do Lérez parece un fito determinante na súa decisión de ordenarse sacerdote en decembro de 1861, como quere suxerir o feito de que das composicións asinadas en Pontevedra, haxa once agrupadas baixo a epígrafe "Poesías místicas" datadas entre abril de 1860 e xuño de 1861. Esta súa nova condición de sacerdote reflicte o seu carácter de fonda relixiosidade e explica ben o seu compromiso moral e a actitude que tomou ante moitos dos acontecementos que lle tocou vivir.

Estivo en Pontevedra polo menos ata decembro de 1862. Sabemos tamén que nese ano escolar (1862-63) cursou os estudos do doutoramento en Teoloxía na Universidade Central, estudos que compaxinou cos de linguas modernas, francés, italiano e alemán (Balbín 1881: 340), ó tempo que preparaba oposicións a Cátedra, nas que acadou o número 1 entre 19 opositores (Saco Maureso 1967: XII). Foi nomeado catedrático de Latín e Grego do Instituto de Castellón por Real Orde de 16 de xullo de 1863 e trasladado por R. O. de 26 de agosto do mesmo ano á cátedra da mesma materia do Instituto de Ourense. Descoñecemos as fontes das que Otero Pedrayo recolle o dato de que no momento da oposición se lle ofreceu a cátedra de Grego da Universidade Central (1943: 114), mais o certo é que desenvolveu neste Centro o resto da súa vida académica de Profesor.

Cando Saco Arce se incorporou ó Instituto de Ourense, no plan de estudos contemplábase a existencia dunha cátedra de "Latín e grego", outra de "Retórica e Poética" e outra máis de Literatura. Saco Arce explicou as súas materias ata o curso 1865-66, como demostra unha folla impresa que contén unha poesía a el dedicada e asinada por "Sus discípulos de 2º ano de Griego", datada en maio de 1866. Nese mesmo ano modifícase o plan de estudos, suprímese a cátedra de Latín

1 "Libro de copia de comunicaciones", Nº 195. Arquivo do IES Otero Pedrayo: "Además de las razones que el interesado alega, hay la favorable circunstancia de que dicho Profesor se ha distinguido como alumno por sus escogidas dotes…".

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 309-328
ISSN: 1576-8767

e Grego, desaparece o Grego como materia do Bacharelato, créase unha nova cátedra chamada "Perfección de Latín y Principios generales de Literatura" —que foi asignada a José García Mosquera (Carballo 1962: 84-85)—, e como consecuencia desta nova organización, Saco Arce é declarado en excedencia no mes de outubro e pasa á cátedra de Retórica e Poética. Figura como tal noutra folla impresa que contén unha poesía dedicada "A Don Juan Antonio Saco y Arce, Catedrático de Retórica y Poética", asinada polos seus alumnos en 1868. Soubo compaxinar o desempeño da cátedra coa continuación dos estudos universitarios, e o 6 de outubro de 1866 rende exames do grao de Bacharel en Filosofía e Letras na Universidade de Santiago nos que acada a cualificación de Sobresaliente.

Saco Arce, posuidor desa dobre titulación, foi tamén profesor de dúas disciplinas ó longo da súa carreira docente. Se se quere facer un retrato da súa personalidade, hai que partir de dous trazos definitorios: o primeiro, que se corresponde coa súa titulación en Letras e que se manifesta polo seu interese e cultivo dos estudos de filoloxía, as súas investigacións e coñecementos sobre literatura, e nomeadamente a literatura popular, a súa profunda formación clásica, que lle permite cultivar os estudos de gramática, escribir poesía, pescudar na literatura e traballar no ensino do latín e do grego. O segundo trazo, que se corresponde cos seus estudos de Teoloxía, é a súa firme actitude ética e moral que é reflexo da súa fonda relixiosidade, a súa vocación sacerdotal e o seu ascetismo (Otero 1943: 114). E esta firmeza reflíctese noutro acontecemento importante da súa vida académica.

En 1868 prodúcese en España unha revolución que puxo fin ó reinado de Isabel II, promúlgase unha constitución, baixo o Goberno Provisional de Serrano, e decrétase que a xuraran tódolos empregados públicos. Debido ós seus principios morais e éticos, Saco Arce négase a xurala, xuntamente con Lorenzo Pereira Freire, catedrático de Latín e Castelán e Xoaquín Losada Pimentel, catedrático de Matemáticas. Como consecuencia desta negativa, na sesión de claustro do día 14 de maio de 1870 o director, Xoaquín Gaite, dá conta dun escrito do Reitor da Universidade de Santiago que traslada tres Reais Ordes, polas que os tres catedráticos son separados do servizo e dados de baixa na escala ("de los de su clase"). Non sabemos ben o alcance da devandita baixa, porque na acta desa sesión, de puño e letra de Saco, consígnanse tres feitos realmente curiosos: primeiro, a pesar da súa destitución, ó final firma Saco Arce como secretario (era secretario do Centro ata ese momento dende o 11 de xuño de 1868), firma que aparece riscada e por baixo dela consta a firma de Xosé M.ª Rodríguez; segundo, porque nela o director propón que os citados catedráticos sexan nomeados "en el concepto de personas extrañas al profesorado oficial" membros dos tribunais da seguinte convocatoria de exames; e, por último, porque o claustro "acordó se consigne en el Acta de

esta Sesión el sentimiento que le causa el ver separados del Instituto a tan dignos Profesores y compañeros y así se les participe a estos".

O certo é que tras a derrogación da constitución, o claustro do Instituto acorda solicitar a reposición na cátedra de Saco Arce (Saco Cid 1987: 11), solicitude que cursa á superioridade o Reitor da Universidade de Santiago, quen en 28 de maio dese mesmo ano oficia ó Director do Instituto: "el Gobierno de la República ha tenido a bien conceder en propiedad a D. Juan Antonio Saco y Arce la cátedra de Retórica y Poética vacante en ese Instituto…".

Pero eses dous trazos que tan axeitadamente retratan o carácter e o devir da vida de Saco Arce están sometidos a un terceiro, que é realmente o eixe arredor do que xira toda a súa obra: o seu amor filial, sincero e apaixonado pola terra que o vira nacer, polo seu país, polos seus costumes, pola súa lingua. Se os outros dous trazos explican a súa traxectoria vital e a súa vida académica, este seu amor a Galicia preside e inspira toda a súa obra e o seu traballo intelectual. Un traballo intelectual que abrangue moi variados aspectos, porque Saco foi gramático, pero tamén crítico literario, periodista, poeta, folclorista. A pesar da brevidade da súa vida, a obra de Saco Arce é extensa e variada, malia que non tivo tempo nin para que o que escribiu e chegou a publicar formase un verdadeiro corpus, nin tan sequera para poder ver publicada en vida toda a súa obra, moita da cal xa tiña redactada definitivamente e rematada.

Sabemos que tiña en curso de elaboración moi avanzado unha contribución ó *Diccionario de Autoridades* da Real Academia Española: no momento do seu pasamento, tiña xa redactadas máis de 2.500 papeletas[2]. Estas papeletas, que aparecerán logo da súa morte no faiado da casa nº 9 da rúa de Cisneros onde vivira, foron enviadas no ano 1963 polo seu sobriño, Juan Saco Maureso, á RAE, a través do seu secretario, naquel momento Julio Casares, xunto cun oficio de remisión e unha "Dedicatoria á Cristo Nuestro Señor" en verso, ámbolos dous textos de propia man do autor[3]. Non sabemos o que ocorreu con tal envío; o certo é que nós non puidemos descubrir o paradoiro de todo este material, cuxa perda nos parece unha gran mágoa. Se xulgamos o contido de tres papeletas que se conservan, sen dúbida pertencentes a este conxunto, aparecidas nun sobre illado mesturado con outros papeis naquel faiado, serían ben aproveitables, senón é que xa están aproveitadas hoxe con algunha outra firma ó pé.

Un traballo que tiña rematado xa cando o sorprendeu a morte é o relativo á literatura popular. Tódolos que se ocuparon da figura do noso autor citan este

2 No arquivo familiar consérvase unha nota manuscrita do sobriño do autor, Juan Saco Maureso, que cifra en 2.726 e dá o número de papeletas de cada entrada alfabética entregadas a Casares.

3 Coñecemos estes datos por un artigo que Saco Maureso publicou no xornal *Faro de Vigo* o día 11 de abril de 1963 (Saco Cid 1987: 18), no que publica tamén o oficio e maila dedicatoria.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 309-328
ISSN: 1576-8767

traballo aínda que ningún deles o puido ver, xa que non foi ata un século despois da súa morte cando puidemos coñecelo case na súa totalidade. Dende había tempo viña recollendo sistematicamente as manifestacións de literatura popular que atopaba, como sabemos polas comunicadas a Milà i Fontanals (Blanco 1992: I, 90), quen publicou moitas delas en 1877, é dicir, catro anos antes da súa morte.

Cando morreu, en 1881, moitos destes materiais estaban xa na imprenta de Gregorio Rionegro, na Praza do Ferro de Ourense, agrupados baixo o título *Literatura Popular de Galicia*, e co subtítulo *Colección de coplas, villancicos, dialogos, romances, cuentos y refranes gallegos*. A preparación das pranchas de impresión interrompeuse co seu falecemento. Durante moitos anos os pregos estiveron perdidos ata que o Sr. Marquina Álvarez, membro da Comisión Provincial de Monumentos atopou por casualidade as galeradas que xa estaban preparadas e corrixidas pola propia man do autor. O feliz achado produciu que esta parte da obra se comezase a publicar no *Boletín* da devandita Comisión. Esta parte, que comprendía a *Introducción* e 472 coplas, seguiuse publicando ininterrompidamente en números sucesivos ata o 98, do Tomo V, correspondente ós meses de setembro-outubro de 1914. O mesmo Sr. Marquina, despois de xestións co sobriño do autor, Antonio Saco Arce, conseguiu o resto da obra, en cuartillas de puño e letra do autor, que foron engadíndose sen máis e con pouco coidado á colección. Deste xeito, a publicación non se fixo seguindo o primitivo plan de edición que trazara o propio Saco Arce (Saco Cid 1987: 20-30), e hai unha desorde e incluso lagoas nos materiais publicados, que sufriron, por unha banda, confusión e desorganización dos textos, e por outra a perda definitiva dunha parte que non podemos cuantificar con exactitude.

Os materiais que conformaban a *Literatura Popular de Galicia* estaban en poder da Comisión Provincial de Monumentos, que tiña os locais nos baixos da ala norte do Centro Provincial de Instrución, hoxe IES Otero Pedrayo, con entrada pola actual rúa de García Mosquera, onde aínda hoxe campa o seu letreiro. No primeiro andar da mesma ala estaba instalada a valiosísima Biblioteca Provincial que contiña os fondos de tódolos mosteiros desamortizados da provincia, definitivamente perdida dende a madrugada do 8 de decembro de 1927, en que foi consumida polo lume que arrasou toda a ala norte e boa parte da ala leste do edificio. Seguramente a consecuencia dese incendio, o orixinal do traballo de Saco Arce desapareceu de novo, aínda que felizmente non se perdeu, xa que outro membro da mesma Comisión, Juan Domínguez Fontenla, volveu atopalo en Pontevedra (Saco Maureso 1967: XIX), e a partir de 1939 publicáronse algúns contos da colección. Posteriormente, o que quedaba do manuscrito da obra foi devolto á familia.

Podemos dicir, polo tanto, que coa excepción das lagoas producidas na imprenta polos caixistas ó separar os pregos do orixinal para a súa comodidade, felizmente

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 309-328
ISSN: 1576-8767

temos case que enteira a obra de Saco Arce. O conxunto é o resultado de agrupar materiais de catro fontes distintas:

1º: a publicación feita no *Boletín de la Comisión de Monumentos*.
2º: as probas de imprenta corrixidas polo propio autor.
3º: un manuscrito, esfollado e evidentemente incompleto, que serviu para compoñer as probas de imprenta conservadas e para facer unha parte da publicación no *Boletín*.
4º: un segundo manuscrito, enteiro e que ten perfectamente cosidas as follas polo lombo, que contén os "Romances", a segunda parte da obra ("Cuentos"), e a terceira ("Refranes"), completas ámbalas dúas.

Hai outra importante lagoa no material sobrevivente. No Índice, conservado autógrafo de Saco Arce, ó remate do último manuscrito, entre a "Introducción" e a epígrafe "Catálogo de los pueblos a que pertenecen las poesías contenidas en esta colección", menciona unha "Advertencia ortográfica", que non foi publicada pola Comisión de Monumentos, supresión da que non sabemos os motivos. Este feito constitúe unha verdadeira mágoa porque, aínda que é de esperar que non diferise moito das normas que expón na *Gramática* (Saco Arce 1868: 226-230), hoxe poderían ser de utilidade nos traballos de normativización da nosa lingua, felizmente tan avanzados.

Na península, os estudos sobre a literatura popular comezan nun libro fundamental do P. Sarmiento (1775). Neste volume, obra editada moito despois da súa morte polo Mosteiro de S. Martín de Madrid, o frade bieito, ó facer un percorrido a través do panorama literario da península ibérica, analiza o nacemento das diversas formas de creación literaria, ocúpase da poesía popular galega (1775: 237-238) e fai atinadas observacións, algunha delas recollida polo noso autor (Saco Arce 1987: 40), como a de atribuír a autoría das cantigas ás mulleres, que "no solo son Poetisas, sino Músicas naturales", de xeito que "en la mayor parte de las coplas gallegas, hablan las mugeres con los hombres". Esta obra é, sen dúbida, o precedente de tódolos traballos arredor do tema.

Pero falta un século para que en 1874 Milá i Fontanals publique o seu *De la poesía heroico-popular castellana,* que é o punto de partida de onde xorden nomes como o de Lafuente Alcántara en Castela, Fernán Caballero e Machado Álvarez en Andalucía, Adolpho Coello e Teófilo Braga en Portugal etc.

Cos autores do Rexurdimento comézase en Galicia a valorar as manifestacións populares, e a ese sentimento responden os *Cantares gallegos* de Rosalía, de quen sabemos que recollera varios pregos de coplas e aproveitara eses materiais (Blanco, 1992: I, 44-47). E tamén hai que mencionar que no ano 1855 Murguía publicara a súa *Historia de Galicia*, na que se ocupa con verdadeiro tino destes temas; e, como ilustración das afirmacións que fai, recolle e publica varias pezas, exercicio que vai

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 309-328
ISSN: 1576-8767

seguir facendo, porque el mesmo di anos máis tarde que está a preparar un traballo ó que xa lle ten asignado título: *Rimas populares de Galicia* (1889: 17).

En Galicia é tamén Milá i Fontanals (1877), con quen Saco Arce mantén unha relación epistolar e de intercambio de información, o primeiro que publica unha colección de cantigas precedidas por un estudo. Tempo antes de que en 1884 se fundase na Coruña a Asociación del Folklore gallego, que presidiu Emilia Pardo Bazán e á que pertencían, entre outros, Antonio M.ª de la Iglesia, Salvador Golpe, Juan de la Osa e José Pérez Ballesteros, Saco fixera xa un traballo de campo de recollida de materiais e preparara a publicación do seu libro *Literatura Popular de Galicia,* no prelo no momento da súa morte. José Pérez Ballesteros, catedrático e director do Instituto da cidade, con quen Saco Arce estaba vencellado por unha fonda amizade, é o autor de *Cancionero popular gallego y en especial de la provincia de La Coruña*, publicado en 1886, con prólogo de Th. Braga e un apéndice de Antonio Machado Álvarez, que, segundo Couceiro Freijomil (1935: 272) é "la mejor colección que poseemos". O interese e a importancia do libro póstumo de Saco Arce consiste en que a súa redacción e entrada no prelo se sitúa entre a publicación de Milà i Fontanals, a quen comunicara xa parte dos materiais que recollera, e a creación da devandita asociación, amosándose por iso coma un nexo entre os dous fitos.

Podemos asegurar con certeza que a recolleita e decrúa dos materiais ten que ser bastante anterior a 1868, data de publicación da *Gramática*, porque nesta obra publicara xa a maior parte dos refráns e porque nela están reflectidos moitos dos elementos que figuran nos textos da súa *Literatura popular*. E, por outra parte, sabemos tamén que en 1881, cando morre, a obra está rematada e imprentándose e, respecto da redacción propiamente dita, temos a testemuña de Milà que dá como comunicados por Saco Arce 19 coplas, 1 muiñeira, 4 romances, 2 xoguetes ós que Milà chama "cantarcillos" e 2 panxoliñas.

No que Saco Arce se mostra totalmente anovador en relación ós traballos anteriores publicados é en que, agás 120 dos *Refráns*, tomados de Hernán Núñez (Saco Arce 1987: 305), o resto dos materiais recollidos, elaborados e publicados, foron escoitados por el mesmo nun traballo de campo na súa época realmente difícil, extraordinario e anovador, que o converte en pioneiro.

Dos escritos menores que Saco Arce conseguiu ver publicados en vida, hai dous que, aínda que pequenos en extensión, son importantes porque amosan a pretensión que tiña de conseguir que a lingua galega se convertese nunha lingua de cultura en paridade coas que xa tiñan unha literatura consolidada e recoñecida. A xente do Rexurdimento era sabedora de que todo este traballo estaba por facer, e Saco emprendeu a tarefa de dotala de instrumentos que fixeran dela algo apropiado para se constituír en ferramenta axeitada e imprescindible para a

expresión da nosa cultura e apta para ser empregada en calquera rexistro. Por iso pon a mira en analizar todo o que ata ese momento se viña publicando en galego.

O primeiro deles, titulado "Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes", publicado en tres números consecutivos de *El Heraldo Gallego* (Saco Arce 1876) seguramente é ó que se refire Otero Pedrayo (1943: 114) cando cualifica ó noso autor como "ensayista de profundo contenido aun en breves escritos de periódico".

No "Prólogo" da súa *Gramática*, Saco xa advertira de que o galego carecía de "autores clásicos" (1868: IX), e que os poucos poetas en galego existentes son demasiado modernos para ter acadada a autoridade de fixar usos de lingua. E así neste escrito, sen pretender facer un estudo exhaustivo do estado da cuestión, logo de insistir no lamento polo "innoble y humillante desdén, con que los hijos de Galicia miran cuanto á su hermoso e infortunado país concierne" e de laiarse pola paulatina invasión do castelán ata nas aldeas, nas que se vai impoñendo unha mestura de galego e castelán, expón a necesidade de soerguer á nosa terra do seu prolongado letargo, labor que lles cómpre facer ós literatos, cultivando e puíndo "esta lengua tan amada de los antiguos trovadores, como desdeñada hoy de aristocráticos pedantes" (1876: 4).

En consecuencia, amosando así o seu profundo coñecemento do panorama cultural de Galicia, onde son poucos os intelectuais e escritores que florecen "a diferencia de los hombres políticos que con tan estéril abundancia brotan del suelo gallego" (1876: 3), saúda con esperanza ós poetas da súa xeración, que son os que han facer posible o Rexurdimento.

Fai a análise da lingua empregada polos autores que cita, enumerando as tachas que neles atopa e apuntando procedementos axeitados para eliminalas, criterios para a creación de neoloxismos, e métodos para o enriquecemento da linguaxe poética e literaria. Dá abundantes exemplos de castelanismos, tanto de léxico como de uso de desinencias casteláns en derivados galegos, e pon o acento nos falsos enxebrismos e nomeadamente no rebuscamento, defecto que critica, pero do que non dá exemplos, para "no herir el amor propio de esos que […] quieren […] obtener los laureles del Parnaso" (1876: 10). O seu afán de diferenciar os rexistros da lingua lévao a criticar a mestura de expresións familiares e coloquiais con expresións cultas, e destaca o abuso que ás veces se observa do emprego do diminutivo afectivo, tan propio, por outra banda, da lingua galega coloquial.

Pero tamén enumera e caracteriza as liberdades creativas lícitas como a creación de neoloxismos, sempre que se lles dea a forma e se respecte a estrutura do galego, e de cultismos, sempre tamén coa súa adaptación á fonética e á estrutura da nosa lingua.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 309-328
ISSN: 1576-8767

Laiase de que precisamente a limitación de autores de referencia, a falta de textos existentes e a dificultade de converter en literario un idioma que deixara de escribirse había tantos séculos, é unha traba importante para determinar na súa xusta medida o que se debe empregar como propio do galego, o que se debe rexeitar como alleo, os barbarismos que se poden importar racionalmente, os criterios para construír con xusteza as innovacións necesarias e os excesos que deturpan e vulgarizan a lingua.

Está convencido de que todos eses defectos se irán puíndo á medida que se vaia formando a lingua literaria que é preciso crear, o que non foi ata o de agora posible porque non ten xurdido aínda en Galicia algún xenio poético como xurdiu un Camões en Portugal ou un Mistral en Cataluña.

En 1878 José Pérez Ballesteros publica un libro de poesías galegas que sae do prelo cun prólogo de Saco, no que este insiste na necesidade de converter a lingua de Galicia en lingua literaria e no que fai unha apaixonada defensa do galego. Saco é consciente de que, en consonancia co que vén ocorrendo noutras rexións de España, e nomeadamente en Cataluña, en Galicia estase a producir un Rexurdimento, aínda que de xeito máis limitado e intermitente (1878b: VIII). Chega a especificar tres etapas: a primeira, iniciada por Alberto Camino, Añón, Pintos e García Mosquera; unha segunda xeración que singulariza en Rosalía e Pondal e cita logo a xeración actual de poetas, que singulariza en Lamas Carvajal e Curros Enríquez.

Este movemento ten que se espallar e se fomentar, porque o emprego da lingua materna en tódolos rexistros debe ser o aguillón que estimule o pobo a traballar arreo para aumentar a súa prosperidade, xa que o pobo que desexe facer valer a súa identidade de raza ou nación ten que valerse da súa lingua, porque o idioma dunha nación é a súa alma (1878b: X). Afirma que "nada contribuye tan eficazmente á mantener vivo el carácter nacional, á fortalecer el espíritu de independencia y á extender los vínculos de raza, como el amor que se profesa al patrio idioma", e deixa claro que a súa aspiración é "que Galicia adquiera con el amor de su lengua el amor de sí propia." (1878b: XI-XII). Toda unha declaración de principios que reclama para o autor un lugar de honra entre os homes do Rexurdimento.

Saco Arce conseguiu ver editados dous libros da súa autoría. Un deles responde á súa faceta menos coñecida: a de poeta. É lóxico que alguén que ten unha formación humanística como a que el posuía, se deixe seducir pola literatura. Non foi a súa principal actividade intelectual, mais nela reflíctense perfectamente as liñas mestras do seu carácter e da ideoloxía coa que sempre foi coherente na súa traxectoria vital.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 309-328
ISSN: 1576-8767

Compuxo e publicou soamente un libro de poemas, en 1878, que titulou sinxelamente *Poesías* e que reflicte moi ben a súa personalidade: ademais de exercer de crítico, sente a necesidade de cultivar a poesía e de expresar nela a súa vea lírica. Xa antes, el mesmo advertira da existencia de "la opinión de que el gallego es solo a propósito para la expresión de sentimientos bajos y groseros, y que solo puede dignamente ponerse en zafios y rústicos labios" (1876: 10-11), e consecuente consigo mesmo proponse contradicir este prexuízo, tan estendido entón que ata é compartido por críticos tan finos como a condesa de Pardo Bazán (1878: 286); de xeito que na súa única obra de creación literaria comprácese en facer exactamente o contrario do que a ilustre autora coruñesa recomendaba, elevando o galego á categoría de lingua literaria e poética.

O libro contén 85 poemas, divididos en tres apartados de diferente temática, de moi diferente extensión e nas dúas linguas que falaba. O primeiro está formado por 34 "Poesías varias", o segundo por 42 "Poesías místicas" e o terceiro contén 9 "Poesías gallegas".

Mais a pesar da intención do autor de agrupar os poemas segundo o contido deles, simplemente nunha primeira lectura superficial podemos sacar a conclusión de que todos eles, aínda que non estean catalogados como "místicos", revelan a vea profundamente relixiosa de Saco Arce.

Chama a atención a desproporción entre o número das poesías en castelán (76 en total) e en galego (só 9), feito que tamén se observa no tocante ó volume (361 páxinas en castelán fronte a soamente 51 páxinas en galego). Non nos pode estrañar este feito que, por outra parte, se observa en case que tódolos poetas do século do Rexurdimento, e que se dá tamén na obra da propia Rosalía de Castro, cuxa produción en castelán ten un volume ben máis extenso que a súa fonda poesía en galego. A grande escritora publica os seus primeiros libros de versos en castelán, pero logo vai evolucionando ata redactar as súas obras mestras na súa lingua nai. Ese mesmo proceso vénse producir, en certo modo, en Saco Arce. Como queira que case que tódalas súas poesías están datadas, podemos observar a súa evolución no que se refire ó emprego pola súa parte das linguas castelá e galega e a súa paulatina toma de conciencia do seu compromiso co galego. Da análise cronolóxica pódese concluír con claridade que o autor, que comeza a súa produción poética en castelán, vai abandonando pouco a pouco este para empregar como primeira lingua poética o galego, de xeito que dende marzo de 1875, pasa a escribir soamente poesía en galego.

Pero quizais o que máis chama a atención, a pesar de representar cuantitativamente unha pequena parte do total do volume, e o que poida que teña máis forza no conxunto sexan as traducións, como corresponde a un poeta que ademais é sacerdote, catedrático de latín e grego, gramático e lingüista. E por iso decídese

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 309-328
ISSN: 1576-8767

polas traducións, e por iso escolle para traducir textos empregados na liturxia, textos escritos orixinalmente en latín, ós que vai tratar coa corrección formal que é de esperar dun profesor de Retórica e Poética. Contamos con catro traducións: unha, ó castelán, do himno de Tomás de Celano "Dies irae" (1878a: 335), e outras tres ó galego. A primeira, a versión do himno de Jacopone da Todi "Stabat Mater" (1878a: 369), datada en 1867, e dúas datadas en 1868, a do himno do Sábado Santo "O sol salutis intimis" (1878a: 373) e a do Salmo 51 "Miserere mei, Deus" (1878a: 375). Nestas traducións esfórzase en se aproximar o máis posible ó modelo do texto que está a traducir: estrofas de tres versos ó traducir ó castelán o "Dies irae", de seis na tradución de "Stabat Mater", de catro en "O sol salutis intimis".

É dicir, dende o punto de vista formal, a súa poesía caracterízase especialmente pola corrección académica, propia dun lingüista especialista en Retórica e Poética. Así, no conxunto de toda a obra prefire o emprego do verso de once sílabas, que coida o máis xenuíno da poesía galega (Saco Arce 1987: 44), a ser posible en combinación con heptasílabos, pero non refuga do uso doutros variados versos e estrofas coa corrección que cabe esperar dun poeta cunha formación académica como a súa.

Os críticos que se teñen ocupado da obra poética de Saco Arce concordan en subliñar dous aspectos que a caracterizan e que sobresaen sobre tódolos demais: a súa fonda relixiosidade e a perfección técnica e corrección da linguaxe que emprega.

A primeira das críticas, que aparece inmediatamente despois da publicación da obra, é da autoría de E. Pardo Bazán (1878), moi coñecida polas reservas que expresa a propósito do emprego do galego para tratar temas abstractos, afirmación que non lle impide recoñecer o esforzo de Saco para contribuír á poesía relixiosa con corrección e pulcritude tanto de lingua como de estilo, e a forza da alma e a calor que pon na expresión das súas crenzas.

No ano da súa morte, A. Balbín de Unquera (1881: 340) destaca nas composicións do noso autor o clasicismo do estilo e a tenrura da expresión, e xa no século XX, tanto Amor Meilán (1929: 6) que alude ó seu sabor clásico, como S. Padilla (1929: 7) que cre que é un prodixio de habilidade técnica, insisten nos mesmos aspectos. Carballo Calero (1962: 114) refírese á forma e tamén á temática: "os ensaios, felizmente realizados, de poesía relixiosa e mística, dan singularidade a Saco e Arce dentro da nosa literatura".

A inspiración, a fondura do sentimento relixioso, o lirismo e maila corrección formal fan de Saco Arce unha figura que debe ter un lugar de honra entre os poetas do Rexurdimento galego, como di A. M. Casas (1929: 5): "Por eso es preciso exhumar

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 309-328
ISSN: 1576-8767

este poeta. Hay que traerle a la actualidad del renacimiento gallego contemporáneo, al lado de Rosalía, Curros, Pondal".

Dos escritores do Rexurdimento case que é o único que non escribiu un canto a Galicia en verso, porque el se daba de conta de que máis que reivindicacións literarias e himnos epinicios, o que Galicia necesitaba era a homenaxe de que os seus fillos acadaran, xunto co orgullo de empregar a súa lingua, que esta ocupara o lugar que lle correspondía entre as linguas con cultura de seu. Este é o motivo polo que redactou e deu ó prelo a súa obra máis coñecida, a que lle deu creto e sona e que, malia os grandes avances nos estudos sobre a nosa lingua dende a súa publicación (1868), aínda hoxe é recoñecida, utilizada e estudada: a *Gramática gallega,* da que este ano celebramos os seus 150 anos. Publicada no mesmo ano en que se produce a revolución que lle vai quitar a cátedra, hai que considerala como o primeiro intento serio, e durante xeracións único, de darlle á nosa lingua o tratamento científico que o galego merecía, e que vén sendo considerada propiamente como a primeira gramática. Porque no ano 1864 Francisco Mirás publicara xa un libro sobre o tema, pero o mesmo título completo deste amosa ben ás claras que en realidade se trata dunha miscelánea e que non ten máis ca simplemente un valor de curiosidade (Saco Cid 1987: 14).

A pesares do pouco tempo transcorrido entre as dúas, a diferenza entre elas é enorme, non só en calidade, senón tamén porque o libro de Mirás é o traballo ben intencionado dun afeccionado que, como el mesmo confesa no prólogo, proponse o fin de que os casteláns aprendan o galego e poidan entenderse cos falantes, e, polo tanto é coma un vademécum ó xeito dos actuais vocabularios para turistas. En troques, a obra de Saco Arce (Santamarina 1974: 192) é a dun profesor con fonda formación filolóxica e clásica, que aínda segue sendo a base, tanto na estrutura como nos materiais, das gramáticas que ata hoxe seguen escribíndose (Álvarez/Monteagudo/Regueira 1995: 8).

É no prólogo da *Gramática* onde Saco deixa constancia do seu compromiso vital con Galicia e coa súa lingua, onde explica as razóns para acometer semellante empresa e onde deseña as fontes, os métodos, e sinala os fins que o moven (Henríquez 2010: 397-401). A tan citada frase que dá comezo ó prólogo é unha afirmación case que chauvinista e de amor filial: "La lengua gallega, la más dulce y melíflua de cuantas han aparecido en Europa sobre las ruinas del antiguo idioma del Lacio". Logo rebélase porque "los hijos de Galicia [...] tienen á gala renegar de su lenguaje nativo, y se juzgan cultos extendiendo sobre éste el ignominioso desden que pesa sobre su hermosa región" (Saco Arce 1868: V-VI), e como consecuencia enumera os motivos que o levan a escribir. O primeiro é "fomentar, sin detrimento de la unidad nacional, el espíritu de provincia, y estrechar los lazos de hermandad entre los que hablan un mismo idioma", é dicir, non se dirixe ós falantes de castelán

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 309-328
ISSN: 1576-8767

para ensinarlles a se entender cós falantes de galego, como Mirás, senón ós seus propios paisanos para promover o seu uso e darlles unhas normas de emprego correcto da súa lingua. O segundo, consecuencia da súa formación clásica, é o propio dun filólogo, "Promover […] los estudios filológicos […] satisfacer á la necesidad que de un libro se experimenta para estudiar el gallego en las clases de diplomática, y para poder leer antiguos documentos de interés público y privado, escritos en este antiguo dialecto". O terceiro motivo é o recorrente do seu compromiso coa terra que o viu nacer, que expresa deste xeito: "rendir, en fin, á los pies de mi querida patria, la noble y poco venturosa Galicia, un homenaje de cariño y gratitud" (Saco Arce, 1868: VII-VIII).

Non é este o lugar —nin eu o indicado— para facer unha análise da obra, que debo deixar ós especialistas. Pero paréceme unha obriga subliñar que o plan que deseña denota unha profunda formación filolóxica e unha actitude científica verdadeiramente moderna no traballo de campo previo, xa que o noso autor, a falta de escritores naqueles tempos que puidesen ser aducidos como autoridades, emprega fontes orais recollidas, ademais de nas cidades da Coruña, Santiago, Lugo, Pontevedra, Tui, Vigo e Ourense, tamén en polo menos 32 localidades, as máis delas da provincia de Ourense (Henríquez 2010: 402) se lle damos creto á lista que el mesmo cita, como fontes das poesías recollidas na *Literatura Popular de Galicia* (Saco Cid 1987: 51-52). A. Santamarina (1974: 192) afirma o mesmo sobre o aproveitamento por parte de Saco Arce das fontes orais, aducindo argumentos extraídos da propia análise do texto.

A estrutura da obra segue o criterio tradicional dos preceptistas gramaticais, e contén, o "Prólogo" (1868: V-X), no que expón as súas razóns para escribila e publicala, e explica o método e as fontes que vai empregar; logo, despois dunhas breves "Observaciones sobre las letras" (1868: 13-21), que son en realidade unhas consideracións sobre a fonética do galego, o texto da "gramática" propiamente dita, contén os capítulos: "Lexicología" (1868: 22-154), "Sintaxis" (1686: 155-222), "Prosodia" (1868: 223-255) e "Ortografía" (1868: 226-259), na que, logo de tratar do emprego na escrita das consoantes, as vogais e os acentos, dedica apartados concretos a "subdialectos del gallego" —dos que distingue dous, setentrional e meridional, que o propio autor considera, en nota a pé de páxina, provisional e non definitiva—, un catálogo de "nombres propios gallegos", e un derradeiro e máis extenso (1868: 238-259) dedicado a "diferencias principales entre el gallego y el castellano", no que parece que quere deixar constancia dunha actitude diferencialista (Santamarina 1974: 192).

O tomo remata con dous apéndices que anuncian as materias nas que está a traballar: o folclore e a poesía. O primeiro deles consiste nunha colección de 582 "Refranes gallegos" (1868: 263-282), dos que 156 declara que están tomados do

tomo I da *Historia de Galicia*, de Murguía, que á súa vez, tíñaos tomado de Hernán Núñez, e que en boa parte (468 deles) van aparecer na colección que forma parte da súa *Literatura popular de Galicia*. O segundo apéndice é unha escolma de "Poesías escogidas" (1868: 283-313), escolma na que, ademais de Rosalía, Pondal, J. M. Pintos, Alberto Camino e Marcial Valladares, inclúe o único poema que escribiu en galego o allaricense descendente do tronco familiar do P. Feijóo, Vicente María Feijóo Montenegro; e tamén outro poeta, para el moi apreciado, o seu compañeiro de claustro Xosé García Mosquera, tradutor do latín, coa súa tan fermosa versión do "Beatus ille" de Horacio (Epod. II), incluída no volume.

A *Gramática gallega* de Saco Arce é o primeiro paso no estudo da lingua (Álvarez/Monteagudo/Regueira 1995: 9); segue a ser considerada "a primeira verdadeiramente científica" (Carballo 1979: 22); segue a ser a base para as gramáticas posteriores (Santamarina 1974: 192), punto de partida de calquera estudio posterior (Padilla 1929: 8), e en termos parecidos vén sendo recoñecida por tódolos tratadistas. Ben que os estudos sobre a gramática galega teñen avanzado moitísimo na actualidade, especialmente nos aspectos que atinxen á aplicación dos modernos métodos e achados das actuais escolas lingüísticas, no conxunto segue a ter vixencia, e tódolos gramáticos posteriores sonlle tributarios en moitos aspectos. Seguramente, se Saco Arce vivise máis tempo tería feito unha revisión dela, xa que andaba inmerso en estudos gramaticais cando foi sorprendido pola morte. Daquela poderíase ter cumprido o que del di Couceiro Freijomil (1929: 8): "El pudo ser el unificador, al modo que lo fue Pompeyo Fabra en Cataluña".

Non podemos rematar este breve percorrido biográfico de Saco Arce sen facer mención doutras actividades e ocupacións que sabemos que exerceu, pero que coñecemos parcialmente. Por exemplo, a de xornalista, que desenvolveu nun periódico ourensán do que foi inspirador, *La Nacionalidad,* que tiña un toque ideolóxico máis ben carlista. Neste xornal Saco Arce mantivo afervoadas polémicas relixiosas e políticas con *El Eco del Liceo* (Saco Cid 1987: 16). A pesar das diferenzas, *El Eco del Liceo*, na súa sección "Bibliografía" do número do 8 de abril de 1870 ,fai unha crítica eloxiosa da *Gramática gallega* e di de Saco Arce "cuyos aventajados estudios filológicos nos son bien conocidos, y cuya laboriosidad es infatigable, era sin duda la persona que podía acometer con acierto esta publicación".[4]

Hai que facer mención tamén de que se conservan outras papeletas soltas que conteñen exemplos e regras gramaticais do grego, que non sabemos se son apuntamentos para preparar a redacción dun libro de texto de gramática de grego

4 Teño a obriga de reiterar aquí a nota que publiquei xa en 1987 de agradecemento ó Prof. De Juana López, por me ter subministrado este dato.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 309-328
ISSN: 1576-8767

ou se son soamente notas recollidas para ser empregadas na clase. E, por último, outras papeletas, que son sen dúbida entradas dun dicionario galego-castelán, que non sabemos se formaban parte dos materiais do dicionario que se atopaba elaborando cando morreu e que menciona Otero Pedrayo (1943: 114).

Non foi home de protagonismo nin de presenza na vida pública da cidade, a pesar de que nela pasou toda a súa vida. Tampouco viaxou fóra da súa terra e, agás viaxes pola xeografía de Galicia para recoller materiais para as súas investigacións e algunha estadía esporádica en Portugal por motivos de saúde, Saco Arce non saíu de Ourense dende que se fixo cargo da súa cátedra. A pesar disto, o seu prestixio intelectual foi grande xa en vida, cousa que corrobora o feito de que no ano 1877 Modesto Fernández González (Fernández 1916: 158-160) convoca un premio literario cun xurado baixo a presidencia de Saco Arce con facultades para o nomeamento dos demais membros do xurado (Carballo 1962: 379), que vai conceder o premio a Curros Enríquez polo poema "A Virxe do Cristal".

Ese prestixio intelectual fixo tamén que no ano 1872, a proposta de Cánovas, Hartzenbush e Valera, fose nomeado Académico Correspondente da Real Academia Española, e como tal figura no Anuario daquela Corporación (RAE 1881: 54) para a que estaba a redactar as papeletas do *Diccionario de autoridades*.

Foi Juan Antonio Saco Arce home de estatura mediana, de faccións marcadas que denotan gran firmeza de ánimo, enxoito de corpo e de non moi boa saúde que tiña crebada de sempre, feito agravado polas mortificacións que lle impuxo ó seu corpo ascético, como nos conta Otero Pedrayo (1943: 114). Por iso a súa vida foi curta. No ano 1881, ós 46 anos de idade, os médicos recoméndanlle unha viaxe a Portugal que leva a cabo durante tres meses naquel verán. Poucos días despois da volta, o 14 de setembro morre na súa casa en Ourense. É moi coñecida a anécdota, contada polo seu protagonista, de que cando Emil Hübner (1892: 904) chegou a Ourense o día 15 de setembro de 1881 para entrevistarse con el, que lle ía entregar materiais para o *Corpus Inscriptionum Latinarum*, atopou o seu enterro, polo que eses materiais desapareceron xunto con el[5].

Saco Arce, pois, vive nun contexto histórico no que se está a producir o espertar da conciencia da identidade de Galicia, proceso no que se mergulla asumindo ese compromiso que el singulariza na lingua, que recolle nas súas manifestacións máis puras dos beizos dos que conservaron durante os séculos escuros ese tesouro

5 É interesante a transcrición da nota: "De huius regionis antiquitatibus… meriti sunt Fr. Petrus Cid… et P. [Ioannes] Saco y Arce, sermonis Gallaeci investigator clarus. Eum adire volui, cum a. 1881 Orense oppidum via ferrea tum demum patefactum primum inviserem, ut quae de rebus patriis collecta haberet ab eo tradita acciperem; nam ipse chartis nihil de eis mandavit. Sed casu accidit infausto, ut ea ipsa nocte d. 15 m. Sept. qua Orense veni, diem ille obiret supremum. Unde multa utilia scituque digna sepulta manebunt".

sen contaminar. Recolle de viva voz a fala e as tradicións, logo trata de elevar o "dialecto" que falan as xentes do campo á categoría de lingua culta, empregándoa en poemas de temática fundamentalmente relixiosa —"temas abstractos", en verbas de E. Pardo Bazán—. Esfórzase en estudala e dotala dunhas normas que desenvolvan as súas potencialidades, restablecendo a pureza da linguaxe e eliminando os elementos alleos que están a deturpala e, finalmente, fai unha defensa apaixonada do seu uso, rexeitando con forza a actitude de desprezo tan común das capas urbanas do seu tempo.

A súa figura é unanimemente loada por tódolos que dela trataron, non soamente os seus coetáneos, senón tamén despois da súa morte. Por iso remato insistindo en que é rechamante a escaseza de recoñecementos actuais, nomeadamente nun tempo como o que vivimos no que se está a homenaxear —con moito merecemento na maioría dos casos, pero con ben pouco nalgún— a tódolos que dalgún xeito traballaron e traballan polo estudo e espallamento da nosa lingua. E por iso tamén é dobremente de agradecer unha iniciativa como a que hoxe estamos a celebrar aquí, que vén sumarse ás celebracións que van ter lugar ó longo do ano 2019, declarado polo xurado do Premio da Ourensanía da Deputación de Ourense, ano de Saco Arce, porque dende o ano 1887, no que o Concello de Ourense lle deu o seu nome a unha praza na zona histórica e descubriu unha placa na casa onde vivira e morrera, ningunha institución pública se lembrara da súa figura, nin sequera con motivo do centenario do seu pasamento[6].

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Álvarez, Rosario, Henrique Monteagudo e Xosé Luís Regueira (1995): *Gramática galega.* Vigo: Galaxia.

Amor Meilán, Manuel (1929): "Datos biográficos. Juan Antonio Saco y Arce", *La Zarpa* 2411 (10/III/1929), 6.

Balbín de Unquera, Antonio (1881): "Un filólogo gallego: D. Juan Antonio Saco y Arce", *La Ilustración Gallega y Asturiana* 29 (t. III), 337-338.

Blanco, Domingo (1992): *A poesía popular en Galicia: 1745-1885.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Carballo Calero, Ricardo (1962): *Historia da literatura galega contemporánea.* Vigo: Galaxia.

6 Teño que facer unha enumeración das excepcións: no centenario da publicación da *Gramática gallega*, o vello Instituto do Xardín do Posío dedicoulle unha placa no claustro e celebrou unha sesión académica; ademais da iniciativa de Gráficas Tanco para facer unha segunda edición da *Gramática* en 1967. E en 1987 é iniciativa da Deputación Provincial editar o seu inédito *Literatura Popular de Galicia.*

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767

———— (1974): *Gramática elemental del gallego común.* Vigo: Galaxia. 4ª ed.

Casas, Augusto María (1929): "Saco y Arce. Exhumando al poeta", *La Zarpa* 2411 (10/III/1929), 6.

Couceiro Freijomil, Antonio (1935): *El idioma gallego: historia, gramática, literatura.* Barcelona: Alberto Martín.

———— (1953): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores.* Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.

Fernández Alonso, Benito (1916): *Orensanos ilustres.* Orense: Imp. del *Diario de Orense*.

González Blasco, Luis (1974): "Saco y Arce, Juan Antonio", en Ramón Otero Pedrayo (dir.), *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago de Compostela: Silverio Cañada, t. XXVII, 147.

Henríquez Salido, Mª do Carmo (2010): "Las ideas lingüísticas en la Gramática de Juan Antonio Saco y Arce", en Carlos Assunção, Gonçalo Fernándes e Marlene Loureiro (eds.), *Ideias lingüísticas na Península Ibérica (séc. XIV a séc. XIX)*. Münster: Nodus Publikationem, vol. I, 393-410.

Hübner, Emil (1892): *Inscriptiones Hispaniae latinae / consilio et auctoritate Academiae Litterarum Regiae Borussicae edidit Aemilius.* Hübner. Corpus Inscriptionum Latinarum. Supplementum. Berlin: Georgium Reimerum.

Juana López, Jesús e Xulio Prada Rodríguez (1996): *Historia de Galicia. V. Galicia contemporánea.* A Coruña: Vía Láctea.

Milà y Fontanals, Manuel (1874): *De la poesía heroico-popular castellana, estudio precedido de una oración acerca de la literatura española*. Barcelona: Álvaro Verdaguer.

———— (1877): "De la poesía popular gallega", *Romania* 21, 47-75.

Mirás, Francisco (1864): *Compendio de gramática gallego-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diversas materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado "La Creación y Redención". Un extracto de fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor.* Santiago: Manuel Mirás. Ed. facsímile: Madrid: Akal, 1978.

Murguía, Manuel (1865-1913): *Historia de Galicia.* 5 vols. Lugo: Impr. de Soto Freire.

———— (1889): "Poesía popular gallega", *La Ilustración Gallega y Asturiana* 2 (t. III), 17.

Otero Pedrayo, Ramón (1943): *Vida del Doctor Don Marcelo Macías y García presbítero príncipe de la oratoria y del diálogo de la cátedra y de la ciencia histórica: 1843-1941*. La Coruña: Ed. Moret.

Padilla, Salvador (1929): "Don Juan A. Saco y Arce", *La Zarpa* 2411 (10/III/1929), 7-8.

Pardo Bazán, Emilia (1878): "Un libro reciente", *El Heraldo Gallego* 273, 282-286.

Pedret Casado, Paulino (1935): "Xoan Antonio Saco Arce. Algunhas notas biográficas", *Nós* 135, 41-43.

Pensado Tomé, José Luis (1974): "Sobre el origen de la lengua gallega y sobre la paleografía española", en *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia, [17]-47.

Pérez Ballesteros, José (1886): *Cancionero Popular Gallego y en particular de la provincia de La Coruña*. Madrid: [s.n.] (Est. tip. de Ricardo Fé). Ed. facsímile: Madrid: Akal, 1979.

RAE (1881): *Real Academia Española. Año de 1881* [Anuario].

Risco, Vicente (1927): "Ensaios de phisiognomía. Don Xohan Antonio Saco e Arce", *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 48, 2-4.

Saco Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega.* Lugo: Imprenta de Soto Freire.

———— (1876): "Poesía gallega contemporánea (sus defectos más comunes)", *El Heraldo Gallego* 104, 3-5; 105, 9-11; 106, 17-18.

———— (1878a): *Poesías*. Ourense: Impr. de Gregorio Rionegro Lozano.

———— (1878b): "Prólogo", en José Pérez Ballesteros, *Versos en dialecto gallego y correspondencia de sus principales voces*. Madrid: P. Calleja y Compañía, VII-XIV.

———— (1987): *Literatura popular de Galicia: colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos.* Ourense: Deputación provincial.

Saco Cid, Juan Luis (1987): "Edición e estudio preliminar" en Saco Arce 1987: 7-49.

Saco Maureso, Juan (1967): "Juan Antonio Saco y Arce. Vida y obras", en Juan Antonio Saco Arce, *Gramática gallega.* Orense: Gráficas Tanco, IX-XXII. 2ª ed.

Santamaría, Antón (1974): "Gramática", en Ramón Otero Pedrayo (dir.), *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago de Compostela: Silverio Cañada, t. XVI, 191-194.

Sarmiento, Martín (1785): *Memorias para la poesía y poetas españoles*. Madrid: por D. Joachim Ibarra. Ed. facsímile: Lugo: Alvarellos, 1988.

Vilanova, Alberto (1937): "Gallegos olvidados. Vida y obra de Saco y Arce", *Boletín de la Comisión provincial de monumentos históricos y artísticos de Orense* 232, 155-164.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 309-328
ISSN: 1576-8767

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 329-349
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.736

SACO ARCE COMO GRAMÁTICO. SIGNIFICADO E PEGADA DA SÚA OBRA

SACO ARCE AS A GRAMMARIAN.
THE SIGNIFICANCE AND IMPACT OF HIS WORK

Antón Santamarina
Instituto da Lingua Galega
Real Academia Galega

Resumo: A nosa contribución trata de enmarcar a aparición da *Gramática* de Saco no ambiente intelectual galego da época e dar razón dos motivos polos que (segundo o autor) é necesaria unha gramática. Examinamos a formación filolóxica do autor. Facemos unha breve análise do contido do traballo e rastrexamos os posibles modelos seguidos na redacción do seu texto. Facemos unha breve referencia ao modelo idiomático proposto, baseado principalmente na autoridade "del lenguaje hablado". Damos conta dalgúns xuízos dos escritores contemporáneos e posteriores sobre o traballo de Saco e, finalmente, damos noticia do rastro desta gramática na tradición gramatical galega posterior, así como a consideración que mereceu aos poucos romanistas que se ocuparon dela.

Abstract: This contribution aims to provide the framework of Saco's *Gramática* within the Galician intellectual environment of its time and provide reasons why (according to the author) a grammar is necessary. The philological training of the author is examined. A brief analysis of the contents of his work is undertaken and possible models used in the writing of the text. Brief reference is made to the idiomatic model proposed, based mainly on the authority "of the spoken language". An account of some judgments of contemporary and later writers on Saco's work is provided and, finally, the traces of this grammar in the later Galician grammatical tradition as well as the opinions of the few Romance language specialists who studied it are assessed.

Palabras chave: Juan Antonio Saco Arce, *Gramática gallega*, historiografía lingüística galega.

Key words: Juan Antonio Saco Arce, *Galician grammar*, Galician linguistic historiography.

En 1868 aparece en Lugo a *Gramática gallega* de Don Juan Antonio Saco Arce, saída dos talleres de Soto Freire (Rielo 1997), os mesmos que cinco anos antes publicaran os *Cantares gallegos* de Rosalía e tres anos antes comezaran a publicación dos fascículos da *Historia de Galicia* de Murguía. É un volume de 259 páxinas, seguidas de dous apéndices de 50 páxinas, un que contén unha colección de refráns (1868: 263-282), e outro máis que contén unha mostra de "Poesías escogidas" de varios autores (1868: 284-313).

A pregunta primeira que cabe facerse é a de por que aparece unha gramática galega en 1868. Sen dúbida porque os tempos eran chegados. Saco era da quinta de Pondal (1835), dous anos máis novo ca Murguía (1833), dous máis vello ca Rosalía (1837); era contemporáneo, pero algo máis novo, dalgúns "precursores" (cito só os que menciona el na breve crestomatía que dá nun dos apéndices que citei): Pintos leváballe 24 anos (1811), Vicente Feijoo Montenegro 22 (1813), García Mosquera 18 (1817), Alberto Camino e M. Valladares 14 (1821). Podemos engadir A. M de la Iglesia (1822), F. M de la Iglesia (1827). En todos eles (e en moitos máis que se poderían citar, incluídos editores de revistas) hai unha idea común e nova de Galicia que pasa polo cultivo e defensa da lingua. Poderiamos aducir moitas frases do seu libro (en especial do Prólogo) onde se ve en que medida o espírito do Rexurdimento (equiparable ó da Renaixença) penetrara tamén en certos cenáculos literarios galegos dos que formaba parte Saco; confórmome con esta:

> Pero cuando en todas las demas [provincias] se advierte una señalada tendencia á cultivar la lengua y literatura provinciales, por la instintiva persuasion de que es el mejor medio para resucitar y fomentar, sin detrimento de la unidad nacional, el espíritu de provincia, y estrechar los lazos de hermandad entre los que hablan un mismo idioma; mengua será que únicamente en las poblaciones galaicas se desdeñe el cultivo de su dialecto, y aparezcamos ante las demás como destituidos de lengua, de literatura y de gloria, y como avergonzados de nosotros mismos. (1868: VII).

Case todo o prólogo é un manifesto sobre as excelencias da lingua galega que recorda moito as defensas e ilustracións que se escribiron para o francés e outras

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 329-349
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

linguas como tratados separados ou ben nos frontispicios de moitas gramáticas renacentistas e posteriores (neste caso confrontadas co latín), ou como a que se facía en 1813 (por citar a dunha lingua subalterna como a nosa) Joseph Pau Ballot i Torres na *Gramàtica y Apologia de la Llengua Cathalana* (neste caso confrontada coa outra lingua que tiña gramática, a castelá); Saco non inclúe no título a palabra "apología", pero tanto no prólogo como en moitas páxinas do texto hai un discurso apoloxético da lingua.

Doíalle a "lenta, pero incesante destrucción" (1868: V) que viña sufrindo o idioma polo "continuo roce con la lengua oficial y clásica de los españoles" (1868: V) que dá, especialmente en falantes urbanos, lugar a "una abigarrada mezcla de gallego y castellano" (1868: X). Enténdese ademais que o galego fose daquela (1868) un sistema cheo de vacilacións como non podía ser doutra maneira tratándose dunha lingua que levaba trescentos anos ausente dos rexistros literarios cultos "merced a la falta de gramática, de diccionario y de escritores que con pluma magistral hayan manejado la lengua" (1868: X). De feito cada escritor escribía na súa variedade dialectal de maneira máis ou menos radical (Pondal e Rosalía son bos exemplos); e cada quen escapaba das interferencias conscientes do castelán (lingua na que fora alfabetizado e educado literariamente) como mellor sabía. Daquela, era patente que cumpría un texto descritivo e normativo que orientase en como escribir; Saco era consciente de que chegara o momento de non adiar máis a tarefa de dar a coñecer "fundamentalmente y por principios tan suavísima lengua" (1868: VII). Había seguramente naquela altura outras persoas capaces de facelo, pero el era quizais daquela a persoa máis indicada; ademais de estar motivado polo amor ás cousas da terra (como demostrou tamén recollendo cantigas e refráns) era un home de boa formación humanística; polos seus estudos eclesiásticos supónselle un bo coñecemento do latín (ten traducións desta lingua ó galego); era profesor de grego de Instituto (Risco no estudo fisiognómico, 1927, di que en Ourense o foi de Retórica e Poética); na súa carreira entrara tamén o hebreo co que encontra paralelos nalgunhas locucións galegas; polo que deducimos dalgunhas pasaxes da súa *Gramática* onde fai comparacións con outras linguas, coñecía o francés e o italiano (non sabemos con canta profundidade); non nos estrañaría que coñecese o catalán, pois foi profesor en Castellón; cita algunha vez o portugués ao cal accedeu seguramente sen gramáticas; e unha vez tamén fai comparación co provenzal (do que tería noticias polo seu carteo con Milà e das lecturas deste autor). No seu currículum como seminarista entrou obviamente a gramática e retórica (elocuencia) castelá. Supónselle, daquela, un bo coñecemento teórico sobre os elementos constitutivos dunha lingua e do seu funcionamento. Non nos consta (nin se deduce da lectura da *Gramática*) que tivese coñecementos de gramática histórica, que é a ferramenta que dá pistas moitas veces para saber se unha palabra

ou unha desinencia nominal ou verbal ou unha construción son xenuínas ou non; de feito dá por bo galego algunhas solucións castelás consagradas polo uso e que non son enxebres; e por esa razón tampouco ten moi clara outra distinción fundamental: a discriminación entre palabras patrimoniais e cultismos. A lingüística histórica alemá á altura de 1868 aínda non chegara a España (en cambio si a Portugal; Adolfo Coelho que é algo máis novo que Saco pero escribe sobre os mesmos anos sobre o verbo portugués, segue de cerca a Bopp, Diez ou Schuchardt); así é que as escasas veces que Saco compara (atinadamente) galego e castelán co latín supoñemos que son deducións persoais ou recordo das súas lecturas de Sarmiento, a quen si leu, ou das lecturas de Antoni Capmany (1852), a quen cita, que nas súas *Observaciones* ten un breve esbozo de gramática histórica do castelán (pouco neogramático aínda). Por iso, cousas que a gramática histórica explica adecuadamente, como a discrepancia de timbre que hai entre formas como entre *el cóce* e *côce ti* (indicativo/imperativo e poderiamos engadir o subx. *côza*), para Saco teñen unha explicación máis idealista:

> Esta pronunciación cerrada [do imperativo] que dulcifica el tono del mando inherente al modo imperativo, está muy en armonia con el carácter dulce de los gallegos, mas inclinados a usar de la súplica que del precepto (§53 bis).

Gaston Paris, a quen citarei despois, bota nel en falta a formación filolóxica que lle recoñece en cambio a Adolfo Coelho.

CONTIDO DA OBRA

Vou enumerar os capítulos e facer un breve comentario de cada un deles.

1. "Observaciones sobre las letras", pp. 14-21, referidas ao que hoxe chamariamos Fonética.

Trata do esperado, vocais e consoantes. É interesante neste apartado un parágrafo no que formula a seguinte lei: "No hay en gallego combinaciones de dos consonantes mudas, ni de una muda seguida de *m* ó *n,* combinaciones tan difíciles de pronunciar y ásperas al oído" (§8). O asunto vai dos chamados grupos heterosilábicos (cultos) do tipo *ct, pt* etc., cuestión sobre a que non se puxo orde ata 2003 (se é que se dan por boas as *Normas* da Academia). A solución única de Saco é que "se suprime la primera consonante, prolongando por via de compensación en diptongo la vocal precedente" (*direito*, *reuto*) "o bien se intercala una vocal entre las dos consonantes" (*adequirir*, *adimirar*). Tamén considera a supresión da primeira consoante pero califícaa de rara (*indino*, *iñorar*). Na *Ortografía gallega* de Couceiro Freijomil (1929) latinízanse sistematicamente estes grupos consonánticos estraños

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 329-349
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

á fonotáctica do galego popular; e desta maneira procederon, con algunha vacilación, as normativas posteriores en contra do criterio de Saco. Na fonoloxía de Amable Veiga (1965-1974) aínda se apela a este trazo fonotáctico sinalado por Saco.

2. "Lexiología ó tratado de las palabras", pp. 22-141, referida ó que hoxe chamamos Morfoloxía (artigos, nome, adxectivo etc.).

O título do capítulo é algo sorprendente; a GRAE[1] chámalle "Analogia"; pero vai do esperado, das partes da oración, e non atopo case nada comentable, fóra de que faga certas escollas esperables (*hirmau*) ou de que con frecuencia dea as dúas ou máis "formas subdialécticas" (*millor/mellor*, *primeiro/pormeiro*, *il/el*, *iste/este*, *falache/falaches*, *falastes/falástedes*, *fixen/figuen*, *saio/salio/sallo*, *eiquí/aquí...*). Sorprende que no paradigma dos pronomes de terceira persoa coloque entre os nominativos (que esperariamos fosen só formas tónicas) *o*, *a*, *os*, *as* ó lado de *el*, *ela*, *eles elas* [erro que pasou a Valladares e a Lugrís]. Non sorprende en cambio que dea tres formas para o imperfecto de subxuntivo nos verbos (*falara*, *falaría* e *falase*) porque iso é o que facía a GRAE tamén naquela época (de feito *sería* e *fora* son intercambiables nalgunhas construcións do tipo *mellor che sería/fora...*). Non acaba de ter moi claro o papel de *haber* como auxiliar: "El verbo *haber* que en castellano contribuye á la formacion de los tiempos compuestos […], no presta en gallego este servicio, sino con las formas *houben*, *había* y *houbera*" (§44); máis adiante engade *habería* / *houbese falado* (§57). (Valladares e Lugrís non o seguen nisto). Polo demais, canto di neste apartado (120 páxs.), con máis ou menos lagoas, aínda é de lei hoxe. Unha fazaña notable para un rapaz de 33 anos á altura en que escribiu este manual, todo baseado en observacións propias, porque antes del non había nada[2].

3. "Eufonía", pp. 141-154, referida ó que actualmente chamariamos Prosodia (onde trata principalmente do que acontece cando se encontran na cadea falada o fonema final dunha palabra co inicial da palabra seguinte). Como se ve é un capítulo que está algo fóra de sitio. Pero cadra no mesmo sitio no que na GRAE 1858: 145 ss, están as "figuras de dicción" (que tratan do mesmo: metáteses, contraccións, apócopes, epénteses etc.).

Eses encontros tradúcense en elisións (*queres que t'agarde*, *lev'o* [=*lévoo*, *lévao*], *a'squela*), ou en contraccións (*ôn home*, *pr'ôn parente*) ou na aparición de consoantes

1 *Gramática de la lengua castellana* da Real Academia Española; tivo 11 edicións entre 1871 e 1867 (Garrido 2008). Para unha bibliografía cronolóxica das gramáticas (e outros textos lingüísticos do castelán), ver Niederehe (1994-2012).

2 As 45 páxinas do libro de pequeno formato de 1864 que Mirás intitula *Gramática* pouco máis teñen que paradigmas verbais.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ou vocais eufónicas (*levai-n-o*, *dou-n-os; está-y-o agardando*[3]), no comportamento do *-n* (*co'iste*, *n-o agro*, *qué-n-o dixo?*) ou de *-s*, *-r* (*léval-o*, *levál-o*) ou asimilacións regresivas (*timía*, *pudía*). Isto ten a explicación en que os galegos (segundo Saco) temos un instinto especial para a harmonía e a melodía que nos leva a facer varios cambios na feitura das palabras, en especial os que levan a evitar todo "sonido áspero y desapacible" (§110).

4. "Sintaxis", pp. 155-215.

Entende por sintaxe as "relaciones que median entre ellas [=as distintas partes da oración] y la colocacion que observan entre si" (§130). Queda polo tanto excluída a sintaxe da oración composta. Restrinxida a eses límites tamén hai pouco que comentar. Unha cuestión moi debatida en todas as gramáticas posteriores é a da colocación dos pronomes átonos; a este respecto formula para o galego unha regra moi simple que na romanística se chama "Lei de Musafia", enunciada por primeira vez polo filólogo italiano dese nome oito anos despois de Saco (1876). A lei de Saco e esta: "Las formas pronominales *me*, *te*, *che*, *lle*, *se*, *o*, *a*, *os*, *as*, *nos*, *vos*, *lles* no ocupan nunca el primer lugar de la frase" (§139) (*firiume teu hirmau, poucos o viron*, *nin se foi nin pensa neso*, *[se vos ve] folgarase...*). A lei necesita matizacións (de feito dicimos *onte vinte na fonte* tamén co pronome posposto) pero en xeral funciona. Neste apartado explícase o "erro" que indiquei antes na Morfoloxía, pois interpreta mal a función de *o*, *a*, *os*, *as* en frases como *Pr'o que fuxe d'o traballo, hai-n-o en todas partes*, pois considera que estes pronomes (o *o* neste caso) "sirven de sujeto cuando vienen con las terceras personas de singular del verbo *haber*" (§146). [O erro pasou a Valladares e Lugrís tal cal]. Sorpréndenos que un home coma el, con tan bo cheiro para o enxebre, dedique un parágrafo ao "conjuntivo" *cuyo*, segundo el, raro como posesivo *...veciño cuyos bés...*, en cambio usado nas mesmas ocasións que o cast. *el cual*: *chegou o alguacil, cuyo, vendo aquelo...* (§151). Debeu (e debe aínda) de ter unha certa circulación por Ourense este uso hiperalienado e pareceulle enxebre, de feito outro ourensán, Blanco Amor, usa moito esta construción, vítima do mesmo prexuízo: *O cuio Potras herdara do seu pai un tenderete, [...] lle botaran sona de porcachón, o cuio era certo*.

5. "Modismos notables", pp. 216-222.

É unha sección que inclúen na Sintaxe, pero en realidade debería ter un apartado específico, e en realidade debería de entrar máis ben nun dicionario de locucións.

3 Ten moi claro que o *-y-* de *está-y-o agardando, estaba ond'a y-outra, n-a y-alma* son eufónicas (hoxe diríamos antihiáticas) e non é unha conxunción, como interpreta Valladares (1970: 15): "Muchos emplean la conjunción y cuando a la voz *alma* antecede *a.* [...]. Una de dos: o sobra esa conjunción que nada une, o y-alma es una voz sola".

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 329-349
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

6. "Prosodia", pp. 223-225.

Non vai estritamente do que hoxe chamamos Prosodia senón da posición da silaba tónica, de ditongos, e do contraste entre o galego e o castelán en relación co acento dalgunhas palabras: rareza de agudas do tipo *mañá*, acento grave en *cantabámos*...[4] O capítulo de "Eufonía" que mencionei antes estaría mellor engadido aquí.

7. "Ortografía", pp. 226-230 (uso de *y/i*, *n/m*, *x* e acentos).

O que resta (231-259) aínda que está incluído na superepígrafe de "Ortografía" é unha miscelánea que ten varias epígrafes: "subdialectos do galego", "nomes propios", e "diferencias principais entre o galego e o castelán (voces de radicais diferentes –*farelo/salvado*, *can/perro*, *angazo/rastrillo*...– ou voces cognatas que teñen solucións fonéticas distintas –*mouro/moro*, *chao/llano*, *oubear/aullar*–). Tamén é unha sección que non ten nada que ver coa gramática.

A estrutura da *Gramática* de Saco é a das gramáticas da época (e aínda de moito despois; eu aínda aprendín o castelán con declinacións polos anos 50 do século pasado). Nos seus anos de formación (que van de 1846 a 1864) Saco tivo que cursar a materia de gramática castelá; non sabemos se nalgún manual escolar específico dos que se usaban nos lugares onde cursou estudos (Instituto de Ourense, Universidade de Santiago, Seminario de Ourense e outra vez Santiago) ou ben estudou por algunha das gramáticas da lingua castelá da RAE, das que hai edicións desde 1772 (dez ata 1867). Cotexei a GRAE 1854 coa de Saco e as coincidencias son tan notables, tanto nos contidos e na súa ordenación como na terminoloxía, que temos a certeza de que a Gramática da RAE (ou algunha das escolares que a imitaron) foi unha guía permanente para o crego de Ourense. No tempo en que Saco escribiu a súa gramática levaban xa anos en circulación no ámbito castelán algunhas gramáticas de feitío menos tradicional cá do noso autor; por exemplo a de Salvá (1835), a quen leu e cita, ou a de Bello (1847), non citado, as dúas bastante innovadoras con respecto ás académicas; pero non hai trazas de que se inspirase en ningunha delas. Tampouco se inspirou en gramáticas portuguesas como poderían ser as de Reis Lobato (1770, da que se chegaron a facer 40 edicións ó longo dos séculos XVIII e XIX), Soares Barbosa (1822) ou Constâncio (1831), por citar só algunha das que foron populares e examinei[5].

Unha característica ben notable para un lector actual da *Gramática* é que por razóns didácticas incide constantemente nos trazos en que o galego contrasta co

4 O capítulo correspóndese co da GRAE 1870; a novena ed. (1865) e a décima (1866) non están dispoñibles en ningún repositorio dixital e non puideron ser consultadas.

5 Para a historiografía das gramáticas portuguesas ata o séc. XIX ver Kemmler 2013.

castelán; pódense pór moitos exemplos (ten capítulos enteiros, como queda visto) pero podemos ilustralo cos dativos de "solidariedade", que non teñen función gramatical ningunha pois non desempeñan "ningun oficio directo ni indirecto en la oración" (só teñen valor "pragmático", diriamos hoxe): *¿Cánta xente habia? Non che había mais que dous homes*, [...] *Nanai*, *dóilleme á cabeza* (§142). Case sempre que hai un contraste destes atopa unha explicación favorable ó galego, unhas veces de carácter ético e outras estético: "Este uso gramatical [dos dativos expletivos da segunda persoa] debe su orígen á la afabilidad del carácter gallego, que propende siempre á establecer cierta relacion de benevolencia ó cariño entre los interlocutores" (§142)[6].

O portugués é totalmente ignorado como termo de comparación, por razóns que na época eran entendibles.

MODELO DE GALEGO

Cal é a realidade idiomática que describe Saco? Na época en que escribía tíñase a idea de que coa etiqueta "galego" se refería un a unha entidade discreta pero complexa. "El dialecto gallego, si bien uno é idéntico en lo esencial en las varias provincias que lo usan, ofrece no obstante diferencias locales de no mucha importancia" (§242). E explica as causas desta diversidade:

> La configuracion del territorio galaico, poco favorable á la recíproca comunicacion, la diversidad de climas y de ocupaciones, y el carácter harto individual de sus habitantes, bastante propensos al aislamiento y á las rivalidades, han fomentado hasta lo sumo estas diferencias subdialécticas, que por otra parte son inevitables en todo territorio de una regular extension, mientras no hay literatura y ciencias que fijen el idioma (§242).

El mesmo puido observar directamente algunhas destas diferenzas pois residiu, polo menos, en Ourense (Alongos onde se criou está a 9 km da capital, onde cursou os primeiros estudos) e Santiago; con esta experiencia e as lecturas dos poucos textos que daquela circulaban (Pintos, Rosalía e os restantes poetas que andaban polo *Álbum de la Caridad*, Añón, Camino, García Mosquera...) formou a súa idea da composición dialectal de Galicia. E así apreciou que, baseándose no comportamento dalgunhas vocais (*el/il*, *perdeches/pirdiches*), dalgunhas consoantes (*bon/bo*, *man/mau*) ou das contraccións (*aos*/ós) había dous galegos: un setentrional (coa primeira característica) e outro meridional (coa segunda) (§242).

6 Sobre o prexuízo de se hai linguas mellores e peores hai agora un libro que profunda na cuestión: Dixon 2016.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 329-349
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Tamén é consciente de que non hai ningún criterio que permita inclinarse por unha escolla cando hai dúas ou máis opcións; as dúas son lexítimas. Ocorre en moitas ocasións ó longo da súa *Gramática* e só ás veces se permite propor como máis canónica unha delas en beneficio da regularidade. Por exemplo, ante a alternativa *pidiu/pedeu* razoa así en favor da primeira:

> De las dos formas subdialécticas que tiene esta persona en la conjugación tercera (*pidíu, pedeu*), aunque en obsequio de la variedad convenga tal vez conservar las dos en el gallego literario, creemos debe preferirse la primera, ya para distinguirla de igual persona de la segunda conjugacion, ya por ser mas conforme á la índole de la tercera, cuya vocal dominante es la *i.* (§51).

O mesmo ocorre cando hai unha razón etimolóxica que permita lexitimar unha preferencia; que ás veces haina, e outras veces é imaxinada. Por exemplo no dobrete *falastes/faláchedes* "La última forma es mas regular, pues guarda más analogia con la segunda de singular [*falache(s)*], de la cual con razon se deriva". Consideraba que o *-che* de *falache* (ou a "más llena" *falaches*) era o *che* pronome, aglutinado; e entón a segunda de pl. debería formarse sobre a segunda de singular (como en lat. *amavistis* sobre *amavisti,* co *-ti* en singular, forma abreviada de *tibi*, §55)[7]. Con este criterio de "obsequio a la variedad", como é ben sabido, a maioría dos dicionarios galegos seguiron case ata hoxe admitindo calquera variante. O *DRAG* de 1913 daba ata nove entradas para árbore e formas cognatas sen priorizar ningunha variante.

Con todo é consciente do provisional que é a súa proposta baseada no uso, dado o limitado que era o seu coñecemento da realidade idiomática de Galicia:

> Para trazar este cuadro de las diferencias subdialécticas del gallego, nos hemos apoyado principalmente en el exámen de las pocas composiciones que existen escritas en el mismo, atendiendo al lugar del nacimiento ó residencia de sus autores. Si personas inteligentes tuviesen á bien comunicarnos las particularidades mas notables del gallego de sus respectivos lugares, podriamos sin duda presentar un cuadro mas extenso y completo, á la vez que exacto, de los subdialectos gallegos, toda vez que no nos es dado tomar personalmente informes por medio de largos y detenidos viajes. (§245 n.)

7 De todas maneiras non é moi consecuente coa súa proposta de dar preferencia a *-chedes*, porque se ben admite os dobretes (e mesmo tripletes) en *falástedes/faláchedes, batestes/batéchedes, pidistes/pidíchedes, fustes/fostes/fóchedes,* dá como formas únicas *estivestes, houbestes, soubestes, coubestes, tivestes, viñestes, puxestes, fixestes, caístes/caestes, saístes, oistes/ouistes, fustes/fostes, dixestes, destes/distes, quixestes, puidestes, crestes, lestes, vistes...*

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Por moi deficiente que sexa ten unha idea aproximada da variación diatópica do galego. Menos claro ten o que se refire ás variacións diastráticas; en realidade era imposible ter unha idea nin sequera aproximada do asunto porque o galego da época non tiña rexistros ou era difícil percibilos pois só había un galego falado por clases subalternas. Por iso ve natural que haxa "transposiciones" (§265) e outros fenómenos e que dea por boas, e mesmo canónicas, solucións que hoxe consideramos "vulgares": *probe, porveito, esquirbano, percurar, premiso* etc. Dispersos ó longo da Gramática hai moitos outros exemplos.

Noutros idiomas hai a mesma variedade dialectal (e diastrática) que no galego, pero a autoridade de grandes escritores permitiu elaborar unha norma; nas historias das linguas cítase tamén como factor unificador o modelo idiomático da xente de "bo gusto" que circulaba polos ambientes cortesanos (de Madrid, Lisboa, París ou Londres). Aquí non había iso (nin escritores, nin corte, nin mesmo urbanitas que falasen galego) e opta por fundar a autoridade no modelo de galego que usa o pobo: "por la escasez de escritos me fué preciso apoyarme casi solamente en la escrupulosa observacion del lenguage hablado" (1868: X), coas variantes locais e sociais que coñece, todas lexítimas. Mesmo se percibe unha certa querenza polas formas populares diferenciais que a norma actual arrombou (non sen certa arbitrariedade) como localismos e vulgarismos.

Ten ademais outra guía (á parte da do uso), que é o que poderiamos chamar o xenio idiomático, que é un concepto un pouco confuso como todo o que se basea en intuicións; formúlao deste xeito: "el exámen atento y comparativo de esas alteraciones [de la extructura de las palabras usadas por la gente del campo], al parecer opuestas á la correccion gramatical, me ha hecho conocer que tienen su fundamento en la naturaleza é índole particular de la lengua misma" (1868: VIII). Outro exemplo (§164 e nota), agora da morfoloxía: en galego os verbos *ir* e *vir* poden ser auxiliares de si mesmos (*vamos indo á casa, vide vindo á mesa*) cousa que en castelán, segundo Salvá (iso lle atribúe Saco pero non localicei o lugar na edición de 1835) é unha vulgaridade (*voy a ir, iba a ir*); en galego non ocorre iso pois estas perífrases "son usadas á cada momento, aun por la gente instruida" e ademais son conformes "al carácter tranquilo y tardo de los gallegos". E conclúe:

> Parécenos que las mejores locuciones en todo idioma son aquellas que pintan al vivo no solamente las ideas á cuya espresion están destinadas, sino tambien el caracter y génio de los pueblos que las usan.

Non é este o momento de debullar cada unha das escollas que fai Saco (podería alguén facer unha tese ou TFM); o criterio co que operou queda suficientemente

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 329-349
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

exposto. Nas gramáticas que viñeron despois (Lugrís 1922; Carballo 1966) aínda segue a haber certa tolerancia referida ás variantes.

RECEPCIÓN DA GRAMÁTICA DE SACO DE PORTAS PARA DENTRO

Non temos moitas noticias sobre cal foi a recepción da *Gramática* de Saco entre os cenáculos ilustrados galeguistas nin tampouco en que medida as propostas que se propuñan na súa *Gramática* foron seguidas polos escritores. En xeral podemos dicir que a opinión sobre a valía da obra de Saco é unanimemente positiva. Sete anos despois de publicada, Lamas, no prólogo das súas *Espiñas* non lle escatima eloxios:

> Un virtuoso e ilustrado crego, un por moitos concetos distinguido literato, deunos un tesouro de moito valer, unha xoya que soilo podrán apreciar aquiles que conozan as desfavorabres condiciós con que tivo que loitar, pra por fin á ese menumento d'a nosa literatura, pra escribir á *Gramática gallega*. D. Xoan Anton Saco e Arce, é merecente d'unha coroa, é merecente po-lo tanto d'a ademiracion e cariño d'o seus veciños. (1874: 6).

A estima de Lamas pola *Gramática* de Saco volvémola ver (e escollo só unha cita), o ano seguinte no nº 2 do *Tío Marcos* (o texto vén sen sinatura pero suponse que é do editor):

> N'os dias de chuvia, e n'as noites do inverno, sentados á caron do lume, fora muy bo que se leése algunha cousa, por exempro, á hestoria d'a nosa terra, os cantares gallegos de D.ª Rosalia de Castro, é á gramática do Señor Saco, que dito sea entre nos, é vergonza non-a haxa en cantos pobos, aldeas e vilas ten Galicia. [Hai cerca de 40.000].

Para calibrar a autoridade de Saco hai unha cuestión ortográfica que daquela estaba de actualidade (aínda o está hoxe) e que nos pode dar unha idea de como era valorada a autoridade do crego de Alongos; referímonos a representación do /ʃ/. Antonio M.ª de la Iglesia escribe en 1888 un poema (chamémoslle así) que titula "Ortografía gallega" (2005: 267-282) e dedica ó noso autor, despois dun eloxio, unha ferretada recriminatoria por non estar á altura do que requiría unha política lingüística atrevida (referida ó *corpus planning*), di así:

De modo que o que non ve
Tanto sól n'o nóso espazo,
E porque o non quere ver
Ou porque será un cegato.
O domáis, e bén acesa,
Temol-a luz 'n-eses faros[8],
Que tempo será que o régime
Caprichoso, estacionario
Que dirige ós nósos cégos
Caya d'unha vez, crismado
Pol-as mócas d'o porgreso
Víndose d'o burro á baixo.

¡Nin val o que veña lógo
Saco Arce á lovantalos!!
Est'autor era moi tésto
Bon poeta e bo gramáteco:
Pero en verbo de valore
Tivo pouco, pois trembando
Ant'as turbas d'os *equistas*
Veu cair esmorentado.
Volvendo en sí veuse preso
D'aquel turbulento bando,
Prescindíu d'o seu saber
E renegou d'o seu Lacio,
D'o seu grégo e d'o seu Pindo
E d'o seu Sïon hebraico.
'N o tocante d'a escritura
Botouse 'n-o reino estraño,
Deixou o reino d'a céncia
Pol-o d'a "stulticia antro";
Quer decir, trocou o próbe
Os olliños pol-o rabo.

(2005: 273)

López Ferreiro cando escribe a súa primeira novela, *A tecedeira de Bonaval* (1895), no prólogo explica que dubida entre a escrita etimolóxica de Valladares

8 Os "faros" foron mencionados antes; son: F. J. Rodríguez, Pintos, Valladares e Cuveiro.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 329-349
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

(López Ferreiro estimábao, foi el o censor do *Dicionario*) e a grafía simplificada. A primeira ten a vantaxe de que nos aliñaría cos outros pobos cultos e coa nosa tradición medieval pero parécelle unha decisión prematura, por iso, conforme a Saco prefire o <x>:

> a ningun pobo culto lle deu, que eu saiba, por romper na escritura da propia fala cos antecedentes etimolóxicos. E si consultamos a ortografia que siguiron os nosos antigos, nos seus escritos, tamen temos o mismo.
> Pero (e este é un triste pero) ¿hay esperanza de-que a nosa faliña seya algunha vez estudiada e cultivada con todo aquel aparato de nocions filolóxicas, etimolóxicas e gramaticaes que hoxe se estila? Paréceme moito pidir; e non lle votemos toda a culpa aos estraños, pois os da casa podiamos facer algo mais. Pol-o cual dicidime ao fin a adoutar a *x*. E esta letra ten pol-o menos a seu favor a autoridá do noso insine e malogrado mayestro Saco e Arce. (1895: 11).

En textos literarios, prólogos, artigos de xornais ou revistas son raras as mencións de Saco; no TILG (aínda que isto non é un rexistro moi significativo, habería que rastrexar en textos en castelán tamén) atópanse poucas referencias a Saco, o cal corrobora a "vergonza" de que falaba o *Tío Marcos* de que o libro teña pouca circulación entre o público (mesmo o letrado). A este respecto é ben significativo un anuncio que insire *A Voz do País* (Monforte) o 28/IV/1912 que di así:

> Na imprenta de este semanario véndese a *Gramática gallega*, do insigne filólogo D. Juan A. Saco Arce. Precio de cada ejemplar sete pesetas, e envíense 25 céntimos máis para o franqueo.

Isto acontecía 44 anos despois de editada a obra e pasados 33 da morte do seu autor; para saber ben o alcance desalentador da noticia tiñamos que saber cantos exemplares se tiraran; non creo que fosen moitos máis de 200. A razón desta falta de entusiasmo pola gramática explicábaa Aurelio Ribalta en 1916 nun artigo publicado en *Estudios Gallegos* (22, 280-284):

> En gallego ai poucas gramáticas; pro e que a xente non pide ter mais. Nas botan de menos. As moitas gramáticas das outras linguas responden aas nezecesidás da enseñanza. Pro en Galizia non se estudia o gallego, depréndese sin libros [...]. Por esta razón, "de feito", non "de razón", abonda ben con satisfazere as nezesidás dos eruditos, dos curiosos, dos literatos deiquí ou de fóra, cáxeque máis de fóra qe da casa (*apud* Fernández 2000: 124).

Neste mesmo artigo fai unha mención eloxiosa da *Gramática* de Saco, "que representa a perfeuzión máis grande da escola crásica ou tradizional". Pero a valía do libro non lle garantiu a circulación.

A pegada da *Gramática* de Saco no galego dos escritores é difícil de calibrar; debeu de ser entre escasa e nula. Pero isto habería que estudalo (se se pode).

Entre as *Gramáticas* de Saco e a de Carballo (1966) transcorreron case cen anos sen que os nosos estudos gramaticais fixesen grandes progresos nin en cantidade nin en calidade; as obras que se publicaron e levan no título o termo "gramática" ou outro semellante son ben poucas e ben coñecidas. Vou mencionalas sen a penas comentar nada da pegada de Saco nelas porque xa se teñen comentado pormenorizadamente por outros autores, entre eles B. Fernández Salgado (2000) e Xosé Manuel Sánchez Rei (2005); pouco poderiamos engadir ao dito por eles. Son as seguintes obras:

No mesmo ano 1868 publicaba Juan Cuveiro Piñol un opusculiño titulado *El habla gallega. Observaciones y datos sobre sus vicisitudes* (XXXII páxinas de historia + 38 de gramática); é obvio que non puido ter en consideración a *Gramática* de Saco; podería tela en conta na segunda edición deste opúsculo, en 1876, inserido en parte da tiraxe do seu dicionario; pero non o fixo[9].

De 1892 son uns *Elementos de gramática gallega* de Marcial Valladares (editados en 1970 por Galaxia). Tiña tres obxectivos, segundo o autor: (a) xustificar a ortografía do seu *Diccionario*, (b) producir un texto pedagóxico, pois

> la gramática del señor Mirás es en extremo deficiente y la del señor Saco-Arce, si bien honra muchísimo a su malogrado autor; si bien es excelente como libro de consulta, por ser de lo mejor que sobre el particular se ha escrito, no así para que logren estudiarla gentes que ni aun consiguen desflorar la de la lengua oficial

e (c) "Para contribuir en algo, pero sin pretensiones a la gloria de nuestra patria". Enténdese que con esa declaración non siga moi de cerca a Saco na descrición da fonética e morfoloxía; pero a pegada de Saco vese moitas veces, tanto no corpo da gramática (á que traslada mesmo erros de Saco) como na incorporación de elementos estraños á gramática, como son nomes dos días da semana, dos meses, nomes de persoa, modismos e unha crestomatía de textos.

9 O texto de *El habla gallega* non debía de estar pensado como introdución para o *Diccionario*; de feito despois desta introdución XVI+83 páxinas (das que só 38 son de gramática, pois o resto é unha antoloxía literaria) o dicionario comeza cunha paxinación independente.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 329-349
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

De 1918, da autoría de José de Santiago y Gómez, é un libro disparatado, *Filología de la lengua gallega,* mestura de historia da lingua, gramática histórica e gramática sincrónica (a partir da páxina 100); un dos primeiros capítulos vai de elementos constitutivos do galego, entre os cales hainos cartaxineses e gregos, celtas e por suposto xermánicos: [O pronome *mi* +] "La sílaba *na*, en gótico, […] hace *mina (ñ)*, por lo qué es lógico que el pronombre posesivo gallego *miña* se derive de la voz gótica o suévica *mina*" (1918: 65). Perlas semellantes hainas en cada páxina, por non dicir en cada parágrafo, o cal dá idea do mérito desta obra. Aproveita a Saco sen citalo (mesmo para contradicilo); xa o advertiu con excesiva benevolencia Carballo na 4ª ed. da súa *Gramática* (1974): "Salvo lo que toma de Saco nada hay de interés en esta obra".

Dese mesmo ano 1919, da autoría de R. A. (Ramón Alvariño, seudónimo de L. Carré; nunha ocasión interpretei ese R. A. como Real Academia), é un *Compendio de gramática galega*, un folletiño de 36 páxinas, publicado pola "Bibrioteca Galeguista" da Coruña, que é basicamente o que incluíu despois de 1933 como introdución do seu *Diccionario* (2ª ed.). Sobre este texto, en *La Voz de Galicia* (12/IV/1919), asinada por FM (Fernando Martínez Morás?) vén unha recensión demoledora (e cremos que inxusta):

> leímos el *Compendio* de R. A. y después de leído y confrontado, creemos que el autor debió de haberle puesto por título: *Compendio de Gramática Galega de D. Juan A. Saco y Arce, por R. A.* Y aún así no diría toda la verdad. (*apud* Fernández 2000: 126.)

De 1922 é a *Gramática do idioma galego* de M. Lugrís Freire, cunha segunda edición en 1931. Nesta Gramática, agora co galego como metalinguaxe, cun modelo idiomático máis noroccidental e menos tolerante coas variante, si que hai un seguidismo case total de Saco, de quen se copian mesmo os erros. Carballo (que non tiña ningunha estima intelectual por Lugrís[10]) na 4ª edición da súa *Gramática*, que inclúe unha pequena bibliografía crítica, insire o seguinte comentario (ó noso ver severo demais):

> Rohlfs, que, como ya dijimos, demuestra conocer deficientemente la bibliografía gallega, emite sobre esta gramática un juicio sorprendentemente benévolo: "En el muy completo trabajo de M. Lugrís Freire, *Gramática do idioma galego* (la

10 Nunha carta a del Riego, do 14 de novembro de 1932, chámalle "ignorantón".

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 329-349
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Coruña 1931) está también la sintaxis bien representada". Si restamos lo que Lugrís tradujo de Saco bien poca cosa queda[11].

1926. Neste ano insire A. Couceiro Freijomil, no vol. I da *Geografía general del Reino de Galicia* de Carreras Candi unha colaboración que vai das páxs 163 a 327 sobre *El idioma gallego.* Este texto ampliouno en 1935 e publicouno por separado: *El idioma gallego. Historia, gramática, literatura.* A parte gramatical ocupa as páxinas 101-172 das cales as 30 primeiras son unha fonética histórica (inspirada en García de Diego) e o resto unha mestura de morfoloxía histórica e sincrónica; acaba cunha proposta ortográfica (173-209) que vén sendo a que publicara en 1929. Aínda que nos dous textos declara que para a redacción da morfoloxía tivo en conta, entre outros, a Saco, o certo é que a pegada de Saco é escasa.

Despois disto veu a Guerra e pasaron algo máis de trinta anos sen que ninguén se ocupase de describir ou codificar a lingua e sen que ninguén se acordase de Saco. E é explicable; e sábese ben por que; vale a explicación de Ribalta que citei antes: "En gallego ai poucas gramáticas; pro e que a xente non pide ter mais. Nas botan de menos". Confírmao ben a comparación con Cataluña, onde a lingua (ademais de manter unha vitalidade moito maior que aquí, non era só lingua rural) acabou sendo institucionalizada; foi a lingua oficial da Mancomunidade (1914-1923) e despois da Comunidade Autónoma que promoveron unha política lingüística decidida tanto no referente ao status como ó padrón. Iso explica que ó longo de todo o século XIX se publicasen ducias de gramáticas[12], mesmo mallorquinas e valencianas; que en 1906 se puidese celebrar un importante Congreso internacional sobre a lingua catalana, con presenza de grandes lingüistas de toda Europa e arredor de 1.000 asistentes dos Països Catalans, e de cuxas actas (703 páxinas) se tiraron 3.100 exemplares[13]; que en 1911 se botase a andar a activísima Secció Filològica do Institut d'Estudis Catalans; e iso explica tamén que as institucións (incluída a Universidade) se implicasen na formación dunha promoción de filólogos moi capaces. Así é que de 1918 é a extraordinaria *Gramática catalana* de Pompeu Fabra[14] que tivo sete edicións ata 1936 e despois unha en París en 1946 e outra nova (refeita) en Barcelona en 1956, póstuma. Moitas das opcións que toma Fabra foran expostas por el mesmo nunha serie de *Converses filológiques* saturadas de erudición.

11 Para un xuízo máis imparcial desta *Gramática*, ver Sánchez Rei (2006), ou González Seoane (2006).

12 Pódese ver un listado posiblemente completo aquí: http://www.bnc.cat/Media/Files/bloc/Llista-de-gramatiques.

13 As actas deste Congreso en: https://archive.org/details/primercongrsin00conguoft/page/58.

14 Pode verse un facsímile da edición de 1933 no enderezo web: https://publicacions.iec.cat/repository/pdf/00000044%5C00000005.pdf

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 329-349
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

REPERCUSIÓN DA GRAMÁTICA DE SACO NOS CÍRCULOS CIENTÍFICOS

O texto de Saco comezou pronto a ser incluído como fonte de información sobre o galego en todos os repertorios bibliográficos que teñen en consideración as linguas hispánicas. O primeiro en dalo a coñecer fóra das nosas fronteiras foi o eminente romanista Gaston Paris (1839-1903), o gran patriarca da filoloxía francesa, fundador (xunto con Paul Meyer) en 1872 da revista *Romania* (que aínda se publica, vai no nº 136). No fascículo 2 do tomo I da súa revista (1872: 243-244) daba noticia da *Gramática* que nos ocupa. Saúdaa a obra cun eloxio:

> Le travail de D. Juan Saco Arce est le premier qui ait été fait jusqu'à ce jour sur le dialecte galicien; à ce titre il mérite certainement, outre la reconnaissance des compatriotes de l'auteur, celle des philologues. Ajoutons que l'auteur fait preuve d'un esprit naturellement juste, qu'il supplée par le bon sens à ce qui lui manque comme préparation scientifique, et que la partie de son livre consacrée à la phonétique est fort claire.

Pero a partir de aí a crítica é pouco favorable. O reproche principal que lle fai é que ignore completamente o portugués como termo de comparación, e en cambio bote moitas veces man do francés e do italiano para sinalar formas paralelas: "sans doute par un singulier patriotisme, il ne le rapproche jamais de cette langue [do portugués], qui n'est mentionnée qu'une ou deux fois en note dans tout le volume". E conclúe "si on avait voulu franchement exposer les choses comme elles sont, les deux tiers du livre tombaient; il n'y avait presque plus à signaler que des nuances de prononciation". Como mostra das deficiencias lembra o infinitivo conxugado, que Saco dá como "una prueba más de la docilidad de nuestro dialecto"; pero haino en portugués aínda que o ignore ou o silencie; ou a asimilación de *-s*, *-r* ó *l-* dos pronomes ou artigos *lo, la* nas secuencias do tipo *collámol-os, leval-o*, que Saco, certamente non atinou a explicar ben (por iso propón unha grafía inaxeitada), que se dan tamén en portugués con características idénticas. Hai que dicir en descargo de Saco que Gaston Paris non entendía ben a situación sociolingüística do galego nin tampouco quen eran os destinatarios da obra. A intención de Saco era rehabilitar unha lingua, crear un padrón literario galego, e non presentala coma un conxunto de feitos dialectais do portugués ante un cenáculo de estudosos do romanismo.

A segunda vez que se menciona e, neste caso, se utiliza a obra de Saco nun traballo romanístico é por parte do filólogo suízo Jules Cornu (1849-1919) autor da sección "Portugiesische Sprache" no vol. I da segunda edición (1904-1906) do *Grundriss de romanischen Philologie* de Gustav Gröber, onde insire un *Anhang*

'apéndice', que comprende as últimas seis páxinas(1904-1906: 1031-1036), que trata do substantivo, dos numerais, dos pronomes e do verbo galegos, baseado nos datos que extrae, segundo confesa, da *vorzuglich* 'excelente' *Gramática* de Saco e dalgunhas lecturas particulares de autores da Biblioteca Gallega (nomeadamente de Pondal e Benito Lozada [sic]) e tamén de Rosalía e A. Ribalta (*Ferruxe*) e algún texto antigo[15].

E aí acaba (que eu saiba) toda a repercusión que tivo Saco na romanística. O galego seguiu obviamente interesando ós romanistas (que eran alemáns principalmente na época de entre-Guerras); de feito Galicia foi tomada como campo de estudo por E. Gamillscheg (catedrático en Berlín) e F. Krüger (en Hamburgo), e principalmente por discípulos deles: Margot Sponer, Georg Sachs, Hans Schneider, Walter Schröder e Walter Ebeling. Podemos engadir tamén o sueco Bertil Maler que o 18 de xullo de 1936 levaba mes e medio en Mondoñedo recollendo materiais para a súa tese; a Guerra frustrou o remate deste traballo. Algún cita a Saco na bibliografía das súas obras, e ademais é case seguro que todos eles, mestres incluídos, se achegaron por primeira vez ó galego da man de Saco.

Isto é o que me pareceu pertinente lembrar neste foro conmemorativo a propósito de Saco. Desde o aspecto que me tocou abordar só me queda por engadir unha reflexión final e vai no mesmo sentido en que se expresaba Lamas no prólogo de *Espiñas* (hai 142 anos): Galicia ten unha débeda con Saco. É evidente que a súa *Gramática* non ten o significado que tivo outro libro que apareceu na mesma década, os *Cantares* de Rosalía; pero é igual que *Cantares* un texto fundador (por moito que hoxe nos pareza superado); e se este país fose agradecido habería que pór o seu autor entre as principais figuras de nación, igual que no dominio castelán se pon a Nebrija.

15 O texto foi traducido ó castelán por F. Martínez Morás no *Boletín da Real Academia Galega* o mesmo ano (Cornu 1906).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 329-349
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Barbosa, Jerónimo Soares (1822): *Grammatica Philosophica da Lingua Portugueza ou Principios da Grammatica Geral applicados á Nossa Linguagem.* Lisboa: Na typographia da Academia das Sciencias.

Bello, Andrés (1847): *Gramática de la lengua castellana: destinada al uso de los americanos.* Santiago de Chile: Impr. del Progreso.

Capmany de Montpalau, Antoni de (1852): *Observaciones críticas sobre la excelencia de la lengua castellana.* Madrid: Imprenta y Estereotipia de M. Rivadeneyra.

Carballo Calero, Ricardo (1966): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia. 4ª ed. Vigo: Galaxia, 1974.

Constâncio, Francisco Solano (1831): *Grammatica analytica da Lingua Portugueza, offerecida á mocidade estudiosa de Portugal e do Brasil.* Paris: J. P. Aillaud.

Cornu, Jules (1904-1906): "Die portugiesische Sprache", en Gustav Gröber, *Grundriss de romanischen Philologie.* Strassbrug: Karl J. Trübner, 916-1037. Dispoñible en https://archive.org/details/grundissderroman01grbe/page/916

———— (1906): "Gramática de la lengua portuguesa. Apéndice", *Boletín da Real Academia Galega* 1,7-9; 2, 28-30; 3, 52-54; 4, 75-77; 5, 99-101.

Couceiro Freijomil, Antonio (1926): "El idioma gallego", en F. Carreras Candi (dir.), *Geografía general del Reino de Galicia,* vol. I, 163-327.

———— (1929): *Ortografía gallega: bases para su unificación.* Orense: Imprenta y Papelería La Popular.

———— (1935): *El idioma gallego. Historia, gramática, literatura.* Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín.

Cuveiro Piñol, Juan (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre sus vicisitudes.* Pontevedra: Imp. de José A. Antúnez y Cª. 2º ed: Barcelona: N. Ramírez y Cª, 1876. Dispoñible en https://archive.org/details/elhablagallegaob00cuveuoft/page/n5

Dixon, R. M. W. (2016): *Are Some Languages Better than Others?* Oxford: University Press.

Fernández Salgado, Benigno (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*. *Verba* anexo 47. Santiago de Compostela: Universidade.

Garrido Vílchez, Gema Belén (2008): *Las "Gramáticas" de la Real Academia Española: teoría gramatical, sintaxis y subordinación (1854-1924)*. Salamanca: Universidad. Tese de doutoramento. Dispoñible en http://www.contrastiva.it/baul_contrastivo/dati/sanvicente/contrastiva/Gram%C3%A1tica%20espa%C3%B1ola/Garrido%20Gramaticas%20RAE.pdf

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

González Seoane, Ernesto (2006): "A Gramática de Lugrís na tradición lingüística galega", *Boletín da Real Academia Galega* 367, 25-36. Dispoñible en http://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/BRAG/article/download/273/287

GRAE 1854 = Real Academia Española (1854): *Gramática de la lengua castellana*. Madrid: Imprenta Nacional, 5.ª ed.

GRAE 1858= Real Academia Española (1858): *Gramática de la lengua castellana*. Madrid: Imprenta Nacional, 6.ª ed.

GRAE 1870 = Real Academia Española (1870): *Gramática de la lengua castellana. Nueva edición, corregida y aumentada*. Madrid: Imprenta y estereotipia de M. Rivadeneyra, 12.ª ed.

Iglesia, Antonio de la (2005): *Poesías*. A Coruña: Real Academia Galega. Edición, limiar e notas de María Rosa Saurin de la Iglesia.

Kemmler, Rolf (2013): "Para uma melhor compreensão da história da gramática em Portugal: a gramaticografia portuguesa à luz da gramaticografia latinoportuguesa nos séculos XV a XIX", *Veredas* 19, 145-176. Dispoñible en https://revistaveredas.org/index.php/ver/article/view/36

Lamas Carvajal, Valentín (1874): *Espiñas, follas e frores: colección de versiños gallegos*. Orense: Imprenta Galaica.

[Lamas Carvajal, Valentín] (1876): "Ós meus compañeiros de monteira", *O Tio Márcos d'A Portela. Parrafeos c'o pobo gallego* parrafeo segundo, 6.

Lobato, António José dos Reis (1770): *Arte da grammatica da lingua portugueza.* Lisboa: na Regia Officina Typografica.

López Ferreiro, Antonio (1895): *A tecedeira de Bonaval: episodio da hestorea de Compostela no sigro XVI*. A Coruña: Andrés Martínez.

Lugrís Freire, Manuel (1922): *Gramática do idioma galego*. A Cruña: Imp. de Zincke Hermanos. 2º ed. A Cruña: Moret, 1931.

Niederehe, Hans-Josef (1994-2012): *Bibliografía cronológica de la lingüística, la gramática y la lexicografía del español (BICRES)*. 5 vols. Amsterdam: John Benjamins Publishing Company. Os dous últimos en colaboración con Miguel Ángel Esparza Torres.

Paris, Gaston (1872): "Comptes-rendus: *Gramática gallega*, por Don Juan A. Saco Arce", *Romania* 1, 243-244.

R.A. (pseud Leandro Carré) (1919): *Compendio de gramática galega.* Bibrioteca galeguista. A Cruña: Imp. Nova.

Rielo Carballo, Nicanor (1997): "Manuel Soto Freire (1826-1897). O gran impulsor do libro relixioso en Lugo", *Lucensia* 15, 213-232.

Risco, Vicente (1927): "Ensaios de phisiognomía. Don Xohan Antonio Saco e Arce". *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 48, 2-4.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 329-349
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Saco Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega.* Lugo: Imprenta de Soto Freire.

Salvá y Pérez, Vicente (1835): *Gramática de la lengua castellana según ahora se habla.* Valencia: Mallen y Sobrimos. [2ª ou 3ª ed. porque antes houbo unha en Belfast, que non adoitan contar, e outra en París].

Sánchez Rei, Xosé Manuel (2005): "Trazos xerais da tradición gramatical galega", *Revista Galega de Filoloxía* 6, 93-121.

———— (2006): "Algúns apuntamentos sobre a Gramática do idioma galego (1922, 1931) de Manuel Lugrís Freire", *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares* 23, 60-71. Dispoñible en https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/1988629.pdf

Santiago y Gómez, José de (1918): *Filología de la lengua gallega.* Santiago: Tip. de El Eco Franciscano.

TILG= Santamarina, Antón (dir.) (2014-2018): *Tesouro informatizado da lingua galega (versión 4.1)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua galega. Dispoñible en https://ilg.usc.es/TILG/

Valladares, Marcial (1970): *Elementos de gramática gallega*. Vigo: Galaxia.

Veiga Arias, Amable (1965-174): "Fonología gallega: Fonemática, el sistema vocálico", *Grial* 10, 390-403; "Fonemática: un grupo fónico monofonemático", *Grial* 18, 405-421; "Fonemática, el sistema consonántico", *Grial* 21, 282-287; 24, 225-230; 32, 155-162; 37, 281-291; "Fonemática", *Grial* 28, 173-182; "Fonemática: la sílaba", *Grial* 44, 157-171.

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 351-363
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.737

"CON ABUNDANCIA DE RAZÓNS": A LITERATURA NA *GRAMÁTICA* DE SACO ARCE

"WITH ABUNDANCE OF REASONS": LITERATURE IN THE *GRAMMAR* OF SACO ARCE

Teresa López
Universidade da Coruña

Resumo: As gramáticas galegas publicadas no século XIX non se limitaron á descrición e á prescrición gramatical: todas elas teñen un certo carácter híbrido, e inclúen informacións e materiais diversos, cunha presenza importante da literatura. Neste artigo, repasamos as referencias á literatura e a presenza da produción literaria na *Gramática gallega* (1868) de Saco Arce, para analizar as súas funcións no discurso gramatical, mais tamén patriótico, do autor ourensán.

Abstract: Galician Grammars published in the 19th Century were not limited to grammatical description and prescription: all of them have a certain hybrid character, and include information and diverse materials, with a significant presence of literature. This study reviews the references to literature and the presence of literary production in the *Gramática gallega* (1868) by Saco Arce, in order to analyse its functions in the grammatical, but also patriotic, discourse of the author from Ourense.

Palabras chave: Juan Antonio Saco Arce, gramática, literatura galega, Rexurdimento.

Key words: Juan Antonio Saco Arce, grammar, Galician Literature, Rexurdimento.

1. AS GRAMÁTICAS GALEGAS NO SÉCULO XIX[1]

As obras que compoñen a convencionalmente aceptada como tradición gramatical galega decimonónica son o *Compendio de gramática gallega-castellana* de Francisco Mirás (1864), a *Gramática gallega* de Juan Antonio Saco Arce (1868), *El habla gallega* de Juan Cuveiro Piñol (1868)[2] e os *Elementos de gramática gallega* de Marcial Valladares (1892)[3]. De todas, só a *Gramática gallega* de Saco Arce xurde como unha gramática homologábel ás disponíbeis para outras linguas, unha condición recoñecida polos seus contemporáneos (Valladares 1970 [1892]).

A publicación das gramáticas –exceptuando a de Valladares– ten lugar no período da toma de consciencia lingüística por parte da intelectualidade galega (Monteagudo 1999: 343), estreitamente vinculada á reflexión sobre as características identitarias de Galiza e á vontade de dignificación da imaxe do país e do pobo galego, a través da construción dunha literatura propia, que require un modelo de lingua apto para a expresión escrita. As gramáticas van ser un espazo privilexiado para a confluencia de todos estes elementos.

A definición do galego como trazo identitario esencial (sexa cualificado de dialecto, lingua ou idioma) irá seguida da exaltación da lingua e da reclamación do seu estudo, que permitiría dispor dunha norma (unificada) para o seu uso escrito, principalmente na literatura, e máis concretamente na poesía. Os textos gramaticais darán unha resposta práctica a esta necesidade, mais tamén articularán un discurso científico e/ou didáctico sobre o galego, e servirán para completar ou reforzar as ideas sobre a lingua postas en circulación en escritos doutro teor.

Se ben a descrición e a prescrición gramaticais van ocupar un espazo relevante nas gramáticas, non van ser os seus únicos asuntos e, por veces, tampouco os centrais. A gramática funcionará como libro nacional, nun sentido similar ao que González-Millán (2001: 22) sinalou para o dicionario: nun momento en que comeza a articularse a conciencia nacional galega, e sen a posibilidade de desenvolver unha política autónoma, a monumentalización da cultura nacional que se produce noutros espazos nacionais pola vía material –coa creación de museos e panteóns– vai ter no caso galego unha dimensión principalmente simbólica, con relevancia case exclusiva das actuacións no ámbito lingüístico e do discurso literario.

Desta forma, a publicación dunha gramática supón, en si mesma, un acto de reafirmación fundamental: para ser recoñecida como lingua, o galego precisaba

1 As ideas aquí desenvolvidas parten dun traballo meu anterior (López 2016).

2 Reimpresa en 1876 coa edición do seu *Diccionario* (Cuveiro 1876).

3 De acreditarmos nas palabras do seu autor, a obra de Valladares comeza redixirse en 1855 e conclúese en 1892. Non será publicada até 1970, pola Editorial Galaxia e co carimbo da Fundación Penzol.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 351-363
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

dunha gramática impresa, de aí a súa importancia simbólica. Con todo, a gramática como libro irá alén da configuración da norma lingüística, e incluirá dispares elementos da cultura nacional (da literatura, do folclore e, en menor medida, da historia ou da xeografía) e discursos que van contribuír a articular unha imaxe (proto)nacional da sociedade galega do século XIX.

Isto explica o carácter híbrido que, en diferente rango, as gramáticas galegas do século XIX, tamén a de Saco Arce, mostran. A este certo "carácter miscelánico" (Freixeiro/Sánchez/Sanmartín 2005: 117), únense outros trazos comúns ás catro gramáticas decimonónicas: a condición de obras exentas, a redacción en español, a publicación na década de 60 –coa excepción xa sinalada de Valladares–, e a inclusión dunha sección de textos, fundamentalmente literarios.

A extensión da descrición gramatical é, nalgún caso, inferior á dedicada a outros aspectos: no *Compendio* de Mirás dous terzos son de material textual diverso, e máis da metade do volume de Cuveiro estará consagrado á compilación de textos literarios e documentais. Mentres, na *Gramática* de Saco Arce, o material 'non gramatical' ocupa aproximadamente unha sexta parte da obra.

A *Gramática gallega* de Saco vai precedida dun prólogo e está completada por dous apéndices. O primeiro introduce a obra e sinala as razóns de carácter práctico para publicar o volume: a promoción dos estudos filolóxicos, servir de apoio ao estudo do galego nas clases de diplomática e facilitar aos confesores estraños a comprensión da linguaxe dos campesiños. Mais o prólogo é tamén un discurso patriótico, de exaltación provincial e de defensa e dignificación da lingua (1868: V-VIII), que insiste en ideas expresadas por Manuel Murguía ou Antonio de la Iglesia en escritos coetáneos.

O primeiro dos apéndices é unha colección de "Refranes gallegos", tomados en parte da *Historia de Galicia* de Murguía (Saco 1868: 263). A súa inclusión é xustificada por seren "las expresiones en que mas vivamente se refleja el genio é índole de la lengua, al mismo tiempo que son el resúmen mas exacto y conciso del *saber popular*" (Saco 1868: 263, itálico meu). O segundo, está composto por once "Poesías escogidas" de autoría diversa. A dimensión culta e a popular, non apenas da lingua mais tamén da cultura *nacional*, dous aspectos que Saco atenderá en dúas publicacións relevantes da súa autoría: *Poesías* (Ourense, 1878) e *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos* (iniciada en 1881).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 351-363
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

2. GRAMÁTICA E LITERATURA

Anne M. Thiesse ensinounos como no proceso de construción das linguas nacionais se tenta "simultaneamente, conciliar o regresso às fontes prestigiantes da língua e a revitalização linguística baseando-se num dialeto vivo" (2000: 75). Perante a escaseza (ou a falta de coñecemento) desas fontes prestixiantes fixadas e transmitidas por escrito (unha tradición literaria), as propostas gramaticais do XIX acoden á lingua oral como base para a descrición gramatical (Mariño 1998; Monteagudo 1999).

A existencia dunha tradición literaria culta –independentemente da accesibilidade dos textos que a constitúan e das dimensións do *corpus* textual– é tamén un argumento de prestixio para a lingua; a lectura identitaria dos textos e dos xéneros literarios contribúen a fixar os trazos da identidade (proto)nacional; o fío cronolóxico das obras literarias permite deseñar un percurso historiográfico etc. O discurso, explícito ou implícito, sobre a existencia (ou a carencia) da tradición literaria realizarase de preferencia na periferia da descrición gramatical: en prólogos, introducións, apéndices etc.

No texto gramatical, a utilización de textos literarios responde a dous modelos básicos: a cita (a reprodución textual dun fragmento dunha obra existente) e a referencia (a alusión a unha obra ou a un texto que non se reproduce)[4]. O uso das citas obedece, con carácter xeral, ao criterio de autoridade: procúrase a lexitimación dos usos descritos co prestixio dos textos literarios canónicos, utilizados para fixar o canon gramatical.

Porén as gramáticas galegas do XIX son escritas e publicadas como parte do proceso de elaboración dun modelo de lingua escrita, en certa forma en concorrencia coa formalización dos outros modelos que propoñen os textos literarios. Desta forma, as citas literarias incluídas nos textos gramaticais non necesariamente funcionan como citas de autoridade: poderán ser utilizadas para desautorizar determinadas formas ou usos.

Na altura en que Saco Arce escribe a *Gramática gallega*, o *corpus* literario, escrito en xeral, de onde pode extraer as citas é relativamente limitado. Tampouco pode partir de gramáticas anteriores: a obra de Mirás non incluía un *corpus* textual de referencia, fóra dos textos de autoría propia en que optaba por un modelo que Saco desbota por vulgarizante.

Así, Saco vese ante a eventualidade de ter que seleccionar os seus exemplos nos textos contemporáneos –coas implicacións que isto supón de cara ao criterio de

4 Diferenciaríanse dos exemplos, textos inventados *ad hoc* para a gramática. Fernández Salgado no seu estudo sobre as citas no dicionario de Valladares realiza tamén a distinción entre "citas literarias" e "exemplos de uso" (2004: 242).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 351-363
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

autoridade, como o propio autor sinala no prólogo–, por veces de difícil acceso: lembremos que á altura de 1868 só se publicaran tres volumes, total ou parcialmente en lingua galega –*A Gaita gallega* (1853), *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861) e *Cantares gallegos* (1863)[5].

Como xa indicamos, todas as gramáticas do XIX conteñen coleccións de textos literarios. A súa presenza explicouse por razóns didácticas, para "ilustrar e avaliar as distintas teses ou opinións verquidas nunha publicación esencialmente lingüística" (Varela 2001: 96, n. 2) e por razóns artísticas, para referendar "coa súa mesma presencia simbólica, a capacidade do idioma para transcender unha función instrumental e adentrarse nas vías da comunicación estética" (Rábade 2004: 159). Mais a función lexitimadora das compilacións é evidente: mostran, de facto, a condición de ser o galego unha lingua por ter unha literatura de seu, un dos argumentos máis veces utilizados para prestixiar un idioma no século XIX.

As seccións de textos das gramáticas de Mirás, Saco, Cuveiro e Valladares presentan diferenzas notorias, aínda que en todas predominan os literarios, principalmente os poéticos. Mirás inclúe textos de autoría propia (1864: 57-147); Cuveiro, poemas e prosa documental, nunha sección titulada "Sintaxis" (1868: 40-83); Saco compón un apéndice de "Poesías escogidas" (1868: 283-313) e Valladares de "Poesías diferentes" (1971 [1892]: 133-152).

Á falta de textos canónicos en que basear as súas descricións, os gramáticos optan por realizar unha selección, claramente diferenciada na organización da obra da parte propiamente gramatical, que compense esta carencia, en que presentan unha proposta canonizadora de autores, textos, xéneros e temas (Figueroa 2001: 36), e que é mostra da polivalencia da literatura como discurso social (González-Millán 2003). Por outra parte, as seleccións exemplifican a vinculación da vontade codificadora –talvez coa excepción de Mirás– coa creación dun modelo estándar para a lingua que permita acrecentar a produción literaria, principalmente a poética. Finalmente, a precariedade editorial viría reforzar aínda máis a necesaria confluencia gramática-literatura, optimizando así os escasos medios dispoñíbeis para difundir a produción rexurdimentista.

3. A LITERATURA NA *GRAMÁTICA* DE SACO ARCE

O discurso sobre a literatura faise explícito no prólogo, en que logo da diagnose da situación social da lingua galega (dos usos e actitudes perante ela), o autor chama a reaxir facendo do cultivo da lingua, a través da literatura provincial, o medio

5 A estes volumes hai que sumar opúsculos, textos editados en publicacións periódicas, volumes misceláneos e compilacións, singularmente o *Álbum de la Caridad* (1862).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 351-363
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

de afortalar unha comunidade cultural. O punto de vista de Saco Arce é profundamente contemporáneo e non vai facer excursos históricos ou historiográficos.

A finalidade patriótica da obra ponse de manifesto na mención da importancia do cultivo literario, aludindo aos Xogos florais e aos almanaques como medios de "fomentar la literatura gallega" e "levantar el abatido espíritu de estas provincias" (Saco 1868: VII, n. 1). De feito, a incitación ao uso da lingua vai estar reiteradamente vinculada ao ámbito literario ("No os desdeñeis de emplearlo [o galego] alguna que otra vez en vuestras composiciones literarias", dirá), máis unha indicación de como as estratexias provincialistas se dirixían a gañar para a súa causa o sector intelectual, singularmente o literario, e máis concretamente os/as poetas. Este chamamento apunta para a función modelar que desempeñaría o apéndice de "Poesías escogidas". Como é sabido, Saco Arce responderá el mesmo a esta incitación, coa composición de nove poemas en galego, o primeiro datado de 1867, incluídos no volume *Poesías* (1878).

De igual forma, a *Gramática gallega* tamén se singulariza no conxunto dos textos gramaticais galegos do século XIX polo uso de exemplos e de citas no corpo da análise gramatical (só Valladares se servirá tamén de citas). Sobre este aspecto, o autor reflexiona no prólogo:

> Criticarán los que me hagan el primer cargo [ser a obra nimia], la multitud, ó si se quiere, superabundancia de ejemplos que presento en la mayor parte de las reglas; pero estoy en la conviccion de que cuando por primera vez se escribe la gramática de un idioma, no basta presentar las reglas, es preciso patentizar su verdad con abundancia de razones, que en materias como esta son los ejemplos (1868: VIII).

Para alén da función xeral de avalar ou ilustrar determinados usos, as citas tamén van ser consideradas de utilidade "para que el lector, si es gallego, recuerde y reconozca á vista de ellos, la verdadera índole y los giros castizos de su propia lengua, que con el contacto de la castellana tendrá medio olvidados" (1868: IX), por tanto, están relacionadas co ideal de pureza lingüística, como forma de restaurar a enxebreza ante as interferencias do español, máis frecuentes, sen dúbida, no público letrado a que necesariamente se dirixe a gramática.

Os exemplos "no serán tomados de autores clásicos, puesto que no existen", unha idea que matizará en nota a rodapé, para explicar que os autores dos "pocos escritos que hay en gallego" son "demasiado modernos para tener autoridad de

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 351-363
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

clásicos" (1868: IX). Ante esta carencia, Saco vai tomar como referencia o *Coloquio* do Padre Sarmiento[6]:

> Solo citaré á veces, por *razon de su mayor antigüedad* y *erudición* vastísima, al ilustre P. Sarmiento, cuyas coplas gallegas, si bien en ellas no se admira un relevante mérito poético, muestran *detenido estudio* de nuestro dialecto (1868: IX, itálico meu).

Ás razóns aducidas, alleas ao canon literario, habería que engadir as características lingüísticas das coplas: unha composición de forte base popular, que respondía ao modelo de enxebreza de Saco. A utilización do *Coloquio* como fonte é absolutamente predominante: até en máis de vinte ocasións son reproducidos fragmentos para explicar, exemplificar e, en menor medida, cuestionar usos. A autoridade do frade bieito é invocada para ilustrar fenómenos de carácter fonético (1868: 21), ocorrencias de morfoloxía verbal (1868: 84, n. a; 86; 88, n. a; 89, n. a; 89, n. b; 90, n. a; 100), contraccións morfosintácticas (1868: 151, n. a), uso de formas verbais (1868: 177), as clases de palabras (1868: 199; 202; 215), o significado de modismos e locucións (1868: 211; 216; 217; 219). Aproximadamente na metade destes casos, as citas son colocadas a rodapé, por tanto non ocupan unha posición central no discurso gramatical.

Nalgunha ocasión, a mención a Sarmiento serve para desautorizar, con menor ou maior contundencia, os usos do frade bieito:

> No nos parece fundada la *m* que el P. Sarmiento emplea al fin de las sílabas, como *bem, vim, sem, algumha, com poucos*, por mas que afirme emplear la ortografia usada en antiguos códices. Tal ortografia es mas bien portuguesa que gallega (1868: 227, n. a)[7].

Logo dos versos de Sarmiento, é a literatura popular, nomeadamente os cantares[8], a fonte do maior número de exemplos para ilustrar trazos fonéticos (1868: 147, 148), sintácticos (1868: 163) e morfolóxicos (1868: 175, 177, 194). En todos estes casos, as citas reprodúcense no corpo do texto, non a rodapé, e nunca se cuestionan os usos recollidos. A reprodución dos cantares, sempre íntegros,

6 Editado por J. M. Pintos en 1859: *Recopilación de muchas palabras, voces y frases de la lengua gallega*. Hecha por el Rmo. Padre Fr. Martín Sarmiento, honor y gloria de Pontevedra, su Patria. Pontevedra: José Vilas.

7 Precisamente consideracións deste tipo, que definen o galego por oposición ao portugués, van ser obxecto de discrepancia por parte de Murguía, como se deduce das cartas de Saco Arce dirixidas ao historiador (Barreiro/Axeitos 2003-2005: II, 89, 94).

8 Puntualmente acude tamén ao refraneiro: "Xiada sobre lodo, neve fasta ó sollo" (1868: 129, n. a).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

contribúe á creación dunha pequena antoloxía destes textos populares, de forma similar ao que acontecera cos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro.

Os textos poéticos contemporáneos son citados para os pór en contraste coas súas propias propostas, ás veces matizando, ás veces problematizando as opcións, fundamentalmente gráficas e fonéticas, que presentan. Fronte ao que acontecía coas citas da poesía popular, as dos poemas están relegadas ao espazo da nota a rodapé, e figuran sempre desprovidas de autoría: "en cierto poeta" (1868: 20), "En algunas composiciones cuyos autores creemos son de Santiago" (1868: 25), "en un acreditado libro de poesías gallegas" (1868: 77), "este verso de otro poeta" (1868: 149, n. a), "en poesía" (1868: 148, n. a). A anonimización quizais obedeza á vontade de fuxir de eventuais polémicas con autores concretos, ou ao desexo de non marcar negativamente a produción literaria contemporánea, aínda que si algúns dos seus usos lingüísticos[9]. Mencionará, por exemplo, sen citalos expresamente, os *Cantares* rosalianos:

> En cierto poeta se encuentran algunos sustantivos acabados en *x*, como *paisax*, paisaje; *fogax*, llamarada; *lenguax*, lenguaje. Deben considerarse como apocopados, habiéndoseles suprimido la e final por causa del metro. No nos parece mal con tal que no se termine con ellos el verso ó la cláusula. No disuena por ej., el siguiente verso:
>
> *Nun paisax de prata e rosas*[10]. (1868: 20, n. c)

O uso de textos medievais limítase a dúas citas das *Cantigas de Santa María* de Afonso X, a propósito da forma "ulo", que explica etimoloxicamente a partir do adverbio "u" existente na lingua medieval:

> Uno y otro adverbio u (en donde), i (alli) se encuentran en las Cántigas de D. Alonso el Sabio:
>
> E oín falar de Onna,
> ú había gran vertude (en donde había)
>
> ——
>
> E sa avoa i era, (Y estaba allí su abuela)
> Filla del rey d'Ingraterra (1868: 62, n. a)

9 No artigo "Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes", publicado en 1876, si fará un censo de castelanismos, indicando os autores e as obras en que se encontran.

10 O verso é de "Como chove miudiño".

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 351-363
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

É de notar tamén como Saco Arce acode a *corpus* singulares na descrición gramatical: a textos escritos en castelán antigo[11] (entre eles o *Quixote*, o *Romance del Cid*, *Las Siete Partidas*[12]) e a autores como Cervantes, Fray Luis de Granada, Afonso X ou o Padre Mariana. En non poucas ocasións, as citas complétanse coa súa tradución para o galego, como neste caso do *Quixote*: "*Na maís [sic] que por oito meses de servirche, tiñasme dado a mellor* ínsua *que o mar arrodea*; por solo ocho meses de servicio, me tenias *dada* la mejor ínsula que el mar ciñe y rodea" (1868: 178). O autor ourensán xustifica traducir "autores castellanos de gran nota para que se pueda comparar mejor la construccion gallega con la castellana" (1868: 179, n. a), por tanto, obedecen a unha dinámica contrastiva, consoante co seu ideal de enxebreza, que pretende fixar as características idiosincráticas do galego, por oposición precisamente á lingua que estaba a desvirtualas.

As citas de autoridade en castelán son traídas ao caso para explicar as interferencias do galego no castelán (1868: 168-169) –denominadas en ocasións de "provincialismos" (1868: 170, n. a)– ou para mostrar como formas propiamente galegas existían tamén nun estadio anterior do castelán: "En el castellano antiguo, en vez de decir *os* en los casos oblicuos de la segunda persona plural, se usaba, como en gallego *vos*: *Qué desacato vos fice?* (Romanc. del Cid)." (1868: 57, n. a). É esta unha estratexia para prestixiar o galego pola súa asimilación á lingua oficial, plenamente recoñecida como lingua de cultura, e para mostrar a maior proximidade ás orixes latinas, outro argumento de prestixio, aínda que tamén presenta o risco de contribuír para a identificación do galego como unha variedade arcaica.

En suma, na *Gramática gallega* de Saco Arce funcionan como citas de autoridade as provenientes da poesía popular, consonte coa base oral e popular do seu modelo lingüístico. Na mesma liña podemos colocar a utilización da obra do Padre Sarmiento, considerado, con matices, como un posíbel modelo para a fixación do estándar. Pola contra, os textos contemporáneos non son considerados como modelo lingüístico e convértense en obxecto de comentario ilustrativo e, ás veces, discrepante, anticipando a preocupación pola lingua literaria que manifestará no coñecido artigo "Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes" (Saco 1876).

O apéndice de "Poesías escogidas" está composto por un total de once textos: "Miña santa Margarida," e "Adiós ríos, adiós fontes" de Rosalía Castro –ambos sob o título común "Cantares" e numerados respectivamente como I e II–, "A real familia en Santiago. Cantinela gallega" de José García Mosquera, datado de

11 Non só se inclúen citas literarias, en ocasións hai referencias xenéricas ao castelán do tipo "Otramente en el antiguo castellano" e "muy usado también en los clásicos castellanos".

12 Todos textos literarios, coa excepción dun documento antigo do século XV, escrito en castelán mais de localización galega (1868: 24, n. a).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

1858, "A vida d'o campo. Versión gallega d'a oda d'Oracio *Beatus qui procul negotiis etc.*" tamén de José García Mosquera, "A campana d'Anllons" de Eduardo Pondal, "O desconsolo" e "Nai chorosa" de Alberto Camino, "A boa memoria d'Azara. Himno" de Vicente María Feijoo Montenegro –datada de 1851–, "A Pontevedra. Traducción del francés" de Juan Manuel Pintos, "A fonte d'o Pico Sagro" de Marcial Valladares e "A noite de Navidá" de Luis Corral.

Os poemas de Rosalía publicáranse en *Cantares gallegos*; os de Pondal, Camino, Valladares e Corral, no *Álbum de la Caridad*; o de Pintos vira a luz no xornal *La perseverancia* en 1859. En calquera caso, nestes momentos iniciais do Rexurdimento o coñecemento dun ou doutro texto non pasa necesariamente pola existencia dunha fonte impresa, pois continúa a ser moi relevante a circulación manuscrita, de orixinais ou copias, entre particulares. Lembremos que o propio Saco Arce solicitara en carta a Murguía (Barreiro/Axeitos 2003-2005: I, 539) a súa colaboración para obter o beneplácito de Rosalía e poder incluír un ou dous poemas de *Cantares* na *Gramática* e tamén para que lle facilitara o acceso material ao poema "Nay chorosa" de Alberto Camino e a mostras ou fragmentos dos escritos de Francisco Añón.

A selección realizada por Saco abrangue as décadas de 40, 50 e 60 e, en certa forma, segue/institúe o canon provincialista (Camino, Pondal, Rosalía, García Mosquera e Pintos, xunto con Añón e Amado, serán tamén destacados no artigo "Poesía gallega contemporánea") ao que se sumarían autores ourensáns cos que Saco tiña relación (García Mosquera, catedrático coma el no Instituto de Ourense, e Feijoo Montenegro[13]). Traducións de dúas das linguas de cultura (latín e francés), composicións de asunto relixioso, poesías laudatorias, poemas de carácter intimista e/ou elexíaco, expresión do sentimental, e a evocación da vida rural serían os asuntos presentes nesta selección en que se poñen de manifesto a ideoloxía do compilador, os trazos que estaban a singularizar a produción poética galega e o imaxinario da lingua/nación.

Aínda que o título de "Poesías selectas" remitiría ao que Rábade Villar (2004: 51) considera garantía axiolóxica –que sancionaría as escollas operadas como as mellores posíbeis, de acordo co criterio de relevancia–, está tamén presente a función arquivística que todas antoloxías rexurdimentistas desempeñan (González-Millán 2003), como mostra a inclusión de Feijóo Montenegro, e a mención que del fai Saco en "Poesía gallega contemporánea". Porén, o gramático

13 Nunha nova carta a Murguía, informarao de que tivo noticia por terceiros de que en Allariz "se conservan allí una porción de obras manuscritas del malogrado D. Vicente Feijóo Montenegro ya en poder de su familia, ya de varios particulares: entre dichos escritos se cuentan unas novelas sobre hechos del país que creo se titula *El castillo de Malpica*, varios dramas y muchas monografías" (Barreiro/ Axeitos 2003-2005: II, 117).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 351-363
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ourensán destaca na súa selección o criterio de ilusión referencialista –o isomorfismo entre o sistema de eleccións referendadas na antoloxía e o conxunto literario que aspiran a representar– canto que, dentro das limitacións impostas pola produción literaria disponíbel, pretende mostrar a variedade de rexistros poéticos da lingua galega, en palabras que evocan o prólogo rosaliano aos *Cantares*:

> Las composiciones poéticas que á continuacion presentamos como muestra de un gallego, por lo general puro y correcto, prueban también cuan dócil es, y cuan facilmente se doblega nuestro dialecto á la inspiracion poética de todos sus tonos, y á qué alto grado de perfeccion llegaria bajo la pluma de estos y otros escritores, honra de Galicia, si consagráran exclusivamente su ingenio á cultivar en prosa y verso la lengua de sus antepasados (1868: 283).

A argumentación final coincide coas teses de Murguía sobre a carencia dunha tradición literaria, nas que Saco insistira na nota introdutoria: Galiza

> no tiene la fortuna de poseer una de esas literaturas que dan fijeza, brillo é importancia á los idiomas. Y no porque falten ó hayan faltado á Galicia ingenios capaces de hacer brillar su nativa lengua, sino porque á otra más afortunada han ido á rendir los lauros, que para la suya hubieran podido conquistar (1868: 283).

4. CABO

A presenza da literatura na gramática de Saco Arce maniféstase no uso de citas literarias na descrición gramatical e na colección de poemas que inclúe. O discurso xeral sobre a literatura céntrase na incitación a participar no Rexurdimento poético, con palabras claramente aliñadas co provincialismo e unha vocación decididamente proselitista.

Nun momento en que se está a producir unha articulación da conciencia nacional, as gramáticas, alén da súa función de codificación lingüística, adquiren relevancia pola súa propia existencia, e teñen unha forte dimensión simbólica que explica a confluencia nelas dos discursos e dos materiais que van articular unha imaxe (proto)nacional: a lingua, mais tamén, e de forma principal, a literatura. Así a tarefa gramatical adquire unha dimensión patriótica da que Juan Antonio Saco Arce foi plenamente consciente.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 351-363
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Barreiro Fernández, Xosé Ramón e Xosé Luís Axeitos (2003-2005): *Cartas a Murguía*. 2 vol. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Cuveiro Piñol, Juan (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre sus vicisitudes*. Pontevedra: Imp. de José A. Antúnez y Cª.

———— (1876): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre sus vicisitudes*. Barcelona: N. Ramírez y Cª. 2ª edición.

Figueroa, Antón (2001): *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón, Xosé Manuel Sánchez Rei e Goretti Sanmartín Rei (2005): *A lingua literaria galega no século XIX*. A Coruña: Universidade.

González-Millán, Xoán (2001): *O diccionario enciclopédico de Eladio Rodríguez. A canonización lexicográfica da literatura galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

———— (2003): "La articulación del discurso antológico gallego en el siglo XIX", *Bulletin of Hispanic Studies* 80-4, 485-508. https://doi.org/10.3828/bhs.80.4.3

López, Teresa (2016): "A literatura galega nas gramáticas do século XIX", *Estudos de lingüística galega* 8, 147-166. http://dx.doi.org/10.15304/elg.8.3197

Mariño Paz, Xosé Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Mirás, Francisco (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado 'La creación y redención'. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor*. Santiago: Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás.

Monteagudo Romero, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Murguía, Manuel (1865-1913): *Historia de Galicia.* 5 vols. Lugo: Impr. de Soto Freire.

Rábade Villar, María do Cebreiro (2004): *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica*. Santiago de Compostela: Universidade.

Saco Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega.* Lugo: Imprenta de Soto Freire.

———— (1876): "Poesía gallega contemporánea (sus defectos más comunes)", *El Heraldo Gallego* 104, 3-5; 105, 9-11; 106, 17-18.

———— (1878): *Poesías*. Ourense: Impr. de Gregorio Rionegro Lozano.

Thiesse, Anne-Marie (2000): *A criação das identidades nacionais: Europa-séculos XVIII-XX*. Lisboa: Temas e debates. Tradución de Sandra Silva.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 351-363
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Valladares, Marcial (1970 [1892]): *Elementos de gramática gallega*. Vigo: Galaxia / Fundación Penzol.

Varela Suanzes-Carpegna, Álvaro (2001): "As antoloxías literarias galegas: do Rexurdimento a 1936", *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1999, 69-102.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 365-383
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.738

A GRAMÁTICA NA *GRAMÁTICA* DE SACO ARCE

THE GRAMMAR WITHIN SACO ARCE'S GRAMMAR

Francisco Dubert García
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: Saco Arce escribiu a súa gramática dentro dun marco coñecido como *Gramática tradicional*; este marco foi substituído tardiamente en Galicia polo estruturalismo, que non apareceu ata finais dos anos 60 do século XX. Ora ben, estar escrito neste marco teórico non torna esta gramática nin menos valiosa, nin menos rigorosa. Neste traballo pretendo comezar unha exploración que nos mostre, dun xeito introdutorio, que recursos, que ferramentas conceptuais, empregou Saco para confeccionar a súa gramática.

Abstract: Saco Arce wrote his grammar within a framework known as *Traditional Grammar*. In Galicia, this framework was belatedly replaced by structuralism, which only became known towards the end of the 1960s. However, the fact that this work was written within this framework does not render this grammar less valuable or rigorous. The aim of this current study is to present an initial exploration into the means and conceptual tools which Saco used to write his grammar.

Palabras chave: Juan Antonio Saco Arce, historia da gramática, gramática, galego.

Key words: Juan Antonio Saco Arce, history of grammar, grammar, Galician.

INTRODUCIÓN[1]

No seu estudo sobre as gramáticas preestruturalistas galegas (que en Dubert 2000 denominei *clásicas*), Santamarina (1982: 195) conclúe que "la mayor originalidad y el mayor mérito le cabe a la gramática de Saco, que arrancó de cero". Freixeiro Mato (1998: 33) considera que, fronte ós outros autores das gramáticas clásicas, "Saco é a afortunada excepción, pola súa preparación académica e polo rigor que pretendeu dar á súa obra". Do mesmo xeito, Cidrás/Dubert (2017) sinalan que a *Gramática* de Saco Arce é unha "obra de grande mérito e calidade para o seu tempo, de lectura aínda proveitosa nos nosos días".

Efectivamente, cabe supor a dificultade e, polo tanto, recoñecer o mérito, de escribir a primeira gramática dunha lingua que carece de tradición de descrición gramatical. Non me refiro a que esta lingua teña ou non unha norma asentada, unha variedade de referencia, estándar ou como se queira chamar; ou que conte cunha literatura culta de prestixio, cos seus mestres e críticos (aínda que todos estes factores son básicos á hora de escribir unha gramática). Estou, máis ben, a pórme na mente dun autor que debe decidir que tópicos introducir, cales deixar, como ordenalos: para un fenómeno dado que decide introducir, a favor de que análise previa está?, con que análise non concorda? Nunha situación así non pode existir doutrina, nin crítica, nin progreso, nin tradición que apoiar ou cuestionar, pois só estamos ante un comezo sen historia previa. O único de que dispón o noso autor é: (a) dos textos (orais ou escritos), os datos (da súa fala, e da fala doutros); e (b) das gramáticas doutras linguas, que lle poden servir non só de modelo para organizar os fenómenos (aquí falo dos nomes, aquí dos verbos, aquí dos modos...), senón tamén para seleccionar cales fenómenos tratar, aínda que sexa por contraste (o galego ten tal fenómeno que non ten o español e si o italiano).

É fácil que os lectores posteriores, que contan xa cunha tradición gramatical, que mesmo puideron acadar formación específica en materia de lingüística, que manteñen un tipo diferente de militancia sobre a lingua galega (froito de cento cincuenta anos de cultivo da lingua e de evolución do galeguismo e do nacionalismo), contemplen como defectos moitos trazos que xorden das condicións de xénese da gramática. É posible que se xulgue unha obra da Galicia de mediados do século XIX cos valores da Galicia do século XXI.

Como o seu título indica, neste traballo quero reflexionar sobre a gramática dentro da *Gramática* de Saco. Quero comezar a descubrir, dun xeito introdutorio,

1 Este artigo realízase dentro do proxecto "Contacto e cambio lingüístico en galego" (Ministerio de Economía y Competitividad, FFI2015-65208-P); recibiu tamén o apoio da Xunta de Galicia e dos fondos FEDER (ED431C 2017134). Quero agradecerlles a Xulio Sousa e a Francisco Cidrás as suxestións con que contribuíron a mellorar este artigo.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 365-383
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que recursos, que ferramentas lingüísticas, empregou Saco Arce para confeccionala. Saco era profesor de latín, grego e retórica; estudara francés, italiano e algo de semíticas... Polo tanto, a súa relación coa lingua non era a dun simple afeccionado.

Traballos posteriores a este deberían realizar un estudo histórico-comparativo que nos permitise contemplar esta gramática dentro do seu contexto: comparala pormenorizadamente con outras gramáticas da época, comprobar en que coincidía con elas, en que se apartaba. Esta é a única maneira de entendela correctamente. Sen esta operación corremos o risco de xulgala illadamente do seu contexto e, o que é máis grave, cos ollos de hoxe.

Así pois, para entender mellor que quero dicir con "a gramática dentro da *Gramática*", vexamos a definición que o lingüista Larry Trask (1993: s.v. *Grammar*) nos dá do termo *gramática*:

> **Grammar** /ˈgræmə/ *n.* 1. The system by which the words and morphemes of a language are organized into larger units, particularly into sentences, perceived as existing independently of any attempt at describing it. 2. A particular description of such a system, as embodied in a set of rules. 3. The branch of linguistics dealing with the construction of such descriptions and with the investigation of their properties, conventionally divided into morphology and syntax.

A acepción 1 de Trask refírese, claro está, ás estruturas gramaticais inmanentes detectables nos textos producidos en calquera lingua; esta gramática é a responsable de que os falantes digan e descodifiquen oracións:

> Eu_{a} vexo a Luís_{b}, eu_{a} véxoo$_{b}$ ben
> Luís_{b} veme_{a} a min_{a}, el_{b} veme_{a} ben

Como indica Trask, cremos que esta gramática 1 existe con independencia de que alguén a queira describir ou non... Polo tanto, tamén vemos xa que para Saco existía unha gramática 1 do galego, aínda que este *dialecto* non se cultivase... Máis aínda, como despois veremos, cría que o que falaban os campesiños analfabetos, a lingua que basicamente quere describir, non era unha xerga anárquica, sen sistema, sen orde, senón que era unha lingua suxeita a regras: o galego contiña unha gramática 1 que alguén debería escribir.

De feito, da reflexión lingüística de Saco xorde o traballo que quero comentar, unha gramática 2, a súa *Gramática gallega,* unha interpretación acerca de como é a estrutura da gramática 1 da lingua galega.

Como sabe calquera lector, a gramática 2 de Saco é moi distinta, por exemplo, da escrita por Álvarez, Regueira e Monteagudo (1986). Iso non é de estrañar,

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 365-383
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

pois son dúas gramáticas 2 (que, máis ou menos, pretenden interpretar como é a gramática 1 da lingua galega) feitas non só con datos parcialmente distintos, senón tamén con concepcións teóricas moi distintas, separadas por máis de cen anos de reflexión lingüística. A estas concepcións teóricas diferentes é o que Trask denomina *gramática 3*.

O que me interesa comentar agora non son, estritamente, os ítems que Saco seleccionou para describir a súa gramática 2: que escollese o pronome de 2sg *ti* ou *tu*; ou o pronome de 3sg.m *il*... Non me interesa, pois, o modelo de lingua que propuña. Máis ben quero presentar unha tentativa de análise básica de como, a partir da gramática 1 escribiu a súa gramática 2. Para iso, teño que entender como era a súa concepción da gramática, a súa gramática 3. As gramáticas 1 e 2 son gramáticas de linguas concretas; a gramática 3 non é máis ca un método para analizar a gramática 1 e escribir unha gramática 2. A gramática 1 é, de feito, un fragmento da realidade que queremos interpretar e describir; a gramática 2 é unha interpretación e descrición desa realidade; a gramática 3 son as ferramentas que usamos para interpretar e describir esta realidade[2].

Para iso, na aliña 2 mostro que é un traballo escrito no seo dunha *gramática preestrutural*; na aliña 3 ilustro mediante a selección dalgúns exemplos como Saco Arce analizaba os fenómenos lingüísticos; finalmente, na aliña 3 achego unhas reflexións finais. As citas da gramática de Saco Arce están tomadas da edición orixinal (1868); inclúen só os números de páxina (seguidas da abreviatura p.).

UNHA GRAMÁTICA PREESTRUTURALISTA

Como non podía ser doutro xeito, a *Gramática* de Saco está concibida dentro do modelo preestruturalista (que moitos chamarían *Gramática Tradicional*). Esta é unha precisión importante, pois o estruturalismo (mellor sería dicir *os estruturalismos*), que chegou relativamente tarde á lingua galega, supuxo unha renovación radical dos métodos de descrición e explicación en lingüística. O estruturalismo hoxe en Galicia representa o que se podería denominar *ciencia normal*: as ferramentas que se usan xeralmente para describir os fenómenos gramaticais ou que son ensinadas nos cursos básicos de lingüística nas facultades. Chegue con dicir que

2 Nótese que a noción de gramática que vou usar aquí é máis ampla cá que describe Trask, pois inclúe a fonoloxía. Como sabemos, existe unha visión estreita da gramática que exclúe a fonoloxía, "conventionally divided into morphology and syntax". Hoxe sabemos que a fonoloxía non ten límites claros nin coa morfoloxía, nin coa sintaxe, nin coa pragmática; e sabemos tamén que a fonoloxía é reducible a regras. En todo caso, chega con mirar calquera gramática de calquera lingua para ver que a maioría inclúen unha descrición fonolóxica.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 365-383
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

as tres gramáticas galegas máis representativas (Álvarez/Monteagudo/Regueira 1986; Freixeiro 1998, 1999, 2000, 2003; Álvarez/Xove 2002) son estruturalistas.

Os trazos xerais da *Gramática* de Saco que podemos destacar son:

A) Forte dependencia da tradición grecolatina. Isto nótase na descrición gramatical en varios puntos, como por exemplo cando atribúe casos morfolóxicos ós artigos definidos (p. 24):

	Masculino	Femenino	Neutro
Nom.	*o*	*a*	*o* = *el*, *la*, *lo*
Gen.	*d'o*	*d'a*	*d'o*
Dat.	*ô*, *pr'o*	*â*, *pr'a*	*ô*, *pr'o*
Acus.	*o*, *ô*	*a*, *â*	*o*
Abl.	*sin*, *c'o*, &c.	*sin*, *co'a*	*sin*, *c'o*, &c

Resulta para nós rechamante que Saco lle atribúa casos morfolóxicos (isto é, declinación) ó artigo e que despois, nas páxinas de eufonía, nos indique que estas marcas de caso son realmente resultado de contraccións e coalescencias entre preposicións e artigos. El mesmo é consciente desta incoherencia:

> Echase de ver en la declinacion del artículo que sus varios casos no son otra cosa que las formas del nominativo, precedidas de las preposiciones *de, pra, á, sin, con,* &c., con las cuales se denotan las diversas relaciones del genitivo, dativo, acusativo y ablativo.
> Las formas íntegras del dativo de singular y de plural son *á o, á a, á os, á, as*; pero por razones de eufonia que se expondrán mas adelante (112), la preposicion *á* es absorbida por la vocal del artículo, resultando *ô, â, ôs, âs* (p. 25).

De feito, sinala explicitamente que "las varias relaciones expresadas por los *casos* griegos y latinos se denotan aquí por medio de preposiciones" (pp. 22-23). Polo tanto, percibe que estes *casos* resultan da combinación de palabras función distintas, preposicións e artigos, que noutros contextos teñen existencia independente: deste xeito, é consciente de que o *dativo do artigo definido* non é unha palabra función declinada nese caso, coma no grego clásico:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 365-383
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Nom. Sg.	ho lógos 'a palabra'
Acus. Sg.	ton lógon
Xen. Sg.	tou lógou
Dat. Sg.	tō lógō

Aquí, efectivamente, podemos dicir que o artigo grego ten declinación e casos, e que existe unha palabra función denominada "o acusativo masculino singular do artigo definido", *ton*, que ademais concorda en xénero, número e caso co nome *lógos*.

B) Esta característica lévanos á seguinte. Moitos lingüistas estruturalistas actuais dirían que Saco non mantén unha separación nidia entre diacronía e sincronía (unha oposición fundamental no método estrutural establecida por Saussure; véxase Dubert 2017 para unha revisión aplicada ó galego).

Saco analiza as formas das palabras complexas e as súas alternancias fonolóxicas ou morfolóxicas como resultados de procesos que cambian ou eliminan segmentos. Deste xeito, non nos queda claro se estes procesos se realizan agora na gramática 1 ou se son resultados de procesos acontecidos no pasado (dos que as formas actuais son só os resultados). Este é un método descritivo que poderiamos chamar *procesual*: existen unhas formas base que se modifican dalgún xeito, ben por combinarse con outras formas base, ben porque reciben algúns accidentes gramaticais, ben por reaxustes fonolóxicos. Esta gramática procesual 3 contrasta coa gramática 3 *distribucional* das gramáticas estruturalistas galegas actuais: neste modelo distribucional, non hai fusións, nin elisións: simplemente, indícase a distribución dunha unidade con respecto a outras que a rodean (para estas diferenzas, véxase Pena 1990).

Por exemplo (pp. 141-154), nos casos que Saco denomina de *eufonía* (e que hoxe denominamos *fonoloxía prosódica*) entran as coalescencias vistas dos artigos definidos, as coalescencias dos pronomes acusativos de 3ª persoa coas palabras que os preceden (*lev'o* por *lévao*), as contraccións dos pronomes átonos (*rouboum'a*), as contraccións do artigo indefinido coas palabras precedentes rematadas en *-a* (*onha* 'a unha', *contr'onha* 'contra unha'), a disimilación do artigo indefinido precedido do alomorfo /j/ da conxunción *e* (*i-on coitelo* 'e un coitelo'), a selección do alomorfo *no* tras ditongo (presentada a nasal como *consoante eufónica*, cunha segmentación *hai-n-o* 'haino'), a contracción da preposición *con* cos pronomes *il, iste, ise, aquil* (*co'il* 'con el')... Este método descritivo procesual percíbese nas explicacións que dá dos fenómenos:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 365-383
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Ante los artículos definido é indefinido, despues de perdida la *n*, se suprime también la *o* de dicha preposicion para evitar el hiato, quedando la *c* sola que forma sílaba con el artículo: por ejemplo: C*'o hirmáu* por *con o hirmáu* (p. 147).
>
> La preposición *en*, al contrario de *con*, mas por idéntico motivo, pierde la *e* casi ante las mismas palabras que esta, incorporándose despues la *n* con la vocal siguiente. Ejemplos: *está n-o agro* (*en o agro*) (p. 148).

Tras ler estas descricións, o lector pódese loxicamente preguntar: son estes procesos algo que sucede hoxe na gramática 1 dos falantes? ou as formas coma *co, coa, no, na*, non serán unidades que se crearon hai xa moitos anos e que hoxe están xa así conformadas na gramática 1 dos falantes?

En contraste, nunha gramática 3 distribucional estruturalista diríase que, por motivos históricos, os pronomes átonos dativos *me, che, lle* aparecen hoxe contraídos cos acusativos de 3ª persoa *o, a, os, as* (*deumo, deucho, deullo*); que o alomorfo /ɔŋ/ do artigo indefinido *un* aparece ante o alomorfo /j/ da conxunción copulativa *e* (*van un home i-onha muller*); que o pronome acusativo masculino singular de 3ª persoa ten un alomorfo /no/ que aparece despois de ditongo (*haino*)... Este método distribucional é o único que se considera posible nunha gramática sincrónica, i.e., que non teña en conta os procesos que no pasado deron lugar ás formas actuais; en definitiva, só presenta as formas actuais e as condicións en que estas formas aparecen.

Para moitos lectores formados no estruturalismo clásico, o modelo procesual pode ser interpretado como unha dificultade de Saco para manter separadas *diacronía* e *sincronía*; para algúns, mesmo, podería verse como un defecto propio dunha gramática *precientífica* ou *acientífica*. Farían ben estes críticos en recordar que este modelo procesual de descrición é común (quizais dominante) en milleiros de traballos xenerativos actuais. As diferenzas máis importantes (e non desprezables) entre a gramática 3 de Saco e xenerativa actual é que o xenerativismo herdou e desenvolveu toda unha xerarquía de niveis de análise (alternancias alofónicas, fonémicas, morfofonémicas, morfolóxicas), restricións e formalismos que a gramática preestruturalista descoñecía. Pero este feito non impide que para moitos lingüistas xenerativos estes procesos sucedan actualmente no desempeño lingüístico dos falantes.

C) Outra característica da *Gramática* de Saco é que basea a súa descrición da fonoloxía do galego na lingua escrita. O propósito fundamental é mostrar *como se escribe o que se fala* e *como se le o que se escribe*. É unha fonoloxía orientada ó valor das letras (Dubert 2000), que inflúen mesmo no xeito de organizar a exposición. Como sinala Lyons (1968: 9), nestes modelos preestruturalistas "no consistent

distinction was drawn between sounds and letters used to represent them". Máis adiante veremos un exemplo centrado nas vogais.

D) É unha concepción gramatical non formalista, non reducionista: isto implica que para describir ou clasificar as categorías lingüísticas, pódense usar criterios lóxicos, semánticos ou de uso. É así como se definen, por exemplo, as categorías lexicais. Véxase a preciosa definición de verbo e a súa clasificación, que vale a pena referir completa:

> En la espresion de un pensamiento intervienen tres cosas: una, de la que se afirma algo, otra que se afirma de la primera, y finalmente, la palabra con que afirmamos. La primera se llama *sujeto*, la segunda *atributo*, y la palabra con que afirmamos, *còpula*, ó mejor dicho, *afirmacion*.
> El verbo presenta unas veces la afirmacion sola, como en esta oracion: *Dios es bueno*: otras, juntamente con la afirmacion, espresa el atributo, como en este ejemplo: *El hombre desea*, que equivale á: *El hombre está deseoso*.
> El verbo, es, pues, la palabra que expresa la afirmacion, ya sola, ya acompañada de la atribucion. —En el primer caso se llama *sustantivo*, ó con mas propiedad, *afirmativo*; en el segundo, *atributivo* (p. 64).

Detrás desta descrición vemos a oposición entre os diferentes tipos de predicacións que recoñece a lingüística actual (Raposo 2013: 1290):

> Predicacións de base verbal: *Luís* [*estuda física*]
> Predicacións de base adxectiva: *Luís* [*é moi intelixente*]
> Predicacións de base nominal: *Luís* [*é o profesor de física*]
> Predicacións de base adverbial: *O espectáculo* [*foi onte*]
> Predicacións de base preposicional: *Luís* [*é de Fisterra*]

En definitiva, o traballo de Saco presenta unha serie de características que fan que a súa gramática 3 (e, por conseguinte, a súa gramática 2) hoxe lles pareza *anticuada* e superada a moitos estruturalistas... Ora ben, isto débese a que xulgan este traballo desde o seu estruturalismo actual. Vista desde outras perspectivas hoxe tamén existentes (o xenerativismo, a lingüística cognitiva, certos funcionalismos), as gramáticas 2 e 3 de Saco presentan elementos que non están necesariamente desfasados.

Polo tanto, neste traballo de Saco imos encontrar, alén de moita información sobre o galego falado no século XIX, tamén unha tentativa de descrición e explicación rigorosas desa información. Esta descrición foi elaborada con criterios diferentes ós que hoxe son comúns entre nós, pois parte doutros presupostos teóricos

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 365-383
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

(i.e., doutra gramática 3). Non imos encontrar aquí ferramentas coma *fonema, alófono, morfema, alomorfo, distribución complementaria...* Imos encontrar tamén xustificacións explicativas que apelan a trazos positivos que o autor atribúe á personalidade dos galegos por seren tales... Porén, a descrición é quizais tan rigorosa como se podía entender este adxectivo no modelo gramatical de que partiu. Por estas razóns, non podo concordar con Sánchez Rei (2005: 106) cando sostén que

> Falta na maioría das obras reflexión lingüística para ser logo aplicada á lingua do país, tal e como é habitual nas nacións e estados do noso contorno. Coa excepción, máis unha vez, dos traballos aparecidos desde fins do século XX até á actualidade, as gramáticas galegas evitan calquera tipo de teorización gramatical pois, implicitamente, esa xa se facía en español.

Eu non creo que falte reflexión lingüística na explicación do que é un verbo recollida arriba ou cando Saco explica a diferenza entre artigos definidos e artigos indefinidos (p. 24) por medio do contraste entre construcións co nome en plural (*Hay hombres á la puerta*), construcións co nome en plural precedido de artigo indefinido (*Hay unos hombres á la puerta*) e construcións co nome en plural precedido de artigo definido (*Están los hombres á la puerta*).

Cousa ben distinta é que Saco expoña primeiro a doutrina e as explicacións con datos tomados do castelán (*Dios es bueno, Están los hombres á la puerta*) e que despois diga que en galego existe o mesmo. Desde o meu punto de vista, este método non evita porén a teorización gramatical: máis ben, esta existe, realizada a partir do castelán, e despois aplicada ó galego. Pero este feito é outra expresión máis do uso contrastivo do castelán (que sinala Freixeiro 1998: 33) e, sobre todo, do carácter diglósico da situación cultural contra a metade do século XIX, que certeiramente describe Sánchez Rei nesas mesmas páxinas.

Como despois pretendo mostrar, Saco precisa da reflexión e da explicación lingüísticas dos feitos para levar adiante o seu proceso de reivindicación e defensa do galego: Saco móstranos precisamente como unha reflexión lingüística que se tente rigorosa devén unha forma de servicio ó país, pois se esta explicación baseada no castelán serve para o galego, logo o galego está tan suxeito a regras gramaticais coma o castelán.

UN REPASO ILUSTRATIVO Ó TRATAMENTO DALGÚNS FENÓMENOS LINGÜÍSTICOS

Acabo de soster que Saco si reflexiona en termos gramaticais ou lingüísticos. De feito, creo que esta reflexión é o que torna a súa gramática tan valiosa e actual fronte ás outras gramáticas preestruturalistas galegas. Neste sentido, cando Saco

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

afirma no prólogo que teme ser censurado polo "respeto que muestro á los modos de decir y de alterar la extructura de las palabras usados por la gente del campo", deféndese sinalando que "el exámen atento y comparativo de esas alteraciones, al parecer opuestas á la corrección gramatical, me ha hecho conocer que tienen su fundamento en la naturaleza é índole particular de la lengua misma" (p. VIII). Polo tanto, as formas de falar que recolle na lingua dos campesiños talvez non sexan deformacións grotescas, caóticas, caprichosas, erradas, dunha lingua sen cultivo, falada só por xentes analfabetas. A análise destas formas quizais teñan unha explicación dentro do sistema da lingua. Pero para poder demostrar isto é preciso mostrar o funcionamento do sistema da lingua; e para demostrar o funcionamento do sistema... precísase reflexionar con mente lingüística. A seguir ofrezo algunhas calas nas reflexións lingüísticas de Saco.

Para analizar o sistema vocálico do galego baséase na teoría fonética do orientalista valenciano Francisco Pascual Orchell (1762-1825). Esta teoría incluía un triángulo vocálico que Saco presenta na p. 14:



O triángulo vocálico de Orchell

Este triángulo ordena as vogais por algúns articuladores usados na súa produción: a vogal [a], baixa e central, preséntase como articulada na gorxa, pois nin a lingua nin os labios poñen impedimento á saída do aire; a vogal [i] clasifícase como palatal, pois a lingua elévase ó padal duro para articularse; finalmente, a vogal [u] aparece como labial, pois realízase protuíndo os labios. Estas son as tres vogais extremas, de referencia.

As restantes vogais aparecen nunha situación intermedia entre estas tres vogais extremas e poden clasificarse con respecto a elas:

> Las vocales son tanto mas análogas entre sí, cuanto menor sea la distancia de los puntos en que respectivamente suenan. Asi, por ejemplo, la *a* es afin de la *e*

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 365-383
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> y de la *o*, de las cuales, segun la anterior figura, está equidistante: son tambien afines entre sí la *o* y la *u*, la *e* y la *i* (pp. 14-15)[3].

Unha vez presentada esta clasificación articulatoria das vogais do galego, está en condicións de explicar algunhas variantes fonéticas:

> A causa de esta analogia, hay en gallego una gran multitud de palabras en que el uso emplea indistintamente las vocales mencionadas, como lo prueban los siguientes ejemplos:
>
> a — e
>
> *Xantar, xentar*, comer: *antroido, entroido*, carnaval: *aixada, eixada*, azada: *airexa, eirexa*, iglesia: *aixola, eixola*, azuela: *aixiña, eixiña*, pronto.
>
> e — i
>
> *Servir, sirvir*, servir: *encrenque, increnque*, enclenque: *enfiar, infiar*, enhebrar: *febilla, fibilla*, hebilla: *falsidade, falsedade*, falsedad: *senreira, sinreira*, ojeriza: *léndea, léndia,* liendre: *códea, códia*, corteza: *érguete*, *írguete,* levántate: *espero, isperto*, despierto: *render, rendir*, rendir: *meolo, miolo*, meollo: *meudo, miudo*, menudo (p. 15).

Non interesa aquí agora revisar a validez lingüística da análise, que sabemos cuestionable e nalgúns casos mesmo errada... Por exemplo, sabemos que *rendir* é un posible castelanismo e implica un cambio de conxugación; e que a vogal pechada pretónica de *sirvir* non ten a mesma xustificación cá vogal tónica de *írguete* ou a postónica de *codia.* Mais non sería xusto corrixir a Saco abusando da vantaxe que nos dá o noso coñecemento actual dos resultados de 150 anos de investigación sobre variación e cambio lingüístico que non estaba á súa disposición. Como sinala Santamarina (2019: 331-332): "Non nos consta (nin se deduce da lectura da *Gramática*) que tivese coñecementos de gramática histórica [...]. A lingüística histórica alemá á altura de 1868 aínda non chegara a España (en cambio si a Portugal; Adolfo Coelho que é algo máis novo que Saco pero escribe sobre os mesmos anos sobre o verbo portugués, segue de cerca a Bopp, Diez ou Schuchardt)".

3 Por certo, esta visión non está afastada doutra que manteñen fonólogos contemporáneos: "The canonical five-vowel system should be treated in terms of various combinations of three primes which we label here as [A], [I] and [U]. Individually, these manifest themselves as the primitive vowels *a, i* and *u* respectively [...]. Mid vowels are derived by compounding [A] with [I] or [U]" (Harris/Lindsey 1995: 35).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 365-383
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

O que creo que se debe destacar é a súa actitude: Saco localiza variación lingüística, presenta as variantes (descrición) e tenta buscar una explicación que xustifique por que se producen as mudanzas que conducen á aparición destas variantes; e tenta facelo, cando pode, coma neste caso, con ferramentas lingüísticas. En definitiva, en vez de condenar a variación, falar de corrupción, deformacións, caos, desorde, asistematicidade..., Saco busca unha explicación lingüística de acordo coa súa descuberta de que as *alteracións* "tienen su fundamento en la naturaleza e índole particular de la lengua misma".

Desde un punto de vista científico, é un método perfectamente recomendable:

a) Saco manexa unha teoría de base: a de Orchell;
b) ten uns datos que describir: as alternancias de vogais en diferentes variantes;
c) en consecuencia, busca unha hipótese explicativa para eses datos en función dos seus datos e da súa teoría de base.

Non obstante, e como xa dixen antes, Saco non é capaz de prescindir das letras á hora de describir a fonoloxía; nisto compórtase igual cá maioría dos gramáticos da súa época (ou que a maioría das persoas alfabetizadas de hoxe). A separación clara entre letra e son é un logro da lingüística comparativa que el seguramente descoñeceu.

Con todo, a pesar de que se escriben coas mesmas letras, Saco é perfectamente consciente de que existen vogais medias abertas e vogais medias pechadas; e sabe que esta diferenza é o que hoxe chamamos *distintiva*, pois permite distinguir palabras. Deste modo, cando fala das letras *e* e *o* indica que "la pronunciación abierta ó cerrada de las vocales, es lo único que distingue entre sí muchas palabras homónimas, esto es, que se escriben y pronuncian con las mismas letras" (p. 18). A seguir ofrece un conxunto de verdadeiros pares opositivos, tal e como aparecen en calquera gramática galega actual (p. 18):

prêsa,	priesa.	*prèsa*,	puesta en prision.
vên,	vienen.	*vèn*,	ven (de ver).
vêu,	vino.	*vèu*,	vió.
êla,	á ella.	*èla*,	ella (nominativo).
pôla,	rama.	*pòl-a*,	ponerla,
fôra,	fuera (adverbio).	*fòra*,	fuera (verbo).
ô,	al.	*ò*,	el.
ôso,	hueso.	*òso*,	oso (animal)

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 365-383
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Polo tanto, Saco percibe que *ê* e *è* ou *ô* e *ó* non só teñen pronuncia distinta, senón que tamén a súa escolla nestas parellas de palabras está vencellada a cambios no significado... Porén, describe *prêsa* e *prèsa* como palabras homónimas, que se escriben e pronuncian coas mesmas letras... Polo tanto, non parece capaz de chegar a percibir con tódalas consecuencias que os segmentos fonéticos representados polas letras *ê* e *è* ou *ô* e *ó* son tan distintos coma os segmentos representados por *t* ou *d* en *dan* e *tan*. As diferenzas articulatorias que separan *ê* de *è* e *ô* de *ó* son o que hoxe chamamos *trazos distintivos* ou *pertinentes*, que nos levan a pensar que os sons representados por *ê*, *è*, *ô* e *ó* son realizacións de *fonemas* diferentes. Polo tanto, non percibe ata as últimas consecuencias que, dalgún xeito, *ê* e *è* ou *ô* e *ó* deberían ser *letras distintas* e que *prêsa* e *prèsa* non se pronuncias coas mesmas letras. De feito, son palabras homógrafas pero non homófonas.

Por outra banda, non sempre Saco é capaz de encontrar a explicación mecanicista, estritamente lingüística, dun cambio ou dun estado de cousas. Cando así sucede, adopta unha actitude que Santamarina (2019) denomina *idealista*. Vexamos un par de exemplos.

Tras a descrición articulatoria acertada das vogais medias, acode a trazos psicolóxicos que atribúe en xeral á personalidade dos galegos para explicar a preferencia do galego por unhas vogais ou outras:

> Segun la teoria de la vocalizacion presentada en el núm. 2, la *e* se forma entre la *a* y la *i*, y la *o* entre a *a* y la *u*: son pues vocales intermedias, y por tanto, aunque de suyo abiertas (4), pueden serlo en mayor ó menor grado, sonando mas claras ó mas sordas, segun que al formarlas se aproxime mas la voz, bien á la garganta, bien al paladar ó á los lábios, esto es, á uno ú otro de los puntos extremos entre los cuales se pronuncian. De aquí que en gallego estas dos vocales son abiertas en unas palabras, y cerradas en otras. Generalmente hablando, propende á pronunciarlas cerradas, porque sin bien no tan sonoras, son mas dulces y mas conformes al carácter blando de los naturales de estas provincias (p. 17).

Naturalmente, hoxe sabemos que a abundancia dunhas vogais ou doutras depende da historia interna da lingua e resúltanos imposible ver un vínculo entre a abertura dunha vogal e o carácter brando que atribúe ós galegos.

Outro exemplo de explicación idealista encontrámolo cando analiza os cambios debidos á *eufonía*: "los varios medios de que se sirven los gallegos para evitar ciertos sonidos desagradables, con especialidad en el encuentro o combinación de las palabras". Como vemos, a propia definición de *eufonía* é xa idealista, pois fundaméntase na atribución de valores estéticos ós trazos lingüísticos: por que é

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

desagradable un /s/ en posición de coda silábica?[4] Ora ben, creo que sería moito pedir que Saco manexase en 1868 nocións como "condicións de boa formación", "leis de preferencia de estrutura silábica", "cadea do esqueleto fonolóxico CV" ou outros formalismos que, en moitas ocasións, poden ser tendencias universais e non privativas do galego, pero que non foron descritas ata moitos decenios despois. E quen sabe se dalgún xeito todas estas ferramentas conceptuais actuais non encobren ou formalizan, en última instancia, unha realidade elusiva que dalgún xeito poderiamos chamar *eufonía* e que prima as secuencias de segmentos CV sobre as secuencias VV.

Con todo, aínda nestes casos arrisca explicacións mecanicistas. Por exemplo, cando trata da resolución de hiatos por medio da epéntese de segmentos antihiáticos (que transforma secuencias CVV en secuencias CVCV) e non por medio da coalescencia das vogais (que transforma secuencias CVV en secuencias CV), comenta que:

> Como las vocales largas, á causa de su doble valor, no se prestan fácilmente á ser elididas en la pronunciacion, el apóstrofo ha sido reemplazado por otro medio en los casos en que una palabra terminada en diptongo ó vocal aguda, va seguida de otra palabra que empieza por vocal. Este medio es la interposicion de alguna consonante entre las dos palabras (p. 145-146).

Estas son as que denomina *consoantes eufónicas*, que segundo el aparecen en *trai-n-os* 'trainos', *haberá-i-os* 'haberaos', *a i-outra* 'a outra', *a b-auga* 'a auga'. Como se pode apreciar, o ditongo de *trai* seguido do clítico acusativo *os* debería evitar a consoante eufónica, pois a semivogal final do verbo xa pode funcionar como consoante eufónica se vai seguida da vogal do clítico (*trai-os*); por outra parte, a inserción da semivogal *i* en *haberá-i-os* produce unha secuencia similar á que se daría en *trai* se lle sumásemos directamente o clítico, *haberaios*, coma *traios*: vogal tónica baixa central + semivogal palatal + vogal media alta posterior (do clítico). Esta secuencia non parece ser eufónica en *traios* (de aí *trainos*), pero si en *haberaios*.

4 Nótese que este uso da eufonía chegou incluso ata hoxe: por exemplo, Freixeiro Mato (1998: 120) di que os ditongos decrecentes "son os máis característicos do galego e por esa mesma estrutura fónica descendente contribúen de forma importante á eufonía da lingua" (tamén Saco, p. 16, consideraba que a presenza destes ditongos en galego "contribuyen á darle ese carácter de blandura que tanto lo distingue"); tamén na resolución de hiatos, Freixeiro Mato (1998: 124) sinala que "existe tendencia na fala a desfacer, por razóns eufónicas, certo tipo de hiatos".

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 365-383
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Por outra parte, vemos que Saco tamén presenta o que eu xulgo intuicións interesantes. Por exemplo, o xeito en que decide organizar os verbos irregulares na súa *Gramática*:

> En la série de verbos irregulares que á continuacion presentamos, no hemos atendido al órden de conjugaciones, sino á la igualdad ó semejanza de sus anomalias. Así, por ejemplo, conjugamos simultáneamente los tres verbos *têr, pôr, vir* por la casi identidad de sus irregularidades, aunque sus infinitivos pertenecen á diversas conjugaciones (p. 81).

Deste xeito, agrupa *haber, saber* e *caber* polo ditongo *ou* do radical do seu tema de perfecto (*houben, souben, couben*); agrupa *facer* e *traer* porque rematan en *-x* o seu radical no tema de perfecto (*fixen, trouxen*) e polas formas reducidas do presente de indicativo (*fas, tras, fai, trai, fan, tran*). Igual con *caer* e *salir/saír* etc. Ese labor é difícil e non pode ser nunca coherente ó cen por cen, xa que os verbos irregulares só manteñen *parecidos de familia* (parécense uns a outros en trazos diferentes, pero nunca en bloque, i.e., nunca comparten tódalas súas *anomalías*, como diría Saco). Este é tamén un labor importante, pois estes parecidos de familia crean padróns que organizan as alternancias morfolóxicas (e dan estrutura ós verbos irregulares) e que guían o cambio lingüístico analóxico (véxase por exemplo Dubert 2014). Carballo Calero (1966: 153) exporá explicitamente despois que "por razones de comodidad presentamos los verbos [irregulares] según su orden alfabético"; Santamarina (1974), pola contra, tamén intenta unha ordenación por tipos de irregularidades.

Con todo, resulta tamén hoxe problemática a súa análise das alternancias que detecta nas vogais dos verbos regulares da 2ª e 3ª conxugacións. Así, identifica correctamente os procesos de asimilación que se dan en formas coma *mintía* 'mentía', *cucía* 'cocía', *cullín* 'collín' e que producen alternancias coma *cocer, cozo,* pero *cucín* 'cocín'; estes procesos hoxe clasifícanse nalgúns marcos teóricos fonolóxicos como procesos poslexicais, pois afectan a calquera palabra en que se verifique o contexto que dispara a regra (unha vogal alta tónica precedida dunha vogal media alta: *cuciña* 'cociña'). Pola contra, as vogais tónicas medias abertas de formas verbais coma *mente, serve, cobre, foxe, acode* (pp. 81 e 131) non aparecen "por atraccion de la abierta *e* de la desinencia" (p. 153); a vogal da desinencia nin sequera é aberta. Este é un proceso fonolóxico que hoxe se clasificaría como lexical, pois afecta a uns verbos concretos (*mente, serve, cobre*), e non a outros verbos ou outras

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

palabras que están nun contexto fonolóxico idéntico (*pide, vive, conduce, tigre, quince…*)[5].

Pero, en todo caso, aínda que a análise de Saco non sexa acertada, vemos outra vez a súa reflexión, o seu intento de encontrar unha explicación lingüística, mecánica, para unha serie de alternancias que, por certo, seguen a ser hoxe un desafío de primeira magnitude para calquera morfólogo que estude o comportamento flexivo de verbos coma *comer, beber, pedir, subir* ou *servir*.

Finalmente vale a pena observar como explica o uso do infinitivo conxugado. Resulta interesante ver como se enfronta a un fenómeno sintáctico para cuxa descrición non se pode inspirar en gramáticas do castelán, francés, italiano ou latín; máis interesante aínda é a cuestión se, como parece (Santamarina 2019), Saco Arce non consultou gramáticas portuguesas.

Indica que non se pode usar o infinitivo conxugado naqueles casos en que non é posible detectar un suxeito, pois o infinitivo tómase "en sentido abstracto" e as oracións de infinitivo son inherentemente impersoais (p. 182): *O traballar é proveitoso*; nin se pode usar "cuando el infinitivo sirve de complemento directo ó acusativo á otro verbo, especialmente si no media entre los dos ninguna preposicion": *Teus páis mándante sair; Queremos ver o xardín*. Pola contra, si pode usarse cando se emprega "como sujeto de alguna oracion" e "se expresa la persona á quien se alude" (p. 182): *Foi lástima non ll'o avisares ti*; tamén se usa "cuando el infinitivo tiene el valor de complemento circunstancial": *Pra loitares ti comigo, tês mui poucas forzas*; *Nunca imos â vila sin pidirmos licencia ô pai*.

Os usos explicados son os máis comúns na nosa lingua. Ademais, xulgo moi acertado que na súa descrición Saco se centre máis nas relacións que a oración de infinitivo mantén co verbo principal (se é o seu suxeito, o seu complemento circunstancial ou o seu complemento directo) ca en se o infinitivo vai antes ou despois do verbo principal, ou en se verbo subordinado e verbo principal comparten suxeito ou non. Creo que todos estes factores son menos relevantes có grao de integración da oración de infinitivo. As gramáticas galegas actuais céntranse neses aspectos que eu xulgo secundarios, pola contra.

Máis interesante aínda é a exposición das razóns do uso do infinitivo conxugado en galego que, a pesar de non ser formalista e de ter un aire *idealista,* é posiblemente correcta no substancial:

5 Esta análise pasou sen cuestionar mesmo ata Carballo Calero (1966: 133): "En los verbos de la segunda y tercera conjugación que tienen *e* u *o* en la radical, estas vocales pueden cerrarse en *i, u*, respectivamente, por influjo de una *i* de la terminación: *timía, cullín*, a lado de *temía, collín* 'cogí'. Una *-e* desinencial puede abrir hasta *e* u *o*, la *i* o la *u* de la radical en posición tónica: *serves, foxen*, junto a *sirves, fuxen* 'huyes'". Como vemos, tampouco Carballo se detén a pensar que estas vogais medias tónicas son medias abertas ou medias pechadas: son simplemente *e, o, i* e *u*…

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 365-383
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Esta variedad de terminaciones del infinitivo que es una prueba más de la dócil flexibilidad de nuestro dialecto, favorece mucho á la claridad y concision de la cláusula, como se evidencia comparando los ejemplos gallegos con su traduccion castellana: la frase resulta al propio tiempo más expresiva (p. 184).

CABO

O fin fundamental de Saco Arce ó escribir a súa gramática é a dignificación do galego. Como sinala no seu prólogo con palabras aínda hoxe actuais:

> Solamente los hijos de Galicia, haciéndose eco de extrañas preocupaciones, aceptando el estigma de menosprecio con que los demas quieren marcarlos, tienen á gala renegar de su lenguaje nativo, y se juzgan cultos extendiendo sobre éste el ignominioso desden que pesa sobre su hermosa region (p. VI).

Efectivamente, moitos galegos, "haciéndose eco de extrañas preocupaciones", seguen a comezos do século XXI a desprezar a súa lingua ou mesmo a traballar para dificultar a súa normalización.

Saco quere loitar contra as crenzas negativas que existían no seu tempo sobre o galego en xeral, e sobre o galego das clases populares en particular. Coa inxenuidade propia de moitas persoas intelectuais, racionais, intelixentes e cultas, Saco espera á fin e ó cabo que as persoas que despois de ler a súa gramática poidan "conocer fundamentalmente y por principios tan suave lengua, aprendan amarla, o lo menos a no vilipendiarla". Confía, creo que dun xeito inocente, en que a razón e o coñecemento venzan o prexuízo: que unha vez que saibamos que a forma e a estrutura da lingua se debe a procesos naturais sometidos a regras inherentes ou a características propias do pobo que a fala, esteamos en condicións de respectala.

De aí non só a súa descrición rigorosa da lingua, o seu interese por *reducila a regras*, senón tamén por buscar explicacións: só así pode demostrar que o galego non é un caos, senón que se regula "por principios". De aí tamén a continua comparación con outras linguas coma o español, o italiano, o francés, o grego, todas linguas prestixiosas: nelas tamén hai alongamentos compensatorios, elisión de segmentos, crases de vogais en hiato, segmentos antihiáticos, alternancias nos radicais etc. O galego en xeral, pero tamén o galego popular dos labradores e mariñeiros, non se comportan dun xeito raro, atolado, anormal ou caótico: evolúe, cambia, varía, como fan tódalas outras linguas e conforme a regras. Se estas linguas son respectables a pesar diso, cabe pensar que o galego tamén o é.

Pero a obra de Saco Arce tamén nos mostra a necesidade de elaborarmos obras de lingüística galega rigorosas e que estean á altura dos tempos en que se producen.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 365-383
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Tentar facer boa lingüística, con datos e análises atractivos para investigadores galegos e, sobre todo, estranxeiros, que sitúe o galego nos foros de discusión internacionais, é tamén unha forma de compromiso ético co noso país e a nosa lingua.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Álvarez, Rosario, Henrique Monteagudo e Xosé Luís Regueira (1986): *Gramática galega.* Vigo: Galaxia.

Álvarez, Rosario e Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Carballo Calero, Ricardo (1966): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.

Cidrás, Francisco e Francisco Dubert García (2017): "A gramática galega, un río de curso curto e sinuoso. Panorama histórico dos estudios gramaticais sobre o galego", *LaborHistórico* 3(1), 111-125. https://dx.doi.org/10.24206/lh.v3i1.17110

Dubert García, Francisco (2000): "Sons e letras nas gramáticas clásicas do galego", en José Luís Rodríguez (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Santiago de Compostela: Universidade / Parlamento de Galicia, T. I, 463-476.

———— (2014): "The emergence of structure in inflection: perfect roots in irregular Galician verbs", en *Morphologie flexionnelle et dialectologie romane : typologie(s) et modélisation(s)*. Mémoires de la Société de Linguistique de Paris, 22. Louvain : Peeters, 185-207.

———— (2017): "Cambio e estrutura morfolóxica. Segmentacións atípicas en verbos galegos e portugueses", en Xosé Luís Regueira e Elisa Fernández Rei (eds.), *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 297-325.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998a): *Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.

———— (1998b): *Gramática da lingua galega III. Semántica*. Vigo: A Nosa Terra.

———— (2000): *Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.

———— (2003): *Gramática da lingua galega IV. Gramática do texto*. Vigo: A Nosa Terra.

Harris, John e Geoff Lindsey (1995): "The elements of phonological representation", en Jacques Durand e Francis Katamba (eds.), *Frontiers of phonology. Atoms, structures, derivations*. London and New York: Longman, 34-79.

Lyons, John (1968): *Introduction to theoretical linguistics.* Cambridge: University Press.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 365-383
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Pena, Jesús (1990): "Sobre los modelos de descripción en morfología", *Verba* 17, 5-75.

Raposo, Eduardo (2013): "30. Orações copulativas e predicações secundárias", en Eduardo Buzaglo Paiva Raposo *et alii* (eds.), *Gramática do português*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian, 1285-1358.

Saco Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.

Sánchez Rei, Xosé Manuel (2005): "Trazos xerais da tradición gramatical galega", *Revista Galega de Filoloxía* 6, 93-121.

Santamarina, Antón(1974): *El verbo gallego*. Santiago de Compostela: Universidade.

———— (1982): "Gramática", en Ramón Otero Pedrayo (dir.), *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago de Compostela: Silverio Cañada, t. XVI, 191-194.

———— (2019): "Saco y Arce como gramático. Significado e pegada da súa obra", *Boletín da Real Academia Galega* 379, 329-349. https://doi.org/10.32766/brag.379.736

Trask, Larry (1993): *A Dictionary of Grammatical Terms in Linguistics*. London: Routledge.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 365-383
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 385-405
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.739

A PROPOSTA ORTOGRÁFICA DE SACO ARCE NO CONTEXTO DO REXURDIMENTO

THE ORTHOGRAPHICAL PROPOSAL OF SACO ARCE IN THE CONTEXT OF THE *REXURDIMENTO*

Xosé A. Fernández Salgado
Universidade de Vigo

Resumo: Este artigo analiza a ortografía proposta por Saco Arce na súa *Gramática galega* (1868), un texto que se vén considerando o primeiro logro científico da nosa tradición lingüística. Despois de describir brevemente a escrita do galego no século XIX, examínase a proposta de Saco en aspectos coma a representación da abertura das vogais medias <o, e>, o grafema para o fonema fricativo prepalatal xordo, /ʃ/, a grafía da nasal velar en *unha* ou a ortografía dos encontros vocálicos na cadea fónica. O noso obxectivo é ver en que medida a proposta gráfica de Saco coincide coa empregada nos textos literarios galegos anteriores á súa gramática e, así mesmo, a influencia que puido ter nos textos posteriores.

Abstract: This paper discusses the orthography proposed by Saco Arce in his *Gramática gallega* (1868), a text which is usually considered the first scientific achievement in our linguistic tradition. After briefly describing the evolution of Galician written texts in the nineteenth century, aspects such as the representation of the opening of middle vowels <o, e>, the grapheme of the voiceless palatal fricative /ʃ/, the graphization of the velar nasal of *unha* and the spelling of vocalic encounters in the phonic chain are examined in the light of Saco's considerations. Our purpose is to see to what extent Saco Arce's orthography coincides with spellings used in literary texts preceding his grammar and also the influence that they could have had on subsequent Galician texts.

Palabras chave: Ortografía, Rexurdimento, Juan Antonio Saco Arce, Historiografía lingüística, Lingua galega.

Key words: Orthography, Rexurdimento, Juan Antonio Saco Arce, Linguistic historiography, Galician.

1. A ESCRITA DO GALEGO NO SÉCULO XIX

Cando na década de 1840, autores coma A. Camino, F. Añón, X. M. Pintos, M. Valladares, V. Turnes..., e un pouco máis tarde F. Fernández Anciles, J. García Mosquera, os irmáns de la Iglesia..., os chamados *precursores* do Rexurdimento, autores anteriores á publicación en 1863 de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, e tamén, por tanto, da *Gramática gallega* (1868) de Juan Antonio Saco Arce (Toén, 1835 - Ourense, 1881), decidiron empregar por escrito o galego nas súas composicións líricas, atopáronse con que non tiñan modelos nos que se espellar[1].

O galego era nesa altura unha lingua sobre todo de uso oral, estigmatizada socialmente, símbolo de rusticidade e incultura, cun cultivo literario deficiente e, ademais, cun descoñecemento case total do glorioso pasado medieval que tivera como lingua literaria e cortesá. Unha lingua, pois, sen apenas tradición escrita (coñecida), case ágrafa, mal descrita lingüisticamente –pois carecía de dicionarios e gramáticas–, e que comezaba a ver xa interferida a súa estrutura pola outra lingua, o castelán, coa que compartía territorio dende xa había varios séculos, e que era a empregada no púlpito, na administración e adeprendida nas escolas galegas. Faino notar Saco Arce (1868: V) nas primeiras liñas do prólogo da súa *Gramática gallega*: "tiempo ha que viene sufriendo una lenta, pero incesante destruccion, merced al contínuo roce con la lengua oficial y clásica de los españoles".

Xa que logo, parece doado de entender que non se dese xerado ningunha norma lingüística nin institución que puidese actuar de aglutinadora das distintas variedades dialectais, que tamén xa eran apreciables para algúns autores e para o propio Saco, pois a elas fai mención en varias partes do seu texto gramatical e, especificamente, no apartado "Subdialectos del gallego" (1868: 231-234).

Esta situación descrita explica que un dos trazos lingüísticos máis característicos dos escritos en galego do século XIX sexa o polimorfismo, tanto gráfico coma gramatical e léxico. Pode servir de exemplo desta ortografía tantariñante as distintas formas empregadas por Rosalía de Castro en *Cantares gallegos* (1863) para recoller as contraccións do artigo determinado *o* e preposición *a*: *ô*, *ò*, *o* / *á ó*, *á o*, *á o*; como se ve, formas contraídas e sen contraer, con acento e sen el, e as acentuadas con agudo, circunflexo e nalgún caso grave (Lama 1995: 104)[2].

Esa impresión de anarquía gráfica nos textos oitocentistas galegos é habitual na escrita de calquera idioma que estea nos inicios da súa codificación gráfica:

1 A escrita da lingua literaria no século XIX foi estudada nun xa clásico traballo por Lorenzo (1986). Particularmente, Mariño Paz (2003) analizou a ortografía da etapa do chamado Prerrexurdimento, en tanto que a do Rexurdimento foi tratada por González Seoane (1992: 18-204) e por nós mesmos (2002: 357-501), ben que centrada sobre todo na proposta de Marcial Valladares.

2 Vacilacións semellantes vense en todos os escritores como xa sinalou Lorenzo (1986); Ferreiro (1991) anotounas en Pondal ou nós mesmos (2002) en Valladares.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 385-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ante a falta dunha autoridade lingüística, que poida ditar ou inspirar normas nesta materia, cada autor fai a súa propia proposta, o que acaba ocasionando discordancias gráficas entre deles. Por poñer un exemplo, nos textos do século XIX, para representar a contracción da preposición *por* e o artigo determinado (*polo, pola*), poden verse grafías tan variadas coma *po lo, pó lo, po-lo, pó-lo, po-l'o; pol-o po-l-o, pol'o, p'lo…* E non só diferenzas entre os escritores, senón poligrafismo dentro da mesma obra do escritor –como vimos no devandito caso de *Cantares gallegos*– e en escritos diferentes, por exemplo debido a que mudou usos ortográficos segundo as etapas da súa produción, conforme xa comentamos sobre Marcial Valladares noutro lugar (Fernández 2002: 500). Nin Saco Arce na propia *Gramática gallega*, bastante metódica e coherente no aspecto gráfico, se libra dalgunhas contradicións.

Testemuñan esta situación de anarquía o editor do sainete *A Casamenteira*, de A. Benito Fandiño, publicado en Ourense polos temperás anos de 1849. Afirma nas páxinas iniciais:

> nuestro dialecto gallego no tiene segun debiera arregladas una ortografia y una prosodia peculiares, resultando de aqui la gran variedad en escribirle, faltando muchas veces á la propiedad, alterando otras el significado de las voces y dejando la pronunciacion sin reglas fijas al arbitrio del que lee (1849:2).

Tamén son ben coñecidas as palabras de Rosalía de Castro (1863) no prólogo de *Cantares gallegos* recoñecendo que non habendo regras "o lector topara moitas veces faltas d'ortografia, xiros que disoaran os oidos d'un purista".

E así mesmo as de Curros Enríquez nunha carta de 1887 dirixida a Martínez Salazar, publicada por Alonso Montero (1970: 103-106). Falando da ortografía do galego, comenta Curros a "necesidad de reglamentar, armonizar y unir tanta anarquía". Pero tampouco lle dá demasiada importancia, pois sinala que en Francia, Portugal e Inglaterra, tendo idiomas máis traballados có noso, non lograran aínda establecer regras fixas para a súa prosodia e escritura. E continúa o poeta celanovés:

> Indudablemente que sería hermosa la uniformidad ortográfica, ¿pero que hay que pedir a nuestra pobre lengua, todavía en pañales como quien dice, después de la atrofia que sufrió durante tantos siglos, máxime cuando nos fijamos en aquellos ejemplos? [...] Me concreto a escribir como Dios me da a entender. Pero desearía que en Galicia eligiésemos una autoridad académica y que una vez elegida nos sometiésemos incondicionalmente a ella.

A falta de fixación, a febleza da tradición escrita e a inexistencia dunha autoridade literaria foi posta de relevo tamén por Saco Arce (1868: X):

> ya en que no hallándose del todo fijado el gallego, merced á la falta de gramática, de diccionario y de escritores, que con pluma magistral hayan manejado la lengua, ofrece gran variedad de formas y de giros, no solo en las diferentes provincias, sino aun en localidades pequeñas y poco distantes entre sí.

E insiste nesta idea noutro parágrafo anterior do prólogo cando, aludindo á abondosa exemplificación que inclúe, escribe (1868: IX): "Es verdad que tales ejemplos no serán tomados de autores clásicos, puesto que no existen" e en nota apostila: "No es esto decir que carezcan de mérito los pocos escritos que hay en gallego, sino que sus autores son demasiado modernos para tener autoridad de clásicos". Só lle recoñece certo mérito a Sarmiento, a quen cita en arredor de vinte ocasións ó longo da obra, aínda que nalgunhas non vai ser tanto como autoridade senón para desbotar a súa opción, que ás veces censura de antiga ou portuguesa. Di Saco Arce (1868: IX):

> Solo citaré á veces, por razon de su mayor antigüedad y erudicion vastísima, al ilustre P. Sarmiento, cuyas coplas gallegas, si bien en ellas no se admira un relevante mérito poético, muestran detenido estudio de nuestro dialecto. No impedirá esto, sin embargo, que desechemos algunas formas gramaticales que se hallan en sus versos, y que tenemos motivos para dudar que sean verdaderamente galaicas.

Así pois, podemos dicir que a ortografía dos escritos do Rexurdimento é ante todo vacilante e, en xeral, debedora do castelán no emprego dalgúns grafemas (<b/v>, <c+$^{e, i}$/z>, <c/qu+$^{e, i}$>, <h>...) nos casos en que os dous sistemas fónicos tiveran desenvolvementos e solucións máis ou menos coincidentes. Nestes usos as diverxencias gráficas entre os distintos autores virán provocadas, sobre todo, do grao de coñecemento que posuíren da ortografía castelá, a única que se ensinaba –coma tal, na vacilación frecuente entre <b/v>[3]–; pero tamén de pequenos axustes nalgúns usos por razóns etimolóxicas –por exemplo, non son infrecuentes os empregos sen <h> de formas coma *óso*, *ovo* ou *orfo,* vulnerando a ortografía castelá–; e mesmo nalgúns casos por mor da influencia que algúns

3 Por exemplo, en *Cantares gallegos* (1863) pódense ver alternando <b/v> nas mesmas palabras en casos como *avos/abo* ('avo'), *botar/votar* ('botar'), *baixa/vaixa* ('baixa'), *revolvia/rebolvia* ('revolver'), *vaite/baite* (de 'ir') ou *valado/balado* ('valado').

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 385-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

autores puideran ter recibido das ideas de gramáticos ou filólogos coma A. Bello, M. Cubí ou A. M. de Noboa, que naquela altura defendían para o castelán unha reforma ortográfica de tipo foneticista que batía coa da Real Academia Española –por exemplo, vese nalgúns usos de <q'>, en lugar de <qu'>, ou de <z+$^{e, i}$>[4]. Noutras ocasións, os usos gráficos diverxentes poden ser achacables ós editores, pois non era raro que modificasen a escrita orixinal do autor: coma tal, é ben sabido que Antonio de la Iglesia, como editor, interveu tanto na ortografía dos poemas do *Albúm de la caridad* (1862) coma no *Diccionario gallego-castellano* (1863) de F. J. Rodríguez, como xa sinalou Dobarro Paz (1996).

Con todo, as maiores diferenzas gráficas entre os distintos escritores virán nos puntos en que tiveron que ensaiar novas representacións por as dúas linguas ofreceren solucións fónicas diverxentes e o grafema castelán non valer para recoller as particularidades fónicas do galego. Referímonos a aspectos coma a existencia en galego de pronuncias abertas e pechadas nas vogais medias <e, o>: *sêga, môrto* / *pèso, còrte* (seguindo a representación de Saco Arce 1868: 17); no xeito de reflectir a pronuncia da nasal velar intervocálica de *unha*; na grafía adoptada para o fonema fricativo prepalatal xordo /ʃ/ que temos en palabras coma *xa, lonxe* ou *xastre*; e tamén no modo de recoller na escrita as abundantes elisións, contraccións e asimilacións que se daban no galego oral entre vogais e mais entre consoantes e vogais por fonética sintáctica (*No' m'os deu; os homes y-as mulleres*). Algunhas destas representacións xerarán mesmo algunha discusión co avanzar do século, como a suscitada en 1880 nas páxinas da *Revista Galicia* de Pardo Bazán sobre o uso de <b> e <v>, ou a máis agre ocorrida en 1888 na *Galicia. Revista regional* de Martínez Salazar sobre que grafema usar para o /ʃ/.

Estes aspectos diverxentes serán o foco da nosa atención na análise da ortografía que Saco formula na súa *Gramática gallega* (1868). Este tomo, en 4º de fermoso papel francés satinado e letra excelente, vía a luz nas prensas luguesas de Soto Freire fai agora 150 anos e poríase á venda por 15 reais. Amais da súa recoñecida valía gramatical, o texto revélase coma a verdadeira primeira gramática do galego, malia xa se ter publicado o *Compendio* de F. Mirás catro anos antes. Así a publicitaba o seu editor no "Prospecto" que inseriu nas follas do *Boletín oficial eclesiástico del Arzobispado de Santiago* (Soto 1869: 326-327); a cita é longa, pero coidamos que o documento paga a pena:

4 Coma tal, atopamos usos de <q'> nos *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861) de Fernández Morales, nalgúns versos do *Álbum de la caridad*, en *Aires da miña terra* (1880) de Curros Enríquez ou en *Saudades gallegas* (1880) de Lamas Carvajal. Pola súa parte, Marcial Valladares propuxo <z+$^{e, i}$> para algúns plurais e derivados de formas en *–z: (rapaz > rapazes, rapaziño)*, conforme xa indicamos noutro traballo (2002: 497).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 385-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Prospecto

La cultura y la ilustración de los pueblos, no se juzga generalmente por el trato de sociedad, frívolo y superficial casi siempre; sino por la instrucción de la mayoría de sus habitantes, por el aprecio que entre ellos se dá al cultivo de las letras y de las ciencias y sobre todo por el cuidado que ponen en la conservacion y perfeccionamiento del propio idioma.

Por eso en Galicia se siente la necesidad de una Gramática que venga á dar á conocer las reglas de su dialecto, á fijar sus bases y á facilitar su estudio.

Talento superior y conocimiento no vulgares exigía un trabajo de esta clase, si había de estar á altura que hoy alcanza la filología. Reservada estaba tal empresa al Sr. D. Juan A. Saco Arce, que en concepto de hombres competentes, ha sabido dar cima á la empresa, llenando todas las condiciones apetecibles.

La Gramática gallega que debida á sus desvelos tenemos la honra de ofrecer hoy al público, es un libro que está llamado á darle merecido renombre.

2. A "ORTOGRAFÍA" NA *GRAMÁTICA GALLEGA* DE SACO ARCE

Para Saco Arce, a ortografía non parece ser un capítulo primordial na súa gramática; de feito, o capítulo como tal de "Ortografía" só abrangue cinco páxinas e, ademais, é relegada xa contra o final do texto, despois dos capítulos dedicados ás outras tres partes en que se viña dividindo o estudo da gramática: a súa novidosa "Lexiología", que estudaría as diversas clases de palabras do idioma, e que viña correspondendo á tradicional *analoxía*; a "Sintaxis", que ensinaría as relacións que median entre as distintas palabras e a colocación entre si para formaren oracións; e a "Prosodia" que, segundo Saco, "considera los idiomas en su parte musical". Lémbrese, así e todo, que a súa gramática abría coas "Observaciones sobre as letras", onde *letras* debe entenderse no senso actual de *fonemas*, polo que viría a ser unha especie de Fonética. A disposición destas partes e o número de páxinas que abranguen é a seguinte:

Observaciones sobre las letras	pp. 13-21
Lexiologia ó Tratado de las palabras	pp. 22-141
Sintaxis	pp. 155-216
Prosodia	pp. 223-225
Ortografía	pp. 226-230

No capítulo de "Ortografía" apenas aborda tres aspectos: o uso de *-i*/*-y* nos ditongos decrecentes en final de palabra: *pai*/*pay* (1868: 226-227); moi brevemente,

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 385-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

a representación como *-n* e non *-m* en final de palabra: *ven/vem*[5] (1868: 227); e unha longa xustificación do uso único da grafía <x> para o fonema fricativo prepalatal xordo /ʃ/ (1868: 227-228). O relativo ós usos ortográficos complétao Saco co epígrafe "Acentos" (1868: 229-230), onde expón o emprego de dous tipos: o agudo (´) para marcar tonicidade e o circunflexo (^) para abertura. Xa nun parágrafo final retoma a proposta do uso das por el chamadas "comilla" e "rayita horizontal", isto é, o apóstrofo e o guión de enlace, ós que dedicara máis dunha ducia de páxinas na sección titulada "Eufonía" (1868: 141-154), aspecto este que coidamos central na súa visión do que era o galego oral ourensán daquela altura.

Obviamente, a práctica ortográfica de Saco aparece tamén deseñada na abundante exemplificación que incluíu por toda a gramática e nos textos dos "Apéndices" finais: os "Refranes gallegos" (1868: 263-282) e as once "Poesías escogidas" (1868: 283-313), que coherentemente adapta á proposta gráfica que fora expoñendo nas páxinas precedentes.

3. TRAZOS DA PROPOSTA ORTOGRÁFICA DE SACO ARCE

O gramático ourensán busca unha ortografía para o galego que sexa sobre todo práctica, coherente e actual, pois o que pretende é achegala ó maior número de usuarios. Os seus trazos máis destacados comentámolos a seguir.

3.1. Unha ortografía seguidista da castelá

O relativo *pouco interese* de Saco pola "Ortografía" parece xustificalo ó comezo do capítulo a ela dedicado cando escribe (1868: 226):

> Siendo aplicables casi en su totalidad á la ortografía del dialecto gallego, en lo relativo al uso de las letras y á la puntuación, las reglas de la ortografía castellana; nos limitaremos á hacer algunas advertencias sobre las letras *i-y, n-m, x*, sobre los acentos y algun otro signo[6].

5 Neste punto, Saco Arce (1868: 227) desbota a opción de Sarmiento de grafar en posición implosiva *-m* en lugar de *-n* e xustifícao en nota comentando que aínda que apareza en textos do frade bieito e en códices antigos "tal ortografía es mas bien portuguesa que gallega".

6 Saco Arce (1868: 13) lémbranolo tamén nas liñas que abren a *Gramática gallega*: "El alfabeto gallego no se diferencia del castellano mas que en carecer de la aspiracion gutural fuerte, representada en el segundo por la *j*, [...] el cual nosotros representaremos con la *x*, por las razones que en su lugar se espondrán". En termos semellantes se expresa Cuveiro (1868: 1) en *El habla gallega*, comezado a publicar uns meses antes: "El alfabeto gallego consta de las mismas 28 letras del castellano. Cuya pronunciacion alfabética es enteramente igual á la de este idioma, con la diferencia de que los gallegos las hacen indistintamente masculinas ó femeninas".

A adopción da ortografía castelá, que conxugaba aspectos etimolóxicos cos de uso e tradición, xustificaríase por razóns didácticas e pragmáticas, pois era a lingua na que falantes e escritores estaban alfabetizados. Ademais, como destaca Mosterín (1993: 169), os lingüistas á hora de deseñar escrituras para linguas que previamente carecían delas é habitual que fagan os axustes ortográficos en función da lingua dominante coa que están en contacto, aínda que a súa ortografía estea chea de defectos. Pero tamén se podería xustificar, porque entre os rexurdimentistas existía a idea de que galego e castelán tampouco eran tan diferentes; mesmo ó longo do século XIX circularía a idea de que o galego antigo se cadra fora unha protolingua da que tería xermolado o castelán (e mais o portugués) (Hermida 1992a: 100-105).

Así, na súa praxe, Saco é fiel ás regras do castelán en casos de uso de <b/v>, pois lemos nos seus exemplos *Cristobo*, *Estebo*, *bran*[7], *estaba*, *berrar*, *estivo*, *cova*, *vixiga*...; ou no uso de <h> en *hoxe*, *hirmau*, *hencher*, *ehí*...; de <c/qu+^{e,i}> en *catro*, *corenta*... pero *queixo*…; ou de <z/c+^{e,i}> en *rapaz*, *vez* mais *rapaces*, *veces*. Con todo, ofrece algún exemplo en que se aparta da norma castelá e opta polo criterio etimolóxico, como se ve nos casos de *avó* (1868: 224), *ôso* (1868: 18) ou *alelí* (1868: 224).

3.2. Unha ortografía simplificadora

Saco busca tamén unha ortografía simplificada. Vese, por exemplo, no tratamento que lle dá á marcaxe de <e, o> como abertas e pechadas por medio de acentos. A existencia en galego de dous graos de abertura nas vogais medias na posición tónica e o carácter funcional da oposición foron recoñecidos por todos os nosos escritores e lingüistas. As diverxencias entre eles virán da necesidade de marcar graficamente o diferente timbre ou non. E logo, se facelo, en todas as palabras, ou só nos pares en que a abertura da vogal é pertinente? E, ademais, de a marcar, sinalala tanto nas abertas coma nas pechadas, ou só nunha delas? E neste caso, en cal, na aberta ou na pechada? Alén diso, con que acentos: co agudo e grave?, co grave e circunflexo?, co circunflexo e agudo? E, finalmente, que valor habería que lle asignar a cada acento: o circunflexo para as abertas ou para pechadas? etc.

Polo xeral, as distintas propostas neste punto coincidiron en só marcar unha das opcións e maioritariamente inclináronse por acentuar os <e, o> abertos, ben que nunca dun xeito sistemático[8].

7 Esta palabra localízase na antoloxía final, no poema "A Campana d'Anllóns" (1868: 297); nel, Saco Arce modificou a ortografía orixinal de Pondal *vran* pola de *bran* seguindo as regras do castelán.

8 Nun traballo anterior noso (2012: 365-370) fixemos unha análise contrastiva das distintas propostas realizadas no século XIX por Pintos, Cuveiro, R. Otero, Saco Arce, Pérez Ballesteros, Valladares e Rodríguez Rodríguez.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 385-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Saco Arce (1868: 229), dentro do seu pragmatismo e didactismo, proporá o acento circunflexo (^) e, amais, dun xeito moi restrito[9]: só para denotar vogal aberta para casos en que se producise unha elisión ou contracción desde o punto de vista etimolóxico: *ô* 'ao', *â* 'aa', *trâs* 'traes', *câs* 'cans'... Así e todo, este uso non é sistemático ó longo da gramática e, por outra parte, ademais de denotar contracción e abertura (*môr* 'maior', *ôn* 'a un', *hirmâ*...), nalgúns casos o circunflexo reflectiría vogal fechada (*bô*, polo menos segundo o vocalismo actual) e noutros habería que interpretalo se cadra como un alongamento da vogal, por exemplo nalgunha das grafías das interxeccións propostas para *Fô, Fê, Pê, Pû, Bô, Câ* (1868: 138).

No valor do circunflexo para vogal aberta, Saco arrédase de prácticas anteriores coma a de Pintos, A. de la Iglesia e Ramón Otero que utilizaran para esta marcación o acento grave n'*A gaita gallega* (1853), no *Álbum de la caridad* (1863) e na *Galicia médica* (1867), respectivamente. Pola súa parte, Cuveiro propuxera en *El habla gallega* (1868) o uso do grave para a vogal pechada, ben que mudaría logo para o circunflexo no seu *Diccionario* (1876).

Tocante ó acento agudo (´), Saco Arce (1868: 229) destinarao a marca de intensidade (*resésigo*) e a labores de diacrise para monosílabos dunha letra nunhas poucas palabras, e cita as seguintes: *a/â/á; é/e; o/ô*, entre as cales existía unha total anarquía nos escritos galegos[10].

De xeito simplificador tamén opera o gramático ourensán (1868: 226) na representación da semivogal [j] en marxe silábica dos ditongos decrecentes, en casos como *fai, vai, hai* ou *hei*. Neste caso, vai favorecer o uso da vogal *-i* e proscribir o do *-y* grego, que era a proposta do castelán e a empregada na meirande parte dos escritos galegos daquela altura. Saco xustifica a súa opción sinalando que, alén de se adecuar a grafía (*-i* vogal) ó son (vocálico), tamén se mantiña a coherencia no plural: *pái/páis; nái/nais, réi/réis*. Para os casos en que ía en posición intervocálica medial de palabra, por exemplo en *vaya*, pero tamén nos casos de representación como semiconsoante da conxunción coordinada copulativa ante vogal, propia dos falares ourensás e lugueses (por exemplo, en *el y-o hirmau*), a

9 Téñase en conta que Saco Arce (1868: 17), cando describe a existencia de vogais medias <e, o> abertas e pechadas e apunta o seu valor distintivo, emprega o acento circunflexo para indicar a vogal aberta (*cên, prêsa, pôrta, pôla*…) e o grave para a pechada (*espèto, prèsa, còrte, pòl-a*); mais en ningún caso recomenda esta práctica na escrita, senón que se serve deses acentos unicamente para a súa explicación. A súa proposta dos acentos aparece na páxina 229.

10 Neste punto, nin o texto gramatical de Saco se libra de propostas ortográficas contraditorias. Falando da conxunción copulativa *e* (1868: 208), o presbítero ourensán gráfaa como <é>, con acento agudo, varias veces na páxina e nos exemplos que cita; porén, menos de dúas ducias de páxinas despois, tratando da acentuación diacrítica, manda grafar sen acento a devandita conxunción e con el a forma do verbo *ser* <é> (1868: 230).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 385-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

súa opción, e a de todos os autores do XIX, foi a do <y> grego —unha débeda coa ortografía do castelán—, pois Saco interpreta esta pronuncia máis consonántica do que vocálica.

3.3. Unha ortografía foneticista e actual

Obsérvase o foneticismo de Saco Arce na proposta de representación do fonema fricativo prepalatal xordo, /ʃ/, inexistente no castelán. Foi esta grafía das que máis discusións suscitou. Na súa grafización loitaron, sobre todo, dúas propostas: unha etimoloxizante e outra foneticista[11].

A etimoloxista propuña o uso da tripla grafía <g, j, x> segundo o étimo latino (*gente, ja, xastre*) para un só fonema: fora a defendida por Pintos na súa *A gaita gallega*; pola contra, a foneticista determinaba empregar só unha grafía, o <x> (*xente, xa, xastre*). Saco Arce (1868: 226-227) foi o seu primeiro defensor, identificou o son prepalatal galego co *ch* francés –xa que logo xordo, e non co *j, g* sonoros como facían outros–, e realzouno por ser diferencial do castelán e, ademais, do grupo dos sons "blandos" eufónicos (1868: 142).

Saco xustificaría a súa proposta exclusiva do <x>[12] en tres motivos: dunha banda, pedagóxicos, pois segundo el sería moi difícil acertar que grafía utilizar "siendo sumamente vario el origen latino de este"[13], do que resultarían "gravísimas dificultades para el estudio de la ortografía gallega"; doutra, por economía e practicidade, posto que antepón ós estudos etimolóxicos dos eruditos o feito de que "la ortografía debe ser del dominio de todos, por lo que conviene simplificarla y ponerla al alcance de la multitud"; e, finalmente, por comparatismo, tradición e uso, xa que o <x> "es la letra castellana cuyo sonido se imita mas al nuestro" e, alén diso, "la letra mas generalmente adoptada para este objeto" entre "los pocos escritos gallegos que existen" (1868: 228).

Estas últimas palabras do gramático cando menos merecen algunha matización, pois depende a que "pocos escritos gallegos" se refira. Certamente, contra 1868, dos autores escolmados por el na *Gramática*, usaran a grafía <x> Rosalía de Castro en *Cantares gallegos* (1863), Alberto Camino na súa "Nai chorosa" e "O desconsolo", Valladares en "A fonte do Pico Sagro" (cando menos na versión

11 Para as distintas propostas de representación e o desenvolvemento da polémica de 1888 pode verse o traballo de Hermida (1987).

12 Así e todo, falando das diferenzas nas consoantes entre o galego e o castelán, indica Saco Arce (1868: 250): "G. Es siempre dulce en gallego, sonando ante *a, o, u* como en castellano, y ante *e, i*, como la *ch* en francés", aínda que puntualiza: "si bien en este último caso es preferible valerse de la *x*".

13 Fala de ata oito procedencias: (1) de *g* latina: *xenio* de *genius*; (2) de *iota*: *xa* de *jam*; (3) de *x*: *enxempro* de *exemplum;* (4) de *s*: *xofre* de *sulphur*; (5) de *ss*: paxaro de *passer*; (6) de *sc*: peixe de *piscis;* (7) de *ps*: *caixa* de *capsa*; e (8) de *f*: *roxo* de *rufus*.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 385-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

publicada en *Galicia. Revista Universal* (1861) e, así mesmo, os poetas ourensáns J. García Mosquera tanto na "Cantinela" aparecida en *La Perseverancia* (1858) coma na tradución "A vida d'o campo" e, igualmente, Vicente M. Feijoo no poema publicado na *Corona a Azara* (1856). Dos autores que non figuran nas súas poesías escollidas, tamén usaran soamente o <x> Vicente Turnes, Fernández Morales nos *Ensayos poéticos* (1861) e Mirás no *Compendio* gramatical (1864).

Non obstante, as grafías etimolóxicas foran as preferidas, entre os textos por el antologados, por Pondal na súa "A campana d'Anllons", tanto na versión aparecida en *El País* (1858) coma na edición de 1866 (que é a que parece seguir Saco); e tamén en obras emblemáticas que ben seguro que o catedrático ourensán tiña que coñecer, coma *A gaita gallega* (1853) de Pintos; as *Coplas* de Sarmiento, que o propio Pintos editara en 1859; os poemas en galego contidos no antolóxico *Álbum de la caridad* (1862) e o primeiro *Diccionario gallego-castellano* (1863) de Rodríguez, ambas as obras editadas por A. de la Iglesia; ou *El habla gallega* de Cuveiro, publicado o mesmo ano cá gramática de Saco.

Ante o visto, podería facerse a seguinte identificación: a grafía única <x> era considerada modernizadora, a preferida nos textos de creación literaria e a usada por autores de tendencia popular; a tripla grafía <g, j, x> era a tradicionalista, a elixida para os textos de estudo científico e a proposta por autores de tendencia culta.

3.4. Unha ortografía coherente coas súas outras regras

Razóns semellantes ás xa expostas, a canda a da coherencia con outros usos que el propón, foron as que levaron a Saco a escoller o dígrafo <nh> para representar a nasal velar intervocálica de *unha*, fronte a outras propostas coma *umha, un a, un, un-ha, un ha* etc.

Saco Arce (1868: 26) asume a representación de *unha* sen xustificalo, quizais por considerar que estaba suficientemente asentada entre os escritores, xa que fora ata o daquela a empregada por García Mosquera, Pondal, Fernández Morales e no *Álbum de la caridad*. Así e todo, tampouco eran raras outras transcricións: *umha*, coa variante *um-ha* e outras, fora a empregada por Sarmiento (Mariño 2003: 52), e a de guión (*um-ha*), a lematizada no *Diccionario* (1863) de F. J. Rodríguez; a de *un a* aínda a usara maioritariamente Mirás no *Compendio* (1864); e, sobre todo, a de *un-ha* fora a preferida nos transcendentais textos de Pintos e Rosalía de Castro.

Coidamos que a elección do gramático ourensán por unha grafía sen trazo nin separación (*unha*) ben se puido deber a que contraviría o uso por el disposto para o guión de enlace, que non era outro que o de unir diccións eufónicas. Para Saco, coma para case todos os escritores rexurdimentistas, a nasal velar de *unha* ocuparía a posición implosiva e formaría sílaba co <u>. Por iso non debía levar o guión

de enlace, posto que estaría dando a entender que a nasal formaba dicción co <a>; alén disto, o uso do <h> neste caso xa indicaba linde silábica. Saco refírese á súa pronuncia na sección en que comenta o artigo indeterminado e tamén á súa excepcionalidade (1868: 26):

> La *h* de *unha* y sus compuestos *algunha, ningunha*, representa la pequeña aspiración ó esfuerzo que es preciso hacer para impedir que la *n* forme sílaba con la *a*. Dicha *n* suena de un modo semejante á la de las dicciones castellanas *enhebrar, inherente*. Esta pronunciacion puede mirarse como excepcional en gallego, el cual gustando poco de pronunciar muy nasalmente dicha letra, suele evitar en casos análogos tal sonido.

Entendemos que na comparanza de pronuncia que fai coas formas castelás *enhebrar e inherente*, Saco estaría pensado máis no castelán rexional de Galicia ca no de Castela e, no tocante a considerala "excepcional", está a se referir a casos de eufonía en que o *-n* ou ben se realizaba alveolar (*Ben-o-sei*), ben caera (*co-iste*) ou ben se asimilara á nasal seguinte (*ni' me falou*).

3.5. Unha ortografía que recolla a eufonía do galego oral

A *eufonía* é un concepto fundamental para Saco e aparece de camiño pola súa gramática. Foi a eufonía un dos mecanismos de que se valeron os rexurdimentistas para demostrar a dozura e suavidade do galego fronte ós que o alcumaban de "rudo" e "grosero" (Hermida 1992a: 136-139). Di o presbítero ourensán (1868: 142):

> Pocos idiomas habrá, en cuya formacion y extructura (sic) haya influido tanto el instinto de la armonía, y que tan cuidadosamente eviten todo sonido áspero y desapacible, como el gallego, que refleja exactamente el dulce y suave carácter del pueblo que en él expresa sus conceptos.

Saco refire mecanismos eufónicos do galego oral como a propensión ás vogais pechadas (*i* e non *e*, por exemplo, en *direito* ou *pidir*), a abundancia de ditongos e sons "blandos" ("como *ll, ñ, ch, x*"), as combinacións de "consoantes mudas" e a escaseza de finais en vogal aguda, pois en tal caso o galego escolle a paragoxe con *e*. A eufonía constitúe para Saco toda unha estilística, unha concepción estética do galego popular ourensán, e a ela lle dedica toda unha sección (1868: 141-154), catorce páxinas en que vai examinado os distintos procedementos de que se valen os falantes para evitaren certos son desagradables, sobre todo, no encontro ou combinación de palabras, por medio de elisións, contraccións, asimilacións,

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 385-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

epénteses... Para recoller esta eufonía graficamente proporá o uso de apóstrofos e guións de enlace. Estas representacións, malia o perigo de complicaren a ortografía e provocaren dificultades na lectura, foron vistas por Saco Arce, e en xeral por todos os escritores do Rexurdimento, como algo positivo, identificador do galego (ou, se se quere, diferenciador do castelán), e que o equiparaban a linguas de prestixio coma o francés ou o italiano, onde tamén se usaba o apóstrofo. Alén diso, os textos poéticos revelábanse como espazos idóneos para a experimentación con eles, coma tal para facer cadrar a medida do verso. Saco foi o primeiro en dar indicacións sobre o uso[14], pero tamén en advertir do seu abuso: di por exemplo sobre a elisión que "no deberá ejecutarse en los casos en que pueda perjudicar á la claridad" (1868: 144).

3.5.1. O apóstrofo

Saco Arce (1868: 142) denomina "apóstrofo" á supresión da vocal final dunha palabra, seguindo outra que comece tamén por vogal. Neste punto cómpre salientar que o gramático ourensán está a confundir o proceso fonético (*elisión*) coa súa representación gráfica (por medio do *apóstrofo*). Ademais, na sección de "Ortografía" (1868: 230), modificará a definición ampliando a elisión eufónica a calquera letra na fin da palabra: *Seic' anda; No' m'os deu*.

A vírgula colocaríase na parte superior do oco da vogal elidida[15], e Saco (1868: 143-144) precisa que o "apóstrofo" sendo "frecuentísimo" non é "forzoso", agás coa preposición *de* e cos clíticos *me, che, lle* seguidos de pronome ou artigo: *d'eiquí, rouboum'a, deuch'os...* A vogal *e* sería a que máis doadamente se elide.

Propón usar o apóstrofo para marcar a elisión das vogais nos seguintes casos (1868: 143-144):

– Con pronomes enclíticos, adverbios, preposicións e conxuncións: o máis habitual. Neste aspecto, Saco non fai distinción entre os casos en que xa daquela seguramente se tiña producido unha contracción morfolóxica: casos de amálgama de preposición *de* máis o artigo determinado ou o pronome persoal *il, ela* (*d'o, d'a; d'il d'ela...*); dos que realmente se producía unha elisión en secuencia: *Queres que t' agarde? Anqu' acabe...* Mesmo nalgúns casos, o que agocha a vírgula non é unha elisión senón unha contracción: *Seic' o viche?* ['sejkɔ] (e non ['sejko]). Nas representacións das contraccións morfolóxicas de *en* e *de* co artigo determinado, nos escritos

14 Só o precedería neste intento de regulamentación Fernández Morales na introdución dos seus *Ensayos poéticos* (1861), indicacións (p. 5) que nalgún punto recordan as do gramático ourensán.

15 Coherentemente, nas contraccións e elisións da preposición *en*, algúns escritores grafaron o apóstrofo antes do *n*: <'n>. Témolo visto en García Mosquera, Fernández Morales e nos irmáns de la Iglesia.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 385-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

anteriores á súa gramática, dentro do variacionismo comentado, era moi habitual a súa grafía soldada: *do, da; no, na*. A partir do texto de Saco, a representación con separación dos elementos amalgamados, fose con apóstrofos ou guións (*d'o; n'o, n-o*), foi a opción preferida.

– Cos verbos e cos substantivos e adxectivos, ben que sinala que non experimentan tanto esa elisión, a non ser que logo do verbo vaia un pronome (*agárd' o*), e o nome remate en *e* ou na mesma letra con que comeza a seguinte palabra: *noit' escura.*

– Con palabras que comecen por *es-*: *a 'squela,* elidindo a vogal inicial.

O apóstrofo sinalaría a elisión dunha consoante, sobre todo da nasal implosiva *-n*, ante palabras que comezasen por vogal ou outra nasal, nos casos seguintes (1868: 146-150):

– Coa preposición *con* ante artigos e pronomes: *c'o, co'a, c'un, co'il, co'iste…*

– Coas palabras *non, nin, quen, ven* "y alguna otra": *No' e certo*, *Ni' e grande nin pequeno; ve' acá*; *Seica n' o sabe…*

– Con algúns adverbios, conxuncións, pronomes e verbos que rematan en *-n* e a seguir vén o pronome átono *me*, producíndose daquela unha asimilación entre as nasais: *no' me viu, ni' me falou, tame' me pidiu, be' m'o dixo il, que' me dera, po'm' os elí, te'm' o dito, no' nos trouxo…*

Así e todo, nalgúns destes exemplos citados, Saco tamén dá a alternativa da grafía plena; por exemplo, coa preposición *con* e as negacións *non, nin* seguidas de vogal sinala que estilisticamente "se usan íntegras á veces para dar mas energia á la expresión: *con iste, con ela, non e*" (1868: 148).

3.5.2. O guión de enlace

Pola súa parte, Saco Arce (1868: 230) propón o guión ou "rayita horizontal" por claridade "en medio de ciertas dicciones, para indicar que una letra o sílaba, que por eufonía se pronuncia unida a otra palabra, pertenece a diferente dicción, como *n-il, n-algún, pol-o, matal-o, quen-o, os homes y-as mulleres*". Fai uso do guión nestes contextos (1868: 145-147):

– Coa preposición *en* seguida de artigo e outros determinantes e pronomes: *n-o, n-il, n-iste, n-algún, n-unha…* Neste punto, ó propor a grafización con guión dá entender que preposición e determinante ou pronome son de dicciónS diferentes (*en* e *il*), e non serían, xa que logo, contraccións morfolóxicas amalgamadas. Repárese en que Saco lles dá distinto tratamento gráfico ás contraccións morfolóxicas da preposición *de* (*d'o*) e *en* (*n-o*).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 385-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

– Para representar o fenómeno fónico propio do dialecto ourensán consistente na realización como semiconsoante da conxunción copulativa *e* ante vogal, o que fai abrir a vogal seguinte: *Unha navalla y-on coitelo; Un regueiro y-onha folla*. Pola grafía <y> escollida, conforme xa comentamos, interpreta o son como consonántico.
– Coas por el chamadas "consoantes eufónicas", <n> e <y>, que impiden o hiato en formas verbais seguidas dos pronomes átonos de acusativo *o, a, os, as*: o <n> tras final en ditongo (*Levai-n-o; Hai-n-o*); o <y> epentético tras vogal aguda (*Ha-y-o coller*) e noutras secuencias, para evitar a crase, coma en *Ond'a y-outra* e *Na y-alma*.
– Para sinalar a pronuncia alveolar do *-n* nas formas *ben, quen, tamén* cando van seguidas de pronome átono de acusativo *o, a, os, as*: *Ben-o-sei, Quén-o-dixo?, Tamen-os eu vin*, "cuyas locuciones deben pronunciarse *beno, queno, tamenos*" (1868: 149).
– Con formas verbais, pronomes e outras palabras de uso frecuente que rematando en *-r* ou *-s* ante pronome ou artigo cambian este por *l*, "cuyo sonido es mas claro y mas dulce" (1868: 150): *leval-o, deullel-a, trâl-os bois, todol-os días, sentadol-os dous; pidil-as, acabal-a obra, pol-o monte...* Neste punto, sinala que esta realización non é tan imprescindible cando se trata do artigo.

4. ORIXINALIDADE E TRANSCENDENCIA DA SÚA PROPOSTA

A táboa que mostramos a seguir tenta recoller en que medida a proposta de Saco Arce se inspirou nas representacións gráficas ensaiadas nos textos que precederon a súa *Gramática gallega* e, asemade, que influencia tivo nos escritos posteriores, sobre todo nas simbólicas catro obras publicadas en 1880, o *annus mirabilis* do Rexurdimento galego.

Para iso analizamos dez aspectos significativos da ortografía galega do século XIX en trece textos do Rexurdimento: sete publicados antes de 1868, e outros seis aparecidos despois. Por practicidade, numeramos horizontalmente na táboa as representacións analizadas:

(1) A abertura das vogais abertas <e, o> con acentos.
(2) As contraccións da preposición *a* co artigo masculino *o* (*ao/ó*).
(3) As contraccións da preposición *a* co artigo feminino *a* (*á*).
(4) As contraccións da preposición *de* co artigo (*do*).
(5) As contraccións da preposición *en* co artigo (*no*).
(6) O alomorfo do artigo tras a preposición *por* (*polo*).

(7) O <-i/-y> en ditongo decrecente final de palabra (*vai*/*vay*).
(8) O fonema fricativo prepalatal xordo /ʃ/ (<x /j, g, x>).
(9) A nasal velar en *unha*.
(10) A realización da conxunción copulativa *e* en posición antevocálica (<e/y>).

As obras analizadas aparecen na táboa no eixo vertical citadas polo autor ou autora. En todos os casos examinamos as primeiras edicións e, de seren anteriores á *Gramática gallega*, a que coidamos que puido consultar Saco. Son os seguintes textos:

X.M. Pintos, *A gaita gallega* (1853).
J. García Mosquera, "Cantinela gallega" (1858)[16].
A. Fernández Morales, *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861).
A. de la Iglesia (ed.), *Álbum de la caridad* (1862).
Rosalía de Castro, *Cantares gallegos* (1863).
F. Mirás, *Compendio de gramática gallega castellana* (1864).
E. Pondal, *A campana d'Anllons* (1866)[17].
J.A. Saco Arce, *Gramática gallega* (1868).
Rosalía de Castro, *Follas novas* (1880).
V. Lamas Carvajal, *Saudades gallegas* (1880).
M. Curros Enríquez, *Aires da miña terra* (1880).
M. Valladares, *Majina* (1880).
M. Valladares, *Diccionario gallego-castellano* (1884).
J. Pérez Ballesteros, *Cancionero popular gallego* (1886).

Os resultados reflíctense na táboa que segue. Pode obterse unha primeira conclusión a partir das tonalidades máis escuras que empregamos nos distintos cadros. No centro resáltanse en fondo gris escuro as propostas de Saco e na mesma cor, as dos autores que coinciden coa súa. Nos cadros con fondo gris máis claro destacan as que só coinciden en parte (entre paréntese incluímos outras representacións minoritarias significativas), en tanto que deixamos en branco as discordantes. Por outra parte, os que figuran baleiros cun guión (—) son casos en que non atopamos exemplo. Como é doado de apreciar, as coincidencias son meirandes nos textos posteriores á *Gramática*, o que denota a súa influencia neles.

16 Examinouse a edición publicada en *El Miño* (15/IX/1858).
17 Utilizouse a edición en folleto feita na Coruña na Imprenta de D. Eusebio Cascante, 1866.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 385-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Orixinalidade e transcendencia da proposta ortográfica de Saco Arce (1868)

Textos e autores	**Trazos gráficos analizados**									
	(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	(6)	(7)	(8)	(9)	(10)
Pintos (1853)	grave	ò (ô, ó)	à	do	no	po lo	vay (-i)	g, j, x	n-h	e
G. Mosquera (1858)	–	–	á	d'o	'no	pol-o	vay	x	nh	y
F. Morales (1861)	–	ô	*a	d'o	'n o	po lo	vay	x	nh	y
De la Iglesia (1862)	grave	ò	às	do	'no	pol-o	vay (-i)	g, j, x	nh	e
R. de Castro (1863)	–	ô (ó, á, ó)	á (a)	dó	no	pó-lo	vay (-i)	x	n-h	y
Mirás (1864)	–	o	as	do	no	polo	vay	x	un a	e
Pondal (1866)	–	ao	à	do	no	po-lo	vai	g, j, x	nh	e
Saco Arce (1868)	**circ-flx.**	**ô**	**â**	**d'o**	**n-o**	**pol-o**	**vai**	**x**	**nh**	**y-**
R. de Castro (1880)	–	o (ó, ô)	a (á, â)	d'o	n'o	pó-lo	vay (-i)	x	n-h	y
Lamas (1880)	–	ô	â	d'o	n-o	pol-o	vai (-y)	x	nh	y-
Curros (1880)	circ-flx.	ó	á	d'o	n'o	pol-o	vay	x	nh	y-
Valladares (1880)	grave	ò	à	d'o	n'o	po-l-o	vai	g, j, x	nh	e
Valladares (1884)	grave	ò	à	d'o	n'o	po-l-o	vai	g, j, x	nh	e (y)
P. Ballesteros (1886)	circ-flx.	ô	â	d'o	n-o	pol-o	vai	x	nh	e (y-)

Como se pode ver, Saco apenas ten en conta as grafías empregadas nos textos anteriores á súa gramática, como el mesmo xa nos advertira no prólogo ("sus autores son demasiado modernos para tener autoridad de clásicos"). Cos que máis trazos gráficos comparte é cos textos do ourensán García Mosquera, colega seu no instituto, e cos *Ensaios poéticos* de Fernández Morales (dos que non sabemos

se tería coñecemento), e mesmo neste caso só cinco dos dez aspectos analizados, isto é só no 50%. Chama a atención por exemplo que apenas tivese en conta a proposta ortográfica usada en tres textos tan simbólicos coma *A gaita gallega*, co que só comparte parcialmente tres trazos; co *Álbum*, no que coincide en dous totalmente e noutros dous en parte; e cos influentes *Cantares* rosalianos, con quen só concorda nun aspecto e escasamente en tres máis. A coincidencia é case anecdótica (só un aspecto) co manual gramatical de Mirás e co poema de Pondal que escolma na antoloxía final.

No aspecto gráfico en que Saco se amosa máis conforme ás grafías anteriores é no uso de <nh> para a nasal velar e no de <x> para o fonema fricativo prepalatal xordo. Pola súa vez, a súa proposta é innovadora na representación da contracción da preposición *a* e o artigo feminino como <â> e na de *en* mais o artigo como <n-o>.

Pola contra, nos textos publicados posteriormente á *Gramática*, a influencia ortográfica de Saco si se deixa ver totalmente no *Cancionero* recollido por Pérez Ballesteros, un dos máximos defensores naquela altura do maxisterio de Saco en materia gramatical. Na súa colección de coplas son numerosas as notas a rodapé sobre os usos lingüísticos nelas; nalgunhas case reproduce literalmente o dito por Saco, conforme xa notou Sánchez Rei (2006: 52). A autoridade de Saco tamén a fixo valer Pérez Ballesteros nas súas intervencións durante a polémica ortográfica de 1888 (Hermida 1987); nela, Saco fora criticado por Marsal (Martínez Salazar) e tamén por A. de la Iglesia pola súa defensa do <x> como grafía única[18]. Di Pérez Ballesteros, seguidor de Saco, en carta a Martínez Salazar, partidario das grafías etimolóxicas (Hermida 1992b: 363-367):

> Si hubiese consultado la *Gramática Gallega* del Sr. Saco y Arce, corresponsal de la Real Academia Española, hubiera visto que la *x* representa siempre en la escritura gallega el sonido de la *ch* francesa, y yo añadiré que la *j* queda siempre para el de dicha consonante en castellano. Con esta advertencia, tan sencilla, podrá quedar el aparente neófito completamente enterado. [...] Dejo a un lado los párrafos del comunicado que no se refieren á mi personalidad; me concretaré á lamentar que no les convenza, al Sr. Marsal y algunos más, la razon alegada por mi antiguo amigo y notabilísimo discípulo (de los dos años de

18 Critícalle Martínez Salazar: "el Sr. Saco y Arce, notabilísimo poeta, y autor de la *Gramática gallega*, única que al parecer existe, ó que hemos podido procurarnos, ha tratado la prosodia y ortografía gallegas de un modo deficiente á mi juicio, puesto que no resuelve nuestras dudas. […] Poniendo a salvo el respecto del Sr. Saco y Arce, creo que las conclusiones que sienta en su ortografía, relativas al uso de la *g, j* y *x,* perjudicaron en gran manera la pureza del idioma gallego y ahondaron profundamente la división que reina entre los escritores galicianos" (Hermida 1992b: 301).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 385-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Cánones) en la Universidad compostelana, Saco y Arce, autor de la Gramática gallega.

Pola súa parte, tamén seguen claramente a ortografía de Saco os escritores ourensáns Lamas Carvajal e Curros Enríquez. En *Saudades gallegas*, as representacións que analizamos de Lamas coinciden nun 90% coa proposta de Saco. No caso de *Aires da miña terra*, as coincidencias son menores, pero aínda así chegan ó 60%: as discrepancias veñen na representación das contraccións da preposición *a* e *en* co artigo e, sobre todo, no uso de *-y* en ditongos decrecentes en final de palabra, que Curros defende polas similitudes, segundo el, entre o ditongo grego e galego. A respecto disto, escríbelle o poeta celanovés nunha carta a Martínez Salazar (Alonso 1970: 101):

> Una agradable sorpresa me ha proporcionado la colección del Sr. Ballesteros: la de saber que el autor se halla conforme en todo con la ortografía de mi ilustre maestro Saco. [...] Yo difiero de Saco únicamente en que no acepto como él en absoluto el empleo de la *i* latina, sino que la circunscribo a aquellos casos en que suena como vocal. A final de vocablo, su empleo me parece herético, y creo que nadie que conozca bien la influencia que en nuestras costumbres y por consiguiente en nuestra lengua ejercieron los pobladores griegos, puede proscribir por completo el elemento helénico de nuestro idioma, aunque solo sea porque este elemento es anterior, históricamente considerado, al romano. Esto explica por qué yo simultaneo con la *i* latina la y griega. Ambas trabajaron en la formación de nuestra lengua.

Menor concordancia presenta *Follas novas* (apenas un trazo e cinco parcialmente), pois Rosalía de Castro optou por unha ortografía non moi diferente a de *Cantares gallegos*. Tampouco nas obras analizadas de Valladares hai moitas coincidencias: apenas en tres aspectos (<d'o>, *vai* e <nh>). Neste punto, cómpre lembrar que Valladares, autor dunha proposta ortográfica propia, nalgunhas partes dos seus inéditos *Elementos de gramática gallega* (1892), discutiu algunhas das propostas do gramático ourensán, coma a marcación da abertura de vogais, o uso do guión e do apóstrofo, a representación dalgunhas contraccións, o uso de <y> para o alomorfo da conxunción coordinada copulativa ante vogal ou os casos de iode epentético de *a y-alma*. (Fernández Salgado 2002, 2004, 2012).

5. CABO

Nas páxinas precedentes cualificamos de pragmática e actual a ortografía que Saco propuxo para o galego na súa *Gramática gallega* (1868), pois nela primou o didactismo e o querer recoller a esencia do galego oral falado polos seus paisanos ourensáns. Pódese dicir que Saco quixo democratizar a ortografía, achegar a grafía ó que se falaba, pero tamén ós seus falantes e que non estivese reservada soamente ós eruditos. Por iso se baseou na ortografía do castelán —a única estudada nas escolas— naqueles aspectos que lle servían para o galego porque os dous idiomas tiveran desenvolvementos fónicos semellantes. Porén, cando aquela non lle valía, por diverxeren os resultados das súas evolucións, tendeu a facer propostas simplificadoras de tintura foneticista: cada fonema, súa grafía.

Nas representacións en que os escritores do século XIX tiveron que innovar, Saco rexeitou as grafías antigas e optou, entre as usadas modernamente, pola que posuía maior consenso entre os autores e pola que máis se axustaba ó son que representaba. Ademais, o gramático ourensán quixo ennobrecer a lingua falada polos "rústicos" —como a eles se refire—, por iso porfiou en reflectir graficamente a súa *eufonía*, para o que propuxo o uso de signos gráficos como apóstrofos e guións, que lle daban a escrita oitocentista galega unha fasquía semellante á do francés ou do italiano, dúas linguas de prestixio naquela altura.

Os resultados do exame de dez aspectos gráficos en trece textos representativos do Rexurdimento deixaron ver que Saco apenas tivo en conta as propostas gráficas dos escritos anteriores á súa gramática; pola contra, a súa ortografía si transcendeu nos posteriores, sobre todo nas obras dos ourensáns Lamas Carvajal e Curros Enríquez, no cancioneiro popular recollido por Pérez Ballesteros, un dos máximos valedores da autoridade gramatical de Saco, e en grafías particulares como a de <d'o>.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Montero, Xesús (1970): *Constitución del gallego en lengua literaria. Datos de una problemática cultural y sociológica en el siglo* XIX. Lugo: Ediciones Celta.

Cuveiro Piñol, Juan (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre sus vicisitudes.* Pontevedra: Imp. de José A. Antúnez y Cª.

Dobarro Paz, Xosé María (1996): "Algunhas notas sobre o papel de Antonio de la Iglesia na conformación da lingua e da literatura galegas do século XIX", en Manuel Casado Velarde [*et al.*] (eds.), *Scripta philologica in memoriam Manuel Taboada Cid.* A Coruña: Universidade, 813-835.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 385-405
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Fandiño, Antonio Benito (1849): *A casamenteira.* Orense: Oficina de D. Juan María Pazos.

Fernández Salgado, Xosé Antonio (2002): *Marcial Valladares (1821-1903). Lingua, Literatura e Folclore*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.

———— (2004): "A obra gramatical de Marcial Valladares", *Cadernos de lingua* 26, 47-98.

———— (2012): "Teoría e praxe da proposta ortográfica de Marcial Valladares: os acentos como marca de abertura vocálica", en Bieito Arias Freixedo, Xosé María Gomez Clemente e Gabriel Pérez Durán (eds.), *Sementar para os que veñan: homenaxe a Camiño Noia*. Vigo: Universidade, 359-381.

Ferreiro, Manuel (1991): "A lingua pondaliana e a formación do estándar literario galego", *Cadernos de lingua* 4, 49-70.

González Seoane, Ernesto X. (1992): *A ortografía e a gramática do galego nos estudios gramaticais do século XIX e primeiros anos do XX*. Santiago de Compostela: Universidade. Tese de doutoramento.

Hermida, Carme (1987): "A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888). A grafía do [š]", *Grial* 97, 299-316.

———— (1992a): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891).* Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

———— (1992b): *A reivindicación da lingua galega no rexurdimento (1840-1891). Escolma de textos.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Lama, M.ª Xesús (1995): "Introducción", en Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*. Vigo: Galaxia, 9-129.

Lorenzo, Ramón (1986): "A lingua literaria na época de Rosalía", en *Actas do Congreso Internacional de Estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade, t. III, 7-41.

Mariño Paz, Ramón (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacenza. Estudo lingüístico de textos pregaleguistas. Revista Galega de Filoloxía.* Monografía 2. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa.

Mosterín, Jesús (1993): *Teoría de la escritura*. Barcelona: Icaria.

Saco Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega.* Lugo: Imprenta de Soto Freire.

Sánchez Rei, Xosé Manuel (2006): *A lingua galega no cancioneiro de Pérez Ballesteros*. Ames: Laiovento.

Soto Freire, Manuel (1869): "*Gramática Gallega* por D. Juan A. Saco Arce. Prospecto", *Boletín Oficial Eclesiástico del Arzobispado de Santiago* 260, 326-327.

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 407-417
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.740

DESCRICIÓN E PRESCRICIÓN NA *GRAMÁTICA* DE SACO

DESCRIPTION AND PRESCRICIÓN IN SACO'S *GRAMMAR*

Ernesto X. González Seoane
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: A aparición, a mediados do século XIX, das primeiras gramáticas do galego propicia a reflexión dos seus autores acerca de dúas cuestións fundamentais: por unha banda, determinar que variedade ou variedades se van empregar como punto de referencia do estudo gramatical e, por outra, decidir se o enfoque con que se vai abordar este será eminentemente descritivo ou de carácter máis ben prescritivo.

O traballo analiza o posicionamento de Saco con respecto a estas dúas cuestións, poñéndoo en relación coas opinións dos seus contemporáneos. Neste sentido, canto ao ideal de lingua, o traballo salienta a fidelidade de Saco ao galego rústico e aldeán, que contrasta agudamente coas posicións maioritarias sostidas por outros autores do momento, que manifestan polo xeral uns fortes prexuízos antipopularistas. Por outra banda, constátase tamén a adopción na gramática de Saco dunha perspectiva decididamente descritiva, que se manifesta na incorporación no texto de variantes de diferente tipo (fonético, morfolóxico, léxico) e nunha forte contención dos comentarios de carácter prescritivo.

Abstract: The appearance of the first Galician grammars in the middle of the nineteenth century lead to their authors pondering about two fundamental questions: on the one hand, to determine which variety or varieties will be used as a reference point for grammatical study and, on the other, to decide whether this grammatical study should be approached from an eminently descriptive angle or from a more prescriptive one.

This paper analyses Saco's position as concerns these two aspects, relating it to the opinions of his contemporaries. In this regard, as for the ideal language, this study underlines Saco's loyalty to rural and village Galician, in

sharp contrast with the greater part of the positions held by other authors of his day, who, in general terms, present strong anti-populist prejudices. On the other hand, this analysis shows that Saco's grammar adopts a decidedly descriptive perspective, which is reflected in the inclusion within the text of different types of variants (phonetic, morphological, lexical) and a strong restriction of mandatory comments.

Palabras chave: Juan Antonio Saco Arce, lingua galega, gramática, prescrición, descrición, variación lingüística, modelos de lingua.

Key words: Juan Antonio Saco Arce, Galician, grammar, prescription, description, linguistic variation, language models.

1.

A inexistencia de gramáticas do galego é motivo dunha preocupación amplamente estendida entre os promotores do Rexurdimento. Esta inquedanza é animada sen dúbida por razóns de carácter utilitario, na medida en que a gramática é concibida como un remedio para contrarrestar o carácter proteico que na altura presenta o galego, tanto no plano oral coma no escrito. Pero, ao tempo, obedece tamén a motivacións de carácter simbólico, polo feito de que as gramáticas, e tamén os dicionarios, son textos emblemáticos, revestidos dunha aura especial, no sentido de que confiren un estatuto especial ás linguas que describen, que deste modo se sitúan nun nivel máis elevado que as linguas e variedades que carecen destes instrumentos (Zgusta 1989, Auroux 1992).

Neste sentido, nos lamentos acerca da inexistencia de descricións gramaticais do galego apréciase unha certa continuidade entre dúas acepcións do termo *gramática*: por unha banda, *gramática* como conxunto de regras internas propias dunha determinada variedade lingüística e, por outra, *gramática* como texto en que se describen esas regras e, eventualmente, se formulan valoracións de carácter cualitativo acerca delas. A confusión destas dúas acepcións conduce a considerar, ante a falta de textos gramaticais, que o galego é unha lingua *sen gramática* no primeiro dos sentidos mencionados, é dicir unha selva intricada poboada por un conxunto caótico de formas e usos.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 407-417
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

2.

A aparición das primeiras gramáticas do galego introduce unha dobre cuestión: por unha banda, a de determinar cal vai ser a variedade ou variedades que van tomar como punto de referencia e, por outra, a de decidir con que perspectiva ou actitude o gramático se vai enfrontar a ela ou elas.

Dito con outras palabras, á hora de abordar a redacción dunha gramática é preciso tomar algunhas decisións acerca do modelo de lingua e tamén en relación coa orientación, máis ben descritiva ou máis ben prescritiva, con que se vai enfrontar esta tarefa. Estas dúas cuestións (modelo de lingua e orientación descritiva ou prescritiva da obra) están, no fondo, intimamente vinculadas por canto os textos gramaticais, coma os dicionarios, con independencia das pretensións dos seus autores, tenden a ser lidos como textos de carácter prescritivo. Deste xeito, os usos ou as formas descritas neles (sempre, naturalmente, que non sexan explícita ou implicitamente desautorizados) tenden a ser interpretados non xa como válidos, senón mesmo como modélicos ou recomendables, mentres que as formas e usos excluídos ou non descritos son implicitamente considerados como non aceptables ou, cando menos, como dubidosos ou non canónicos. A omisión dun uso ou dunha forma na descrición gramatical estende sobre eles, no mellor dos casos, unha sombra de sospeita.

3.

Canto á cuestión da variedade descrita, as gramáticas do español (e non só do español; se nos referimos a elas é porque, con toda certeza, foron os modelos que os primeiros gramáticos galegos, e sinaladamente Saco, empregaron como fontes de primeira man á hora de elaboraren os seus textos) definen o seu obxecto de estudo en termos análogos aos utilizados pola *Gramática de la lengua castellana* da Real Academia Española. En realidade, estas caracterizacións habituais nos tratados gramaticais da época son, polo xeral, simples adaptacións da formulada por Diomedes no século IV e logo transmitida de xeración en xeración ata os nosos días (Gómez 1981: 18-23, Calero 1986: 29-33). En todo caso, parece fóra de toda dúbida que a gramática académica actuou como elemento intermediario. De acordo coa definición que ofrecía a Academia na edición de 1866, "la Gramática es el arte de hablar *con propiedad* y escribir *correctamente*" a lingua española (RAE 1866: 5; cursivas nosas). Xa que logo, a misión do gramático sería describir esa variedade e definir os seus límites; dito doutro xeito, discriminar o que é *correcto* ou *apropiado* do que non o é.

Cómpre preguntármonos agora que é o que queren dicir os gramáticos españois con "hablar *con propiedad*" e "escribir *correctamente*". Nos textos da época foron

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 407-417
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

varios os tratadistas que enfrontaron e tentaron responder esta cuestión. Fóra de pequenas diferenzas de matiz, as súas respostas coinciden en propoñer como paradigma de *bo uso* a fala das persoas cultivadas. Así, para Gómez Gayoso, un gramático do século XVIII, o modelo de corrección era o "uso de los varones doctos". Menos sexista, xa no XIX, Salvá referíase aos "escritos o conversación de las personas doctas". Andrés Bello, pola súa parte, consideraba que o bo uso era o da "gente educada". Son tamén amplamente mencionados como fonte de lexitimación os "bos escritores", os "autores consagrados" ou expresións semellantes (Gómez 1981: 18-23; Sarmiento 1984: 40-45, e Calero 1986: 31-33).

4.

Polo que se refire ás primeiras gramáticas do galego, cómpre dicir que nin Saco, nin antes ca el Mirás ou Cuveiro, ofrecen unha definición de *gramática*. Si o fai, en cambio, Valladares (1892: 11), que propón unha fórmula que evoca as caracterizacións habituais nas gramáticas españolas da época, e en particular a académica:

> Gramática gallega es el arte de hablar y escribir correctamente en gallego por medio de letras, cuyas diferentes combinaciones forman las sílabas de que se componen las palabras.

Ora, que significa, falando do galego de mediados do século XIX, falar e escribir *correctamente*? Ten o mesmo significado "falar e escribir correctamente" cando nos referimos a unha lingua plenamente estandarizada, como por exemplo o español, que cando falamos dunha lingua cun estatuto subalterno e cunha tradición escrita incipiente como é o caso do galego naquela altura? Nestas condicións, cal podía ser o modelo de "bo uso" para o galego por volta de mediados do século XIX?

Saco, e non só el, senón tamén algúns dos seus contemporáneos, reflexionan sobre esta cuestión, ou cando menos formulan opinións que nos permiten ter unha idea acerca do "ideal de lingua" que tiñan en mente.

A este respecto, podemos distinguir unha posición, seguramente maioritaria ou dominante, que nalgún outro lugar teño denominado "cultista" (1994), caracterizada por unha profunda desconfianza e receo fronte ás variedades do galego que son caracterizadas como "vulgares", "aldeás", "rurais", en definitiva "populares".

Son moitos os testemuños que se poden citar para ilustrar esta posición. Algúns dos máis coñecidos son, sen dúbida, os de Vicente Turnes, que se mostra partidario "del gallego culto y pulido que se habla en las villas y ciudades civilizadas" e inimigo "del tosco y rudo que hablan las gentes del campo". Nesta mesma liña, Manuel Martínez González deplora que os escritores galegos prefiran "en vez del gallego culto o perfeccionado de las grandes poblaciones, el rudo y mal escogido

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 407-417
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que emplean nuestros aldeanos" (*apud* Alonso 1970: 42-43). Manuel R. Rodríguez (1892-1893: 341), pola súa parte, sentencia:

> El verdadero lenguaje gallego no debe buscarse en la montaña entre las breñas, cuyos habitantes, en vez de hablar, braman en su lengua natural; ni tampoco se debe buscar en los pueblos limítrofes con Castilla y reinos vecinos, porque el habla de estos habitantes es una jerga incomprensible por la mezcla de sus vocablos [...]. El verdadero gallego debe buscarse en el interior de Galicia en los pueblos comarcanos á las capitales de província.

En boa parte destas ocasións, o que atopamos parece, en realidade, unha asunción mimética, e seguramente pouco meditada, dos criterios que se manexan de maneira xeneralizada nas gramáticas do español á hora de avaliar variedades subestándar. Dito con outras palabras, os fragmentos transcritos supoñen unha translación ao galego da forte estigmatización que sofren as variedades rurais, populares ou dialectais nos textos gramaticais do español. Trátase dunha manifestación do que Thomas (1991: 76-82), na súa tipoloxía do purismo lingüístico, denomina *purismo elitista*, e que se caracteriza por promover as variedades propias das elites educadas e urbanas e por un rexeitamento máis ou menos intenso das variedades subestándar e rexionais. Alén do caso do español, trátase dunha tendencia común en linguas que contan cunha variedade estándar ben identificada e consolidada e con institucións académicas con autoridade en materia lingüística (Brunstad 2003: 63). Menos explicable resulta a súa aplicación a unha lingua que, coma o galego naquela altura, carece dunha variedade estándar medianamente delimitada e se encontra confinada precisamente en ámbitos e rexistros pouco prestixiados e que constitúen precisamente o albo do purismo de tipo elitista.

Mesmo así, os textos gramaticais ou paragramaticais galegos inspirados por esta concepción que chamamos "cultista" abundan en comentarios de carácter prescritivo, que se formulan coa intención declarada de orientar o uso. En non poucas ocasións este tipo de xuízos proxéctanse sobre trazos característicos ou propios do galego que son presentados nalgúns textos gramaticais como faltas contra as "regras da gramática" ou contra a "pureza da linguaxe", ou como "vicios de locución" etc. Entre estas formas condenadas ou desaconselladas atopamos, por exemplo, trazos con ampla difusión xeográfica e demográfica, pero obxecto de forte estigmatización, como a gheada, ou tamén variantes dialectais minoritarias, como as formas en *-no* para a terceira persoa de plural do pretérito de indicativo (*cantano* 'cantaron', *colleno* 'colleron', *partino* 'partiron') ou como a perífrase *andar a* + infinitivo. Pero tamén se rexistran formas de carácter común e de difusión xeral en todo o dominio lingüístico galego, como o infinitivo conxugado, ou como

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 407-417
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

as perífrases *ir* + infinitivo ou *haber* + infinitivo, que son condenadas explicitamente na gramática de Valladares (1892), moi probablemente porque se trata de formas presentadas como "faltas" e "defectos del lenguaje" ou como "vicios de locución" en manuais dirixidos a mellorar a corrección lingüística en español dos escolares galegos (Graña 1867; Álvarez 1870, 1892; García 1884; sobre este asunto *cfr*. Fernández 2007).

5.

Este é o contexto en que cómpre inscribir a gramática de Saco se queremos apreciar a verdadeira importancia da súa contribución e, en certo modo, a audacia ou a valentía das súas posicións. Porque, fronte a esta liña dominante de carácter "cultista", Saco eríxese como o principal e máis resolto valedor do galego "popular", "rústico" e "aldeán", uns adxectivos usualmente portadores de connotacións negativas e que no texto de Saco pasan a asumir valores abertamente positivos.

O recurso ás variedades orais e populares xustifícase na gramática de Saco pola ausencia, no momento de composición da obra, dunha tradición literaria sólida, con autores capaces de erixirse en autoridades en materia lingüística. Así o declara Saco na súa introdución cando xustifica a súa renuencia a acudir aos textos literarios na procura de exemplos para a súa descrición:

> No es esto decir que carezcan de mérito los pocos escritos que hay en gallego, sino que sus autores son demasiado modernos para tener autoridad de clásicos. Solo citaré á veces, por razon de su mayor antigüedad y de su erudicion vastísima, al ilustre P. Sarmiento (1868: IX n.).

E, mesmo así, algúns dos usos gráficos e dos trazos lingüísticos que Saco rexistra na obra do frade bieito son obxectados e desaconsellados de forma polo xeral bastante explícita:

> Sarmiento dice *sanouhos* por *sanou-n-os*. Creemos que no debe ser imitado (1868: 146 n.).

> No debe imitarse á Sarmiento cuando dice: *En o Taboadelo* (1868: 149 n.).

> En poesia podrá dispensarse la infraccion de estas reglas, como cuando dice Sarmiento: "*Se compran* n-a vila (*cómpranse*) / Por pouco diñeiro / Ameixas è ostras, / Centolas, cangrexos". No convendrá sin embargo prodigar semejante licencia, poco conforme al genio de la lengua gallega (1868: 161 n.).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 407-417
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

En ausencia de modelos escritos, o galego "rústico" e "aldeán" emerxe, se non como única, cando menos si como principal fonte de lexitimación: "ninguna locucion, ningun giro he consignado aqui que no haya repetidas veces escuchado de lábios de nuestros aldeanos" (1868: X). Esta decisión débese probablemente a unha extensión ao plano lingüístico dunha visión idealizada da aldea e dos seus habitantes, que cumpriría conectar co profundo conservadorismo e tradicionalismo do autor en materia política, relixiosa e moral. Fronte a un mundo rural incontaminado, tamén en materia lingüística:

> Tal vez se me tachará de ser en él sobradamente servir á causa del respeto que muestro á los modos de decir y de alterar la extructura [sic] de las palabras usados por la gente del campo; pero a esto responderé: primero, que una lengua que apenas puede llamarse escrita, no puede tenerse por pura, sino tal como la hablan las únicas personas que no se han dejado aun contagiar del castellano, esto es, los rústicos (1868: VIII),

as variedades urbanas[1] son desbotadas como posible alternativa atendendo a que o que nelas se fala non é senón "una abigarrada mezcla de gallego y castellano" (1868: X).

Saco é plenamente consciente de que a súa posición resulta un tanto heterodoxa e que, con certeza, vai ser rexeitada por parte das elites ilustradas que impulsan o Rexurdimento, pero explícao pola filiación urbana dos seus eventuais detractores: "probablemente tales críticos serán moradores de ciudades" (1868: X).

Cómpre advertir, en todo caso, que as posicións de Saco neste terreo, lonxe de resultar estrañas ou inusuais nos procesos de emerxencia e construción das variedades estándar, encaixan á perfección dentro do que na xa citada clasificación tipolóxica de Thomas (1991) se denomina *purismo etnográfico*, que ten como primeiro obxectivo "a desire to move away from urban 'decadence' towards the 'pure' usage of the countryside" (Millar 2005: 107). Tal e como indica Smith (1971: 63), ocorre que, aínda que "nationalistic movements are all urban-based [...], their imagery is full of nostalgia and idealisation for the countryside and folk virtues". Nesta ocasión, esta idealización vese reforzada polo catolicismo tradicionalista do autor.

Por outra banda, fronte á aplicación ao galego de criterios de corrección existentes en castelán, Saco advirte de que moitos dos fenómenos considerados

1 Cumprirá, por outra banda, relativizar un tanto o concepto de "urbano", aplicado á Galicia do século XIX. De acordo cos datos de Eiras (1996: 99), a poboación urbana (incluída tamén a das vilas) representaba a comezos do século XIX algo menos do 7% da poboación.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 407-417
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

vulgares encontran a súa xustificación en procesos internos do propio sistema. Así o declara en máis dunha ocasión:

> El exámen atento y comparativo de esas alteraciones, al parecer opuestas á la corrección gramatical, me ha hecho conocer que tienen su fundamento en la naturaleza e índole particular de la lengua misma (1868: VIII).

> Se nos acusará tal vez, en vista de los ejemplos que aquí presentamos, de elevar á la categoria de reglas las imperfecciones del lenguaje rústico que estropea las palabras: bástanos contestar que, supuesta la realidad de este frecuente cambio de vocales, cambio que muchas veces hemos observado, lo encontramos fundado en una razon fisiológica, cual es la mayor facilidad que los órganos de la locucion tienen para formar sonidos análogos en sílabas conjuntas ó inmediatas (1868: 153).

6.

En consonancia con estes principios, o enfoque que Saco adopta na súa gramática é eminentemente descritivo, e tomando sempre como punto de partida o uso. De aí a súa preocupación por ilustrar a descrición cunha abondosa exemplificación, ou máis ben por demostrar mediante os exemplos a veracidade das "regras" ou "preceptos" formulados:

> Estoy en la conviccion de que cuando por primera vez se escribe la gramática de un idioma, no basta presentar las reglas, es preciso patentizar su verdad con abundancia de razones, que en materias como esta son los ejemplos [...]. Fácil sería entonces sentar reglas y principios, que no tendrian mas apoyo que la sola palabra del autor (1868: VIII-IX).

Unha segunda consecuencia derivada desta concepción é a apertura e espírito integrador con que se enfronta a cuestión da variación e a diversidade internas do galego. A súa posición ao respecto queda meridianamente clara na introdución:

> Mostrará harto censurable exclusivismo aquel que entre las varias formas de que para una misma idea abunda nuestro dialecto, no reconozca como castizas, sino únicamente aquellas que está acostumbrado á oir en la localidad de su nacimiento ó residencia (1868: X).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 407-417
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

A este respecto cómpre recoñecer que Saco aplica este principio con notable coherencia na súa descrición. Así, nela limítase a dar conta da existencia de variantes, tanto de carácter fonético como morfolóxico ou léxico, teñan ou non distribución xeográfica, sen mostrar, en liñas xerais, preferencia por ningunha delas: *antroido* / *entroido*, *chao* / *chau*, *égoa* / *égua*, *hoxe* / *huxe*, *calzós* / *calzóns*, *bondá* / *bondade*, *il* / *el*, *iste* / *este*, *falades* / *falás*, *falache* / *falaches*, *falastes* / *falástedes* / *faláchedes*, *falaron* / *falano*, *falade* / *falai*, *nadia* / *ninguén* etc. É ben certo que nalgúns casos resulta factible intuír ou deducir as preferencias do autor a partir das variantes utilizadas na exemplificación. Sexa como for, por regra xeral non se rexistran na gramática xuízos ou valoracións sobre variantes concorrentes, fóra dalgúns poucos casos, coma as advertencias sobre o abuso da representación escrita do *-e* paragóxico (1868: 20-21), a consideración dos plurais en *-ns* como pouco eufónicos (1868: 32 n.) ou a preferencia manifestada por algunhas formas (*bateche*, *pidiu* ou *faláchedes* fronte a *batiche*, *pedeu* e *falástedes*) por razóns de coherencia interna:

> La primera [*bateche*] es más regular, pues sigue más exactamente la analogia del verbo *bater*, cuya conjungación tiene la *e* por vocal dominante (1868: 76).

> Aunque en obsequio de la variedad convenga tal vez conservar las dos [*pidiu*, *pedeu*] en el gallego literario, creemos debe preferirse la primera [...] por ser mas conforme á la índole de la tercera, cuya vocal dominante es la *i* (1868: 76).

> La última forma [*faláchedes*] es mas regular, pues guarda analogia con la segunda de singular en *che*, de la cual con razon se deriva (1868: 76-77).

O limiar de tolerancia do seu descritivismo está na hibridación co castelán. Mesmo así, non se rexistran mostras de rexeitamento explícito de castelanismos, coa única excepción, quizais, da condena do emprego de clíticos no comezo de enunciado:

> Un gallego fácilmente admitirá y mezclará con su lenguaje, como lo vemos todos los dias, una porcion de palabras castellanas, dándoles la inflexion el dialecto propio; mas no se doblegará nunca á empezar la frase, diciendo: *Me colleron*, *Se chegou á min*, en vez de *colleronme*, *chegouse á min* (1868: 161).

Pola contra, si é posible apreciar a omisión na descrición de formas coincidentes co castelán que o autor debía necesariamente coñecer na medida en que aínda hoxe son as formas características da súa área de procedencia. Tal é o caso, por

exemplo, da inexistencia de calquera referencia á forma *tu* para o pronome persoal de segunda persoa de singular, ou ás variantes *cuatro*, *cual*, *cuando* etc.

7.

En definitiva, a posición de Saco contrasta agudamente coas tendencias dominantes na Galicia do seu tempo entre os defensores e impulsores do Rexurdimento, e caracterízase por unha defensa cerrada do galego popular como base sobre a que alicerzar a construción do galego literario.

Esta opción débese probablemente a unha idealización do mundo rural galego inspirada polo seu profundo conservadorismo e polo seu catolicismo ultramontano, que ve nas cidades e vilas un foco de corrupción moral e de irradiación de hábitos de vida modernos, que ten tamén repercusións no terreo lingüístico.

A orientación dominantemente descritiva que presenta a súa gramática explícase tamén doadamente a partir desta concepción e constitúe tamén un trazo que singulariza o texto de Saco por contraposición á maioría dos seus contemporáneos. Deste xeito, popularismo e descritivismo constitúen os dous esteos sobre os que descansa o soberbio edificio que é a gramática do crego ourensán.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso Montero, Xesús (1970): *Constitución del gallego en lengua literaria. Datos de una problemática cultural y sociológica*. Lugo: Ediciones Celta.

Álvarez Giménez, Emilio (1870): *Estudio sobre las faltas del lenguaje que se cometen en Galicia*. Pontevedra: Imprenta de Don José Antúnez y Cía.

———— (1892): *Los defectos del lenguaje en Galicia y en la provincia de León. Estudio gramatical basado en la doctrina de la Academia y en el uso de los buenos escritores*. Pontevedra: Imprenta y Comp. de A. Landín.

Auroux, Sylvain (1992): "Introduction. Le processus de grammatisation et ses enjeux", en Sylvain Auroux (dir.), *Histoire des idées linguistiques*. Vol. 2. Liège: Mardaga, 11-64.

Brunstad, Endre (2003): "Standard language and linguistic purism", *Sociolinguistica* 17, 52-70. https://doi.org/10.1515/9783110245226.52

Calero Vaquera, María Luisa (1986): *Historia de la gramática española (1847-1920)*. Madrid: Gredos.

Eiras Roel, Antonio (1996): *La población de Galicia, 1700-1860. Crecimiento, distribución espacial y estructura de la población de Galicia en los siglos XVIII y XIX*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 407-417
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Fernández Salgado, Benigno (2007): "Cómo falar bo castelán en Galicia. A corrección lingüística nos manuais de bo uso publicados no século XIX", en Helena González e María Xesús Lama (eds.), *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos (Barcelona, 28-31 de maio de 2003)*. Sada: Ediciós do Castro / Universitat de Barcelona, 765-789.

García Vázquez Queipo, Antonio (1884): *Enmienda de algunos vicios de locución a que propenden los naturales de Galicia*. Santiago: Imprenta de José M. Paredes.

Gómez Asencio, José J. (1981): *Gramática y categorías verbales en la tradición española (1771-1841)*. Salamanca: Universidad.

González Seoane, Ernesto (1994): "Concepcións do galego estándar nos gramáticos galegos do século XIX", en Ramón Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*. Vol. VI. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 75-88.

Graña y Orje, Valentín (1867): *Tratado sobre corrección del lenguaje castellano al alcance de los niños*. Pontevedra: Imprenta del Siglo.

Millar, Robert MacColl (2005): *Language, nation and power. An introduction*. Basingstoke: Palgrave MacMillan.

RAE= Real Academia Española (1866[10]): *Gramática de la lengua castellana*. Madrid: Imprenta Nacional.

R[odríguez] Rodríguez, Manuel (1892-1893): "Declinación gallega", *Galicia. Revista Regional* I, 5, 267-275; 6, 335-345; 7, 385-390; 8, 461-469; 9, 525-528.

Saco Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Soto Freire.

Sarmiento, Ramón (1984): "Introducción", en Real Academia Española, *Gramática de la lengua castellana*. Madrid: Editora Nacional. Edición facsímile da primeira edición de 1771.

Smith, Anthony D. (1971): *Theories of nationalism*. London: Duckworth.

Thomas, George (1991): *Linguistic purism*. London/New York: Longman.

Valladares, Marcial (1970 [1892]): *Elementos de gramática gallega*. Vigo: Galaxia.

Zgusta, Ladislav (1989): "The role of dictionaries in the genesis and development of the standard", en F. J. Haussmann, O. Reichmann, H. E. Wiegand, e L. Zgusta (eds.), *Wörterbücher. Ein internationales Handbuch zur Lexikographie / Dictionaries. An International Encyclopedia of Lexicography / Dictionnaires. Encyclopédie internationale de lexicographie*. Vol. I. Berlin & New York: De Gruyter, 70-79.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA.
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 419-462
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.741

A OBRA DE SACO ARCE NO CONTEXTO DO REXURDIMENTO

THE WORK OF SACO ARCE IN THE CONTEXT OF THE REXURDIMENTO

Xurxo Martínez González
Universidade de Vigo

Resumo: Este estudo procura analizar a contribución de Saco Arce ao Rexurdimento tendo en contra a gramática pero indo alén dela. O obxectivo é, pois, incorporar unha chea de escritos pouco difundidos e analizar o conxunto da súa produción en relación cos presupostos da renacenza.

Abstract: This study analyses Saco Arce contribution's to the Rexurdimento both in the context of grammar and beyond it. Its objective is therefore to incorporate a range of writings and analyse the whole of his production in relation to the premises of the Rexurdimento.

Palabras chave: Juan Antonio Saco Arce, Rexurdimento, sociabilidade, prensa, experiencia da subalternidade, resistencia, provincialismo.

Key words: Juan Antonio Saco Arce, Rexurdimento, sociability, press, subalternity experience, resistance, provincialism.

O profesor Ramón Villares comentaba, nunha entrevista ao medio dixital *Praza Pública*, que "somos unha cultura de gran raíz europea" (Dopico 2018). Como exemplo puxo os casos da Xeración Nós (ou Xeración do 16, en termos de Ramón Villar Ponte) e do Grupo Galaxia (Ramón Piñeiro ou Ramón Lugrís).

Tras concordar con esta afirmación, cómpre engadir que xa no século XIX existía unha importante conexión galega con Europa. Malia que Galiza sexa vista como unha terminal *finisterrae*, onde todo chega por medio da meseta e dende a metrópole, hoxe é sabido que a principal vía de comunicación foi o mar, con América e con Europa. A través deste vieiro marítimo a *intelligentsia* do país coñeceu dende primeira hora as novas correntes que abalaron o mundo. Basta con ollar a

listaxe de libros prohibidos da biblioteca universitaria de Compostela, a biblioteca do Real Consulado da Coruña ou os andeis persoais de figuras como Rosalía de Castro ou Eduardo Pondal para certificar a lectura (moitas veces en inglés e francés) dos escritores máis representativos do romanticismo[1].

Esta reflexión serve como preludio xa que é importante comezar cunha premisa chave para a nosa investigación: o Rexurdimento é un produto do seu tempo influído, pois, por tres grandes cambios acontecidos no vello continente. Referímonos ao liberalismo (troco político-económico), ao nacionalismo (troco identitario) e ao romanticismo (troco estético-cultural).

Borja de Riquer, para o caso catalán, escribe nesta mesma liña argumentativa:

> Fue el 'nuevo mundo' del liberalismo y del capitalismo, el nuevo Estado y la nueva imagen de la 'nación española', las nuevas prácticas políticas y culturales, lo que en definitiva condicionó decisivamente la formación de una identidad catalana diferenciada de la que oficialmente se divulgaba (2001: 22).

Á vez, precisamos enunciar as guías metodolóxicas e conceptuais que empregaremos. En boa medida partimos das propostas de Xoán González-Millán, espalladas en diversos artigos e recompiladas (en parte) en *Resistencia cultural e diferencia histórica* (2000). Canda estas achegas, cómpre citarmos os traballos de Antón Figueroa (1988; 2001) que son complementarios (nalgúns casos concorrentes) ás contribucións de González-Millán.

Na aposta por unha análise sociolóxica da cultura consideramos necesaria unha aproximación crítico-analítica ao Rexurdimento dende os estudos da sociabilidade (en termos de Agulhon) e das ciencias da comunicación (esfera pública de Habermas).

Por último, dende a nosa perspectiva coidamos que a aplicación estrita do criterio filolóxico á hora de estudar o Rexurdimento supón un reducionismo que exclúe un material imprescindible para a comprensión desta renacenza. Non se pode explicar a conformación do imaxinario nacional colectivo se non incluímos os textos en castelán de Antolín Faraldo, Antonio Neira de Mosquera ou Benito Vicetto, por non citar toda a articulística que en materia cultural publicou Manuel Murguía. Son escritos na fase do nacionalismo literario, como chanzo anterior á aparición da literatura nacional, que ten como fin último "a

1 O debate do neoclasicismo vs. romanticismo producíase na prensa madrileña dende finais do XVIII. Ademais, queremos subliñar a participación do pioneiro do xornalismo galego, Manuel Pardo de Andrade, pois sen dúbida a súa posición arredor do romanticismo foi coñecida e divulgada en Galiza. Para todo isto, consultar a introdución de María Rosa Saurin de la Iglesia (1989: 21-82).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

utilización do discurso literario [sexa na lingua que sexa] para consolidar e lexitimar un determinado ideario nacional(ista)" (González-Millán 1995: 78).

Pero incluso se fai imprescindible a lectura doutros autores diverxentes cos rexurdimentistas, coma Emilia Pardo Bazán, que nos permite establecer unha dialéctica para identificar as tensións do campo nun proceso de creación e consolidación do mesmo.

Mais tamén, de ampliarmos máis o radar, necesitamos incorporar as perspectivas foráneas que existían sobre Galiza (en particular sobre a cultura galega) por parte de estudosos contemporáneos (Menéndez Pelayo, Amador de los Ríos, Gumersindo Laverde, Milá i Fontanals, Víctor Balaguer, Ticknor...)[2] ou en dicionarios enciclopédicos publicados na primeira metade do XIX en diversos países europeos (Italia, Francia, Inglaterra...).

Non menos importante son os estudos comparativistas que comuniquen o Rexurdimento con procesos análogos acontecidos na primeira metade do século XIX en Europa. Nomeadamente a *Renaixença*, materia que conta cunha notable bibliografía actualizada como resultado do traballo comunitario do *Grup d'Estudi sobre la Literatura del Vuit-Cents*.

1. REXURDIMENTO. CONCEPTO, CRONOLOXÍA, LINGUA

O Rexurdimento enténdese, de maneira xeneralizada, como un período de restitución do idioma galego en canto ao seu uso escrito (sobre todo no eido poético) e en canto á defensa consciente do seu prestixio e validez.

Esta definición aparece nos libros de texto das escolas ou en estudos académicos (por exemplo en Hermida 1992: 59) mais, pola contra, é unha definición incompleta que resta o poder subversivo que nós contemplamos a partir da súa comprensión máis ampla; é dicir, comprender o Rexurdimento alén do couto estritamente literario-lingüístico.

Conforme isto, esclarezamos o que nós entendemos por Rexurdimento[3]: un movemento (no sentido de cadencia e de continuidade dunha serie de prácticas político-culturais fronte ao corte limpo na historia, a sacralización individual dunha autora/obra e as balizas solitarias) liderado por unha reducida elite intelectual distribuída polas principais urbes (fronte á idea dun pequeno número de persoas localizadas en poucos e moi determinados lugares). Esta desenvolve a súa acción ao longo de practicamente todo o século XIX co obxectivo principal de converter o estigma en estima (lingua, costumes, antropoloxía, monumentos,

2 Sobre este campo de estudo é indispensable a tese de doutoramento de Alonso Nogueira (2005).

3 Angueira (2013) e Pena (2014) ofrecen unha interpretación novidosa.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

historia política...) e rehabilitar o país, ante os seus e ante os outros, para situalo no xusto lugar na polifonía de pobos e culturas europeas.

Esta *intelligentsia* caracterizouse por seren de extracción burguesa liberal: boticarios, xornalistas, mestres, médicos, avogados... Compartían un pensamento provincialista de distinto calibre segundo cadaquén. A maioría eran partidarios do progresismo e das ideas republicanas representadas polo Partido Demócrata ou polo denominado *progresismo puro* (corrente prorrepublicana integrada no Partido Progresista).

En canto á periodización, nós consideramos que o prerrexurdimento está na Ilustración galega. Desta maneira, o inicio do Rexurdimento podémolo datar en 1808, co inicio da Guerra da Independencia[4], e pechalo en 1906 coa creación da Academia Galega, primeira grande institución autónoma da cal se dota a *intelligentsia* do país no propio interior (e non xa na emigración).

A datación en 1808 defendémola por causa do cambio político que se produce (o regulamento das prácticas liberais por medio da Constitución de 1812 e a posterior lexislación), a aparición da prensa galega (liberal e absolutista, que implicou á súa vez unha nova práctica social, propia da modernidade, que consiste na lectura pública en prazas ou cafés para o posterior debate en conxunto), a proliferación de textos en lingua galega (co que supuxo para a fixación do idioma na escrita)[5], a conformación de círculos sociais públicos co peso da burguesía liberal ou a reconsideración dos trazos e capacidades do pobo galego co que isto supoñía na toma de conciencia nacional (Mariño 1990: 37-38).

A necesidade de *regeneración* ou de *renacimiento* de Galiza, segundo os termos empregados na época, desemboca nun elenco de obxectivos, non sempre delimitados ou fixados previamente, que é produto das propias dinámicas (endóxenas e esóxenas) e da xerarquización das necesidades que consideraban tiña o país, entre outras causas. Cómpre reparar na existencia de actitudes, actuacións, comportamentos ou intereses conflitivos no seo do mesmo grupo subalterno. Non se deben ocultar ou diluír as contradicións, máis ou menos distinguibles, existentes por mor da heteroxeneidade do grupo, nin tan sequera usar de maneira ríxida o concepto de subalternidade. Pensemos, por exemplo, que a elite rexurdimentista é subalterna con respecto a elite española mais a primeira é dominante con respecto ás clases populares que pretende representar. De tal forma, a subalternidade é un concepto relacional e non inherente (como xa advertira González-Millán).

4 Dúas obras para analizar o impacto social e político da guerra contra os franceses: Barreiro (2009) e Veiga (2017).

5 Para esta época son imprescindibles a consulta dos dous volumes de *Papés d'emprenta condenada* (Aneiros/Barreiro/Mariño 2008; Mariño 2012).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Esta diversidade rexurdimentista implica que non houbese unha intención exclusivamente literaria ou lingüística, senón que houbo un esforzo plural non organizado por impulsar o progreso material e intelectual do país. Polo tanto, nós consideramos que o Rexurdimento é toda actividade que pulou por este avance dende campos diversos: ciencia, tecnoloxía, xornalismo, política, literatura, música, pintura... Xa que logo, o correcto será falar de Rexurdimento literario cando queiramos referirnos a esta aresta concreta da renacenza como xa avisara Dobarro Paz (2000: 90).

En todo caso, o traballo da *intelligentsia* contribúe, co seu material particular, a crear un fondo de recursos que serán usados (despois de sufriren operacións de inclusión e exclusión segundo a opción ideolóxica de quen o faga; en termos de Raymond Williams, a "tradición selectiva") polos ideólogos do Rexurdimento para elaborar o imaxinario nacional colectivo.

Este imaxinario aséntase en dúas columnas: a historia política, pola cal se constrúe un discurso propio onde o pobo galego é protagónico, dotado de capacidades de todo tipo (militares, artísticas, filosóficas... que significa a restitución da memoria silenciada a partir dunha práctica contrahexemónica), e que se proxecta cara ao futuro nun réxime de prosperidade canta maior conciencia nacional haxa e esta se exprese na organización dun réxime de autonomía político-administrativa (federalismo-rexionalismo); e a historia científico-cultural, que amosaría a xénese dun *volksgeist* diferenciado do español (celtismo, suevos, reino medieval, revoltas irmandiñas...) e polo cal se conclúe que a arte galega debe rexerse conforme a este "espírito popular" ou "xenio nacional" (por tanto, non polo *volksgeist* español) para recoller o éxito ou recoñecemento dos foráneos[6]. Finalmente, os rexurdimentistas conclúen que o período de esplendor cultural correspondeuse co período de (semi)independencia do reino galego e que a súa decadencia (política, económica e cultural) comeza tras a intervención dos Reis Católicos, descifrada como unha centralización *manu militari*. En lóxica síntese, agora eles son os protagonistas de devolver Galiza a un idealizado lugar de prosperidade nun marco descentralizador.

Toda análise do Rexurdimento debe partir da consideración da experiencia da subalternidade, á cal xa aludimos, como un fenómeno que determina non só as prácticas literarias e as expresión culturais, senón a propia dinámica sociopolítica que opera en Galiza. González-Millán (1994: 72), para o caso literario, retrátaa así:

6 Sobre este aspecto Manuel Murguía publicou en *La Oliva* uns artigos clarividentes verbo dos cales publicamos un traballo máis demorado en Martínez (2017b).

> subdesenvolvemento de determinados rexistros literarios, a deficiente institucionalización social do discurso literario, o impacto da diglosia sociocultural e das condicións de dependencia económica e política, a multifuncionalidade do discurso literario, a subordinación institucional con respecto a outros sistemas literarios, as dificultades no proceso de recepción da producción literaria causadas polas mesmas condicións de subalternidade, a fixación temática das macrometáforas que obstaculizaron o desenvolvemento e a dinámica dos mundos imaxinarios utilizados nos diversos rexistros literarios, e finalmente, unha deficiente mobilidade xenérica, como exemplifica a privilexiada percepción da lírica, condicionada en parte por unha concepción esencialista da galeguidade.

Con respecto á escolla lingüística existe unha outra consideración previa. A situación diglósica que existía no século XIX obríganos a repensar, nestas claves, que supuña a escolla da lingua A ou da lingua B (Figueroa 1988). En termos xerais, a lingua A supoñía o uso da lingua dominante nun campo literario no cal existía un prestixio sociocultural e unha potencial proxección na futura traxectoria do autor xa que se trata dun campo cultural consolidado. Pola contra, a lingua B era optar pola expresión dominada, carente de institucións político-culturais, sen manuais lingüísticos (gramática, dicionario...), nun intento (por tanto, sen un éxito asegurado) de conformar un campo literario que tiña unha fráxil tradición e un horizonte aínda máis incerto. En definitiva, quen podían escribir e quen podía ler en lingua galega?

Neste punto, coidamos que a elección do galego (lingua B) inclúese nun proceso de elaboración do proxecto político-cultural que se desenvolve nun espazo contrahexemónico. Nos artigos de Murguía en *La Oliva* (1856-57), que serán os apartados introdutorios do *Diccionario de escritores gallegos* (1862) e do primeiro tomo da *Historia de Galicia* (1865), obsérvase claramente esta vontade de distinguir a cultura e a historia política galegas da cultura e a historia política españolas[7]. En realidade, Murguía está redactando un bosquexo de intervención planificada na esfera pública galega. É axeitado recuperar agora esta reflexión de Antón Figueroa (2001: 13-14):

7 Belén Fortes destaca a seguinte relación de diferenzas entre a literatura galega e a española que fixo Murguía: fondo/forma, espontaneidade/artificio, sentimento/imaxinación, tristeza e melancolía/optimismo e arrogancia, suavidade e dozura/aspereza e dureza, poesía subxectiva/poesía obxectiva e unha métrica que segue o estilo popular (2000: 82-87).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Se pensamos un pouco a historia da literatura galega a partir do Rexurdimento, poderiamos en termos moi aproximados e hipotéticos [p.14] propoñer o seguinte: a producción literaria galega en galego xorde estreitamente vinculada a unhas tomas de posición políticas, tomas de posición heterodoxas no campo político español, na medida en que, cun enfoque rexionalista ou nacionalista, reclamaban unha certa autonomía política. Ó mesmo tempo, as tomas de posición implicadas polos textos literarios participaban deste carácter político pola súa temática, mais sobre todo polo feito de escribir nunha lingua distinta do castelán ben asentado en España como unha única lingua nacional.

Máis adiante, o mesmo autor (2001: 115), engade estoutra reflexión:

> En todo caso, esta heterodoxia lingüística, e o feito de que se manifestase mediante o xogo literario, daba automaticamente á literatura un poder extraliterario, un poder certamente forte, pero heterónomo, de carácter político, que ó mesmo tempo dificultaba e, na proporción da súa importancia, atrasaba a súa constitución en literatura *à part entière*, é dicir, en campo autónomo. Resulta sen embargo evidente, aínda parecendo paradoxal, que a inicial heterodoxia lingüística e política (que *contaminaba* heteronomamente a literatura) era a que posibilitaba que a literatura galega tivese un día a posibilidade de constituírse realmente nunha literatura nacional autónoma.

O Rexurdimento, por conseguinte, é un proceso que acumula prácticas contrahexemónicas: a defensa, promoción e uso da escolla lingüística dominada; a recuperación de elementos descartados pola tradición dominante, sexan ou non motivo de impugnación ao relato oficial; a conformación de contraespazos públicos, que "son focos de resistencia nos que se detecta o protagonismo de colectivos silenciados ou marxinados" e nos cales se crean "novas formas sociais e de reivindicación de representacións nacionais multisecularmente silenciadas" (2000: 64-65) co fin de restaurar e artellar unha identidade colectiva nacional... Estamos ante unha estratexia de resistencia.

González-Millán outórgalle moita importancia ao concepto de espazo público, logo de incluír distintas matizacións ao concepto orixinal de Habermas, xa que abre vías de investigación para documentar a complexidade dos procesos de produción material, as normas culturais e as institucións que lexitiman. Mais apunta, sobre todo, á relevancia da identificación e análise dos contraespazos públicos observados como áreas para o artellamento de formas de resistencia. De novo citamos González-Millán (2000: 69):

> o concepto de contraespacio público ofrece unha clave importante para analizar as prácticas políticas e culturais dos movementos nacionalistas deficientemente institucionalizados, e a súa lóxica semella moi próximo á das *formas sociais emerxentes*, o concepto proposto por R. Williams para dar conta tanto da dinámica como da conflictividade sociocultural.

En síntese, o Rexurdimento xorde a partir dun repertorio que se elabora á calor das novas correntes políticas e estéticas de Europa (nacionalismo e romanticismo) nun marco de novas liberdades civís (liberalismo). A ligazón entre o cultural e o político é unha premisa fundamental para a nosa análise da renacenza: o compromiso coa expresión cultural galega aparece a carón dunha toma de conciencia política en termos provincialistas. Unha proba evidente son as advertencias, cando non reproches acedos, de Emilia Pardo Bazán (1888: 38-39) no texto lido na velada necrolóxica en memoria de Rosalía de Castro, en setembro de 1885:

> si estas quejas no son mero juego retórico; si, como es de creer, [p. 39] expresan una aspiración sincera, contenida en el movimiento intelectual de Galicia, tenemos que reconocer que el renacimiento lleva en sí un germen de separatismo, germen poco desarrollado todavía, pero cuya presencia es imposible negar, y que acaso sea el único fruto político y social de este florecimiento poético. ¡Qué otra cosa significa la frecuente confusión del concepto de *patria* con el de *tierra* ó región nativa, confusión que aquí se repite tan á menudo en el lenguaje hablado y escrito!

Esta forte reacción de Pardo Bazán (proba do impacto do traballo rexurdimentista) durante un acto solemne no cal se trataba de enxalzar a figura de Rosalía (a quen ela censura alí mesmo como á súa xeración), e aproveitando a presenza de Emilio Castelar (ex-presidente da República e prologuista de *Follas novas*, libro que ela desvalora e minimiza) como axente de lexitimación pública, é paradigmática das tensións do campo e as loitas polo seu control. Para a autora de *La tribuna*, a recuperación cultural ideada polos rexurdimentistas era parte dun proxecto indefinido e desorganizado de emancipación política. Neste taboleiro, a lingua galega é a pedra angular porque o seu paso de "dialecto" a "lingua"[8] suporía, segundo Pardo Bazán, o paso do "regionalismo sano y bien entendido" a un nacionalismo

8 O dialecto defínese pola ausencia dunha gramática, dicionario, tradición literaria ou variedade estándar. Este tema foi tratado por Saco Arce no artigo "El habla gallega ¿es lengua, idioma o dialecto?", que publica en *El Heraldo Gallego* (1876b), pero que ofrece unha conclusión confusa.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

emancipador[9] porque a lingua é a alma da nación (como escribe Saco Arce) e ten unha clara compoñente identitaria-nacional que os rexurdimentistas explotan decote.

2. ALGÚNS APUNTAMENTOS BIOGRÁFICOS A PARTIR DOS CÍRCULOS SOCIAIS

Os traballos de Saco Cid (1987, 2014) compoñen a crónica biográfica máis completa sobre Saco Arce. Nós pouco podemos engadir e remitímonos a eles. Porén, si que nos interesa atender o círculo de relacións sociais (formais e informais) que mantivo o presbítero de Alongos, seguindo a metodoloxía de traballo de Agulhon (1968, 1977). Esta perspectiva implica coñecer un pouco máis o espazo social onde desenvolve a actividade intelectual.

O periplo como estudante en Compostela supuxo o inicio da súa escrita, a teor dos textos que chegaron a nós. Residiu na actual capital galega en varios intervalos: 1848-1851 e 1854-1858[10]. Esta época está marcada polas consecuencias da Revolución de 1846 (Mártires de Carral, Banquete de Conxo), unha morna recuperación da prensa provincialista centrada en Compostela (*Diario de Santiago*, *El Eco de Galicia*) e a fundación d'*El Liceo de la Juventud*, espazo de sociabilidade formal dunha pléiade luminosa para Galiza como foi a Xeración de 1856 (na cal se inclúe Saco Arce).

Malia non haber rexistros dunha posible vinculación do presbítero ourensán con esta reaparición do espazo provincialista, coidamos que non ignorou esta actividade cultural. Sobre todo porque si temos constancia da súa participación nos grupos provincialistas de Pontevedra onde algúns dos seus membros participaron de maneira directa nalgunhas das empresas culturais en Compostela ou incluso tiveron un papel dirixente na revolta de 1846.

Con certeza, o 9 de Santos de 1858, Saco Arce foi nomeado catedrático de Latín e Grego no instituto da cidade do Lérez. A súa estadía alongouse até 1863 e, lembremos, en setembro de 1861 ordénase sacerdote e en 1862 prepara o doutoramento en Teoloxía en Madrid. Ademais, como se rexistra no libro *Poesías*, contabilizamos 25 poemas asinados entre 1858 e 1862. É pois un período intenso na súa vida intelectual e relixiosa mais tamén para a vida sociocultural galega: *El*

9 "Galicia no es sino la *tierra*, algo íntimo y dulce, algo quizás más caro al corazón, más necesario para la vida que la misma patria; pero la patria representa una idea más alta aun, y la patria, para los españoles todos, donde quiera que hayan nacido, desde la zona tropical hasta el apartado cabo de Finisterre, es España, inviolable en su unidad, santa en sus derechos" (Pardo 1888: 39).

10 O 29 de outubro de 1858, cun discurso sobre a falsidade do protestantismo, obtén a Licenciatura en Teoloxía con Premio Extraordinario. Por outra banda, Saco Arce seguramente foi alumno de José Pérez Ballesteros cando este foi profesor interino na universidade compostelá.

Álbum de El Miño, *Copras* de Sarmiento, Xogos Florais da Coruña, *Álbum de la Caridad*...

Deste tempo interésanos destacar a publicación, entre o verán de 1857 e o inicio de 1859, do xornal *El País*[11] de Pontevedra. Os seus promotores eran os irmáns Rodríguez Seoane (Luís e José)[12] e Francisco Fernández Anciles[13]. É dicir, tres nomes ligados ao provincialismo.

O grupo galeguista de Pontevedra conformábano, entre outros, Xoán Manuel Pintos, José López de la Vega, José Benito Amado, Manuel Ángel Couto, Luís de la Riega, Vicente Gregorio Aspa ou os tres nomes anteriormente citados. Todos eles colaboran co Rexurdimento, algúns con escritos en lingua galega (Pintos, Amado, Anciles, Couto), outros preocupados na recuperación de textos, algúns inéditos, de Sarmiento coa súa enorme tarefa lingüística (Pintos, De la Riega) ou aqueloutros que deixaron sen publicar páxinas de investigación gramatical e lexicográfica (José Rodríguez Seoane).

Ademais debemos relacionar este grupo con dous persoeiros máis: o provincialista Juan Cuveiro Piñol quen, sen residir en Pontevedra nos anos en que estivo Saco Arce, mantivo lazos con esta cidade, tivo unha produtiva actividade intelectual a prol do galego (*El habla gallega*, 1868; *Diccionario gallego*, 1876) e formou parte do liceo pontevedrés; e Marcial Valladares, outra peza central nos estudos filolóxicos galegos (*Diccionario gallego-castellano*, 1884; *Elementos de gramática gallega*, 1970), a quen Saco Arce agradece a súa colaboración no libro *Literatura popular de Galicia*.

O filólogo ourensán relaciónase con este circuíto letrado e culto de Pontevedra. *El País*, que como xornal realizaba funcións cohesivas e canonizadoras, publicou un poema seu[14]. Mais tamén dedicaría unha composición lírica á memoria de José Rodríguez Seoane ("En la muerte del malogrado escritor D. José

11 Un xornal de tendencia provincialista e na liña progresista que representaba en Vigo *La Oliva-El Miño*. Despois do seu peche tería continuidade con *La Perseverancia* (1859-60).

12 Luís Rodríguez Seoane participara en marzo de 1856 no Banquete de Conxo cun brinde, a carón de Aurelio Aguirre e Eduardo Pondal. O texto foi felizmente exhumado e publicado en formato facsímile n'*Os últimos carballos do Banquete de Conxo* (2017). Pola súa parte, José descubriu os inéditos de Sarmiento no arquivo do Duque de Fernandina, que lle chegaran dende a biblioteca do Duque de Medina Sidonia. Segundo escribe o seu irmán, na escolma *Artículos y novelas* (1889), "Allí pudo, con efecto, no sólo dar con ellas, sino aprovecharse también de las curiosas noticias que contienen los apuntes de mi hermano acerca de una Gramática y Diccionario gallegos que se proponía publicar" (1889: XVI).

13 Este médico e xornalista pontevedrés publicou o artigo "Importancia que debe darse al dialecto gallego" (*El País* 57, 20/V/1858).

14 "A un canario" (1858). Por estes anos tamén publica en *El Ateneo* da Coruña (1859) o poema "A Santiago".

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Rodríguez Seoane") asinada en 1860, ano da súa defunción[15]. Son, pois, mostras dunha conexión directa cos rexurdimentistas de Pontevedra.

Tamén sabemos, grazas ao mesmo número d'*El País* en que se publicou o citado poema, que Saco Arce participou nun acto da sección de literatura do liceo pontevedrés. Tratouse dun recital onde interveñen outros nomes, como Fernández Anciles que o fai en lingua galega. Ademais, a crónica do encontro (asinada por José Rodríguez Seoane) relátanos un aspecto interesante para a comprensión dos círculos sociais, das súas funcións (cohesivas, lexitimadoras, canonizadoras) e intereses. Segundo a nova, Vicente Gregorio Aspa introduce neste espazo público un tema de discusión ante o grupo (público raciocinante, en termos de Habermas) que tiña como título "Teniendo en consideración la historia de Galicia, ¿cuál será su porvenir?".

O 11 de agosto de 1861 celébranse os Xogos Florais de Pontevedra. Juan Compañel, nas páxinas d'*El Miño* (núm. 455, 21/VIII/1861), encargouse de informar sobre o acto promovido polo liceo e organizado no Teatro Principal. Entre outros, falaron Marcial Valladares (vicepresidente do tribunal) e Luís Rodríguez Seoane. A cada lado do escenario había un retrato de Sarmiento e outro de Feijoo realizados por Guisasola.

Acudise ou non ao teatro, parece plausible pensar que Saco Arce tivo novas e atendeu esta festividade das letras onde se pretendían promocionar o galego mais, a diferenza do certame na Coruña, a categoría do premio en galego quedou deserta. En relación cos Xogos Florais é oportuno traer aquí esta reflexión do propio filólogo:

> La institución de los juegos florales, estableciendo como condición que todas ó la mayor parte de las composiciones que aspiren al premio, se presenten escritas en el dialecto del pais, conducirá no poco á fomentar la literatura gallega y á levantar el abatido espíritu de estas provincias. Muy útiles pueden ser tambien para este objeto, los almanaques literarios que de algunos años á esta parte suelen ver la luz pública. (Saco Arce 1868: VII).

O 15 de outubro de 1863 Saco Arce toma posesión da cátedra no instituto de Ourense. Alí coincide con José García Mosquera, tradutor ao galego do coñecido *Beatus ille* de Horacio ("A vida do campo", titulouno) e incluído na escolma literaria da *Gramática gallega*.

Na cidade das burgas existía un parladoiro na Praza Maior onde acudía José García Mosquera. Era no comercio de Civeira (Cela 1897). Con certeza, indagar

15 O poema inclúese no libro *Poesías* (1878: 147) de Saco Arce.

arredor deste círculo social informal, ou doutros da mesma cidade e época, traería máis información sobre as formas de socialización dos rexurdimentistas ou as súas prácticas sociais.

Desde que chega a Auria, o presbítero traballa no eido filolóxico galego e na recompilación do folclore nacional, que co tempo se converterían na *Gramática gallega* e na *Literatura popular de Galicia*[16]. Este período é dun inequívoco compromiso co estudo da nosa identidade no marco do Rexurdimento onde a lingua goza dunha posición privilexiada.

Con respecto á gramática cavilemos no feito de que fose Soto Freire o seu editor[17]. Porque coincide a súa publicación co intre de maior edición de libros rexurdimentistas do impresor lucense: *Historia de Galicia* (1865) de Manuel Murguía; *Almanaque de Galicia* (1865-66-67); *Reseña de la historia natural de Galicia* (1866) de Víctor López Seoane; ou *El caballero de las botas azules* (1867) de Rosalía. Esta xeolocalización de Soto Freire na cartografía da renancenza galega coincide co período de decadencia de Juan Compañel en Vigo, motivado fundamentalmente pola onda represiva (multas e prisión) que padeceron os progresistas da cidade atlántica. Polo tanto, a súa aparición nesta imprenta, dentro desta relación de títulos, outorga á propia obra un determinado capital simbólico.

Mais, de novo, a prensa volve xurdir como un escenario de representación dos círculos sociais. Para esta ocasión cómpre citar dúas cabeceiras. Por un lado, temos *El Orensano* (1860-1865), dirixido por Joaquín Gaite (catedrático e director do instituto de Ourense) e do cal foi redactor un tempo Saco Arce (canda outros nomes como Alejandro Quereizaeta ou Manuel Pereiro Rey). Polo outro lado, *El Heraldo Gallego* (1874-1880), baixo a dirección de Valentín Lamas Carvajal. O filólogo ourensán colaboraría con varios artigos, algúns de especial interese e que xa foron citados neste relatorio. Cómpre destacar algúns colaboradores: Alfredo Vicenti, Aureliano Pereira, Filomena Dato, José Pérez Ballesteros, Teodosio Vesteiro Torres (a quen Saco dedicará un poema), Antonio María de la Iglesia ou Félix Moreno Astray.

No contexto da negación a prestar xuramento á constitución de 1869, polo cal foi deposto da cátedra en 1870 e que non recuperaría até a República de 1873, chega a proposta de nomeamento como membro correspondente da Real Academia Española asinada por Juan Eugenio Hartzenbusch, Cánovas del Castillo e Juan Valera en marzo de 1872. Estes tres nomes (aténdase á transcendencia no

16 *Literatura popular de Galicia: colección de coplas, villancincos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos* estábase preparando para imprimir en 1881 na imprenta de Gregorio Rionegro. As galeradas quedaron feitas pero a morte alcanzou o autor e a obra agardaría moitos anos até se publicar.

17 No prospecto da obra dise que o obxectivo da imprenta é "popularizarlo cuanto sea posible" (Soto 1869: 326).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

eido político e cultural destes prebostes españois) compoñen un dato que outorga a Saco Arce unha alta reputación. Sen dúbida, coñecer as razóns da súa candidatura, a participación dos tres avalistas, o procedemento para valorar o seu traballo e as persoas que interceden para o nomeamento de Saco Arce é unha veta investigadora que ofrecería unha relevante información.

Xusto é neste intre cando Paz Novoa, colega de Saco Arce no instituto e noutras angueiras culturais de Auria[18], lle escribe a Manuel Murguía con data do 15 de abril de 1872: "Saco se ha retirado a la aldea. Desde que perdió voluntariamente su cátedra por no querer prestar el dichoso juramento a la Constitución, ha abandonado la residencia en la ciudad. Con él hemos perdido lo más brillante del profesorado de este Instituto" (Barreiro/Axeitos 2005: 192). Malia as diferenzas político-ideolóxicas de Paz Novoa e Murguía con Saco Arce, a positiva consideración (no marco privado da correspondencia) é unha proba da prestixio que o gramático adquirira entre os rexurdimentistas.

As cartas con Murguía comezan en 1869, xustamente cando o polígrafo nacionalista loa a súa gramática e transmítelle unhas consideracións persoais (por exemplo, arredor do modelo de galego máis puro ou enxebre). Ademais, pola resposta de Saco (datada o 26 de xuño de 1869), parece que Murguía o convida a preparar un dicionario galego e ao estudo da póla indoeuropea.

> Muchas veces se me ha ocurrido la idea de emprender la composición de un Diccionario gallego, pero he desmayado, precisamente por las atinadas consideraciones que U. expone, junto con la mucha paciencia que para ello es menester. Existiendo entre las varias ramas del gallego mucho más numerosas diferencias de vocabulario que de gramática, creo que aquel no puede ser producto sino de una sociedad de escritores pertenecientes a las diversas localidades de Galicia que trabajando cada uno separadamente, se reunan en épocas acordadas para confrontar sus trabajos y dar unidad al conjunto. Si así se hiciese, tendría mucho gusto en aprovecharme de los datos que tiene U. recogidos y que benévolamente me ofrece. [...] No renuncio a la idea que U. me propone de estudiar las afinidades del gallego con otras lenguas indo-europeas y particularmente con el bretón y el gaélico. (Barreiro/Axeitos 2005: 89).[19]

18 Ambos coincidiron no xurado do certame dedicado ao Padre Feijoo en 1876 e no certame do 24 de febreiro de 1877 (no cal Saco é o presidente do xurado) promovido por Modesto Fernández González para honrar "el santo más *modesto* del año" e no cal Manuel Curros Enríquez gañou o premio co poema "A Virxe do Cristal" (Fernández 1876).

19 Sobre o asunto do dicionario, escribe Ogando Vázquez (2016: 87): "O diccionario non pasou de proiecto, pois somentes quedan algunhas papeletas, perda certamente grande que houbera posto remate a sua tarefa iniciada coa *Gramática*".

Parece evidente que Murguía e Saco recoñécense como figuras de talla intelectual e inquedanzas semellantes con respecto a Galiza e ao seu Rexurdimento. Por outra parte, do texto despréndese a preocupación de Murguía por outorgarlle á lingua galega os recursos gramaticais e lexicográficos necesarios que amosen o carácter de lingua fronte ao dialecto e, á vez, que ofreza os recursos ao alcance dos rexurdimentistas. Así, pois, ambos provincialistas concordan no valor da lingua para a marcación dunha identidade propia e a importancia do seu prestixio como ponte para promover a estima no pobo que a fala.

Malia esta mutua consideración existía un treito diferencial no eido político-ideolóxico. Esta impresión maniféstase na carta do 15 de xullo de 1869 asinada por Saco. No contexto da marcha de Murguía a Simancas, o filólogo escribe:

> Siento su ausencia de Galicia, pero conozco por otra parte que es útil para la historia de esta la instalación de U. en el lugar del principal archivo de España. Y ya que he mencionado la historia, el amor que me inspira su propia reputación, porque veo en ella el libro clásico de los gallegos, me da atrevimiento para formular una súplica; y es que no se deje alucinar del brillo de modernas ideas que a pesar de la boga que obtienen, no tardarán en desaparecer, ni de los elogios con que por los apasionados a las mismas se ha tratado en algún periódico de atraerle hacia ellas. U. no debe escribir para el siglo sino para los siglos. Si quiere U. que la posteridad lea con confianza su obra y la mire como clásica, no se olvide de juzgar siempre los sucesos y las ideas a la luz de la única religión verdadera. Sólo en el cristianismo se encuentra el verdadero progreso y libertad, y él no reprueba más que la civilización, el progreso y la libertad de mal género. (Barreiro/Axeitos 2005: 94-95).

Estas palabras son, sen dúbida, esclarecedoras de posicións antagónicas pero tamén proba (unha máis) da querenza intelectual que se profesaban. As recomendacións de Saco suceden tras o triunfo da Gloriosa, que como proceso revolucionario abriu un horizonte de expectativas de grandes cambios socias, políticos e relixiosos. Lembremos, conforme escribimos en anteriores páxinas, que Saco Arce perde a cátedra por non xurar a constitución de 1869.

Os consellos non foron atendidos por Murguía. Mais as letras epistolares continuaron coa mesma admiración mutua[20]. Proba disto é a alusión que Murguía fai

20 Saco Arce recoméndalle a Manuel Milá i Fontanals, en carta de 1872, que para estudar a poesía popular galega a persoa indicada era Manuel Murguía e que os *cantares* rosalianos eran de "bastante mérito y reflejan muy fielmente el espíritu de nuestra Poesía popular". En todo caso, as diferenzas entre eles existían, como se observa na carta de Ramón Segade a Murguía, con data do 7 de xullo de 1879: "Respecto a lo que digan Saco y demás, recuerde U. lo que pasó y pasa con los que escriben sobre esta clase de

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

de Saco Arce no artigo "Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega. Inédito del P. Fr. Martin Sarmiento (continuación)" publicado en *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1880), xornal no cal aparece, entre a nómina de colaboradores, Saco Arce. Lemos:

> Más afortunados hemos sido en lo que se refiere á gramáticas, por más que en rigor no deba usarse el plural. La publicada en Santiago por un Sr. Miras, no merece ni este recuerdo, y la que habia escrito el Sr. Pintos, ignoramos lo que haya sido de ella. Afortunadamente nos basta con la del Sr. Saco y Arce, que hemos logrado impresa y que merece bien el general aplauso con que fué recibida. No se le negó ciertamente, ni siquiera la revista francesa la *Romania*, que en las breves lineas que firma el Sr. Morel Fatio, se alarga á señalar ligeros lunares en el libro de nuestro paisano, y que nosotros no hallamos del todo justificados. Mas podría decírsele por no haber aprovechado para su libro los grandes estudios de Díez, Bopp, Stockes y demás sabios lingüistas contemporáneos, mas nos consta que el docto eclesiástico orensano prepara una nueva edición de su libro, en la cual no sólo subsanará las pasadas negligencias, sino que abrirá al estudio del dialecto gallego aquellos extensos horizontes que los sabios portugueses preveyeron ya, iniciando hace más de veinte años en el país vecino, con tanta fortuna como grande y verdadero conocimiento del asunto, unos estudios peregrinos en Galicia.

Con este tipo de artigos, Murguía colabora na consolidación de Saco Arce como autoridade lingüística do Rexurdimento. E, unha vez máis, volve mencionar no artigo os traballos lexicográficos "el que según todas las probabilidades lleva á cabo en estos momentos el Sr. Saco y Arce".

Tras a experiencia da República, Saco Arce publicaría algúns poemas en prensa católica: *Semanario Católico*, *El Católico. Periódico monárquico* ou *La Ilustración Católica*[21]. Xa antes, en 1871, gañara un accésit a "La azucena de plata" no certame poético organizado por *Juventud Católica* de Valencia (*La Ilustración Popular Económica* 84 [20/XII/1871], 4). Esta información amosa dúas cuestións: a inequívoca colaboración coa prensa católica tradicionalista e a vontade de publicar, no canto dunha actitude máis reservada.

materias; pues aún los mismos amigos y de unas mismas ideas, aprovechan las circunstancias […] o lo que sean para zaherir y echar su cuarto a espadas. ¡Desgraciado del escritor de quien nada dicen ni se ocupan!" (Barreiro/Axeitos 2005: 331).

21 "Sabemos, primeiramente, que el [Saco Arce] foi o inspirador intelectual dun periódico, *La Nacionalidad*, que se definía a si mesmo como 'periódico católico-monárquico', aínda que tiña unha tintura ideolóxica máis ben carlista, que comezou a ser publicar en Ourense o 1 de xaneiro de 1870" (Saco Cid 1987: 64).

A posición relixiosa de Saco Arce reluciu na polémica decisión do certame dedicado ao Padre Feijoo polo bicentenario do seu nacemento (Vicenti 1880). Como é sabido había dous ensaios que posuían un nivel apto para seren premiados. O xurado reuniuse no despacho de Paz Novoa para deliberar pero dividiuse en dous grupos. Por un lado, un sector (no cal estaba Saco Arce) consideraba que un dos traballos realizaba unha lectura "violenta" do "espíritu de sus inmortales obras". Por contra, o outro grupo (con Vicenti e Paz Novoa á cabeza) atopaban precisamente neste escrito os méritos necesarios para recibir o premio.

Ante esta situación, o sector católico ameazou con rebentar o propio acto de entrega do premio se se outorgase o galardón á citada obra. A resolución foi acordar un empate para que outro xurado determinase. E así foi como a resolución caeu en mans do Claustro da Universidade de Oviedo, que decidiu premiar o traballo de Emilia Pardo Bazán (cos votos en contra de Paz Novoa e Juan Sieiro) fronte ao heterodoxo e crítico estudo de Concepción Arenal[22].

Na Coruña, en 1884, fundouse a *Asociación del Folk-Lore Gallego*[23], presidida por Emilia Pardo Bazán. Segundo Barreiro Fernández (2012: 627-628), Antonio Machado promove esta sociedade pensando no nome de Manuel Murguía como o seu presidente e cunha rede de colaboradores cos cales tiña comunicación. Aquí é onde sae o nome de Saco Arce. Polo tanto, o presbítero era un dos candidatos a formar parte da primeira directiva da citada asociación.

Pola contra, cómpre reparar que por aquela altura Saco Arce xa traballaba no seu futuro libro *Literatura popular de Galicia* (se cadra auspiciado por Milá i Fontanals)[24], que responde á perfección ao modelo de investigación folclórica promovido por Antonio Machado para todo o Estado español.

22 Saco Arce prologara o traballo vencedor titulado *Estudo crítico de las obras del P. Feijoo* (1877). Nestas palabras limiares o presbítero de Alongos critica a Santa Inquisición e aos máis ortodoxos da Igrexa por teren menosprezado a obra do *novatore* galego.

23 Na primeira directiva estiveron Antonio de la Iglesia, Salvador Golpe ou José Pérez Ballesteros, entre outros.

24 Xosé Fernández Salgado amosou, nas xornadas dedicadas a Saco Arce en Ourense (2018), que o libro *Cancionero popular gallego* (1885-86, con prólogo de Teófilo Braga e apéndice de Antonio Machado), de José Pérez Ballesteros, era unha obra que cumpría exactamente as recomendacións gramaticais de Saco Arce. Por esta razón consideramos atinado facer un estudo comparativo entre o cancioneiro de Pérez Ballesteros e a *Literatura popular de Galicia*, para cotexar en que medida Saco inflúe ou achega material á obra do outro.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

3. A CONTRIBUCIÓN REXURDIMENTISTA DE SACO ARCE

> Pocos trabajos se conocen sobre el dialecto gallego, y aunque merece particular atención por su antiguo orígen, que muchos atribuyen á la lengua celta, y por la riqueza de sus voces, […] no recompensa su utilidad los ímprobos estudios que tendría que hacer el que formara su gramática y diccionario. Manuel Vázquez de Parga, 1850.

Esta confesión do entón Conde de Pallares, publicada na introdución da *Revista de Galicia* (1850: 8), revela as dificultades da investigación lingüística do galego. Mais fíxose e, para máis mérito dos autores que non do resultado, foi a título individual. Vaiamos devagar.

Un aspecto importante na historia da lingua galega durante o século XIX é que os traballos de codificación comezan dende un modelo popular do idioma e non dende un modelo culto de tradición escrita e literaria. Unha parte explícase porque até a descuberta dos cancioneiros medievais apenas existían modelos escritos (López 1991)[25]. Pero, á súa vez, coincide cunha vaga europea de interese polas linguas naturais (*natursprache*), que son vistas e idealizadas como as condutoras reais, orixinais e cribles do *volksgeist*.

A influencia europea, na revalorización das linguas, é patente no pensamento rexurdimentista. Autores como Herder (*Abhandlung über den Ursprung der Sprache,* 1772) ou Fichte (*Reden an die deutsche Nation*, 1807), supuxeron unha nova forma de entender a cuestión lingüística. A defensa do idioma materno é unha verdadeira revolución fronte ao gusto neoclasicista e afrancesado que existía, por exemplo, na Corte de Federico II de Prusia ou da tsarina Catarina a Grande en Rusia. Agora, os idiomas son pensados como arquivos de memoria nacional que por medio da súa gramática, dicionario e cultivo literario expresan unha forma de ser e unha forma particular (única) de aprehender o mundo e a natureza.

Sobre este punto parécenos axeitado traer esta cita de Rodríguez Barraza (2008: 101) cando se refire ao "íntimo ton vital" ou "núcleo inaccesible" en Herder:

> La construcción del yo, la subjetividad del pueblo o de la nación, basado en una identidad lingüística cuya esencia es impronunciable, inescuchable, inentendible, como decíamos a ese íntimo tono vital, para cualquier yo, nación o pueblo, es una forma más que tiene la contrailustración […] de poder definir

25 O propio Saco Arce escribe no prólogo da *Gramática gallega*: "las dificultades con que he tenido que luchar para esta clase de trabajos en una lengua, en que, por la escasez de escritos, me fué preciso apoyarme casi solamente en la escrupulosa observacion del lenguage hablado" (1868: X).

> la pluralidad de las lenguas, naciones y pueblos a partir de una insuperable y abismal diferencia, desde ese núcleo íntimo de cada lengua materna a través de la cual expresamos el amor, el odio, la esperanza y todos los demás sentimientos que caben en la naturaleza humana, de forma tan singular y única, que rompe el espacio político que surge gracias a la pluralidad de esas culturas, naciones, pueblos, individuos y lenguajes.

Para reforzar esta idea botamos man dos indispensables estudos de Anne-Marie Thiesse (2010: 37):

> La verdadera cultura viene del Pueblo y debe volver a él: no debe ser privativa de algunos individuos formados por su educación en los refinamientos. […] La cuestión de la lengua ocupa un lugar central en la reflexión herderiana. Para él, es en el genio de la lengua donde reside el alma de una nación. […] Cada lengua, según Herder, es expresión viviente, orgánica, del espíritu de un pueblo, suma de la acción eficiente de todas las almas humanas que la han constituido a lo largo de los siglos.

A lingua, pois, é a "alma de una nación". Esta idea é exactamente a que Saco Arce escribe no prólogo a *Versos en dialecto gallego y correspondencia de sus principales voces* (1878), do seu amigo José Pérez Ballesteros[26]:

> Y sin embargo, el pueblo que no quiera avergonzarse de sí propio á la faz de los demás; el que desee hacer valer su honra y su dignidad de raza ó de nación, es menester que empiece por estimar y glorificar su lenguaje. El idioma de una nación es, si así podemos decirlo, su alma, su carácter encarnado y exteriorizado en los sonidos: es el espejo donde más al vivo y con más fidelidad se reflejan su índole y tendencias, sus gustos y costumbres. Despreciar su idioma, es despreciarse á sí mismo; y el propio menosprecio, si sublime virtud en los indivíduos, no es en los pueblos sino torpe abyección que bien pronto les acarrea el desdén general ó la servidumbre. (1878: X-XI).

Por conseguinte, se esta é a conceptualización que asume Saco Arce, é evidente que os traballos sobre a lingua supoñen un reforzo e prestixio para a "alma da nación". O filólogo detecta que a lingua para estudar é a oral e é a da clase labrega: "una lengua que apenas puede llamarse escrita, no puede tenerse por pura, sino tal como la hablan las únicas personas que no se han dejado aun

26 Para máis información sobre a vida e traballos de Pérez Ballesteros, véxase Sánchez Rei (2006).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

contagiar del castellano, esto es, los rústicos" (1868: VIII). Así pois a alma da nación correspóndese á lingua das clases populares e os estudos lingüísticos teñen como propósito salvagardar a pureza da lingua, aquela "non contaxiada", porque en extensión manterá viva a identidade galega[27].

Emporiso, a participación rexurdimentista de Saco Arce non se reduce apenas á gramática, senón que tamén realiza outras tarefas (recollida de refráns, cancioneiros, léxico, contos...) que forman parte dese "manual do romanticismo" en relación aos idiomas que contribúe á delimitación da nacionalidade.

Por outra beira, os traballos de índole gramatical ou arredor da orixe da lingua galega tiñan uns antecedentes dende Sarmiento até 1868[28]. E tamén eran obxecto dunha solicitude pública durante este treito temporal, como Rosalía escribe para protexerse ante as críticas polo seu galego: "Sin gramática, nin regras de ningun-ha clás, ó lector topará moitas veces faltas d'ortografia" (Castro 1863: XIV).

Pola proximidade e precedente á gramática de Saco, cómpre citar o *Compendio de gramática gallego-castellana* (1864) de Francisco Mirás que se edita baixo o mecenado do Marqués de Figueroa, Juan Armada Valdés[29]. O prólogo explica o motivo da publicación: facilitar o entendemento dos foráneos cos galegofalantes "mientras no llegue un tiempo en que la civilización que allana las mayores dificultades, nos haga así como formamos una sola nación, también de un mismo lenguaje"(Mirás 1864: [6]).

Esta intención está nos antípodas das causas que moveron ao crego ourensán. No proemio da *Gramática gallega*[30], logo de gabar as súas características intrínsecas ("la más dulce y meliflua", "expresión de los más tiernos sentimientos", "amable sencillez del cariño doméstico"), lanza un alegato a prol do galego e dos perigos que axexan ("el continuo roce con la lengua oficial y clásica de los españoles"). Paga a pena reproducir o seguinte anaco, extenso pero imprescindible:

> considero que, si bien es imposible la desaparicion total de los dialectos y mucho mas de los idiomas de diversas naciones, mientras no desaparezcan las diferencias provinciales ó nacionales de carácter, de raza y de pais (lo cual no acontecerá nunca); sin embargo, la civilizacion, una en su origen, el Calvario,

27 Os termos que usa decote para referirse á presión lingüística do castelán son dignos de ter en conta polo que translocen: contaxio, invasión, descomposición, desfiguración...

28 Saco Arce recoñece a Sarmiento como unha autoridade clásica: "Solo citaré á veces, por razón de su mayor antigüedad y erudición vastísima, al ilustre P. Sarmiento, cuyas coplas gallegas, si bien en ellas no se admira un relevante mérito poético, muestran detenido estudio de nuestro dialecto" (1868: IX).

29 Francisco Mirás publicou na Imprenta de la Viúda de Compañel e Hijos *Elementos de análisis ideológico-gramatical ó La ciencia del lenguaje con aplicación á la lengua latina* (1848).

30 No prospecto da obra (Soto 1869: 326), lemos: "en Galicia se siente la necesidad de una Gramática que venga á dar á conocer las reglas de su dialecto, á fijar sus bases y á facilitar su estudio".

> y en su fin, el cielo, tiende tambien á unificar en lo posible á los pueblos en el punto de vista del lenguaje. Pero sí no puedo menos de deplorar que una de las causas que mas influyen en el hecho que me ocupa, sea el desden, el innoble menosprecio que los mismos hijos del pais arrojan sobre el habla de sus mayores, sobre esta lengua en donde los labios de sus madres hallaban las mas tiernas frases para arrullarlos en la cuna. […] Solamente los hijos de Galicia, haciéndose eco de extrañas preocupaciones, aceptando el estigma de menosprecio con que los demas quieren marcarlos, tienen á gala renegar de su lenguaje nativo, y se juzgan cultos extendiendo sobre éste el ignominioso desden que pesa sobre su hermosa region. (Saco Arce 1868: V-VI).

Este fragmento recóllese nos primeiros parágrafos do prólogo. Polo tanto, quere sinalar dende o inicio dúas ideas: a primeira, unha denuncia das teses pesimistas de darwinismo lingüístico como a enunciada por Mirás, a quen parecen escritas algunhas das frases; a segunda, a denuncia da irresponsabilidade dos galegos "que se juzgan cultos" que aldraxan o seu idioma influídos por "extrañas preocupaciones" que, polo tanto, supoñen un desprezo ás nais (argumento emotivo-sentimental) e a Galiza (argumento identitario). No mesmo limiar, lemos máis adiante: "No os desdeñeis de emplearlo alguna que otra vez en vuestras composiciones literarias; ni mucho menos tiña vuestras mejillas por expresaros en la lengua de vuestros abuelos, el imbécil rubor del miserable que se avergüenza de su patria" (1868: VI). Duros reproches contra os que practican unha actitude pusilánime ante a realidade lingüística do país.

O argumento de Saco prosegue agora coa consideración da lingua como un elemento esencial na identidade nacional:

> Hay entre los pueblos y sus idiomas una tan íntima y necesaria conexion, que el descrédito ó la estimacion de los unos recae inevitablemente sobre los otros. Honrar por tanto y enaltecer una lengua, es honrar y dar prestigio al pueblo que en ella expresa sus conceptos. Hijos de Galicia, honrad pues y cultivad vuestro dialecto: estudiadlo y aprended á conocer su mérito para estimarlo en su justo valor (1868: VI).

Tras estas palabras, Saco sente a necesidade de aclarar a súa intención ante potenciais críticas políticas. Unha explicación que revela un estado de opinión sociopolítico en Galiza. O autor expón que non ten como inimigo o "majestuoso idioma castellano" nin o propósito de "sembrar rivalidades entre provincias". É dicir, hai un recoñecemento implícito de que a normalización da lingua e da literatura é visto, en determinados sectores, como un ataque ao castelán e como un

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

mascarón de proa dun proxecto provincialista emancipador, visión sostida por Emilia Pardo Bazán.

Exactamente esta mesma matinación aparecerá no prólogo aos *Versos en dialecto gallego* de Pérez Ballesteros. O presbítero gaba a literatura portuguesa á vez que refuga o intento de España por asimilar o país veciño, que segundo el implicaría a decadencia da lingua e literatura lusa. Pero, de novo, preocupado pola interpretación das súas verbas, esclarece:

> No se colija de esto que para el territorio gallego quisiera yo idéntico porvenir, ni que sea mi sueño de oro su independencia política. Léjos de mi ánimo toda idea de separación, toda idea que tienda a destrozar esa hermosa unidad realizada a costa de ocho siglos de sangre y victorias. Mi aspiración se limita á que Galicia adquiera con el amor de su lengua el amor de sí propia, y el sentimiento y la conviccion de su importancia, tan poderosos para estimularla á marchar activamente por el camino del progreso, y para hacerse valer y respetar así de sus hermanas las demás provincias (Pérez 1878: XII).

No remate do prólogo da *Gramática gallega*, outro lugar destacado na estrutura do texto, informa sobre dous obxectivos marcados coa edición da gramática: un, divulgar o coñecemento do galego para que "aprendan á amarla, ó á lo menos á no vilipendiarla"; dous, que os estudos filolóxicos sirvan para "rendir, en fin, á los pies de mi querida pátria, la noble y poco venturosa Galicia, un homenaje de cariño y gratitud".

Dende o punto de vista que adoptamos, a gramática de Saco Arce é un remo máis para avanzar no desenvolvemento de Galiza en termos de progreso intelectual e de filiación do pobo coa súa patria por medio da lingua, entendida esta como principal elemento de identidade. A oración coa cal pecha o prólogo é elocuente ao respecto: "hora es ya de que Galicia tenga su gramática, si en algo hemos de estimarnos".

O apéndice desta gramática, dividido en dúas partes, ofrece outra información obxecto de análise. Trátase dun apartado dedicado aos refráns e outro dedicado á creación literaria. Esta última inclusión responde á intención de lexitimar a información gramatical tomada da fala popular por medio de poesías en lingua galega. Polo tanto, conxugar a tradición oral cunha incipiente creación literaria culta como unha estratexia que procura abrillantar o galego popular (porque "no tiene la fortuna de poseer una de esas literaturas que dan fijeza, brillo e importancia á los idiomas"), fixar na escrita un modelo de lingua e retrucar posibles argumentos clasistas que identifican vulgarismos ou barbarismos coa fala do pobo.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Para calquera escolma precísase facer unha criba: que autores e que textos se escollen? Este punto interesa porque na decisión revela unha percepción da literatura e unha opción ideolóxica.

No caso que nos afecta, clasificaremos todos os poemas incluídos por Saco Arce a partir de tres criterios: estético-popular, que son os poemas de maior logro literario e importante difusión social ("Adiós ríos", de Rosalía; "Campana de Anllóns", de Eduardo Pondal; e "O desconsolo" máis "Nai chorosa", de Alberto Camino); o ideolóxico, que responden ao seu esquema de ideas sociais e políticas ("A noite de Navidá", de Luis Corral; "Miña Santa Margarida", de Rosalía; "Á Real familia en Santiago" e "A vida do campo", de José García Mosquera; "Á boa memoria d'Azara", de Vicente María Feijoo Montenegro); e o paisaxístico, onde se exaltan e literaturizan espazos naturais ("A Pontevedra", de Xoán Manuel Pintos; e "A fonte do Pico Sagro", de Marcial Valladares").

En certa maneira, estes criterios de escolma (onde chama a atención a ausencia de Francisco Añón[31]) concordan co tipo de creación literaria que nos ofrece no seu libro *Poesías*, publicado pola imprenta de Gregorio Rionegro Lozano en 1878[32].

O poemario organízase en tres unidades ("Poesías varias", "Poesías místicas" e "Poesías gallegas") que coinciden á súa vez con tres períodos temporais (1855-61; 1860-1872; e 1867-1875, respectivamente). No primeiro grupo atopamos textos nos cales a temática xira arredor da natureza (flores, paxaros, regueiros) e familia (pai e nai). Cómpre indicar que entre os poemas dedicados aparecen os nomes de Teodosio Vesteiro Torres (datado en 1858), Valentín Lamas Cavajal (datado en 1859) e José Rodríguez Seoane (datado en 1860). No segundo grupo recóllense os sentimentos cristiáns (inquedanza, ansiedade, suspiro, xugo, pregaria, arrepentimento...) canda os dedicados a Deus, a Virxe e a Xesucristo. É no terceiro grupo onde paga a pena deterse. Primeiro, porque algúns son poemas seus en castelán traducidos ao galego; segundo, porque traduce dende o latín oracións relixiosas; e terceiro, porque é moi interesante a recepción e crítica pública desta poesía relixiosa.

31 Porén, no artigo de 1876 inclúeo dentro da nómina dos escritores rexurdimentistas en lingua galega.

32 O tomo superou a censura: "Por lo que á Nos toca, concedemos licencia para que pueda imprimirse y publicarse este tomo de Poesías, escrito por D. Juan Antonio Saco Arce, Presbítero, Catedrático de este Instituto provincial, mediante que de nuestra órden ha sido examinado y no contiene, según la censura, cosa alguna contraria á la fe y sana moral. Lo acordó y firma S. S. I. el Obispo mi Señor de que certifico, Cesáreo Obispo de Orense. Por mandado de S. S. I., Lic. Juan Soldevila, Canónigo Srio".

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Os xornais como *Faro de Vigo*[33], *El Diario de Santiago*[34] ou *El Diario de Lugo* fan unha lectura pouco amable do conxunto do tomo poético de Saco Arce. Entre os argumentos expostos critícase o fallido intento de imitar a poética de Frei Luís de León ou Santa Teresa. No xornal lucense lemos a seguinte anotación, que coidamos corresponde á pluma de Aureliano Pereira:

> Es el Sr. Saco un excelente retórico, un cantor dulce y amable, de inspiración tranquila –si la expresión es permitida–; y aunque, por punto general, maneja bien el idioma y todas sus poesías están correctamente escritas, falta calor á sus producciones, grandiosidad de imágenes, fuego en la expresión. La imaginación del poeta tiene las alas muy cortas, es poco atrevida, y, a pesar de que la lectura de sus poesías es consoladora, porque todas ellas están impregnadas de la santa fé cristiana y respiran creencias y esperanzas, el conjunto resulta monótono y su misma dulzura las hace un poco empalagosas. (*El Diario de Lugo* 7/VI/1878).

Esta mala recepción contrarrestouse, por parte dos mesmos críticos en cadanseu artigo, coa boa crítica ofrecida á poesía relixiosa en lingua galega: "Muy dignas de especial mención son las *poesías gallegas* que dicho tomo contiene, así las traducidas como las originales, y ellas solas bastarían para que se reconociese a su autor un mérito envidiable". Nas citadas recensións ofrécese a lectura negativa da poesía en castelán e a lectura positiva da poesía en galego (hiperconciencia)[35]. Efectivamente, se na primeira parte pesa máis unha opinión de tipo estético-literario, na segunda pesa máis unha opinión político-lingüística. Isto tamén expresa a diferenza entre o campo literario español e o campo literario galego, en canto este está en proceso de construción e amosa a súa heteronomía.

Porén, outra prensa sairá na axuda do poemario: *La Concordia* de Vigo, *La Fe* de Madrid ou *Revista Popular*, de Barcelona. Por suposto, *El Heraldo Gallego* tamén se sumou a esta defensa cun primeiro artigo asinado por Luís Martínez (1878) e

33 *Faro de Vigo* (1/VI/1878). Lemos, na recensión asinada por R. y E.: "vuélvense las hojas con cansancio, si bien no con disgusto. […] Ni concisos ni tampoco fluidos los pensamientos y la idea, mueren sin eco dentro del alma […]. Si hubiese calor, fuego o vida en las poesías del Sr. Saco aviados iban á quedarse los lectores de ellas; nacerian salamandras de entre ese fuego capaces de darle miedo á las mismas musas. […] Le falta atractivo, inspiración, sentimiento; le falta poesía en la poesía misma".

34 *El Diario de Santiago*, núm. 1738 (24/V/1878). Lemos: "La obra del poeta es hermosa retoricamente hablando; pero no conquistará sin embargo grandes simpatías ni será leída por muchos con dulces lágrimas en los ojos". Tamén se critica erros ortográficos: "No debe incurrir en tales incorrecciones un gramático".

35 A hiperconciencia é unha actitude por parte de lectores e críticos galegos ante os produtos culturais elaborados dentro do propio campo. O produto cultural é valorado positivamente polo significado político da lingua e pola importancia da defensa da tradición literaria nun contexto de precariedade do campo literario.

despois por outro asinado por Emilia Pardo Bazán (1878). Deteñámonos neste segundo.

Nesta altura de 1878 a escritora de *Los pazos de Ulloa* aínda estaba atoutiñando a esfera pública literaria. Non adquirira o papel público que anos despois tería. Pénsese que non publicara ningunha das súas grandes novelas ou relatos. Pola contra, en Ourense era recoñecida polo grupo provincialista a partir do ensaio gañador dedicado ao P. Feijoo e publicado en 1877.

A recensión, baixo o título de "Un libro reciente", é un dispendio de gabanzas e loas á lírica de Saco Arce. Pero, e isto é realmente o suxestivo con respecto ao campo literario galego, os eloxios recaen sobre a poesía escrita en castelán. Leamos:

> Si se exceptuan dos ó tres poesías, como *Dios*, ó *Las ruinas del convento*, en que el cantor desahoga la amargura que le causa el espectáculo de una sociedad indiferente y de una ciencia blasfema, todo el volúmen no es sino un puro himno, un diálogo á solas entre la criatura y el Creador. [...] Muchas condiciones avaloran el nuevo retoño. Corrección de lenguaje; extremada pulcritud y esmero en el vaciado de la idea; buen sentido en la elección de las imágenes, alma y calor en la expresión de las creencias. Armonioso, fluido y fácil […] el númen del Sr. Saco es siempre fértil y galano, siempre ajustado á las mejores tradiciones de la métrica castellana.

E, pola contra, a obxección de Pardo Bazán ás poesías de Saco Arce recae precisamente nos poemas escritos en lingua galega, como podemos ler:

> No ocultaré tampoco cuán infructuosas –aunque loables– me parecen las tentativas de desarrollar temas abstractos y de las gigantes proporciones del salmo *Miserere*, en el dialecto gallego, mas á propósito para la nota concreta, viva, pintoresca, sentida á veces, ingénua y natural siempre, y popular en suma.

Polo tanto, observamos que as valoracións das *Poesías* de Saco Arce son contrapostas entre dous sectores que diverxen na súa concepción da literatura galega. Á vez, se Aureliano Pereira emprega criterios político-lingüísticos, é evidente que a crítica negativa de Pardo Bazán tamén responde a un criterio político-lingüístico que é a desconsideración da lingua galega para tratar determinados temas.

Mais hai outro aspecto digno de mención porque tamén expresa a distinta percepción que Emilia Pardo Bazán ten de dúas linguas de nacións periféricas: o galego é visto como dialecto fronte ao catalán que é visto como lingua. Por iso exalta a poesía relixiosa de Mosén Verdaguer: "hay que admirar los *Idilis* y

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Cants mistichs, librito delicioso, que traduce los más puros y encendidos afectos del alma" (1888: 45).

Emilia Pardo Bazán presenta unha comparativa desvalorizadora entre o Rexurdimento e a *Renaixença*. Esta tese é unha nota constante no discurso de 1885 onde promociona autores, editores, proxección exterior, prensa, xogos florais... os cales contrapón coa feble situación da literatura galega pero non cun sentido construtivo, na medida en que Cataluña poida servir como modelo, senón precisamente para rebaixar os azos ou recortar os propósitos que tiña o Rexurdimento, cando non o escarnio.

Pola contra, xusto nunha actitude contraria, Saco Arce describe, no prólogo ao libro de versos de Pérez Ballesteros, Cataluña como "ilustre ejemplo" e engade en relación á *Renaixença*:

> Análoga restauracion se viene verificando, hace años, aunque en menor escala, y con interrupciones, en las fértiles provincias regadas por las apacibles corrientes del Miño. Iniciada por Camino, Añon, Pintos y Mosquera; continuada más tarde con feliz éxito por la autora de los *Cantares gallegos* y D. Eduardo Pondal, y en la actualidad por jóvenes entusiastas, como el infatigable director de *El Heraldo Gallego* y el laureado vate de *Nuestra Señora del Cristal*, promete aún brillantes dias para nuestra lengua, ántes que el espíritu unificador de la moderna cultura, acabe, si es posible, de desorganizarla y de hundirla para siempre en el panteón de las lenguas que ya fueron. (1878: VIII-IX).

Emilia Pardo Bazán e Saco Arce deberon manter unha correcta relación[36], á vista dos escritos que manexamos. Cómpre lembrar que o latinista foi o presidente do tribunal do certame dedicado ao P. Feijoo e quen despois prologa o ensaio gañador de Emilia Pardo Bazán. Nese proemio lemos: "La señora Pardo Bazán es una de las más fundadas esperanzas de nuestra patria" (1877: 15).

Emporiso non é menos certo que entre eles había unha notoria diverxencia sobre a función e o futuro da lingua galega. Neste punto quixeramos contrapor algunhas ideas que presentan unha e outro porque das conclusións que cada quen saca se denota unha actitude ou posición ante o campo literario galego en obras.

No xa mencionado discurso de 1885 na Coruña (entón xa gañara un posto nas letras españolas), Emilia Pardo Bazán bota man dos escritos en castelán de Nicomedes Pastor Díaz (considerado polo rexurdimentistas un dos poetas precursores

36 Na *Revista de Galicia*, dirixida por Emilia Pardo Bazán, anúncianse as obras de Saco Arce. Ademais, a escritora presidirá o certame literario celebrado en Ourense co gallo da erección da estatua ao Padre Feijoo e que coincide coa colocación de lápidas conmemorativas nas casas onde residiron García Mosquera e Saco Arce. Véxase *Faro de Vigo* (31/VII/1887).

tras o uso do galego en dúas poesías) para soster que a literatura galega "es la que tiene aquí raíces en el corazón, la que se aprende de memoria" (1888: 6). Polo tanto, o criterio temático ou da "alma nacional" prevalece por riba do lingüístico. Máis adiante, mantendo unha continuada distinción entre "el castellano nuestro verdadero idioma" ou "lengua patria" fronte ao "dialecto" ou "lenguaje", a escritora explicita o seu rexeitamento a "lo que en terreno político representa la literatura regional" (1888: 9) e as súas dúbidas sobre o propio futuro do galego: "El impulso inevitable de toda nacionalidad á extinguir los dialectos y á que prevalezca el más perfecto y general de entre ellos, que constituye la lengua patria". Para abundar máis, Pardo Bazán (1888: 10) conclúe:

> ¡Desdichada mil veces la lengua que carece de la consagración literaria! Por ilustre que sea su origen, al cabo vendrá á convertirse en el aullido inarticulado de la fiera, en el grito salvaje del mísero labriego que habla á su yunta de bueyes poco más racionalmente de lo que ellos podrían contestarle.

No capítulo dedicado a Valentín Lamas Carvajal, recollido tamén neste tomo *De mi tierra*, volve incidir na mesma idea sobre a literatura galega, que debe "de ser principalmente muy quejumbroso y triste, aunque sin amarguras ni rebeliones", e sobre o galego "lengua arcaica, detenida y paralizada en mitad de su desarrollo, conservada y usada solamente por gente campesina" que ten "como único modelo propio, frías canciones de trovadores, que nunca conoció la musa popular" (1888: 55). Ademais destaca da poesía de Lamas a súa "alma femenil, resignada y *saudosa*" que exemplifica ben aos labregos xa que os versos deben parecer "pensados y sentidos por un aldeano" que non por "el escritor urbano, que lee periódicos y discute en café" (1888: 59).

Esta perspectiva é retrucada nas palabras introdutorias á *Literatura popular de Galicia*. O prexuízo de ser o galego un idioma reservado para analfabetos e desposuído de valor histórico-cultural, o cal vén favorecer as teses proclives á súa extinción a prol do castelán, é criticado por Saco Arce:

> Esta clase de consejas y leyendas, miradas no ha mucho con el menosprecio que los adultos dispensan a los juegos y bagatelas de la infancia, son hoy día estimadas como joyas de gran valor por los más sabios literatos e historiadores, que no solamente descubren en ellos mineros de poesía completa original y diferente de la poesía convencional de los eruditos, sino además excelentes datos para la historia y en particular para conocer el origen y el carácter de los pueblos (Saco Arce 1987: 239).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Como podemos cotexar co que en anteriores páxinas diciamos do concepto de lingua en Saco Arce, as posturas son antagónicas. Na serie de artigos publicados en *El Heraldo Gallego* baixo o título "Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes" (1876a), descubrimos unha batería de argumentos a prol do uso do galego, o fomento do seu cultivo literario e un ataque contra as aldraxes efectuadas dende fóra e, con maior rotundidade, dende dentro.

Precisamente, contra esa idea aludida antes por Pardo Bazán, na cal o galego é lingua recluída ao espazo rústico, responde con vehemencia Saco cando critica "esta mania á acreditar la opinión de que el gallego es sólo á propósito para la expresión de sentimientos bajos y groseros, y que solo puede dignamente ponerse en zafios y rústicos labios".

Por outra parte, Saco comeza este artigo seriado da seguinte maneira:

> Bajo el peso del innoble y humillante desdén, con que los hijos de Galicia miran cuanto á su hermoso é infortunado país concierne; y á causa de la invasión sin cesar creciente del idioma castellano, único ya casi que se oye resonar en las conversaciones de los que en nuestras ciudades presumen de cultos, nuestro flexible y expresivo dialecto va poco á poco desapareciendo del trato social. Medio desterrado de las poblaciones de más importancia. (1876a: 3).

Novamente, unhas palabras que chocan coa lectura de Pardo Bazán en, cando menos, dous asuntos: a denuncia da "invasión" do castelán (ela valoraba así o contacto: "con ser hoy el castellano nuestro verdadero idioma, siempre sentimos la proximidad del dialecto, que lo ablanda con su calor de hogar, que modifica el acento y la pronunciación, que impone el giro, el modismo, el diminutivo; que, en suma, comunica perfume campesino y agreste al habla majestosa de Castilla", 1888: 8); e a redución paulatina de galegofalantes nas áreas urbanas que levará o galego a conservarse en "escondidos valles y poco frecuentadas montañas" á vez que "desdeñada hoy de aristocráticos pedantes"[37] (ela xebra as áreas rurais das urbanas, o campesiño do "home culto" que le xornais e toma café e os espazos correspondentes para cada lingua).

O contacto lingüístico é unha das obsesións de Saco Arce ("nunca será excesivo el esmero que en este punto se ponga", "Urge, urge poner sin demora un dique á este mal" que "acelera la desaparición de nuestro hermoso dialecto")[38] e

37 É interesante que esta diminución e *guetización* do galego responde, segundo Saco, ao "refinamiento de la civilización moderna". Un parecer que abre unha liña de análise con respecto á súa ideoloxía conservadora e o papel que dende esta perspectiva ofrece á cultura e lingua do país.

38 En todo caso tamén cede un espazo á incorporación de estranxeirismos léxicos "siempre que no se olvide de darles el aire y estructura de su dialecto" como solución lingüística aos avances e transformacións acontecidas no XIX.

centra estes artigos en *El Heraldo Gallego* para "señalar los defectos que más visiblemente empañan el resplandor de sus bellezas".

O filólogo, contrariado pola perda do galego ("decae y corre á su ruina"), atopa no rexurdimento literario unha esperanza posto que "surge con admirable y expontáneo brio nuestra provincial literatura". Esta creación literaria, como dixemos antes, enténdea non só como unha contribución escritural (o que el chama "perpetuar por medio de los monumentos literarios ese bello lenguaje"), senón como un material de lexitimación do uso do galego popular como modelo para a gramática e os dicionarios (que el reclama galego-castelán / castelán-galego).

Polo tanto, "siéntese indudablemente cierto afán de despertar á Galicia del prolongado letargo en que yace" grazas, nesta ocasión, ao uso do galego nas prácticas literarias. É evidente, unha vez máis, que Saco Arce identifica o galego como a "alma da nación" que fai "vibrar en el pecho la cuerda del patriotismo". Se Galiza esperta como pobo con identidade de seu é, en certa medida, porque defende, usa, promove e cultiva a lingua galega.

Ademais, na seguinte liña critica a indiferenza "de los hombres políticos que con tan 'estéril abundancia' brotan del suelo gallego" en relación aos seus deberes coa *terra nai*. Ante ese baleiro, Saco Arce outorga o papel protagonista do renacer galego á poesía nun código de xerarquización de xéneros literarios que ten relación coa valoración que fai o romanticismo sobre este tema. Mais na reflexión o autor comprende que a responsabilidade do Rexurdimento é primeiramente dos políticos e que por mor desta orfandade, e sen institucións propias, ten que ser a *intelligentsia* quen asuma esta responsabilidade.

No artigo preséntanos unha relación de nomes de poetas en lingua galega chamados a salvar o galego "de prematura descomposición" e de colocar Galiza nun "lugar no despreciable en la historia de la literatura" universal. Mais volve indicar outra idea que choca coas expostas por Pardo Bazán. Neste caso cando salienta da obra de Alberto Camino que "nuestra nativa lengua" se acomoda "á los asuntos elegíacos"; ou de Pondal, "que ha ensayado comunicarle la entonación épica". Polo cal, o galego é unha lingua válida para as diversas manifestacións épicas ou elexíacas; logo nega esa visión limitadora do galego á escola paisaxística e sentimental.

Finalmente, Saco Arce lanza algunhas reflexións sobre a creación literaria en galego. Estas cavilacións do presbítero son mostra da atención lingüístico-literaria que presta ao Rexurdimento. Por un lado, distingue con lucidez a utilidade do "coñecemento profundo" dunha lingua e a habelencia ou virtude da creación estritamente literaria; é dicir, o seu valor limpo a nivel artístico que el entende vencellado á "encantadora naturalidad de su lenguaje". Un punto de vista brillante na medida en que o campo literario galego está en formación. Nas súas propias palabras: "No consiste el conocimiento profundo de una lengua sólo en tener

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

la memoria atestada de palabras, sino en el oportuno empleo de ellas, escogiendo las más propias para las ideas que se intenta expresar, y para el género y tono de la obra literaria".

Nesta mesma liña, advirte: "Observo tambien que no raras veces desluce las producciones de nuestros poetas, y es el mezclar las expresiones propias del lenguaje familiar con las del elevado, las festivas con las sérias". Polo tanto, xebra unha linguaxe culta da popular; marca dous rexistros segundo a ocasión e a intención pero sen que isto supoña un demérito para a lingua falada polas clases populares.

Asemade expón outra análise crítica sobre a propia produción dos escritores en galego que, novamente, ten o seu aquel polo que indica a respecto dunha tendencia dentro da literatura provincial e, ademais, polo que implica a súa abundancia como recurso reiterativo para o cadramento das rimas:

> Terminaré estas desaliñadas consideraciones, llamando la atención sobre el abuso que con frecuencia se hace de los nombres diminutivos. […] ¿Será justo por esto [refírese ao uso que fixo Rosalía en *Cantares*] prodigarlos en demasía, cual observo lo ejecutan algunos de los más distinguidos cultivadores de nuestra poesía provincial? No se eche en olvido que tales palabras son propias del estilo familiar, y que no puede sentar bien la profusión de ellas en obras de elevado carácter. ¡Qué frecuente es además verlas desempeñar el papel de ripios, destinadas únicamente á llenar la medida del verso, o á ocupar el hueco de un consonante buscado con inútil afán! (1876a:18).

Para rematar con este asunto vén a conto traer estoutra matinación tomada de *Literatura popular de Galicia*. Desta volta, Saco Arce cita casos de creación literaria culta a partir de poesía popular realizados na literatura española (cita Duque de Rivas, Antonio Trueba e Ventura Ruiz Aguilera) como forma de lexitimar a literatura popular feita en lingua galega (cita Francisco Añón, Valentín Lamas Carvajal e Rosalía de Castro) e demostrando que a alta literatura tamén se pode acadar tendo como modelo o pobo. Leamos o anaco referido:

> Pondremos término a estas consideraciones, haciendo observar que, a consecuencia del entusiasmo con que en este siglo se han hecho estudios e investigaciones sobre la poesía popular en casi todas las naciones, atribuyéndose a esta grande importancia, muchos poetas han ensayado imitarla en sus diversas formas de baladas, canciones, romances, coplas... […]. Pero, aunque sean populares por la forma o el argumento, no lo son en el sentido de que el pueblo se las haya apropiado, las canciones de estos poetas, cuya voz no ha logrado penetrar hasta él. Tampoco en Galicia han faltado poetas entusiastas que han

> celebrado las costumbres y uso de las aldeas, distinguiéndose entre ellos Añón, doña Rosalía Castro y Lamas Carvajal; mas a pesar de su mérito indisputable, su voz se ha perdido también en los círculos de la gente erudita, no habiendo alcanzado eco en las clases populares (Saco Arce 1987: 49).

O interesante está na incapacidade da literatura galega de popularizar e divulgar a súa obra entre as clases populares. Hai un divorcio entre a *intelligentsia* rexurdimentista que aspira a representar a cultura e arte populares pero que non é recoñecido polo pobo nin penetra nas casas labregas ou mariñeiras. Con certeza, o acompañamento musical e aparición dos coros e orfeóns (que son expresións do Rexurdimento musical da man de compositores como Montes, Veiga ou Chané) no cuarto final do século XIX axudaron na difusión das cantigas literarias.

Todo o traballo filolóxico e literario de Saco Arce está destinado a evitar o "reemplazo" do galego polo castelán, como advirte en *El Heraldo Gallego*[39]. Mais esta tarefa inclúe un substrato político (provincialista) na medida en que a defensa da lingua correspóndese coa defensa da "alma da nación". En consecuencia, os pobos que manteñan unha cultura coa lingua por bandeira, evitarán a súa desaparición como tales. Por iso, na introdución do libro inédito *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos* (editado postumamente)[40], escribe:

> Un movimiento general de absorción se advierte hace tiempo en las naciones con respecto a sus provincias, en las cuales va desapareciendo o transformándose lentamente los trajes, la música, los usos, el lenguaje y todo lo que contribuía a caracterizar cada raza. El espíritu nivelador del siglo, sin alcanzar cuánto realce da la variedad a la hermosura, y cuánto ayuda a perpetuar el primitivo vigor de una raza y su amor a la independencia la conservación de sus antiguos hábitos y costumbres, todo lo trastorna, todo lo confunde, aspirando a unificarlo todo (Saco Arce 1987: 33).

Fronte a esta tendencia do seu tempo, que el liga ao avance da modernidade (algo que el entende pernicioso para as culturas), reivindica a conduta tamén

39 "De suerte que si los buenos hijos del país no trabajan por atajar esta creciente descomposición de su lengua, si no se disipa esa vergonzosa preocupación que nos hace ruborizarnos de hablar con pureza el lenguaje de nuestros abuelos, no tardará en alzarse sobre las ruinas del legítimo gallego tradicional, un gallego macarrónico, una informe jerga que servirá de transición entre el lenguaje de nuestros antepasados y el de Castilla que aspira á reemplazarlo". (1876a: 9).

40 Sobre o proceso de edición e publicación, véxase Saco Cid (1987: 7-31). Cómpre lembrar que os traballos de recompilación folclórica tiñan precedentes en, por exemplo, Marcial del Adalid (introdutor do romanticismo musical no Estado español) que escribiu *Cantos populares gallegos* (1877).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

presente nesa altura de "estudiar todo lo que a costumbres y al modo de vivir de cada pueblo se refiere. Sabios filólogos se consagran con amor al análisis de dialectos vulgares, hasta aquí mirados con menosprecio". Saco é consciente de que é testemuña do renacer dunha tendencia a poñer en valor o propio, a recuperar e protexer o folclore[41]. Mais non coa visión que Pardo Bazán e acólitos, propoñen para a *Asociación del Folk-Lore Gallego*, onde a cultura galega é vista como un elemento de "museo" e non de revitalización ou conservación viva na xente, xa que concibían que o mantemento da cultura galega era un síntoma contrario á "civilización".

Este libro inédito preséntase como un "servicio a nuestra querida patria". Así, Saco Arce pretende coa recompilación e recolleita da tradición popular galega ofrecer un novo monumento da lingua galega, desta volta como manifestación popular e non como obxecto de estudo filolóxico. En todo caso, son libros complementarios xa que, ao final, ofrece un estudo gramatical, unha escolma de literatura culta e unha recolleita de produción popular.

Non pode pasar desapercibido o argumentario que ofrece: a existencia de cantos populares, "fruto espontáneo […] de la imaginación y el sentimiento", procede dende os primeiros pobos e se corresponde coa cultura grega. En consecuencia, fronte ao tópico das culturas populares periféricas entendidas como expresións vulgares, bastas e groseiras, Saco Arce incorpora a tradición clásica para desterrar ese prexuízo.

Engade que a produción de coplas galegas de tipo "festivo y picaresco" son moi superiores ás de "amarguras y quejas", tratando así de romper co tópico da visión exclusivamente melancólica do pobo galego, como Pardo Bazán e outros o caracterizaran: "no es el sentimentalismo la cualidad preponderante en nuestra poesía popular; antes bien tiende juguetona a explayarse con desenfado por el alegre campo de la risa y de la sátira". Hai, pois, máis tradición de escarnio e maldicer ca de amor.

Neste tomo comprobamos as posicións éticas de Saco a partir de tres cuestións. A primeira, cando subliña a importancia dos chamados *cantares de reises*, que teñen como fin "conmemorar el celestial origen del cristianismo" e que supoñen a "fuente principal de la poesía religiosa en Galicia"; a segunda, cando desbota da recolleita aquelas coplas "de sabor marcadamente impío", "cantares eróticos" ou

41 Non resulta un dato menor que a carón dos folcloristas cataláns, vascos e españois, cite a tres portugueses: Garret, Braga e Coelho. Coidamos que a influencia dos estudos folclóricos portugueses foi notable. De feito, o libro titulado *Cancioneiro popular gallego* (1885-86), de José Pérez Ballesteros (amigo de Saco Arce), ten como modelo o *Romanceiro geral* (1867) de Theófilo Braga, quen prologa o citado traballo. Asemade cómpre lembrar que este cancioneiro de Pérez Ballesteros forma parte da *Biblioteca de las Tradiciones Populares Españolas*, dirixida por Antonio Machado Álvarez.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que "lastiman el pudor"; e a terceira, cando inclúe a conversión de Teodomiro, o descubrimento do corpo do Apóstolo ou a fundación do mosteiro de Conxo como temas axeitados para os romances históricos (canda a loita dos celtas no Medulio, Pardo de Cela ou as revoltas irmandiñas). Porén, e isto convén subliñalo, Saco considera que estas cantigas foron "lentamente desapareciendo, mayormente desde que el gallego dejó de ser lengua oficial de Galicia" (1987: 46).

4. CONCLUSIÓNS

Daniel Vázquez Boo, xornalista chantadino e republicano amigo de Castelar, foi alumno de Saco Arce no instituto de Auria. Co gallo do pasamento do seu mestre, escribiu:

> Parecía un monje de la Edad Media, siempre dedicado al cultivo de las ciencias y las letras, aislado, recogido, entre las turbulencias propias de la época actual, en sus libros y en su fé. La oración, el estudio y la enseñanza fueron sus únicas ocupaciones. […] En este afanoso despertar que se nota en el país gallego; en esta agitación producida por selecta pléyade de escritores, y en que se sacan á la luz del día nuestro dialecto peculiar, nuestras tradiciones, nuestros recuerdos, para vigorizarnos y fortalecernos; en este período entusiasta que se inicia y ojalá prosiga; en este afán infinito que siente Galicia por su regeneración, prenda segura de que pronto la obtendrá; en medio de esta titánica lucha por salir de la postración y la inercia, ocupaba Saco y Arce uno de los primeros lugares entre los combatientes. (1881: [4]).

Este apuntamento, pouco coñecido pero máis realista có misterioso retrato-interpretación que Vicente Risco escribiu na revista *Nós*, abre o apartado de conclusións no cal queremos subliñar que a contribución de Saco Arce vai alén da *Gramática gallega*. Precisamente porque na atención ao corpus de textos silenciados ou desatendidos polos estudos académicos atopamos claves para explicar e comprender no seu xusto alcance a actividade das persoas e a complexidade do momento.

Os estudos socioculturais galegos precisan afastarse dunha investigación estritamente filolóxica e incorporar perspectivas sociolóxicas. Desbotamos, pois, as teses imanentistas. Polo tanto, na nosa opinión, os escritos están sometidos ás condicións materiais de produción e recepción, á especificidade sociohistórica do período concreto e ás relacións do ámbito literario. Obviar estas condicións obxectivas ofrecería unha lectura trucada ou amputada do produto cultural. En relación con isto, e a partir da teoría dos discursos sociais, González-Millán (1998: 14) comenta que se

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> debe incluír o estudio dos procesos e comportamentos discursivos que interveñen na produción e interpretación textual, o das súas condicións sociais e dos seus efectos, sempre nun marco situacional, institucional e social. Só un horizonte de intelección semellante, no que os discursos son estudiados simultánea e conxuntamente como instrumentos de configuración de identidades sociais, como institucións eficaces na producción e reproducción de relacións sociais, e como formas ideacionais para representar e apropiar a realidade, pode responder aos múltiples desafíos conceptuais e heurísticos polo fenómeno nacionalitario.

Por outra parte, a prensa é vista normalmente como un bebedeiro informativo. Dende hai anos reclámase a atención da prensa como obxecto de estudo. Seguindo este fío, a análise de xornais como *El País*, *El Orensano* ou *El Heraldo Gallego* permitiría trazar mellor o período de formación e consolidación da literatura e dos estudos filolóxicos de Saco Arce, así como as relacións sociais establecidas en círculos formais ou informais. En definitiva, un xornal é un espazo privilexiado de aprobación/refutación pública do poder dominante e de produción discursiva que contén funcións cohesivas, lexitimadoras, canonizadoras, xerarquizadoras e institucionalizadoras.

A carón da prensa está o círculo social que se expresa publicamente por medio das páxinas xornalísticas, ben sexa a través do editorial ou a través da columna de opinión de redactores e colaboradores frecuentes. Pero, ademais, o estudo da sociabilidade (formal e informal) sérvenos para un mellor coñecemento da composición dos contraespazos públicos que se caracterizan polo conflito, a feble institucionalización e a composición heteroxénea.

A relación con Murguía, as críticas ao avance da modernidade ou a relevancia outorgada á relixión católica como guía fundamental da súa vida son exemplos das diferenzas existentes no seo do grupo. Polo tanto, a inevitable heteroxeneidade do Rexurdimento obríganos a realizar interpretacións ou lecturas complexas durante as cales nos afastamos de marcos idealizados ou representacións uniformes. A identidade do colectivo subalterno varía conforme aos intereses das persoas (entendidas como entes constituídos social e culturalmente) que participan.

A lingua converteuse no elemento central de dignificación, análise, creación e construción nacional durante o Rexurdimento. A lectura dos discursos literario-lingüísticos como parte fundamental na conformación do imaxinario nacional colectivo outorga unha prioridade aos procesos de normalización, codificación e normativización. Non se trata apenas de editar literatura na lingua dominada e cunha temática patriótica senón que se percibe como imprescindible a publicación de dicionarios e gramáticas que lle dean ao "dialecto" un status de "lingua", á vez que serve de manual de aprendizaxe para a propia comunidade alfabetizada.

A lingua e a literatura, dentro da fase do nacionalismo literario, son pezas indispensables para a construción do discurso político-identitario de Galiza. E arredor desta mesma argumentación, González-Millán reitera que as estratexias de resistencia, debido xustamente a formas non privilexiadas historicamente, pódense expresar na literatura, nas súas diversas manifestacións/dimensións, como unha expresión de resistencia, reivindicación e artellamento do proxecto nacional (2000: 125-175).

As reflexións do filólogo ourensán verbo da presión lingüística e cultural de España son dun marcado carácter contestatario. Malia que Saco explique en varias ocasións a non intencionalidade de enfrontarse co castelán nin cuestionar a unidade de España, o certo é que precisamente na relación desigual entre o campo literario galego (en obras, subalterno) e o campo literario español (consolidado, dominante) o autor opta por posicións de resistencia, denuncia e apoloxía da lingua deostada.

Cómpre engadir a recriminación, por veces dura e agresiva, que o autor ourensán fai dos propios galegofalantes que, vítimas de prexuízos e autoxenreira, optan por mudar cara ao castelán. Lemos Saco:

> El escaso aprecio que los gallegos hacen de su lengua y la influencia del idioma oficial, no pueden menos de reflejarse lastimosamente en la poesía vulgar, lo mismo que en el dialecto. Aunque las coplas puramente gallegas son aún hoy en número incomparablemente mayor que las castellanas en este antiguo reino, no es posible desconocer una creciente propensión, desde hace años, a servirse preferentemente del idioma de Castilla, así para las coplas como para los romances. Sucede esto principalmente en las villas y en los alrededores de las poblaciones de cierta importancia. No para aquí la manía; las mismas composiciones que en su niñez aprendieron muchos en gallego, son vertidas y cantadas más adelante por ellos en lengua que juzgan más a propósito para hacer ostentación de cultura. Sufren especialmente el imperio de la moda los cantos de índole erótica, donde del deseo de lucirse ejerce mayor influjo. (1987: 48).

A lingua é a alma da nación para Saco Arce. De tal maneira que se coloca nunha posición privilexiada para ser unha ferramenta primordial no deseño do proxecto nacional. Toda a obra do presbítero diríxese a este obxectivo: dignificar a lingua para que o pobo se identifique con ela de modo que isto implique, subsidiariamente, a identificación coa nación. El mesmo escribe no prólogo aos versos de Pérez Ballesteros (1878: XI):

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> No se ocultaba á su penetración que nada contribuye tan eficazmente á mantener vivo el carácter nacional, á fortalecer el espíritu de independencia y á estrechar los vínculos de raza, como el amor que se profesa al patrio idioma. Y este amor es tanto más fuerte, cuanto mayor sea el brillo que el idioma reciba de numerosas é importantes obras literarias que lo avaloren y realcen á los ojos del pueblo, de suerte que pueda legítimamente enorgullecerse de hablarlo.

Se acollemos a meirande parte dos textos publicados (ora en formato de libro, ora en formato de artigo) de Saco Arce comprobamos que coinciden nun obxectivo: dignificar a cultura popular galega. E comeza, primeiramente, pola lingua e polas súas expresións vivas. Contos, refráns, estudos filolóxicos, poemas, traducións... todo está enfilado, por medio do idioma, cara ao abrillantamento e dignificación de Galiza. Neste sentido, escribe Thiesse (2010: 225):

> A comienzos del siglo XIX, los elementos principales de la *check-list* identitaria están claramente establecidos, lo que hace que las naciones de reciente emergencia puedan recuperar rápidamente su 'retraso'. En la mayor parte de las naciones europeas los grandes ancestros son identificados, la lengua nacional fijada, la historia nacional escrita e ilustrada, el paisaje nacional descrito y pintado, el folklore museografiado, las músicas nacionales compuestas. El resto no es más que un asunto de densificación y de vulgarización: la construcción identitaria entra desde ahora en la era de la cultura de masas.

Esta é outra das ideas que presentamos no inicio do traballo: o Rexurdimento é un produto da súa época e manéxase nas mesmas claves/intereses ca noutros países europeos, cada cal coa súa particularidade. A atención pola lingua natural, o estudo gramatical, a recompilación dos contos e cantigas populares, a preocupación polo folclore nacional... Todo está na obra de Saco Arce, todo encaixa na *check-list* citada pola profesora francesa.

En realidade, o presbítero propón unha lectura crítica da lingua popular. Isto obsérvase, por exemplo, na súa denuncia do excesivo uso do diminutivo -iño/a, na escolla purista (eliminando castelanismos e reclamando a adaptación dos estranxeirismos) ou na distinción de rexistros á hora de escoller unha ou outra forma léxica. Mais a base lingüística é sempre o galego das clases populares pois a tradición literaria era pequena e, da existente, non atopa referencias incuestionables, agás (por citar un nome) Sarmiento. Sobre isto cómpre lembrar o papel do grupo provincialista de Pontevedra á hora de rehabilitar e divulgar a obra do bieito cando Saco Arce residía na cidade do Lérez e mantiña trato con eles.

A partir desta concepción da cultura popular, promove a súa revitalización. Polo tanto, un proxecto de futuro que choca abertamente co enunciado por Pardo Bazán durante o discurso da sesión fundacional da *Asociación del Folk-Lore Gallego*, o 1 de febreiro de 1884:

> El Folk-Lore quiere recoger esas tradiciones que se pierden, esas costumbres que se olvidan y esos vestigios de remotas edades que corren peligro de desaparecer para siempre. Quiere recogerlos, no con el fin de poner otra vez en uso lo que cayó en desuso, que seria empresa insensata y superior casi á las fuerzas humanas, sino con el de archivarlos, evitar su total desaparición, conservar su memoria y formar con ellos, por decirlo así, un museo universal, donde puedan estudiar los doctos la historia completa del pasado.

Porén, Saco é consciente da necesidade de ter máis literatura en galego e iso depende só "si consagraran exclusivamente su ingenio á cultivar en prosa y verso la lengua de sus antepasados" (1987: 283) ou fomentar o galego nos Xogos Florais. De novo, no prólogo ao libro de Pérez Ballesteros (1878: IX-X), encontramos a seguinte reflexión que é antagónica á expresada por Pardo Bazán:

> Por muy eficaz protección que desde las regiones del Poder se llegue á dispensarnos (esperanza que por ahora es ilusoria), nunca será suficiente á hacer avanzar con firmeza estas rezagadas provincias por el carril del progreso, miéntras ellas no aprendan á estimarse en lo que valen, enaltecidas á sus propios ojos por el sentimiento de su dignidad, y miéntras un mismo espíritu de fraternidad no las una con fuertes lazos, alentándose y auxiliándose recíprocamente para el bien. Y ¿es por ventura indiferente para esto el cultivo y estimación del idioma provincial? ¿Puede calificarse de afan estéril y aun ridículo el patriótico empeño de ensalzar la lengua, prestándole los encantos de la armonía métrica, y esforzándose á levantar el edificio de nuestra literatura?

Por outra banda, o Rexurdimento como traballo colectivo está descoordinado e carece de obxectivos previa e claramente delimitados, presenta incoherencias e iniciativas ocasionais. Mais está unido por un proxecto amplo de dignificación, promoción e divulgación nacional que se desenvolve no marco da experiencia da subalternidade. Por iso, a orixe non está nunha previa cosmovisión, produto dun longo e demorado debate entre un público ilustrado homoxéneo, senón na confluencia de prácticas que, en varias ocasións, son o resultado da confluencia conflitiva coas forzas dominantes.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Murguía, o estratego do Rexurdimento, participa na inicial canonización de Saco Arce. O desprezo amosado pola obra de Mirás contrasta coas gabanzas e referencias á gramática do ourensán. Asemade, o polígrafo nacionalista convídao en varias ocasións a emprender o proxecto do dicionario galego.

En relación á canonización de Saco como estudoso lingüístico participan outros axentes e sucesos. Por un lado, está o grupo ourensán d'*El Heraldo Gallego* (con Lamas Carvajal á cabeza), no cal se lle ten como unha gran figura letrada polo que aparece en xurados de certames literarios (P. Feijoo ou o de Modesto Fernández). Polo outro, debemos incorporar as voces chegadas dende fóra (Milá, Machado, Laverde, *Romania*...) e, sobre todo, o feito de ser nomeado académico correspondente da RAE con tres avalistas de enorme dimensión política e literaria cando apenas tiña 35 anos.

Pero a canonización de Saco Arce como autor da gramática galega, reiterada despois da súa morte en actos como a colocación da placa na súa casa ("Aquí vivió y murió el poeta insigne don Juan Antonio Saco y Arce autor de la Gramática Gallega") ou o retrato de Mendiguchía de 1890 localizado no instituto ourensán (onde posa cun exemplar da gramática na man), implicou que o resto da súa obra se relegase a un lugar moi secundario.

Un dos asuntos máis interesantes neste período é a conformación do campo literario galego. No traballo explicamos, a partir dos escritos de Saco e Pardo Bazán, as tensións internas: se a lingua galega é o criterio delimitador ou, en troques, é o "espírito rexional"; a consideración de lingua ou dialecto, coa carga de prexuízos desta segunda opinión; a súa validez para ser lingua culta ou reducirse unicamente a expresión das clases populares; a revitalización social ou o darwinismo lingüístico; a tradición literaria coa súa recuperación ou a desvalorización histórica canda a aposta por unha literatura recluída ao paisaxismo e costumismo; a caracterización da lingua dende posicións de clase social...

Estas diverxencias entre Saco e Pardo Bazán, que reflicte un espazo de conflito no proceso de delimitación do campo literario galego, farían que o primeiro se sitúe nas coordenadas rexurdimentistas (en materia lingüística e literaria) deseñadas por Manuel Murguía[42], mais, como proba desa heteroxeneidade aludida antes no seo do grupo rexurdimentista, a nivel político-ideolóxico Saco estaba preto de Pardo Bazán e lonxe de Manuel Murguía.

Nesta altura convén recuperar o simbolismo da poesía relixiosa en galego de Saco Arce. A súa publicación foi unha mostra da validez do galego para traducir

42 En relación coa posición de Murguía, debemos pensar que os rexurdimentistas aceptan a condición subalterna que non aspira a integrarse no campo dominante. O propósito é constituír unha alternativa (o campo literario e político galegos) a partir de prácticas emerxentes e contrahexemónicas, como xa explicamos.

dende o latín textos sacros ou para compor poesía mística. Así, pois, o idioma habilitouse para asuntos de introspección, relixiosidade e filosofía que eran eidos negados por Pardo Bazán. Ogando Vázquez declamaba no discurso de ingreso na Academia Galega: "Saco e Arce foi precursor de outro rumbo da nosa lingua: seu emprego no campo relixioso e litúrxico. Il sostiña o emprego da lingua vernácula no sacramento da confesón e a sua devoción cristián e o coñecimento das Sagradas Escrituras debemos as primeiras versións de temas litúrxicos" (2016: 80).

O debate aberto a partir da súa poesía relixiosa testemuña o proceso de consolidación do criterio filolóxico como *nomos* do campo literario. Asemade, a gramática (produto elaborado á calor da lareira provincialista), é un reforzo, un arcobotante, para esa fixación do criterio filolóxico xa que certifica a existencia dunha lingua (non dialecto) cunha estrutura interna distinta do castelán con validez, nobreza e identidade.

Na nosa opinión, o factor lingüístico non é algo connatural á nación, un elemento permanente e constitutivo *per se*. Máis ben, trátase da operación interpretativa que determinados axentes realizan sobre o idioma para que este se torne nun elemento indispensable para a representación e (principal) caracterización da nación. A lingua, e a literatura por medio dela, aparece como peza da construción identitaria na medida en que un grupo de persoas lle outorgan ese valor e desenvolven unha posición teórico-política a partir da aceptación de que a lingua é unha creación da sociedade nacional.

Polo tanto, se o discurso literario-lingüístico (como discurso social) participa no desenvolvemento do fenómeno nacionalitario, faise necesario estudar dende esta óptica unha obra como a *Gramática gallega* de Saco Arce. A lingua é un instrumento privilexiado para os rexurdimentistas que están conformando un campo literario galego. Alonso Nogueira (2005) escribe: "Si la lengua es la patria, aquellos que dominen la lengua no sólo pasan a ocupar una posición destacada en las historias literarias sino que se convierten en escritores representativos, capaces de poner en papel la sangre de la nación y su obra literaria, más allá de toda valoración estrictamente estética, va a ser canonizada por su significado lingüístico y por su significado político".

Conforme con isto, a obra de Saco Arce, malia estar en castelán (incluídos os contos ou refráns do seu cancioneiro que proba o bilingüismo subalterno), ofrece todo un manual de coñecemento da lingua galega e, polo tanto, un instrumento útil para un maior coñecemento da "alma da nación". Mais este concepto, "alma da nación", era retrucado por outros autores como González Besada, precisamente cun argumento antitético do proposto por Saco:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Si el idioma es la lengua de cualquiera nación, el habla de Galicia no será idioma, pero confesemos también que no puede ser dialecto […]. Si el idioma es el lenguaje oficial de una nación también el gallego fué idioma, porque también fué nación independiente. Hoy la nación murió, pero la lengua vive y si perdió la categoría que un tiempo tuvo, no descendió tanto que pueda confundirse con esas degeneradas lenguas, faltas de vida propia, que llevan la humilde y denigrante denominación de dialectos (1887: 79-81).

Polo tanto, a consideración de lingua depende, segundo González Besada, da existencia dunha nación que se artella en estado propio independente polo que liga a consideración de lingua ou dialecto a un aspecto político-administrativo.

En síntese, a gramática de Saco transformouse nun monumento escritural e nun elemento de autoridade que combinaba o valor alegórico cunha calidade de esforzo científico non comparable nin cos traballos anteriores nin con moitos que viñeron despois da súa publicación[43]. O libro cumpriu cunha dupla función: a fundacional dos estudos filolóxicos modernos e a contribución ao Rexurdimento na medida en que sitúa o idioma como "alma da nación".

Pero o idioma ten a base nas clases populares, malia precisar de correctas escollas segundo rexistro, intención literaria ou introdución de palabras foráneas. Por esta razón, a pureza do idioma, Saco Arce foxe dos prexuízos clasistas (case sempre favorables á extinción do galego: Condesa Pardo Bazán, Marqués de Figueroa, Conde de Pallares) e das críticas sobre a consagración como norma de vulgarismos (Manuel Martínez González, Vicente Turnes) polo simple feito de seren palabras procedentes da lingua popular.

E, para rematar, o filólogo ourensán é consciente da necesidade de saír dos marcos da *intelligentsia* e posibles torres de marfil porque só na popularización da literatura e da lingua galega se pode salvar "a alma da nación". Trátase dunha conclusión brillante, inserida no seo do Rexurdimento, xa que cuestiona que a renacenza lingüístico-literaria se reduza a escritores e obras deixando de lado outros axentes sociais e, fundamentalmente, afastándose do propio pobo. De aí

43 As gabanzas á obra e as continuas alusións como "cita de autoridade" consolidaron a gramática e consagraron o autor. Isto sucedeu entre os seus contemporáneos: recensión positiva en *El Magisterio Español* (núm. 42, 10-VII-1869); recensión de Gaston Paris en *Romania* (núm. 2, 1872); Aureliano Pereira, dende *El Diario de Lugo* (núm. 75, 31-XII-1876), considera que a *regeneración* de Galiza conta xa con dúas grandes obras: *Cantares gallegos* e *Gramática gallega*; ou, noutra situación, cando Gumersindo Laverde informa a Menéndez Pelayo: "tengo para mi que no le vendrá mal estudiar la *Gramática gallega* de Saco Arce y el *Diccionario* de Valladares, para perfeccionar su obra" (carta do 2/XI/1887, dispoñible en http://www.larramendi.es/menendezpelayo/). Impresións positivas que chegaron até Vicente Risco, Paulino Pedret Casado ou Aurelio Ribalta, por non citar os estudos máis recentes ou incluso os presentados nesta xornada.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que denuncie a *guetización* do idioma ("escondidos valles y poco frecuentadas montañas"), rexeite as ideas reducionistas ("sólo a propósito" para a "expresión de sentimientos bajos y groseros") e chame á divulgación popular da literatura culta pois é no pobo, na súa conciencia e estima identitaria, onde se atopa a salvación da cultura e da nación galegas.

Ao fío vén esta reflexión de Mariño Paz (1999: 455) coa cal rematamos este traballo:

> Finalmente, Saco, en consonancia coas súas tendencias popularistas en materia de estandarización do galego, avogaba por unha ortografía o máis simplificada posible, de inclinación fonética, representadora fiel da fala popular, fácil de aprender e, por tanto, doadamente extensible ó conxunto dos cidadáns. Desde logo, quen así o pensaba non podía concibi-lo Rexurdimento do galego como un simple pasatempo erudito reservado a unha elite de intelectuais privilexiados, senón que tiña que ter moi arraigada a convicción de que o cultivo do galego debía romper con esas barreiras para chegar ó común da xente.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Agulhon, Maurice (1968): *Pénitents et francs-maçons de l'ancienne Provence: essai sur la sociabilité méridionale*. Paris: Fayard.

———— (1977): *Le cercle dans la France bourgeoise (1810-1848): étude d'une mutation de sociabilité*. Paris: Armand Colin.

Alonso Nogueira, Alejandro (2005): *Intelectuales, lenguas y dialectos en la España del siglo XIX*. New York: CUNY.

Alvarellos, Henrique [*et al.*] (2017): *Os últimos carballos do banquete de Conxo*. Santiago de Compostela: Alvarellos / Consorcio de Santiago.

Aneiros, Rosa, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Ramón Mariño Paz (2008): *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Angueira, Anxo (2013): *Das* Copras *de Sarmiento ós* Cantares *de Rosalía de Castro. Cara a unha nova periodización do Rexurdimento*. Berlín: Frank&Timme.

Balbín de Unquera, Antonio (1881): "Un filólogo gallego. Don Juan Antonio Saco y Arce", *La Ilustración Gallega Asturiana* 29, 337-338.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2009): *Historia social da Guerra da Independencia en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

———— (2012): *Murguía*. Vigo: Galaxia.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Barreiro Fernández, Xosé Ramón e Xosé Luís Axeitos (2005): *Cartas a Murguía*. Vol. II. *1868-1885*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Carballo Calero, Ricardo (1975): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.

Castro, Rosalía de (1863): *Cantares gallegos*. Vigo: Imprenta de D. J. Compañel.

Cela, Camilo (1897): "Hijos beneméritos de Galicia. Retratos á la pluma. D. José García Mosquera", *Revista Gallega* 115, 3.

Dobarro Paz, Xosé María (2000): "O nacemento dunha literatura", en Anxo Tarrío Varela (coord.), *Os séculos escuros. O século XIX*. Proxecto Galicia XXXI. A Coruña: Hércules de Ediciones, 90-109.

Dopico, Montse (2018): "Ramón Villares: Prodúcese, por veces, unha combinación pouco virtuosa entre actores politicos e culturais [Entrevista]", *Praza pública* 14/X/2018. Dispoñible en http://praza.gal/cultura/17648/ramon-villares-producese-por-veces-unha-combinacion-pouco-virtuosa-entre-actores-politicos-e-culturais/

Fernández y González, Modesto (1876): "Un nuevo certamen", *El Heraldo Gallego* 188, 274-275.

Figueroa, Antón (1988): *Diglosia e texto*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

———— (2001): *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Fortes López, Belén (2000): *Manuel Murguía e a cultura galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

González Besada, Augusto (1887): *Historia crítica de la literatura gallega*. A Coruña: Andrés Martínez.

González-Millán, Xoán (1994): "Do nacionalismo literario á literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega", *Anuario de Estudos Literarios Galegos* 1994, 67-81.

———— (1998): "O criterio filolóxico e a configuración dunha literatura nacional: achegas a un novo marco de reflexión", *Cadernos de Lingua* 17, 5-24.

———— (2000): *Resistencia cultural e diferencia histórica: a experiencia da subalternidade*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

González Seoane, Ernesto Xosé (2003): "A estandarización do léxico en Galicia: perspectiva histórica", en María Álvarez de la Granja e Ernesto Xosé González Seoane (eds.), *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, [163]-196.

Hermida, Carme (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

López, Teresa (1991): *Névoas de antano. Eco dos cancioeiros galego-portugueses no século XIX*. Santiago de Compostela: Laiovento.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Lourido, Isaac (2014): *História literária e conflito cultural. Bases para umha história sistémica da literatura na Galiza*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Mariño Paz, Ramón (1990): "Motivacións para o emprego da lingua galega na literatura política dos primeiros anos do século XX", *Grial* 105, 35-67.

———— (ed. lit.) (2012): *Papés d'emprenta condenada (II): lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Martínez, Luís (1878): "Polémica literaria", *El Heraldo Gallego* 270, 258-261.

Martínez González, Xurxo (2015): *La Oliva (1856-57). Un xornal galeguista e progresista na soleira do Rexurdimento*. Vigo: Universidade. Tese de doutoramento inédita.

———— (2017a): *Galicia ante todo: páxinas esquecidas do Rexurdimento (1840-1853)*. Santiago de Compostela: Alvarellos / Consorcio.

———— (2017b): "Do xenio nacional ao criterio filolóxico. Algúns apuntamentos sobre a literatura galega no Rexurdimento", en Teresa López, Laurence Malingret e Elías Torres (coords.), *Estudios literarios e campo cultural galego: en honra do profesor Antón Figueroa*. Santiago de Compostela: Universidade, 205-220.

Mirás, Francisco (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana* […]. Santiago: Manuel Miras.

Murguía, Manuel (1880): "Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega. Inédito del P. Fr. Martin Sarmiento (continuación)", *La Ilustración Gallega y Asturiana* 11, 137.

Ogando Vázquez, Xulio Francisco (1980 [2016]): *Tres fitos senlleiros na historiografía da lingua galega: 1768, 1868 e 1968*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en https://academia.gal/documents/10157/27090/Xulio+Ogando+Vazquez.pdf

Pardo Bazán, Emilia (1878): "Un libro reciente", *El Heraldo Gallego* 273, 282-286.

———— (1888): *De mi tierra*. A Coruña: Tipografía de la Casa de Misericordia.

Pedret Casado, Paulino (1935): "Xosé Antonio Saco Arce. Algunhas notas biográficas", *Nós* 135, 41-43.

Pena, Xose Ramón (2014): *Historia da literatura galega II. De 1853 a 1916*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Pérez Ballesteros, José (1878): *Versos en dialecto gallego y correspondencia de sus principales voces*. Madrid: P. Calleja y Compañía.

Riquer, Borja de (2001): *Escolta, Espanya. La cuestión catalana en la época liberal*. Madrid: Marcial Pons.

Risco, Vicente (1927): "Ensaios de phisiognomía: Don Xohán Antonio Saco e Arce", *Nós. Boletín mensual da cultura galega* 48, 2-4.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Rodríguez Barraza, Adriana (2008): *Identidad lingüística y nación cultural en Johann Gottfried Herder*. Madrid: Biblioteca Nueva / Ediciones de la Universidad Autónoma.

Rodríguez Seoane, José (1889): *Artículos y novelas*. La Coruña: Andrés Martínez.

Saco Arce, Juan Antonio (1858): "A un canario que oigo cantar todas las mañanas en mi calle", *El País: periódico semanal* 102, 3.

———— (1859): "A Santiago", *El Ateneo: periódico de intereses materiales, ciencias, artes y literatura* 20, 4-5.

———— (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto Freire.

———— (1876a): "Poesía gallega contemporánea (sus defectos más comunes)", *El Heraldo Gallego* 104, 3-5; 105, 9-11; 106, 17-18.

———— (1876b): "El habla gallega ¿es lengua, idioma o dialecto?", *El Heraldo Gallego* 133, 233-235.

———— (1877): "Prólogo", en *Certamen literario en conmemoración del segundo centenario del nacimiento de Fray Benito Jerónimo Feijoó autor del Teatro Crítico Universal.* Madrid: Tipografía y estereotipia Perojo, 7-15.

———— (1878): *Poesías*. Ourense: Impr. de Gregorio Rionegro Lozano.

———— (1987): *Literatura popular de Galicia: colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos.* Ourense: Deputación provincial.

Saco Cid, Juan Luis (1987): "Edición e estudio preliminar" en Saco Arce 1987: 7-49.

———— (2014): "Juan Antonio Saco y Arce (1835-1881). O compromiso coa lingua", en Jesús de Juana López, Julio Prada Rodríguez e Domingo Rodríguez Teijeiro (coords.), *Galegos de Ourense 2*. Ourense: Deputación provincial, 45-68.

Sánchez Rei, Xosé Manuel (2006): *A lingua galega no cancioneiro de Pérez Ballesteros.* Ames: Laiovento.

Saurin de la Iglesia, María Rosa (ed. lit.) (1989): *Los artículos del* Diario de Madrid *(1794-1800). Manuel Pardo de Andrade*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Sela-Shefyy, Rakefet (2017): "A transformación dun campo literario e a creación dun canon: o caso da cultura alemá de finais do século XVIII", en Teresa López, Laurence Malingret e Elías Torres (coords.), *Estudos literarios e campo cultural galego: en honra do profesor Antón Figueroa*. Santiago de Compostela: Universidade, 287-309.

Soto Freire, Manuel (1869): "Gramática Gallega por D. Juan A. Saco Arce. Prospecto", *Boletín oficial eclesiástico del Arzobispado de Santiago* 260, 326-327.

Thiesse, Anne-Marie (2010): *La creación de las identidades nacionales. Europa, siglos XVIII-XX*. Madrid: Ensenada de Ézaro.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Vázquez Boo, Daniel (1881): "Juan A. Saco y Arce", *El Diario de Lugo* 25/IX/1881, 4.
Vázquez de Parga, Manuel (1850): "Introdución", *Revista de Galicia* 1, 1-11.
Veiga Alonso, Xosé Ramón (2017): *Poder e política na Galiza vilega 1790-1833: provincias de Lugo e Mondoñedo*. Santiago de Compostela: Bolanda ediciones.
Vicenti, Alfredo (1880): "El P. Feijóo (recuerdos del segundo centenario de su natalicio)", *La Ilustración Gallega y Asturiana* 28, 352.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 419-462
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

V

Homenaxe a Samuel Eiján

Samuel Eiján. Vida, pensamento e contexto histórico dun expoñente da poesía relixiosa galega / Francisco J. Leira-Castiñeira

A poesía galega de Samuel Eiján / Armando Requeixo

O galeguismo católico. Entre o rexionalismo e o nacionalismo / / Justo Beramendi

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 465-481
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.742

SAMUEL EIJÁN. VIDA, PENSAMENTO E CONTEXTO HISTÓRICO DUN EXPOÑENTE DA POESÍA RELIXIOSA GALEGA

SAMUEL EIJÁN. LIFE, THOUGHT AND HISTORICAL CONTEXT OF AN EXPONENT OF GALICIAN RELIGIOUS POETRY

Francisco J. Leira-Castiñeira
Histagra-Universidade de Santiago de Compostela
Biblioteca Franciscana da Provincia de Santiago

Resumo: Samuel Eiján foi un prolífico escritor que defendeu o galego e a súa terra en moitas das súas publicación. Foi querido polos seu compañeiros de viaxe cultural tanto na Real Academia Galega, coma no Seminario de Estudos Galegos e pola crítica. A importancia desde persoeiro é que nos amosa un galeguismo cultural distinto, baseado na defensa do catolicismo, conservador nalgúns posicionamentos a pesares de que sempre quixo adaptarse aos novos folgos que procedían de Europa.

Abstract: Samuel Eiján was a prolific writer who defended Galician and his country in many of his publications. He was highly appreciated by his contemporaries in the Royal Galician Academy, the Seminary for Galician Studies and by criticism. However, the importance of this figure lies in his promotion of a distinctive form of cultural Galicianism, based on the defence of the Catholicism. He was a conservative in some aspects in spite of his ongoing efforts to adapt to new cultural patterns from Europe.

Palabras chave: Samuel Eiján, poesía, século XX, relixión, literatura.

Key words: Samuel Eiján, poetry, 20th century, religion, literature.

INTRODUCIÓN[1]

O contexto histórico no que vive unha persoa é fundamental para coñecer os avatares da súa vida, do seu pensamento e, no caso dos creadores de cultura, do seu estilo e contido. O período no que transcorre a experiencia vital determina que camiños poden escoller e cales lle serán máis complexos. Por este motivo, a historia na que se desenvolveu como escritor o frade franciscano Samuel Eiján resulta fundamental para comprender o porqué do contido da súa obra, do seu estilo, da súa temática, das súas metáforas. Do mesmo xeito ocorre coa súa clase social ou o colectivo ao que pertence, neste caso a unha comunidade relixiosa con moita presenza en Galicia, como é a franciscana.

Ao contextualizar a Samuel Eiján obsérvase que está inserto nun período de ampla discusión teórica e social entre o laicismo e o clericalismo, algo que está moi presente nos seus libros de prosa e ensaio. Defende o clericalismo flutuando entre o conservadorismo e a adaptación aos novos ventos que viñan desde Europa, cunha modernización da sociedade civil en todos os aspectos da vida. Non pode obviarse que é un momento, finais do século XIX e comezos do XX, de efervescencia social, política e cultural, tres aspectos que non deixou á marxe dos seus escritos para loitar polos seus ideais, e máis tendo en conta os importantes cargos que desempeñou na Orde Franciscana e en institucións culturais civís.

O presente artigo tratará de estudar a figura do académico frei Samuel Eiján Lorenzo ou *Fraysel,* principal pseudónimo co que asinou, cando o facía, Samuel Eiján, un xogo de palabras que procede de "fray" e das primeiras letras do seu nome completo. Eiján foi un prolífico escritor de comezos do século XX que cultivou a narrativa, o ensaio, o teatro e a poesía, chegando a ter no momento da súa morte máis de cen obras publicadas e unha abundante cantidade de artigos e poemas en diversos diarios e revistas, tanto relixiosas coma segrares. Foi tamén un importante intelectual do seu tempo que, por algún motivo, quedou esquecido para as seguintes xeracións, a pesares de ter sido moi ben aceptado e considerado.

O presente texto encadrase nunha xornada titulada *Lembrando a Samuel Eiján* e na publicación de *Poesía reunida*, onde se recompilan todos os libros de poesía escritos en galego por el. Unha poesía que se encadra nese momento de crecemento do galeguismo dentro do clero en Galicia, grazas aos impulsos das Irmandades da Fala ou de clérigos como Manuel Lago González, arcebispo de Santiago que formou parte da Asociación Regionalista Gallega de Manuel Murguía, auxe

1 Unha versión estendida deste traballo pode consultarse no estudo introdutorio da recolección dos seus libros de poemas publicados, editados por Francisco Leira e Armando Requeixo co título de *Samuel Eiján. Poesía reunida* (2018), no que participaron a Provincia Franciscana de Santiago, a Xunta de Galicia e a Real Academia Galega.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 465-481
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

que ten a súa crise na década dos vinte. Que esta homenaxe que lle fai a Real Academia Galega sirva para que non se esqueza a súa figura.

VIDA

Naceu un 10 de maio de 1876 en San Clodio, no municipio de Leiro, na provincia de Ourense. Desde moi novo interesouse por realizar a carreira eclesiástica e entrar no seminario. Ingresou na "pasantía de Gomariz", onde sentiu inquietudes vocacionais para o estudo. Xa desde mozo publicou os seus primeiros artigos en prensa, grazas á súa calidade narrativa. Na súa madurez recordaba este período da súa vida, a través de pequenas publicacións en *El Eco Franciscano* (Campelo 1945: 343; Soto 1963: 253). O 25 de abril de 1890 inaugurouse a Escola Seráfica de Louro e el foi un dos alumnos da primeira promoción. Eiján "tomou o hábito o 18 de outubro de 1890 a só tres días de facer os 15 anos, realizou a profesión solemne o 16 de agosto de 1895. Desde a súa ordenación sacerdotal, feita en 1899 en Lugo", comezou a trasladarlles aos demais frades da provincia a súa preocupación humanística a causa de que xa "desde setembro de 1896 fora nomeado director da importante revista da Provincia Seráfica de Santiago *El Eco Franciscano*" (Campelo 1945: 343, Soto, 1963: 253). Destacou intelectualmente desde a súa mocidade e ademais do cargo de director da revista foi nomeado bibliotecario provincial en Santiago, posto relevante debido ao seu importante patrimonio bibliográfico, ademais de ser o lugar de estudo de irmáns da orde, así como dos leigos ou postulantes, ata que o destinaron a Terra Santa a realizar labores misioneiros en 1902 (Soto 1963: 253, Campelo, 1945: 343).

En 1903, coa idade de 27 anos, foi nomeado superior da Basílica do Santo Sepulcro de Xerusalén, un posto que ostentou ata 1906, sendo o primeiro superior que completou alí o trienio no cargo. Elixírono para ocupar a tarefa de discreto de Terra Santa. En 1908 acadou o cargo de secretario de Procura Xeral e actuou como guía de Peregrinacións (Soto 1963: 253). A súa estancia en Terra Santa ten reflexo nas súas obras ambientadas alí, como *La cuestión de los Santos Lugares. Escenas palestinianas* (1905), *Memento Jerusalem! Manual de los devotos de los Santos Lugares* (1905), *Narraciones y leyendas de oriente* (1906) ou a tradución da *Nueva guía de Tierra Santa* (1908) de R. P. Bernabé Meistermann.

Ao seu regreso a Galicia en 1908 volvérono nomear director de *El Eco Franciscano*, cargo que desempeñou ata 1915 cando o nomearon superior de Ribadavia, lugar onde permaneceu ata 1920. Da súa estancia nesa vila nacen os libros *Historia de Ribadavia* (1920) e *Rumores del Avia. Versos ribereños* (1916). Durante este período foi director da Juventud Antoniana. Do mesmo xeito, foi comisario provincial da orde terceira, entre 1914 a 1917 e entre 1931 e 1933, procurando que se correspondese o seu labor co contexto histórico. No ano 1923 foi nomeado

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 465-481
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ministro provincial da Provincia Franciscana Seráfica de Santiago. Durante o seu mandato como provincial, no plano cultural, axudou a impulsar a revista *Liceo Franciscano*, creada en 1930 polos estudantes de teologado do convento de San Francisco, revista que aínda se edita na actualidade. Foi o primeiro frade que desempeñou o posto dous trienios seguidos (Soto 1963: 254; Campelo 1945: 343-344). En 1929 foi nomeado custodio provincial e en 1933 comisario de Terra Santa ata a súa morte. Faleceu en Santiago o 14 de decembro de 1945 tras unha vida dedicada ás letras e ao apostolado franciscano, tanto en Galicia coma en Terra Santa.

O que se pretende destacar deste personaxe tan complexo é o seu papel como narrador, poeta e difusor da cultura. Deixou unha inmensa cantidade de escritos en periódicos e revistas, encargouse de dirixir outras como *El Eco Franciscano*, *San Antonio* ou *Revista Franciscana*. Foi novelista, escribiu relatos curtos, poeta, tradutor, profesor, historiador e ensaísta. Por estes méritos, en 1915 nomeárono membro correspondente da Real Academia Galega e en 1941 académico numerario. En 1925 ingresou na destacable institución do Instituto Histórico do Minho de Portugal. En 1928 entrou a formar parte do Seminario de Estudos Galegos. Incluso foi membro da Xunta de Turismo de Ourense en 1941. Estes postos gañounos grazas a un importante traballo como literato galego e en favor da súa lingua: *Mágoas*, *D'a-y-alma*, *Froliñas de San Francisco* e os numerosos poemas publicados en prensa e reivindicando a súa terra testemúñano. Así mesmo, outorgáronlle a placa da Orde de Isabel La Católica en 1940 e foi membro nato da Xunta Oficial da Obra Pía dos Santos Lugares o mesmo ano. Tamén participou como xurado en certames literarios na Xunta Editora da Biblioteca Franciscana de Madrid (Campelo 1945: 343-344; Gómez 1946: 121; Soto 1963: 254). Un home cunha facilidade para a escrita que se percibe en todo o que se acaba de nomear, pois foi un dos referentes intelectuais do franciscanismo e tamén do galeguismo relixioso.

PENSAMENTO E CONTEXTO HISTÓRICO. OS CAMBIOS ENTRE FINAIS DO SÉCULO XIX E COMEZOS DO XX

O período que vai desde as décadas finais do século XIX ata o 1936 foi un dos máis convulsos da historia de España. Estivo caracterizado polos cambios que afectaron a toda a sociedade. Así mesmo, produciuse unha disputa entre os defensores dun sistema que defendía os dereitos da Igrexa e o laicismo procedente dos novos movementos sociais. Nesta franxa temporal, a Restauración e a ditadura de Primo de Rivera defenderon a Igrexa e unicamente durante a República se puxo en marcha un intento laicista de goberno que terminou en 1936 coa Guerra Civil. Neste contexto, Samuel Eiján escribiu a totalidade da súa obra e intentou adaptar as organizacións franciscanas ao novo contexto do cambio de século.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 465-481
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Fraysel seguiu a doutrina social da Igrexa malia tamén ter un concepto nacional que procedía do *menendezpelayismo* no que a relixión estaba ligada ao Estado, con certos toques tradicionalistas procedentes das lecturas que puido facer de Juan Vázquez de Mella, intelectual con forte influxo nalgúns sectores católicos (Pellistrandi 2007). Unha certa mostra do pensamento dalgúns colectivos relixiosos da época e da educación que recibiron no teologado[2], pero tamén foi un frade que apoiou medidas modernizadoras do franciscanismo, como as organizacións sociais da orde.

Antes de comezar a análise das obras e pensamento de Fraysel, é conveniente contextualizar este período de cambios sociais, políticos e culturais para entender a reacción dun sector do catolicismo, como se dixo, protagonizado por unha loita entre o clericalismo e o laicismo. Un enfrontamento que se foi retroalimentando a medida que cada unha das partes daba un paso adiante, pois considerábano un ataque, provocando que o contrario actuase con igual intensidade pero de modo inverso. Un fenómeno social que sorprendeu, como non podía ser doutro xeito, á comunidade cristiá, posto que desde o Concordato coa Santa Sé de 1855 se recoñecía a relixión católica como a única da nación española. Existiron sempre diversidade de opinións, porque moitos católicos se manifestaban como liberais –incluíndo algúns cregos e bispos– (Rodríguez 2012). O propio Vaticano foi consciente do anacronismo do Concordato de 1855 e quixo modificalo, pero atopouse coa resistencia da monarquía e do episcopado nomeado por esa monarquía, que eran os grandes beneficiarios do acordo (González Cuevas 2007: 39; Petschen 2002; Cerezo 2002). Por este motivo, desde distintos sectores intentouse reverter a situación, desde a cultura, a política e a educación, como a introdución do krausismo defendido por Julián Sanz del Río, valedor dunha nova forma de ensino e pensamento. Este último, o krausismo, comezou a vincularse co laicismo, o anticlericalismo, o republicanismo e o liberalismo radical a causa do rexeitamento que tivo dentro dos sectores católicos (González Cuevas 2007: 39 e ss.; Suárez 2007). Concepción diametralmente oposta ao catolicismo, que foi combatida desde o político polo tradicionalismo, o neocatolicismo e os moderados, con intelectuais que ían desde Menéndez Pelayo a Ramiro de Maeztu, mantendo unha constante na súa liña de pensamento. O propio Samuel Eiján criticou o krausismo, o sistema restauracionista e o movemento anticlerical nas súas obras.

Samuel Eiján empregou as súas propias e anovadoras técnicas, como o asociacionismo e a prensa. Non se pode perder de vista que en España ao longo do século XIX e comezos do XX se fraguou unha complexa e cada vez máis activa

2 Tratábase dunha persoa conservadora nos seus postulados políticos e sociais. Defendía o carlismo e os dereitos forais e foi un estandarte do ultranacionalismo de comezos de século.

sociedade civil. A finais do século XIX existiron organizacións cuxo obxectivo era mellorar a situación social, creáronse as primeiras asociacións agrarias, sumando un total de 954 sociedades e sindicatos agrícolas. En 1923 estas eran un 15% do total do Estado e cunha marcada heteroxeneidade ideolóxica, pois moitas delas eran de carácter católico (Cabo 1998: 144). O proceso descrito aplícase ao do mundo urbano, onde o movemento obreiro foi crecendo proporcionalmente a medida que avanzaba o século XX (Casanova 2017; Pereira 1994; Míguez 2008). Creou un sentimento de cidadanía que loitou para que o Estado protexese os seus dereitos sociais. O principal punto de desencanto residía en que querían unha educación á marxe da Igrexa (Míguez 2008). Debe recalcarse que este proceso de formación dunha sociedade civil non procede de forma exclusiva dos movementos de esquerda, senón que foi algo xeneralizado para todos os movementos sociais e colectivos. Á fin e ao cabo, os avances e reclamacións que facía un grupo eran contestados polas forzas opositoras, obrigando a dar unha resposta para aumentar e consolidar os seus apoios. Isto serviu para que tamén os sectores moderados, conservadores e, como se verá, relixiosos tivesen que adaptarse.

Samuel Eiján loitou polas mesmas causas. Intentouno inculcar a través dos seus sermóns, publicacións e accións, que en ocasións eran similares ás dos novos movementos sociais, pois doutra forma non lle daría ese impulso á Venerable Orde Terceira (VOT) e á Juventud Antoniana. Fraysel concibíao como unha contestación contra as inxustizas que procedían dun "liberalismo feroz que deixaba a xente honrada na rúa" e do perigo do socialismo, que a comezo da primeira década do século XX estaba cobrando un forte impulso. Estaba preocupado polo contexto nacional e internacional do momento, como aparece reflectido no seu libro *El socialista modelo* (1904)[3].

O apostolado franciscano levouno a toda a súa narrativa, poesía e ensaio. Formou parte dese clero que entendeu que a modernización era un fenómeno negativo, pero que sabía que ese proceso non ía deterse, polo tanto terían que adaptarse aos novos tempos para poder transmitir a súa mensaxe de forma sinxela. Así, concibiu a Venerable Orde Terceira como o principal medio para que chegase a mensaxe franciscana ao pobo, como se observa no libro *La Tercera Orden Franciscana en la vida social* (1910). O mellor xeito era vigorizando a parroquia como territorio onde debían os seus membros desenvolver o seu labor, como deixou constancia nunha das asembleas da VOT que se organizaron na primeira década do XX. A idea nuclear era enganchar "a católicos prácticos de cada pobo

3 A obra tivo relativa influencia, por iso non chama a atención que tras a proclamación da Segunda República se reimprimise en Barcelona no 1931.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 465-481
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

e cooperadores da igrexa" para defender a fe e a doutrina católica. Seguir os pasos de san Francisco:

> cun chamamento á vida evanxélica, a unha idea de vigor moral, de traballo e de caridade, coa gran novidade da Orde Terceira que foi a concordia […] cumprir con alegría as obrigacións do seu estado; a dar as máis insignificantes accións unha inspiración santa […] a abrir os corazóns de par en par aos pobres, aos enfermos e a todos os desgraciados (Eiján 1912: 23-24).

Sinalaba quen eran os inimigos contra os que tiñan que loitar os terciarios e referíase ao "mal dos tempos modernos para o cristianismo [que] é a masonería que forma parte do anticristianismo".

Ao que lle dedicou máis atención foi ás Juventudes Antonianas, ás que ata dotou duns estatutos, dun regulamento e dunha Biblioteca. Foi un dos grandes logros, pois convertéronse en pouco tempo nunha organización relevante. A elas dedicoulles un libro, *La Juventud Antoniana* (1914), no que quedan marcadas as liñas de actuación que tiñan que desenvolver e que se poden resumir en dous aspectos fundamentais: a atracción dos máis novos para que aprendesen as ensinanzas do catolicismo e, como a VOT, servir de ponte entre o clero e a sociedade civil, de feito estaba concibida como unha organización previa a ingresar na Terceira Orde. En palabras do propio Fraysel: "nada mellor que a creación de institucións xuvenís que sirvan como galerías de comunicación entre o templo e o fogar, con puntos de vista ao escenario social contemporáneo".

Como se presentou anteriormente, era un momento de efervescencia da sociedade civil, onde se crearon numerosas asociacións e organizacións de todo tipo, especialmente xuvenís. Por iso, recollendo literalmente o que di o libro "para contrapoñer a crecente creación de organizacións xuvenís o propoñer a creación dunha católica que se adecúe aos novos tempos na forma" (Eiján 1914: 7-19). Entendía a Juventud Antoniana como unha organización relixioso-social para *loitar* coas de carácter laico. É paradoxal que para aderezar o seu pensamento e o obxectivo da organización empregue tanto fragmentos de poesías de Rosalía de Castro como de Vázquez de Mella. Neste caso obsérvase a súa vertente galeguista, defensor do folclore e da súa cultura, e por outro un certo tradicionalismo, antiliberal e antisocialista. O seu obxectivo era ter fieis que difundisen o catolicismo, axudasen os demais e defendesen o ideal de pobreza de san Francisco, porque as súas ensinanzas están en contra do novo tipo de sociedade que estaba xurdindo das dúas principais revolucións, unha sociedade consumista e politizada (Eiján 1914: 20-21, 38).

Así mesmo, estaba concibida como unha asociación para o reforzo da nación. Neste punto si que bebe dos postulados de Vázquez de Mella, especialmente pola obsesión que tiña o de Cangas de Onís por loitar contra a masonería, aspecto que compartía co que foi ministro provincial da Orde Franciscana. En palabras de Samuel Eiján, a Juventud Antoniana "ten que defender os intereses da Igrexa sen que isto non implique igualmente a necesidade de atender aos da patria, xa que nos brazos daquela naceu esta e os seus intereses non veñen ser, senón os da igrexa mesma". Compróbase que ía en sintonía coa encíclica de Pío X *Acerbo Nimis* de 15 de outubro de 1905. Pío X e o seu Secretario de Estado Merry del Val recuperan os principios do tradicionalismo e perseguen o modernismo teolóxico e a democracia-cristiá. As súas teses son abandonadas polo seu fracaso tras a Primeira Guerra Mundial (Pollard 2007: 93-121; Rodríguez 2012). Para o autor, a ignorancia das cousas divinas era o principal motivo da crise social que se estaba vivindo a comezos de século.

A Juventud Antoniana estaba concibida como unha organización na que aceptaban tanto a homes como a mulleres, realizando diferentes tarefas lúdicas e de traballo diario. En ocasións, as mulleres realizaban outras actividades, algo normal dentro dunha sociedade patriarcal. A Juventud Antoniana adaptouse aos novos tempos. Non só se trataba de ir á misa, senón que entre as súas misións se atopaba "gañar aos inimigos" coas súas mesmas actividades "porque [normalmente] os católicos non as utilizan". En conclusión, tratábase dun apostolado que non renunciaba a adaptarse a ningún medio moderno. Recollendo as súas palabras do libro *La Juventud Antoniana en la vida social*:

> se aceptamos que iso de gozar, de divertirse só é un pracer moi triste para a mocidade, non podemos limitar o noso celo a combater e anatemizar esas diversións públicas, senón que hai que buscar a maior eficacia na creación de diversións agradables e deleitosas que vaian en boa harmonía co deber e non lle estorben, senón que os estimulen e distraian, ofrecéndolles uns compases de descanso no arduo camiño da súa empresa.

É dicir, servirse da súa propia forma de entender a modernidade para difundir a palabra e obra de san Antonio de Padua e san Francisco. Os elementos recreativos que realizaban eran propios do tempo no que vivían.

A finais do século XIX, pero especialmente a comezos do XX, xorde unha nova forma de vida, de relacionarse, outra forma de lecer que nalgún caso procedía de Inglaterra, denominada *Sport,* que Samuel Eiján quixo trasladar á Juventud Antoniana. Con todo, hai que subliñar que o *Sport* significaba moito máis que a súa tradución do inglés, pois englobaba todas as facetas sociais dos

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 465-481
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

individuos. Nun principio era un modo de vida burgués, onde se practicaba algún deporte ou se ía a casinos, pero co tempo foi crecendo este fenómeno e adoptándoo gran parte da sociedade ata que, case coa proclamación da República, se estendeu entre a clase obreira grazas á popularización do fútbol, o piragüismo e o ciclismo (Domínguez 2009: 131-315). A proposta do frade de San Clodio era que debería existir un *Sport antoniano* para que, con diversións, un lecer distinto, puidesen afianzar a organización entre a mocidade e ata atraer novos afiliados.

Unha das actividades que máis desenvolveron foron os coros. O máis coñecido era *Cantigas e Aturuxos*, nacido o 12 de outubro de 1915 en Lugo. Posiblemente foi dos máis importantes que existiu. Formaba parte do orfeón antoniano de Lugo que tiña nos seus estatutos que eran unha sección artística de carácter rexional, polo que tiña un marcado carácter de promoción da cultura galega (González González 2015: 13-15). Outro dos medios que propoñía Fraysel era un *sport* literario, cinematográfico, fonográfico musical, ximnástico e excursionista. A medida que avanzaban os anos, o deporte ou *sport ximnástico* converteuse nunha actividade máis para as Juventudes Antonianas, incluso participando en competicións de fútbol, deporte estendido dentro do mundo obreiro. O seu obxectivo era modificar a concepción das "diversións nocivas" por unhas sas e honradas: "atraelas a lícitos pasatempos e *sports*, que na debida forma e bo espírito regulamentados, non soamente non destrúan o seu temperamento cristián, senón que, ao revés, o conserven e vigoricen". Estes eran os obxectivos do deporte antoniano. Outro dos *sports recreativos* era o excursionista que tivo moito éxito entre os membros da mocidade e, en xeral, da sociedade civil.

O gran *sport* franciscano foi a literatura. Eiján foi un escritor que cultivou todo tipo de xéneros. Pero non se contentou só con escribir, senón que formou un grupo de aprendizaxe de escritura, concretamente en galego, que tivo como consecuencias que moitos terciarios e antonianos publicasen as súas poesías, moitas en galego, na revista *El Eco Franciscano*. Así mesmo, *El Eco Franciscano* non podería entenderse sen o labor de dirección que desenvolveu de 1908 a 1915 e de 1938 ata 1945, ano do seu falecemento. Un traballo que conseguiu que fose unha das primeiras revistas ilustradas e que tivese unha forte repercusión.

Samuel Eiján viviu un dos momentos máis convulsos no social, político e cultural para o mundo católico. Combateuno coa palabra, pero defendendo un sistema de valores clericais, preto do maniqueísmo máis activo e antiliberal. Defendeu o catolicismo sen perder de vista a súa educación conservadora e tradicionalista, pero cun ollo posto nos novos momentos. Foi un frade que soubo ver máis aló do presente.

UN FRANCISCANO REFERENTE DENTRO DA ESCRITURA GALEGA

Samuel Eiján foi un prolífico escritor que cultivou o relato curto, a prosa, a investigación lingüística, a historia, o ensaio e a poesía. Así, pódense citar *Gotas de rocío, Narraciones desde Oriente, Franciscanismo en Galicia, La poesía franciscana, Pensamiento de San Francisco de Asís, Con flores a María* ou *Mágoas*. Tiña unha gran capacidade para que a súa produción intelectual tivese éxito tanto entre o público como entre os intelectuais do momento, grazas á súa calidade narrativa e á súa sinxeleza expositiva, recoñecida por medios de comunicación e polos seus contemporáneos tanto de Madrid, como en Barcelona ou Galicia.

A nivel galego, a súa obra, aínda que non moi extensa, converteuse enseguida nun referente para a intelectualidade contemporánea, posto que aos libros editados en *Poesía reunida* (2018) habería que sumar os escritos na prensa e os escritos en castelán, onde defende un rexionalismo galego moi arraigado nese momento e patente en publicacións como: *Cuadros de mi tierra* e *Aleteos. Versos rexionais*. Así mesmo, a súa presenza en medios laicos foi unha constante.

Un dos libros editados en *Poesía reunida* recibiu este eloxio en *Galicia histórica*: "Con el título de *Mágoas* acaba de publicar bajo el pseudónimo de Fraysel una hermosa colección de poesías gallegas, Fr. Samuel Eiján […] uno de los más fáciles y fecundos del Parnaso Gallego" (J.G.M. 1902: 95). En *El Eco de Galicia* destacaban o papel social de *El Eco Franciscano* e do seu director "inspirado poeta y notable escritor" (S. s. 1909: 2). Cando en 1914 foi proposto para que fose académico correspondente da Real Academia Galega, levouno en primeira páxina e con grande alegría do editor do *Diario de Galicia*: "era muy lógico que este gallego forme parte de los miembros que la componen. Sus méritos lo exigen, pues en Galicia poquísimos se cuentan al presente que se glorien de ceñir a sus sienes los lauros que con justicia la Fama engarza su corona". Afirmaba que na prensa nacional e galega, católica e segrar "es conocidísima su calidad de gran escritor". "La Historia abriole sus arcanos, la Literatura ha encontrado en su pluma delicado pincel que a lo vivo trazará sus bellezas, en la prosa un estilo dulce, bello, que seduce, cautiva y encanta; y en la poesía dotóle de poderosas alas para elevarse a la cumbre de la inspiración" (Junqueras 1914). Non podería escribirse mellor definición do que representou a súa obra para unha parte moi importante dos seus contemporáneos, sendo ademais unha persoa que gañou as simpatías da intelectualidade galega, pois en 1915 entrou como membro correspondente na Real Academia Galega e en 1928 no Seminario de Estudos Galegos.

Nun artigo de 1917 escrito por Víctor Junqueras enxalzando a cultura, paisaxe e vida en Galicia di sobre Samuel Eiján o seguinte:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 465-481
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Nada diremos de nuestros poetas. En sus creaciones obsérvase que la sola contemplación de los paisajes de esta tierra produce en la mente incendios de inspiración, arrancando al plectro notas sublimes, frescas como el agua y flébil como el blanco murmullo de sus pinares. Es que dicha contemplación se deduce, fascina, encanta y arroba: causa nostalgia, nostalgias ultraterrenas. Alguien ya llamó á las Rías Bajas trasunto del cielo; y el gran orfebre literario Fr. Samuel Eiján cantó de Galicia con elevados acentos:

> Muy brillante es a esta alfombra de su suelo,
> que festivo y deleitoso
> se sublima con sus bosques centenarios hacia el cielo, se dilata
> rico siempre, siempre hermoso
> y en las ondas de sus rías y el redor de sus pinares
> y en los campos y viñedos y hondos valles y anchos huertos
> tiene brisas y rumores,
> tiene pájaros cantores,
> que adormecen sus pesares,
> y la arrullen con cadencia y suavísimos conciertos.

He aquí retratada Galicia con suavísimas pinceladas (1917: 1).

Á morte de Samuel Eiján, a Real Academia Galega pediulle á comunidade franciscana que o cuarto onde residiu en vida fose convertido nun museo onde estivesen todas as súas obras publicadas (Rey 1945). Foi unha persoa que conviviu con distintas xeracións de escritores, desde os que o propuxeron membro correspondente en 1915 aos que o fixeron numerario da RAG no 1941. Tamén a de todos os membros que pasaron polo Seminario de Estudos Galegos, desde que entrou no 1928, facilitando que alternase coas principais figuras intelectuais do momento. Toda a prensa, católica e segrar, encomiou o seu papel como escritor de Galicia, para Galicia e fomentando o uso da súa lingua materna.

Finalmente, en 1947, o concello de Leiro decidiu construír unha biblioteca na súa memoria onde se atoparían todas as obras que "han salido de la enjundiosa pluma del llorado y brillante escritor" (Larraya 1947). Ao ano seguinte, na súa

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 465-481
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

localidade natal realizouse unha homenaxe á que asistiron numerosas personalidades da vida galega, que estivo organizada polo concello de Leiro. Dedicáronlle o seu nome a unha rúa e "unha lápida artística na súa casa natal de San Clodio". Despois destes actos, a homenaxe rematou cunha sesión literaria" (Soto 1963: 255), que era a mellor forma de recordar o seu veciño.

O GALEGUISMO "FOLCLÓRICO" DE SAMUEL EIJÁN

Tras o comentado anteriormente pódese inferir que defende un galeguismo cultural, tinguido dun uso da tradición galega e tamén baseado nas ensinanzas franciscanas. Isto último compróbase no uso excesivo da flor como recurso, relacionado coas *Floriñas de San Francisco* escritas na segunda metade do XIV. Emprega algo moi rosaliano que é recoller do "folclore" ou da cultura tradicional aspectos para aplicar aos seus versos. Pódese observar nos numerosos relatos escritos en *El Eco Franciscano*, onde mestura o castelán co galego en función de cal dos personaxes tome a palabra no dialogo narrado. Entronca co carlismo galego que abandeiraba Alfredo Brañas. É conveniente sinalar que foi un período proclive ao galeguismo dentro do clero, debido ao ascenso de relixiosos galegos a postos de influencia e o crecente rexionalismo na sociedade (Rodríguez 2012: 85). É nesta época onde se observa o amor á patria nai nas obras de Samuel Eiján, iso si, tendo sempre como pano de fondo a defensa da catolicidade.

Cuadros de mi tierra ten a particularidade de que, malia estar escrito en castelán, certos personaxes se expresan en galego. É unha fotografía fiel da Galicia do primeiro terzo de século XX, na que existía unha pluralidade lingüística. Analizar obras deste carácter, aínda que en ocasións se centren na vida relixiosa, son fundamentais para distinguir que clase social ou en que lugares o galego penetrara con máis forza e se falaba máis habitualmente. A clase alta, especialmente aristócrata, parte da burguesía e a xerarquía eclesiástica adoitaba empregar o castelán como lingua vehicular, mentres que algúns seminaristas, obreiros e labradores seguían usando o seu idioma materno, o galego. Así mesmo, mestura prosa con poesía, na súa maior parte en galego, que parece sacada do pobo. Un exemplo podería ser o seguinte, tirado do relato "Vida patriarcal":

> Claro que hago referencia al trabajo que se toma como debe de tomarse y no como insoportable carga, como un yugo que a regañadientes se soporta […] Su yugo, sin dejar de ser yugo, es sueva y aligera la resignación […] ¿Quién camina por la tierra sin llevar uno? […]

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 465-481
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

O nacer escoitei unha fala
"Haiche cruz, e teras que levala"
Fun andando mainiño:
Vin a todos coa cruz no camiño
¡Ay! Dexama levar anq'eu chore,
Esa cruz que do ceo me ven
Levarei miña cruz ond'eu fore
Com'a levan os outros tamén.
(Eiján 1913: 129-130).

O libro divídese en tres partes: recordos, impresións e versos. O contido total versa sobre a vida de Samuel Eiján en Galicia, desde os recordos de nenez, do seu estudo no seminario a anécdotas de coñecidos seus. As impresións son historias da súa recentemente chegada maioría de idade, nas que describe todas as viaxes por Galicia e as localidades que visitou como: Santiago, Cangas, A Pobra, Carracedo, Noia, Muros ou a ría de Arousa. A terceira parte son versos escritos en castelán, pero en case a súa totalidade dedicados a Galicia, como "Mis primeros recuerdos", "La Patrona de Lugo", "Mi Aldea" o "Galicia", da que se recolle este extracto:

Galicia, mi edén de venturas, cual otro no se halla
de prados que ríen,
de fuentes que cantan,
donde de niño gocé de inefables delicias
que del cielo los bienes excelsos delatan.
(Eiján 1913: 269).

Unha mostra inequívoca do seu rexionalismo ou galeguismo cultural son os seus poemas en galego. Non obstante, mantén ese tradicionalismo ao estilo do defendido por Juan Vázquez de Mella, no que a nación española era a única e indivisible pero permitía o uso e promoción de culturas subordinadas. Entrando en contexto, foi un momento de ascenso e caída rápida do galeguismo dentro do clero (Rodríguez 2012: 85-112). Esta crise provocou que deixase de publicar libros sobre Galicia e especialmente en lingua galega. De feito, os seus últimos libros sobre Galicia foron o estudo histórico sobre Ribadavia de 1920, *Froliñas de San Francisco* de 1926 ou os *Franciscanos en Rivadavia. Apuntes históricos*, de 1926. Tan só quedaría o seu famoso e imprescindible libro *Franciscanismo en Galicia. Estudio histórico, seguido del drama compostelano "La primera piedra"* de 1930, onde a segunda parte deixa entrever a prosa e ese ambiente galego.

Coa crise do rexionalismo clerical moitos decidiron introducirse nas iniciativas civís a favor da cultura galega. A primeira delas era o Seminario de Estudos Galegos creado en 1925, do que formaban parte algúns personaxes como Armando Cotarelo Valledor, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Vicente Risco, Florentino López Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo, Xesús Carro, Xosé Filgueira Valverde, Manuel Díaz Rozas, Manuel Gómez Román, Luís Iglesias ou Lois Tobío. A presenza católica era destacable, como o demostra o papel activo de Ramón María Aller ou do franciscano e amigo, Atanasio López.

CONCLUSIÓNS

Samuel Eiján foi un prolífico escritor que defendeu o galego e a súa terra en moitas das súas publicacións. Que foi querido polos seu compañeiros de viaxe cultural tanto no seo da Real Academia Galega como no Seminario de Estudos Galegos, así como pola crítica do momento. A importancia deste persoeiro é que nos mostra un galeguismo cultural, baseado na defensa do catolicismo, conservador a pesar de que quixo, nalgunhas ocasións, adaptarse aos novos folgos que procedían de Europa. Un tradicionalismo baseado nos escritos de Juan Vázquez de Mella e que o vincula ideoloxicamente ao carlismo de Alfredo Brañas.

O seu nivel literario era recoñecido polos seus contemporáneos. Descoñécese o silencio deste importante persoeiro, xa que logo esperamos que homenaxes como as que se recollen no *Boletín* da RAG e a edición de *Poesía reunida* (2018), onde se encontra a súa obra publicada en galego, sirvan para que sexa colocado no lugar que lle corresponde dentro da historia da literatura galega. Que non volvan pasar outros cen anos de esquecemento.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 465-481
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Beramendi, Justo G. (2007): *De Provincia a Nación: historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Cabo Villaverde, Miguel (1998): *O agrarismo*. Vigo: A Nosa Terra.

Calvelo, Hermenegildo (1898): "Guerrillas. Bibliografía", *El Áncora* 296, 2.

Campelo, José (1945): "Letras de duelo. El P. Samuel Eiján Lorenzo", *Boletín da Real Academia Galega* 285-288, 343-350.

Casanova, Julián (2011): *Europa contra Europa (1914-1945)*. Barcelona: Crítica.

———— (2017): *La venganza de los siervos: Rusia, 1917*. Barcelona: Crítica.

Cerezo Galán, Pedro (2002): "Religión y laicismo en la España contemporánea. Un análisis ideológico", en Paul Aubert (ed.), *Religión y sociedad en España (siglos XIX y XX)*. Madrid: Casa de Velázquez, 121-153.

Cobo Romero, Francisco (2003): *De campesinos a electores: modernización agraria en Andalucía, politización campesina y derechización de los pequeños propietarios y arrendatarios. El caso de la provincia de Jaén, 1931-1936*. Madrid: Biblioteca Nueva.

Cueva Merino, Julio de la (2007): "Anticlericalismo e identidad anticlerical en España: del movimiento a la política (1910-1931)", en Caloryn P. Boyd (ed.), *Religión y política en España contemporánea*. Madrid: Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 165-186.

Cueva Merino, Julio de la e Feliciano Montero García (2007): "Clericalismo y anticlericalismo entre dos siglos: percepciones recíprocas", en Julio de la Cueva e Feliciano Montero (eds.), *La secularización conflictiva. España (1898-1931)*. Madrid: Biblioteca Nueva, 101-120.

Domínguez Almansa, Andrés (2009): *Historia social do deporte en Galicia (1850-1920)*. Vigo: Galaxia.

Eiján, Samuel (1904): *El Socialista modelo*. Santiago: Tip. de "El Eco Franciscano".

———— (1912): *La Tercera Orden Franciscana en la vida social*. Barcelona: Herederos de Juan Gili.

———— (1913): *Cuadros de mi tierra*. Santiago: Tip. de "El Eco Franciscano".

———— (1914): *La Juventud Antoniana en la vida social*. Santiago: Tip. de "El Eco Franciscano".

———— (2018): *Poesía reunida*. Santiago de Compostela: Provincia Franciscana de Santiago / Xunta de Galicia / Real Academia Galega. Edición de Francisco Leira e Armando Requeixo.

Gómez Canedo, Lino (1946): "El P. Samuel Eiján Lorenzo, O. F. M.", *Archivo Ibero-Americano* VI, 119-131.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 465-481
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

González Cuevas, Pedro Carlos (2007): "La guerra civil de la espiritualidad: el catolicismo español y sus enemigos (1898-1936)", en Julio de la Cueva e Feliciano Montero (eds.), *La secularización conflictiva. España (1898-1931)*. Madrid: Biblioteca Nueva, 39-72.

González González, Ramón (2015): *Coro Cantigas e Aturuxos. Repertorio lucense. 1918*. Ourense: Ouvirmos.

J. G. M. (1902): "Crónica", *Galicia Histórica* 6, 94-96.

Junqueras, Víctor de (1914): "Un gallego ilustre. Fray Samuel Eiján", *Diario de Galicia* 17/III/1914, 1.

———— (1917): "Samuel Eiján académico", *El Correo de Galicia* 18/I/1917, 1.

Larraya (1947): "Homenaje a un escritor franciscano", *El Pueblo Gallego* 16/XII/1947, 2.

Marshall, Thomas E. (1998): *Ciudadanía y clase social*. Madrid: Alianza Editorial.

McAdam, Doug [*et al*.] (2007): *Dinámica de la contienda política*. Barcelona: Hacer.

Míguez Macho, Antonio (2008): *La construcción de la ciudadanía a través de los movimientos sociales. El movimiento obrero en Galicia (1890-1936)*. Santiago de Compostela: Fundación 10 de marzo.

Pellistrandi, Benôit (2007): "Catolicismo e identidad nacional en España en el siglo XIX. Un discurso histórico de Donoso Cortés a Menéndez Pelayo", en Paul Aubert (ed.), *Religión y sociedad en España (siglos XIX y XX)*. Madrid: Casa de Velázquez, 91-120.

Pereira, Dionisio (1994): *A CNT na Galicia (1922-1936)*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Petschen Verdaguer, Santiago (2002): "España y el Vaticano del Concordato de 1851 al de 1953", en Paul Aubert (ed.), *Religión y sociedad en España (siglos XIX y XX)*. Madrid: Casa de Velázquez, 21-32.

Pollard, John F. (2007): *El Vaticano y sus banqueros*. Barcelona: Melusina.

Rey Feás-Alvite, Jesús (1945): "Nuestros reportajes. Una entrevista con el Presidente de la Real Academia Gallega", *El Pueblo Gallego* 23/XII/1945, 3.

Richard, A. Fr. (1991): "Los artífices de la paz", en *Franciscanos por la justicia, la paz, la ecología*. Oñate: Editorial Franciscana Arantzazu.

Rodríguez Lago, José Ramón (2012): *La Iglesia católica (1910-1936). Entre la revolución de Portugal y la Cruzada de España*. Santiago de Compostela: Andavira.

Salomón Chéliz, Pilar (2007): "Ante la cuestión religiosa: laicismo y cultura política republicana", en Manuel Ballarín Aured e José Luis Ledesma Vera (coords.), *Avenida de la República. Actas del II encuentro Historia y compromiso. Sueños y realidades para una República*. Zaragoza: Cortes de Aragón, 123-140.

Sen sinatura (1909): "El Eco Franciscano", *El Eco de Galicia* 810 (28/IV/1909), 2.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 465-481
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

———— (1935): "Letras gallegas. La nueva obra de un maestro. *Solaces del hogar*. Por el R. P. Samuel Eiján", *Vida Gallega* 619, 1-2.

———— (1938): "Primeras comuniones", *El Compostelano* 5566 (9/XII/1938), 2.

Soto Pérez, José Luis (1963): "Eiján Lorenzo, M. R. P. Samuel (1876-1945)", en *Un siglo de Historia Literaria (1862-1962). Noticia bio-bibliográfica sobre los religiosos hijos del Colegio de Misioneros Franciscanos para Tierra Santa y Marruecos establecido en Santiago de Compostela.* Santiago: Tip. de "El Eco Franciscano", 253-280.

Suárez Cortina, Manuel (2007): "Intelectuales, religión y política en el krausoinstitucionismo español", en Caloryn P. Boyd (ed.), *Religión y política en España contemporánea*. Madrid: Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 107-138.

Tilly, Charles (1992): *Coerción, capital y estados europeos.* Madrid: Alianza Editorial.

Visitador, El (1931): "En S. Francisco", *El Compostelano* 3437 (18/IX/1931), 1.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 465-481
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 483-501
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.743

A POESÍA GALEGA DE SAMUEL EIJÁN

SAMUEL EIJÁN'S GALICIAN POETRY

Armando Requeixo
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: Estudo temático e estilístico da poesía galega en libro de Samuel Eiján.

Abstract: A thematic and stylistic study of Samuel Eiján's Galician poetry in book form.

Palabras chave: Samuel Eiján, poesía galega, análise temática, análise estilística.

Key words: Samuel Eiján, Galician poetry, thematic analysis, stylistic analysis.

Samuel Eiján (Leiro, 1876-Compostela, 1945) foi un dos máis destacados poetas relixiosos galegos do seu tempo. Narrador, dramaturgo e ensaísta de amplo folgo, a súa voz recórdase sobre todo mercé aos seus versos, que lle reportaron un lugar destacado na nosa escrita do primeiro terzo do século XX.

Á consideración e análise dese seu legado van dedicadas estas páxinas, que tentan achegar unha radiografía do conxunto da súa produción lírica, unha escrita que o caracteriza como un dos máis xenuínos representantes entre nós da concepción creativa que Karl Josef Kuschel (1999) denominou teopoética.

UNHA VIDA ENTRE VERSOS

Dende moi novo, Eiján sentiu a chamada da escrita e comezou a participar en iniciativas de xorne literario e publicista. Sendo un rapaciño pasou formar parte da redacción de *El Eco Franciscano* e foi tamén responsable da magna biblioteca do Colexio Franciscano de Santiago.

Os primeiros versos deunos a coñecer con vinte anos escasos no *Almanaque seráfico-antoniano para 1897* (Eiján 2018: 93) e, dende ese momento ata o seu

pasamento, foron ducias e ducias as composicións, en galego e castelán, que deu a coñecer en xornais, revistas, libros colectivos e outros foros, nun exercicio poético continuado que se estendeu durante case medio século.

Cinguíndonos á súa escrita recollida en volume, son da súa autoría os poemarios casteláns: *El Lirio entre espinas. Poesías religiosas* (1913), *Ofrecimientos de Pascua al Niño Dios. Dedicados a las Religiosas clarisas de Estella* (1914), *Rumores del Avia. Versos ribereños* (1916), *Con flores a María. Diálogos de mayo, para niñas* (1918), *Aleteos. A través de Galicia* (1926), *Cruz ribereña. Retablo poético de la vida Sanclodiana* (1931) e *Oracionario poético de los Santos Lugares* (1942).

Agora ben, malia esta ampla produción en castelán, a súa notoriedade como poeta gañouna cos seus libros en galego: *Mágoas. Poesías gallegas* (1902, 1913[2]), *D'a-y-alma. Versos gallegos* (1915) e mais *Froliñas de San Francisco. Romanceiro seráfico galicián* (1926). Todo eles, xunto coa sección "En la lengua de mi tierra" do bilingüe *Aleteos* (1926), poden lerse agora por xunto grazas á recuperación dos versos do autor que, en compaña do colega Francisco Leira Castiñeira, levei a cabo no volume *Samuel Eiján. Poesía reunida* (2018), de onde han proceder todas as citas deste traballo.

MÁGOAS

Mágoas. Poesías gallegas veu luz en 1902. Foi imprentado pola Tipografía Rexional de Tui e estampou unha dedicatoria que rezaba: "Á Santiago Apóstol, grorioso patrón d'os gallegos con ocasión d'o próusimo Congreso Católico que se vay á celebrar n-a ciudá de Compostela. Adica homildosamente este probe traballo O Autor".

Estes poemas tiveron unha nova edición baixo o título *Mágoas. Versos gallegos* en 1913. Nesa ocasión imprimíronse en Compostela, na Tipografía de El Eco Franciscano, acompañados dun limiar do autor titulado "Ós meus leutores" e visados tamén polas correspondentes autoridades relixiosas.

As edicións de 1902 e 1913 difiren grandemente, non só porque non hai poema no que non se operasen cambios (notables ou de simple detalle, dependendo dos casos), senón porque algunhas composicións do primeiro libro non pasaron ao segundo e porque moitas deste último non figuraban no primeiro. Seis son as poesías da edición de 1902 que, por diversas razóns (Requeixo 2018: 44-45), non pasaron á de 1913: "De viaxe", "Unha visita d'o Neno Xesús", "¿Qué têS?...", "Os frades", "N-o día 8 de decembre" e "¡Adiós!".

Doutra parte, son ben numerosas as poesías engadidas ao libro de 1913. A primeira edición contaba con 37 composicións, namentres que a segunda sumaba 54, o que confirma esta como unha edición revisada e aumentada, tal como deixou explicado o propio autor no limiar:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> Ás outras [poesías], por non chegar meus alcances pra facerlles novos vestidos, contenteime con poñerlles romendos no traxe, pra que poideran aparescer mais compostas, e dínlles por compaña un fato de hirmás que fai pouco nasceron. Así van as probiñas todas xuntas. Tede compasión de elas, pois son moi disgraciadas (Eiján 2018: 171).

A estrutura xeral do poemario é coincidente tanto na edición de 1902 coma na de 1913 e caracterízase pola súa circularidade. Así, se na primeira edición a poesía coa que se abría a obra viña ser unha loa de Galicia e aquela coa que se pechaba unha despedida dela, na segunda edición o poema inicial é tamén unha declaración de intencións das razóns que animan o canto e o poema derradeiro un novo texto de despedida a modo de oración á Virxe da Asunción, ambos os dous fortemente influídos polo maxisterio de Rosalía de Castro, pois se no primeiro caso se xoga intertextualmente co célebre poema "A gaita gallega" de *Cantares gallegos* ata o punto de que o texto se titula, de xeito significativo, "Non canta..." —como tentando responder a Ventura Ruiz de Aguilera na mesma liña que a Cantora do Sar—, o poema co que remata o libro ten unha cuarteta do "Adios, ríos; adiós, fontes" tamén dos *Cantares gallegos* e na propia composición xoga a ir introducindo os versos da cuarteta para tecer unha glosa.

Así pois, transparéntase dende o principio a ascendencia rosaliana dos versos de Eiján, quen en diversos lugares da obra fai citas e incorpora claves da lírica da matriarca, mais non é esta a única influencia, como se verá.

A diversidade de temas e asuntos tratados no libro é notoria. Secasí, parece haber unha liña reitora arredor da que xiran todas as outras liñas de forza: o canto ao Ceo, a Deus, dende a raiceira da Terra e a vivencia dos días nela como un tránsito ascensional, un camiñar fatigoso que ten como premio a morte e a resurrección na Gloria do Señor.

Esta concepción da vida como un val de bágoas que só rematará cando fenezamos e contemplemos o rostro de Deus é unha idea motriz que se reitera ao longo non só deste libro, senón de toda a poesía de Eiján (Carballo 1963: 494).

Espéllase, por tanto, unha vivencia agónica das xeiras en Eiján, pois na súa visión do mundo este é un lugar cheo de imperfeccións e iniquidades que só terán fin co estourido da luz en Deus. Nese sentido, os versos do de San Clodio teñen moito de ascéticos, si, e mesmo de místicos no sentido de que o camiño do desprendemento ascético acaba por conducir a unha unión con Deus e á asunción da súa plenitude en nós.

Todo o anterior é doado de comprobar coa lectura de "A costa d'a vida", onde se percibe claramente ese camiño ascensional superando as duras etapas da vida

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ata chegar á "santa esperanza" de Deus. Ou en "¡Sursum!", que beirea o misticismo teresiano cando expresa (2018: 181):

> […] e mátame
> o lampo místego
> d'o amor mais grande,
> d'o amor devino.
> ¡Ay, malpocado,
> malpocadiño!
> Morro e non morro,
> vivo e non vivo.
> ¡Non sei que teño!
> ¡Non sei que sinto!

Por veces a concreción desta idea plásmase a través de símiles, como no poema "Hacia a patrea", onde, tras o duro peregrinar, o camiñante que consegue superar os obstáculos do camiño ten como premio o regreso á patria, ao lar, á orixe que o conforta e ampara, como será recompensada a alma cando abandone o corpo e chegue á presenza de Deus, á luz definitiva, o acougo, a paz e a felicidade, como predican "Salayos" ou "Vida e morte".

Para conseguir o anterior cómpre esquecer calquera tentación e centrarse só na esperanza de Deus, como ensina o poema "Espranza", ser un mariñeiro sorridente que supere as tormentas da vida, como se di en "N'o mar", mesmo aquelas máis terribles como a perda dun fillo, tal como lemos en "Sin fillo", "Froles murchas" ou "N'a morte d'un fillo", que conclúe (2018: 231):

> Dios pra libralo de penas
> tronzoulle o fío d'a vida,
> mais en troco d'a d'o corpo
> deulle sua vida devina.

Esta dicotomía, vida terreal como val de bágoas fronte a vida ultraterrea como plenitude en Deus, ten como natural complemento a expresión do paso do Tempo e a saudade da infancia que se detecta en non poucos poemas. Deste xeito, o libro ábrese coa composición "Non canta...", que nos lembra que chega o tempo da saudade da nenez e aquela forza da vida de cando eramos novos que agora fica atrás, unha idea esta do paraíso perdido da infancia e, polo tanto, da inocencia auroral que volve lerse en "Miña casa, meu lar", ben rosaliano, onde a presenza da casa patrucial, como matriz do tempo gozoso de cando cativos ao que prestaría

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

volver, funciona como un espello dun pasado salvífico e inmaculado que queda irremisiblemente atrás e que só lograremos ter para sempre, outra vez, na eternidade do Señor.

Con pequenas engádegas, como a da radicación concreta nas "veiras d'o Avia" natais e a lembranza da avoíña (como acontece en "Recordos") ou as rememoranzas de lugares emblemáticos da nenez que esboroaron ("Meu palomar", "¡Miñas froles!"), esta percepción señardosa do tempo ido da infancia cruza tamén toda a obra.

Debe sinalarse aquí que Eiján tivo, de sempre, unha gran querenza pola súa terra natal, o que se plasmou non só en múltiples textos creativos e ensaísticos, como se ve, senón tamén na súa presenza na vida cultural ourensá, moi prezada e de grande ascendencia nalgúns casos. Poño por caso: a influencia de Eiján como figura poética en galego foi determinante para un novísimo José Ángel Valente, pois el foi o primeiro escritor nesta lingua que o pequeno coñeceu mercé ao seu tío Francisco, tamén franciscano e bo amigo de Eiján (Rodríguez 2012: 65).

Existe un feixe de poemas que revelan a proxección do ánimo pesaroso do poeta na paisaxe, evidenciando esa concepción lastimeira do tránsito vital e o anceio da fusión con Deus. Esta poética da psicopaisaxe é ben perceptible en composicións como "Folerpas e brétemas", "¡Xa esperta!", "Ondas e días", "A noite", a serie estacional "Inverno", "Primadeira", "Vrau" e "Outono" ou o balance vital de "Tristuras e ledicias".

Asegundando esta concepción espiritual da existencia hai outro conxunto de poesías nas que se formula unha contraposición entre o van materialismo terreal e a aparente e caduca beleza fronte ao esplendor divino e a infinda bondade da transcendencia. Deste xorne son textos como "A un de tantos" (de título e airexa ben norieganas), "Remorzo", "¿Eu que che sei?" ou "Cousas de cegos".

En *Mágoas* tamén figuran outras poesías dedicadas á institución relixiosa ou ao culto, no sentido máis amplo. Así, hai composicións que exaltan a relixiosidade popular e enxalzan, por exemplo, a devoción á ermida de San Miguel no monte Breamo, no concello coruñés de Pontedeume ("A ermita d'o Breamo"); outras loan o cemiterio ou algunha festividade relixiosa da súa parroquia natal, en San Clodio, no concello ourensán de Leiro ("Funeraria", "A festa d'a Santa Cruz"); hainas que conmemoran datas do calendario cristián, como algunha dedicada ao tempo de Nadal ("N'o nadal"); e aínda outras describen ritos relixiosos populares (así o rogo á Santa Cruz para que faga pasar a treboada sen que esta cause males en "Salve, Crux!") ou son oracións a algunha advocación mariana, como a "Despidida" coa que remata o libro, canto á Virxe da Asunción.

Ao conxunto anterior deben engadirse un par de poesías de asunto bíblico ("A un traidor", que incide sobre o necesario perdón dos pecados a aqueles que nos perdoaron, e "Comparanzas", con exemplos sobre o modélico proceder dos

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

apóstolos e de Xesús) e outra media ducia de natureza didáctica, que pretenden servir de guieiro para o comportamento do bo cristián ("E quen non...", glosa dun cantar moi divulgado entre os autores cristiáns do século XV e seguintes que Eiján toma de Santa Teresa e que trata sobre a virtude e a elevación espiritual que debe amosar o crente; "Predicando no deserto", contraposición entre o labrego traballador e aforrador, bieito aos ollos de Deus, e o veciño lacazán que malgasta todo na taberna, merecente de reprobación, e aínda outras sobre a educación de pequenos e mozos, como "Sin nai", "As meigas", "Os calzós novos", "Quén mal empeza..." e "Manoel").

Condición un tanto diferente é a que amosan os poemas dedicados á Terra e aqueloutros de maior carga social. Exemplo do primeiro grupo sería a loa ao país de "A Galicia", moi rosaliano todo el, un canto á perfección e a beleza das nosas paisaxes e unha afirmación de amor pola Terra que, porén, tamén incorpora referencias críticas aos desprezos dos alleos e o problema da emigración (2018: 177-178):

> ¡qué triste te vexo, ouh terra,
> terra miña agarimosa,
> famenta coma unha escrava,
> c'as disgracias sempre en loita,
> bulrada po-l-os alleos
> que a anacos quítanche a honra,
> y-esquencida po-l-os propeos
> que nin teus choros escoitan,
> nin o teu delor comprenden
> nin d'os teus mimos se acordan!
> Vives n'o mundo luxada,
> vives probe, vives horfa;
> e n-asmentre outros te infamian
> cal se o inferno mesmo foras,
> teus fillos déixante, e vanse,
> vanse con espranzas tolas,
> por hachar baixo outros ceos
> o que baixo o teu lles rouban.

Moi críticos coa lacra da emigración son tamén "De volta" (que espella a dureza migratoria e o difícil regreso que esta supón en tantas ocasións), "Pr'a América" (petitoria á Virxe para que interceda polos que emigran, tristurentos e

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

chorosos por ter que deixar os seus eidos) e "¿Coma foi?", que recrea o motivo tan rosaliano da viúva de vivo.

As temáticas presentes en *Mágoas* complétanse con media ducia de textos circunstanciais ou de ocasión, algúns gabanza de certas localidades (así "Pontedeume"), outros conmemorativos de determinados eventos (poño por caso, "¿Tamén eu?", que, como o seu subtítulo indica, foi escrito "N'a consagración d'o bispo de Osma, D. Manoel Lago González (marzo, 1910)" e é unha *laudatio* en verso ou "A Fausto, meu hirmán", outra loa persoal tamén explicada no subtítulo: "N'a sua ordenación sacerdotal") e algún outro memoria dun feito especialmente impactante (como a descrición dun dramático accidente ferroviario de "Tráxica").

Canto ao capítulo estilístico, os trazos retóricos que caracterizan toda a poética de Eiján xa figuran apuntados neste primeiro libro: emprego abundante de paralelismos, anáforas, quiasmos, epanalepses, anadiploses, concatenacións, epanadiploses, figuras etimolóxicas e outros tropos por repetición; utilización expresiva de exclamacións e invocacións; predominio do símil sobre a metáfora; profusión adxectival; inserción frecuente de diálogos e emprego ocasional do retrouso.

Notable tamén é o dominio dos metros que evidencia Eiján, o que demostra un excelente coñecemento da tradición poética que el tan detidamente estudou nalgunhas monografías, por exemplo na monumental *La poesía franciscana en España, Portugal y América* (1935). Destarte, en *Mágoas* predominan o romance ("A Galicia", "Miña casiña, meu lar", "Ondas e días, "Hacia a patrea", "A un de tantos"...), o *romancillo* ("¡Sursum!", "¡Xa esperta", "Funeraria"), a cuarteta asonantada ou de romance ("Sin nai", "A un traidor", "De volta", "Inverno", "Comparanzas"...) e outras fórmulas romanceadas (como as tiradas de octosílabos asonantes nos pares de "A costa d'a vida", "Folerpas e brétemas", "Pr'a América", "Remorzo", "¿Volverán?", "Primadeira"...). O apartado métrico complétase cos poemas en serventesios ("A noite", "N'o Nadal") e quintetos ("Espranza"), amais dunha poesía en cuartetos ("¿Tamén eu?"), unha décima ("E quen non...") e un soneto ("A Fausto, meu hirmán"). Por fin, ao anterior deben sumarse "certas curiosidades métricas", como as denominou o profesor Carballo Calero, a saber: "os 'versos de trece sílabas' de «Non canta...» e mais aqueles 'en función de dodecasílabos con anacrusis' de «A ermita d'o Breamo»" (1963: 493).

Xa por último, no que di das herdanzas da tradición, que Eiján espella en citas e homenaxes, a máis acusada é, sen dúbida, a de Rosalía, pois, como xa se sinalou, percíbese moi visiblemente o seu influxo nos versos xa amentados de "Non canta...", "A Galicia", "Miña casa, meu lar", "¿Coma foi?" e "Dispidida", pero tamén en "De volta" e "Noitebras".

Agora ben, ademais da autora de *Follas novas*, tamén se detecta nos versos do sanclodiano o seguimento da mística de San Juan de la Cruz e Fray Luis de

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

León e, en clave galega, de Saco Arce (así o afirma Carballo Calero 1963: 494) e Barcia Caballero, alén das presenzas puntuais dun Antonio Noriega Varela ("A un de tantos"), un Lope de Vega (ese "burla burlando" de "¡Miñas froles!") ou os citados expresamente Uxío Carre Aldao ("Espranza") e Santa Teresa ("¡Sursum!", "E quen non").

D'A-Y-ALMA

D'a-y-alma. Versos gallegos publicouse en Compostela na Tipografía de El Eco Franciscano e reúne 54 composicións, algunhas delas de certa extensión, pois ocupan varias páxinas. Foi a súa colectánea máis ampla na nosa lingua e tamén aquela que suscitou maior e máis positiva atención crítica.

No esencial, os versos deste libro continúan e amplifican as liñas temáticas de *Mágoas*, engadindo algúns subtemas e motivos novos. Deste xeito, volven a ser numerosos aqueles textos que amosan saudade de Deus e mágoa polas penalidades terreais que teñen que padecerse antes de estar na súa presenza. Reiteran esta idea unha decena de composicións: "Invocación", "D'o que fuxe", "¡Exurgam!", "Duas auroras", "O que non vemos", "Meditando", "Cuna e tumba", "Libertadora" e "Volta a sofrir". Nelas preséntase o tránsito mundano como "o ceo triste d'esta vida", sempre "en fel o corazón doente", Deus é a luz e a existencia cotiá as sombras, nunha revisitación moi neoplatónica e propia do pensamento de Plotino e a patrística das dicotomías luminoso ben (divino) / tebreguento mal (ausente de Deus) que Eiján, como bo franciscano que era, asimilara nas súas lecturas devotas e formativas; velaí a súa concreción en "Duas auroras" (2018: 308):

> ¿Cicáis ser poide noite sin aurora
> esa d'a-y-alma triste?
> ¿Non habrá risas para quen sempre chora?
> A luz, a luz de Dios consoladora,
> que mata as penas fondas ¿non existe?
>
> Ti me dís. Auroriña –ben te entendo–
> que non falla outra â-y-alma.
> Disme ti que, anque escravos eiquí sendo
> dónalla o ceo a quen vive xemendo…
> ¡aurora d'ouro que esventuras calma!...
>
> ¡Esa aurora para mín! ¡Veña esa aurora!
> ¡Veña, con lume pura
> sobre este corazón que a dôor devora!

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

¡Veña, coma ti vés, afagadora,
rachando as néboas fondas d'a tristura!

Veña, véñame axiña, pregoando
    con risa agasalleira
o fin de esta que eiquí vamos pasando
noite d'a vida terreal… ¡Ay! ¿cándo,
cándo me ha de locir sua luz pirmeira?

Tal como acontecía en *Mágoas*, tamén aquí hai unha proxección da psique na paisaxe contemplada, de xeito que se modula a súa percepción dependendo dos estados de ánimo. Esta psicopaisaxe ten relevo en poemas como "¡Fóra carautas!", "N'o cume" ("Fuxe abaixo, d'os vales, o contento;/ reina malenconía, / e sangrando tristuras anda o vento/ que arrinca o desingano ô sentimento./ ¡Ay, laya todo, porque morre o día!"), "O torrente", "O Piñeiro", "O mar" ou "Beati qui lugent", onde a caducidade da rosa fronte á súa memoria se equipara ao Ben de Deus fronte ao pasaxeiro terreal (2018: 380):

Froliñas que o desingano
róuballe â ilusión querida,
e mortas ô mundo vano
teñen inda en mín cabida;
    froles que antes
sorríadesme afagantes
¡cánto dera eu, canto dera,
por donarvos vida nova
que xa nunca en vos morrera,
ruxan os ventos ou chova!

¿Por qué este meu corazón
que vida vos diu un día
debe ser voso panteón,
y-o meu a malenconía?
Meus amores
hirmaus son, que vosos dôres
andan con voso chorando.
Mais, pacencia: pra quen chora
ten Dios gardada outra aurora…
¡a que n'o Ceo hai brilando!

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Un enfoque máis presente neste libro que no anterior é o da dualidade materalismo e/ou beleza terreal *versus* espiritualidade e transcendencia. Esta oposición sostén a mensaxe de "Sempre ela…" (refugamento das glorias do mundo, da *vanitas vanitatis* e os becerros de ouro), "¿Qué pensarán?" ou "A frol", amais de "N'a estación" ("que os cartos cóbregas son,/ que unhas a outras axuntándose,/ pasan a vida enroscándose,/ n'o arbre d'o corazón") e "¡A min os probes!", nidiamente franciscanistas na defensa da pobreza, a humildade e o amor polas cousas miúdas, aos que se suma a loa a San Francisco que expresa "Alter Christus".

Outros poemas inciden na gabanza de Deus e a saudade coa que se agarda, como "Trunfal" (onde o mundo canta a Gloria do Señor, pois é espello e emanación súa); "Mane nobuscum, Domine"; "Aspiracións"; "Pensando n'a pátrea"; a evocación do misterio pascual de "Morte santa" ou a nova codificación da loita luz / sombras de "Lux in tenebris" (2018: 386):

> ¡Ombras que cinguen o mundo!
> ¡Dôres que escravos nos fan!
> Sodes vos n'este desterro
> meus tiráns.
>
> Pro a lúa â mente miña,
> y a ledicia ô corazón,
> dinlle que, alá, tra-l-a morte,
> reina Dios.
>
> Ela que con vosco acaba,
> fai d'a ledicia y-a luz
> as âas que ôs ceos ínzannos
> por Xesús.

Como en *Mágoas*, tamén aquí as composicións arredor do culto e a institución relixiosa son frecuentes. Son exemplos disto "¿Conocédelo" (gabanza da vida entregue dos frades, espello de Deus); "San Antonio de Ribadavia" (canto a esta devoción ben estendida nas súas terras do Ribeiro); "Meu anxo" (arredor da figura do anxo da garda); "Mañán domingueira" (defensa eucarística); "Doutros tempos" (versos xacobeos); "O rianxeiro" (estampa descritiva da figura do sancristán vello, modelo de enxebre galego, temeroso de Deus e un tanto xoto); "A casa parroquial" (casa de todos, humilde, pobre, acolledora, casa do Pastor e reflexo da morada de Deus); "As campás" (afogadoras de penas coa súa chamada, que é a voz do Señor na Terra) ou a poesía mariana "Collendo froles".

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Versos impregnados da visión relixiosa da existencia son tamén aqueles nos que se mostra a dor dunha nai ante a perda dun fillo ("¡Sube arriba!", "Pascoa tristeira"); os que reflexionan sobre o paso do Tempo cara á desaparición terreal e a fusión con Deus ("O reló y-o Tempo", "Miñas compañeiras"); ou os que son ensinanza dos preceptos cristiáns ("A cencia d'as bágoas", "Sicut vita").

Ficarían fóra deste grupo de textos de cerna máis diafanamente religacional outros que, non estando exentos desa visión cristiá, tratan en maior medida doutros asuntos, como os dedicados ao dramático mundo da emigración ("Mensaxe", "Triste sorte"); a exaltación de lugares como "Terra Santa"; versos de ocasión como os dedicados a Lepoldo Eijo y Garay na súa consagración como bispo de Tui en novembro de 1914 ("As tres nais") e mesmo algúns textos atípicos como un dedicado á afouteza, amor patrio e observancia de Deus do histórico Batallón Literario ("O Batallón Literario") ou unha descomunal treboada no Ribeiro de Avia ("Veira d'o Avia").

Por remate, e complementando todo este repertorio de temas e motivos, *D'a-y-alma* incorpora tres textos de Mosen Jacint Verdaguer versionados ao galego por Eiján dende o catalán orixinal: "A Caridá", "Cantiga de amor" e "Á reina de Cataluña", este último coa anotación "Traducida pr'o Programa de festexos d'a Colonia Catalana de Sant-Yago, n'a festa d'a Virxen de Montserrat, 1914".

Lonxe do que puidera parecer, a amplitude de asuntos tratados por Eiján nestes seus versos conforman unha rede macrotextual de urda perfectamente disposta. Tanto é así que non poucos dos poemas galegos do autor teñen o seu paralelo noutros inseridos nos seus libros en castelán que desenvolven asuntos semellantes ou coincidentes. Así, todas aquelas poesías de *Mágoas* e *D'a-y-alma* nas que a bisbarra do Ribeiro, San Clodio ou as terras do Miño ourensán adquiren protagonismo enlazan co desenvolvido en *Rumores del Avia* (1916), onde tamén hai poemas ás nais contritas, e tamén aparecen San Clodio, a Santa Cruz ou as tormentas do Avia en *Cruz ribereña* (1931). Do mesmo xeito, *Aleteos* (1926) conta tamén con versos que lembran a infancia, a figura da avoa ou a necesidade dunha educación cristiá, como outros xa vistos tanto en *Mágoas* como en *D'a-y-alma*, e tamén os textos en castelán de *Cuadros de mi tierra* (1913) recuncan na estampa da avoa ou as tormentas do Avia, entre outros.

Un aspecto no que *D'a-y-alma* revela unha maior vizosidade que *Mágoas* é no seu acabado métrico. Se no primeiro libro o dominio do octosílabo e as rimas asonantes nos versos pares era notorio, neste segundo poemario os metros diversifícanse en maior medida, sen deixar de estar presentes romances ("Mensaxe", "Meu anxo", "O Batallón literario", "O rianxeiro"...), *romancillos* ("A casa parroquial", "Miñas compañeiras"), cuartetas de romance ("Pascoa tristeira") e outras fórmulas romanceadas ("Veña a lira...", "A cencia d'as bagoas"). Así, rexístranse

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

tamén cuartetos (“San Antonio de Ribadavia”, “O reló y-o Tempo”), quintetos (“¡Fóra carautas!”, “D’o que fuxe”, “Duas auroras”, “O torrente”...), sextetos (“O que non vemos”, “Meditando”, “A frol”, “Mane nobuscum, Domine”...), oitavas reais (“Invocación”, “Libertadora”), unha décima (“N’a estación”), unha setina (“¡Sube arriba!”) e o soneto “As tres nais” (Villar 2000: 126).

No que di dos usos retóricos e da estilística xeral deste poemario hai unha coincidencia notable coas solucións empregadas en *Mágoas*, principalmente no que se refire á inclusión de paralelismos de todo tipo e a utilización de exclamacións e retrousos. Agora ben, en *D’a-y-alma* o manexo dos fenómenos comunicacionais é maior, pois abundan as interrogacións retóricas e tamén se rexistran hipoforas, apóstrofes e deprecacións ou súplicas.

Apreciable é a incorporación de *topoi* literarios de longa tradición, como o do *tempus fugit* (“A frol”), o *ubi sunt* (“D’o que fuxe”) ou unha enxebrización do *collige virgo rosae* (“Collendo froles”), o que volve demostrar, máis unha vez, a excepcional formación e caudal de lecturas clásicas que atesouraba Eiján, que tamén se fai patente no gusto por titular moitas das composicións en latín, servíndose para isto de expresións que en non poucas ocasións remiten a sentenzas ou pasaxes bíblicas ben coñecidas. E velaí: “¡Exurgam!”, “Alter Christus”, “Mane nobuscum, Domine”, “Sicut vita”, “Beati qui lugent” e “Lux in tenebris”.

No capítulo de influencias, e xa para rematar, salientan as citas a místicos da tradición hispana como San Juan de la Cruz (“’¡Ay, qué noite a noite escura que dá termo ô ledo día”, pode lerse en “¡Exurgam!”, e “vivir amando sua prisión de ferro,/ cárcel escura que d’o edén o alexa”, reproduce “Libertadora”) ou Santa Teresa (“Vivo xa sin vivir. ¿Qué importa a vida/ que minte ô mundo a xuventú n’a cara,/ canda â-y-alma, ruliña antes garrida,/ â miña alma que chora, naide ampara?”, láiase a voz poética en “Mane nobuscum, Domine”). Tamén hai airexas dos románticos e posrománticos peninsulares (aí o está o becqueriano “¿Volverán, como anduriñas/ n’a primadeira, a animar/ o curruncho onde nasceron,/ tumba que muda oxe está?”) e, tamén si, a pegada do Curros Enríquez de “A eirexa vacía” no arrinque e atmosfera de “Mañán domingueira”.

FROLIÑAS DE SAN FRANCISCO

Finalmente, *Froliñas de San Francisco. Romanceiro seráfico galicián* veu luz tamén en Santiago, como unha edición popular da Comisaría Provincial Compostelá da Venerable Orde Terceira e foi imprentado nos talleres de El Eco Franciscano. Nel, á parte dos 34 poemas seráficos do corpo central, recolleuse unha pequena peza en verso dialogado con oito tiradas que reproducen os parlamentos de catro personaxes: San Francisco de Asís, o señor de Pena Corneira, un labrego, un ribeirán e mais un historiador.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

O modelo de fondo ao que parece remitir a estrutura e enfoque deste poemario sería o de *I fioretti di san Francesco* (1476) do frade Giovanni dei Marignoli, moi popularizado e divulgado en diversas reescritas e adaptacións por toda Europa. En esencia, os poemas destas *Froliñas…* cóntannos a vida de San Francisco, as súas viaxes e prédicas, amosándonolo sempre como un exemplo de vida evanxélica, adornado de proverbial humildade, caridade e amor a Deus, arredado das tentacións e banalidades mundanas e entregado ao ben entre os seres humanos e seus irmáns os animais.

Así, logo do nacemento e infancia (poemas I-IV), asistimos ao descubrimento da súa vocación (V), profesión de fe e vida conventual (VI-XIII), comezando logo a etapa de apostolado e viaxes de evanxelización (XIV-XXIII), para rematar coa chegada a Compostela e a fundación da súa Obra (XXIV-XXVII) e os tempos derradeiros e a súa ascensión aos ceos a carón de Deus (XXVIII-XXXIV).

A segunda parte do libro integra un "apartamento" titulado "Pena Corneira" que se presenta como un "cuadro fantasioso" con esta didascalia:

> Escenareo: Camiño que vai de Orcellón a Pena Corneira, pra siguir cara a Compostela, pasando por xunt'ô Ribeiro. Personaxes: San Francisco de Asís — O señor de Pena Corneira — Un labrego — Un ribeirán — Un hestoriador.

A obra, escrita en fórmulas romanceadas na primeira parte e en lances dialogados en verso na segunda, foi preparada por Eiján para conmemorar os setecentos anos do pasamento do santo, de aí o seu carácter monotemático e haxiográfico:

> San Francisco é pra nós o Pelingrino de Compostela, que visitou seus pobos, que recorreu suas ruas, que a enmelou c'os seus cantos. Y-é por eso, po-l-o que penso eu, que, cantarlle n-a nosa terra, e cantarlle percisamente n-o lengoaxe que eiquí oíu, siñifica casque un deber, n-este ano de VII Centenario de seu tránsito, formando modestamente n-o homax que lle están faguendo os poetas en toda-l-as lengoas conoscidas (2018: 403).

OUTROS VERSOS

Alén dos poemarios xa analizados, a obra poética de Eiján na nosa lingua multiplícase en abondosas colaboracións en revistas e xornais que conforman un corpus notable aínda sen compilar. Porén, a súa escrita galega recollida en libro complétase co conxunto "En la lengua de mi tierra", quinta das seccións nas que dividiu o volume *Aleteos* (1926), versos sobre os que cómpre engadir agora algunhas consideracións.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Aleteos (A través de Galicia) é unha ampla recolleita que reúne case medio cento de composicións partilladas en cinco bloques: "En torno a la cuna" (doce poesías), "De un lado a otro" (once), "Por entre laureles y cipreses" (sete), "Entretenimientos veraniegos" (nove) e a que aquí interesa, "En la lengua de mi tierra" (sete). Algúns destes poemas tomáronse de libros anteriores, tanto no caso dos textos casteláns (por exemplo de *Cuadros de mi tierra*, 1913) coma no dos galegos, como a seguir se verá.

O primeiro texto do setenario, "Galicia", foi presentado polo autor ao Concurso Literario de Lugo en outubro de 1918 acompañado do revelador lema "¡De pé, gallegos!". En efecto, este canto de exaltación patria deixa sentir, moi patentemente, a súa débeda cos versos do poema "¡En pé!" que Ramón Cabanillas dedicara a Lois Porteiro e incluíra no seu libro *Da Terra asoballada* (1917). Ao igual que no caso do cambadés, hai tamén aquí unha acusada tonalidade hímnica, que transparenta de fondo a súa parentela con "Os pinos" e toda a poesía máis combativa de Pondal.

"Galicia" sorprende dentro da produción do autor pola súa contundencia no ataque a aqueles que asoballan e aldraxan a nosa terra cun centralismo explotador que condena á escravitude o pobo galego (2018: 490):

> se non porque, ladroeiros, cada día
> impúñannos, a torto ou a dereito,
> contribuciós a eito,
> sangradoras da vida máis vizosa,
> ¡Chupar, chupar, chupar!... Y-a triste terra,
> que así pra eles froitaba,
> nin gratitú nin proteución hachaba,
> a decotío co infortunio en guerra.

Ante tanta adversidade histórica, tan só o guieiro do apóstolo Santiago e o Camiño que leva ao seu sepulcro supuxeron para a nosa terra un revulsivo. Por iso Eiján cifra no exemplo e honra do apóstolo o facho que debe marcar o norte da redención da nova Galicia, onde todos os galegos e galegas teñen de se erguer e loitar para ser merecentes de chamáranse fillos dela (2018: 492-493):

> Sí, basta de durmir... ¡de pé, gallegos!
> que os que non ven a luz é que están cegos;
> nin quen fuxe da loita
> *vivas* y-hosannas, coma premeo, escoita.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Fillos da Nai Galicia, ¿a qué aspiramos?
¿Seu amor non sintimos?
¿Sólo en chorar pensamos?
¿E que pra escravos nada mais servimos?...
Por Reina a esa Galicia mal teremos,
se, obrando coma obramos,
a un trono non-a erguemos
onde reine potente.
Negar a Nai ridente
seu trono, crimen é que non se lava
con sangre... ¡Ay, mália a esa gallega xente,
se Nai Reina ter pode, e tenna escrava!

Tamén o segundo desta serie de poemas, "O poeta de San-Clodio (Eladio Rodríguez González)", naceu dunha circunstancia concreta, como avisa unha nota a pé de páxina: "Con ocasión do solemne homax que lle rendeu a Cruña o 8 de Agosto do 1917".

Efectivamente, con esa data celebrouse na cidade herculina unha homenaxe ao seu conterráneo Rodríguez González, presidida polo daquela alcalde, Manuel Puga Parga 'Picadillo'. No marco desta, dedicóuselle un xantar en agradecemento ás case tres décadas que entón levaba de funcionario municipal, pois xa daquela exercía como secretario interino do concello. Nesta xuntanza aproveitouse para impoñerlle a medalla de ouro da Cruz Vermella, institución coa que colaboraba de vello.

Eiján non quixo faltar á homenaxe e escribiu para o amigo un soneto no que lembraba a súa nacenza sanclodiana, destacaba a súa entrega á causa de Galicia, a súa lingua e a súa escrita e manifestaba o desexo de que o seu afán frutificase nun porvir mellor para a nosa terra.

Tamén ditado pola ocasión dun recoñecemento naceu o terceiro dos poemas desta serie: "N-o homax a Rosalía". Igual que no caso anterior, o pé de páxina volve darnos a clave explicativa: "Celebrado en Viana do Castelo (Portugal) po-l-o Instituto Histórico do Minho. Foi declamada esta poesía n-a sesión d'a Academia, o 2 de Agosto de 1923".

Por tanto, a poesía foi inicialmente a contribución coa que Eiján participou na homenaxe de Viana do Castelo organizada polo Instituto Histórico do Minho o 15 de xullo de 1923, coincidindo co aniversario de Rosalía, reunión na que tamén participaron pola parte galega Antonio Noriega Varela, Álvaro de las Casas, Jaime Solá e Francisco Luis Bernárdez, enviando textos de adhesión para a súa lectura e poemas para ser recitados por Roberto Blanco Torres e Ramón Fernández Mato.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Máis tarde, a composición foi declamada na Academia e, finalmente, recollida nas páxinas do bisemanario *A Aurora do Lima* (4/IX/1923).

"N-o homax a Rosalía" é un longo poema, dos máis extensos do escritor, no que abunda na devoción literaria pola figura da Cantora do Sar e o que ela representa para o pobo galego. A composición enxalza a beleza da Terra e manifesta o seu pesar por non ser o autor quen de cantala tan sublimemente como o fixera a creadora de *Follas novas*. Tamén fai un repaso dalgúns dos seus máis salientables fitos históricos e das súas xeografías máis características.

A seguinte poesía, "¡Veñan as nubes!", non ten indicación ningunha sobre a súa data de composición nin o motivo do seu xurdimento. Unicamente se consigna que o poema ten "Múseca do Maestro J. Pomar", polo que cabe supoñer que este texto xunto ao titulado "¡Vinde, brisas!" —tamén coa mesma indicación de ter sido musicado por J. Pomar— naceron para ser cantados nalgún tipo de evento ou celebración e de aí a coincidencia tamén na súa escusa atmosférica e gabanza da fermosura de Galicia e a querenza por esta. Así, se en "¡Veñan as nubes!" o que se salientan son as bondades da chuvia para manter verde e vizosa a nosa terra, no caso de "¡Vinde, brisas!" é o aloumiño das "brisas sinxelas" e o noso "sol feituco feituqueiro" o que xustifica o esplendor dos nosos xardíns e eidos.

Baixo a común rúbrica de "Manuel Lago González. Etapas da sua vida" agrúpanse catro composicións seriadas e numeradas: "I. ¡E váise! (De Lugo a Osma)", "II. ¡E volve! (De Osma a Túy)", "III. ¡E ven! (De Túy a Compostela)" e "IV. ¡E voa! (De Compostela ó Ceo)". Os títulos son, como se ve, ben descritivos do contido e sentido da serie.

A primeira das entregas, "¡E váise! (De Lugo a Osma)", está dedicada "Ós meus amigos de Túy" e foi escrita, como reza o colofón, en marzo de 1910. Esta poesía, tal como lembra o propio Eiján nunha nota final ao conxunto, "pubricóuse en *Mágoas*, 2ª edic., páxs. 108-109" e ideouna para homenaxear o relixioso amigo pola súa consagración como bispo de Burgo de Osma.

A segunda das entregas, datada en agosto de 1918, tamén fora publicada xa, concretamente "n-o extraordinario de *La Integridad*, conmemorativo da toma de posesión do Dr. Lago da sede tudense", tal como aclara Eiján, quen dá así razón deste texto laudatorio que se congratula polo regreso bispal do amigo á súa terra natal e exhorta os tudenses a que o reciban exultantes (2018: 501):

> E volve... ¡Axuntádevos, tudenses! poñede
> os ollos do peito n-aquel que a vos ven.
> Saídelle ô paso, brincade, correde...
> ¡Qué afouto en traérvolo prouxímase o tren!

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

As dúas últimas entregas da serie, pola contra, non viran luz antes, senón que se adicionan para este libro co fin de completar a pequena biografía en verso de Lago González. Unha, "¡E ven! (De Túy a Compostela)", fora escrita en abril de 1924 e subliña a ledicia polo traslado do relixioso de Tui a Compostela para ocupar a cadeira da sé arcebispal, esporeando hiperbolicamente os composteláns a que se congratulen e aplaudan a súa chegada (2018: 503):

> Veña ô pobo que agárdao, fervente en ledicia,
> pra reinar dende o trono de luz xacobeo...
> que quen reina dende él, casque reina en Galicia,
> ¡e reinar en Galicia é reinar xunto o ceo!

Da súa parte, "¡E voa! (De Compostela ô Ceo)" escribiuse en marzo de 1925, polo tanto xusto tras o pasamento de Lago González, acontecido, precisamente, o dezaoito daquel mes. Neste texto o ton elexíaco colórao todo e tan só a esperanza firme de que o amigo está nunha dimensión mellor gozando da gloria de Deus é quen de mitigar no autor a dor pola súa perda (2018: 504-505):

> Mais, ¿qué dixen: morreu?... Non, non morre
> quen rí n-a agunía, quen leva n-a y-alma
> a vida de vida de amor sempre en festa
> que eiquí ve un desterro y-enriba unha Pátrea,
> a Pátrea dos xustos,
> que eterna floresce, que nunca se acaba.

A derradeira das composicións que integran "En la lengua de mi tierra" é a titulada "O río Miño", igualmente acompañada dunha nota explicativa a pé de páxina que aclara foi "pubricada n-o número extraordinario de *Aurora do Lima*, do 5 de Xaneiro de 1923". Con posterioridade foi recollida noutros lugares, por exemplo no *Boletín da Real Academia Galega* (274-276, 1943) ou no especial que coordinou Antonio Couceiro Freijomil no suplemento "Plumas y Letras" do xornal compostelán *La Noche* polo seu cabodano (14/XII/1946).

A poesía itera unha idea central: o río non é unha "traidora/ serpe de división entre ambas terras", senón o cristal "onde seus paisaxes/ con esprendor de edén xuntas espellan;/ o reino onde os barqueiros dos dous pobos/ veñen e van sin atopar fronteiras".

En resumo: "En la lengua de mi tierra" compila maioritariamente versos xa dados a coñecer antes, xurdidos sobre todo para celebrar datas ou sucesos, son versos nos que afirma a querenza por Galicia e os seus eidos natais, a devoción

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

rosaliana, a amizade admirativa pola figura amiga de Manuel Lago González e a condición fraterna que une as nosas terras coas lusas.

O LEGADO EIJÁN

Samuel Eiján foi un dos máis importantes poetas relixiosos galegos. A súa é unha teopoética que asenta nunha visión radicada do transcendente; é dicir, o camiño que conduce a Deus ten unha orixe, un lugar do canto que é, ao tempo, nacenza e espello de todo. Galicia e, dentro desta, o seu Ribeiro natal.

Nas súas palabras: "en mi escritorio ocupa el puesto de honor el escudo de Galicia y ese escudo tiene en su centro una Custodia, en la que me imagino a Dios en exposición permanente" (1913: V). Por tanto, a escrita de Eiján vai da súa Terra ao Ceo de Deus, da transitoriedade do vivir terreal á magnificencia da eternidade celestial.

Os tres libros de poesía que publicou na nosa lingua, agora recollidos na edición da súa *Poesía reunida* (2018), teñen como columna vertebral esta idea, que irisa en subtemas varios como a saudade da infancia, o laio pola dureza da emigración, a loa de Deus, a atención á institución e culto relixiosos, a contraposición de materialismo e espiritualidade, a proxección da melancolía vital na contemplación da paisaxe ou a percepción da vida como un val de bágoas, tránsito fatigoso cara á eterna felicidade do Alén no Señor.

Todo este territorio teopoético concrétase en cada unha das tres obras nunha estrutura distinta, mais cunha retórica e estética parellas, un universo de influencias común e conexións coincidentes cos libros de versos en castelán do autor.

A importancia de Eiján como poeta relixioso galego foi posta de relevo dende ben cedo e mantívose ata hoxe. No seu tempo foi recoñecido coa designación como membro da Real Academia Galega, do Seminario de Estudos Galegos ou do Instituto Histórico do Minho e na actualidade os seus textos son estudados e escolmados en manuais e antoloxías (Requeixo 2018: 61-68).

Á vista de todo o exposto, pódese afirmar que a poesía relixiosa en galego de Samuel Eiján constitúe unha achega de indubidable valor. Oxalá estas páxinas contribúan a tal recoñecemento e axuden a nos revelar as súas mágoas, abrirnos a súa alma e conmovernos co seu exemplo seráfico na lingua da nosa terra.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Carballo Calero, Ricardo (1963): "Samuel Eiján", en *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia, 493-494.

Eiján, Samuel (1913): *Cuadros de mi tierra*. Santiago: Tipografía de 'El Eco Franciscano'.

———— (2008): "Samuel Eiján", en Xosé Filgueira Valverde, *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada*. Pontevedra: Museo de Pontevedra, 92-96. Edición de Ana Acuña e Xesús Alonso Montero.

———— (2018): *Poesía reunida*. Santiago: Provincia Franciscana de Santiago / Xunta de Galicia / Real Academia Galega. Edición de Francisco Leira Castiñeira e Armando Requeixo.

Kuschel, Karl Josef (1999): *Os escritores e as escrituras. Retratos teológicos literários*. São Paulo: Loyola.

Requeixo, Armando (2018): "A teopoética de Samuel Eiján: da Terra ao Ceo", en Eiján 2018: 41-72.

Rodríguez Fer, Claudio (2012): "Valente en Galicia: quedar para siempre", en Claudio Rodríguez Fer (ed.), *Valente vital (Galicia, Madrid, Oxford)*. Santiago de Compostela: Universidade, 13-168.

Villar, Miro (2000): "*D'a-y-alma. Versos gallegos*", en *Diccionario da literatura galega. III. Obras*. Vigo: Galaxia, 125-127.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 483-501
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 503-518
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.744

O GALEGUISMO CATÓLICO ENTRE O REXIONALISMO E O NACIONALISMO

CATHOLIC GALICIANISM: BETWEEN REGIONALISM AND NATIONALISM

Justo Beramendi
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: Análise do rexionalismo católico-tradicionalista galego, marco ideolóxico no que se encadra o pensamento do franciscano Samuel Eiján, e co que comparte un tradicionalismo basal, certas prácticas de apostolado socialcatólico, a oposición aos movementos e sistemas políticos especificamente contemporáneos e un dobre patriotismo no que cohabitaban o amor e a vindicación de Galicia no plano lingüístico, étnico e histórico coa lealdade á nación española no plano político.

Abstract: This work is an analysis of Catholic regionalism in Galicia, the ideological framework for Franciscan Samuel Eiján. The main coincidences are the basal traditionalism, some methods of socialcatholic ministry, the opposition to modern political systems and modern political movements and a dual patriotism in which love and the vindication of Galicia on an ethnic, linguistic and historical basis with political loyalty to the Spanish nation co-exist.

Palabras chave: Samuel Eiján, Alfredo Brañas, galeguismo, rexionalismo, tradicionalismo, catolicismo.

Key words: Samuel Eiján, Alfredo Brañas, Galician regionalism, traditionalism, Catholicism.

O obxecto destas páxinas é describir as coordenadas ideolóxicas nas que se encadra a obra non estritamente relixiosa de Samuel Eiján, da que se fai unha análise moi completa noutras contribucións do presente volume. Esas coordenadas son as do sector católico-tradicionalista do rexionalismo galego, ben estudado xa dende hai anos (Máiz 1983, 1984; Beramendi 2007: 245-265).

Que eu saiba, Samuel Eiján non militou formalmente en ningunha das organizacións coetáneas do galeguismo político. O seu nome non aparece nos meus censos de afiliados da Asociación Regionalista Gallega (1890-1893), da Liga Gallega da Cruña (1897-1907), da Liga Gallega de Santiago (1898-1900), das Irmandades da Fala (1916-1931) nin do Partido Galeguista (1931-1936). Aínda así, as pegadas das ideas dalgúns dos principais ideólogos de dereita desas organizacións, nomeadamente de Alfredo Brañas, son moi claras nos escritos de Eiján e nas súas actitudes respecto de Galicia e de España. Cómpre, xa que logo, repasarmos os trazos maiores tanto desa ideoloxía de referencia como da relación entre galeguismo político e tradicionalismo católico.

Como ben sabemos, a primeira forma do galeguismo político é o provincialismo (1840-ca.1885; Barreiro 1977; Beramendi 2007: 71-200). Nado en 1840-1846 como tendencia diferenciada no seo da sección galega do partido progresista español, mantívose fiel a esa única matriz ideolóxica liberal durante toda a súa existencia, que abrangue o período isabelino, o sexenio democrático e a primeira década da Restauración. Neses tempos a Igrexa galega, e moi especialmente a súa xerarquía, apostou maioritariamente nun principio polo carlismo (modulación de extrema dereita do patriotismo español prenacional) e, só despois das sucesivas derrotas deste, foi derivando lenta e parcialmente cara ás variantes máis conservadoras dun nacionalismo tamén español. En suma, era moi impermeable aos gromos de galeguismo, polo que as influencias mutuas provincialismo-catolicismo político foron practicamente nulas. De feito, poden contarse cos dedos dunha man, e sobran dedos, os persoeiros de ideoloxía católico-tradicionalista, como o impresor lugués Manuel Soto Freire ou o crego e gramático Juan Antonio Saco Arce, que simpatizaron ou colaboraron co provincialismo e só coa súa dimensión literaria (o chamado Rexurdimento), nunca coa política.

Este distanciamento remata nos inicios da segunda forma do galeguismo, o rexionalismo (ca. 1885-1916/18), que perde a homoxeneidade relativa do seu predecesor. Agora as diferentes variantes do liberalismo (moderada, progresista, democrática unionista, democrática federalista) empezan a compartir a defensa da identidade e dos dereitos específicos de Galicia cun tipo de pensamento, non só diferente, senón mesmo antagónico en moitos aspectos.

Pechada definitivamente a vía insurreccional do carlismo en 1876, a derrota provoca no último cuarto do século XIX derivas de partes do tradicionalismo español a diversos particularismos, de modo que un sector mutará en nacionalismo vasco, outro revitalizará o catalanismo tradicionalista e outro introducirá no galeguismo esta variante até entón ausente. Todos procuran así novos instrumentos políticos ao servizo da mesma finalidade defensiva da vella orde, nuns aspectos totalmente extinguida, noutros aínda viva pero en retroceso. Esta motivación

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 503-518
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

común, que reloce sen disimulos nas súas manifestacións, é unha das claves principais para entendermos tanto os seus discursos como as súas accións. No caso galego, o teórico maior desta ideoloxía, paradoxalmente "nova", é sen dúbida Alfredo Brañas.

Como todos os tradicionalismos peninsulares do século XIX, o rexionalista galego pivota sobre dous elementos complexos fundamentais: un catolicismo que se considera modelo insuperado e insuperable de civilización e matriz de todo coñecemento verdadeiro; e un historicismo tradicionalista que, a diferenza do liberal, consiste en considerar que só son lexítimas e xustas aquelas formas políticas e aquelas relacións sociais que están validadas pola súa historicidade, canto máis antiga mellor. Do primeiro elemento vén o rexeitamento de toda cosmovisión non católica e, moi en especial, do racionalismo iusnaturalista e de todos os seus renovos filosóficos, xurídicos e políticos. Segundo Brañas (1887b: 24) racionalismos e idealismos, de Descartes a Hegel, contribuíron "al estado de decadencia en que nos hallamos" e xeraron ese "naturalismo político" que é "causa de todos los males que nos afligen". De aquí os seus feroces ataques ao pactismo iusnaturalista e ao enciclopedismo. Como dirá con frase lapidaria (1899b: 11): "Bacon y Descartes fueron las premisas, Locke la consecuencia. En este silogismo infame se funda toda la ciencia y toda la política del siglo XVIII". Por isto e porque "todos los actos humanos, y por lo tanto los jurídicos, caen inicialmente bajo el dominio de la moralidad, porque el fin político de los hombres no puede separarse del fin eterno" (1887a: 205), cómpre oporse a toda concepción da sociedade e da política non inspirada no catolicismo.

Do segundo elemento nace a oposición a toda visión liberal da historia, a procurar no pasado precedentes lexitimadores da liberdade política moderna e da soberanía popular, pois o que ensina a historia, segundo Brañas (1899a) é xustamente o contrario. O seu historicismo funciona tamén como criterio complementario e subordinado de verdade, pero a "verdade" que busca na historia é outra. E así como no primeiro provincialismo detectamos a tripla articulación cristianismo-historicismo-liberalismo, e no Murguía rexionalista a de organicismo-historicismo-liberalismo, en Brañas e nos seus seguidores aparece a cuádrupla articulación catolicismo-historicismo-organicismo-tradicionalismo, na que os elementos predominantes son o primeiro e o cuarto.

Deste modo a historia úsase para negar as liberdades políticas modernas e asemade para lexitimar as "liberdades" antigas (isto é, os privilexios estamentais ou corporativos), únicas auténticas por seren as que a Igrexa bendiciu e sancionou durante séculos. Por iso Brañas (1891a: 8-9) eloxia "os Xogos Froraes gallegos, chamados como n'outros países, a fortalecer o caráuter popular, a facer revivir as antigas libertades, a conservar as costumes", e por iso salienta o protagonismo

dos sacerdotes nesas actividades pois "eles conocen o moitísmo que vale pr'a salvación d'a pequena pátrea o arraigo d'estas institucións qu'a Eirexa agarima e bendice, como fortes colunias d'a verdadeira libertá dos povos". A íntima vinculación entre patriotismo, relixión, historia e tradición resulta aínda máis evidente no discurso que pronuncia, nos mesmos actos de Tui, o maxistral da catedral, Antonio Cerviño (1891: 16). Logo de declararse afervoado rexionalista, canta "las bellezas sublimes de la Religión y la Fe" e lembra que

> La patria [gallega] es la historia de nuestros padres, la esperanza de vuestros hijos, el depósito de sagradas tradiciones; es lo que fue, lo que es y lo que será; porque sin padres, sin hijos, sin abuelos, sin ascendientes, sin sepulcros, sin glorias, sin desgracias, sin tradiciones, no se comprende la patria.

Alenta aquí ese sufraxio universal dos séculos, esa idea da nación como "a terra e os mortos" dun Maurice Barrès ou como asociación non só entre os vivos, senón entre os vivos, os mortos e os que han nacer dun Edmund Burke, tan centrais en todo o tradicionalismo político europeo, católico ou non, dende principios do século XIX. De aquí procede tamén a noción da "naturalidade" da constitución social e política tradicional, que neste sentido se concibe como un organismo histórico, como unha auténtica persoa colectiva.

A defensa da tradición dá lugar inevitablemente á negación do mundo moderno que a destrúe, como pon de manifesto esta pasaxe do discurso de Fernández Herba (1891: 3):

> todo ello nos demuestra que aún existe fuerte, vigoroso y potente entre nosotros el culto de lo pasado, alma del verdadero patriotismo, el sentimiento de la tradición, santuario de todas las libertades; y que no somos todavía náufragos de esa política, de esa civilización enemiga de lo que fué y de lo porvenir, que va nivelando lo que ha sido por lo que es, y sustituyendo la fraternidad del amor pátrio por los ódios y rivalidades de los partidos, nuestra gigante historia de ayer por nuestra pequeña historia de hoy, los templos de la Religión y la Ciencia por los de la Bolsa […] civilización que no legará á los venideros siglos más que un cementerio inmenso, en el cual difícil será encontrar el mausoleo de las grandes conquistas del progreso entre los innumerables de la corrupción y la infamia, del ateísmo y la desvergüenza.

Esta civilización inimiga a combater aséntase en dous esteos maiores, un político (os sistemas liberais) e outro económico (o capitalismo). Verbo do primeiro, Brañas é contundente no seu anatema (1887a: 96):

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 503-518
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

> La doctrina del pacto social es peligrosa para el orden social y la paz de los Estados [...] equivale a establecer como principio del orden jurídico, público y privado el imperio de las mayorías y el sufragio universal [...] residiendo el poder esencialmente en el pueblo, este sería dueño de cambiar a su placer la constitución del Estado. Por este camino llega a legitimarse el principio ilegal de las revoluciones y el despotismo de las masas.

A condena dos fundamentos teóricos do sistema liberal ten que ir acompañada do rexeitamento das súas consecuencias institucionais e organizativas: liberdades de expresión, asociación e reunión, eleccións e parlamentos non corporativos, partidos políticos etc. En conexión con este antiliberalismo retrógrado está un anticapitalismo inspirado no desexo de resurrección ou conservación dos gremios e das formas precapitalistas de propiedade e explotación da terra. Algo que serve de paso para denunciar o "despojo" dos bens raíces da Igrexa pola Desamortización. E consecuentes co seu achegamento doutrinario á realidade atribúen a causas ideolóxicas a destrución da vella orde económica a mans do capitalismo, e concretamente "á las novísimas ideas democráticas é igualitarias, á los dogmas de la libertad, de la soberanía popular y del individualismo político" (Brañas 1892: 86). Pero as responsabilidades do tándem liberalismo-capitalismo, disgregador da harmoniosa sociedade precedente, non acaban aí, porque ademais abre as portas a un perigo novo e máis terrible: a revolución social igualitarista, movida por doutrinas máis perversas se cabe: socialismos premarxistas e marxistas, anarquismos e outros colectivismos.

Porén, na enumeración dos males vai implícita a dos remedios. Posto que todo é culpa da desaparición do nome de Deus do corazón das xentes; da ruptura social do organismo comunitario polo individualismo e as liberdades económicas, coa conseguinte disociación de traballo e capital; da alteración da constitución "natural" da sociedade pola hipertrofia da cidade en prexuízo do campo e da moderna clase obreira en prexuízo dos demais tipos de traballadores; da creba do corporativismo político e do seu equilibrado sistema de liberdades concretas para substituílo pola atomización individualista e a liberdade abstracta que se torna despotismo encuberto, parece evidente que a única alternativa desexable é o retorno a eses bens perdidos, a procura dun futuro para o pasado. E para isto hai que se esforzar por resucitar a tradición en todas as súas dimensións.

Na do pensamento e o sentimento, mediante unha guerra de reconquista cristiá das vontades que faga retroceder as malas ideas en todo o corpo social e moi especialmente naqueles grupos sociais (sobre todo obreiros e artesáns urbanos, mais tamén xornaleiros rurais e partes das clases medias) que, sendo os máis numerosos e produtivos, máis se afastaron ou se poden afastar da Igrexa pola

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 503-518
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

influencia de doutrinas disolventes. E o rexionalismo tradicionalista, igual que os sectores máis espertos do catolicismo europeo, comprende que para esa guerra xa non abonda coas vellas armas dos anatemas antiliberais e antisocialistas guindados dende o púlpito ou dende a "boa prensa", pois agora non chegaban coa debida eficacia aos seus destinatarios. Por iso enrólanse na teoría e na práctica do socialcatolicismo, sobre todo dende que teñen a venia papal coa encíclica *Rerum Novarum* promulgada en 1891 por León XIII. De aquí a proliferación de Círculos Católicos de Obreiros, de sindicatos agrícolas católicos e de asociacións de propagandistas e de organizacións xuvenís para o deporte, o excursionismo ou outras formas de lecer, iniciativas todas impensables en cregos e frades unhas décadas antes e das que, por certo, participou o noso franciscano.

Na dimensión política, a solución está no regreso ás "liberdades e franquicias" preliberais. É aquí onde adquire pleno sentido o rexionalismo para algúns tradicionalistas, que o conciben como ariete para a demolición do Estado liberal centralista. Sobre as súas ruínas ergueríase un edificio político que intentaría recuperar iso que chamaban "constitución histórica da monarquía española" (histórica dos Austrias, non dos Borbóns, digo eu). Tal constitución era unha estrutura descentralizada e corporativa, depurada de cousas como a sociedade estamental xa impresentables mesmo para un tradicionalista, na liña da "monarquía federativa" de Juan Vázquez de Mella e que Alfredo Brañas desenvolve polo miúdo na súa obra maior, *El Regionalismo* (1889). E para xustificar esa recuperación nada mellor que afirmar as identidades culturais e históricas dos vellos reinos (hoxe rexións) e a conseguinte lexitimidade das súas arelas de descentralización, descentralización, iso si, que nunca debería poñer en cuestión a soberanía única da nación española. Para todo iso, nada mellor que o rexionalismo "sano y bien entendido".

E isto lévanos a ver que conceptos de nación e rexión manexaban, algo imprescindible para entendermos as súas actitudes respecto da identidade galega. Por fortuna, Alfredo Brañas, se cadra pola súa formación xurídica, procuraba sempre precisar os contidos conceptuais dos termos que empregaba, o que facilita o noso labor. Para empezar, establecía a coñecida diferenza entre Estado e Nación (1889: 30):

> La idea de Estado no debe confundirse con la de Nación: aquella indica una relación de derecho, un vínculo puramente legal que enlaza a los ciudadanos entre sí, y a todos ellos con el poder público, y esta expresa una idea más amplia, comprendiendo a las familias que viven en determinados territorios, reconociendo un origen común, a través de accidentales transformaciones, y tienen historia, lenguaje, tradiciones y costumbres comunes.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 503-518
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Aparentemente estamos perante a típica disociación organicista entre a estrutura política da comunidade e a súa esencia nacional, esencia que se define exclusivamente pola etnicidade e a historicidade. A mesma impresión dá cando define a rexión como substrato obxectivo do que nace o rexionalismo, definición na que aínda é máis clara a influencia do organicismo murguiano (1889: 57, 59, 115-116):

> El regionalismo es una aspiración constante de los pueblos: así lo demuestra la tendencia a la vida en común de los individuos de una misma raza, las dificultades que se ofrecen a los gobiernos de extensos territorios, los hábitos y costumbres de familias que moran encerradas dentro de ciertos límites geográficos y la afinidad ingénita entre los que disfrutan de iguales placeres en el gran banquete de la naturaleza, viven y se desarrollan bajo ciertas influencias climatológicas, hablan el mismo lenguaje y recuerdan instintivamente su antiguo parentesco.

Porén, a lectura atenta destas definicións indica que os elementos definidores referidos ás estruturas políticas ou sociais no son realmente excluídos do concepto de nación, senón que simplemente se consideran insuficientes o que esixe o concurso da obxectividade orgánica e histórica. De aí a mención aos principios eternos e ás familias como unidades primarias do corpo nacional. O sentido desa presenza revélase noutras pasaxes, como cando di expresamente (1891c: 2):

> Los regionalistas no admitimos ningún factor común á que tiendan, jerárquicamente dispuestos, los elementos constitutivos de la nación, tales como las fronteras naturales, la raza, la lengua, las costumbres, y la religión ó las creencias. Para nosotros la nacionalidad resulta de la combinación misteriosa é incomprensible de todos esos factores, **enlazados por el derecho, la historia y la conciencia íntima de una personalidad característica**, propia e individual y distinta, por lo tanto, de otras entidades análogas. El gallego no se dice y se cree hijo de Galicia, porque haya estudiado y comprenda cuál es su procedencia etnográfica, ni porque hable un lenguaje que no se parezca á los demás, ni porque sepa que salvando las fronteras se encuentra con otros individuos desemejantes, sino que se siente gallego porque tiene conciencia de su personalidad típica, intereses creados y derechos adquiridos á la sombra protectora de seculares **instituciones** y porque aprecia y conoce la diferencia específica que de los demás le separa. Y esta conciencia que los pueblos tienen de su **libertad natural**, este sentimiento de identificación con unos y de desemejanza con otros, **es lo que constituye y forma el concepto de nacionalidad**. [As letras grosas son miñas].

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 503-518
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Aquí aparecen nidias as diferenzas entre o concepto de nación de Brañas e o de Murguía. O que neste era predominio e autosuficiencia da etnicidade e xerarquización raza-territorio-lingua-*Volksgeist*-conciencia nacional, en Brañas é enumeración dos mesmos elementos con outros engadidos, pero estruturados doutra maneira. Os elementos étnico-obxectivos seguen a ser necesarios, pero xa non son suficientes, pois ademais da súa presenza é preciso que sobre eles —sorte de materia prima da nacionalidade— incidan outros. Este segundo, e superior, grupo de factores está formado por: a) o Dereito, ou ordenación xurídica da sociedade no civil e no político; b) a historia, que na visión tradicionalista é algo máis que o marco espazo-temporal no que se xesta a etnicidade, pois é tamén e sobre todo a legataria das institucións verdadeiramente lexítimas; e c) a conciencia colectiva da propia personalidade nacional, conciencia que neste caso non pode confundirse nin dar lugar á vontade política soberana do pobo, malia o que ascende á posición dominante pois é concibida nada menos que como elemento "que constituye y forma el concepto de nacionalidad". E isto obríganos a indagar que contidos ten esa conciencia e que papel se lle atribúe.

No parágrafo seguinte ao citado, Brañas engade que, se ben "el orden religioso es superior e independiente del orden social y político" polo que la "religión no puede jamás constituir ni servir de base á las nacionalidades" (no sentido dunha identificación relixión=nación que fose excluínte en calquera das dúas direccións), non por iso deixa de ser a relixión "uno de tantos elementos integrales, quizás el de mayor importancia, que componen la entidad nacional" e "factor esencial" e "fortísimo lazo de unión nacional" na "constitución y desenvolvimiento de las nacionalidades". Se a isto sumamos que Brañas concibe a relixión como forma total de civilización e lembramos as súas indicacións de que a conciencia nacional nace e medra ao abeiro das vellas institucións, non parece aventurado deducir que, para el, esa conciencia equivale en boa medida a asunción colectiva da tradición (institucións, relixión e etnicidade incluídas).

Agora ben, como conciliar a asunción da nación española, que nos tradicionalistas non ten fendas, e a defensa da súa constitución histórica e da súa organicidade cunha idea de Galicia cortada polo mesmo padrón? Máxime cando o propio Brañas (1889: 56) recoñece que usa conceptos idénticos para nación e rexión: "La idea de regionalismo o regionalidad es de la misma categoría, y aun diremos mejor, de la misma naturaleza que la de nacionalidad". Para solucionar este problema Brañas, que non é un protonacionalista galego á maneira de Murguía senón un españolista rexionalista, establece unha xerarquización moi clara entre nación e rexión, entre a nacionalidade plena das nacións-Estado ou "patrias grandes" e a nacionalidade incompleta, subordinada ou incipiente das

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 503-518
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

rexións ou "pequenas patrias",[1] distinción que se remonta nada menos que ao Pai Feijóo.[2] Nisto é coherente cos estritos límites que impón ás reivindicacións rexionalistas. Pero esa coherencia entre proxecto político e xustificación teórica tórnase incoherencia entre o status nacional que adxudica ás rexións e o feito de que as defina igual que ás nacións, porque o certo é que, cando descende do plano teórico-abstracto ao histórico-concreto, acaba prevalecendo sempre, sobre calquera outra consideración, o seu desexo de respectar o *statu quo* dos Estados existentes. En xeral, só concede categoría de nación ao conxunto dos cidadáns dun Estado, aínda que entre eles haxa diferenzas étnicas moi acusadas. E así (1889: 35-36):

> en algunos Estados como España, Austria e Italia ha sucedido que, acumulándose las familias dentro de los mismos límites definitivos de aquellas nacionalidades y sin perder nada de sus cualidades comunes, han llegado a formar regiones que se diferencian entre sí por ciertos rasgos característicos, que las individualizan dentro del mismo régimen unitario del Estado [...] la agrupación regional forma por tradición y por necesidad histórica y política un solo todo con el Estado, pero vive dentro de él con vida independiente y exclusiva, sin confundir su esfera de acción con la de los intereses nacionales.

E na mesma liña cualifica a Irlanda de rexión e, se ben considera a posibilidade de que a opresión que sofre por parte do Estado británico leve á "constitución de una nueva nacionalidad", expresa a súa esperanza de que isto non aconteza porque "el regionalismo salvará a Irlanda" (Brañas 1889: 123).

En suma, un concepto específico de nación —diferente do murguiano malia certos elementos comúns— e a súa modulación en dous graos xerarquizados de plenitude nacional —nación e rexión— permiten a esta tendencia do rexionalismo galego contar co apoio teórico máis útil para elaborar o seu proxecto de reconversión tradicionalista da sociedade galega en conexión coa contrarreforma do

1 *Vid*., por exemplo, o seu discurso nos Xogos Frorais de Tui (1891b: 7-8), onde, logo de dar unha definición de patria moi semellante ás de nación e rexión xa recollidas aquí, engade: "pero no siempre la pátria se corresponde exactamente con la nación y el estado: la nacionalidad eslava podemos decir que es el nervio del oriente de Europa, y vemos que se halla repartida en varios estados [...] pero ni esa gran nacionalidad puede llegar a constituir un gran Estado, como quisieran los paneslavistas, ni tampoco una sola pátria [...] Y sin embargo, forma una sola nacionalidad, pero muchas pequeñas pátrias, y por desgracia ningún Estado independiente".

2 *Vid*. Feijóo (1726-1739), en particular os discursos "Paralelo de las lenguas castellana y francesa" (1726), "Antipatía de franceses y españoles" (1728), "Mapa intelectual y cotejo de las naciones" (1728) e "Amor de la patria y pasión nacional" (1729). *Vid*. tamén Beramendi (2011).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 503-518
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Estado liberal, e todo isto sen poñer en cuestión, nin sequera conceptualmente, a integridade nacionalmente española do Estado.

Vexamos agora como se aplica todo isto a Galicia. Apoiándose en Murguía fundamentan o seu rexionalismo no pasado (Brañas 1889: 145-146):

> El regionalismo español es muy antiguo. Las razas primitivas que poblaron nuestro suelo, divididas y separadas por ciertos límites naturales, se constituyeron en agrupaciones familiares primero, y en tribus confederales después, hasta que llegaron con gradual lentitud á formar amplias regiones con vida y carácter propios [...] Nueve regiones formaron primitivamente el territorio ibérico, y conservaron su fisonomía particular durante la dominación romana, en el período visigótico, á través de los siglos de la reconquista y después de consagrada en el siglo XV la unidad nacional. Dichas regiones por el orden en que hemos de estudiarlas son: la Basco-nabarra, la Aragonesa, la Asturiana, la Catalana, la Valenciana, la Mallorquina, la Castellano-Leonesa, la Bético-extremeña y la Gallega.

As mencións á raza e á influencia xeográfica na xénese deses entes pode facer pensar que estamos perante unha pura repetición do enfoque murguiano. Pero non é así. A xerarquización conceptual nación-rexión aplícase, como é lóxico, ao par Galicia-España. En particular, agroman con forza dúas diferenzas substanciais co achegamento protonacionalista galego de Murguía. En primeiro lugar, o pasado español non se reconstrúe en forma de desenvolvemento paralelo e conflitivo de etnias-rexións nacionalmente distintas entre si que só se unen politicamente a finais do século XV, senón que se concibe como o proceso, esencialmente harmónico dende o principio, de conformación progresiva dun único organismo nacional do que a verdadeira constitución intrínseca consiste na integración gradual, e moi temperá, desas rexións nunha síntese nacional superior, que é España. Unha España que, para Brañas como para todos os tradicionalistas finiseculares, non é un mero Estado, senón unha nación complexa na que a presenza de sub-organismos diferenciados —as rexións— non mingua un chisco a identidade nacional do conxunto. Por iso fala de "regionalismo español" antes e despois de "consagrada" —que non iniciada ou formada— a unidade nacional española, e non de rexionalismos en España. É a mesma idea que o neocarlista Juan Vázquez de Mella (1916: 243-247) expresará anos despois mediante a metáfora do río e os seus afluentes: a nación española era o río e as rexións os seus afluentes. As identidades das segundas nin impiden nin negan á da primeira e todas viven indisolublemente unidas.

En segundo lugar, e en parte como consecuencia do anterior, Brañas mestura o criterio organicista etnolingüístico co criterio histórico-político na identificación

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 503-518
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

dos entes rexionais, cun claro predominio deste último, pois as "regiones" que enumera coinciden máis cos antigos reinos e principados da vella monarquía española que con nacionalidades nun sentido moderno.

E isto lévanos a un dos caracteres centrais do pensamento rexional-tradicionalista: a omnipresente saudade da sociedade medieval, compendio de virtudes de todo tipo e berce da constitución política "natural" de España, caracterizada pola harmónica xerarquización de "libertades" corporativas, estamentais e rexionais que despois se foron perdendo, primeiro a causa do absolutismo, logo por culpa do "despotismo liberal" contemporáneo. Liberdades e constitución que é preciso recuperar para devolver a España a tamén perdida grandeza (Brañas 1889: 195-196).

O único que nega o rexionalismo tradicionalista, e con toda enerxía, é a España liberal, pero non en canto España, senón en canto liberal. Polo tanto, o seu verdadeiro referente de negación non é un ente nacional alleo, senón un sistema sociopolítico que se quere erradicar da nación propia (España). Por iso o antiseparatismo de Brañas non nace de consideracións de conveniencia político-económica, como en Murguía ou no nacionalismo galego posterior, senón dun auténtico españolismo en modulación rexionalista, ancorado no convencemento de que o mellor para España —e non só para Galicia— é o retorno á descentralización dos antigos reinos. De aquí a súa insistencia en que as rexións deben "conservar y defender la nacionalidad española sin perjuicio de su propia independencia" (1889: 28), fórmula formalmente similar á do republicanismo federal, malia o abismo que separa en todo o demais estas dúas ideoloxías.

Mercé a estas piruetas teóricas Galicia "puede y debe vivir como un organismo perfecto dentro de la unidad de la patria española" ou, noutras palabras, "Galicia libre dentro de la España libre" (1891b: 10). En conclusión, Brañas, e con el todo o rexionalismo tradicionalista, concibe Galicia como unha rexión española en sentido estrito.

Vexamos agora brevemente como perciben a situación de Galicia. Igual que as outras tendencias do rexionalismo, parten da constatación tanto da postergación da lingua e da cultura propias como da índole basicamente rural, agraria e preindustrial do país. Respecto das primeiras propoñen, como todos os rexionalistas, diversas medidas para a súa defensa e normalización, entre as que salienta a cooficialización do idioma. E así, Brañas, na Base 24 das súas inéditas *Bases Generales del Regionalismo y su aplicación a Galicia*, recuperadas por B. Cores (1973) di:

> El Regionalismo, que profesa el dogma de las dos patrias, es decir, de la patria común española y de la regional admite como necesarios, armónicos y mutuamente complementarios dos lenguajes, el común y el regional.

> El lenguaje interregional o común será el castellano por ser entendido y hablado generalmente en todas las regiones.
>
> El lenguaje regional gallego será de uso potestativo entre los naturales de nuestra región, tanto en la esfera oficial y pública como en la privada, y obligatorio en las Escuelas primarias en concurrencia con el castellano.

No económico, propoñen unha Facenda rexional con grande autonomía fiscal e políticas de protección da propiedade da terra e de fomento dunha agricultura con predominio das propiedades medias, vinculadas, indivisibles, non hipotecables nin enaxenables, modelo que nos recorda moito a utopía do Pai Sarmiento (Beramendi 1997). A produción organizaríase á maneira das "compañías gallegas" baseadas no parentesco. Na mesma liña, a protección da industria "ha de estar regulada sobre la institución de los *gremios* ó *corporaciones* obreras, la enseñanza de la *tecnología* y la *reglamentación* industrial". O Estado non debía montar industrias nin permitir o sindicalismo pois xa sabemos que a parálise industrial de Galicia se debía, xunto á tendencia ao illamento e a falta de espírito de empresa, aos antagonismos entre patróns e obreiros, dado que "el abuso de la libertad económica, como el de todas las libertades populares, conduce a las naciones a su desolación". O comercio organizaríase tamén en gremios e mesmo esixiríase o correspondente título oficial para poder ser comerciante. No arancelario, asumiríase unha postura equidistante entre o proteccionismo total e o librecambismo radical (Brañas 1889: 101-110).

No político, é moi clara a vontade de restaurar o corporativismo, se ben modernizado para adaptalo aos novos tempos, como alternativa ao individualismo político propio dos sistemas liberais. E así, prescíndese do individuo como suxeito de dereitos políticos, polo menos a efectos de sufraxio, substituíndoo polos suxeitos colectivos e a elección indirecta: "Los ciudadanos de la región tendrían que constituirse en gremios o corporaciones de clases, que procederían por el método indirecto de designación de compromiso" (Brañas 1889: 87). Isto traduciríase en que os gremios de cada un dos distritos en que se dividiría Galicia elixirían compromisarios; e a reunión dos compromisarios do ámbito correspondente sería quen elixiría os concelleiros e o alcalde do respectivo Concello, o subgobernador e o consello de circunscrición, o gobernador e os deputados provinciais, os representantes nas Cortes de Madrid, e os membros da Dieta rexional. Brañas resucita tamén o vello mandato imperativo —negación da representación política moderna— para os representantes das rexións nas Cortes. En cambio, non explicita a extensión social nin a modalidade do sufraxio pero si que os membros da Dieta sairían de entre as "personas de alta categoría social". Este criterio elitista vaise repetindo nos chanzos inferiores (provincia, circunscrición e municipio).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 503-518
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

A nova estrutura do Estado español apunta a un retorno, dentro do posible, a unha monarquía tradicional descentralizada, A "doctrina intermedia entre el federalismo orgánico y la descentralización político-administrativa" (Brañas 1889: 92) concibe un só Estado cunha única constitución e unha soa cámara central e non, como o federalismo republicano, a federación de varios Estados dotados de constitución propia e representados como tales nunha segunda cámara federal. Por outra parte, o xefe do Estado acumularía un gran poder, especialmente no que atinxe ao autogoberno das rexións. E o lexislativo central consistiría nunha cámara formada por representantes das Rexións, ligados ao mandato imperativo, que non poderían esixir responsabilidades ao goberno, pois os ministros (significativamente chamados "secretarios" como no Antigo Réxime) só responderían da súa xestión perante o Tribunal Supremo, e non perante as Cortes.

Moito máis "moderno" é o modelo de descentralización sobre todo na segunda versión do proxecto de Brañas. Se ben en *El Regionalismo* (1889) hai descentralización administrativa pero apenas política (as Dietas rexionais carecen de capacidade lexislativa), nas *Bases Generales…* (1892) propón unha distribución de competencias entre o Poder Central e os Rexionais que nada ten que envexar á do republicano Francesc Pi i Margall. En efecto, as *Bases…* de Brañas só reservan expresamente ao Poder Central —amén das cuestións propiamente constitucionais e a normativa básica directamente derivada— as relacións internacionais, as forzas armadas, as obras de interese xeral, algúns aspectos da economía e a resolución dos conflitos interrexionais. O poder xudicial tamén ficaría radicalmente descentralizado, pois os cometidos do Tribunal Supremo Central reduciríanse á responsabilidade ministerial e á resolución dos conflitos entre o poder central e os rexionais, de modo que os tribunais supremos das rexións serían as últimas instancias xudiciais nos seus respectivos ámbitos xurisdicionais.

O Poder Rexional galego radicaría nunhas Cortes Rexionais, elixidas corporativamente e con capacidade de lexislar, nun Goberno de índole similar ao executivo central e nun Tribunal Supremo. Habería, xa que logo, verdadeira autonomía política. E tamén unha clara galeguización institucional pois o funcionariado estaría reservado aos galegos ou persoas moi arraigadas na rexión, as administracións rexionais substituirían a gobernos civís e deputacións provinciais, que serían suprimidas, e mesmo se abría a posibilidade de que Galicia tivese forzas armadas propias.

Este é o marco ideolóxico no que cabe encadrar a Samuel Eiján, aínda que non compartise todos e cada un dos elementos que acabamos de enumerar, pero si os principais: a cosmovisión católica (algo inevitable nun franciscano da época), o tradicionalismo basal, certas prácticas de apostolado socialcatólico, a oposición

aos movementos políticos especificamente contemporáneos e ese "dobre patriotismo", que estudara Josep María Fradera (1992) para a Cataluña de mediados do século XIX, no que cohabitaban o amor e a vindicación de Galicia no plano lingüístico, étnico e histórico coa lealdade á nación española no plano político. Nisto último Samuel Eiján salienta dentro do rexionalismo tradicionalista polo peso que ten o cultivo literario da lingua galega no conxunto da súa obra, unha proba por certo de que os esforzos do rexurdimento decimonónico daba froitos mesmo en eidos en principio pouco propicios como eran os da Igrexa galega.

Por outra parte, Eiján asistiu a esa auténtica revolución do galeguismo que foi o nacemento do nacionalismo galego en 1916-1918 a partir do rexionalismo previo. Durante os dous anos e medio que van do 18 de maio de 1916, fundación da primeira Irmandade da Fala na Coruña, á I Asemblea Nacionalista (Lugo, 17-18 de novembro) o galeguismo político debátese entre ficar no rexionalismo anterior ou avanzar cara a unha definición nacionalista. Como ben sabemos prevaleceu finalmente a segunda opción. Dende esa asemblea para os irmandiños, que en poucos anos serán o groso dos galeguistas, Galicia deixa de ser unha rexión da nación española para converterse en nación de seu. E España deixa de ser unha nación, para converterse nun Estado composto por varias nacións (Castela, Cataluña, Euskadi, Galicia) e ningunha destas é España.

Por suposto non todos os galeguistas se adentran nese camiño. Continúan existindo rexionalistas, aínda que desorganizados, que se manteñen fieis á súa dobre lealdade de sempre. Entre eles, Samuel Eiján. Rexionalistas e nacionalistas non volverán compartir organizacións políticas, pero os espazos de convivencia non desaparecen totalmente no ámbito cívico-cultural. Os principais son dous: a Real Academia Galega e o Seminario de Estudos Galegos. Nos dous estará Samuel Eiján compartindo cos nacionalistas o que uns e outros seguían tendo en común.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 503-518
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1977): *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.

Beramendi, Justo (1997): "Sociedade, nación e política en Sarmiento e nos ilustrados galegos", en *O Padre Sarmiento e o seu tempo: actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995), Santiago de Compostela, 29 de maio - 3 de xuño de 1995*. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega / Universidade, T. 1, 265-282.

———— (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

———— (2011): "Patria e nación en Fray Benito Jerónimo Feijóo", *Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego* 6, 9-21.

Brañas Menéndez, Alfredo (1887a): *El principio fundamental del Derecho. Lecciones elementales de historia de la filosofía del Derecho*. Santiago de Compostela: Imp. del Seminario Conciliar Central.

———— (1887b): *Fundamentos del derecho de propiedad. Discurso resumen de los debates que se verificaron en las sesiones teóricas celebrados en 21 de noviembre y 12 de diciembre de 1887*. Oviedo: Imp. de Allende.

———— (1889): *El regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario*. Barcelona: Jaime Molins.

———— (1891a): "Discurso de gracias que foy dito n'os Xogos Froraes de 1891 por D. Alfredo Brañas, un d'os manteñedores d'o Consistorio", *La Patria Gallega* 7-8, 7-9.

———— (1891b): "Discurso en el banquete regionalista de Tuy", *La Patria Gallega* 9, 6-10.

———— (1891c): "El regionalismo gallego", *La Patria Gallega* 1, 1-3.

———— (1892): *La crisis económica en la época presente y la descentralización regional. Discurso leído en el solemne acto de la apertura del Curso académico de 1892 a 1893*. Santiago: Imp. de J. M. Paredes.

———— (1899a): "Discurso de Alfredo Brañas. Peligros que amenazan a la Sociedad en el siglo XX si se aparta del Cristianismo", en *Crónica del Quinto Congreso Católico Español, celebrado en Burgos el ano 1899*. Burgos: Imprenta y estereotipia de Polo, 145-161.

———— (1899b): *La cuestión social. Discurso en el Círculo Católico de Obreros de Ferrol*. Santiago de Compostela: Gaceta de Galicia.

Cerviño, Antonio (1891): "Sermón de San Pedro González Telmo, predicado por el Iltre Sr. Magistral de la S.I.C. de Tuy, D.....", *La Patria Gallega* 7-8, 16.

Cores Trasmonte, Baldomero (1973): "*Bases Generales del Regionalismo y su aplicación a Galicia,* de Alfredo Brañas", *Compostellanum* XVIII, 1-4, 159-204.
Feijóo y Montenegro, Fray Benito Jerónimo (1726-1739): *Theatro Crítico Universal.* 4 vol. Madrid: Impr. de L.F. Mojados.
Fernández Herba, Manuel (1891): "Discurso en el banquete regionalista de Tuy", *La Patria Gallega* 9, 3-6.
Fradera, Josep Mª (1992): *Cultura nacional en una societat dividida. Patriotisme i cultura a Catalunya (1838-1868)*. Barcelona: Curial.
Máiz, Ramón (1983): *Alfredo Brañas*. Vigo: Galaxia.
———— (1984): *O Rexionalismo galego. Organización e ideoloxía. 1886-1907*. Sada: Ediciós do Castro.
Vázquez de Mella y Fanjul, Juan (1916): "Nación, democracia y regionalismo", en *Obras completas*. Barcelona: Casa Subirana, vol. 26, 243-247.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 503-518
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

VI

Vida oficial da RAG

A Academia na actualidade

Crónica da Academia (2018)

Necrolóxicas:

En memoria de Giulia Lanciani / Ivo Castro

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 521-524
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.745

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE (ANO 2018)

Dende o 28 de marzo de 2017, a Comisión Executiva da Real Academia Galega estivo formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Víctor Fernández Freixanes
- Secretario: D. Xosé Henrique Monteagudo Romero
- Vicesecretario: D. Andrés Torres Queiruga
- Arquiveira-Bibliotecaria: D.ª Fina Casalderrey
- Tesoureira: D.ª Marilar Aleixandre

Relación dos actuais académicos numerarios

1. Excmo. Sr. D. Andrés Torres Queiruga. Ingreso: 20 de xuño de 1980.
2. Excmo. Sr. D. Manuel González González. Ingreso: 7 de febreiro de 1992.
3. Excmo. Sr. D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui. Ingreso: 25 de novembro de 1992.
4. Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero. Ingreso: 30 de outubro de 1993.
5. Excmo. Sr. D. Xesús Ferro Ruibal. Ingreso: 4 de maio de 1996.
6. Excma. Sra. D.ª Luz Pozo Garza. Ingreso: 29 de novembro de 1996.
7. Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández. Ingreso: 14 de febreiro de 1997.
8. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Franco Grande. Ingreso: 3 de xullo de 1998.
9. Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández. Ingreso: 24 de outubro de 1998.
10. Excmo. Sr. D. Ramón Lorenzo Vázquez. Ingreso: 7 de maio de 1999.
11. Excmo. Sr. D. Andrés Fernández-Albalat Lois. Ingreso: 28 de maio de 1999.
12. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei. Ingreso: 25 de setembro de 1999.
13. Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
14. Excma. Sra. D.ª Rosario Álvarez Blanco. Ingreso: 6 de xuño de 2003.
15. Excmo. Sr. D. Víctor Fernández Freixanes. Ingreso: 27 de febreiro de 2004.
16. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo. Ingreso: 30 de outubro de 2004.
17. Excmo. Sr. D. Euloxio Rodríguez Ruibal. Ingreso: 24 de marzo de 2006.
18. Excmo. Sr. D. Darío Xohán Cabana Yanes. Ingreso: 22 de abril de 2006.
19. Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz. Ingreso: 24 de novembro de 2006.
20. Excma. Sra. D.ª Margarita Ledo Andión. Ingreso: 7 de febreiro de 2009.
21. Excmo. Sr. D. Manuel Rivas Barrós. Ingreso: 12 de decembro de 2009.
22. Excmo. Sr. D. Bernardino Graña Villar. Ingreso: 12 de xuño de 2010.

23. Excmo. Sr. D. Xosé Henrique Monteagudo Romero.
    Ingreso: 25 de febreiro de 2012.
24. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Regueira Fernández. Ingreso: 2 de xuño de 2012.
25. Excmo. Sr. D. Pegerto Saavedra Fernández.
    Ingreso: 14 de setembro de 2013.
26. Excma. Sra. D.ª Fina Casalderrey Fraga. Ingreso: 22 de novembro de 2013.
27. Excma. Sra. D.ª Marilar Aleixandre. Ingreso: 14 de xaneiro de 2017.
28. Excma. Sra. D.ª M.ª Xesús Pato Díaz. Ingreso: 23 de setembro de 2017.
29. Ilma. Sra. D.ª Ana Romaní. Electa: 17 de marzo de 2018.

Relación dos actuais académicos de honra

1. Excmo. Sr. D. Giuseppe Tavani. Ingreso: 22 de maio de 2004.
   Faleceu o 22 de marzo de 2019.
2. Excmo. Sr. D. John Rutherford. Ingreso: 4 de outubro de 2008.
3. Excmo. Sr. D. Carlos Alberto Zubillaga Barrera.
   Ingreso: 21 de abril de 2012.
4. Excmo. Sr. D. Arcadio López-Casanova. Ingreso: 9 de novembro de 2013.
5. Excma. Sra. D.ª Giulia Lanciani. Ingreso: 7 de marzo de 2014.
   Faleceu o 14 de novembro de 2018.
6. Excma. Sra. D.ª Nélida Piñon. Ingreso: 27 de setembro de 2014.
7. Excmo. Sr. D. Basilio Losada Castro. Ingreso: 3 de outubro de 2015.
8. Excma. Sra. D.ª Marina Mayoral. Ingreso: 2 de decembro de 2017.

Relación dos actuais académicos correspondentes por orde de ingreso:

1. Ilmo. Sr. D. José Luis Varela Iglesias. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
2. Ilmo. Sr. D. José Ignacio Carro Otero. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
3. Ilmo. Sr. D. Xosé López Calo. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
4. Ilmo. Sr. D. Carlos Compairé Fernández. Ingreso: 10 de marzo de 1968.
5. Ilmo. Sr. D. Daniel D. Vidart. Ingreso: 5 de xullo de 1970.
6. Ilmo. Sr. D. Manuel Carlos García Martínez.
   Ingreso: 30 de xaneiro de 1972. *Faleceu o 17 de marzo de 2018*.
7. Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Reboredo.
   Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
8. Ilmo. Sr. D. Francisco Xavier Carro Rosende.
   Ingreso: 17 de novembro de 2001.
9. Ilmo. Sr. D. Fernando López-Acuña López.
   Ingreso: 17 de novembro de 2001.
10. Ilmo. Sr. D. Ivo Castro. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 521-524
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

11. Ilmo. Sr. D. Dieter Kremer. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
12. Ilma. Sra. D.ª Teresa Barro Muñoz-Ortiz. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
13. Ilmo. Sr. D. Xosé María Lema Suárez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
14. Ilmo. Sr. D. Xulio Ríos. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
15. Ilmo. Sr. D. Luís Daviña Facal. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
16. Ilmo. Sr. D. Johannes Kabatek. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
17. Ilmo. Sr. D. Xoán Babarro González. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
18. Ilmo. Sr. D. Xoán Bernárdez Vilar. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
19. Ilmo. Sr. D. Francisco Calo Lourido. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
20. Ilmo. Sr. D. Augusto Pérez Alberti. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
21. Ilmo. Sr. D. Xosé Xove Ferreiro. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
22. Ilmo. Sr. D. Modesto Aníbal Rodríguez Neira.
    Ingreso: 27 de marzo de 2004.
23. Ilma. Sra. D.ª María Dolores Sánchez Palomino.
    Ingreso: 27 de marzo de 2004.
24. Ilmo. Sr. D. Francisco Antonio Cidrás Escáneo.
    Ingreso: 27 de marzo de 2004.
25. Ilmo. Sr. D. Ernesto Xosé González Seoane. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
26. Ilmo. Sr. D. Domingo Frades Gaspar. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
27. Ilmo. Sr. D. Felipe Lubián Lubián. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
28. Ilmo. Sr. D. Héctor Manuel Silveiro Fernández.
    Ingreso: 9 de outubro de 2004.
29. Ilmo. Sr. D. Carlos Xesús Varela Aenlle. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
30. Ilmo. Sr. D. Manuel Caamaño Suárez. Ingreso: 18 de decembro de 2004.
31. Ilmo. Sr. D. Jorge Arbeleche. Ingreso: 20 de setembro de 2005.
32. Ilmo. Sr. D. Craig Patterson. Ingreso: 13 de xaneiro de 2007.
33. Ilmo. Sr. D. Luís Manuel García Mañá. Ingreso: 28 de abril de 2007.
34. Ilmo. Sr. D. Víctor Campio Pereira González.
    Ingreso: 15 de xaneiro de 2011. *Faleceu o 24 de xullo de 2018*.
35. Ilmo. Sr. D. Farruco Sesto Novas. Ingreso: 15 de xaneiro de 2011.
36. Ilma. Sra. D.ª Débora Campos Vázquez. Ingreso: 25 de marzo de 2011.
37. Ilma. Sra. D.ª Ana Isabel Boullón Agrelo. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
38. Ilmo. Sr. D. Xosé Henrique Costas González.
    Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
39. Ilmo. Sr. D. Gonzalo Navaza Blanco. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
40. Ilmo. Sr. D. Antón Palacio Sánchez. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
41. Ilmo. Sr. D. Francisco Cerviño González. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
42. Ilma. Sra. D.ª Alba Nogueira López. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
43. Ilmo. Sr. D. Xavier Vence Deza. Ingreso: 22 de xuño de 2012.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 521-524
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

44. Ilma. Sra. D.ª Olivia Rodríguez González. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
45. Ilmo. Sr. D. Fernando Ramallo Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
46. Ilmo. Sr. D. José Manuel González Herrán. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
47. Ilma. Sra. D.ª Luz Méndez Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
48. Ilma. Sra. D.ª María Goretti Sanmartín Rei. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
49. Ilmo. Sr. D. Xosé Antón Fraga Vázquez. Ingreso: 18 de xaneiro de 2013.
50. Ilmo. Sr. D. Clodio González Pérez. Ingreso: 5 de novembro de 2016.
51. Ilmo. Sr. D. Jorge Mira Pérez. Ingreso: 16 de decembro de 2016.
52. Ilmo. Sr. D. Carlos Xabier Rodríguez Brandeiro.
    Ingreso: 16 de decembro de 2016.
53. Ilmo. Sr. D. Takekazu Asaka. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
54. Ilmo. Sr. D. Marcos Bagno. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
55. Ilma. Sra. D.ª Olga Castro. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
56. Ilma. Sra. D.ª Helena González Fernández. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
57. Ilma. Sra. D.ª Kirsty Hooper. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
58. Ilma. Sra. D.ª Helena Villar Janeiro. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
59. Ilma. Sra. D.ª Helena Zernova. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
60. Ilma. Sra. D.ª Carme Pazos Balado. Ingreso: 17 de marzo de 2018.
61. Ilmo. Sr. D. Afonso Vázquez Monxardín. Ingreso: 26 de outubro de 2018.
62. Ilma. Sra. D.ª Mercedes Queixas Zas. Ingreso: 14 de decembro de 2018.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 521-524
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, 525-563
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.379.745

CRÓNICA DA ACADEMIA (ANO 2018)

Xuntas Académicas

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en Xunta ordinaria e extraordinaria, durante o ano 2018, nas seguintes datas:

Xunta ordinaria

- 17 de marzo de 2018.
- 7 de xullo de 2018.
- 26 de outubro de 2018.
- 14 de decembro de 2018.

Xunta extraordinaria

- 17 de maio de 2018.
  Día das Letras Galegas dedicado a María Victoria Moreno.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2018

No plenario celebrado pola corporación o 17 de xullo de 2017 elixiuse a María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1939 – Pontevedra, 2005) como personalidade literaria a celebrar o Día das Letras Galegas de 2018.

Licenciada en Filoloxía Románica en Madrid, María Victoria Moreno chegou a Galicia en 1963, con só 22 anos, como profesora e axiña asumiu a cidadanía en galego, idioma no que enriqueceu as nosas Letras tanto na narrativa –nomeadamente a infantil e xuvenil– como nos estudos literarios, no ensaio, na poesía e na didáctica da lingua e da literatura galegas.

Fot.: colección familiar.

"Eu non son alófona porque o que practico, se é que escribo, podería definirse coma unha amorosa autofonía […]. A miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor", declaraba María Victoria Moreno, en 1993, no congreso *Poetas alófonos en lingua galega*. Dúas décadas atrás, a autora publicara *Mar adiante* (1973), o seu primeiro libro en galego (ilustrado por ela mesma), un ano despois de gañar con "Crarisca e o luceiro" o segundo premio do Concurso de Contos Infantís da Agrupación Cultural O Facho. Con esta primeira novela, a profesora de orixe estremeña convertíase nunha das voces pioneiras da narración en galego destinada ao público máis novo, ao que dedicaría tamén boa parte da súa produción literaria posterior, con notable recoñecemento tanto da crítica como do público.

Outro título destacado na súa traxectoria, *Anagnórise* (1989), é un dos maiores éxitos da literatura xuvenil na nosa lingua: a novela foi incluída na listaxe de honra do IBBY (Organización Internacional para o Libro Xuvenil) en 1990 e chegaron a se editar en poucos anos vinte edicións. Pero o seu libro preferido era *Leonardo e os fontaneiros* (1986), co que gañou o terceiro premio O Barco de Vapor de 1985. Con *Guedellas de seda e liño* (1999), outra das historias nas que demostra a súa capacidade de chegar ao público adolescente, entrou na prestixiosa listaxe internacional de White Ravens 2002. Un par de anos despois sairía do prelo *Diario da luz e a sombra* (2004), onde reflectiu a experiencia da enfermidade que acabou pouco despois coa súa vida, o 21 de novembro de 2005.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

María Victoria Moreno soubo tamén transmitir a paixón pola lingua e a literatura como profesora, tanto nas clases de lingua galega semiclandestinas que impartía gratuitamente nos anos 70 en Pontevedra (Asociación de Amigos da Cultura, 1971-1974), Vilagarcía de Arousa (1973-1975) ou Ourense (Ateneo, 1974-1975) como nas oficiais de Lingua e literatura españolas que deu durante décadas no ensino secundario. Polas primeiras, en concreto as impartidas no Ateneo de Ourense, a Policía de Pontevedra chegou a retirarlle o pasaporte a comezos de 1975 por entender que esta institución estaba gobernada por dirixentes subversivos.

No Instituto de Lugo orientou as inquedanzas lingüísticas e literarias dun dos seus alumnos, Xesús Rábade Paredes, promovendo a edición do seu primeiro libro de poemas, que lle prologou. Tras un par de anos nesta cidade e mais un tempo en Vilalonga (Sanxenxo), volveu a Pontevedra, onde seguiu engaiolando a xeracións de rapaces e rapazas, primeiro no instituto Valle-Inclán e despois no Torrente Ballester, ao que lle legou a súa biblioteca persoal.

No eido educativo asinou, ademais, libros de texto que aínda hoxe se consultan: foi coautora de *Literatura. Século XX. Iniciación universitaria* (1985) e de *Literarura. 3º de BUP* (1987). *As linguas de España* e *Verso e prosa* (1991) son outros exemplos do seu traballo rigoroso no eido da didáctica. E tamén cómpre lembrar que foi mestra de mestres en cursos como os que impartiu sobre literatura galega para docentes a comezos dos 80.

A tradución é outro terreo no que María Victoria Moreno realizou achegas destacadas. Verteu obras desde o catalán, idioma co que dialogaba como filóloga e poeta, e realizou as traducións ao castelán da antoloxía bilingüe *Os novísimos da poesía galega* (1973), escolma que preparou e prologou ela mesma con poemas de Margarita Ledo, Darío Xohán Cabana, Fiz Vergara Vilariño ou Xesús Rábade. Cómpre tamén lembrar outras facetas da autora, como a de libreira en Pontevedra, onde abriu xunto a outros intelectuais, en 1968, a libraría Xuntanza, unha trincheira máis para promover a literatura e espallar os libros. No eido editorial, foi ademais codirectora da colección infantil de Galaxia, Árbore, desde o seu inicio.

SESIÓN ACADÉMICA

A sesión extraordinaria e pública da Real Academia Galega do 17 de maio tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra ás 12:30 horas, segundo o seguinte programa:

Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega, coa intervención dos Excmos. Sres. Académicos:

D.ª Marilar Aleixandre
D.ª Fina Casalderrey
D. Xesús Alonso Montero

Pecha o acto o Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega

D. Víctor Fernández Freixanes

Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey e Xesús Alonso Montero durante as súas intervencións. Foto: Gustavo Santos.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

O acto comezou coa interpretación da Marcha do Antigo Reino de Galicia a cargo do grupo Os de Algures. O presidente da Real Academia Galega, logo da interpretación, abriu a sesión.

Marilar Aleixandre comezou a quenda das alocucións académicas desde a perspectiva de xénero, cunha análise das tensións entre a igualdade e os roles tradicionais das mulleres na vida e na obra da escritora. A académica destacou como, malia todos os atrancos, María Victoria foi quen de elaborar unha obra narrativa e ensaística de gran calidade, e contribuír coa súa escrita e co seu compromiso á causa da lingua galega e á consolidación da literatura infantil e xuvenil.

O acto continuou co discurso de Fina Casalderrey. A académica e amiga persoal da autora percorreu os seus escenarios vitais e literarios, cunha chea de referencias á cidade que a acolleu, Pontevedra, e á súa personalidade a través de fragmentos da súa obra. Detívose especialmente no compromiso da autora coa lingua e co ensino, sempre da man, tanto nas aulas, como profesora de adolescentes e mesmo mestra de literatura galega para mestres, como na literatura.

Xesús Alonso Montero retrocedeu ata o curso 1965-1966, cando a coñeceu en Lugo, onde foi docente dous cursos. Nesta vila agromou o compromiso cívico e literario da homenaxeada co idioma, que a levou a impartir cursos de galego en distintas localidades. Este feito custoulle a retirada do pasaporte.

O presidente da Real Academia Galega pechou a celebración destacando a faceta que a propia María Victoria Moreno priorizaba, a de profesora, que consideraba "o mellor oficio do mundo".

O grupo Os de Algures púxolle o ramo á celebración coa interpretación do Himno galego.

Os de Algures pecharon o acto coa interpretación do Himno Galego. Foto: Gustavo Santos.

Os membros da Academia, acompañados das autoridades e da familia de María Victoria Moreno. Foto: Gustavo Santos.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

SIMPOSIO MARÍA VICTORIA MORENO

Xa case a piques de finalizar o ano dedicado a María Victoria Moreno, nos días 27 e 28 de novembro celebrouse no salón de actos da Real Academia Galega o simposio destinado a profundar, a través das disertacións de quince especialistas, na personalidade e na obra literaria da autora.

O Simposio María Victoria Moreno foi inaugurado polo presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e as organizadoras do programa, as académicas Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre, e decorreu seguindo o seguinte programa:

Martes 27 de novembro. Obra literaria de María Victoria Moreno

16:30 h Inauguración / **Víctor F. Freixanes**

16:45 h **Conferencia inaugural**

Un lugar de honra na LIX. María Victoria Moreno
/ **Blanca-Ana Roig Rechou**

17:45 **Relatorio**

María Victoria Moreno e a poesía para a infancia
/ **Antonio García Teijeiro**

18:30 h **Mesa redonda.** A obra de María Victoria Moreno

Modera: **Xoán Babarro**

Daquelas que contan… / **Mercedes Queixas Zas**

Algunhas claves do discurso literario de María Victoria Moreno
/ **Isabel Soto**

A transcendencia no *Diario da luz e a sombra* / **Andrés Torres Queiruga**

20:00 h **Recital**

Presenta: **Xesús Rábade Paredes**

Xesús Rábade Paredes	Antonio García Teijeiro
Mercedes Queixas Zas	Xoán Babarro
Ana María Fernández	Darío Xohán Cabana

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Pola esquerda, Xoán Babarro, Mercedes Queixas, Antonio García Teijeiro, Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey, Víctor F. Freixanes, Blanca-Ana Roig, Isabel Soto e Andrés Torres Queiruga.

A obra literaria da autora centrou a primeira xornada do Simposio. Tras a apertura do foro, Blanca-Ana Roig Rechou, experta en literatura infantil e xuvenil, pronunciou a conferencia inaugural.

Para Blanca-Ana Roig, a literatura de María Victoria Moreno é unha literatura innovadora no seu tempo: a autora foi, con *Mar adiante* (1973), "a primeira escritora en galego que se posicionou, con amabilidade, ante un modelo de ensino diferente"; e pioneira na reescritura dos contos populares, para facer deles un uso "humanizador e mesmo ideolóxico", adaptados á contorna próxima.

Antonio García Teijeiro, Premio Nacional de LIX e amigo persoal da homenaxeada, detívose na relación entre María Victoria Moreno e a poesía para a infancia, un xénero que cultivou en títulos como *Eu conto, ti cantas* ou a historia en verso da cadeliña Alma de *E haberá un tirón de orellas?*

A mesa redonda, moderada polo académico correspondente Xoán Babarro, afondou na produción literaria de María Victoria. A escritora Mercedes Queixas dedicou a súa intervención a unha "moi significativa" marca autoral da narrativa de María Victoria Moreno: a presenza de mulleres como protagonistas. Tamén repasou desde a perspectiva de xénero a primeira novela da autora, *Onde o aire non era brisa*, escrita nos anos 60 e publicada postumamente en galego.

Isabel Soto profundou nalgunhas claves do discurso literario da escritora. Analizou a súa concepción da escrita como desafogo, a súa relación cos libros e coa lectura, a vocación docente que sempre confesou, o compromiso coa lingua galega e as estratexias discursivas recorrentes nos seus textos.

O académico Andrés Torres Queiruga abordou finalmente a transcendencia no *Diario da luz e a sombra* (2004).

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

A tarde do martes rematou cun recital conducido polo escritor Xesús Rábade Paredes, exalumno e amigo de María Victoria Moreno, que uniu a súa voz ás voces de Darío Xohán Cabana, Ana María Fernández, Antonio García Teijeiro, Mercedes Queixas e Xoán Babarro.

Mércores 28 de novembro. Acción cultural e biografía de María Victoria Moreno

16:30 h	**Relatorio**
	María Victoria, xenerosidade e compromiso coa cultura galega / **Xavier Senín**
17:00 h	**Relatorio**
	A mestra e a pegada do camiño ensinado / **Fina Casalderrey**
17:30 h	**Mesa redonda.** María Victoria Moreno, Vida e acción cultural
	Modera: **Marilar Aleixandre**
	María Victoria Moreno, ensaísta / **Manuel Bragado**
	María Victoria Moreno: compromiso e conciencia cívica dunha muller adiantada ao seu tempo / **Isabel Mociño**
	María Victoria Moreno, autora de libros de texto ou como explicar a literatura galega á mocidade / **Montse Pena Presas**
19:00 h	**Conferencia de clausura**
	O activismo cultural e cívico de María Victoria Moreno / **Xesús Alonso Montero**
19:50 h	**Proxección**
	María Victoria Moreno nas aulas de hoxe: vídeos de participación nos centros escolares
20:15 h	**Clausura**

A xornada do mércores 28 de novembro ofreceu diversas olladas á biografía e á acción cultural da autora.

O primeiro relatorio correu a cargo do amigo persoal, biógrafo e editor da homenaxeada, Xavier Senín. O tradutor coñeceu a autora cando esta participou como profesora de profesores nos primeiros cursos de lingua e cultura galegas para o profesorado, que se empezaron a impartir nos primeiros anos 80 do século pasado. Fina Casalderrey afondou na pegada que deixou María Victoria Moreno como docente.

Na mesa redonda da segunda xornada, Manuel Bragado introduciu outro perfil da escritora homenaxeada, o de ensaísta. Como tal, salienta o seu *Diario da luz e a sombra* (2004), a crónica como enferma do cancro de mama que acabaría

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

coa súa vida. Isabel Mociño indagou no labor polifacético dunha autora cuxo traballo como escritora, docente, editora ou tradutora foi esencial para o despegar da literatura infantil e xuvenil galega. Montse Pena Presas analiza o contexto e o contido dos dous manuais de literatura galega para 3º de BUP e COU, *Literatura século XX* e *Literatura 3º BUP*, que elaborou xunto ao seu antigo alumno Xesús Rábade e, no caso do libro de 3º de BUP, tamén con Luís Alonso Girgado.

Na conferencia de clausura, o académico Xesús Alonso Montero, amigo persoal da homenaxeada, percorreu o activismo cultural e cívico de María Victoria Moreno.

O Simposio pechouse coa proxección dunha escolma de vídeos que ilustran como se vive hoxe a obra e a figura de María Victoria Moreno nos centros escolares.

No acto de clausura interviñeron Víctor Fernández Freixanes, presidente da Real Academia Galega, e Valentín García Gómez, secretario xeral de política Lingüística. Tamén Pedro Ferriol, viúvo da escritora, aproveitou o momento para dicir unhas palabras.

Pedro Ferriol intervén na clausura do Simposio María Victoria Moreno acompañado do presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e as coordinadoras do encontro, Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre.

PRIMAVERA DAS LETRAS DEDICADA A MARÍA VICTORIA MORENO

O 22 de febreiro de 2018, a Real Academia Galega presentou, da man da comunidade educativa do colexio de educación primaria Marcos da Portela, o proxecto web Primavera das Letras dedicado á protagonista do Día das Letras Galegas 2018.

Primavera das Letras fornece o profesorado de infantil e primaria, os pais e nais e o propio alumnado destas etapas de propostas didácticas e lúdicas arredor do universo vital e literario da homenaxeada. As actividades están deseñadas cun enfoque interdisciplinario e en relación con distintos contidos do currículo escolar para poder traballar na aula ou na casa, non só aspectos lingüísticos e literarios, senón tamén contidos e competencias de coñecemento do medio natural e social, historia ou educación artística. Os materiais de Primavera das Letras fóronse publicando de maneira continua ata as vésperas do 17 de maio.

Tras as palabras de benvida da directora, Alicia Martínez, o presidente Víctor F. Freixanes e a académica Fina Casalderrey foron os encargados de presentar o proxecto. O evento contou tamén coa presenza da filla da homenaxeada, Begoña Llácer Moreno, e o seu viúvo, Pedro Ferriol, xunto a alumnos e alumnas, membros da ANPA e docentes dos centros educativos próximos (o IES Torrente Ballester, no que María Victoria Moreno ensinou na súa última etapa profesional, o IES Luís Seoane, a EEI Fina Casalderrey, o CEIP de Lérez e a UNED).

Alumnado e profesorado do CEP Marcos da Portela, membros da Academia e familiares de María Victoria Moreno.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Os propios nenos e nenas do CEP Marcos da Portela puxéronlle o ramo á celebración cunha homenaxe a María Victoria Moreno na que recitaron e dramatizaron distintos anacos da súa obra, desde versos de *Elexías de luz* a un fragmento do pregón que leu na Feira do Libro de Pontevedra de 2003.

Neste ano convocouse a segunda edición do concurso "Contádenos o voso Día das Letras", aberto a todos os centros escolares de Galicia con alumnado de infantil e primaria, que puideron participar presentando as actividades desenvolvidas durante o curso 2017-2018 polos nenos e nenas destas etapas arredor da protagonista do Día das Letras Galegas 2018. Nesta edición participaron 82 centros de todo o país.

O CPI Virxe da Cela (Monfero), o CEIP Plurilingüe Anxo da Garda (A Coruña) e a EEI do Milladoiro (Ames) foron os gañadores desta edición do certame. No acto de entrega dos premios, celebrado o 16 de outubro de 2018, presentado polo presidente da RAG, Víctor F. Freixanes e conducido por Fina Casalderrey, interviñeron Pedro Ferriol, o viúvo de María Victoria Moreno; Francisco Castro, director xeral de Galaxia; Andrea Jamardo, de Urco Editora; e Teresa Rocamonde, responsable de comunicación de Bolanda. Estas tres editoriais e mais Xerais colaboraron no concurso achegando os lotes de libros que recibiron os tres centros gañadores.

A radio, a poesía e a música encheron a institución no acto de entrega dos galardóns da man de máis dun cento de nenos e nenas dos tres centros gañadores.

Participantes na entrega dos premios Contádenos o voso Día das Letras.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

HOMENAXE A FILOMENA DATO "POETISA DAS MARIÑAS"

Moruxo, a parroquia de Bergondo na que viviu os últimos anos da súa vida, acolleu o 26 de febreiro unha homenaxe á escritora Filomena Dato (1856-1926) co gallo do seu 92 cabodano. No acto participaron representantes do Concello de Bergondo, da Real Academia Galega e das asociacións culturais Irmáns Suárez Picallo e Lisístrata, que colaboraron nesta iniciativa para recordar a quen foi unha das escasas autoras femininas e feministas da Galicia de finais do século XIX, membro correspondente da RAG desde a fundación da institución en 1906 e segunda autora en publicar, despois de Rosalía, un libro en galego.

A homenaxe tivo lugar ao pé do camposanto. O párroco Rubén Aramburu conduciu o acto, no que tomaron a palabra a alcaldesa de Bergondo, Alejandra Pérez Máquez; Francisco Pita, da Asociación Irmáns Suárez Picallo, e o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes. A homenaxe contou tamén coa colaboración da poeta e editora Dores Tembrás, natural de Bergondo, a actriz Ana Hermida e alumnas e alumnos de 2º da ESO do CPI Cruz do Sar, que leron distintos fragmentos da obra de Filomena Dato. A mañá concluíu co descubrimento dunha escultura na honra da autora asinada por Francisco Escuredo, e a interpretación do Himno galego, a cargo de José Otero López, xunto a un retrato de Filomena Dato prestado para a ocasión por descendentes da familia da homenaxeada, que participaron na celebración xunto a veciños e veciñas.

Alumnos do CPI Cruz do Sar lendo fragmentos da obra de Filomena Dato.

José Otero interpretou o Himno galego ao final do acto.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ACTO ACADÉMICO-LITERARIO ARREDOR DO PERGAMIÑO VINDEL

O reitor da Universidade de Vigo
Salvoniano Mato de la Iglesia
e
O presidente da Real Academia Galega
Víctor Fernández Freixanes
Universidade de Vigo

A exposición *Pergamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas* (10 de outubro de 2017 a 4 de marzo de 2018, Museo do Mar de Galicia) permitiu admirar o manuscrito acompañado doutras pezas medievais e contemporáneas para profundar na vida cotiá, a sociedade e a estrutura de poder da época das cantigas, ou nas paisaxes que puideron servir de inspiración ao trobador.

A Real Academia Galega quixo aproveitar a ocasión, da man da Universidade de Vigo, para celebrar o 1 de marzo unha xornada académico-literaria que contou coas achegas da catedrática emérita Camiño Noia e dos académicos Xesús Alonso Montero e Henrique Monteagudo. Os tres relatores trataron desde o léxico de Martín Codax e a unidade das sete cantigas conservadas no manuscrito que leva a súa sinatura ata a posible autoría feminina de composicións coma esta, malia pasaren á historia sempre asociadas a nomes masculinos.

Na quenda dos relatorios, Camiño Noia convidou a repensar no feito de chegaren á escritura as cantigas de amigo, cuxa procedencia oral é fundamentalmente popular e feminina, segundo defendeu. A profesora falou da orixe deste grupo de cantigas e subliñou que, despois de seren interpretadas na oralidade, serían pasadas á escritura por encargo dalgún nobre con capacidade de afrontar o custo dese traballo, da tinta e do pergameo.

Deténdose no caso concreto das cantigas de Martín Codax, o académico Henrique Monteagudo explorou o vocabulario máis específico do xograr. Xesús Alonso Montero foi o encargado de pechar a quenda de relatorios profundando nas sete cantigas recollidas no Pergamiño Vindel en conxunto, que para o académico conforman "unha noveliña dramática de amor".

Roi Casal púxolle o ramo á cita interpretando unha das composicións do xograr homenaxeado e outras propias. A xornada rematou coa visita dos membros da RAG á mostra.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

NATUREZA DE ILLA.
HOMENAXE DA REAL ACADEMIA A XOHANA TORRES

Co gallo do Día Internacional da Poesía (o 21 de marzo), a escritora e académica de número Xohana Torres foi recordada nun acto literario e musical no que poetas de distintas xeracións e amizades da autora leron e comentaron fragmentos da súa obra. Guadi Galego e Guillerme Fernández puxeron música a esta homenaxe. Participou tamén Andrea Ellacuría Torres, filla da escritora.

Tras a apertura do acto a cargo do presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, Marilar Aleixandre presentou o programa, que arrincou coa loanza, a cargo da poeta Ana Romaní. Da vixencia do seu legado deron conta as persoas do mundo das letras de distintas idades que foron convidadas a participar na homenaxe, desde Tamara Andrés, Ismael Ramos (ambos nados nos 90), ata Xosé Manuel Beiras e a académica Luz Pozo Garza. Carlos Negro, Ánxeles Penas, Ánxela G. Abalo, Gustavo Pernas, a académica Margarita Ledo e os académicos Xosé Luís Franco Grande e Euloxio R. Ruibal escolleron e comentaron desde

Os participantes no acto.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

versos de *Do sulco* e un fragmento da peza teatral *A outra banda do Iberr,* ata poemas de *Estacións ao mar* e *Tempo de ría*. O texto escolmado por Berta Dávila, que non puido acudir ao acto, foi lido pola vicepresidenta da Deputación da Coruña e académica correspondente Goretti Sanmartín.

Na parte musical, Guadi Galego, acompañada de Guillerme Fernández, interpretou dous temas propios e converteu en cancións os poemas de Xohana Torres "Nai" e "Penélope", a súa particular revisión do mito clásico desde a ollada feminina que conclúe co emblemático verso que lle deu tamén nome ao seu discurso de ingreso na RAG, *Eu tamén navegar*, hoxe convertido en berro colectivo de emancipación.

Na última parte da celebración, o académico Xesús Alonso Montero, director da Sección de Literatura da RAG, volveu levar o auditorio á Compostela universitaria de Xohana Torres, ata o día de 1957, a hora e o escenario exactos en que a coñeceu. A poeta interveu, no Círculo Mercantil, na clausura do ciclo *Homenaxe á poesía galega*, no que participaron dez voces novas, a súa a única feminina. Meses despois aparecería no seu primeiro libro, *Do sulco*.

A celebración contou coa participación da filla de Xohana, Andrea Ellacuría Torres, quen pechou o acto xunto ao presidente da institución, Víctor F. Freixanes.

As intervencións e os textos escolmados foron recollidos nun volume de homenaxe, coordinado por Marilar Aleixandre.

Guadi Galego e Guillerme Fernández interpretaron os poemas "Nai" e "Penélope".

Cuberta de *Natureza de Illa.*

III XORNADA DE ONOMÁSTICA GALEGA: OS ALCUMES



O encontro, coordinado pola académica correspondente e membro do Seminario de Onomástica da RAG Ana Boullón, celebrouse coa colaboración da Deputación de Pontevedra e o Museo de Pontevedra o 20 de outubro. Nesta ocasión estivo dedicado aos alcumes, con sete relatorios que abordaron, entre outras cuestións, a súa presenza nos apelidos e as súas raíces na antropoloxía.

O programa decorreu como segue:

Sesión de mañá

9:30 h Inauguración

9:45 h Primeira sesión. Presenta: **Xesús Ferro Ruibal**

Antropoloxía do alcume: casuística nunha comunidade rural
/ **Xoán Carlos García Porral** (IES Pintor Colmeiro de Silleda)

Alcumes e sobrenomes na Galicia medieval
/ **Rosario Soto Arias** (AGOn, IESP Eusebio da Guarda da Coruña)

Aproximación á clasificación lingüística dos alcumes en Galicia
/ **Lidia Gómez Martínez** (AGOn)

12:30 h Segunda sesión. Presenta: **Antón Palacio**

Os alcumes da Moureira. Nomes con historias
/ **Anxos Rial** (IES Sánchez Cantón de Pontevedra)

Os alcumes nos apelidos
/ **Luz Méndez** (RAG, AGOn, asesora lingüística da CRTVG)

Sesión de tarde

16:30 h Terceira sesión. Presenta: **Gonzalo Navaza**

Alcumes colectivos no Portal de ditados tópicos galegos
/ **David Rodríguez** (técnico de normalización lingüística do Concello de Cedeira)

Nomes de usuario/a de editores/as da Wikipedia. Motivacións da escolla
/ **Adrián Estévez Iglesias** (Fundación Otero Pedrayo)

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

18:00 h Cuarta sesión

Mesa redonda. Perspectivas multidisciplinares no estudo da onomástica

Modera: **Ana Boullón**

Participantes:

Manuel Ferreiro (Universidade da Coruña)
Jaime Fagúndez (Universidade da Coruña)
José Carlos Sánchez Pardo / Marcos Fernández Ferreiro (Universidade de Santiago de Compostela)

Nesta sesión presentáronse diversas perspectivas sobre o estudo da onomástica que mostran as posibilidades que os topónimos ofrecen para guiar ou verter distinta luz en disciplinas como a literatura (de aí a contribución de Manuel Ferreiro e a toponimia pondaliana), a bioloxía (coas representacións cartográficas de Jaime Fagúndez e Jesús Izco a partir de fitotopónimos e a súa utilidade para o estudo da botánica) e a historia medieval (onde José Carlos Sánchez Pardo e Marcos Fernández Ferreiro falaron sobre a importancia da identificación e xeorreferenciación dos topónimos altomedievais). Cada un dos intervenientes falou durante 10-15 minutos e despois houbo unha quenda para preguntas ou comentarios.

19:30 h Clausura

Os traballos presentados nesta III xornada, así como os estudos de onomástica tratados na mesa redonda, recolléronse no volume da Sección de Lingua *Estudos de Onomástica Galega III: os alcumes*, en edición da académica correspondente Ana Boullón.

Intervenientes na III Xornada de Onomástica Galega.

Cuberta da publicación que recolle os traballos da Xornada.

TOPONIMÍZATE. FALÁMOSCHE DOS NOMES DA TÚA TERRA

A segunda edición do programa *Toponimízate. Falámosche dos nomes da túa terra* desenvolveuse nun total de 17 concellos. A través de charlas dirixidas ao público xeral nas que, ademais de coñecer a orixe e o significado dos nomes de cada concello e das súas parroquias e aldeas, se puido aprender a usar a aplicación colaborativa que pretende contribuír á preservación e difusión da microtoponimia galega a través da xeolocalización. A Real Academia Galega coordinou esta iniciativa coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística. A acción enmarcouse dentro dos proxectos Toponimia de Galicia e GeoArpad que coordina a Xunta de Galicia.

O programa presentouse en conferencia de prensa o 17 de outubro de 2018, no salón de actos da Academia. Neste acto participaron o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, o técnico do Seminario de Onomástica da Academia, Vicente Feijoo, e María Luísa Pena Babío, en representación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.

Entre os meses de outubro e decembro celebrouse unha serie de charlas nas que o técnico Vicente Feijoo explicou como empregar a aplicación *Galicia Nomeada*, que estará proximamente dispoñible para dispositivos móbiles, ou como consultar a microtoponimia xa xeorreferenciada no "Buscador de topónimos", así como outras utilidades desta ferramenta para as actuacións sobre o territorio dos técnicos municipais ou a promoción turística de elementos de interese cultural e rutas de sendeirismo.

A axenda desta actividade foi a seguinte:

Boqueixón, 15 de maio de 2018, Centro de formación e experimentación agroforestal de Sergude.
Castro de Rei, 19 de outubro, Casa da Cultura de Castro de Ribeiras de Lea.
Arzúa, 24 de outubro, Local social de Santa María de Arzúa.
Celanova, 26 de outubro, Sala dos Arcos da Casa do Concello.
Brión, 29 de outubro, Aula Cemit de Brión.
A Lama, 31 de outubro, CEIP A Lama.
Moaña, 16 de novembro, Salón de Plenos da Casa do Concello.
Miño, 21 de novembro, Centro Social da Rúa.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Parada de Sil, 23 de novembro, Salón de Plenos da Casa do Concello.
Cospeito, 27 de novembro, CPI Virxe do Monte de Cospeito.
Cariño, 30 de novembro, Local social da Casa do Concello.
Foz, 3 de decembro, Casa da cultura.
O Páramo, 4 de decembro, CEIP do Páramo.
Ponteceso, 12 de decembro de 2018, Fundación Eduardo Pondal.
Muros, 13 de decembro, Aula Cemit de Muros.
Xinzo de Limia, 14 de decembro, IES Lagoa de Antela.
Ribadumia, 19 de decembro, CPI Julia Becerra Malvar de Barrantes.

Fóra do territorio galego, o programa chegou a Madrid. Na Escola Oficial de Idiomas de Madrid-Jesús Maestro, o 8 de novembro, Vicente Feijoo profundou na riqueza toponímica do país e explicou a orixe e o significado dos nomes de Galicia, das catro provincias e dalgúns concellos.

Vicente Feijo explica a aplicación *Galicia Nomeada* en Cariño.

HOMENAXE A JUAN ANTONIO SACO ARCE
150 ANIVERSARIO DA PUBLICACIÓN DA GRAMÁTICA GALLEGA

A Real Academia Galega celebrou en Ourense os 150 anos da publicación da primeira gramática galega elaborada con criterios científicos o 22 de novembro de 2018. O IES Otero Pedrayo acolleu a inauguración dunha exposición conmemorativa e unha xornada de homenaxe ao seu autor, Juan Antonio Saco Arce (Toén, 1835 - Ourense, 1881), organizadas pola institución para achegar o público á figura do lingüista ourensán e á súa obra no contexto do seu tempo.

Ás 13 horas inaugurouse a mostra *150 aniversario da Gramática gallega de J. Antonio Saco Arce*, ideada e realizada polo académico correspondente Afonso Vázquez-Monxardín, e organizada co patrocinio da Deputación de Ourense e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. No acto interviñeron o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Luís Fernández Fernández; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; o director do IES Otero Pedrayo, Daniel Lorenzo Valdivieso; e Afonso Vázquez-Monxardín.

A exposición detívose na biografía e na gramática de Saco Arce, mais tamén noutros perfís do autor, como o de folclorista, poeta e crítico literario. Para facilitar a comprensión da súa relevancia, ofreceu unha ollada da evolución da lingua desde os tempos medievais ata hoxe. A mostra permitiu tamén contemplar testemuños da repercusión da figura de Saco Arce na prensa do momento e diferentes documentos orixinais do intelectual.

Pola tarde, a partir das 16:30 horas tivo lugar a homenaxe organizada polo Seminario de Gramática da Real Academia Galega, na que sete voces expertas trazaron o perfil biográfico de Saco Arce e afondaron na súa Gramática desde distintas perspectivas. O programa de intervencións foi o seguinte:

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

16:30 h Relatorios. Presenta: **Rosario Álvarez**

Perfil biográfico de J. A. Saco Arce, con especial atención á súa biografía intelectual / **Juan L. Saco Cid**

A *Gramática* de Saco no contexto da emerxencia destes estudos no seu tempo / **Antón Santamarina**

A literatura na gramática: Saco Arce / **Teresa López**

18:00 h O xurdimento da Gramática

Mesa redonda. Modera: **Xosé Luís Regueira Fernández**

A gramática na *Gramática* de Saco Arce / **Francisco X. Dubert García**

A proposta ortográfica de Saco Arce no contexto do Rexurdimento / **Xosé A. Fernández Salgado**

Descrición e prescrición na *Gramática* de Saco / **Ernesto X. González Seoane**

A obra de Saco Arce no contexto do Rexurdimento / **Xurxo Martínez**

Todas estas intervencións recóllense no presente número do *Boletín da Real Academia Galega*.

Afonso Vázquez Monxardín guiou os asistentes á inauguración ao longo da exposición.

Pola esquerda, Teresa López, Rosario Álvarez, Juan Luis Saco Cid e Antón Santamarina.

LEMBRANDO A SAMUEL EIJÁN. A POESÍA RELIXIOSA GALEGA

O 12 de decembro, no convento de San Francisco de Santiago de Compostela, celebrouse a xornada *Lembrando a Samuel Eiján. A poesía relixiosa galega*. Organizada pola Real Academia Galega, a Provincia Franciscana de Santiago e a Xunta de Galicia, contou tamén coa colaboración do Museo do pobo Galego e do Consello da Cultura Galega.

Incluíu diversas intervencións que deitaron luz sobre a creación e o pensamento do autor. Neste marco foi presentado *Samuel Eiján. Poesía reunida*, volume que recompila os libros de poesía en galego publicados polo homenaxeado, nunha edición a cargo do historiador Francisco Leira e o crítico literario Armando Requeixo, e publicado tamén polas tres institucións organizadoras do encontro.

O programa do acto foi o seguinte:

16:00 h Relatorios. Presenta: **Belén Bouzas Gorgal**

Samuel Eiján. Tempo e pensamento / **Francisco Leira**

A teopoética galega de Samuel Eiján / **Armando Requeixo**

Venturas e desventuras da relación entre o clero católico e o galeguismo / **José R. Rodríguez Lago**

19:00 h Presentación do libro *Samuel Eiján. Poesía reunida*

Interveñen:

Juan Manuel Buxán
Dolores Vilavedra
Justo Beramendi

20:00 h Clausura

Víctor Fernández Freixanes, presidente da Real Academia Galega

Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística

José Antonio Castiñeira Chouza, ministro da Provincia Franciscana de Santiago de Compostela.

Parte das intervencións desta xornada recóllense no presente número do *Boletín da Real Academia Galega*

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

OUTROS ACTOS E INFORMACIÓNS

15 de xaneiro de 2018. Os alcaldes de Vilamartín de Valdeorras e O Barco de Valdeorras, Enrique Álvarez e Alfredo García; a concelleira de Cultura do Barco de Valdeorras, Margarida Pizcueta; e a directora do proxecto "As Letras de Florencio", Débora Álvarez, visitaron a Real Academia Galega para expresar o seu interese por recuperar a figura e a obra do poeta valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán.

19 de xaneiro de 2018. 40 aniversario da revista *Encrucillada.* O salón de actos da Real Academia Galega acolleu esta celebración nun acto no que se presentou a monografía, editada co gallo deste aniversario, *As Letras Galegas na Encrucillada*. No acto interviñeron Pedro Castelao, director da publicación; Víctor F. Freixanes, presidente da RAG; Marisa Vidal, secretaria da revista; e o teólogo Andrés Torres Queiruga, presidente da Asociación Encrucillada, primeiro presidente da revista e académico.

30 de xaneiro de 2018. Conferencia de prensa de presentación dunha campaña de promoción do dominio .gal. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o presidente de PuntoGal, o tamén académico Manuel González, presentaron na sede da Academia unha campaña de promoción do dominio galego en Internet. Ademais dunha baixada de prezo para os novos rexistros, convocouse un concurso de microrrelatos.

21 de febreiro de 2018. Día internacional da lingua materna. Co gallo da celebración desta efeméride, presentouse na sede da Academia a publicación do Seminario de Sociolingüística *Lingua e Sociedade. A evolución sociolingüística 1992-2013.* O traballo presenta unha visión panorámica da situación social da lingua galega co obxectivo de identificar as tendencias que marcan a súa evolución nas últimas décadas. Advirte ademais, da crecente ruptura da transmisión interxeracional e duns usos minguantes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos.

12 de marzo de 2018. Presentación da revisión e actualización do léxico matemático do Dicionario da Real Academia Galega. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o coordinador do Seminario de Lexicografía, Manuel González, presentaron a actualización en conferencia de prensa no salón de actos da Academia. Na mesa estaban acompañados de María Victoria Otero Espinar e Xosé M.ª Masa, profesora de Análise Matemática e catedrático de Xeometría e Topoloxía da Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela, e Carlos Luís Iglesias Patiño, estatístico do Instituto Galego de

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Estatística. Os tres forman parte do equipo que elaborou o informe sobre o léxico matemático do Dicionario.

9 de marzo de 2018. Premio Morales para a Promoción do Galego no Bierzo. No marco da X Xornada Martín Sarmiento, o Grupo As Médulas para a Lingua e Cultura galegas no Bierzo e Edicións Positivas impulsaron a creación deste premio. O galardón, que busca poñer en valor a figura de Antonio Fernández Morales, establece tres categorías abertas ao alumnado dos centros nos que se estuda galego nesta área galegofalante. A Real Academia Galega é unha das institucións que colaboran nesta iniciativa.

14 de marzo de 2018. Presentación da programación conmemorativa do Día das Letras Galegas dedicado a María Victoria Moreno. O acto celebrouse na Cidade da Cultura e nel participaron o presidente da Academia, Víctor F. Freixanes; o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez; o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares; a directora adxunta da CRTVG, Rosa Vilas, e, en nome da familia, o viúvo da escritora, Pedro Ferriol.

3 de abril de 2018. Resolución do concurso de microrrelatos convocado pola Real Academia Galega e a asociación PuntoGal. O xurado, composto polo presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o presidente de PuntoGal e académico Manuel González; a escritora e académica correspondente Helena Villar Janeiro; o director xeral de PuntoGal, Darío Janeiro; e a poeta, editora e membro do comité de redacción de *Luzes* Dores Tembrás, avaliou os case 400 relatos de ata 200 palabras que participaron no concurso, convocado no marco dunha campaña para proxectar o galego en Internet. O relato de Silvia Camesella Gesteira, titulado "Odio as mans frías", foi o mellor valorado. Héctor Cajaraville Araújo foi recoñecido co segundo premio por "O milagre" e Ceres Serea Manso Acuña conseguiu un terceiro premio con "Cousas que pasan". Outros dous terceiros premios son para dous menores de idade: Nee Barros Fernández, de 15 anos, por "Desexo concedido", e Teo Alonso Vidal, de 10 anos, por "Unha hora".

4 de abril de 2018. Acto académico de homenaxe a María Victoria Moreno, celebrado no IES Torrente Ballester. A cerimonia, organizada polo Concello de Pontevedra, contou coa presenza de Víctor Freixanes, presidente da RAG, os académicos Xesús Alonso Montero e Fina Casalderrey e o tradutor Xavier Senín.

23 de abril de 2018. Co gallo do Día do Libro, a Biblioteca da Real Academia Galega preparou unha mostra das pezas máis significativas que custodia arredor do Pergamiño Vindel. Entre o 23 de abril e o 4 de maio, exhibíronse pezas como o artigo na revista *Arte Español* do libreiro que lle deu nome, Pedro Vindel, no que anunciaba, en febreiro de 1914, a súa descuberta e un dos escasísimos exemplares do libriño que publicou un ano despois de atopalo por casualidade, que inclúe unha edición facsimilar deste tesouro.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

24 de abril de 2018. Presentación da programación que se desenvolveu en Pontevedra arredor da figura de María Victoria Moreno co gallo do Día das Letras Galegas. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, e o concelleiro de Normalización Lingüística, Alberto Oubiña, presentaron para os medios de comunicación o calendario de actos a celebrar na cidade de Pontevedra.

24 de abril de 2018. Presentación dos actos conmemorativos do 20 cabodano do pasamento de Antón Fraguas. Nun acto que se desenvolveu no Museo do Pobo Galego, o alcalde de Cotobade, Jorge Cubela López, acompañado do presidente do Museo, Justo Beramendi, o académico correspondente e biógrafo do homenaxeado, Clodio González Pérez, o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García, e o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, deron a coñecer as actuacións destinadas a divulgar a figura de Antón Fraguas que se van celebrar o vindeiro ano 2019.

26 de abril de 2018. *Cadernos de lingua* estrea edición dixital co seu número 36. A nova plataforma dixital vai facilitar a súa difusión internacional e vén acompañada da renovación do comité científico da publicación, que incorpora especialistas con vinculación á lingua galega pertencentes a 26 institucións académicas de todo o mundo.

2 de maio de 2018. Presentación de *María Victoria Moreno*, da colección As miñas primeiras Letras Galegas, dos Bolechas. No acto, celebrado na sede da Real Academia Galega, presentouse tamén o novo proxecto audiovisual dos Bolechas, centrado nas figuras homenaxeadas no Día das Letras galegas. Ademais dos propios Bolechas, na presentación participaron o presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, e os responsables de dúas das institucións que colaboran no proxecto das Letras Galegas dos Bolechas: José Manuel López Marcos, director de mercadotecnia de Caixa Rural Galega, e Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística; o director de proxección social da TVG, Xaime Arias, e Antonio Couto, de Edicións Bolanda. Como convidados de excepción, asistiron os alumnos e alumnas do CEIP Cidade Vella da Coruña.

8 de maio de 2018. Encontros coa xente nova. A xuntanza celebrouse na sede da Academia, onde o presidente, Víctor F. Freixanes, recibiu os rapaces e rapazas que participan no proxecto *21 días co galego*. Tras a intervención do coordinador do Seminario de Sociolingüística e secretario da Academia, Henrique Monteagudo, Pilar Ponte, profesora do IES da Pobra do Caramiñal, e Carlos Medrano, profesor do Colexio Fogar de Santa Margarida, presentaron o proxecto *21 días co galego*. Erea Castelo e Antón Míguez, estudantes do IES da Pobra do Caramiñal, e Lía Lema e Diego Oreona, do Colexio Fogar de Santa Margarida, foron os encargados de avanzar, antes do coloquio, a valoración que o alumnado fai desta

iniciativa e a súa visión sobre a situación do galego e as medidas que deberían promover a Real Academia Galega e outros axentes implicados na normalización do idioma entre a mocidade.

15 de maio de 2018. Presentación de *María Victoria Moreno: a proeza da súa vida e da súa literatura*, biografía da protagonista do Día das Letras Galegas de 2018, asinada por Xesús Alonso Montero e editada pola Voz de Galicia. Na mesa de presentación acompañaron o autor, o director de *La Voz de Galicia*, Xosé Luís Vilela, e o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, nun acto no que alumnas e alumnos do CEIP Cidade Vella da Coruña leron fragmentos da obra de María Victoria Moreno. A presentación empezou coa interpretación dunha peza musical a cargo de Antía Ameixeiras, quen fixo tamén soar o Himno co seu violín para pechar o acto.

6 de xuño de 2018. Visita oficial do presidente e do secretario da Real Academia Galega ao Concello de Lugo. A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, recibiu no pazo municipal a Víctor F. Freixanes e a Henrique Monteagudo. Na xuntanza, os representantes de ambas as institucións estudaron posibles fórmulas de colaboración entre a Academia e o Concello.

9 de xuño de 2018. Co gallo do Día Internacional dos Arquivos, a Real Academia Galega quixo sumarse á celebración coa presentación dun vídeo no que amosa o percorrido que a documentación ten que realizar desde que chega ao Arquivo da institución ata que queda preparada para ser consultada polo público.

28 de xuño de 2018. Presentación de *Padre Manuel Feijoo. Música da nosa terra,* volume que recompila as partituras que o compositor franciscano escribiu para autores senlleiros das letras galegas e arranxos para pezas populares. No acto, celebrado na sede da Real Academia Galega, Enrique Mourille, sobriño e alumno do compositor, presentou a publicación acompañado do director de Armonía Universal, o musicólogo e profesor Carlos Núñez Deza, e o presidente da Academia, Víctor F. Freixanes. O grupo Resonet ofreceu un concerto no que interpretou composicións recollidas no volume.

20 de xuño de 2018. O *Boletín da Real Academia Galega* estrea edición dixital co seu número 378. A plataforma dixital, na que tamén se hospeda *Cadernos de Lingua*, vén facilitar a súa difusión internacional.

2 de xullo de 2018. Inauguración da XXXI edición dos Cursos de lingua e cultura galegas *Galego sen fronteiras*. Na presentación, celebrada na facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela, o presidente da Academia, Víctor F. Freixanes; os codirectores dos cursos, o secretario da RAG, Henrique Monteagudo, e o director do ILG e académico, Xosé Luís Regueira; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; a vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín Rei; e o vicerreitor de Profesorado da USC, Ernesto

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

González Seoane, recibiron os preto de 80 estudantes procedentes de vinte e catro países.

7 de xullo de 2018. Plenario ordinario da Real Academia Galega onde se escolleu a Antón Fraguas como personalidade a homenaxear no Día das Letras Galegas de 2019.

20 de xullo de 2018. Constitución do Padroado de Honra do Centenario da Academia da Lingua Vasca-Euskaltzaindia. A constitución deste padroado tivo lugar no Pazo Foral da Deputación de Biscaia, no mesmo salón de sesións onde arrincou a creación da Academia da Lingua Vasca o 25 de xaneiro de 1918. Euskaltzaindia convidou os representantes da Real Academia Galega, a Real Academia Española e o Institut d'Estudis Catalans a participar na súa sesión plenaria do mes de xullo. O presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, participou cunha intervención na que celebrou a ocasión de ver reunidas as catro academias das linguas de España e avogou pola necesidade dun posicionamento común a prol da presenza da realidade plural das linguas cooficiais recoñecidas constitucionalmente: galego, éuscaro e catalán.

24 de xullo de 2018. Clausura da XXXI edición dos Cursos de lingua e cultura galegas *Galego sen fronteiras*. No acto de entrega de diplomas ao alumnado, celebrado na Facultade de Filosofía, interviñeron, ademais do presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o director do ILG, o académico e codirector dos cursos Xosé Luís Regueira; a académica correspondente Carme Pazos, en representación do profesorado; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; e o vicerreitor de Estudantes e Internacionalización, Víctor Arce Vázquez.

10 de setembro de 218. *XII congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos*. O congreso celebrouse entre os días 10 e 15 de setembro en Madrid baixo o título "Novos horizontes para unha Galicia global: redes, territorio e memoria". O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, inaugurou na Casa de Galicia os encontros nos que a institución tamén participou con dous relatorios, sobre toponimia e sociolingüística, e a coorganización dunha mesa redonda sobre redes. O académico Xesús Alonso Montero pechou o programa.

24 de setembro de 2018. Visita á Real Academia galega do alumnado do instituto arxentino galego Santiago Apóstolo. A académica Fina Casalderrey, membro da executiva da institución, deulles a benvida a dezaoito estudantes do centro porteño, acompañados dos profesores Santiago Tomás Hellers e Marina Cordeiro. Os visitantes puideron coñecer despois a biblioteca e o arquivo da RAG, así como a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

26 de setembro de 2018. Presentación do informe *A lingua no CEIP Agro do Muíño*, froito da colaboración entre o CEIP Agro do Muíño, a Real Academia Galega e o Concello de Ames. No acto, celebrado no salón de plenos do concello,

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

o alcalde de Ames, José Miñones Conde, conduciu a presentación do informe acompañado na mesa polo presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; a directora do CEIP Agro do Muíño, Mª Carmen Liñares; Xaquín Loredo, coautor do informe e membro do Seminario de Sociolingüística da Academia; Isabel Vaquero, concelleira de Normalización Lingüística de Ames; e Henrique Monteagudo secretario da RAG e coordinador do Seminario de Sociolingüística. Ao acto acudiron representantes de toda a comunidade educativa de Ames e os demais actores involucrados nos distintos espazos de socialización infantil nos que intervén o Concello, así como o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García.

8 de outubro de 2018. Doazón á Real Academia Galega de correspondencia e manuscritos poéticos de Francisco Añón. Enrique González-Añón Villar fixo entrega ao presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, de dous manuscritos e varias cartas de Francisco Añón, nun acto no que tamén participaron Ángel Manuel Mayán Añón e Xosé Carlos González Añón, descendentes de Tomás Añón Paz, o irmán de Francisco Añón e de Nicolasa (quen malia ser analfabeta compuxo tamén poesías que ditou na súa vellez); Ramón Blanco Fernández, biógrafo dos dous irmáns, e Paula Alexandre Teixeiro, admiradora do poeta.

9 de outubro de 2018. Sinatura dun convenio de colaboración entre a deputación da Coruña e a Real Academia Galega. O presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, e a vicepresidenta da Deputación, Goretti Sanmartín, asinaron o acordo polo que a Deputación da Coruña achega fondos destinados, entre outras iniciativas, á celebración dos Cursos de lingua e cultura galegas Galego sen fronteiras.

20 de outubro de 2018. Entrega dos premios I Premios Morales para a promoción da lingua galega no Bierzo. O académico correspondente Héctor Silveiro representou a institución na celebración que tivo lugar nas Médulas, no Concello de Carucedo. A iniciativa recoñeceu os debuxos realizados por alumnado de infantil e textos literarios de mozos e mozas e adultos, todos eles inspirados no poema "Os magostos", composición de Antonio Fernández Morales que forma parte da obra *Ensaios poéticos en dialecto berciano* (1861).

23 de outubro de 2018. Conferencia de Carlos Núñez: *O éxito da "marca celta" e a súa profundidade*. O acto, celebrado na sede da Real Academia Galega, estivo presentado polo presidente da institución, Víctor F. Freixanes.

12 de novembro de 2018. Sinatura dun protocolo de colaboración entre a Real Academia Galega e a ONCE para fornecer as persoas cegas e con discapacidade visual severa dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios para se expresar, oralmente e por escrito, en galego. Nun acto celebrado na sede da Real Academia Galega, o presidente desta institución, Víctor F. Freixanes, e o delegado territo-

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

rial da ONCE en Galicia, Manuel Martínez Pan, comprometéronse a traballar de forma conxunta en todo tipo de proxectos culturais de interese común encamiñados ao fomento e á promoción da lingua e da cultura galegas, e en procurar, en definitiva, máis espazos de uso para o galego entre as persoas afiliadas á ONCE.

21 de novembro de 2018. Sinatura dun convenio de colaboración entra a Deputación de Lugo e a Real Academia Galega. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, a tesoureira, Marilar Aleixandre, e a deputada de Cultura da Deputación de Lugo, Pilar García Porto, asinaron a renovación do convenio de colaboración entre a RAG e o organismo provincial, polo cal esta institución apoia distintas accións da Academia para o fomento da lingua e da cultura galegas.

1 de decembro de 2018. Homenaxe a Xesús Alonso Montero no seu 90 aniversario. O auditorio Afundación de Vigo acolleu esta celebración organizada pola Asociación Premios da Crítica de Galicia, na que colaboran as tres universidades, o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega. O acto foi conducido por Bieito Ledo. Na súa primeira parte, de carácter literario, participou o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes. A continuación proxectouse a película documental *Cidadán Alonso Montero, o mestre das palabras* de Xan Leira

10 de decembro de 2018. Visita institucional do arcebispo de Santiago de Compostela á Real Academia Galega. Na sede da Academia, o presidente Víctor F. Freixanes recibiu a Julián Barrios e os seus acompañantes, o vicechanceler secretario da arquidiocese de Santiago, Manuel Jesús Formoso, e o párroco da cidade vella da Coruña, Andrés García Vilariño.

20 de decembro de 2018. Doazón á Real Academia Galega da pintura *Reflexións entre as nubes*. *Homenaxe a Marcel Proust e a Rosalía de Castro,* de Ángel Orcajo. O pintor fixo entrega da peza na sede da institución acompañado do seu presidente, Víctor F. Freixanes, e o crítico de arte Antón Castro.

27 de decembro de 2018. Elixida "deseucaliptización" como Palabra do Ano 2018. O termo sumou o maior número de apoios na iniciativa promovida polo Portal das Palabras, o proxecto web da Real Academia Galega e a Fundación Barrié para a divulgación do léxico galego.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

40 aniversario de *Encrucillada*. Pola esquerda, Pedro Castelao, Víctor F. Freixanes, Marisa Vidal e Andrés Torres Queiruga.
19 de xaneiro de 2018.

Encontros coa xente nova. Alumnos do IES da Pobra do Caramiñal e do Colexio Fogar de Santa Margarida participantes en *21 días co galego*. 8 de maio de 2018.

Presentación de *Padre Manuel Feijoo. Música da nosa terra*. Un momento do concerto de Resonet. 28 de xuño de 2018.

Membros de Euskaltzaindia, representantes das demais academias e autoridades políticas nas escaleiras do Pazo Foral de Biscaia. 20 de xullo de 2018. Fonte: Euskaltzaindia

Carlos Núñez na rúa Tabernas, antes da súa conferencia *O éxito da "marca celta" e a súa profundidade*. 23 de outubro de 2018.

Ángel Orcajo, Víctor F. Freixanes, e o crítico de arte Antón Castro no acto de doazón do cadro *Reflexións entre as nubes*.
20 de decembro de 2018.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

ACTIVIDADES DA CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN

4 de xaneiro de 2018. Os Xoves da rúa Tabernas: "Por Curiosidade. Astronomía, versos e mulleres eclipsadas na ciencia [e non só]", faladoiro coa escritora Estíbaliz Espinosa, que achegou o público á literatura e á ciencia e fixo fincapé nas figuras de científicas e escritoras universais.

10 de xaneiro de 2018. Primeiro encontro do ciclo "Experiencias feministas. Preparando a convocatoria do 8M".

12 de xaneiro de 2018. Presentación de *La Tribuna*, adaptación operística do compositor Gabriel Bussi e o escritor Javier Ozores da novela homónima de Emilia Pardo Bazán. O acto celebrouse na antiga Fábrica de Tabacos, convertida na nova sede da Audiencia Provincial da Coruña, e foi coorganizado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a Real Academia Galega / Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. Xunto aos autores do libreto, na presentación interviñeron o presidente do Tribunal de Xustiza de Galicia, Miguel Ángel Cadenas; o presidente da Real Academia Galega e director da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, Víctor F. Freixanes; o director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez, e a condesa de Pardo Bazán, Carmen Colmeiro. A soprano Teresa Nóvoa, acompañada no piano por Haruna Takebe, puxo o ramo á presentación interpretando dúas pasaxes da ópera.

17 de xaneiro de 2018. Segundo encontro do ciclo "Experiencias feministas. Preparando a convocatoria do 8M".

24 de xaneiro de 2018. Mesa redonda "Sociedade e Patrimonio", dentro do ciclo *Reflexións sobre pasado e cidade. Informe caixa da memoria*, organizado polo Concello da Coruña. No acto interviñeron José Miguel Andrade, profesor de Historia Medieval da Universidade de Santiago de Compostela, Rosa Brañas, profesora de Historia Antiga da Universidade de Vigo, Xulia Santiso, conservadora da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, e Ana Santorum, directora da Torre de Hércules.

25 de xaneiro de 2018. Terceiro encontro do ciclo "Experiencias feministas. Preparando a convocatoria do 8M".

1 de febreiro de 2018. Os Xoves da rúa Tabernas: "A Torre soñada na literatura", faladoiro con Ana Santorum, directora da Torre de Hércules.

2 de febreiro de 2018. Cuarto encontro do ciclo "Experiencias feministas. Preparando a convocatoria do 8M".

1 de marzo de 2018. Os Xoves da rúa Tabernas: "Por que a folga? Por que a manifestación?". Encontro sobre experiencias feministas e sobre a folga do 8 de marzo, día da Muller traballadora, con persoas e colectivos relacionados coa loita feminista. Esta actividade foi a última do ciclo dos Xoves da rúa Tabernas.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

23 de abril de 2018. Día do Libro. A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán e o grupo de teatro Casa Hamlet celebran a data coa presentación de "Veneris Dies", espectáculo teatral formado por diversas pezas breves.

18 de maio de 2018. Día internacional dos Museos. A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán quixo celebrar esta efeméride cunha programación especial, que se desenvolveu en penumbra, recreando a atmosfera dun fogar do século XIX, co único apoio da iluminación das lanternas que se lles facilitaron ás persoas que se sumaron a esta iniciativa.

A celebración arrincou ás seis da tarde, co obradoiro "Tic Tac Cluedo. Onde están as mulleres no Museo?", concibido para nenas e nenos entre os 6 e os 12 anos e conducido por Neves Seara. Ás sete da tarde o Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña interpretou "Instantes", baile contemporáneo con coreografía de Armando Martén. A partir das 19 horas e ata a medianoite proxectouse "A inquietude das cousas", unha intervención audiovisual da artista arxentina Romina Casile baseada na extracción de sons de elementos da esfera doméstica.

A partir das oito da tarde e en quendas de quince minutos interpretáronse distintas representacións dramatizadas, no formato de microteatro, da man de Casa Hamlet, baixo a dirección de Santiago Fernández.

26 de maio de 2018. Presentación da Sala Emilia Pardo Bazán da antiga Fábrica de Tabacos da Coruña. No espazo exhíbense fondos relacionados coa escritora, co complexo fabril que converteu no escenario central da súa novela *La Tribuna* e coas cigarreiras, as mulleres nas que se inspirou para escribir a que foi a primeira novela española que lle deu protagonismo á clase obreira. A presentación coincidiu coa clausura do Festival Resis, cun concerto de piano no patio que dá acceso ao espazo que leva o nome da escritora na actual sede da Audiencia Provincial da Coruña. A instalación destes elementos corre a cargo da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, co apoio de Marineda City.

21 de setembro de 2018. 167 aniversario do nacemento de Emilia Pardo Bazán. O centro comercial Marineda City patrocinou a celebración da data, conducida polas actrices de Inversa Teatro no seu papel de mulleres ilustradas do século XVIII, que fixeron con humor constantes referencias á homenaxeada.

O acto comezou coas intervencións do presidente da Real Academia Galega e director da Casa-Museo, Víctor F. Freixanes, e a xerente de Marineda City, Ana López. Ambos os dous foron os encargados de entregar os premios de relato breve en galego e castelán, respectivamente, aos gañadores do I Concurso Iconografías sobre Marineda, mentres que a académica Margarita Ledo fixo entrega do de fotografía. Na modalidade de relato breve en galego a gañadora foi Eva Castro por "Eu non son de ninguén". O xurado da modalidade de relato breve en castelán

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

escolleu como mellor texto "El faro del fin de mundo" de Andrés López Docampo. No premio de fotografía, a imaxe gañadora foi "Ondas do mar do Orzán" de Luis Vázquez Álvarez.

Tras a entrega dos premios, a conservadora da Casa-Museo, Xulia Santiso, presentou a conversa entre o presidente da Academia Galega de Gastronomía, Javier Ozores, e o chef Javier Rodríguez Ponte *Taky* arredor da reinterpretación das receitas de Emilia Pardo Bazán que este último realizou para a ocasión.

24 de outubro de 2018. Presentación do número 12 de *La Tribuna. Cadernos de estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*. No acto interviñeron o presidente da Real Academia Galega e director da Casa-Museo, Víctor F. Freixanes; o director da publicación, o académico Xosé Ramón Barreiro Fernández; Javier Ozores, autor do libreto que adapta a novela *La Tribuna* á ópera; e a doutora Mar Novo, que centrou a súa intervención nos contos de Emilia Pardo Bazán. No acto deuse a coñecer un novo conxunto documental adquirido recentemente pola Real Academia Galega e conformado por un total de 85 cartas autógrafas, ata o momento inéditas, que a autora lle enviou, entre os anos 1870 e ben entrado o século XX, á súa amiga Carmen Miranda Armada.

22 de novembro de 2018. Presentación do libro *Violación Nueva York* de Jana Leo. Na mesa de presentación, a autora estivo acompañada por Nilo Casares, crítico de arte e comisario.

Gabriel Bussi, a pianista Haruna Tabeke e a soprano Teresa Nóvoa nun momento da presentación musical. 12 de xaneiro de 2018.

As actrices de Inversa Teatro interveñen na entrega do premio de fotografía xunto á académica Margarita Ledo.
21 de setembro de 2018.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

IN MEMORIAM

CARLOS GARCÍA MARTÍNEZ



Carlos García Martínez (Santiago de Compostela, 1945) faleceu o 17 de marzo de 2018. Foi membro correspondente da Academia dende 1972.

Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e autor de importantes achegas sobre arqueoloxía, prehistoria, folclore e etnografía de Galicia, foi patrón mentor e fundador do Museo do Pobo Galego, entidade que dirixiu tras a morte de Antón Fraguas e á que continuou vencellado desde outros postos de responsabilidade. Tamén foi membro do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, integrante da Comisión Xestora do novo Seminario de Estudos Galegos, patrón fundador da Fundación Castelao e da Fundación Pedrón de Ouro, socio fundador da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga, presidente do Consello Galego de Museos e socio da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

No ano 1999 recibiu o Premio Trasalba, outorgado pola Fundación Otero Pedrayo.

VÍCTOR CAMPIO PEREIRA

Víctor Campio Pereira González (Maside, 15 de xullo de 1928 - Ourense, 24 de xullo de 2018). Membro correspondente da institución desde o ano 2011, o escritor publicou poesía, novela e ensaio, e participou desde os últimos anos da ditadura franquista de maneira moi activa na vida cultural de Ourense, onde faleceu aos 90 anos de idade.

Víctor Campio Pereira compaxinou a docencia coa produción literaria e un activismo cultural sempre vinculado a Ourense, onde se xubilou como profesor de secundaria no IES As Lagoas. A súa obra literaria abrangue varios libros de poesía —*O ar que nos leva* (1987), *Perdida luz* (2000), *O aire, a luz e o canto. Poesía reunida 1987-2006* (2008) e *Quince sonetos de*

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

amor e once poemas máis (2011) — a novela *Baixo o sol do Magreb* (1998) e o ensaio *Escritos en do menor* (2001). Tamén participou nas obras colectivas *Sete poetas ourensáns* (1992), *Poesía dos aléns* (2003) e *Poetas e narradores nas súas voces. II* (2006), e foi articulista en revistas e xornais, especialmente en *La Región*.

Foi distinguido como fillo predilecto de Maside, o seu concello natal, en 2010. No ano 2011 Víctor Campio Pereira foi nomeado membro de honra da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega e en 2012 concedéuselle o premio Sete Carballas da Insua dos Poetas. No mes de outubro de 2018, o autor foi homenaxeado en Ourense en recoñecemento a toda a súa traxectoria, nun acto organizado polo Ateneo de Ourense e o PEN Galicia no que tamén participou a Real Academia Galega.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Giulia Lanciani / Xosé Castro

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 525-563
© 2017. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680
https://doi.org/10.32766/brag.378.745

EM MEMÓRIA DE GIULIA LANCIANI

Ivo Castro

A Professora Giulia Lanciani, catedrática de Língua e Literatura Portuguesa e Brasileira na Universidade La Sapienza, de Roma, e depois na Universidade Roma Tre, foi uma das mais influentes encaminhadoras dos estudiosos italianos para as coisas de Portugal e da Galiza. Desde que Angelo Colocci se interessou pela lírica galego-portuguesa e mandou realizar as cópias manuscritas sem as quais teríamos uma visão ainda mais incompleta do que foi o primeiro movimento literário no ocidente da Península Ibérica, uma espécie de pacto de reciprocidade ficou travado entre as culturas de Itália e do ocidente ibérico, que se mantêm em diálogo frutuoso até aos nossos dias. Temas da literatura e da cultura portuguesas, galegas, brasileiras e africanas de língua portuguesa continuam a figurar como escolhas prioritárias de gerações sucessivas de intelectuais italianos. E, a julgar pela qualidade e a densidade das gerações mais jovens, adivinha-se que a Itália continuará a ser, entre os países europeus, aquele em que esses estudos continuarão a ter as mais rasgadas ambições de sobrevivência. Será essa uma parte importante do legado de Giulia Lanciani, a par da sua obra pública e da memória que deixa nos que a conheceram de perto.

A sua perda – faleceu em Roma a 14 de novembro de 2018 – foi sentida com pesar pelos inúmeros "amigos, colegas e discípulos". Esta fórmula, com que é costume agregar todos quantos foram iluminados pela passagem de um grande mestre, adquire neste caso especial significado perante a distribuição espacial das notícias de imprensa, dos comunicados de instituições oficiais e de cultura, dos *posts* individuais e de grupo e, na medida em que excedem as fronteiras do sentir privado, das mensagens trocadas entre os seus próximos. A geografia da dor que assim foi definida recobre a sua pátria natural italiana, onde durante anos dominou as áreas da sua especialidade, feito notável em país superabundante de personalidades fortes e distintas, mas recobre também as pátrias afectivas a que dedicou muito da sua escrita, da sua docência e da sua carinhosa presença: a Galiza e Portugal. Sendo mais vasto o mundo coberto pelas atenções de Giulia Lanciani, foram estes todavia os seus territórios predilectos.

Rosario Álvarez, quando acolheu Lanciani no ingresso de académica de honra na Real Academia Galega, em 7 de março de 2014, identificou no seu amplo currículo investigador três linhas privilegiadas, por ordem cronológica:

a) a "nossa" poesia lírica medieval, em que avultam uma dezena de artigos, a edição do cancioneiro de Fernan Velho, um manual sobre as cantigas de escárnio e maldizer com duas edições (galega 1995, portuguesa 1998), e esse livro-catedral que edificou com o companheiro dos seus dias: o *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa* (1993);

b) a literatura quinhentista portuguesa – clássicos como Gil Vicente e Camões –, mas principalmente o subgénero da literatura de viagens, e dentro deste as viagens marítimas, com as suas explorações, naufrágios e infortúnios: uma sequência de temas interligados que lhe mereceu quatro dezenas de título, culminando na bela monografia *Morfologie del viaggio*;

c) a literatura portuguesa contemporânea, com um pouco de século XIX: de novo, quatro dezenas de títulos, entre ensaios críticos e traduções para italiano de nomes como Pessoa, Carlos de Oliveira, Eugénio de Andrade, José Saramago, Sophia de Mello Breyner, Manuel Alegre; constituíram as suas traduções um importante veículo cultural, sendo de admirar tanto a mestria da versão literária e linguística, como a capacidade de influenciar as opções do mercado editorial de Itália.

Verifica-se, assim, que a geografia das manifestações de dor sentidas pela morte de Giulia Lanciani coincide, em grande medida, com a geografia dos seus amores culturais: as culturas da fachada atlântica da Península Ibérica, a que importa adicionar, na outra margem do oceano, o Brasil, a que dedicou quase duas dezenas de títulos de ensaios e traduções (Manuel Bandeira, Carlos Drummond de Andrade, Manoel de Barros, Jorge Amado foram alguns dos seus eleitos). Encontra-se assim traçado um círculo atlântico quase completo, a que não faltam incoativos toques africanos, um círculo de povos e de culturas entreligados pela língua, pela história, pelo mar das viagens e dos infortúnios, e pela atenção que lhes deu Giulia Lanciani.

A isto pode ser adicionada uma segunda reiteração do modelo: de facto, na sua obra adivinha-se ainda um outro círculo de terras que abraçam mar. Trata-se da linha que aproxima o catalão Salvador Espriu do sardo Antoni Canu e ambos da margem italiana de onde Lanciani partiu. Um círculo mediterrânico, afinal, mais próximo de casa.

Tanto nos vinte livros que escreveu e nos vinte livros que traduziu para italiano, como principalmente na sua centena e mais de artigos, dedicados a temas e figuras de Galiza, Portugal e Brasil, da África colonizada pelos portugueses, da Catalunha, e ainda de italianos conectados com as nações do Mediterrâneo ocidental, avulta conspicuamente a ausência da Espanha propriamente castelhana. Opção intelectual de quem não subscrevia a visão do mundo ibero-românico como uma grande Ibéria de núcleo castelhano, rodeado de nações periféricas só parcialmente individualizadas. Foi a essas culturas peri-ibéricas (galega, portuguesa,

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

catalã), e ainda às manifestações transatlânticas da expansão portuguesa, que Lanciani dedicou o mais do seu labor científico. E dessas culturas recebeu as mais expressivas manifestações de reconhecimento.

Grande-oficial da ordem portuguesa do Infante Dom Henrique (2011), Giulia Lanciani foi membro de honra da Real Academia Galega, sócia correspondente da Sociedade de Geografia de Lisboa e da Academia Arcadia. Recebeu os títulos de doutor *Honoris Causa* pela Universidade Nova de Lisboa (2003) e pela Universidade de Lisboa (2011). Obteve em Itália vários prémios literários e foi alvo de duas miscelâneas de homenagem: o volume *Criação e Crítica* (Lisboa, 2003) e o volume *Pola melhor dona de quantas fez nostro Senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani* (Santiago de Compostela, 2009).

Quando recebeu o título de Doutor *Honoris Causa* na Universidade de Lisboa, em 2011, a aula magna encheu-se com as habituais representações das várias escolas, entre as quais sobressaía um grupo de cerca de duas dezenas de doutores envergando insígnias de cor azul-celeste. Perguntava-se na sala que faculdade seria aquela, que usava cores então não conhecidas na academia lisbonense. A resposta – É a Faculdade de Filologia de Santiago de Compostela! – pode ter causado surpresa a alguns, devido à numerosa e distinta composição do grupo, mas fazia perfeito sentido a qualquer pessoa que conhecesse a Professora Lanciani e estivesse a par das suas íntimas ligações de estudo e afeição à Galiza e do carinho com que estas aí eram retribuídas. Sem esquecer, acrescente-se, a fraterna e comum fruição de portugueses e galegos quando comparticipam de momentos importantes como aquele, em que se rendiam graças a uma sábia italiana que tinha dedicado o melhor da sua inteligência e arte de viver à missão de conhecer e dar a conhecer a cultura de países que, vistos de Roma, facilmente seriam tomados por dois do mesmo, ou identificados como idênticos. O encontro de Lisboa foi assim, além de homenagem à personalidade de Lanciani, uma demonstração dos seus poderes de juntar e de associar, de promover unidade e unanimidade.

Conversar a sós com Giulia Lanciani sempre parecia um exercício de maiêutica, de que saíamos sabendo melhor quem éramos e o que queríamos, graças à sua arte de interrogar sem desviar de nós o olhar atento e sem nada esquecer do que disséssemos, mesmo que fossem insignificâncias pessoais apenas valiosas porque ela lhes atribuía importância. Essas artes, umas vezes de mineração de metais preciosos, mas outras de alquimia, enriqueciam os seus momentos de convívio, mas acham-se igualmente presentes em todos os aspectos da sua obra intelectual. O olhar de Giulia Lanciani enobrecia a matéria em que pousava.

© 2017. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 525-563
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Boletín da Real Academia Galega
Núm. 379, pp. 565-566
© 2018. Real Academia Galega
ISSN-e: 2605-1680

NORMAS DE ENTREGA DE ORIXINAIS PARA PUBLICACIÓN

1. O *Boletín da Real Academia Galega* (BRAG) é unha publicación anual que recolle traballos de investigación centrados en distintos aspectos da lingua, cultura e a literatura galegas, e mais outros contributos arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas.
2. A lingua de publicación é o galego.
3. Os traballos deberán conter material non publicado nin presentado para a súa publicación en ningún outro medio de difusión. A secretaría do *Boletín* comunicará a recepción dos orixinais.
4. De cada traballo presentarase unha copia ben papel, ben en soporte dixital. A copia en papel debe ser enviada ao seguinte enderezo:

   Real Academia Galega. Boletín
   Rúa Tabernas, 11
   Apartado 557
   15001 A Coruña

   A copia en soporte informático, pola súa banda, remitirase a:

   publicacions@academia.gal
5. A partir da recepción do traballo, solicitaranse informes de avaliación a expertos externos e/ou membros do comité científico. O seu ditame será decisivo para a súa inclusión no *BRAG*. O proceso de avaliación desde a recepción do orixinal ata a resposta ao autor ou autora non durará máis de dous meses. No caso de que o traballo precise correccións, á vista dos informes, o autor ou a autora disporá do prazo de un mes para devolver o orixinal corrixido.
6. A entrega dos traballos para a publicación no *BRAG* implica a cesión do seu dereito de explotación e copia. Esta cesión ten por finalidade a protección do interese común de autores e editores.
7. O texto deberá entregarse en versión definitiva. Unha vez recibidos os orixinais non se permitirá facer modificacións nin engadidos que afecten significativamente ao proceso de edición.
8. O corpo utilizado nos parágrafos normais do texto será 12, con entreliñamento sinxelo e cunha extensión dun mínimo de 20.000 e un máximo de 50.000 caracteres por artigo.
9. O artigo virá acompañado dun resumo (que non debe exceder as duascentas palabras) e das palabras chave (máximo oito) ambos en galego e en inglés.
10. As referencias á bibliografía no texto faranse conforme o modelo de citación internacional:
    - Dentro do texto e das notas, as referencias bibliográficas faranse de xeito abreviado, por medio do apelido do autor ou autores, o ano e, de ser o caso, o número da páxina, coma nestes exemplos: (Ferreira 1989: 47), (Ferreira/Amoedo 1999: 17n), (Ferreira 1996b). A referencia completa reservarase para a bibliografía final.
    - Ao final, incluiranse por extenso as referencias bibliográficas das obras citadas ao longo do texto. Exemplos:

      Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2012): *Murguía*. Vigo: Galaxia.

Rodríguez Fer, Claudio (1980): "O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra", *Grial* 68, 144-160.

Cochón, Iris (2003): "Lois Pereiro", en Arturo Casas (ed.), *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000*. Lugo: Editorial TrisTram, 661-682.

Suquet Martínez, Mirta (2011): "Da topoloxía do corpo á utopía da escrita: *Poesía última de amor e enfermidade (1992-1995)* de Lois Pereiro", *Revista de Poesía* 1, 22-41 (http://www.poesiagalega.org/revista_de_poesia/revista/f/199).

TILG = Santamarina, Antón (dir.) (2006 -): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. http: //www.ti.usc.es/TILG/ [consulta en maio-setembro 2011].

11. As citas textuais que se fagan dentro do texto principal deberán adoptar dous formatos diferentes: se non superan as cinco liñas, irán dentro do parágrafo, co mesmo tipo de letra, entre comiñas; as citas máis longas poñeranse en parágrafo á parte, sen comiñas, con sangría pola esquerda e letra de corpo 10. En ningún caso se empregarán as cursivas.
12. As notas do texto principal situaranse ao pé e estarán numeradas de xeito correlativo, en corpo 10. Non se incluirán aquí as referencias bibliográficas por extenso, para evitar a proliferación de notas no rodapé.
13. Táboas/cadros. Realizaranse utilizando o comando específico de "edición de táboas". As táboas ou cadros deben cumprir as seguintes normas: 1) irán numerados correlativamente (Táboa 1, Táboa 2 etc.); 2) levarán un encabezamento conciso. Farase referencia ás táboas ou cadros no texto principal. Exemplo: (Vid. táboa 1).
14. Gráficos. Presentaranse orixinais con calidade para seren dixitalizados. No seu caso, tamén se poden presentar nun arquivo informático (preferentemente Excel). Neste caso recoméndase incluír na mesma páxina o gráfico e mais a táboa de datos. Sempre irán numerados de xeito correlativo (Gráfico 1, Gráfico 2 etc.). Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Vid. gráfico 1).
15. Fotografías, ilustracións, mapas, planos. Poderán presentarse orixinais con calidade para seren dixitalizados. Se o autor prefire presentar arquivos informáticos, recoméndase cumprir os seguintes parámetros:
    - *Mapas, debuxos, planos, gravados*: a dixitalización farase en "modo liña" ou "mapa de bits" (non se recomenda o modo "escala de grises"); a resolución será de 1200 ppp.
    - *Fotografías*: dixitalizaranse cunha resolución de 300 ppp. Resolucións inferiores a 300 ppp non son recomendables.

    Recoméndanse os seguintes formatos de arquivo: .TIFF, .EPS, .JPG.

    Irán numerados de xeito correlativo (Fig. 1, Fig. 2 etc.) con números arábigos.

    Farase referencia aos gráficos no texto principal. Exemplo: (Vid. Fig.1).
16. Os materiais complementarios (táboas, gráficos, imaxes, mapas...) deben acompañarse do recoñecemento da fonte e da autoría, e, no seu caso, dos correspondentes permisos de uso e reprodución.
17. Os autores poden solicitar que se lles envíen as primeiras probas para corrixir. Admitiranse só correccións tipográficas e ortográficas e, sempre a xuízo dos editores, aqueles engadidos ou eliminacións de texto que non afecten á maqueta da publicación.
18. Os orixinais que non se suxeiten ás anteriores normas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección.

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 565-566
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

Índice Xeral

5
Limiar

I Simposio María Victoria Moreno

11
Un lugar de honra na LIX. María Victoria Moreno /
/ *Blanca-Ana Roig Rechou*

33
María Victoria Moreno e a poesía para a infancia /
/ *Antonio García Teijeiro*

47
Daquelas que contan... / *Mercedes Queixas Zas*

63
Algunhas claves do discurso literario de María Victoria Moreno /
/ *Isabel Soto*

83
Morte e transcendencia en María Victoria Moreno /
/ *Andrés Torres Queiruga*

95
María Victoria Moreno: *Elexías de luz* / *Xesús Rábade Paredes*

101
María Victoria, xenerosidade e compromiso coa cultura galega /
/ *Xavier Senín*

117
A mestra e a pegada do camiño ensinado / *Fina Casalderrey*

141
María Victoria Moreno: ensaísta / *Manuel Bragado*

151
María Victoria Moreno: compromiso e conciencia cívica
dunha muller adiantada ao seu tempo / *Isabel Mociño-González*

171
María Victoria Moreno, autora de libros de texto ou como explicar
a literatura galega á mocidade / *Montse Pena Presas*

II Alocucións académicas sobre María Victoria Moreno

187
Escribir ou pasar o ferro: dilemas entre a vida profesional
e os roles das mulleres en María Victoria Moreno /
/ *Marilar Aleixandre*

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 568-570
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

199
María Victoria Moreno: Vento da terra /
/ *Fina Casalderrey*

207
O insólito compromiso cívico e literario de María Victoria Moreno, que foi como unha canción / *Xesús Alonso Montero*

III Traballos de estudo e investigación

217
De camiño na Saudade: *Itinerarium cordis in Deum* /
Andrés Torres Queiruga

241
Transcrición das cartas e composicions autógrafas de Antonio Fernández Morales a Mariano Cubí: un legado berciano inaugural do Rexurdimento /
/ *Héctor M. Silveiro Fernández*

IV Homenaxe a Juan Antonio Saco Arce

309
Perfil biográfico de Juan Antonio Saco Arce: o seu compromiso intelectual / *Juan L. Saco Cid*

329
Saco Arce como gramático. Significado e pegada da súa obra /
/ *Antón Santamarina*

351
"Con abundancia de razóns": a literatura na *Gramática* de Saco Arce /
/ *Teresa López*

365
A gramática na *Gramática* de Saco Arce / *Francisco Dubert García*

385
A proposta ortográfica de Saco Arce no contexto do Rexurdimento /
/ *Xosé A. Fernández Salgado*

407
Descrición e prescrición na *Gramática* de Saco /
/ *Ernesto X. González Seoane*

419
A obra de Saco Arce no contexto do Rexurdimento /
/ *Xurxo Martínez González*

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 568-570
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

V Homenaxe a Samuel Eiján

465
Samuel Eiján. Vida, pensamento e contexto histórico dun expoñente da poesía relixiosa galega / *Francisco J. Leira-Castiñeira*

483
A poesía galega de Samuel Eiján / *Armando Requeixo*

503
O galeguismo católico. Entre o rexionalismo e o nacionalismo / / *Justo Beramendi*

VI Vida oficial da RAG

521
A Academia na actualidade

525
Crónica da Academia (2018)

563
Necrolóxicas:

En Memoria de Giulia Lanciani / *Ivo Castro*

565
Normas de entrega de orixinais para a publicación

© 2018. REAL ACADEMIA GALEGA. Boletín da Real Academia Galega 379, 568-570
ISSN: 1576-8767 ISSN-e: 2605-1680

O número 379 do *Boletín da Real Academia Galega*
dedicado a María Victoria Moreno
rematouse de imprimir no mes de outubro de 2019
décimo quinto aniversario da publicación de *Eu conto, ti cantas...*

Deputación
DA CORUÑA